



TESE DE DOUTORAMENTO

**PRESENZA E AUSENCIA
DAS MULLERES NA PRENSA.
ANÁLISE DO TRATAMENTO
DA PROSTITUCIÓN EN *EL*
PAÍS E ABC
(1977-2012)**

Ana Belén Puñal Rama

DEPARTAMENTO DE CIENCIAS DA COMUNICACIÓN
FACULTADE DE CIENCIAS DA COMUNICACIÓN
SANTIAGO DE COMPOSTELA
2015





TESE DE DOUTORAMENTO

**PRESENZA E AUSENCIA
DAS MULLERES NA PRENSA.
ANÁLISE DO TRATAMENTO
DA PROSTITUCIÓN EN *EL*
PAÍS E ABC
(1977- 2012)**

Asdo.

Ana Belen Puñal Rama

DEPARTAMENTO DE CIENCIAS DA COMUNICACIÓN
FACULTADE DE CIENCIAS DA COMUNICACIÓN
SANTIAGO DE COMPOSTELA
2015



D. Luís Álvarez Pousa

Como director da tese de doutoramento titulada «Presenza e ausencia das mulleres na prensa. Análise do tratamento da prostitución en *El País* e en ABC(1977-2012)»

Presentada por Dna. Ana Belén Puñal Rama

Alumna do Programa de Doutoramento 2152_1 Comunicación Audiovisual e Xornalismo (1999-2000)

Autoriza a presentación da tese indicada, considerando que reúne os requisitos esixidos no artigo 34 do regulamento de Estudos de Doutoramento, e que como Director da mesma non incurre nas causas de abstención establecidas na lei 30/1992.

Santiago de Compostela, a de de 20

ASINADO.....



Á familia:

Á miña nai, Dorinda, e ao meu pai, José. Polas horas que me dedicaron ao pé da máquina de coser e do arado, na fábrica ou na casa. Por quererme e coidarme.

A Pila e a Suso, por ser moito máis que a miña irmá e o meu irmán. Por empuxar os cribos tralos que comecei a andar.

A Albino, irmán de corazón.

A Fabi e a Sheila, as miñas sobriñas, por lembrarme a ledicia de vivir.

Á avoa Aurora, aló onde estea, por deixar en min o seu retrato.

Ás amigas:

A Ángeles, por saber escoitar. A Beatriz Marzoa, por confiar en que chegaría a escribir estas liñas de agradecemento. A Beatriz Pérez, polas confidencias. A Belén, pola súa ledicia. A Iván, gran corazón mariñado. A María, pola súa nobreza. A Raquel López, por estar tan preto de min mesmo estando lonxe. A Marichi, polos tempos da universidade. A Patricia, pola súa fortaleza. A Raquel Vázquez, por aqueles anos mozos. A Rosi, polos cafés e as palabras compartidas. A Sila, pola súa valentía. A Sonia Varela, polo máis cálido dos sorrisos. A Sonia Rei, polo seu impulso vital. A Xurxo, por valorar a miña profesión. A Yolanda, amiga case dende que teño conciencia.



*Ás veces hai que baixar aos pozos para atopar os tesouros.
Esta é a historia dunha procura, tamén interior.*





Agradecementos

Esta tese non sería o que é se non fora polas moitas persoas que me axudaron nesta travesía longa, con non pouco barro nas costas. Vaian, pois, estas liñas de agradecemento.

En primeiro lugar, a Luís Álvarez Pousa, que me animou aló polo ano 2000, cando era estudante de doutoramento, a traballar en Comunicación e Xénero. A el lle debo o embarcarme nunha liña de investigación que pronto transformaría o meu ollar do mundo. Tamén o respecto pola miña profesión, como bo mestre de xornalistas que é, e a posibilidade de poñer en práctica, no meu día a día como periodista, na revista TEMPOS, as claves que o feminismo me ía fornecendo tanto dende a Academia como dende o exemplo de tantas e tantas activistas. As verbas lévanme ás lembranzas e estas á viaxe en bus que por aquel entón fixen a Bruxelas, con asociacións feministas de todo o país, para acudir, como xornalista da revista TEMPOS, á manifestación da Marcha Mundial das Mulleres contra a violencia e a feminización da pobreza. Recordo, á volta, os comentarios das compañeiras, con ampla experiencia no activismo feminista, sobre a atención, ou máis ben desatención, dos medios de comunicación, focalizada fundamentalmente nos 8 de marzo e nos 25 de novembro. Alimentaron a ilusión coa que me iniciaba nesta liña de investigación.

A todas as profesoras, investigadoras e activistas feministas que botaron luz neste camiño. A moitas coñecinas primeiro nos libros e despois en persoa. Os seus consellos déronme sempre as coordenadas precisas. A Isabel Menéndez Menéndez, que foi dende o principio a mellor das guías, unha especie de irmá maior no académico. A Amparo Moreno e ás persoas que integran o seu equipo de traballo, en especial a Núria Simelio, que tan ben me acolleron aquel verán de 2005 na miña estadia na Universitat Autònoma de Barcelona, por dotarme de ferramentas metodolóxicas, por interesarse por min e polo meu traballo. A Aimée Vega Montiel, que me recibiu na Universidad Nacional Autónoma de México ao ano seguinte, pola súa capacidade de traballo, por ser unha guía metódica e eficiente, por iluminar con precisión. En especial a Olga Castro Vázquez, a quen admiro no académico e no persoal.

Ás persoas que, neste tempo, me acompañaron en investigacións, obradoiros, actividades de divulgación, xornadas, congresos, publicacións, e demais aventuras. A aquelas coas que traballei nos proxectos de investigación sobre as representacións da violencia de xénero e da prostitución nos medios galegos (en 2007, 2008 e 2010), nas xornadas sobre Violencia de Xénero e Medios de Comunicación (2004 e 2005), no I Foro Internacional Comunicación e Xénero organizado polo Colexio de Xornalistas en 2006. A aquelas ás que enleei para os cursos de Comunicación e Xénero na facultade de Xornalismo en 2009 e 2011. Ás que se embarcaron comigo nas publicacións colectivas *Claves para unha información non sexista* (Atlántica, 2010) e *Rompendo moldes. Áreas de especialización e xénero* (Atlántica, 2011).

A Marcelo Antonio Martínez Hermida por todo o seu apoio, por abrireme as portas da Real_Code, a Rede Europa América Latina de Comunicación e Desenvolvemento, e por esa conversa que me decidiu a reorientar o enfoque desta tese cara á análise da prostitución nos medios de comunicación. A toda a xente da Real_Code, en especial a Comba Campoy e Helena Domínguez, coas que compartín inquedanzas de doutoranda.

A Manuel Martínez Nicolás, pola súa axuda desinteresada, pola súa orientación metodolóxica e polos seus ánimos, por ler o que levaba feito e axudarme a centrar a investigación. Por abrireme, como profesor na vella facultade de Xornalismo en Mazarelos, a curiosidade pola investigación en Comunicación.

A todas aquelas persoas, fundamentalmente mulleres, que nalgún momento atoparon tempo para dedicarme: Pilar López Díez, Natividad Abril, Teresa Vera, Rita Radl, Joana Gallego, Nanina Santos, Ana Míguez, Silvia Pérez Freire, María Xosé Queizán,... e tantas outras que deixo no tinteiro, porque os nobelos solidarios e sororais son tan amplos que non hai verbas abondo para tecer neste breve espazo unha manta con xeito.



**Presenza e ausencia das mulleres na prensa.
Análise do tratamento da prostitución en El País e en ABC (1977-2012)**

RESUMO

A investigación académica en Comunicación e Xénero desvela as discriminacións que das mulleres se fan nas representacións mediáticas. No Estado español, estes estudos adoitan estar referidos ás representacións sobre as mulleres brancas occidentais, heterosexuais e de clase media. Desesa carencia nace a presente investigación, que está centrada nas representacións sobre a prostitución en *El País* e ABC, dende 1977 até 2012. Neste traballo analízase a valoración que fai *El País* e ABC do fenómeno da prostitución nos seus contidos: o proceso de selección e xerarquización da información, a tematización e creación de marcos referenciais, as representacións que se fan dos distintos suxeitos sociais involucrados na realidade da prostitución e o seu nivel de acceso ao discurso informativo, a análise das marcas textuais que deixan as rutinas de produción xornalística na construción do relato, así como o modo en que a axenda político institucional e o tecido cívico son trasladados aos medios de comunicación. A tese formula, entre as súas principais hipóteses, a influencia do contido político no mediático e a divulgación dun discurso simplificado e estigmatizador que está, ademais, determinado polos parámetros ideolóxicos do medio. Metodoloxicamente, bota man da combinación das análises do contido e do discurso. Os resultados evidencian a correlación do discurso político e o mediático. O asentamento da problemática da prostitución nas políticas públicas na última etapa analizada reflíctese nun incremento da información, da relevancia que se lle outorga e da profundidade con que se aborda. Os marcos temáticos do discurso político inflúen, así mesmo, no mediático, como acontece no caso da loita contra a trata. Constátase a existencia dun discurso simplificador, moi influído polo estigma, que vén modulado así mesmo pola liña ideolóxica do mesmo.

PALABRAS CHAVE

comunicación e xénero, teorías feministas, prostitución, xornalismo social, análise do discurso feminista

RESUMEN

La investigación en Comunicación y Género desvela la discriminación de las mujeres en las representaciones mediáticas. En el Estado español, estos estudios suelen estar referidos a las representaciones sobre las mujeres blancas occidentales, heterosexuales y de clase media. De esa carencia nace la presente investigación, centrada en las representaciones sobre la prostitución en *El País* y ABC, desde 1977 hasta 2012. En este trabajo se analiza la valoración que hacen ambas cabeceras de la prostitución en sus contenidos: el proceso de selección y jerarquización de la información, la tematización y creación de marcos referenciales, las representaciones que se hacen de los distintos sujetos sociales involucrados en la prostitución y su nivel de acceso al discurso informativo, el análisis de las marcas textuales que dejan las rutinas de producción periodística en la construcción del relato así como el modo en que la agenda político institucional y el tejido cívico son trasladados a los medios. La tesis formula, entre sus principales hipótesis, la influencia del contenido político en el mediático y la divulgación de un discurso simplificado y estigmatizador que está, además, determinado por los parámetros ideológicos del medio. Metodológicamente, echa mano de la combinación de los análisis del contenido y del discurso. Los resultados evidencian la correlación del discurso político y el mediático. El asentamiento de la problemática de la prostitución en las políticas públicas en la última etapa analizada se refleja en un incremento de la información, de la relevancia que se le otorga y de la profundidad con que se aborda. Los marcos temáticos del discurso político influyen así también en los mediáticos, como acontece en el caso de la lucha

contra la trata. Se constata la existencia de un discurso simplificador, influido por el estigma, que a su vez viene modulado por la línea ideológica del medio.

PALABRAS CLAVE

comunicación y género, teorías feministas, prostitución, periodismo social, análisis del discurso feminista.

SUMMARY

Research in Communication and Gender has revealed the existence of discrimination of women in media representations. In Spanish state these studies are usually referred to media representations focused on white, occidental, heterosexual and middle class women. This investigation appears as the result of that problem and it is focused on how *El País* and *ABC* treated the subject of prostitution between 1997 and 2012. This current paper tries to analyze how these both newspapers assess prostitution in their pages: the process of information selection and classification, how they organized information according to the different themes, how they create frames of reference, how they represent the huge variety of social actors involved in prostitution and their level of access to the informative discourse, the analysis of how journalistic relate is affected by journalistic production routines and how the political and social agenda and citizens appear in the media. This thesis formulate, among the other hypothesis, the influence of political content in media and the publication of a simplified and stigmatized discourse which is, besides, determined by the ideological parameters of the newspaper. From the point of view of methodology, this paper analyze both content and discourse. The outcome of the studio demonstrate the clear relation between political discourse and media one. The presence of the problematic of prostitution in the public policies during the last stage of analysis shows how the presence of prostitution in media has increased, is more relevant and the approach is more profound. Thus theme frames of political discourse affect media ones. It is confirmed that it exist a discourse which tend to be simple and influenced by the stigma of prostitution which is also modulate by the ideology of the newspaper.

KEYWORDS

communication and gender, feminist theories, prostitution, social journalism, analysis of feminist discourse.

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN. Faise camiño ao andar	21
1. OS PIARES TEÓRICOS	25
1.1. INTRODUCCIÓN	25
1.2. A CATEGORÍA XÉNERO	27
1.3. OS MEDIOS COMO CONSTRUTORES DA REALIDADE SOCIAL	31
1.3.1. Os medios como axentes de socialización	34
1.3.2. Os medios como os marcos da xanela	36
1.3.3. Medios, poder, hexemonía e ideoloxías dominantes	43
1.3.4. Os medios, vehículos de involución	50
1.3.4.1. Dos estereotipos, ou da resistencia dos mapas de vello	55
1.3.5. Mulleres, medios e democracia	61
1.3.5.1. Prensa e mulleres nos albores da democracia	63
1.3.5.2. Medios e mulleres aos pés dos mercados	65
1.3.5.3. Da responsabilidade social da prensa	69
1.3.5.4. Novas tecnoloxías: máis democracia ou crise do xornalismo?	72
1.3.5.5. A especialización da información, o xornalismo social e a perspectiva de xénero	78
2. COMUNICACIÓN E XÉNERO: O ESTADO DA CUESTIÓN	85
2.1. OS ESTUDOS DAS MULLERES, FEMINISTAS E DE XÉNERO NO CONTEXTO ACADÉMICO ESTATAL	85
2.2. A INVESTIGACIÓN EN COMUNICACIÓN E XÉNERO	89
2.2.1. Historia dos estudos sobre mulleres e medios de comunicación	89
2.2.1.1. No vagón de cola	89
2.2.1.2. O panorama estatal. Análise retrospectiva	92
2.2.1.3. O panorama estatal. Unha aproximación propia á situación actual	96
2.2.1.3.1. O proceso de comunicación: produción, contidos e recepción	99
2.2.1.3.1.1. Os contidos	99
2.2.1.3.1.1.1. Ferramentas metodolóxicas	99
2.2.1.3.1.1.2. Novos intereses temáticos	101
2.2.1.3.1.2. A fase de produción	106
2.2.1.3.1.3. A fase de recepción	109
2.2.1.3.2. Os soportes e as modalidades comunicativas	111
2.2.1.4. Panorámica dos estudos sobre mulleres e medios de comunicación en Galicia	114
2.2.2. Principais resultados achegados polos estudos sobre mulleres e medios de comunicación en España e en Galicia	118
2.2.2.1. Dos estudos sobre a representación	118
2.2.2.1.1. Que e onde. A evolución da presenza das mulleres nas distintas seccións e temáticas	126
2.2.2.1.2. As mulleres como tema	129
2.2.2.1.3. Cando as mulleres si entran na axenda: a violencia de xénero	132
2.2.2.1.4. As mulleres como fonte	141
2.2.2.1.5. O feminismo como fonte	145

2.2.2.2. Dos estudos sobre a produción.....	148
2.2.2.2.1. Presenza das mulleres nas redaccións e situación laboral feminina..	148
2.2.2.2.2. As mulleres no cuarto poder.....	152
2.2.2.2.3. Presenza das mulleres nos medios e influencia nos contidos.....	157
2.2.2.3. Dos estudos sobre as audiencias e os procesos de recepción.....	160
2.2.2.3.1. As mulleres como lectoras de prensa.....	161
2.2.2.3.2. As mulleres como usuarias das novas tecnoloxías.....	163
2.2.2.3.3. Das mulleres que ven televisión.....	164
2.3. A TESE DOUTORAL: UN APORTE PROPIO AO ESTADO DA CUESTIÓN.....	168
3. PROSTITUCIÓN E MEDIOS DE COMUNICACIÓN: ESTADO DA CUESTIÓN.....	171
3.1. O ESTADO DA CUESTIÓN NA LITERATURA ANGLÓFONA.....	171
3.2. O ESTADO DA CUESTIÓN NO ESTADO ESPAÑOL.....	178
3.2.1. Análise e estudos sobre a representación da prostitución nos medios.....	178
3.2.2. Análise dos anuncios de sexo de pago.....	181
3.2.3. A prostitución nos estudos sobre a representación das mulleres migradas.....	181
3.2.4. Os medios de comunicación desde o abolicionismo e o regulacionismo.....	182
4. O DESEÑO DA INVESTIGACIÓN.....	185
4.1. OBXECTO E OBXECTIVOS DA INVESTIGACIÓN.....	185
4.2. HIPÓTESES DA INVESTIGACIÓN.....	188
4.3. A SELECCIÓN DA MOSTRA.....	189
4.4. PARADIGMA: DO CONCEPTO E DAS CLASIFICACIÓNS.....	190
4.4.1. Do paradigma e do método.....	192
4.4.2. A miña escolla. O paradigma hermenéutico.....	194
4.5. AS FERRAMENTAS DE NAVEGACIÓN: A ESCOLLA DO MÉTODO.....	195
4.5.1. O porqué dunha metodoloxía mixta.....	195
4.5.2. Os métodos mixtos como contínuum entre o cuantitativo e o cualitativo.....	197
4.5.2.1. A dicotomía cuantitativo-cualitativo na súa bagaxe histórica.....	197
4.5.2.2. As características das metodoloxías cuantitativa, cualitativa e mixta....	199
4.5.2.3. A triangulación de métodos cualitativos e cuantitativos.....	205
4.5.2.4. A triangulación aplicada ao meu deseño de investigación.....	207
4.5.2.5. Moldeando as técnicas. A triangulación das análises de contido e do discurso.....	208
4.5.2.6. O contido explícito: A análise hemerográfica diacrónica.....	208
4.5.2.6.1. Libro de códigos.....	216
4.5.2.7. O contido implícito: a análise do discurso.....	228
5. O CONTEXTO DA PROSTITUCIÓN NO ESTADO ESPAÑOL DENDE 1977 ATÉ 2012.....	237
5.1. MODELOS DE ACTUACIÓN LEGAL FRONTE Á PROSTITUCIÓN.....	237

5.2. CONTEXTO LEGAL ESTATAL.....	238
5.3. AS POLÍTICAS SOBRE PROSTITUCIÓN E MEDIOS DE COMUNICACIÓN.....	242
5.4. ALGÚNS DATOS SOBRE A PROSTITUCIÓN NO ESTADO ESPAÑOL.....	243
5.5. PROSTITUCIÓN, DISCRIMINACIÓN DE XÉNERO E GLOBALIZACIÓN NEOLIBERAL.....	244
5.6. TIPOLOXÍA DA PROSTITUCIÓN.....	245
5.6.1. A Prostitución de barrio e rúa.....	245
5.6.2. Os clubs de prostitución.....	246
5.6.3. Pisos de contacto.....	248
5.7. AS VÍAS DE CHEGADA A ESPAÑA.....	249
5.8. AS REDES DE TRATA.....	249
6. TRABALLO DE CAMPO	253
6.1. ANÁLISE DE CONTIDO.....	253
6.1.1. Número de pezas analizadas e evolución.....	253
6.1.2. Sección.....	254
6.1.2.1. ABC.....	254
6.1.2.2. <i>El País</i>	259
6.1.3. Marco interpretativo.....	262
6.1.3.1. ABC.....	262
6.1.3.2. <i>El País</i>	264
6.1.4. Temática.....	268
6.1.4.1. ABC.....	268
6.1.4.1. <i>El País</i>	269
6.1.5. Xénero xornalístico.....	270
6.1.5.1. ABC.....	270
6.1.5.2. <i>El País</i>	272
6.1.6. Tratamento xornalístico.....	273
6.1.6.1. ABC.....	273
6.1.6.2. <i>El País</i>	274
6.1.7. Orientación da información ao acontecemento ou ao tema.....	274
6.1.7.1. ABC.....	274
6.1.7.2. <i>El País</i>	274
6.1.8. Autoría dos contidos redaccionais.....	275
6.1.8.1. ABC.....	275
6.1.8.2. <i>El País</i>	275
6.1.9. Aplicación da perspectiva de xénero.....	276
6.1.9.1. ABC.....	276
6.1.9.2. <i>El País</i>	276
6.1.10. Modalidades de prostitución referidas.....	277
6.1.10.1. ABC.....	277
6.1.10.2. <i>El País</i>	279
6.1.11. Actores e actoras da información.....	282
6.1.11.1. ABC.....	282
6.1.11.2. <i>El País</i>	283
6.1.11.3. Actores activos e pasivos.....	284
6.1.11.3.1. ABC.....	284
6.1.11.3.1.1. Análise das accións das que son suxeito ou obxecto as mulleres	285

que exercen a prostitución.....	294
6.1.11.3.2. <i>El País</i>	294
6.1.11.3.2.1. Análise das accións das que son suxeito ou obxecto as persoas que exercen a prostitución en <i>El País</i>	294
6.1.12. Fontes	310
6.1.12.1. ABC.....	310
6.1.12.1.1. Tipo de fontes.....	310
6.1.12.1.2. Tipo de fontes institucionais.....	311
6.1.12.1.3. Tipo de fontes expertas.....	312
6.1.12.1.4. Tipo de fontes do tecido cívico.....	312
6.1.12.2. <i>El País</i>	315
6.1.12.2.1. Tipo de fontes.....	315
6.1.12.2.2. Tipo de fontes institucionais.....	316
6.1.12.2.3. Tipo de fontes expertas.....	317
6.1.12.2.4. Tipo de fontes asociativas.....	317
6.1.13. Persoas que exercen a prostitución	319
6.1.13.1. ABC.....	319
6.1.13.1.1. Xénero de quen se prostitúe.....	319
6.1.13.1.2. Denominación.....	320
6.1.13.2. <i>El País</i>	323
6.1.13.2.1. Xénero de quen se prostitúe.....	323
6.1.13.2.2. Denominación.....	324
6.1.14 Persoas que compran sexo	328
6.1.14.1. ABC.....	328
6.1.14.2. <i>El País</i>	331
6.1.15 Proxenetas	333
6.1.15.1. ABC.....	333
6.1.15.2 <i>El País</i>	335
6.1.16 Relevancia dos contidos sobre prostitución para o medio	337
6.1.16.1. ABC.....	338
6.1.16.2 <i>El País</i>	340
6.1.17 Presenza de ilustración	342
6.1.17.1. ABC.....	342
6.1.17.1.1. Características da representación gráfica das persoas que exercen a prostitución.....	343
6.1.17.1.2. Representación dos proxenetas.....	354
6.1.17.1.3. Representación dos compradores de sexo.....	354
6.1.17.2. <i>El País</i>	356
6.1.17.2.1. Características da representación gráfica das persoas que exercen a prostitución.....	359
6.1.17.2.2. Representación dos proxenetas.....	360
6.1.17.2.3. Representación dos compradores de sexo.....	370
6.2. ANÁLISE DO DISCURSO	373
6.2.1. ABC	375
6.2.1.1. 1977.....	375
6.2.1.2 1987.....	378
6.2.1.3. 1997.....	388
6.2.1.4. 2007.....	398
6.2.1.5. 2012.....	409

6.2.2. <i>El País</i>	421
6.2.2.1 1977.....	421
6.2.2.2. 1987.....	425
6.2.2.3. 1997.....	441
6.2.2.4. 2007.....	456
6.2.2.5. 2012.....	475
7. CONCLUSIONES	491
7.1. A VALORACIÓN DO FENÓMENO.....	491
7.2. A TEMATIZACIÓN E A CONSTRUCCIÓN DE MARCOS INTERPRETATIVOS.....	494
7.3. AS MARCAS TEXTUAIS DAS RUTINAS DE PRODUCCIÓN XORNALÍSTICA.....	496
7.4. A ACTORIALIZACIÓN.....	500
7.5. A REFERENCIACIÓN.....	505
8. BIBLIOGRAFÍA CITADA	512





INTRODUCCIÓN. FAISE CAMIÑO AO ANDAR

Só foi despois de varios anos que me atrevo a encetar estas palabras, o comezo do primeiro parágrafo da miña tese doutoral. Din que as primeiras liñas son as máis difíciles, e non o nego. Atreverme a dar este paso requiriu un proceso de madurez previo, no académico mais non só: tamén no profesional e no vital. Un camiño que se fíxo andando, que a veces se desfíxo así mesmo, que cambiou de metas, que virou rumbos. No que mesmo tiven que parar e desandar para poder seguir avanzando. Unha deriva, si, na que houbo que madurar teorías e metodoloxías, descartar, concretar e fixar obxectivos á procura dos mapas máis adecuados para percorrer o terreo que determinara explorar.

Cando comecei esta travesía, pouco despois de rematar a licenciatura en Xornalismo e ao inicio da miña carreira investigadora, a miña mochila ía cargada cos referentes das teorías da comunicación que me foran inculcados e cunha base firme no ámbito do Xornalismo Especializado. Mais houben procurar alimento tamén noutros eidos, para atopar os instrumentos que mellor me permitisen diseccionar e analizar o meu obxecto de estudo, nun primeiro momento esbozado en liñas xerais como a representación das mulleres na prensa galega. Foi así como me introducín nas teorías feministas e de xénero e atopei refuxio e piares sólidos na conxunción entre elas e as teorías da comunicación, no ámbito delimitado como Comunicación e Xénero. Un marco de traballo aínda novo, que naceu no Estado nas marxas do saber académico, cunha forte dose de compromiso, e que nos últimos anos foi conseguindo un recoñecemento paulatino e un oco na academia grazas en boa medida ao respaldo das políticas institucionais en prol da igualdade entre mulleres e homes. Nesta liña de investigación, atopei un referente non só para o traballo académico senón tamén para o exercicio da profesión e, sobre todo, lentes novas para observar, e non só ao que o traballo se refire senón tamén á vida en xeral, o mundo que me rodea. As lentes da perspectiva de xénero.

Tamén a procura das ferramentas para explorar, dos métodos, foi complexa. Pronto puideren comprender o significado destas verbas de Klaus Bruhn Jensen:

Nos estudos sobre comunicación encontrámonos demasiado a miúdo con que as eleccións metodolóxicas se fixeron moito antes de determinar os obxectos e fins da investigación, polo que a metodoloxía se converte en solucións en busca de problemas (...) En realidade, para o que son os propósitos de desenvolvemento da teoría, así como as aplicacións dos estudos sobre os medios de masas, é esencial que os investigadores avalíen a importancia das distintas metodoloxías con referencia aos fins e obxectos de análise, preguntando *qué e por qué*, antes que *cómo*” (Jensen, 1993, p. 15).¹

Nos comezos deste proxecto de investigación hei de recoñecer que tamén eu batín coa mesma pedra. Tiña claro o como, a metodoloxía que aplicaríaa: a análise de contido,

¹ As citas extraídas de obras académicas foron traducidas pola autora desta tese ao galego. Porén, a autora preferiu aplicar un criterio de tradución distinto ás citas extraídas dos xornais analizados na análise de contido e do discurso. Nese caso, respectou o idioma orixinal, o castelán, por consideralo de relevancia para a aplicación das respectivas análises.

na que contaba, ademais, coa experiencia derivada dos meus primeiros traballos en proxectos e investigacións académicas.² Mais, xa no deseño da investigación, atopei os primeiros problemas: Cales eran as variables e categorías máis adecuadas para o meu obxecto de estudo? Como podía definilas a priori, sen ambigüidades e de maneira obxectiva? E que facer cando os números non falan o suficiente? Ou non achegan as respostas que se procuran? Sabía que os *qué* e os *porqués* da miña investigación habían de estar ligados de modo estreito a cuestións clave como a influencia da ideoloxía sexista e da ollada androcéntrica na representacións das mulleres realizadas polos medios de comunicación. Podía, coa análise de contido, penetrar no substrato ideolóxico de ditas representacións? E en todas as dimensións nas que o androcentrismo pode callar?

Busquei e atopei as primeiras respostas na análise hemerográfica diacrónica, metodoloxía desenvolvida polo seminario “Dones e Cultura de Masses” fundado por Amparo Moreno, profesora de Ciencias da Comunicación da Universitat Autònoma de Barcelona, e en estreita relación cunha das liñas de investigación principais deste grupo: o androcentrismo na prensa. Esta ferramenta, como logo veremos, espreme as posibilidades da análise do contido, procura criterios firmes para desenvolve-la e soluciona unhas das principais interrogantes que se me presentaban, o establecemento e definición de categorías que, na análise hemerográfica diacrónica non son definidas a priori, senón despois da recollida de datos. Axustábase, ademais, aos obxectivos da miña investigación canto que o meu proxecto de investigación doutoral tamén formulaba unha análise de carácter diacrónico.

Porén, quedaban aínda cuestións por resolver, esenciais ademais para os obxectivos da miña investigación. Como penetrar na análise ideolóxica? Foi aí cando decidín introducirme na análise crítica do discurso (ACD), para a que constitúe razón de ser o revelar e explicitar as marcas no discurso de intereses de carácter ideolóxico, e como as desigualdades, o poder e o abuso de poder callan no mesmo. A aplicación da ACD noutras investigacións previas orientadas á análise das representacións de xénero nos medios fixo que me decantara por combinar, no meu deseño metodolóxico, a análise hemerográfica de contido coa análise crítica do discurso.

Se ben houbo aspectos desta investigación para os que foi preciso un delongado proceso de madurez, que foron fermentando de a pouquiño, e que teñen que ver cos “*como*”, as dúbidas non foron moito menores á hora de definir os “*que*”. Dende un principio sabía con determinación cal ía ser o obxecto de estudo desta investigación: a representación na prensa das mulleres, como colectivo unido baixo unha mesma discriminación, a de xénero. Mais a concreción deste obxecto de estudo sufriu un importante punto de inflexión trala miña incursión no estado da cuestión sobre a situación dos estudos en Comunicación e Xénero no Estado español. Ao longo da primeira década do novo milenio, o momento en que eu estaba a madurar este proxecto de investigación, a liña de investigación en Comunicación e Xénero deu a luz no Estado diversas investigacións sobre as representacións das mulleres en xeral nos medios de comunicación. Porén, detectei unha ausencia notábel de investigación na intersección entre as representacións mediáticas do xénero e doutros factores de discriminación, como a orixe étnica e social ou a preferencia sexual. De modo parello, a miña actividade paralela como xornalista en activo fixo que me encontrara de preto co mundo da

² Como bolsaira de Terceiro Ciclo, participei como investigadora nas investigacións que logo callarían nas publicacións *A prensa diaria en Galicia (1975-2000)* (USC, 2001) e *A imaxe de Portugal e Galicia na prensa dos dous países* (USC, 2002).

prostitución. Das conversas mantidas entón cun fin en exclusiva xornalístico con persoas expertas e asociacións cunha atención continuada ás persoas que, en Galicia, exercen a prostitución, puiden saber das súas queixas respecto á simplificación que, nos medios, se fai desta realidade. O camiño polo que me conduciron ambos os dous carreiros, o académico e o profesional, levoume a deseñar e coordinar en 2010 unha investigación, no ámbito autonómico, financiada naquel momento pola Secretaría Xeral da Igualdade. Dirixida polo profesor Luís Álvarez Pousa, director desta tese, e cun equipo conformado por Iván Cuevas, Olga Castro e por min mesma, a investigación analizaba a representación da prostitución nos medios galegos a partir dunha mostra representativa extraída do ano 2009, e foi galardoada en 2011 co primeiro premio, pola Universidade de Santiago de Compostela, na primeira edición do Premio á introdución da perspectiva de xénero na investigación. Esta experiencia animoume a trasladar a investigación ao ámbito estatal.

Foi así como decidín poñer o foco da miña investigación na representación que das persoas que exercen a prostitución, mulleres fundamentalmente mais tamén en menor porcentaxe homes, se fai nos medios, en dous dos xornais de maior difusión no ámbito estatal, *El País* e ABC. En síntese, o punto de inflexión na concreción do obxecto de estudo veu, pois, determinado, polo feito de ser un tema apenas abordado dende o ámbito da investigación en comunicación, pola miña experiencia previa no contexto galego e, sobre todo, a interrelación que, nesta realidade se produce entre as discriminacións de xénero e outro tipo de marxinações como as derivadas da condición de migradas de boa parte das persoas que exercen a prostitución dende os anos 90 do século pasado.





CAPÍTULO 1. OS PIARES TEÓRICOS

1.1. INTRODUCCIÓN

Os piares teóricos desta investigación érguense sobre tres pedras basais: 1) o concepto xénero, entendido como construción sociocultural que determina como debemos ser, actuar e comportarnos, e a que debemos ou non aspirar en función do noso sexo; 2) a función dos medios de comunicación como construtores da realidade social e neste caso da construción que entendemos por xénero, como asentadores de hexemonía e transmisores de ideoloxía sexista, e 3) o rol dos medios como conformadores de cidadanía, é dicir, de axentes activos no artellamento do espazo público, do que as mulleres estiveron historicamente excluídas, co reforzo da propia exclusión mediática, situación que se agudiza cando á discriminación de xénero se inclúen outros factores de discriminación, como é o caso das mulleres que exercen a prostitución.

Os medios de comunicación, como axentes de socialización fundamentais na sociedade da información e do coñecemento, son ingredientes hoxe en día básicos para que levede a masa que vira en diferenza política, discriminación e represión o que en principio só é unha diferenza sexual. Nacemos cun sexo determinado (configurado nos niveis xenético, gonadal, xenital e fenotípico³) pero a ser homes e mulleres aprendemos. E os medios xogan un papel activo nesa aprendizaxe informal tanto ou máis eficaz que a transmitida a través da educación regrada. É por iso que Teresa de Lauretis fala de "tecnoloxías de xénero" e sitúa os medios de comunicación entre as mesmas. Os valores, normas, roles e estereotipos que rodean a construción do xénero fan a función de valos, arames limitadores de fronteiras cuxos espiños somos quen de sentir mais non de ver. É o que Bourdieu entende como "violencia simbólica": determinadas visións da realidade fomentadas dende os sectores con poder, neste caso androcéntricas e discriminatorias para quen non entre no patrón de home branco, occidental, heterosexual e en posicións socialmente privilexiadas, vólvense hexemónicas, e fano co consentimento daqueles grupos que sofren en propia carne a discriminación, porque aprenden e/ou consenten ver o mundo cos ollos de quen ostenta posicións de dominio. Porque ademais, para quen está en posición de poder, é máis eficaz forxar o consentimento cos fíos do simbólico, do imaxinario cultural, coa materia dos valores, dos fascinos e dos soños, que facelo só coa forza bruta. A violencia física pode ser derrotada cunha forza equivalente. A simbólica, non, porque é a materia coa que se tecen os consensos. É así como a segunda é moito máis eficaz cá primeira na xeración do consenso, para o que conta coa complicidade mediática, coa que consegue non só controlar o que se fai visible ou non, senón ademais facer desexables as propias cadeas que atan. Viaxaremos así até os conceptos de hexemonía de Gramsci; de poder e

³ O xénero é construído sobre un aparente dimorfismo sexual macho/femia lexitimado socialmente como o único posible. Esa categorización binómica non deixa lugar para fenómenos socialmente apenas coñecidos como a intersexualidade, que afecta , segundo Fausto-Sterling (citado por Lameiras, Carrera e Rodríguez, 2011, p. 160) a un 1,7% da poboación, a individuos cuxas características xenitais non permiten definilos claramente ao nacer como mulleres ou homes, ou o síndrome de Morris (persoas que fisicamente son mulleres, mais non xeneticamente debido a un transtorno de tipo hormonal que impide o desenvolvemento dos órganos xenitais masculinos externos). Polo tanto, non só o xénero é construído senón tamén, tal e como se desenvolve a partir das achegas de Foucault e o posestruturalismo, tamén o é o sexo (Fraga, 2011, p. 60).

dominio tal e como os entende Van Dijk, e de "violencia simbólica" de Bourdieu, para afianzar neles a construción como natural e non histórica dos modelos de xénero imperantes, que consolidan ás mulleres en posicións de inferioridade, discriminación e desvantaxe, desfavorecidas na distribución de recursos e no reparto de poder e posibilidades vitais.

A entender a exclusión das mulleres como cidadás axudaranos a literatura feminista existente ao respecto, sobre todo, no contexto estatal e galego, as achegas de autoras como Rosa Cobo, María Xosé Agra, Celia Amorós e Amelia Valcárcel. De especial utilidade é o concepto de "contrato sexual" de Carole Pateman, que nos amosa como o "contrato social", que basea a construción política liberal nun contrato entre individuos supostamente iguais e libres (Caruncho, Cristina, 2010, p.19), iguais polo tanto en dereitos civís e políticos, non sería posible sen a existencia previa do "contrato sexual". Para que os homes se desenvolvan como protagonistas do espazo público, é necesario que alguén cumpra as funcións de sustento e coidado. E ese alguén, as mulleres, vense así confinadas a unha esfera, a do privado, na que non domina a ética da xustiza, senón a do coidado, na que o concepto de cidadanía, e de dereitos universais queda desactivado. En definitiva, o contrato social que afianza na Ilustración a igualdade entre "os homes" asenta nun contrato sexual previo que calla no dominio sobre as mulleres. De as mulleres saírense fóra dese contrato, tal é o caso daquelas que exercen a prostitución, serán marcadas coa forza do estigma.

Na configuración da Modernidade, sostida nese pacto social de natureza supostamente universal, mais na práctica excluínte de raíz, os medios de comunicación, a prensa entón, comeza a xogar un papel central na configuración do debate público e na xeración de consensos sociais. Nesa equiparación da prensa como elemento de conformación da cidadanía as mulleres resultarán novamente excluídas. Compárese a coñecida como prensa ideolóxica do XIX, na que as cabeceiras nacían fieis a uns determinados preceptos partidarios que expresaban de forma explícita, cunha prensa non menos ideolóxica, a das revistas que xa naquel momento se dirixían ao público feminino para conformalo nos ideais de "anxo do fogar", que ten precisamente á prostituta como outra cara da moeda. Hai abonda reflexión nas Ciencias da Comunicación sobre o rol dos medios de comunicación para afianzar a democracia, o goberno do pobo, na conformación dunha cidadanía crítica de participación activa no xogo político. Analizar que parte da cidadanía sae nos medios e de que maneira, evidencia o precario papel dos medios na construción do espazo público, do común, da democracia.

Mais esta tese, con toda a crítica que desprega sobre os medios de comunicación, pola ollada androcéntrica que botan sobre o mundo e pola transmisión que fan da ideoloxía sexista, porén, tamén sostén a súa importancia para o cambio social, para unha construción xenérica menos opresiva e discriminatoria, e dende logo máis igualitaria. Parte, xa que logo, da concepción do xornalismo como activador dunha cidadanía informada, crítica e participativa, e dos medios de comunicación como contrapoder, como vixía e denuncia dos posibles abusos de poder. Unha forma de entender o xornalismo que desemboca no concepto de xornalismo especializado, como estratexia necesaria nunha sociedade da Información e da Comunicación na que a desinformación xa non bebe tanto de mecanismos de censura como de saturación de información, na que polo tanto funciona máis como elemento desinformador o ruído, e a consecuente entropía, co silencio. Se os saberes se multiplican, se o coñecemento se volve máis especializado, se a información confunde pola súa abundancia, o xornalismo ha de

atender á función de conectar á cidadanía con eses saberes, de facela quen de interpretalos, e de converter en definitiva a información en coñecemento. Tanto o xornalismo, como máis en concreto, o xornalismo especializado, han de atender á perspectiva de xénero non só para visibilizar as mulleres senón para facer un retrato da cidadanía máis completo e integrador.

1.2. A CATEGORÍA XÉNERO

"Unha non nace, senón que se fai muller". As verbas de Simone de Beauvoir en *O segundo sexo* condensan, con gran capacidade intuitiva, o que décadas máis adiante, xa entrados os anos 70 e en auxe a segunda onda do feminismo, as académicas ligadas ao mesmo acuñarían como xénero. A categoría resultou básica nas reivindicacións políticas do movemento e, no académico, estenderíase con éxito alén as teóricas feministas, polo amplo campo das Ciencias Sociais, até converterse en moeda corrente (Lamas, Marta (Comp.) (1995, pp. 9-10).

A construción de xénero é aquela mediante a cal se asignan características, roles, espazos e tempos diferenciados a mulleres e homes que non teñen o seu fundamento no biolóxico senón nunha ficción de carácter sociocultural, mais que é percibida pola sociedade como natural. As estruturas de dominio fican, polo tanto, ontoloxizadas, e en consecuencia ocultas. Considérase que é naturalmente propio de mulleres e de homes o que non son senón produtos socioculturais. Sintetízao ben Verona Stolcke cando indica que o xénero é unha categoría socialmente construída, que pon en tea de xuízo a idea esencialista e universalista segundo a cal a bioloxía representa o destino (citado en Areste, 2003, p. 26). En verbas de Marcela Lagarde (2005, p. 100):

A muller foi especializada de maneira exclusiva na reprodución privada e persoal dos outros, da sociedade e da cultura. Foi confinada a espazos, a tempos e a territorios exclusivos, a disposición dos outros e baixo o dominio dos homes e as institucións patriarcais e clasistas. O seu ser foi escindido a partir da especialización da súa sexualidade entre as mesmas mulleres, que non poden integrar a sexualidade procreadora e erótica, así como non poden integrar a súa sexualidade escindida coas súas outras actividades, á vez escindidas desta. E todas estas características históricas asignadas ás mulleres foron consideradas naturais, inherentes a unha feminidade ahistórica.

É así como, segundo as construcións tradicionais da feminidade e da masculinidade na sociedade occidental, se considera ás mulleres naturalmente máis capacitadas para o coidado e o desempeño das tarefas de reprodución, e aos homes naturalmente máis predispostos para ao espazo público; que a preocupación das mulleres por cumprir cos preceptos de beleza normativa son percibidos como coquetería tamén "natural" e que a sexualidade activa e en xeral todo o que sexa expresión do desexo, nos homes é premiado e incentivado mentres nas mulleres é condenado e/ou reprimido, por ir contra esa suposta orde natural das cousas (condensado no estigma de "puta", que se aplica non só á muller que fai dos servizos sexuais a súa profesión senón a todas aquelas que non se cinguen aos patróns convencionais patriarcais para as relacións sexuais e de parella).

As construcións de xénero varían ao longo da historia e materialízanse de modo diferente dependendo da sociedade e da cultura. Non é o mesmo nacer muller en África, Europa Occidental ou no Medio Oriente, nunha aldea galega a mediados do século pasado ou nunha gran cidade na época actual. En todos estes contextos, as mulleres

sofren restricións derivadas dunha construción xenérica que as sitúa na discriminación, mais os límites que experimentan son diferentes. Dende a ditadura da imaxe nas sociedades capitalistas occidentais até a ocultación que proporcionan hijabs, chadores ou burkas. Dende as imposicións da moral católica sobre as mulleres no contexto da aldea de mediados de século pasado até as ataduras das dobres xornadas laborais e as esixencias que sofren as mulleres urbanas contemporáneas, supostamente liberadas no sexual, cun entorno familiar mais desinstitucionalizado, mais impelidas a ser excelsas superwoman, perfectas no traballo e na casa. Tal e como indican Conway, Bourque e Scott (1996, p. 21), "hoxe en día vemos que os límites sociais establecidos por modelos baseados no xénero varían tanto histórica como culturalmente, e que tamén funcionan como compoñentes fundamentais de todo sistema social. O feito de vivir nun mundo compartido por dous sexos pode interpretarse dunha variedade infinita de formas".

O xénero ten, por outra banda, carácter relacional. Para entender as construcións de xénero, cómpre entender as relacións entre mulleres e homes que se establecen nunha sociedade, como nela se articulan os moldes de feminidade e de masculinidade e se distribúe o poder. Polo tanto, coñecer en toda a súa complexidade a situación das mulleres supón afondar tamén nas relacións que socialmente se establecen cos homes e que, nas sociedades patriarcais, implican unha xerarquización, na que o masculino é o dominante.

O xénero está, pois, relacionado de modo estreito coa distribución de poder, porque, o modo en que se constrúe asenta, e serve de xustificación, para unha distribución asimétrica do mesmo. As construcións de xénero, e as relacións de poder que levan consigo, imbrícanse, e en función diso materialízanse de distintas formas, con outras estruturas de dominio. Conway, Bourque e Scott destacan a interacción das institucións sexuais coas económicas (1996, p. 21). Mais as construcións xenéricas están tamén en estreita relación coas estruturas de dominio que se establecen non só no económico, en función de conceptos como clase social, senón tamén en función doutras categorías como raza, etnia, procedencia nacional ou orientación sexual, que adoito interactúan entre elas de forma conxunta, o que vemos no caso daquelas mulleres, e tamén homes que non se cinguen aos patróns xenéricos heteropatriarcais, que exercen a prostitución. Para Joan Scott (1996, p. 292), "o xénero é o campo primario dentro do cal ou por medio do cal se articula o poder". E, aínda que "non é o xénero o único campo, parece ter sido unha forma persistente e recorrente de facilitar a significación do poder nas tradicións occidental, xudeo-cristiana e islámica".

As construcións de xénero permítennos, así mesmo, analizar as diferenzas entre os sexos como orde social e estrutura cognitiva (Areste, 2003, p. 26). A dimensión social e a psicolóxica e cognitiva son pois fundamentais na conformación do xénero. Indícao Marta Lamas cando sinala que as características humanas consideradas como femininas son adquiridas polas mulleres nun complexo proceso social e individual, e cando define o xénero como o "resultado da produción de normas culturais sobre o comportamento dos homes e das mulleres, mediado pola complexa interacción de institucións económicas, sociais, políticas e relixiosas" (1996, p. 12).

Gayle Rubin bota man destas dúas patas cando acuña en 1975 o concepto "sistema sexo/xénero", que define como "o conxunto de arranxos polos que unha sociedade transforma a sexualidade biolóxica en produtos da actividade humana, e nos que estas necesidades sexuais transformadas son satisfeitas". Esa transformación do sexo en xénero ten lugar polo tanto, en primeiro lugar, mediante a articulación de conceptos normativos, símbolos culturais e institucións e organizacións sociais que prescriben

determinados modelos de masculinidade e feminidade, e proscriben outros, os considerados de-xenerados (fóra dos moldes hexemónicos en xénero). E, en segundo lugar, mediante a construción da identidade subxectiva, que se ha ver coaccionada polos corsés que se lle impoñen no proceso de socialización, mais na que, tal e como recalca Judith Butler, e como logo veremos máis polo miúdo, aniña tamén o potencial de subversión.⁴

Mais o xénero é tamén representación, como entende Teresa de Lauretis. Para a autora, o xénero constrúese mediante a súa representación, o que ten lugar na actualidade mediante as tecnoloxías de xénero, entre as que se encontran os medios de comunicación, xunto co sistema educativo, discursos institucionais ou praxes da vida cotiá. Explica De Lauretis (2000, p. 43) que a representación social do xénero incide sobre a súa construción subxectiva e que a representación subxectiva do xénero (a autorrepresentación) inflúe sobre a súa construción social. O que supón que a construción social do xénero é ao mesmo tempo o produto e o proceso das súa representación e autorrepresentación. Polo tanto, as representacións hexemónicas da masculinidade e da feminidade, nas que hoxe en día resultan esenciais os medios de comunicación, determinan a propia configuración do individuo como suxeito. Se, para Althusser, o paso de individuo a suxeito ten lugar mediante a ideoloxía, para Teresa de Lauretis, a constitución dos individuos en mulleres e homes ten lugar mediante a construción de xénero (que está imbuída de ideoloxía) nas sociedades patriarcais). Mais, engade Lauretis, a representación subxectiva de xénero, é dicir, o xeito en que cada unha ou cada un de nós asimila e representa o xénero no seu día a día, incide nas representacións sociais, o que deixa, ao modo que tamén indica Judith Butler, un lugar posible para a subversión do suxeito, "de acción e autodeterminación a nivel subxectivo e incluso individual do micropolítico e das prácticas cotiás".

A reflexión sobre a construción do xénero lévanos a distinguir entre o que é a "muller" (representación, para De Lauretis, dunha esencia mítica) e as mulleres, como suxeitos históricos, sociais e reais definidos polas tecnoloxías de xénero. E, así mesmo, a diferenciar un terceiro estadio, o suxeito do feminismo, que sería, en verbas de López Díez (2003, p. 114), aquel que desafíe as normas convencionais coas que se constrúe a feminidade.

Mais non só as mulleres, alén a esencia que emana do discurso convencional sobre o xénero, son diversas, porque diversas son tamén as súas circunstancias e as múltiples posibilidades de combinación das diferentes formas de opresión (de xénero, racial, heterosexual...). Tamén múltiples poden ser os xéneros, porque se ben as representacións hexemónicas de xénero inciden na masculinidade e na feminidade como

⁴ Para Gayle Rubin, esa orde social discriminatoria ten a súa base na forma en que historicamente se articularon as relacións de parentesco. A autora bota man dos estudos de Levi-Strauss para amosarnos como as relacións de parentesco están baseadas no intercambio de mulleres (o que podemos exemplificar no petición de man, que implica o paso da moza da titela do pai ao do marido), e como, ademais, os homes teñen uns dereitos sobre as súas parentes mulleres que elas non teñen. A organización social do sexo queda así sustentada no xénero, na heterosexualidade obrigatoria, a construción da sexualidade feminina e a división asimétrica dos sexos. Porén, para Scott comprender a organización das sociedades actuais, é preciso ir alén os sistemas de parentesco, que se están a flexibilizar en parte (aínda que permanecen invariables noutras, como no tabú do incesto) e levar a análise non só á familia senón a outras institucións, como o mercado de traballo, a educación, a política, e tamén, engado, o sistema mediático. En todo caso, as restricións que implican a orde social que sustenta as relacións de xénero deixa pegadas na súa psique. E é aí onde Rubin considerada necesario ir á conformación da identidade de xénero, para o que acode á psicoanálise, dado que, segundo considera "en ningunha parte están mellor documentados os efectos sobre as mulleres dos sistemas sociais dominados polos homes" (1996, 64).

esencias únicas, e ademais por completo opostas, a posibilidade de transgredilas, de configurar doutra maneira o que non é senón unha construción, un artefacto sociocultural, fainos pensar no que Butler formula como "a multiplicación dos xéneros". Para a autora, o xénero non é só unha cuestión de construción, senón tamén de elección. Unha elección, é certo, limitada, porque o sexismo non só afecta ás mulleres, senón tamén a todos aqueles individuos que se saian dos patróns de xénero, pois "as construcións sociais acerca do acatamento e a desviación de xénero son tan enormes que moita xente se sente profundamente ferida se se lles di que exercen a súa masculinidade ou feminidade inapropiadamente" (pp. 309-310). Mais esa capacidade de elección está aí, porque, sinala Butler querendo abrir unha fírgoa para a esperanza, "a opresión non é o sistema que se conteña a si mesmo e ou se enfrenta aos individuos como obxectos teóricos ou ben os xera como os seus peóns culturais. É unha forza dialéctica que require participación individual a gran escala para manter a súa maligna vida" (1996, p. 309).

Para Butler o xénero é pois performativo. Constrúese e refórzase na maneira en que, cal actores, cal actoras, o representamos. E tamén desa forma podemos rachar cos roles binarios preestablecidos e multiplicalos. O xénero é pois actuación, unha performance que procura na parodia ferramenta contra a naturalización e a deshistorización xenérica, contra a construción de identidades esencializadas por parte da cultura hexemónica.. Segundo Butler, "a proliferación paródica elimina a reclamación que a cultura hexemónica realiza das identidades naturais ou esencialistas". E, indica tamén a autora, "a proliferación de estilos e identidades xenéricas pon en cuestión implicitamente a sempre política distinción binaria entre os xéneros que, a miúdo, se dá por sentada" (1996, p. 338).

Chegamos así a un dos focos máis candentes do debate ao redor do concepto xénero nas últimas décadas. E que o termo, nado ao calor da segunda ola do feminismo nos anos 60 do século pasado (e abandeirado en principio por mulleres brancas, heterosexuais e de clase media), pronto será cuestionado, tal e como indica Susan Bordo, tanto por mulleres negras, chicanas e lesbianas, como por todas aquelas que o acusan de ficción totalizadora, e nas que se sitúan teóricas postmodernas como Judith Butler. A discusión está servida. O posicionamento de Butler será criticado por autoras como Sheila Jeffreys por apolítico (Oliva Portolés, 2005, p. 46). Se consideramos ao xénero só disface, co que activar o xogo desesencializador, se multiplicamos as identidades xenéricas alén o binarismo sexual macho-femia e o xenérico home-muller, se poñemos en cuestión as mulleres como suxeito colectivo—retrúcase a grandes liñas fronte a posicionamento posmodernos— réstaselle de maneira ineludible forza política ás súas reivindicacións canto que quedan diluídas como colectivo. Que queda das mulleres se o xénero é construción sociocultural e o propio sexo, e a división binaria hexemónica, é tamén construción social? Para Butler, ao igual que para outras autoras como Michelle Lazar (2002, p. 2005), a deconstrución das identidades preexistentes non exclúe a posibilidade dunha política feminista, que ha de ir porén alén das mulleres como único suxeito do feminismo, canto que se ha de basear precisamente en fomentar a proliferación das configuracións culturais de sexo e xénero. Pola súa banda, autoras como Susan Bordo, Gayatri C. Spivak ou Rosi Braidotti chegan a unha solución práctica e sintética, unha caste de "esencialismo estratéxico": pódense cuestionar as identidades xenéricas esencializadas, exemplificadas no binarismo home-muller, mais entender que, para a necesaria defensa dos dereitos das mulleres, é preciso supoñer que estas son un colectivo (Oliva Portolés, 2005, p. 49)

Nesta investigación, o xénero é entendido como categoría basal para analizar o artefacto sociocultural que converte en desigualdade o que en principio é só diferenza sexual, e que sitúa ás mulleres en posición discriminada na sociedade e o xustifica cos veos do "natural". O xénero é pois utilizado neste traballo: a) tanto polo seu potencial analítico, cal ferramenta necesaria e útil para desvelar as desigualdades que afectan de modo directo ás mulleres nunha estrutura social de carácter patriarcal, como b) polo seu potencial político, como motor de transformación social, en sintonía cos obxectivos do feminismo como, en verbas de Amelia Valcárcel, "tradición política da modernidade, igualitaria e democrática, que mantén que ningún individuo da especie humana debe ser excluído de calquera ben e de ningún dereito a causa do seu sexo (...) sexa este sexo masculino, feminino, epiceno ou incluso pouco demostrable" (Valcárcel, 2008, p. 215). Quero con isto sinalar que o uso que se faga da categoría xénero nesta investigación non é neutro. Non se incardina este traballo na liña dos estudos de xénero, criticados por Amelia Valcárcel (2008) que se limitan a facer relación de todo tipo de diferenzas entre mulleres e homes, sen entrar na carga política e normativa que vira en desigualdade a diferenza. "Para non alimentar equívocos—di Valcárcel— adianto que me importa polo xeral pouco saber se as romanas cosían coa man esquerda ou coa dereita, ou se unha vez que realizaban as tortas frumentais as levaban a Vesta ou se, en especiais circunstancias, as levaban tamén a Venus" (2008, p. 215). Contra o baleirado de sentido ao que hoxe en día se ve suxeito o concepto de xénero, este traballo entende, en toda a carga política do concepto, que este ha ser instrumento básico nunha análise da representación das mulleres nos medios canto que os medios son aditivo de uso común na construción xenérica na sociedade da información.

Xénero é neste traballo entendido como unha categoría relacional, variable segundo o contexto sociocultural, cunha dimensión tanto social (canto que a construción xenérica está ligada a unha orde e estrutura social) como psicolóxica e cognitiva, o que ten que ver coa construción das identidades xenéricas, e ligada de modo estreito á distribución de poder (que, na sociedade patriarcal se fai en privilexio dos homes, e en particular, dun determinado arquetipo de home: branco, de clase media alta e heterosexual). E, aínda que asumimos que tanto o sexo como o xénero van alén divisións binarias, si reivindicamos as mulleres, que son as suxeitas desta investigación, como colectivo político. De aí que a utilización da categoría xénero neste traballo teña como fin ser instrumento para analizar o papel dos medios de comunicación nunha construción xenérica que, na actualidade, segue a coutar e a limitar a vida das mulleres.

1.3. OS MEDIOS COMO CONSTRUTORES DA REALIDADE SOCIAL

Os medios de comunicación son activos construtores da realidade social e, así mesmo, desa construción socio-cultural que o xénero é. Afirmar isto implica dous presupostos de partida:

En primeiro lugar, que a realidade é así mesmo construída, produto humano e social, por máis que aos nosos ollos poida aparecer reificado (atribuído á natureza ou a divindade, por exemplo) o que non é senón unha empresa humana. Porque, aínda que partamos do presuposto de que existe unha realidade obxectiva, cunha existencia ontolóxica, só pode ser coñecida e aprehendida de maneira subxectiva polos seres humanos. É a distinción entre o que Beck denomina *Realitat* (que só é unha idea, canto que non pode ser percibida como tal polas persoas) e a *Wirkllichkeit*, que vén a ser o que o cerebro constrúe a partir da realidade obxectiva (recollido de Pérez Pena, 2005). Tras esa construción opera non só un proceso cognitivo no nivel micro senón tamén, no

nivel macro, un complexo tramado de intereses tralos que latexa a loita pola hexemonía dos procesos de significación. Porque, facendo nosa a apreciación de Berger e Luckmann en *La construcción social de la realidad*, "o poder na sociedade inclúe o poder de determinar procesos definitivos de socialización e, polo tanto, o poder de *producir* a realidade". É dicir, o poder de darlle sentido á realidade, de que as/os demais a internalicen segundo uns determinados intereses, os intereses dun Outro que aparecen ocultos tralo que se nos amosa como a realidade obxectiva, o estado natural das cousas (1998, p. 152). A construción de xénero, é ao respecto, un bo exemplo.

O segundo presuposto fai referencia ao papel dos medios na construción desa realidade como mediadores cada vez máis presentes na actual Sociedade da Información, na que boa parte do noso coñecemento é obtido a través dos mesmos. O coñecemento directo da realidade é, pois, substituído por un coñecemento mediado, determinado polo tanto pola reconstrución que desa realidade fagan os medios. En verbas de Rita Radl, as "relacións que fan uso da experiencia e a información directa no campo da vida social e da educación ven-se substituídas paulatinamente por *relacións mediadas*. Isto é, a *información mediática* en tanto que *información mediada* que non permite, ou incluso precisa evitar que os suxeitos poidan comprobar a información de maneira directa e activa" (2001, p. 45). Para a autora, os medios de comunicación chegan a ser, de feito, "os elementos construtores máis prominentes da realidade social e por tanto da identidade das persoas. E é que, segundo Radl, a sociedade moderna, "como sociedade da información e informatizada, converte o suxeito nun ente manexábel e manipulábel sen límites precisamente porque se evita o contacto directo do suxeito coas fontes de información" (2001, p. 45). Adoni e Mane (1984) distinguen, de feito, entre a "realidade social obxectiva", a que existe fóra do individuo; "a realidade social simbólica", que inclúe diferentes expresións simbólicas da realidade obxectiva, e na que se inclúe o imaxinario creado polos medios de comunicación, e a "realidade social subxectiva", que sería a síntese operada polos suxeitos entre a realidade obxectiva e a súa representación simbólica.

A concepción que, da construción social da realidade, manexamos neste traballo de investigación, parte da articulada por Peter L. Berger e Thomas Luckman no coñecido ensaio do mesmo nome. Os autores describen ao ser humano como un ser social. "Así como é imposible que o ser humano se desenvolva como tal no illamento, tamén é imposible que o ser humano illado produza un ambiente humano (1998, p. 72). A apertura ao mundo de toda persoa vai precedida por unha determinada orde social (orde que é, así mesmo, sempre un produto humano nacido da necesidade de organizar o mundo en que vivimos, suxeita así mesmo a determinados intereses) e é, de igual modo, transformada por esa orde social. Mais, malia a ser un produto humano, a realidade percibida pola persoa, a realidade da vida cotiá, é vivida como un mundo obxectivo. "Os seus fenómenos preséntanse dispostos de antemán en pautas que parecen independentes da miña apreensión deles mesmos e que se lles imponen" (1998, p. 39). É pois apreendida como unha realidade dada, e son obxectivados—vividos como externos ao propio suxeito— o que non son máis que produtos humanos —dende as institucións até os complexos tramados de orde simbólico (mitos, tabús, relixións e outras crenzas) que se empregan para lexitimalas—. Por poñer un exemplo. Vivimos como "natural", "dado" e "incuestionado" a prohibición do incesto, que para nós resulta opaco como produto humano, que deriva na institucionalización da vida sexual e familiar, tal e como podemos extraer das teses de Levi-Strauss, e que ademais ten por detrás determinados intereses, como o asentamento de alianzas con outras familias asentadas no intercambio

de mulleres. Poñamos outro exemplo máis. Até o xurdimento do feminismo, a subordinación das mulleres aos homes foi vivido tamén como natural, lexitimada na propia natureza das mulleres, na propia "orde divina" (como ben amosa a expresión "costela de Adán") e mesmo co apoio das mentes filosóficas máis preclaras.

A construción da realidade social conta, pois, con tres momentos dialécticos claves: 1) A sociedade é un produto humano; 2) A sociedade é unha realidade obxectiva e 3) O ser humano é un produto social. É dicir, a sociedade é un produto humano cando que a orde social é creada polo ser humano. Mais é vivida como obxectiva polas persoas, producíndose así un paradoxo que Berger e Luckman sinalan de modo explícito: o ser humano é capaz de producir un mundo que logo se experimenta como algo diferente dun produto humano. Esa orde social—de orixe humana—moldea e constrúe as persoas, canto que é interiorizada polas mesmas no proceso de socialización.

A construción da orde social deixa de ser explícita como produto humano no traspaso ás novas xeracións que non participaron na súa formación. As institucións, que nacen da tipificación das accións realizadas por diferentes tipos de actores, perden o seu carácter histórico ante as e os novos membros da especie, que as perciben como a realidade obxectiva e dada e deste modo, e coa axuda dun complexo proceso de lexitimación, asumen de maneira polo xeral incuestionada o seu control. Son así reificadas e, en definitiva, ontoloxizadas.

As lexitimacións xorden da necesidade de explicar esa orde social a xeracións novas para as que, as institucións nas que se basea, xa non son autoevidentes, porque non participaron da súa creación. As lexitimacións poden ser, segundo Berger e Luckman, de catro tipos: obxectivacións lingüísticas (a linguaxe sexista é un bo exemplo da maneira en que as desigualdades entre mulleres e homes se obxectivan no propio uso da linguaxe); proposicións teóricas rudimentarias (como os refráns, nos que o sexismo tamén é manifesto); teorías explícitas polas que un sector institucional se lexitima en termos dun corpo de coñecemento diferenciado (poderíamos aquí aludir ao papel dos diferentes campos científicos na transmisión dunha visión androcéntrica do mundo) e, en último lugar, universos simbólicos, é dicir, totalidades simbólicas que non poden experimentarse na vida cotiá, que teñen un carácter nómico e ordenador e que supoñen o máis alto nivel de integración de significados discrepantes dentro da vida cotiá. Os medios de comunicación, tal e como sinala Bourdieu en *La dominación masculina* (2000), sitúanse no ámbito do universo simbólico, constituíndose en vehículos do que el denomina violencia simbólica contra as mulleres.

Os medios de comunicación teñen así mesmo un papel fundamental no proceso de socialización. Berger e Luckman, que o definen como un proceso ontoxenético que implica a "indución ampla e coherente dun individuo no mundo obxectivo dunha sociedade ou nun sector del" (1998, p. 166) diferencian entre socialización primaria e secundaria. A primeira sería a que ten lugar na infancia, e mediante ela, a/o neno aprende a ser o que as/os demais o consideran e aprende os rudimentos do aparato lexitimizador. É a máis efectiva, canto que vai acompañada dunha intensa carga emocional e ademais está exenta de problemas de identificación, pois a nena ou o neno en cuestión non ten nas súas mans as regras do xogo e non é quen de cuestionalas. Remata, así, cando o individuo "xa está en posesión subxectiva dun outro e dun mundo" (1998, p. 174). A socialización secundaria introduce á persoa xa socializada ao coñecemento de novos sectores dentro da súa sociedade e supón a internalización de "submundos" institucionais e o coñecemento específico de roles. En ámbolos dous niveis, mais en especial no segundo, operan os medios de comunicación.

1.3.1. Os medios de comunicación como axentes de socialización

Os medios de comunicación son sinalados, na actual Sociedade da Información, como efectivos instrumentos de socialización. É precisamente a gran presenza dos medios na sociedade actual e o presuposto da influencia das súas representacións nas e nos receptores o que explica o interese polos medios de comunicación como obxecto de estudo.⁵ Berger e Luckmann, que publicaron a obra mencionada en 1966, non fan referencia ao seu poder nin ao seu papel como instrumentos de socialización, mais a influencia do construtivismo do que son pregoeiros nas Ciencias da Comunicación está presente en diversos autores e autoras ao longo das décadas seguintes. En España, por exemplo, nun Héctor Borrat, que dende este posicionamento teórico que incide nos medios como mediadores por excelencia entre a realidade e o suxeito, alude en *El periódico, actor político* á función do xornal como axente de socialización. Para Borrat, o xornal cumpre sempre unha función, intencionada ou non, de socialización, e faino non só cando narra, non só cando informa, forma ou entretén, senón tamén dende os outros piares que o conforman, como a publicidade:

O periódico inflúe sobre a audiencia como axente de socialización fose cal for a área do seu temario global, o tema e o enfoque, fose cal for o obxectivo que se propoña, compréndase ou non a si mesmo como un axente de socialización. Socializa ao longo da secuencia dos seus temarios globais, como narrador e comentarista da actualidade política, económica, cultural (espectáculos e deportes incluídos) e social, e tamén cando fai publicidade dos bens e servizos daquelas organizacións públicas e privadas que lle pagan para iso. (Borrat, 1989, p. 153).

O sinalado para Borrat para os xornais interesa de modo específico neste traballo de investigación, canto que a nosa análise estará centrada precisamente en dous xornais, *El País* e mais ABC, e canto que, ademais, a función dos medios como axentes de socialización, no que á transmisión de roles e estereotipos sexistas se refire, adoita ser fundamentalmente destacada na investigación académica, non tanto nos medios impresos de información xeral, senón nos audiovisuais. O que ten dúas razóns de ser: o feito de que boa parte dos estudos nos que se incide nesta función fan referencia á infancia ou xuventude (en maior contacto cos medios audiovisuais ca cos xornais) e, sobre todo, o feito de que a función de socialización sexa tanto máis efectiva na medida en que o papel da persoa receptora sexa máis pasivo (o que se incentiva precisamente na comunicación audiovisual, dado que a lectura do xornal require un nivel de atención maior). Para Joan Ferrés, o potencial socializador refórzase precisamente nas comunicacións inadvertidas, naquelas que escapan ao control consciente das persoas, nas que se dirixen máis ás emocións que a recepción racional. O que se reforza con dous ingredientes: a reiteración e a unidireccionalidade. Por todo iso, para Ferrés, a televisión é precisamente o máis poderoso instrumento de socialización de todos os tempos (1996, p. 47, recollido de Antón Fernández, 2001). A súa eficacia está na capacidade para instalar nas e nos receptores modelos do mundo de maneira pre-racional.

A influencia dos medios de comunicación medra de modo parello ao declive doutros importantes axentes de socializacións tradicionais, como a relixión, ou mesmo a

⁵ Utilizamos a palabra "presuposto" porque, aínda que a investigación académica adoita incidir na influencia dos medios na sociedade, ao igual que o fan os estudos desenvolvidos dende o feminismo e a perspectiva de xénero, porén é complexo estudar toda a dimensión dos seus efectos, cando que é difícil, senón imposible, analizar os medios de comunicación nun contexto separado do doutros axentes de socialización (véxase ao respecto a referencia de Celeumans e Fauconnier, en concreto, sobre a televisión (1978: 20).

familia. Sinala o equipo investigador dirixido por Virxinia Luzón no estudo *La imagen de los y las adolescentes en el prime time televisivo* como na actualidade a construción da identidade se despraza "das institucións tradicionais (traballo e familia) cara a novas institucións que interveñen fundamentalmente no tempo libre". Os medios de comunicación forman parte dese espazo en auxe no cal as persoas, e en especial as máis mozas, "buscan un espello para seguir formando a súa personalidade e construír a súa concepción particular do mundo que lles rodea" (Red2Red Consultores, 2007, p. 22). Un espazo cada vez máis relacionado co tempo de ocio e cun tipo de socialización de carácter máis difuso, no que os medios son protagonistas.

Os medios de comunicación son adoito clasificados como axentes de socialización secundaria cuxo papel sería pois o reforzo das identidades e dos roles internalizados na socialización primaria. Mais a súa influencia pode ir alén. No estudo dirixido por María Lameiras (*Transtornos de la conducta alimentaria y la exposición a los medios de comunicación en chicas adolescentes*) indícase que a influencia dos medios de comunicación é tanto directa como indirecta, "ao influenciar os valores que transmiten os grupos de socialización primarios como son a familia e a escola". É dicir, non só actúan como axentes secundarios de socialización senón que, ademais, exercen o seu poder sobre os axentes de socialización primaria (2005). É máis, a súa influencia incrementase en franxas como a adolescencia, na que a persoa moza reacciona contra os axentes de socialización primaria (como a familia) e prioriza e se identifica en maior medida cos axentes de socialización difusa, como os medios (Rubio Gil, Ángeles et. al, p. 32). Axentes que asentan modelos non mediante a imposición (como acontece coa familia ou coa educación) senón mediante a atracción. As mozas non se adhíren a modelos de beleza que as obxectualizan por impostos, senón porque os consideran desexables e atractivos. Por outra banda, e como xa foi indicado, a súa posible influencia na infancia —a franxa etárea na que se desenvolve a socialización primaria— é a premisa da que parten diversos estudos sobre as representacións mediáticas dirixidas á adolescencia e á xente moza. Nesa liña sinala Duhrman (1975), en referencia concreta á televisión, que "a exposición á dominancia e ao poder persistente da televisión socializa ao telespectador infantil para aceptar e apreciar a posición dominante do home na sociedade, mentres que a telespectadora infantil, que está constantemente enfrontada con modelos femininos que desempeñan valores secundarios, aprende a aceptar o rango socialmente dominante das mulleres" (recollido de Celeumans e Fauconnier, 1980, p. 30).

Aínda que Berger e Luckmann coidan que a influencia dos axentes de socialización secundaria é menos definitiva na construción da identidade, porén, consideramos, a súa afirmación debería ser revisada á luz do papel exercido hoxe en día polos medios de comunicación. E sobre todo, no que á constitución de roles e estereotipos sexistas se refire. En verbas de Radl, os medios son ademais "instancias de socialización centrais con vistas ao mantemento das estruturas androcéntricas, estruturas estas que constitúen o soporte básico para a violencia contra a as mulleres" (2010, p. 91). Tal e como se expón no estudo de Red2Red Consultores, os procesos de socialización constrúen e moldean a personalidade dos individuos e perpetúan os estereotipos de xénero polo que "calquera intento de desmontar eses estereotipos debe contemplar de forma imperativa o modo en que estes se constrúen por parte de cada un dos axentes de socialización máis destacados" (2007, p. 19).

1.3.2. Os medios como os marcos da xanela

Entender os medios como activos configuradores da realidade social supón desbotar a imaxe dos mesmos como espello da realidade tan presente no ideario profesional, asentado na "obxectividade" como meta da boa e do bo xornalista, e ademais en toda unha corrente sociolóxica de análise dos medios (Fagoaga e Secanella, 1987) — e substituíla por outra metáfora máis adecuada á función que exercen como permanentes construtores e reconstrutores do mundo que os rodea, os medios como xanela que enmarca e media a través do seu cristal o contacto exterior, que adoptamos de Gaye Tuchman en *La producción de la noticia* (1983, p. 13):

Mais, como todo marco que delinea o mundo, o marco da noticia pode considerarse problemático. A visión a través dunha xanela depende de se a fiestra é grande ou pequena, se ten moitos ou poucos cristais, se o vidro é opaco ou claro, se a fiestra dá cara á rúa ou a un patio. A escena que se desprega depende tamén de onde está un, lonxe ou preto, alongando o pescozo cara a un costado ou mirando recto cara adiante, cos ollos paralelos á parede na que está colocada a ventá.

A metáfora de Tuchman desvela a función de selección e mediación que realizan os medios de comunicación en relación coa realidade social. Os medios seleccionan, en primeiro lugar, aqueles acontecementos, suxeitos/as e problemáticas da realidade social sobre as que informan. Fóra dese marco, fóra da configuración desa "public discussion agenda", en verbas de McCombs e Shaw, queda un amplo sector da realidade, que adoita coincidir co situado ás marxes do poder e dese "arquetipo viril masculino" do que nos fala Amparo Moreno.

Mais os medios non só seleccionan. A xanela que abren ao mundo pode ter unha ou outra orientación e, ademais, a imaxe que nos chega ao seu través pode variar en grande medida en función da natureza do cristal que actúa de filtro. É dicir, os medios non só peneiran senón que ademais constrúen a realidade a través do relato informativo. Diso danos boa conta a teoría do framing, que Gaye Tuchman introduciu de maneira exitosa nas Ciencias da Comunicación coa obra anteriormente citada, e que reacciona fronte á corrente obxectivista que dominou a investigación académica nos anos sesenta e setenta (Giménez Armentia e Berganza Conde, 2008, p. 51). A teoría do framing ten a súa orixe na socioloxía interpretativa, no colo do construtivismo, coa translación do concepto de marco dende a psicoloxía (foi por primeira vez utilizado neste ámbito por Bateson, que o empregou para referirse ao contexto ou marco de interpretación polo que as persoas nos detemos nuns aspectos da realidade e desbotamos outros) á socioloxía, con Goffman, que o emprega para explicar como se organizan os acontecementos non só na nosa mente senón na sociedade no seu conxunto.

As e os xornalistas, de maneira inevitable, transmitirán a realidade dende un determinado punto de vista, influído polos seus propios esquemas cognitivos (en terminoloxía de Van Dijk), por aqueles marcos que lles sexan impostos polas organizacións ás que pertencen, inseridas nunha determinada rede de intereses político-económicos, ou polas rutinas que nelas dominan, polos marcos interpretativos das propias fontes, pola ideoloxía profesional xornalística, polo contexto cultural do que forma parte, ou mesmo polas expectativas da audiencia, que así mesmo lle dará nova forma a esa mensaxe segundo os seus propios esquemas cognitivos. Tal e como sinala Teresa Sádaba (2008, p. 14),

Os teóricos do *framing* poñen enriba da mesa que, lonxe do preconizado obxectivismo informativo, o xornalista conta os acontecementos cun enfoque particular (...) Tanto o xornalista como individuo cunhas características concretas, como o xornalista en canto profesional que traballa cunhas rutinas e nunha determinada organización, fan que os feitos adquiran encadres diferentes nos distintos medios.

Entre un e outro lado do cristal, pódense distinguir, segundo Miguel Túñez (1999), até seis prototipos de realidade que, segundo sinala o profesor da Universidade de Santiago de Compostela, van do universo real á realidade publicada, pasando pola excluída (aquela que o medio non considera co suficiente interese informativo como para facela chegar ao público) e a silenciada (os contidos que o medio si coída que teñen interese informativo pero que oculta en función de intereses políticos e económicos). Porén, cómpre recalcar, dende a visión construtivista da realidade que a teoría do framing supón, que non hai unha realidade obxectiva da que, polo tanto, as e os xornalistas se poidan distanciar para poder informar sobre ela tamén con obxectividade, senón que na construción da realidade social, dos significados que a conforman, eles e elas mesmas toman parte. Tal e como sinala Robert Hackett, a quen cita Teresa Sádaba (2008, p. 62), o obxectivismo implica presuncións positivistas, como

o coñecemento directo dos feitos por eles mesmos, a posibilidade dunha correspondencia directa entre a linguaxe e a realidade que se intenta describir, a posibilidade e desexo de separar os feitos das opinións. Polo contrario, ignora a eficacia da linguaxe, das categorías cognitivas e dos "modos de ver" organizados a través dos cales consideramos algo verdadeiro (...). Implica equivocadamente que o xornalista pode permanecer fóra e aparte dalgunha realidade pre-existente, cando en realidade, o xornalismo inevitablemente participa na construción social da realidade.

Non é sinxelo definir conceptos como "frame" e "framing". E non o é porque, a pesar do éxito que a teoría do framing tivo nas Ciencias da Comunicación nas dúas últimas décadas, porén segue sen haber un consenso ao redor do que tales termos significan. Dependendo do autor, dependendo da autora, poñeráse o foco en quen emite, na propia mensaxe, ou en quen recibe; empregárase o marco interpretativo da psicoloxía ou da socioloxía; reduciranse os frames a meros temas ou tópicos ou insistirase en como, a través deles, os medios constrúen significados, e os intereses por tras deses significados.

Neste traballo, entendo framing como o proceso de construción de significado e frame como o marco dende o que ese significado é construído, partindo das seguintes premisas:

1) os frames son os marcos interpretativos dende os que unha mensaxe é elaborada e/ou recibida. Son así transversais ás diversas etapas do proceso comunicador⁶. Están en

⁶ Belén Amadeo (2002) clasifica as definicións sobre frame segundo atendan a un ou outro nivel da comunicación. Fai referencia a Gitlin, Rachlin, Tankard e Entman como autores que indican na definición de frame dentro do ámbito da produción de información. Para Gitlin, "os frames dos medios son patróns persistentes de cognición, interpretación e presentación da selección, énfase e exclusión, a través dos cales quen manexa os símbolos organiza de forma rutineira o discurso, xa sexa verbal ou visual". Rachlin identifica aos frames como os "contextos dentro dos cales os eventos son presentados". Tankard di que un frame "é unha idea organizadora do contido da noticia, unha idea que provee un contexto e suxire de que trata o tema en cuestión a través da selección, a énfase, a exclusión e a elaboración dalgúns dos seus aspectos concretos". Entman fala de seleccionar "algúns aspectos dunha realidade percibida e facelos máis relevantes nun contexto comunicativo, de forma tal que promova unha definición

quen emite e na interpretación do mundo que fagan, mais tamén en quen recibe, e nos propios textos (tanto nas súas características formais, como implícitas). A construción de significado é un proceso no que participan man a man quen emite e quen recibe. A mensaxe e os seus efectos non se esgota en si mesma senón que segue a ser moldeada en base aos propios patróns cognitivos da persoa receptora. Quen emite e quen recibe comparten así mesmo un determinado marco cultural e un contexto sociopolítico no que determinados axentes contan con máis poder e recursos á hora de establecer frames, é dicir, á hora de definir a realidade. Coido pertinente citar neste punto o modelo a base de círculos concéntricos de Shoemaker e Reese, co que pretenden describir a diversidade de influencias dunha mensaxe: dende as provenientes do medio e das propias persoas que traballan nel, até o contexto ideolóxico e social no que os medios se desenvolven (Giménez e Berganza, 2008, p. 57).

2) Os frames han de ser lidos dende unha perspectiva á vez psicolóxica e social. Psicolóxica canto que neles participan os esquemas cognitivos dos individuos. Un mesmo contido será lido de maneira diferente dependendo da persoa que o reciba, por moito que a ou o xornalista procure orientalo cara a unha determinada interpretación. Sociolóxica porque, tal e como apunta Goffman, os marcos impostos pola sociedade condicionan a percepción do individuo. Tal e como expón Teresa Sádaba (2008, p.45) citando a Gamson, máis ben, "cada un usa os *frames* como quere. Canto menos utilice unha persoa a súa propia experiencia como fonte de coñecemento público e máis recorra ás fontes culturais, máis vulnerable se encontra ante os efectos dos encadres usados nos medios". É útil, a este respecto, o enfoque que nos ofrece a psicoloxía social canto que abrangue tanto á sociedade como aos individuos que a conforman.

A metáfora de Gaye Tuchman resulta, ao noso parecer, tanto máis suxestiva cando sinala que a imaxe percibida a través do cristal non só depende do que e como a xanela enmarque, senón tamén da propia posición da persoa receptora. Os frames non só se encontran na mensaxe ou en quen emite, senón tamén, tal e como explican Graber e Entman, na persoa receptora e na cultura onde se incardina a mensaxe. Na teoría do framing, segundo aseveran McLeod e Detemmer, a audiencia é vista como construtora de significado a partir dun ricaz entorno mediático (citado por Marcos Pérez Pena, 2005, p. 47). Scheufele e Tewksbury afirman, no capítulo introdutorio ao volume que o *Journal of Communication* lle dedica á teoría do framing en 2007 (p. 11), que esta supón volver a apostar polo modelo de efectos fortes dos medios, mais agora matizado pola forma en que a audiencia procesa as mensaxes:

A década dos oitenta e os primeiros oitenta, finalmente trouxeron a fase máis recente da investigación en efectos políticos. (...) aproximacións como o priming e o framing estaban baseados na idea de que os medios de comunicación de masas tiñan potencialmente efectos actitudinais fortes, pero que eses efectos tamén dependían en boa medida das predisposicións, esquemas e outras

dun problema particular, unha interpretación causal, unha avaliación moral e/ou a recomendación ou un tratamento para o tema descrito". Entre as definicións de frames como características do texto, cita Amadeo a Entman: "os frames describen atributos das noticias en si mesmas (...). Son construídos dende e incorporados a palabras clave, metáforas, conceptos, símbolos e imaxes visuais enfatizadas na narrativa dunha noticia". Tankard, a quen Amadeo sitúa, como xa vimos, no proceso de produción, distingue, así mesmo, unha serie de ítems a través dos cales se poden analizar, no seu contido e formato, os frames presentes nun texto (refírese a ítems tales como titular, corpo informativo, espazo ou sección). Dentro dos autores que definen os frames como principios de interpretación da información, Amadeo fai mención Cohen e Wolsfed, para quen os frames son como "esquemas que serven de ferramenta que axuda aos individuos a interpretar, procesar e almacenar datos".

características da audiencia que influenciaban o como esta procesaba as mensaxes dos medios de comunicación.

É así como diversos autores e autoras consideran que os frames non son só meros puntos de vista que se aplican ás mensaxes senón patróns de cognición por parte da audiencia (Amadeo, 2002, p. 15). Hai matizacións, porén, dentro dos teóricos e teóricas da teoría do framing, respecto ao peso que ten o papel activo da audiencia, e a súa capacidade de reacción fronte ás mensaxes mediáticas. Así, mentres para Nelson et al. (1997), os puntos de vista, os valores e os feitos específicos aos que se lle dá máis importancia na mensaxe mediática teñen gran relevancia na actitude final que sexa adoptada por parte do receptor ou receptora, porén para unha investigadora como Semetko, este efecto, aínda existindo, é máis limitado, dado que a audiencia conta con outros frames interiorizados que matizan os frames que lle chegan dos medios (citado por Amadeo, 2002, 15).

É precisamente no papel que se lle supón á audiencia onde radica unha das principais diferenzas entre a teoría do framing e o segundo nivel da teoría da agenda setting. Mentres autores como McCombs equiparan ámbalas dúas, outros renegan de tal identificación. A teoría da agenda setting viña a dicir, nun primeiro momento, que os medios determinaban, non tanto como a audiencia ha de pensar, senón aquilo sobre o que ha de pensar. Estabelecía, polo tanto, unha correlación entre os temas que forman parte da axenda dos medios e aqueles que son destacados pola opinión pública. Nunha segunda etapa, McCombs refinará esa idea para apuntar que os medios non só inflúen nos temas, senón tamén nos atributos deses temas que a audiencia ha de considerar máis destacados. É o que se coñece como o segundo nivel da agenda setting. Os efectos dun determinado ítem de contido, polo tanto, dependen do accesible que ese ítem sexa para a audiencia (poñamos por caso, do tempo ou espazo que se dedique a informar sobre o mesmo, ou a posición destacada que ocupe na información). Para a teoría do framing, pola contra, non é cuestión de accesibilidade (*accessibility*), senón de relevancia (*applicability*), tal e como sinalan Price e Tewksbury (1997, citado por Scheufele e Tewksbury, 2007, p. 7), termo que fai referencia ás conexións subxacentes que na mensaxe se establecen entre dous ou máis conceptos, e que repercuten en que esas conexións poidan ser tamén feitas pola audiencia. Ámbalas dúas, *accessibility* e *applicability*, están, en todo caso, relacionadas. É máis probable que un determinado construto sexa activado cando é accesible. Porén, un construto que non sexa pertinente, aínda que sexa accesible, é pouco probable que sexa activado pola audiencia.

Porén, considero, ao igual que fan Carragee e Roefs, que centrarnos na mensaxe e nos seus efectos limita a análise. Os frames non só están en quen emite, en quen recibe, e na mensaxe que se pon en xogo. Os frames están na propia cultura, tal e como antes puxen en boca de Graber e Entman, e en estreita relación cos conceptos de poder e hexemonía, como subliñan Carragee e Roefs (2004, p. 220):

En anos recentes, houbo unha crecente tendencia a illar frames como unha característica do texto noticioso nun esforzo de trazar a súa influencia nas audiencias (...) Esta tendencia representa un considerable estreitamento do proceso de framing ao ignorar por que certos frames dominan nos textos das novas e outros non.

En consonancia co apuntado, Rachlin liga frame con ideoloxía e cultura, e leva o concepto alén os valores persoais das e dos xornalistas.

Para Goffman, os marcos a través dos cales unha persoa percibe o mundo son categorías que xa están presentes na súa cultura ou na súa memoria. E Donati considera a cultura unha reserva de marcos interpretativos e explica que non se pode percibir nada que non se coñeza xa, e que os significados deben ser buscados na cultura propia (citados por Pérez Pena, 2005, pp. 44-45). A cultura, para Entman, vén a ser un conxunto de frames comúns, "empiricamente demostrables, que se exhiben no discurso e no pensamento da maioría dos membros dun grupo social" (1993, citado por Amadeo, 2002, p. 17). Son polo tanto socialmente compartidos e, en consecuencia coñecidos tanto para a persoa emisora como para a receptora. Ás e aos xornalistas resúltalles así sinxelo "relacionar os acontecementos con feitos ou símbolos compartidos por todos facéndoo así máis comprensibles e recordables (Amadeo, 2002, p. 17). Tanto a codificación como a recepción desenvólvense pois nun tramado común de símbolos que remite á matriz cultural. Para Van Goorp, o repertorio de frames que acolle a cultura prové da ligazón entre as e os produtores de novas e as e os seus consumidores (2007, 61):

Porque a cultura é vista como a base primaria para constituír coñecemento, significado e comprensión do mundo exterior (Hall, 1997), argumentarase que un repertorio compartido de frames na cultura prové a ligazón entre a produción de novas e o seu consumo. O framing refírese, por unha banda, á maneira habitual en que as e os xornalistas lle dan forma ao contido das novas dentro dunha referencia familiar de frames e de acordo cunha estrutura latente de significado e, por outra banda, á audiencia que adopta eses frames e ve o mundo dun modo similar ao modo en que as e os xornalistas o fan (McQuail, 2005; Tuchman, 1978).

En *No pienses en un elefante*, George Lakoff liga o éxito das operacións discursivas de encadre levadas a cabo polo partido republicano á súa vinculación explícita cos símbolos dun determinado referente cultural, o do pai de familia autoritario (enténdese aquí que a familia é a nación). Referentes culturais que, segundo Lakoff defende, están insertos nas propias sinapses do noso cerebro. A linguaxe, a escolla dunha ou doutra verba, evoca marcos que forman parte dos nosos referentes culturais. Para Lakoff, nas eleccións as formas máis potentes de identificación son os valores e os estereotipos culturais (2007, p. 66). En actualos adecuadamente, defende, radicou o éxito republicano. Así mesmo, defendo, o éxito dun determinado frame mediático está na súa capacidade de conexión cos frames que manexa a audiencia. Para este traballo de investigación, en concreto, interesa ver que referentes culturais (qué símbolos, qué valores e qué estereotipos) evoca a prostitución e como están presentes e determinan o discurso dos medios.

A reflexión sobre os efectos que as mensaxes poidan ter sobre unhas audiencias que modulan eses contidos en función dos seus propios esquemas cognitivos ten conexión co pensamento de Van Dijk cando este expón que "o vínculo entre as macroestruturas do poder, da sociedade e da acción persoal, non é directo" (2009, p. 39). As persoas non son táboas rasas, senón que arrastran o sedimento das crenzas, valores, actitudes e, en definitiva, ideoloxías, previas.

En relación con isto, son especialmente pertinentes para este traballo de investigación os postulados defendidos por Kevin M. Carragee e Win Roefs no seu artigo "The Neglect of Power in Recent Framing Research", nos que defenden unha integración entre a teoría de framing e a investigación sobre hexemonía, poder e

ideoloxía (2004, p. 224) e critican, así mesmo o abandono desta perspectiva na investigación recente en framing, en especial, por parte daqueles autores ou autoras que poñen o foco de modo exclusivo nos frames presentes nos textos das noticias, e no seu efecto sobre as audiencias, sen ter en conta o grao en que o discurso xornalístico está moldeado por fontes externas (elites, movementos sociais, etc.) (op. cit. 2004, p. 219), sobre todo por aquelas que teñen recursos e poder para influír nos medios.

Os valores económicos e culturais das elites producen recursos significativos para darlle forma aos frames xornalísticos. A centralización das novas en institucións e a tendencia dos reporteiros e reportoiras a concederlle máis credibilidade ás fontes oficiais que a quen as retan incrementa a habilidade do poder para influenciar o mundo simbólico do xornalismo (op. cit., 2004, p. 220).

Xa Gitlin fixera referencia, dende a teoría do framing, aos conceptos de hexemonía e ideoloxía, asegurando que aquelas persoas que "governan nas institucións dominantes aseguran o seu poder directa e indirectamente imprimindo as súas definicións da situación en aqueles a quen gobernan. Sen chegar a usurpar todo o espazo ideolóxico limitan significativamente o que se pensa na sociedade" (1980, citado por Amadeo, 2002, p. 16).

A análise dos frames, das perspectivas presentes no discurso, non pode desvincularse, polo tanto, das loitas de poder presentes na sociedade. Van en indisoluble ligazón. Por iso é tan importante ter en conta esa loita dialéctica que nos discursos noticiosos se establece entre quen ostentan os significados hexemónicos e aqueloutros marcos interpretativos alternativos que procuran, mal como poden, asomar a cabeza. Así como tamén examinar "como e por qué algúns membros da audiencia resisten fronte aos frames hexemónicos, mentres que outros os aceptan", tal e como sinalan Carragee e Roefs (2004, p. 223). Isto debe facerse poñendo o foco na "complexa interacción entre os significantes dominantes nos textos noticiosos, os posicionamentos políticos e de clase das e dos lectores e videntes, os discursos e os códigos asociados con esas posicións, e a influencia deses discursos e códigos nas interpretacións da audiencia" (2004, p. 223).

Existe, pois, unha marxe para o disenso, mais aínda así, non se pode subestimar o peso das ideoloxías dominantes porque, tal e como sinala Van Dijk, "unha vez establecido, o marco ideolóxico cumpre funcións tan fundamentais en todo o procesamento cognitivo e social da información, que os cambios neste marco son polo xeral lentos, difíciles e só parciais" (1990, p. 211). Algo que coñecen ben as teóricas e activistas feministas, cando falan da necesidade dunha actitude de vixía permanente para podermos detectar as máis diversas manifestacións do sexismo (como ideoloxía hexemónica arraigada ao longo dos séculos) nos innumerables poros e intersticios do tecido social. Unha actitude de vixía permanente, de cuestionamento ao mundo social que nos rodea e a nós mesmos/as, canto que incorporamos (adoito inconscientemente) tal bagaxe ideolóxica.

Tuchman dá conta do poder dos medios na construción da realidade social na análise que realiza da cobertura do feminismo norteamericano, no momento do abrollar da súa segunda onda, nos anos 60.

A noticia non espella a sociedade. Axuda a constituíla como fenómeno social compartido, posto que no proceso de describir un suceso a noticia define e dálle forma a ese suceso; así os relatos xornalísticos explicaron e construíron o

período inicial do moderno movemento feminista como se se tratase de ridículas queimadoras de suxeitadores (1983, p.197).

Dixen que os medios tenden a deixar á marxe o que non está no centro do poder. Mais, con aquelas voces que non só son alleas ás elites de poder, senón que, ademais, as poñen en cuestión (tal é o caso dos movementos sociais) o seu papel vai alén, canto que con eles funciona non só o silenciamento senón tamén, cando viran en acontecemento noticioso, a deturpación, de modo que, ou son reducidas a noticias brandas (por exemplo, ao anecdótico, como no caso da imaxe das queimadores de sosténs) ou a "persoas que se reuniron en lugares inapropiados a horas inapropiadas con propósitos inapropiados" (Molotch e Lester, 1975, recollido de Tuchman, 1983, p. 198).

A análise de Tuchman permítenos discernir como as propias rutinas xornalísticas obedecen á función dos medios de comunicación como reprodutores do status quo, porque están configuradas como unha malla pensada e preparada para cubrir os discursos do poder. A eles se lles asigna espazo xornalístico e recursos humanos suficientes e formados para a súa cobertura, que dispoñen así mesmo de patróns preconcebidos para articular de maneira rápida o relato noticioso.

Ao igual que as persoas aceptan os fenómenos do mundo social como se lles viñeran dados (como sosteñen Berge, Luckmann e Shultz), tamén dan por suposta determinada concepción da conformación do material informativo que é o hexemónico, sinala a autora:

Por exemplo, os norteamericanos toman como algo dado que as noticias son relatos ahistóricos e ateóricos de acontecementos diarios que ocorren en institucións específicas, e que as noticias empregan a lóxica do concreto. Damos por descontada a produción diaria de noticias como un ben de consumo sen tomar en conta a súa asociación histórica co desenvolvemento da publicidade na prensa barata. Damos por descontado o empotramento da rede informativa en institucións lexitimadas e a existencia dunha recolección centralizada de noticias tal como o recibimos dende o século XIX. E non conseguimos darnos conta de como ese empotramento milita contra a emerxencia de novas formas de noticias (1983, pp. 209-210).

É a mesma "actitude natural" (en verbas de Shultz, aquel estilo cognoscitivo que acepta a experiencia obxectiva dos fenómenos sociais) coa que, como público, podemos percibir os contidos mediáticos sen decatarnos das manifestacións sexistas subxacentes aos mesmos (poñamos por caso, o tratamento das mulleres como obxecto, confluencia dos preceptos do patriarcado e da sociedade de consumo) canto que para nós forman parte do "así son as cousas" e, como tal, non o cuestionamos.

O discurso dos medios fica na facticidade (Tuchman, 1983, p.169). As rutinas informativas, a organización redaccional e os esquemas seguidos para a elaboración e presentación da información están pensados para crear e estender esa rede factual que atrapa acontecementos—aqueles sobre os que inter esa informar— mais á que lle costa moito captar as correntes de fondo, como é o caso dos discursos profundos que van contra o sistema. A iso se refire Tuchman cando, ao analizar a cobertura mediática do feminismo norteamericano de segunda onda, nos indica que "as reporteiros non podían basearse en formas narrativas empotradas na trama da facticidade para enmarcar ese aparente "tipo de conversación informe" como un tópico, un relato que elas puideran contar". E a iso mesmo alude Concha Fagoaga cando, ao analizar a evolución do

tratamento informativo da violencia contra as mulleres no Estado español, apunta como fundamental o momento en que o Instituto da Muller comeza, nos anos 80, a facer estatísticas que reflicten as dimensións do problema. É así como os medios conseguen, co envoltorio de factualidade (número de asasinatos, número de vítimas, número de detencións...), darlle forma de noticia á problemática. A violencia de xénero transfórmase en información cando aos titulares se pode levar o impacto dun número ou a conmoción dun asasinato, mais ao discurso de fondo (o discurso realmente transformador que marca a mensaxe do feminismo: a violencia de xénero está baseada na desigualdade) cústalle moito máis chegar aos contidos mediáticos, como xa indicamos en máis detalle no capítulo 2 deste traballo de investigación.

Que os medios actúen como construtores da realidade social, que seleccionen e redefinan os acontecementos a través dos seus relatos, é inevitable. Todas e todos nós, como foi explicado, exercemos así mesmo como activos construtores e reconstrutores desa realidade. O problema está na influencia que acumulan na actual sociedade da información e do coñecemento, e no seu papel como transmisores de ideoloxías dominantes e tecedores de hexemonías ao servizo, non da cidadanía, senón das elites que acumulan o poder. Os piares teóricos desta tese requiren dunha parada necesaria nos conceptos de poder, ideoloxía e hexemonía en relación cos medios de comunicación.

1.3.3. Medios, poder, hexemonía e ideoloxías dominantes

Os conceptos de poder e de ideoloxía, tal e como se entenden nesta investigación, son debedores do marco teórico elaborado polos estudos do discurso e, mais en concreto, das definicións de Teun A. Van Dijk. Sentar, no teórico, á beira do autor holandés permíteme modular ámbolos dous conceptos nunha frecuencia que pondera tanto a influencia dos poderes dominantes e das ideoloxías deles emanadas—, no discurso e, en consecuencia, na cidadanía, como o papel do suxeito na súa recepción, a través do proceso cognitivo mediante o cal esta se leva a cabo. Polo tanto, a capacidade dun discurso de penetrar no suxeito, aínda que depende, en boa medida, da influencia de quen emite o discurso, das dimensións do poder social que exerce e da súa capacidade para o acceso ao discurso público, tamén pode estar limitada en función daqueles contidos previos que formen parte da armazón cognitiva da persoa receptora.

O debate ao redor da influencia dos medios como transmisores de ideoloxía e da capacidade ou non da audiencia de reaccionar fronte a estas mensaxes marca a evolución dos estudos sobre Comunicación e Xénero no ámbito internacional. Así, nunha primeira fase (finais dos 80-principios dos 90) esta nosa liña de traballo estará marcada por unha pegada de carácter estruturalista, que postula unha influencia unidireccional e todopoderosa dos medios de comunicación sobre as súas audiencias. Os estudos céntranse nas representacións mediáticas das mulleres e en como, a través delas, se transmite a ideoloxía dominante, patriarcal e consumista, que crean nelas unha falsa conciencia que as leva a comungar coas mesmas rodas coas que son oprimidas. Nun segundo momento (iniciado a mediados dos 80), os Estudos Culturais porán en cuestión tal grao de determinismo e destacarán, pola contra, a capacidade da audiencia para manexarse coas mensaxes mediáticas (Michèle Mattelart (2004), citado por Reigada Olaizola, Alicia, 2003, p. 63). O interese da investigación feminista trasládase, deste xeito, dun ao outro lado do péndulo. Tal evolución foi criticada pola teórica francesa Michèle Mattelart (2004) por dúas cuestións: o esquecemento do enfoque de Economía Política e a autonomía e a sobrevaloración da capacidade de resistencia que se lles supón ás audiencias dende os estudos culturais. Os Estudos do Discurso, pola

contra, integran os extremos deste movemento pendular para inscribir ao discurso como vértice dun triángulo situado entre a sociedade (e as relacións de poder e dominio que nela abrollan), e os procesos de cognición.

Falar de poder implica enfrontarnos a un concepto sumamente dinámico e foco do debate teórico propiciado polos principais referentes da teoría crítica nas últimas décadas. Os estudos feministas e en Comunicación, sinala Alicia Reigada, precisan seguir incorporando —como así o están a facer, de feito, dende a década dos 80— as últimas reflexións ao redor do poder que, da man de teóricos como Pierre Bourdieu, Michele Foucault ou teóricos e teóricas latinoamericanas, levan a unha comprensión do poder máis difusa, máis reticular e menos unidireccional. Este enfoque axúdanos a comprender como unha dominación, como a masculina, é incorporada nos suxeitos e suxeitas de tal maneira que é exercida de maneira multilateral e diversa.

O poder patriarcal, así o considero nesta investigación, non é nin unidireccional nin provén dunha única fonte. Mais non debemos esquecer que se inscribe de modo moi eficaz nos grupos que concentran o poder e nas institución sociais a través das cales se materializan as principais estruturas de dominio, de raíz capitalista e neoliberal, na sociedade occidental actual. Quero con isto dicir que, non porque o poder sexa difuso, non porque se poida exercer a moi diversas escalas e estea presente en todos os poros da pelica social, non por iso debemos esquecer que o poder, e máis na sociedade actual, se concentra en boa medida ao servizo de determinados intereses e, polo tanto, non debemos caer nunha concepción diluída que diminúa a forza da crítica sobre aqueles sectores que botan man do abuso de poder.

Van Dijk, como xa comentei, considera que as manifestacións do poder son múltiples (poñamos por caso, dende o exercido por unha autoridade política ou por unha institución mediática até o que posúa, no seo familiar a ou o proxenitor sobre a súa crianza) e que non necesariamente teñen que ser negativas. O verdadeiramente negativo é o abuso que se fai dese poder: a dominación. Para o autor holandés, a análise do discurso comprende tanto un nivel macro como micro, pois "o vínculo entre as macroestruturas do poder da sociedade, por un lado e a capacidade de acción persoal, polo outro, é sumamente complexo e indirecto". O suxeito, polo tanto, non está por completo des-poderado e pode, de feito, resistir aos discursos dominantes, pero é innegable a influencia que poidan exercer aqueles sectores que concentran o poder discursivo dada a súa capacidade para poder cambiar ou amoldar aos seus intereses a ideoloxía e os modelos persoais cos que as e o receptores do seu discurso interpretan o mundo, e dada a súa capacidade, tamén, para coutar ou coartar discursos disidentes.

O poder será piar conceptual básico neste traballo de investigación por dous motivos. Por un lado porque, tal e como indica Van Dijk, o poder nas sociedades occidentais contemporáneas é fundamentalmente persuasivo e está en boa parte baseado nun acceso preferencial ao control do discurso público, o que supón o acceso e o control dos medios de comunicación. Por outro, e como xa foi indicado, porque o poder marca as relacións de xénero co selo da desigualdade. Falo, neste senso, dun poder de carácter patriarcal, entendido o patriarcado como un sistema "de autoridade masculina que oprime ás mulleres a través das súas institucións sociais, políticas e económicas" (Humm). Ese poder de carácter patriarcal precisa dos medios de comunicación para asentarse nas consciencias, para tornar invisible como tal poder, procurando que modelos de muller e home que non fan senón perpetuar esas relacións de poder aparezan como desexables para as propias mulleres, e consigan así o seu consentimento. Tal e como sinala López Díez (2002, p. 112), "a categoría de poder desde onde se lexitiman os

discursos sobre o xénero é necesario ter en conta como unha categoría crucial para a análise feminista dos medios de comunicación, e en especial para a teoría da construción do significado", dado que as representacións que se fan nos medios de comunicación fanse no marco das relacións de poder arraigadas no seo social".

Ao poder patriarcal pódese aplicar as características coas que Van Dijk describe todo poder social: 1) como unha propiedade das relacións entre grupos, clases, formacións sociais ou persoas, neste caso, entre homes e mulleres, ou, en senso máis amplo, entre o home como arquetipo viril masculino e todos/as aqueles/as (mulleres ou homes) que non se axusten a este modelo; 2) un dos grupos, neste caso o home, exerce o control sobre o outro, a muller, e limita a súa liberdade; 3) o grupo que exerce o poder controla así mesmo as condicións cognitivas das accións do grupo sobre o que ese poder é executado (as súas aspiracións, os seus desexos, as súas crenzas...), dado que o poder social opera habitualmente de modo indirecto, a través da mente das persoas; 4) o poder asenta na posesión dunha serie de recursos socialmente importantes, tanto de carácter material como inmaterial (tal é o caso do acceso ao discurso público) e que están maioritariamente en mans masculinas; 5) para que un grupo exerza o control mental sobre outro, é preciso que este último coñeza as aspiracións de quen ten o poder, o que ten lugar a través dun consenso compartido dentro dun marco ideolóxico no que quen detenta o poder e aquel ou aquela sobre quen é exercido comparten crenzas, normas e valores culturais; 6) o exercicio e o mantemento do poder social require dun marco ideolóxico, neste caso o sexismo, que se "adquire, confirma ou cambia principalmente a través da comunicación e do discurso" (Van Dijk, 2009, pp. 61-63).

O poder patriarcal é, tamén, abuso de poder, no senso en que o entende Van Dijk, é dicir, como dominación, un tipo particular de relacións de poder baseadas na inxustiza e na inequidade. Constátase Bourdieu cando fala da "dominación masculina" e a ela lle dedica un dos seus ensaios. Ese abuso de poder exerceuse tamén a través das armas do discursivo, a través da desinformación, a manipulación, e a transmisión de estereotipos e prexuízos. Unha estratexia que, en definitiva, pretende a deshistorización das relacións de poder. Porque, tal e como sinala Bourdieu, "o que, na historia, aparece como eterno só é produto dun traballo de eternización que incumbe a unhas institucións (interconectadas) tales como a Familia, a Igrexa, o Estado, a Escola, así como, noutra orde, o deporte e o xornalismo" (2000, p. 8).

Ese poder é, nas mulleres, un poder incorporado, un poder que permea non só as institucións a nivel macro senón, no nivel micro, as mentes e os propios corpos. En palabras de Marcela Lagarde, "o poder sobre a muller e o seu cativerio xiran ao redor do seu corpo e da súa subxectividade, do seu tempo e do seu espazo (...) como cidadá ou como fiel, como filla ou como esposa, como nai ou como prostituta, o poder atravesa o corpo da muller" (2005, p. 161). Exemplifícase Lagarde no control da súa fertilidade e da decisión sobre a súa maternidade como asunto público; da súa sexualidade mediante discursos que tradicionalmente enalzaron a virxindade e as castigaron como suxeitas, ou da comprensión do amor como entrega. Exemplifícase tamén Bourdieu aludindo á indumentaria, aos movementos ou á propia xestualidade feminina: "as mozas aprenden a camiñar dun modo determinado, a mover os seus pés dunha forma particular e a ocultar os seus peitos. Cando aprenden a falar non din "seino", din "non o sei"" (Bourdieu, 2004, p. 300). A corporeización do poder pode sintetizarse como a construción das mulleres como Outras, como corpo-objeto, como as heterodesignadas, para ser vistas, olladas, nomeadas e, en definitiva, obxecto de uso dun "nós" masculino, para asumirse como ser observado e despoñado. E esa obxectualización das mulleres

conta coa estrume do imaxinario incorporado a través dos medios de comunicación. Volvendo a Bourdieu, "a dominación masculina converte as mulleres en obxectos simbólicos cuxo ser (esse) é un ser percibido, e colócaa nun estado permanente de inseguridade corporal ou de dependencia simbólica (2000, p. 86).

Os medios de comunicación reactualizan pois a asimetría fundamental obxecto-suxeito, axente e instrumento, entre os homes e as mulleres. É ao que se refire Lara Mulvey cando sinala, no seu coñecido artigo "Visual pleasure and narrative cinema" (1975), que a ollada da cámara é masculina: mentres o home é acción, é nel cae o protagonismo da carga narrativa, a muller é obxecto observado, incentivador do pracer da mirada (masculina, tanto por parte de quen elabora o contido como de quen o recibe).

Estamos, pois, ante unhas relacións de poder que sitúan ás mulleres en posición discriminada. Como ese abuso de poder, esa fina retícula da dominación masculina que se estende por todos os poros da pelaxe social, é aceptada sen unha contestación suficiente como para facer que se cambalee? Marcela Lagarde é clara cando expón que o poder patriarcal é un poder consensual: "A verdadeira custodia do poder patriarcal sobre a muller é a que realiza a muller consigo mesma: móvese sempre no mundo do deber, da compulsión, nela non prevalece o querer nin a posibilidade de decidir" (2005, p. 162). É a ideoloxía o instrumento a través do cal é posible que as persoas cheguen a aceptar e consentir os xugos que as dobregan. A ideoloxía, afirma Van Dijk, é a dimensión social desa base de control que o poder é e proporciona os principios que xustifican o abuso de poder (2003, p. 48).

O concepto de "ideoloxía" foi abondo discutido e cuestionado ao longo das últimas décadas. Mesmo autores como Bourdieu evitan o seu uso. O que fai máis necesario aínda que, acadado este punto na reflexión, fagamos unha clarificación previa do modo en que, nesta investigación, se entende o termo. Terry Eagleton sintetiza, na conversa con Bourdieu recollida no compilatorio elaborado por Slavoj Žižek (2004), as cuestións principais que converten o termo en problemático: 1) Entender o concepto como "falsa conciencia" supón dar por suposto que existe unha "verdade absoluta". Deste xeito, cando a idea de "verdade absoluta" se pon en cuestión, tamén se leva por diante o concepto de ideoloxía. 2) Na época postmoderna, supoñer que existe unha "falsa conciencia ilustrada" corre o risco de ser considerado demasiado simplificador, dado que a xente pode ser consciente dos seus problemas en diversos graos e, mesmo, de modo cínico; 3) Determinados argumentos entenden que o capitalismo é xa unha especie de máquina que funciona por si soa, por propia inercia, que non precisa xa pasar a través das conciencias para asegurar a súa reprodución; 4) se se entende que a teoría da ideoloxía está relacionada co concepto de representación, na medida en que certos modelos de representación sexan obxecto de cuestionamento, como así foi, tamén o será o concepto de ideoloxía.

O propio Žižek ordena as diferentes concepcións sobre ideoloxía recollidas no seu compilatorio en tres gabetas separadas: a ideoloxía *en si*, a ideoloxía *para si* e a ideoloxía *en e para si*. Na ideoloxía *en si*, esta é concibida como un conxunto de crenzas, ideas e conceptos, ou ben entendidos ao servizo da creación dunha falsa conciencia, como acontece cos pensadores de liña marxista (poñamos por caso Habermas, e a súa concepción da ideoloxía como comunicación distorsionada), ou ben, na liña da análise do discurso que seguiremos nesta investigación, comprendendo como ideoloxía o sistema de crenzas en si, dado que a propia pretensión de intentar acceder á realidade sen o nesgo mesmo de dispositivos discursivos ou conxuncións co poder é interpretada como ideolóxica. Nesa dirección, Van Dijk, como xa expuxemos no

capítulo 1, entende a ideoloxía como un sistema básico de crenzas, desposuíndoa da concepción negativa que lle infundiou a teorización marxista clásica, de modo que tan ideolóxico é o sexismo como o feminismo (aínda que no primeiro caso falaríamos dunha ideoloxía dominante, con toda a capacidade das ideoloxías dominantes para deshistorizarse e facer pasar as rendas da opresión como naturais ante os grupos dominados, e, no segundo, dunha ideoloxía positiva e liberadora). A ideoloxía *para si* fai referencia á súa externalización, como acontece cos Aparatos Ideolóxicos do Estado (AIE) teorizados por Louis Althusser, que supoñen a materialización da ideoloxía en diversas prácticas, rituais e institucións, como a relixión, a escola, e os AIE xurídico, político, cultural e informativo. A ideoloxía *en e para si* leva consigo unha reflexión da ideoloxía sobre si mesma, que ten como efecto a dispersión do concepto nunha caste de procedementos heteroxéneos e vagamente relacionados. Considérase así, indica Žižek, que no poscapitalismo tardío as persoas non actúan tanto a causa das súas crenzas ideolóxicas, pois o sistema xa non precisa da ideoloxía para a súa reprodución na medida en que se sostén mediante outros mecanismos como a coerción económica e as regulacións legais. Mais, sinala Žižek, e concordamos nós, isto implica unha nova confusión, pois eses mecanismos son tamén ideolóxicos, canto que tamén están ao servizo dunha determinada concepción do mundo.

Que, nesta investigación, asuma a definición que Van Dijk fai de ideoloxía xustifícase, ademais de polo xa indicado con anterioridade, na importancia que o autor holandés lle concede ao discursivo como constitutivo da ideoloxía (considera, de feito, que a ideoloxía penetra en nós basicamente a través do discurso) e aos medios de comunicación como un dos principais instrumentos discursivos da sociedade actual. Van Dijk entende a ideoloxía dende unha perspectiva fundamentalmente sociocognitiva. A ideoloxía vira pois nunha forma de cognición social que: a) lle dá coherencia ás crenzas mediante as cales un grupo lle outorga sentido ao mundo; b) fundamenta as prácticas sociais das persoas que integran ese grupo, e c) define a identidade dun grupo fronte a outros. O poder da ideoloxía está en boa medida no feito de ser un marco cognitivo que controla "a formación, a transformación e a aplicación doutras cognicións sociais tales como o coñecemento, as opinións e as representacións sociais, incluíndo os prexuízos" (Van Dijk, 2009, p. 68). Porque, tal e como sinalara con anterioridade o profesor holandés en *La noticia como discurso* (1989, p. 210), as ideoloxías constitúen o marco cognitivo fundamental que organiza "os nosos esquemas, argumentos e actitudes".

Para Van Dijk, o poder social é control e ese control expándese tanto sobre as accións como sobre as mentes das persoas sobre as que se exerce. Poder controlar os modelos persoais, o coñecemento, as actitudes e até a ideoloxía dunha persoa, é dicir, poder controlar os procesos de cognición, tanto persoais como sociais, é ter control sobre as accións futuras desa persoa. Ao analizar o control da mente, Van Dijk repara, de feito, non só no modo en que ese control, a través do discurso, se exerce tanto sobre a memoria episódica ou persoal senón tamén na súa influencia sobre a memoria semántica ou social. Na primeira, que comprende os coñecementos e opinións persoais que imos acumulando ao longo da nosa vida, operan os modelos persoais e os de contexto. Os modelos persoais fan referencia ás representacións mentais que, na memoria, facemos dun acontecemento, é dicir, aos esquemas mentais aos que acudimos para comprender un determinado evento. Así, cando lemos unha noticia sobre prostitución, cada unha ou cada un de nos acode ao modelo mental que temos incorporado sobre "prostitución", que inclúe as nosas experiencias e coñecementos persoais. Os modelos contextuais

aluden, pola súa banda, á representación mental que facemos dunha determinada situación comunicativa. Na memoria social ampliamos o foco ao terreo das cognicións compartidas, a aquel conxunto de coñecementos (é dicir, daquilo que consideramos verdadeiro) e opinións (aquelas crenzas das que non temos total seguridade) que partillamos cos outros membros do noso grupo.

O discurso poderoso é, segundo Van Dijk, aquel que ten capacidade de influír tanto nos modelos persoas como nos coñecementos e opinións compartidas, tanto na memoria persoal como na social. Cun inciso, que apunta o profesor: é moito máis difícil modificar as ideoloxías, unha vez asentadas, que as opinións persoais. Por iso é tan efectivo o labor dos medios de comunicación ao servizo do status quo. Como discurso público por excelencia que son, ligados ademais ao tempo de ocio, consumo e lecer, dos desexos e dos medos inconscientes que se alimentan coa linguaxe do sublimar, están nunha posición privilexiada para influír nas cognicións sociais dos receptores e receptoras e alimentar nelas e neles a ideoloxía dos grupos en posición de poder que, unha vez inoculada, será abondo complexo contrarrestar. E, ademais, cando calquera outro tipo de contradiscurso o ten moito máis difícil para chegar á cidadanía. Sinálo Van Dijk cando indica que as e os receptores tenden a aceptar as crenzas (coñecementos e opinións) presentes no discurso daquelas fontes que consideran autorizadas, fidedignas ou cribles (entre elas os medios de confianza), cando non existen outros discursos ou medios dos que se deriven crenzas alternativas ou cando as e os receptores poden non contar co coñecemento e coas crenzas necesarias para desafiar os discursos e a información á que están expostos (2009, pp. 162-163).

O discurso xoga un papel fundamental na formación do consentimento, na constitución da hexemonía ao redor de concepcións que xogan ao favor dos intereses dos grupos dominantes. O concepto de hexemonía remite de modo inevitable a Gramsci e os seus escritos dende os cárceres da represión do fascismo italiano nos anos 30. Someter é máis sinxelo se quen somete conta co beneplácito da persoa sometida. Someter pola forza non anula o potencial de rebelión. Se se fai mediante a sedución, o consentimento e o beneplácito das persoas sometidas, si. O concepto de hexemonía amósanos que o poder dos grupos dominantes non vén dado só polos aparellos represivos (se así fóra bastaría con facer a forza suficiente como para derrocalos) senón pola hexemonía cultural das clases dominantes mediante un complexo sistema do que forman parte as institucións da sociedade civil, como o sistema educativo, as institucións relixiosas e os medios de comunicación. A hexemonía, segundo Gramsci, remite, polo tanto, ao modo en que as clases dominantes conseguen o consentimento dos grupos dominados para o exercicio do seu poder (Eagleton, 2004, p. 218), ao modo en que, en definitiva, conseguen erixir o liderado nunha sociedade, tal e como acontece coa burguesía na sociedade capitalista. O que, entre outras cousas⁷, implica unha importante loita polos procesos de significación.

A filósofa Alicia Puleo acuña o termo "patriarcado do consentimento" en referencia ao modo en que as mulleres asumen voluntariamente un mandato que xa non é imposto senón que opera mediante a incitación e a sedución (1995). Puleo distingue, pois, entre "patriarcados de coerción", nos que o mandato de xénero se impón mediante normas moi estritas, legais e/ou arraigadas no costume, cuxa desobediencia implica castigo, tal

⁷ Terry Eagleton incide en que o concepto de hexemonía non fica só no ideolóxico, nun sistema de crenzas, canto que a hexemonía se pode afianzar mediante outros mecanismos de carácter político ou económico, tal sería o incremento da calidade de vida dun determinado tipo de traballadores para así conseguir a súa despolitización ou, nas democracias occidentais, o asentamento do sistema parlamentario para afianzar na pobo a ilusión de autogoberno.

e como acontece no Afganistán dos muhaidins, e os "patriarcados de consentimento", que abrollan nos países occidentais desenvolvidos nos que a igualdade opera como principio a nivel formal (no ámbito político-legal) mais non real. Puleo (2005) cita a Foucault para explicar como, na modernidade e en relación ao dispositivo da sexualidade e, en xeral, ao poder, a coerción deixa paso á incitación. Un proceso, non que, sinala a autora, os medios xogan un papel primordial:

Así, non nos encarcerarán nin matarán por non cumprir as esixencias do rol sexual que nos corresponda. Pero será o propio suxeito quen busque ansiosamente cumprir o mandato, neste caso a través das imaxes da feminidade normativa contemporánea (xuventude obrigatoria, estritos cánones de beleza, *superwoman* que non se esgota coa dobre xornada laboral, etc.). A asunción como propio do desexo circulante nos *media*, ten un papel fundamental nesta nova configuración histórica do sistema sexo-xénero". (2005).

Concepción Cascajosa e Marta Fernández inciden tamén na función dos medios en relación co patriarcado do consentimento cando aluden á televisión como máximo expoñente da súa consolidación, situándoa mesmo á par do papel exercido ao respecto pola linguaxe sexista:

Se as estratexias de venda funcionan, as consumidoras terminan realmente por crer que son libres, e elixen determinados cosméticos, produtos adelgazantes ou electrodomésticos "porque lles dá a gana", cando o certo é que baixo o discurso publicitario (e outros activados na televisión a través de programas de tipo "rosa", etc.) subxace toda unha capa de sexismo e de manipulación materialista que se afasta moito do ideal de liberdade, igualdade e democracia que todo cidadán e cidadá debería perseguir.

Para comprender como se asenta a hexemonía de carácter patriarcal, e o papel que os medios de comunicación teñen neste proceso, é de gran utilidade o concepto de "violencia simbólica" articulado por Bourdieu, unha caste de violencia "amortecida, insensíbel e invisíbel para as súas propias vítimas, que se exerce esencialmente a través dos camiños puramente simbólicos da comunicación e do coñecemento... ou, en último termo do sentimento" (2000, p. 12). Para o filósofo francés, é mediante a violencia simbólica que é posible que a dominación masculina se manteña sen rebelión por parte dos grupos sobre os que se exerce. Mais Bourdieu non cre axeitado falar de consentimento porque facelo—considera— implicaría deitar responsabilidade sobre os grupos dominados, cando estes están constrinxidos polos propios esquemas conceptuais do dominador, e o poder del está inscrito nos seus corpos:

O poder simbólico non pode exercerse sen a contribución dos que o soportan porque o constrúen como tal. Pero, ao evitar que se deteña nesa verificación (como o construtivismo idealista, etnometodolóxica ou o que sexa), fai falta verificar e explicar a construción social das estruturas cognitivas que organizan os actos de construción do mundo e dos seus poderes. E descubrir claramente dese modo que esta construción práctica, lonxe de ser un acto intelectual consciente, libre e deliberado dun "suxeito" illado, é en si mesmo o efecto dun poder, inscrito de maneira duradeira no corpo dos dominados baixo a forma de esquemas de percepción e inclinacións (a admirar, a respectar, a amar, etc.) que fan sensibles a algunhas manifestacións simbólicas do poder" (2000, pp.56-57).

Dende ese punto de vista, os medios de comunicación son man executora de violencia contra as mulleres, dunha manifestación de violencia de xénero de carácter simbólico que contribúe a manter como hexemónica a ideoloxía patriarcal. Non o fai sen fisuras, sen as fendas que no sistema abre neste caso o contradiscurso feminista, mais a gran habilidade das ideoloxías dominantes é ser quen de integrar certa parte do discurso dos movementos de cambio social na xusta medida que lles permita contrarrestar a protesta ou mesmo fagocitala ou, en todo caso, evitar que as fendas se convertan en rupturas máis profundas e así seguir a manter a hexemonía. En verbas de Eagleton, glosando a Raymond Williams, non hai un único modo de hexemonía "que poida esgotar os significados e valores dunha sociedade: e todo poder gobernante vese polo tanto obrigado a comprometerse con forzas contrahexemónicas de maneira que resultan ser parcialmente constitutivas do seu propio dominio" (2004, p. 220).

Os conceptos de ideoloxía, poder e hexemonía son básicos na análise do discurso de carácter feminista, do que dan boa conta os traballos recollidos por Michelle Lazar en *Feminist Critical Discourse Analysis*. Para Lazar, a ideoloxía de xénero é hexemónica en tanto que a miúdo non aparece como dominación, senón en gran medida aceptada nunha comunidade, o que se consegue en boa parte mediante o discurso, en especial no modo en que as asuncións ideolóxicas son constantemente representadas a través do discurso como naturais e de sentido común (2005, p. 7). Para a autora, o poder nas sociedades modernas é particularmente insidioso e omnipresente, e de natureza substancialmente discursiva: "Esta forma de poder incrustase e esparéxese a través de redes de relacións, regúlase a si mesmo e produce suxeitos en ámbolos dous sentidos da palabra" (2005, p. 9). Mais, ao contrario do que indica Bourdieu, para Lazar, que se sitúa nunha perspectiva teórica postmoderna, hai tamén lugar para a contestación do suxeito, capacidade porén que debe ser sopesada coidadosamente (entendemos que, polo tanto, non sobreestimada) dadas as constricións marcadas polo patriarcado:

Aínda que a ideoloxía de xénero imperante é hexemónica e rutinariamente se exerce nunha miríada de prácticas sociais, é tamén contestable. A tensión dialéctica entre as permanencias estruturais e a actividade práctica da xente imbricada en prácticas sociais (Chouliaraki e Fairclough, 1999), significa que hai rupturas na, polo demais, calidade perfecta e natural da ideoloxía de xénero. Aínda que unha atención á creatividade e transgresión é importante, debe ser ao mesmo tempo, coidadosamente considerada en relación ás coaccións e posibilidades permitidas por determinadas estruturas e prácticas (2005, p. 8).

1.3.4. Os medios, vehículos de involución

Os estudos feministas sobre os medios de comunicación desvelan a función ideolóxica que estes realizan ao servizo do mantemento da hexemonía de carácter patriarcal e o consecuente carácter regresivo das representacións de xénero presentes nos contidos mediáticos. Os medios actúan, pois, poñendo continuas cambadelas á consecución dunha igualdade real, ao servizo dese patriarcado do consentimento do que fala Alicia Puleo. A violencia simbólica que exercen boicotea os avances e limita a efectividade das medidas activas en prol da igualdade. Alude ao respecto a profesora Belén Martín Lucas (2010) cando remite aos informes do Consello Xeral do Poder Xudicial e do Ministerio de Igualdade nos que se pon de manifesto que as medidas

policiais e xudiciais contra a violencia de xénero non son suficientes para eliminar as agresións debido á persistencia de valores sexistas, que teñen nos medios de comunicación unha das vías principais de transmisión, e cando cita tamén o informe de 2005 sobre violencia de xénero contra as mozas, da Comisión para a Investigación dos Malos Tratos ás Mulleres, que identifica o marco simbólico e as representacións das mulleres nos medios de comunicación como óbice para que non se produzan os cambios anhelados a prol da igualdade nas relacións entre mulleres e homes.

Os medios non serían quen, polo tanto, de representar o avance social experimentado polas mulleres nas últimas décadas. Esta é, de feito, a hipótese de partida de numerosos traballos de campo sobre as representacións de xénero nos medios, tal e como vimos no apartado que nesta investigación lle dedicamos á análise do estado da cuestión en Comunicación e Xénero. Xa Fagoaga e Secanella adoptaban ese presuposto na súa pioneira investigación, a principios dos anos 80, e conseguían certificar o *gap* existente entre o avance das mulleres nos roles ocupados no ámbito público e o perfil das escasas protagonistas da prensa española daquelas datas. Tal distorsión é observable, e así o amosan os estudos, no terreo puramente cuantitativo —na análise da sobrerrepresentación do protagonismo dos varóns nos medios e a subrepresentación do protagonismo real das mulleres— mais non só. Unha lectura dos estereotipos e, en definitiva, do discurso ideolóxico dos medios achega claves necesarias para desvelar a función regresiva dos mesmos nas súas representacións de xénero.

Os medios masivos teñen en si carácter conservador, como cuarto poder que son, inseridos nunha trama de poderes que se reforzan para manter a súa hexemonía, o que calla no momento histórico actual, nas sociedades occidentais, na alianza entre patriarcado, sociedade de consumo e capitalismo na súa vertente neoliberal, denunciada xa pola xornalista venezolana Marta Colomina de Rivera cando en 1976 escribe *La celestina mecánica*:

A poderosa Industria Cultural que no noso continente elabora e distribúe os produtos estandarizados dirixidos á muller (...) transmite a idea dun mundo cotiá idílico que oculta a verdadeira esencia das relacións sociais de explotación e fai que a muller das capas medias e baixas da poboación se identifique cunha orde social que, obxectivamente, é contraria aos seus intereses de clase (1976, p. 13).

Insiste Marta Colomina Rivera na función ideolóxica desenvolvida polos medios de comunicación como articuladores dunha falsa conciencia que impón á muller burguesa, branca e consumista como ideal ao que aspirar por parte das mulleres de clase media e baixa. E, aínda que o marco latinoamericano dos anos 70, ao que a autora nos remite, non sexa exactamente extrapolable ao contexto europeo e occidental actual, no que a división de clases é máis difusa, si segue a estar por completo vixente a función dos medios como creadores dun universo ideal, sen problemas sociais, sen clases, sen desigualdades, no que o consumo é vehículo para acadar a felicidade, e no que as mulleres cumpren unha dobre función: como obxectos incitadores do desexo e do consumo (por exemplo, na linguaxe subliminar da narrativa audiovisual que se emprega na publicidade) ou como suxeitas consumidoras (o que está en relación coa imposición dun ideal estético imposible, baseado na muller sempre moza, delgada e fermosa, que se intenta conseguir mediante o consumo, mais que, coma a liña do horizonte, nunca se alcanza). Os medios reforzan o mito do feminino con mensaxes que levan ás mulleres a soñar co que Marta Colomina Rivera denomina as grandes promesas incumpridas da sociedade de masas: o amor e o sexo, a felicidade e o éxito, a alegría e o pracer, a beleza

e a elegancia, o prestixio e a seguridade. É así como unha dobre liña de intereses (patriarcais e capitalistas) contribúen á preservación das representacións mediáticas máis ancoradas nos estereotipos tradicionais.

Blanca Muñoz amosa a función regresiva dos medios na sociedade neocapitalista non só a través da representación que fan das mulleres como obxecto (reforzo básico, expón a autora, dos procesos de incitación ao consumo, que as converten en fetiche) senón tamén na súa sobrerepresentación como vítimas e en relación coa volta aos valores tradicionais, que Muñoz exemplifica cos contidos da programación rosa, que axuízan ás protagonistas femininas en función do seu rol nas relacións familiares e sentimentais.⁸

Mais Muñoz leva a súa argumentación alén e presenta ás mulleres como "chibo expiatorio" das tensións do sistema no neocapitalista tardío, do que daría cumprida mostra o rexurdir con novos folgos da misoxinia nos medios. Non só é que a violencia cruce de maneira transversal os contidos mediáticos desde a información até a ficción— senón que esa violencia está en boa medida dirixida cara ás mulleres. A autora bota man do operativo argumentativo da segunda xeración da Escola de Frankfurt (en especial, do discurso de Habermas), para explicar como, no capitalismo tardío—no que o estado colabora coas estratexias de mercado— as crises económicas viran en crises políticas e estas, así mesmo, en crises socioculturais. Os medios son os encargados de deter o disenso, e fano mediante unha sociedade de consumo que sublima o pracer e as necesidades individuais (afastando así as necesidades de carácter ético e cultural, que poderían evoluir cara a unha contestación aos sistemas de dominación) e, así mesmo, busca amortiguadores para canalizar as tensións. As mulleres viran así ou ben en fetiche ou ben en zafra. Para a autora, a gran modificación da simboloxía mediática feminina desde finais dos setenta estará caracterizada pola acentuación da violencia, o sadomasoquismo e as representacións denigratorias das mulleres. O porqué busca Muñoz na propia crise sistémica:

Numerosas foron as respostas sobre ese interrogante. Porén, a máis admitida entre os comunicólogos e analistas críticos coincide en sinalar o uso paulatino da muller como gran reforzo mediático nos momentos en que se dan transformacións no neocapitalismo tardío. A muller será "o parachoques" dos conflitos reais e posibles que afectan á estrutura no seu conxunto. A muller convértese no auténtico "chibo expiatorio"—case como os grupos minoritarios no nazismo— que desvía as tensións sociais cara ás finalidades e obxectivos impostos polo sistema (2001, pp. 140-141).

As crises no sistema económico-político neoliberal repercuten pois en recesións nos dereitos das mulleres e na súa representación mediática. Susan Faludi exemplifícao nun contexto concreto, o post 11-S en Estados Unidos, no seu libro *La pesadilla terrorista* (2009). As semanas posteriores á caída das Torres Xemelgas renaceu na prensa estadounidense unha chamada á recuperación da feminidade e da masculinidade tradicional. De modo parello ao enaltecemento do home-salvador na figura do bombeiro

⁸ Na programación rosa, tal e como indica Isabel Menéndez en *El zapato de cenicienta* (2006b)—que emprega neste ensaio unha metáfora de matriz similar á de *La celestina mecánica* (os medios como a fada máxica ou a bruxa que promete felicidade a cambio dunha volta ás esencia míticas da feminidade)— o comportamento masculino aparece como disculpable, mentres que o feminino é presentado como invariablemente negativo, retorcido e maligno cando, acusadas de prostitutas (en sentido real ou figurado), malas nais ou autoras de falsas denuncias de malos tratos, se afastan do ideal de muller-anxo.

intrépido, os medios prevían unha volta ao niño doméstico: o número de casamentos incrementaríase; as mulleres arrepentiríanse de ter posposto a maternidade pola súa carreira profesional e moitas volverían ao fogar, producíndose un auténtico baby-boom. Ningunha destas tendencias foi confirmada polas estatísticas até o punto que Faludi chega a afirmar no seu libro que os medios non actuaron como detectores dunha tendencia, senón que intentaron crear a propia tendencia, nun intento de recuperar o mito do superheroe e do vaqueiro protector das fronteiras do país, o estereotipo de masculinidade agresiva e protectora que tan ben funcionara nos anos 50 nos Estados Unidos da posguerra mundial. En verbas de Faludi, "o mito da imbatibilidade americana requiría o espellismo da dependencia feminina, a ilusión dun círculo familiar indefenso necesitado de protección fronte a nun mundo ameazante". Construíase así unha fantasiosa nube de fume que contribuíu, segundo Faludi, a desviar a atención das responsabilidades reais: a incapacidade e os erros políticos e os fallos no sistema de seguridade.

Os medios non só actúan como interesado axente na trama de intereses da que forma parte, senón que tamén teñen un papel activo á hora de socavar os discursos daqueles novas voces que actúan como contrapoder. Tal é o caso do feminismo, como ben apuntara xa a propia Faludi nos anos 90, na súa obra xa clásica *Reacción: La guerra no declarada contra la mujer moderna* (1993). Nela alude ao *backlash*, á contestación aos avances conseguidos polo feminismo nos anos 80 en Estados Unidos, que ten como molde un discurso con dous ingredientes esenciais: a consideración de que a igualdade está xa conseguida e de que os avances nos dereitos e no rol das mulleres no espazo público non axudaron senón á súa infelicidade. A autora analiza o modo en que os medios de comunicación reforzan tal argumento mediante a difusión de mitos que sinalan, entre outras cuestións, que as mulleres traballadoras teñen máis dificultades para casar, máis propensión ás enfermidades mentais e máis tendencia á infertilidade, e que os seus fillos e fillas vense danados no día a día pola ausencia da nai durante a xornada laboral.

Faludi detense na vinculación existente entre aquelas épocas de maior avance na loita feminista e nos dereitos das mulleres e a reacción machista consecuenta. Unha reacción que conta co respaldo das elites intelectuais e do discurso mediático, e que xa foi observada por outras importantes teóricas feministas como Amelia Valcárcel, quen mesmo propón indagar na historia do feminismo a través da outra cara da moeda, as reaccións misóxinas que provoca:

Polo tanto, durante séculos, o feminismo ten que ser estudado e rastrexado na súa inversión, a modo dunha imaxe nun espello cóncavo (...). Onde vexamos aparecer unha inusitada misoxinia, isto é, maior que o habitual ruído de fondo que aínda nos acompaña, debemos buscar que a provocou. E, normalmente, encontraremos un detonante (2008, p. 17).

Deste xeito, aos avances feministas dos anos 70 en USA seguiralle a involución dos 80 en mans da administración Reagan. Ao incremento das mulleres como forza de traballo no espazo público durante a II Guerra Mundial a causa do seu apoio dende a retagarda, a súa reclusión en urbanizacións de luxo como perfectas casadas na posguerra. Ao feminismo ilustrado, con referentes en Mary Wollstonecraft ou Olimpia de Gouges, a idealización romántica da muller e o seu enalzamento como anxo do fogar. Cada unha destas reaccións vai acompañada dun amplo dispositivo discursivo con presenza nos medios de comunicación. Deste xeito, os logros das sufraxistas terán

como contrapartida mediática a difusión de figuras como a do misterioso Jack el Destripador que esperta de novo o medo a ocupar o espazo público ante a suposta ameaza que isto pode supor para as mulleres. Trala II Guerra Mundial, o cine de Hollywood substituíra os papeis femininos fortes, independentes e con capacidade de decisión, como os representados por Katherine Hepburn, Marlene Dietrich ou Greta Garbo, pola muller de comedia de "teléfono branco" que ten como única preocupación o marido e as crianzas (Muñoz, Blanca, 2001, pp. 136-139). Ao feminismo dos anos 70, seguiralle a reacción mediática experimentada nos 80 e analizada por Faludi. E, no contexto actual, obsérvase nas sociedades de consumo actuais unha imposición de cánones estéticos, ideais estéticos e de estereotipos que de novo remiten ao eterno mito do feminino dende a máis tenra infancia e, así mesmo, no contexto específico español, un abrollar nos medios de voces neomachistas, sumamente acedadas nas súas críticas aos avances das políticas de igualdade no estado na primeira década do século XXI e nutridas no substrato do escenario neoconservador que arraiga a nivel mundial tralos atentados das Torres Xemelgas en setembro de 2011.

Do carácter desa reacción simbólica no momento actual fala a feminista británica Natasha Walker en *Muñecas vivientes. El regreso del sexismo* (2010). A autora analiza o reforzamento das construcións tradicionais da masculinidade e da feminidade nos produtos que a sociedade de consumo e a industria cultural e mediática dirixe a nenas e a nenos, a mozas e a mozos, o que se pode resumir nunha imaxe moi visual: a volta da división rosa-azul, é dicir das formulacións sexistas da división xenérica, en todos os espazos: dende a indumentaria até os andeis dos comercios, as capas dos libros, as personaxes de ficción e os xoguetes e videoconsolas. Estaríamos ante unha recidiva dos estereotipos de xénero dende a industria mediática, na que as cativas son hipersexualizadas, con cánones estéticos similares aos que se lles impoñen ás mulleres adultas, e co ideal de princesa (delicada, doce, presumida, frívola...) como modelo moral e estético, que ten como contrapartida o robustecemento dun modelo de masculinidade construído ao redor da acción, a agresión e a contención dos sentimentos. Walker incide no reforzo que, dende certos produtos mediáticos, en especial os dirixidos a adolescentes, se fai da obxectualización das mulleres e na súa representación como depositarias do desexo masculino, o que deriva na asunción da sexualidade por parte das rapazas en función dos afáns dun outro, máis que dos propios.

A esta estratexia, que funciona fundamentalmente coa linguaxe do subliminal, adhíreselle outra, que achega o discurso intelectual explícito, a modo de *think tank*, no que se pairen os argumentos para xustificar a reacción aos avances nos dereitos das mulleres. Esoutra cara da moeda está, como dixemos, no discurso neomachista que se infiltra na prensa e que, segundo apunta Isabel Menéndez (2012), non ataca explicitamente ao principio de igualdade—porque, de feito, presume de ser un discurso adaptado aos novos tempos— mais si denuncia o que considera excesos do feminismo e beneficios extra por parte das mulleres. Sería a estratexia discursiva apuntada por Van Dijk do "eu non son machista pero...". É dicir, a persoa emisora nega tomar parte dunha ideoloxía discriminatoria para logo afortalala mediante o que considera excesos ou cuestións puntuais. Deste xeito incorpóranse discursos que xustifican os asasinatos machistas como resposta comprensible do home ferido no seu orgullo e sentimentos a unha suposta violencia psicolóxica exercida pola muller, que ridiculizan a linguaxe sexista, que califican de femininazis ás feministas, e que entran nun socavamento dos avances en políticas de igualdade na primeira década do milenio durante as dúas legislaturas socialistas presididas por Rodríguez Zapatero mediante estratexias

discursivas diversas. A Lei integral contra a violencia de xénero de 2004 é atacada, pois, como discriminatoria para os homes e cuestiónase poñendo sobre a mesa a existencia dunha suposta proliferación de denuncias falsas de maltrato. A política de cotas é minada mediante a ridiculización de mulleres en altos cargos de responsabilidade, o cuestionamento das súas capacidades e o xuízo constante á súa aparencia física. Eponse en entredito a custodia das crianzas por parte das nais mediante argumentarios diversos como a defensa do Síndrome de Alienación Parental. De modo parello, vólvese ao discurso que culpabiliza ás nais se non poden ou non queren decantarse pola lactancia materna ou se non asumen, na parella, o rol como responsables principais do coidado das crianzas no día a día, imputándoselle en exclusiva ás proxenitoras que traballan fóra do fogar as posibles consecuencias nos fillos e fillas dunha insuficiente atención da familia.

O carácter regresivo do discurso mediático non está presente só no nivel ideolóxico, que até o de agora analizamos na conxunción das ideoloxías patriarcal, neoliberal e de consumo nos contidos ofrecidos polos medios, senón tamén nun outro nivel máis apegado ás crenzas que empregamos no día a día, con carácter máis simple, a modo de brúxula coa que orientarnos por medio de coordenadas básicas, empregamos as persoas no día a día. Referímonos aos estereotipos.

1.3.4.1. Dos estereotipos, ou da resistencia dos mapas de vello

Os estereotipos entrarían no que Berger e Luckman definen como proposicións teóricas rudimentarias. Adoitan definirse como aquel conxunto de crenzas que mantemos sobre as persoas dun determinado grupo social (Quin e Barrie, 1997; Stangor, 2000; Leyens et. al, 1994) e dúas son as súas características básicas: a resistencia ao cambio e a hipersimplificación (Areste, 2003). Ámbolos dous trazos determinan o seu carácter conservador, no vaivén das inercias, canto que tales categorizacións simplificadas da realidade se fan configurando a descrición dos grupos sociais adoito en base aos intereses das clases dominantes e, unha vez incorporadas no noso esquema cognitivo, amosan grandes resistencias á introdución de modificacións.

Os estereotipos achégannos claves prácticas, a modo de manuais básicos de uso, que nos axudan a desenvolvernos fronte á complexidade do mundo que nos rodea. Seleccionan e reducen a información en sinxelos esquemas que nos permiten categorizar de modo rápido a quen temos diante e están dotados, polo tanto, de valor cognitivo, a modo de estratexia adaptativa. O problema é que tal selección se fai inevitablemente de modo inexacto e en base a prexuízos—xuízos realizados a priori, que anteceden a experiencia e carecen, polo tanto de base empírica— que incorporamos do noso propio substrato cultural a través do proceso de socialización. Segundo Lippman, que aplicou por primeira vez o concepto ás ciencias sociais no seu *Public Opinión* (1922) e, precisamente, no contexto da reflexión sobre a influencia dos medios de comunicación na creación de consensos, o estereotipo condiciona de antemán a percepción, dado que apreendemos o mundo segundo moldes incorporados a priori.

Os estereotipos teñen, polo tanto, un importante papel no que poderíamos denominar economía cognitiva, fronte á complexidade do mundo que nos rodea. Mais tamén dispoñen dunha importante carga defensiva: é dicir, de defensa dos intereses do propio grupo fronte aos alleos. Os estereotipos adoito cortan polo mesmo patrón a todos os membros dun grupo social, e fano mediante unha estratexia discursiva que favorece ao grupo de pertenza (favoritismo endogrupal) e uniformizan aos membros dos outros grupos (homoxeneización exogrupal). Tayfel, defíneos, de feito, como unha forma de

categorización que subliña as diferenzas intergrupais e as similitudes intragrúps (citado en Altés, 2004). Deste modo, afiánzase a cohesión do endogrupo e agrándanse as distancias cos alleos, que son considerados como ameaza. Aínda así, aos membros do noso grupo de pertenza tendemos a velos na súa individualidade—como persoas, non como unha etiqueta—, mentres que aos grupos externos, porén, atribuímoslle o mesmo reducido abano de características a todas e todos os integrantes do mesmo, como se foran copias miméticas feitas con idéntico molde.

Este tipo de crenzas comportan un xuízo fáctico e tamén un xuízo de valor (é dicir, non só a definición do que o outro é senón do que debe ser) (Areste, 2003). Teñen, ademais, carácter autoritario, canto que ditos contidos véñennos dados de antemán, tal e como refiren Correa, Guzmán e Aguaded (2000, p. 111): "os estereotipos son mensaxes con estrutura autoritaria porque a compoñente avaliativa dos mesmos xa vén ofrecida ás audiencias, a realidade está definida de antemán de forma unilateral polo emisor".

Os estereotipos actúan como unha dobre panca, no ámbito do persoal e do social. No terreo do psicolóxico, fían fino na construción da identidade, xa que non só determinan o modo en que vemos e describimos ao resto das persoas, senón que delimitan a nosa propia identidade, que vén en boa medida programada por como os outros/as nos definan. No terreo do social, os estereotipos xustifican a orde actual, axudan a conservala e discriminan, en consecuencia, aos grupos que supoñen unha ameaza ou non se cinguen á mesma (McMahon e Quin, 1997, p. 165).

Estamos, en definitiva, a falar non só dun proceso de categorización (de división do todo social en subconxuntos), e de atribución de características (asignación de calidades estables a eses subgrupos) senón tamén de comparación social (en base ás oposicións e enfrontamentos existentes entre os grupos que conforman esa sociedade) (Areste, 2003). Aqueles sectores que concentran o poder discursivo serán os mellor parados nesta comparativa, canto que tamén dispoñen o poder de establecer e estender definicións neste nivel, de estereotipar e volver hexemónicos eses estereotipos segundo mellor conveña aos seus intereses.

Os estereotipos contribúen así ao mantemento das estruturas sociais imperantes e das xerarquías nas que se basean, como é o caso do patriarcado e a discriminación de raíz sexista. Deste xeito, adoito confunden causas con consecuencias, de modo que se atribúen os males asignados a un determinado grupo social á propia natureza das e dos seus integrantes e non ás estruturas sociais das que se alimentan. Ás mulleres, poñamos por caso, intentou furtárselles o exercicio da cidadanía co argumento de que a propia natureza feminina as predispoñía para o coidado e as inhabilitaba para as responsabilidades públicas, ficando así ocultas as causas reais de despoxo tal: unha orde social discriminatoria que historicamente as adestrou para as labores do fogar e as relegou a espazos menosprezados, lles restrinxiu o paso á area pública e as situou en posicións de dependencia fronte aos homes mediante unha desigual distribución de recursos e de dereitos. Así mesmo, a súa sexualidade foi furtada tachando de "putas" a todas aquelas mulleres que non se cinguían aos esquemas marcados polo patriarcado (virxindade até o paso da titorización do pai ao cónxuxe).

Na consolidación e pervivencia do patriarcado, os estereotipos xogan, pois, como ingrediente básico para que tal ideoloxía discriminatoria calle nas crenzas populares. Non só do grupo a quen benefician, ao que serven como xustificación dos seus privilexios, senón, e unha vez máis, das que resultan por eles oprimidas, pois rematan por asumir e inscribir na súa identidade tales sistemas de estereotipación. É isto o que leva a Elvira Altés (2004) a afirmar que, para que un estereotipo deixe de funcionar, é

preciso que se dean unha destas dúas circunstancias: Ou ben que deixe de ser funcional para o grupo estereotipador ou ben que o grupo estereotipado deixe de identificarse con el e se enfrente ao sistema social, económico e político que o sustenta, tal e como fixeron as mulleres organizadas ao redor da loita feminista e na súa incorporación paulatina ao mundo académico e laboral, e aos cargos de responsabilidade pública.

Os estereotipos de xénero prescriben unha determinada maneira de ser feminina e masculina que coarta as posibilidades vitais de mulleres e de homes. En especial delas, canto que son as máis prexudicadas pola desigual distribución de poder, recursos, espazos, tempos e funcións que a construción xenérica de carácter patriarcal implica, mais tamén deles, canto que os despoxa de espazos vitais de suma importancia, como o entorno afectivo. E tamén, e con especial virulencia, daquelas mulleres e homes que son socialmente considerados de-xenerados/as, por non cumprir co patrón de masculinidade e femineidade tradicional. Os estereotipos reforzan, polo tanto, as desigualdades e as discriminacións de índole sexista.

Diversas investigacións, realizadas dende o ámbito psicolóxico, procuraron delimitar os contidos dos estereotipos sexistas, é dicir, aqueles trazos que a sociedade considera trazos comúns na identidade, no comportamento e nas actitudes de homes e mulleres. Sherriffs e Mckee (1957) observan que os adxectivos cos que se caracteriza aos varóns atribúenlle franqueza, desinhibición, intelixencia racional, vigor e tendencia á acción e á efectividade, mentres que as mulleres son vinculadas co terreo do emocional, do coidado e a preocupación polos demais, con habilidades sociais e calidades espirituais (citado en Colom Bauzá, Joana, 1997). Os resultados de Anne-Marie Rochblave-Spenle (1964) a partir dunha mostra de estudantes franceses e alemáns coinciden en boa medida co estudo anterior. Elas son caracterizadas como caprichosas, frívolas, sensibles, histéricas, astutas, diplomáticas, faladoras e incoherentes, febles, curiosas, pasivas, compasivas e, no sexual, cariñosas e doces. Mentres que a eles, se lles supuñan os trazos opostos: decisión, disciplina, acción, gusto polo risco, desexo de poder, egoísmo e obscenidade. Ao igual que, no intelectual, maiores aptitudes para as linguas no caso das mulleres e para as ciencias no caso dos homes (citado en Areste, 2003). Ademais, destaca Rochblave-Spenlé que os estereotipos de xénero son particularmente resistentes aos cambios sociais, de modo que a súa transformación é máis lenta que a propia viraxe das condicións políticas, sociais e económicas das mulleres. Resístense a desaparecer, aínda que a realidade vaia mudando.

Así o constata Félix Ortega quen, malia a afirmar, na análise que realiza das identidades de xénero na xuventude en *La flotante identidad sexual* (1993), que a identidade feminina e masculina tradicional son xa cousa do pasado, porén segue a constatar a vixencia das representacións tradicionais no discurso das mozas e dos mozos. Repara o autor en catro eidos: o corpo, a dimensión efectiva e emocional, as interaccións sociais e as capacidades intelectuais. Canto ás representacións relativas ao corpo, afirma Ortega, mantense a adscrición da forza como trazo masculino e da delicadeza como calidade feminina. No que ao emocional se refire, as mulleres seguen a ser descritas como flexibles e comprensivas, e como máis ríxidos, autoritarios e competitivos os homes. A elas, supónselle maior competencia comunicativa e empática, calidades que, levadas ao seu extremo negativo, derivan na sedución e na astucia. E, malia ao proceso de liberación sexual das últimas décadas, a eles continúa a atribuírselle un carácter máis activo e mesmo obsesivo no eido das interaccións sexuais. As capacidades intelectuais deles seguen a estar relacionados con tarefas mecánicas e

manuais, mentres que ás mulleres se lles adscribe maior destreza na coordinación e maior tendencia á cooperación (Ortega 1998, p. 12-15).

Os medios de comunicación son, na actualidade, unha efectiva vía de transmisión de estereotipos. Botan man destes sinxelos esquemas cognitivos pola capacidade que teñen de conectar de maneira rápida e efectiva con audiencias masivas, dado que son crenzas compartidas de uso común. A súa utilidade para discursos como o publicitario, que ten que seducir ao público das virtudes do produto nun fragmento moi reducido de tempo, é pois evidente. Mais tamén nos discursos informativos e de ficción son recorrentes dado que tamén eles precisan de atallos para simplificar a realidade e empatizar de maneira rápida coa audiencia. Sen esquecermonos de que, quen informa e narra, é tamén persoa e, como tal, proxecta sobre a súa creación os estereotipos que ten incorporados. As razóns para o emprego destas etiquetas cognitivas nos medios son, en resumo: 1) económicas (captación de audiencia); 2) ideolóxicas (os estereotipos poden ser considerados como a versión divulgativa e profana de universos simbólicos de carácter ideolóxicos máis complexos e ao servizo dos grupos dominantes); 3) profesionais (procura de clichés que permitan describir de modo rápido a realidade sobre a que se informa) dadas as restricións de espazo e tempo a que están suxeitos os contidos mediáticos e a súa produción; 4) cognitivas (como estratexias habituais que son, coas que as persoas procuramos sentido ao magma de datos que reside no mundo exterior) e 5) emocionais (as audiencias, como explicitan Correa, Guzmán e Aguaded, son antes emocionais que racionais, de aí a eficacia e recorrencia da linguaxe subliminar nas mensaxes mediáticas).

Diversos estudos detivéronse ao longo das últimas décadas na prospección dos estereotipos de xénero empregados polos medios de comunicación, tal e como se relaciona máis polo miúdo no capítulo que nesta tese doutoral se destina á revisión do estado da cuestión en Comunicación e Xénero. Dos seus resultados conclúo que, malia a que os medios intenten incorporar representacións máis acordes ao papel das mulleres na sociedade contemporánea, porén seguen a resistir os odres de vello. Felicidad Loscertales detecta⁹ o asentamento, xunto a etiquetas tradicionais como a muller-obxecto ou a muller coidadora, dun estereotipo de novo cuño nos medios, que enuncia do seguinte modo: "Indubidablemente o espazo propio das mulleres é o mundo privado. Non obstante, iso non implica que, sen deixar de atender a esa primeira e irrenunciable misión, as mulleres queiran "saír" a ocupar espazos públicos e o fagan se poden" (2009, p. 28). É dicir, malia que as mulleres se introduzan de modo destacado no mundo laboral e no escenario das responsabilidades públicas, seguen a ser, a ollos do estereotipador, sobre todo mulleres. Polo tanto, aínda que amplíen o seu abano de tarefas, comportamentos e actitudes, non deben descoidar aqueles trazos, roles e responsabilidades tradicionalmente asociados á feminidade (o coidado da súa familia, a aparencia física, a dozura, a empatía,...) a risco de seren sancionadas negativamente (lembrems que, historicamente, a muller pública era a "puta", con todas as connotacións negativas que socialmente leva consigo tal estigma).

A representación mediática das mulleres con importante proxección pública é pois sumamente problemática. Poden chegar a ser grandes empresarias, deportistas únicas, políticas cos máis elevados cargos de responsabilidade na administración pública, mais seguirán a ser vistas en primeiro lugar como mulleres e, como tales, a súa indumentaria,

⁹ Faino con base nos resultados do proxecto de I+D "Cómo se ven las Mujeres en Televisión. Análisis de los estereotipos que distorsionan su imagen", no que se analizan diversos programas semanais no período comprendido entre 1990 e 1995.

o seu físico, o seu carácter, a conciliación da súa vida pública coa persoal, merecerán unha atención que non ten correspondencia nos seus compañeiros varóns. E iso é así porque seguen vixentes os lentes dos estereotipos tradicionais de modo que, aínda que as mulleres despracen os seus espazos vitais, a imaxe que delas se ofrece é peneirada previamente por esquemas cognitivos de vello. Deste xeito, chégase a unha situación contraditoria. Serán sancionadas en caso de saírense das expectativas de xénero que nelas a sociedade androcéntrica proxecta de modo que, se se amosan competitivas, agresivas, decididas ou con capacidade de mando, se descoidan a súa aparencia ou se o seu físico non se axusta ás esixencias preestablecidas, recaerán sobre elas estereotipos que as masculinizan ou que tachan en negativo a súa ambición. Mais tamén seguirán a estar no punto de mira mesmo se se axustan aos corsés de xénero preestablecidos. De seren coidadosas co físico e a indumentaria poden ser caracterizadas como frívolas. Un xesto coqueto, unha referencia ao rol doméstico, pode ser diana burlesca. E, polo feito de seren mulleres e ocupar un cargo público, as súas capacidades profesionais e mesmo intelectuais serán postas baixo sospeita, adoito cuestionadas e sometidas a unha outra espada de Damocles—a ridiculización—, ou ben deixadas en segundo lugar en aspectos secundarios e alleos ao núcleo do acontecemento informativo, como a vestimenta ou o peiteado.

Nesa balanza de difícil equilibrio, as deportistas ou ben son descritas como princesas e sereas, e representadas como obxectos sexuais, ou ben son masculinizadas, reactivando o vello estereotipo de que o deporte non é adecuado para o físico das mulleres (Consejo Audiovisual de Andalucía, 2008; Gallego, 2010). As mulleres políticas, de caracterizárense por unha forma de actuar agresiva e decidida, poderán incorrer con facilidade no estereotipo da "dama de ferro" que, malia a ser acuñado inicialmente sobre a primeira ministra británica Margareth Thatcher xa nos anos 80 da década pasada, segue a ter vixencia na actualidade, malia ao incremento de mulleres en postos de responsabilidade política, como amosan o retrato mediático de políticas como Condolezza Rice ou Dilma Roussef. Mais tamén, na outra posición da balanza, poder ser infantilizadas e tratadas cunha coloquialidade inapropiada para o seu cargo (mediante o uso de diminutivos, do nome de pila ou mesmo de alcumes (Herrero, 2011); ou ser continuamente axuizada a súa aparencia e físico e seren presentadas como compañeiras e apoio do líder varón e reforzadas, así mesmo, polo líder varón como candidatas ou en situacións políticas complexas, tal e como amosa Mónica Pérez (2002) na súa análise da campaña electoral ao goberno do Estado do ano 2000. A conciliación da vida profesional coa persoal é, nelas, adoito vista como problemática. Así, podemos ver como son criticadas tanto se, estando embarazadas son escollidas para postos de suma responsabilidade (tal e como aconteceu coa elección de Carme Carme Chacón para a carteira de Defensa en 2008) ou se, unha vez deron a luz, deciden priorizar a súa responsabilidade pública á baixa maternal (como sucedeu con Soraya de Sáenz de Santamarina cando foi nomeada vicepresidenta tralas eleccións estatais de 2011). En declaracións en prensa de Elena Valenciano, a quen cita Carme Herrero (2011, p. 215):

Se un ministro fala da súa vida amorosa suscitará, en xeral, unha opinión positiva porque comentar a súa vida privada humanízao, faino máis próximo e afásta do seu estereotipo político. Se unha ministra fai o mesmo, probablemente será tachada de frívola ou, peor aínda, recaerá sobre ela a presunción de incapacidade (recollido de *El País*, o 20 de xaneiro de 2009).

Este estereotipo—as mulleres poden saír ao espazo público se o desexan pero en todo caso nunca han esquecer os imperativos ditados polo mandato patriarcal—está presente nos contidos mediáticos de maneira transversal (non só na información, senón tamén na ficción e na publicidade) e tamén naqueles que absorbemos dende a infancia e exercen sobre nós unha destacada función socializadora. Unha construción chea de arestas, que xorde da necesaria adaptación dos estereotipos de xénero a unha sociedade —as democracias occidentais— que incorporan o principio de igualdade nos seus esquemas lexislativos e de acción política (aínda que sexa máis no formal ca no real), que observaron nas últimas décadas unha importante incorporación das mulleres ao espazo público, e que polo tanto xa non os asimilarían se estes son amosados en toda a súa crueza. Lembremos as verbas de Raymond Williams glosadas máis arriba. O pensamento hexemónico, de querer manterse como tal, debe facer concesións.

Os estudos sobre a análise dos produtos mediáticos dirixidos á nenez e á adolescencia adoitan coincidir tanto no mantemento de estereotipos tradicionais como nesa contraditoria adaptación das imaxes de vello aos tempos actuais, nunha nova versión, menos evidente e polo tanto máis difícil de detectar, do imaxinario patriarcal. Menos evidente, porque adoito se lle disfrazá ás nenas e mozas de liberdade, de procura de identidade, de diferenciación e rebelión fronte ás institucións que representan a educación formal (escola e proxenitores) o que non é senón unha reedición dos imperativos patriarcais que ditán que o valor das mulleres está en boa medida na súa capacidade para agradar o varón.

Estudos sobre a programación infantil como o realizado por Eva Antón (2001) constatan como a construción da masculinidade segue ligada nas series infantís á supremacía —eles ocupan os postos de elite no ámbito político e económico e gozan dun abano profesional moito máis diversificado, e tamén á violencia e a competición, mentres que o ideal de feminidade continúa a vincularse á beleza (mesmo nas nenas que son protagonistas da ficción se impón determinado ideal estético), aos estereotipos de nai, coidadora do fogar e apoio emocional, e a roles profesionais feminizados. Eles son os salvadores; elas charlatanas e histéricas. As relacións de amizade entre rapaces amósanse baixo o patrón do compañeirismo, mentres que semellara que isto entre as mulleres non fose posible, na medida en que se perpetúa o estereotipo que marca as relacións entre rapazas pola competencia por resultar as máis belas e sedutoras ante o grupo de varóns. Mais, tales estereotipos, como indicamos, preséntanse disimulados tras novos veos. Unha análise da evolución das películas infantís da factoría Disney ao longo do século XX faino explícito. Os filmes de fins do século XX e principios do actual milenio incorporan a protagonistas doutras culturas alén occidente e do patrón de muller branca, que intentan afastarse así mesmo dos estereotipos tradicionais na asunción de novos roles baseados nunha maior capacidade de decisión e acción, mais que manteñen vixente o estereotipo da muller-obxecto (moi presente na hipersexualización que se pode concluír dunha análise evolutiva dos modelos de beleza das protagonistas Disney) e do ideal romántico que pon na procura dun home a condición sine qua non para a conquista da felicidade. A estudada estratexia de márketing que se confecciona ao redor das princesas Disney, como amosa Natasha Walker (2010), completa este mecanismo de regresión aos estereotipos tradicionais: á volta ao ideal de princesa, que ha procurarse guapa, sedutora e/ou doce ás espera do seu príncipe azul.

Os produtos mediáticos dirixidos á adolescencia consolidan a construción da masculinidade e da feminidade como mundos diferenciados e opostos, que asentan, con

formatos novos, os imperativos patriarcais. Das revistas para adolescentes indícase, no estudo de Rubio Gil, Martín Pérez e María José e María Belén Mesa Olea, que en gran medida "son unha revisión modernizada de estereotipos do patriarcado que se presentan asociados a unha pretendida liberdade de opcións para mulleres e homes" mais que "no fondo, se parecen moito ás vellas imposicións que subordinaban o feminino ao masculino e que asignaban rixidamente os papeis sociais a mulleres e homes" (2008, prólogo). Nelas, as mozas, que adoitan ser conscientes de que polo simple feito de naceren bioloxicamente mulleres non se converten no que a cultura entende e acepta como tal, aprenden as estratexias necesarias para a construción da súa feminidade adulta, para chegaren a ser "todas unha mulleres": o sometemento a un determinado canon estético, uns determinados comportamentos e os rituais necesarios para a sedución do varón (Plaza, 2007, p. 92-95).

Canto ao primeiro destes aspectos, Mónica Figueras, que dedica a súa tese doutoral a analizar a relación entre a prensa xuvenil feminina e a identidade corporal, conclúe que estas revistas reforzan o rol tradicional da muller baseado na beleza, e en concreto, no canon estético que enxalza a delgadeza, mais non como reforzo da propia autoestima senón para agradar aos demais, pois o ideal de éxito é o de saír cun rapaz e en ter o capital simbólico que o corpo proporciona para conseguilo (351-360). Canto á sexualidade, é sempre entendida na súa vertente xenital, dende o modelo heterosexual e máis como unha maneira de buscar o pracer do varón que o propio (Pecharromán, Barros, Hernández, Clemente, p. 37; Rubio Gil, Martín Pérez e María José e María Belén Mesa Olea, p. 102). Aínda que promovan a imaxe de rapazas sexualmente liberadas, con capacidade de decisión e iniciativa, o rol das mulleres que se inculca é o de dadoras de pracer a un outro. E iso é así tanto no estereotipo de nenas boas como no de nenas "malas", atrevidas e rebeldes, como nova versión da "femme fatale".

O efecto é dobre: o sometemento ao imperativo patriarcal e aos intereses consumistas. Non entendidos como mandato, senón baixo a aparencia de "liberdade", que as mozas procuran tanto na liberdade de consumir, como no afastamento do universo infantil mediante actitudes e comportamentos que consoliden a súa identidade adulta. Os rituais do paso de nena a adulta serven, pois, aos intereses da sociedade de consumo e ao reforzo dos roles patriarcais. De modo parello, refórzase a identidade do universo feminino co mundo do privado. Mentres as revistas para as adolescentes teñen o corpo e a conquista do amor como temas centrais, as publicacións e outros produtos cultuais dirixidos a rapaces da mesma franxa etárea ou están dirixidas ao afianzamento do seu rol no espazo público, mediante o reforzo e adestramento en afeccións varias tradicionalmente ligadas á socialización masculina, como o mundo do motor ou os deportes, ou reforzan a idea da masculinidade baseada na violencia e da muller como corpo-objeto que posuír, tal e como se pode deducir, e como comentamos noutro apartado desta tese, da análise dos videoxogos, principalmente consumidos por varóns.

1.3.5. Mulleres, medios e democracia

Mais a análise do que os medios fagan coas representacións de xénero non só é importante pola función que desempeñan como axentes de socialización, senón tamén porque son pedras basais na construción da cidadanía democrática. Walter Lippman definía xa en 1920, nunha das súas obras claves, *Liberty and the News*, ao xornal como "a biblia da democracia", o "libro a partir do cal o pobo establece a súa conduta" (2011, p. 38). Escocía nestas verbas de Lippmann a manipulación propagandística exercida polo goberno estadounidense para, coa aura dos veos patrióticos, convencer a cidadanía

dos beneficios da entrada dos Estados Unidos na Primeira Guerra Mundial e do perigo, trala Revolución Rusa, da extensión da "ameaza roxa". Os medios son pois, esenciais, tanto para a construción dunha cidadanía formada e participativa que afortalece unha democracia real, como para a súa manipulación en función de determinados intereses, vinculados de modo estreito aos das elites políticas e económicas e á súa cosmovisión ideolóxica. Se asumimos este presuposto, e asumimos tamén que non hai democracia real sen unha constitución das mulleres como suxeito e cidadás, en igualdade de condicións, oportunidades e posibilidades de participación na praza pública cós homes, temos que necesariamente concluír a importancia dos medios de comunicación para a construción dunha democracia paritaria, inclusiva e plural.

James Curran (2005, pp. 274-281) expón que, ademais das funcións adxudicadas pola teoría liberal clásica aos medios de comunicación para o afortalecemento da democracia —exercer de "can gardián" fronte aos abusos do Estado, servir de foro para o debate libre de ideas e representar á cidadanía fronte á autoridade— é preciso engadir outras dúas: facilitar a expresión dos conflitos e das diferenzas e contribuír á conciliación social. Apunta Curran que, fronte ao que na maioría das sociedades acontece —a vinculación dos medios de comunicación ás xerarquías de poder, propiciando así a integración social nos termos por estas fixados—, un sistema de medios democrático debería dotar ás persoas do poder de decidir onde radican os seus intereses, apoiar as identidades sectoriais dos grupos e contribuír ao funcionamento das organizacións necesarias para a súa representación, e crear así mesmo as condicións para chegar a un pacto real dentro da sociedade que calle na discusión aberta das diferenzas "máis que nun consenso oficioso baseado no dominio da elite". O que podemos enlazar coas verbas de Luís Álvarez Pousa a prol da cidadanización dos medios, que ha de ser fundamentada no diálogo cos colectivos que conforman a sociedade civil, e na construción dunha cidadanía comunicativa, na que as persoas sexan cidadás antes que consumidoras:

Así pois, é preciso encarar procesos mediáticos de construción de cidadanías. O que algúns teóricos denominan, cando eses procesos cheguen ao seu máximo nivel, a *ciudadanización da sociedade*. A proposta enmárcase dentro do campo da comunicación para o cambio social, concibida como un proceso de diálogo privado e público a través do cal se pretende que as persoas, fundamentalmente os grupos marxidados tanto política como cultural e economicamente, decidan quen son, que queren e como poden obtelo e na insistencia por conseguilo —nun contexto que lles facilite a elección de opcións e oportunidades— melloren a súa calidade de vida guiados polos principios de tolerancia, autonomía, equidade, xustiza social e participación" (2007, p. 193).

Os medios de comunicación marxinaron ás mulleres como cidadás de pleno dereito nas sociedades democráticas, e fixérono desatendendo, para con esta metade da poboación, as cinco funcións das que fala James Curran. Tanto as tres primeiras, baseadas nos principios das democracias liberais, con orixes netamente elitistas, censitarias e tamén patriarcais (a democracia só para uns poucos), como as dúas últimas, que conectan de modo consciente coa necesidade imperiosa de construír democracias que sexan quen de integrar a pluralidade e a diversidade de colectivos que abrollan no seu seo. Amosámolo máis polo miúdo nas páxinas que seguen, un repaso á dobre marxinação das mulleres tanto dese sistema político xurdido no século das luces baixo o pulo da burguesía fronte aos abusos das elites privilexiadas no Antigo Réxime, como

dos medios de comunicación que habían de ver a luz case de maneira parella ao nacemento dos modernos sistemas democráticos e como ingredientes esenciais do seu ADN.

1.3.5.1. Prensa e mulleres nos albores da democracia

As luces da Ilustración, nas que se xestaron os sistemas democráticos liberais, deixaron na sombra ás mulleres, excluídas do contrato social que lles serviu de base e dos coñecidos preceptos de liberdade, igualdade e fraternidade que asentaron na Revolución Francesa. Os máis insignes teóricos contractualistas —tal é o caso de Locke e Rousseau—, ben invocando á propia natureza das mulleres ou simplemente á tradición ou á oportunidade política, negáronlles a categoría de cidadás de pleno dereito (Cobo, 2002, p. 32). A contradición non é menor. Proclaman a universalidade dos dereitos, sosteñen que todas as persoas nacemos libres e iguais ante a lei para, ipso facto, repudiar á metade da poboación, as mulleres, nesta nova cosmovisión política. Fronte ao contrato social, polo que os homes deciden libremente perder parte da súa liberdade orixinal para gañar a protección do Estado (que en democracia lles adscribe igualdade de dereitos), as mulleres fican atadas ao que Carol Pateman conceptualiza como o contrato sexual, que as relega ao espazo da suxeición ao varón. Ambos os ~~do~~ contrato social e o contrato sexual son as dúas caras da mesma moeda. O contrato social non podería existir sen o contrato sexual porque este non só impregna a vida privada senón tamén toda a esfera do público que, así mesmo, ten o seu sustento na esfera privada: tralo home produtor e cidadán está a muller que lle asegura as condicións de reprodución e coidado precisas para subsistir. Mais os teóricos sociais e políticos, segundo mantén Pateman, tenden a pasar por alto a relevancia da diferenza sexual e eluden a esencia patriarcal das categorías coas que están a traballar (Agra, 1995, p. IX).

Polas propias raíces da democracia circula pois o fundamento patriarcal dos pensadores ilustrados que a cimentaron no nivel teórico. Para Rousseau a inferioridade das mulleres nace da súa propia natureza. E, así como o home ha de ser educado para asumir as súas responsabilidades como cidadán no espazo público, a pedagogía que o filósofo xenebrino elabora para as mulleres ten outro fin ben distinto: a satisfacción dos desexos do home e a interiorización de que o seu lugar natural é a familia. O que sintetizaría no modelo de Emilio fronte ao contrapunto de Sofía.¹⁰

Locke concordará con Rousseau ao considerar natural a suxeición da muller, o que explica para o filósofo inglés a posición subordinada que lle destinan os costumes e as leis. O pensador négalles de modo explícito a categoría de suxeito.

Para Hobbes, porén, a subordinación das mulleres aos homes non ten a súa razón de ser nunha suposta inferioridade natural delas fronte a eles. No estado de natureza pre-social, homes e mulleres serían, para o pensador, iguais, con similares características e atributos. Non hai, pois, unha relación de dominio natural duns sobre outras. É mais, en Hobbes, o dereito natural non é patriarcal, como acontece cos outros pensadores contractualistas, senón matriarcal, baseado no pacto que establece a nai co fillo, no que ela lle asegura protección a cambio de que el non se converta no seu inimigo de maior.

¹⁰ Ao sexismo do filósofo respondería de modo rotundo Mary Wollstonecraft na súa *Vindicación dos dereitos da muller*, que non deixa de ser, tal e como lembra Amelia Valcárcel en *La política de las mujeres*, profundamente rousseauniana, xa que non fai máis que reclamar para elas a extensión coherente dos mesmos principios demócratas que Rousseau defende só para eles: igualdade e liberdade para todos e para todas.

Nesta guerra de todos/as contra todos/as, neste profundo individualismo no que, para Hobbes, se basea o estado natural, as alianzas establécense por conquista e conforman familias, familias baseadas na submisión dos serventes ao amo e das mulleres ao home. Se eles terminan por sometelas, non é debido á inferioridade delas, senón pola súa situación de maior vulnerabilidade debido á crianza dos fillos. Mais Hobbes deixa un flanco importante sen resolver, tal e como sinala Pateman: se presupomos que, no estado natural, todos os individuos son completamente egoístas, como se entende que poidan facer un contrato para ser amo dun neno, se isto as coloca en situación de vulnerabilidade? "Así—explica Pateman— todas as historias sobre o contrato social orixinal e a sociedade civil resultan parvadas porque os individuos no estado da natureza serían a última xeración". E engade: "Poderíase especular que un pensador brillante como Hobbes podería terse dado conta desta dificultade e así, que estaba listo para afirmar que deberíamos crer que no estado da natureza os individuos xorden como fungos" (1995, pp.71-72).

Os primeiros réximes democráticos aplicaron a idea de igualdade, mais restrinxida por un precepto anterior, tal e como lembra Amelia Valcárcel, "a natural xerarquía masculina", o que supón na práctica o triunfo das teses rousseaunianas:

A xerarquía masculina e a igualdade foron o mesmo, de tal maneira que entón o naturalismo quedaba necesariamente afirmado. Rousseau triunfou en toda liña. Se a igualdade política só se atribuíu a algúns en función do seu sexo e non doutra cousa había que declarar natural a desigualdade que se instauraba. E como semellantes declaracións teñen consecuencias, era de esperar o florecemento de explicacións e glosas de tal desigualdade. Apareceron de modo temperán. (1997, p.60).

Neste contexto—propagación das ideas ilustradas, nacemento dos primeiros sistemas democráticos e exclusión das mulleres da cidadanía—orde e esténdese a prensa escrita. En 1785 nace o *The Times* londinense. Tamén no século XVIII florecen en España diversas publicacións periódicas, caracterizadas polo seu carácter didáctico e práctico, espírito que será substituído no século XIX por unha prensa de marcado alento ideolóxico. Aparece entón o concepto de xornal como empresa, que convivirá coa prensa ideolóxica e de partido.

Á prensa, ese medio de comunicación que se estende no XIX, os réximes democráticos reservaranlle un rol non menor: o de "cuarto poder", a modo de control necesario fronte aos abusos do Estado. A expresión, que data do 1828, deixa claro o papel que os teóricos do novo sistema democrático lle destinan: protexer á cidadanía fronte aos abusos dos que gobernan, que até a ruptura co Antigo Réxime amosaran en toda a extensión a faceta de donos e señores dos destinos dos gobernados. En verbas de Nelson Traquina,

O concepto dunha prensa libre como sentinela que garda a democracia ten raíces profundas na historia e na evolución da proposta democrática que emerxe dos séculos XVII e XVIII, e recoñecemos sen ambigüidades que, a pesar de diferentes tradicións legais en Europa e nos Estados Unidos, este concepto debe constituír unha pedra angular en todas as nacións que atinxiran un sistema social baseado no principio un home, un voto" (2002, p. 117).

Mais a prensa asenta sobre os mesmos piares elitistas e patriarcais que tamén pexan a democracia. Porque é inaccesible a unha poboación maioritariamente analfabeta (e máis aínda entre as mulleres, cun índice de analfabetismo marcadamente superior ao masculino no século XIX) e porque, ademais, xa naquel entón para elas se constrúe de modo parello un espazo mediático aparte que perdura até os nosos días: a prensa feminina. A prensa xeralista dificilmente poderá actuar para coas mulleres como can gardián fronte aos abusos do Estado, como foro libre de ideas, como representación da súa voz, porque ante o propio Estado e a sociedade do seu tempo as mulleres non teñen condición de cidadás, nin polo tanto capacidade de elixir e de ser elixidas, de ser donas das súas propiedades nin en definitiva das súas vidas. Son "non cidadás", e polo tanto non contan.

Semellante exclusión terá na prensa feminina, que nace no século XVIII e prolifera no XIX, un eficaz substrato argumental. Queda pois xa asentada, nos propios albores da democracia, a escisión entre prensa feminina e masculina, que será a escisión entre o público e o privado, e que se manterá até os nosos días. Este tipo de cabeceiras afianzarán o humus ideolóxico a través do cal as mulleres haberían de interiorizar o rol que, segundo as teorías esencialistas que se estenden con éxito no XIX, por natureza lles corresponde, como contínuum que da propia natureza as mulleres son. Un modelo baseado no amor maternal, ao que se lle dá carta de natureza biolóxica —e que servirá e aínda serve de base para cualificar de monstros ás mulleres que non cumplan con este principio (abortos clandestinos, control da natalidade, abandono de bebés...)— e tamén no amor e no contrato conxugal, no que a virxindade se converte no valor máis prezado dunha muller e no que a muller acata servir, submisa e obediente, ao home (Jiménez Morell, 1992, pp. 160-163). A prensa feminina asume, porén, que a educación das mulleres é importante na sociedade da modernidade, mais en todo caso unha educación ao estilo da Sofía rousseauniana: en función sobre todo do home-cidadán, dos fillos que precisan unha nai cun mínimo de instrución para que poida ofrecerlles unha educación adecuada a eses futuros cidadáns homes, ou do cónxuxe, de cara a resultar tamén compañía máis agradable, amena e eficiente nos labores de servizo doméstico e no rol de esposa. Trátase en todo caso dunha formación cinguida ao modelo de domesticidade, do que podemos atopar abondosos exemplos na prensa decimonónica tanto a nivel estatal, como amosa o estudo de Inmaculada Jiménez Morell (1992), e como a nivel galego, segundo fai constar o traballo de Xosé Vincenzo Freire Lestón (1996).¹¹

1.3.5.2. Medios e mulleres aos pés dos mercados

A teoría liberal consideraba que a libre competencia entre medios, sen control nin regulamentación algunha por parte do Estado, garantiría a función da prensa como can gardián. Porén, non tiña en conta que non é o Estado a única fonte de poder que debe ser controlada e fronte a cuxos abusos a cidadanía ha de estar protexida. Obviaban ao poder económico, que ao longo do século XX, cos procesos de desregulación e

¹¹ Mais este modelo que impón a muller como anxo do fogar constrúese non se reaccións, tamén na prensa para mulleres. Freire Lestón fai referencia ao impulso, no segundo terzo do século XIX e, en especial a partir de 1840, do debate sobre o papel que lle ha de corresponder ás mulleres na sociedade, que devala entre dous polos: por unha banda, a defensa da muller tradicional "anxo do fogar", e por outra, da man ou ben do socialismo utópico ou de posicionamentos próximos ao catolicismo social, e en xeral do liberalismo progresista, o posicionamento a prol do cambio no rol das mulleres na sociedade. Esta disputa trasladarase tamén ao ámbito da prensa para mulleres de modo que, á beira de revistas burguesas basadas nun modelo tradicional de feminidade, abrollan tamén publicacións de marcado carácter reivindicativo, feministas e emancipistas (Pérez Lúcas, 2006). Entre eles, *La pensadora gaditana*, que nace xa no XVIII como reacción ao discurso contra as mulleres do xornal *El espectador*.

concentración neoliberal dos que os medios han ser tamén protagonistas, cobrará unha centralidade cada vez maior no sistema, ficando reducido o propio papel do Estado, que desiste da súa función regulamentadora a favor da libre actuación dos mercados. Tamén no escenario mediático, onde a lexislación se adapta para favorecer os procesos de concentración¹². Cun agravante non menor. Se o Estado está suxeito a procederes democráticos, que poden ser levados á práctica con máis ou menos acerto ou respecto, pero que en todo caso existen e están establecidos de antemán como parte dun contrato social previo do que toda a cidadanía participa, o poder económico desenvólvese e medra á súa marxe. Á marxe, na engrenaxe interna de funcionamento do poder económico, alleo por completo á cultura democrática. Á marxe nos controles estatais externos, que no contexto neoliberal apupan o libre xogo mercantil. E á marxe tamén do papel da prensa como control, á que somete á lóxica dos réditos mercantís, esquecendo así que a información é un ben público, un dereito das e dos cidadás en todo contexto democrático.

A prensa, que erguera o seu papel de can gardián fronte ao poder político, actuará porén coa docilidade das mascotas domésticas fronte ao poder económico. Un dos principais factores que marcan na actualidade a "agonía do cuarto poder", glosando o ensaio de Carlos Ruíz, porque, como sinala o autor, a democracia é a vitoria da palabra, e o "periodismo é a condición da palabra política nas actuais sociedades democráticas. Mais os males que padece non permiten que nos cheguen todas as palabras" (Ruíz, Carlos, 2008, pp. 413-414). Xa o diagnosticaba Lippmann á altura da segunda década do século pasado:

Na medida en que se interpoña entre o cidadán común e os feitos unha organización de noticias guiada por criterios enteiramente privados e alleos a todo exame, non importa o sublime que sexan, ninguén poderá afirmar que a esencia do goberno democrático estará segura (2011, p. 7).

"O mercado —expón Curran case un século despois— pode xerar, non cans gardiáns independentes que serven ao interese público, senón mercenarios empresariais que axustan o seu escrutinio público para facelo encaixar cos seus intereses privados" (2005, p. 245). O delicado equilibrio entre as dúas almas da prensa a defensa dos intereses públicos e os seus intereses particulares como empresas— decántase cada vez máis cara ao que ten que ver coa segunda parte da disxuntiva. Non só porque sexan empresas á procura, polo tanto, de beneficio económico, senón porque, ademais, as súas dimensións cada vez son maiores e maior tamén a súa imbricación na rede de intereses compartidos con outros adalides do poder económico. As vellas empresas de carácter ideolóxico e/ou familiar —expón Díaz Nosty— virarán en corporacións de amplo espectro, "cunha estrutura de vencellos crecente que sitúan aos titulares, incluso dende o estrito punto de

¹² Dos procesos de concentración que convulsionaron nos últimos anos o mercado mediático español dá conta o xornalista Pascual Serrano en *Traficantes de información. La historia oculta de los grupos de comunicación españoles* (2010). Serrano analiza así mesmo como as modificacións lexislativas dos últimos anos, entre elas, a que supuxo a Lei Xeral de Comunicación Audiovisual aprobada en 2010, favorece a concentración. Unha lei que, expón Serrano, non obriga a respectar o límite máximo do 27% da audiencia unha vez realizada a adquisición, que non ten en conta que distintos grupos de comunicación adoitan compartir empresas de publicidade (o que fai habitual que, de novo, se supere ese límite por tales consorcios de publicidade) e que, ademais permite que a ou o accionista poida participar en diferentes prestadores sempre que queden tres sen a súa presenza (2010, p. 303).

vista mercantil, dentro dos distintos núcleos ou conglomerados do sistema reitor"¹³ (1995, p. 35). Corporacións que perden o seu carácter familiar para entrar nos mercados bursátiles e acrecentar a súa dependencia financeira e de capitais estranxeiros, tal e como explica Nuria Almirón (2009).

As empresas mediáticas son parte, e polo tanto, dificilmente xuíz, dese sistema reitor do que nos fala Díaz Nosty. Máis aínda dende que a entrada na propiedade dos medios de grupos alleos a este mundo, acrecenta a súa rede de dependencias a intereses que se afastan do estritamente xornalístico (Nobre-Correia, 2002, p. 91). Conivencia que interesa tanto aos propietarios dos medios, para aumentar o seu capital económico, como aos accionistas, de cara a incrementar o seu capital simbólico. De aí esa menor vixilancia que, tal e como constata Curran, os medios fan da burocracia empresarial que da pública (Curran, 2005, p.243).

O acrecentamento da vocación empresarial e de beneficio económico dos medios vai parella á consideración da audiencia, non como cidadá, senón como consumidora. As consecuencias non son menores. Como cidadás, as e os receptores dos medios son, ante eles, suxeitos de dereitos que os medios, de acordo coa súa función de piar do sistema democrático ha defender. Como consumidora, da audiencia preténdese, de modo prioritario, espremer o beneficio económico mediante o incentivo ao consumo (Díaz Nosty, 1995, p. 19) dado que a publicidade, máis aínda que os lectores e lectoras, é a principal vía de ingresos da prensa. A dimensión cívica da audiencia fica así en segundo lugar, o que ten repercusións para a democracia porque, tal e como sinala Curran, "as persoas que están informadas e participan activamente na sociedade civil son unha forza moito máis formidable e menos dominable que as que só son activas como consumidoras" (2005, p. 269).

Neste escenario, no que segundo Díaz Nosty os medios non responden xa a correntes plurais, senón a intereses mercantís, sitúa o autor a hipótese da democracia degradada, que asenta en varios factores: a crise ideolóxica, que reduce o pluralismo permitido na escena mediática á prevalencia dos valores do mercado e ao consensuado polos núcleos de poder; a desregulación e a globalización da acción, que mingua o ámbito de actuación do estado e desgasta a lexitimidade das institucións, así como a confianza cega no desenvolvemento tecnolóxico como factor de progreso.

Ante contexto tal, resulta en primeiro lugar insuficiente a función de can gardián fronte ao Estado da que os medios ficaran responsabilizados pola teoría liberal. Mais tampouco a prensa pode cumprir de modo adecuado cos outros obxectivos que lles encomendara, tal e como sinala Curran. É difícil que poidan exercer de foro de debate, cando: 1) o número e diversidade ideolóxica dos foros mediáticos se ve reducido porque os altos custes de entrada ao mercado socavan a liberdade de publicación, 2) os procesos de concentración deixan en menos mans a propiedade dos medios; 3) tal e como sinala Chomsky en *Los guardianes de la libertad* e fora tamén apuntado, como vimos de ver, por Díaz Nosty, a riqueza do debate vese reducida a un marco ideolóxico limitado ao permitido polas elites político-económicas e 4) as propias esixencias do mercado, a procura incesante de audiencias, reduce o debate intelixente e racional, de modo que os medios se dirixen máis á información sobre o suceso que sobre o proceso,

¹³ Díaz Nosty identifica o sistema reitor fundamentalmente cos intereses que concorren na titularidade do poder económico. Defíneo como "agregación de poder non coincidente coa expresión institucional da xestión política e, en todo caso, cunha virtualidade fáctica superior a esta, que se expresa a través de mecanismos relacionais que acadan á sociedade no seu conxunto e cuxo ámbito potencial e o seu grado de continuidade non se cinguen ao territorio do Estado (1995, pp. 32-33).

ao estereotipo fronte á explicación pausada da realidade en toda a súa complexidade e á explotación do enfoque humano da información (con tinguiduras adoito espectaculares) fronte á abstracción que explore a liña rizomática de carácter contextual, causal e proxectiva na que arraiga a parcela da realidade sobre a que se informa.

Complexo é tamén que poidan os medios satisfacer a súa encomenda como representantes da cidadanía fronte a quen goberna. Porque o pluralismo externo é hoxe en día cuantitativo máis non cualitativo (Ruíz Carlos, 2008, p. 427) dado que a pluralidade está limitada pola competencia, é dicir, aos medios que teñan suficiente podería económico como para resultar vencedores no mercado mediático. Porque o pluralismo, neste caso interno, está tamén limitado pola rede de intereses político-económicos aos que os medios atenden en función da súa liña ideolóxica ou da recadación de recursos económicos para subsistir e/ou rendibilizar o seu beneficio, o que limita a diversidade de voces ao interior do propio medio. E porque, ademais, e tal e como sinala Miguel Vázquez Freire, a propia cidadanía "acepta pasiva ou compracentemente o sometemento cada vez maior da información á lóxica comercial". A información vira en entretemento, máis aínda dende a creación de grandes imperios mediáticos que casan a recoñecidas empresas informativas con multinacionais do mundo do ocio, como a absorción de Time Life por Warner ou de ABC por Disney. E a audiencia, acéptao e promóveo porque, sostén Curran, procura nos medios máis entretemento ca información. Unha situación que, indica o autor norteamericano, contribuíu ao propósito dos grandes magnates da comunicación: "O que lle axudou a Murdoch e aos seus compañeiros de ideoloxía é que o vínculo que adoitaba existir entre medios de comunicación e opinión pública viuse debilitado pola crecente orientación dos medios de comunicación ao entretemento" (2005, p. 257).

Esta aguda mercantilización dos medios afecta de modo directo á construción e afortamento das mulleres como cidadás. O abandono por parte dos medios do seu rol como protector da cidadanía fronte aos abusos do poder agrávase no caso da metade feminina da poboación. Parte importante na responsabilidade deste abandono de funcións recae hoxe en día nos grandes magnates da comunicación (en masculino, porque son fundamentalmente homes) que atenden antes a intereses comerciais que xornalísticos, e que ademais, segundo sinala Curran, están imbuídos de valores conservadores de dereitas. O que pode ter consecuencias, pois é na cosmovisión ideolóxica de dereitas onde arraigan tamén os posicionamentos máis conservadores respecto ao rol das mulleres na sociedade e menos permeables fronte ás reivindicacións feministas. Do que resulte desta conxunción é un bo exemplo Silvio Berlusconi, a quen Peter Dahlgren apunta como caso extremo nas democracias occidentais (2009, p. 23). O ex primeiro ministro italiano conseguiu arrexuntar no seu momento o máximo poder político e o control sobre un gran imperio mediático —o máis grande no seu país— xunto cunha declarada e profesada concepción obxectualizada e sexista das mulleres que soubo transmitir aos medios baixo o seu control. O uso que fixo dende os 80 da imaxe das mulleres nos seus medios, tivo consecuencias devastadoras, en verbas da xornalista Nella Condorelli, creadora da Rede de Periodistas do Mediterráneo. Creouse un modelo televisivo baseado na súa obxectualización como corpo, modelo sobre o que abundan máis polo miúdo Lorella Zanardo, Marco Malfi e Cesare Cantú no documental *Il corpo delle donne*. Ademais, tal e como expón Condorelli, as mulleres foron invisibilizadas na información e afianzouse, en contraposición, o modelo masculino vencedor e emprendedor.

A utilización máis vulgar da muller é o centro de gravidade de Berlusconi. Nun país no que había unha forte movemento político das mulleres—ligado tanto a partidos históricos como á Democracia Cristiana, ao Partido Comunista, o Socialista e aos partidos laicos, como ás expresións do neofeminismo dos '70—, o efecto foi devastador (entrevista realizada por Sandra Chaheer, 2009).

Este modelo trasládase ao Estado español dada a extensión do imperio berlusconiano, e a súa influencia como accionista de Gestevisión Telecinco. Ademais, a través da fusión de Telecinco e Cuatro, Berlusconi consegue ampliar o seu poder ao grupo Prisa (Serrano, 2010, pp. 104-199).

No que ten que ver coa función dos medios como espazo para o diálogo, o empobrecemento dos termos nos que se manexa o debate ideolóxico en especial, o recurso á construción estereotipada fronte á indagación reflexiva sobre o proceso ten efectos sobre o carácter das informacións que visibilizan as problemáticas que están cruzadas de raíz pola socialización de xénero e a desigualdade na distribución de poder, recursos e roles. A violencia de xénero é un bo exemplo, abondo estudado. O seu tratamento como suceso, desligado da raizame causal que a provoca, así como a permanencia de estereotipos que criminalizan á vítima e desculpan ao agresor, forma parte recorrente da literatura académica existente ao respecto, porque a espectacularización da información, o morbo e o recurso a estereotipos funcionan como gancho para atrapar de maneira fácil á audiencia. A abordaxe da prostitución é outro bo exemplo, que abordarei nesta tese máis polo miúdo, pois os medios, cinguidos ao estereotipo, non son quen de reflectir a complexidade que rodea a esta realidade social.

Así mesmo, a información que, sobre igualdade de xénero, ofrecen os medios está delimitada polos corsés dun marco tácito de consenso, neste caso restrinxido a aquela parte dos argumentos feministas que coinciden coa liña de argumentación institucional. A incorporación do discurso feminista ao mediático depende en boa medida da súa asimilación previa polo discurso político.

Canto á función de representación da cidadanía que os medios han xogar, a súa mercantilización e o consecuente cambio na consideración da audiencia consumidora, antes que como público non fai senón agudizar os estereotipos de xénero máis tradicionais. Porque a estereotipia de xénero obedece a intereses, non só ideolóxicos, senón tamén mercantís. A construción simplificada da realidade que os estereotipos ofrecen forma parte da bagaxe común de coñecementos da poboación. De aí que o seu uso proporcione aos medios unha estratexia eficaz de conexión rápida coa audiencia. No que á representacións de xénero respecta, a estereotipia aplicada polos medios bota man, tal e como se indica noutro apartado desta tese, do imaxinario patriarcal máis arraigado: a obxectualización do corpo da mulleres como incentivo ao consumo e a presenza de estereotipos como a suposta vaidade e frivolidade femininas e o seu rol como nais e coidadoras, tanto na información, como no entretemento e a publicidade. O que se une á invisibilidade á que, na información, están suxeitas as mulleres como protagonistas, expertas, voceiras e fontes, así como á aplicación aínda escasa da perspectiva de xénero ao traballo xornalístico.

1.3.5.3. Da responsabilidade social da prensa

A teoría liberal confiaba na liberdade de prensa, entendida ao modo de libre competencia entre medios sen inxerencia do Estado, como garante da súa función democrática. Porén, como vimos de ver, a teoría liberal queda desactualizada hoxe en día canto que non explica, como expón Carlos Ruiz (2008), "o comportamento actual

dos medios de comunicación informativos nas sociedades democráticas". A liberdade de prensa é, na actualidade, fundamentalmente entendida por parte dos medios como liberdade de empresa, e a liberdade de expresión, como liberdade "da súa expresión", é dicir, de expresión en función dos seus intereses privados. As empresas informativas consideran a información propiedade súa, sen esquecer que é tamén un ben público e un dereito fundamental recollido constitucionalmente. Fronte a tal concepción, a teoría da responsabilidade social denuncia o abandono que os medios fan do seu papel cívico en beneficio do propio lucro. Invocámola nesta tese doutoral porque conecta coas reivindicacións que, dende diversos colectivos vinculados á defensa da igualdade e en contra da violencia sexista, esixen dos medios compromiso na loita contra as discriminacións de xénero.

A teoría da responsabilidade social xéstase ao calor da *Commission on the Freedom of the Press*, máis coñecida como Comisión Hutchins (1947). Tal e como explican Fernández del Moral e Esteve Ramírez, na Comisión Hutchins "adquire por primeira vez corpo unitario o conxunto de ideas que conflúen nesta visión crítica e reformista da vella teoría liberal". Considérase que é deber da prensa pasar do plano da violencia ao da discusión, para o que os medios deben non só informar, senón explicar o significado daquilo sobre o que se informa, achegando ademais unha imaxe representativa dos diversos grupos que conforman a sociedade, tendo en conta metas e valores sociais e servindo de foro de críticas e comentarios (Fernández del Moral e Esteve Ramírez, 1993, p. 79). A Comisión parte dunha concepción crítica dos medios sintetizada por Siebert, Peterson e Schramm (1956) e recollida por Fernández del Moral e Esteve Ramírez no traballo xa referido na que se denuncia a, entre outras cuestións, o servilismo dos medios para con intereses económicos privados e para coas propias ideas e prioridades dos propietarios, así como a súa resistencia ao cambio social.

Fronte á esixencia de compromiso coa igualdade e contra a discriminación, a estereotipia e a invisibilidade, os medios adoitan refuxiarse en dous argumentos. Un deles invoca á liberdade de expresión, que se ergue como bandeira fronte a calquera tipo de limitación ou regulación que se quixer establecer. O outro, aos principios nos que tradicionalmente se baseou o "profesionalismo", aqueles rituais estratéxicos, en verbas de Gaye Tuchman, dos que as e os xornalistas botan man para protexérense de críticas externas esgrimindo como escudo a defensa dunha obxectividade entendida como mero formalismo.¹⁴ Unha obxectividade, en todo caso, de ritual, amparada en mecanismos formais como o emprego das declaracións entre aspas ou a contraposición de testemuños enfrontados, mais non de método, dun método que procure a verdade e non as diferentes versións da mesma segundo as declaracións dos diversos actores sociais considerados de relevancia en relación coa realidade da que se informa, un método que procure sentido, a comprensión da realidade, e non a mera exposición de puntos de vista contrapostos. En verbas de Luís Álvarez Pousa, a obxectividade de ritual non só non

¹⁴ Gaye Tuchman enumera, entre os rituais estratéxicos de carácter formal empregados pola profesión xornalística para considerar como obxectiva unha información, os seguintes: o emprego de aspas, a exposición das diversas opcións de verdade en conflito, a separación dos "feitos" das opinións, a presentación dos principais "feitos materiais" en primeiro lugar e a exposición de evidencias suplementarias para soste un feito. Mais, todas estas estratexias, como amosa a autora, poden ser empregadas para a defensa de intereses subxectivos: a/o xornalista pode levar ao titular un determinado dato e non outro para editorializar de maneira implícita e pode introducir determinadas declaracións, e non outras, para defender o seu posicionamento sen facelo explícito. Ademais, con limitarse a expor o que diverso axentes afirman ao redor dun feito non demostra o que de realidade poida haber tras esas afirmacións. Incluso a exposición de evidencias suplementarias bebe da crenza de que os feitos falan por si mesmos cando a afirmación e aceptación dos feitos—sinala Tuchman citando a Shibutani (1966)— depende en boa medida dos procesos sociais.

asegura o obxectivo fundamental do xornalismo, achegarse o máis posible á verdade do sucedido, senón que o sacrifica a cambio de seguridade, "levados por un afán de autodefensa corporativa antes que por responder desde a responsabilidade social contraída" (Álvarez Pousa, 2004, p. 63).

O emprego de técnicas rutineiras de base, aquelas que fan da fonte, e non da ou do xornalista o autor da información, fronte a unha metodoloxía que procure a verdade do sucedido, é o que marca a diferenza entre profesionalidade e profesionalismo. Nesta tese doutoral, como logo defenderei máis polo miúdo, deféndense os métodos propios do xornalismo de investigación e do xornalismo especializado, como os máis idóneos para a comprensión da realidade. En verbas de Luís Álvarez Pousa (2010, p. 307),

Non traspasando o limiar da obxectividade de ritual, aquela que lle nega ao profesional da información o seu papel como produtor de significado, o xornalista renuncia a poñer en marcha os procedementos operativos que o achegarán ao ideal de veracidade. Ao que renuncia é a entender e a practicar a obxectividade de método, tal como a denomina Gaye Tuchman, que si garantiría en cambio a produción de significado, unha función que se fai imprescindible para que os cidadáns accedan con garantías á verdade do sucedido.

O profesionalismo reforza un xornalismo de baixo perfil, aparentemente desideoloxizado, mais que en realidade está ao servizo dun modelo liberal de xornalismo debedor das esixencias da teoría liberal aplicada á cidadanía, que "exclúe a súa participación nas tomas de decisión, e coloca á opinión pública no ámbito do privado" (Álvarez Pousa, 2010, p. 306).

As tensións entre responsabilidade social e liberdade de expresión, adoito utilizada para defender intereses pecuniarios das empresas mediáticas, son frecuentes cando se procura esixir dos medios máis implicación en materia de igualdade. Serven de exemplo as reaccións dos editores españois contra os intentos do último dos gobernos presididos por Rodríguez Zapatero para retirar da prensa os anuncios de sexo de pago invocando, entre outras razóns, a degradación da imaxe da muller neles explícita. A defensa da liberdade de expresión dos anunciantes e a liberdade publicitaria das empresas e das persoas é precisamente un dos principais argumentos utilizados pola AEDE, a Asociación de Editores de Diarios Españois. Mais trala defensa da liberdade de expresión agóchanse con frecuencia intereses pecuniarios. A propia patronal dos editores españois chegaba a recoñecer que "renunciar a parte dos seus ingresos publicitarios dificultaría gravemente a dificultade de calquera negocio". En España, o informe da ponencia sobre a situación da prostitución no Estado (2007) cifraba en 40 millóns de euros os beneficios anuais obtidos pola prensa estatal. Unha cantidade estimada en Galicia en cinco millóns de euros en 2009 polo xornalista Marcos Pérez Pena.

Estas tensións chegan á propia lexislación, que se resiste a establecer límites á liberdade de expresión e atopa unha vía intermedia na invocación á autorregulación. Ao que se une o feito de que as leis de igualdade, tal e como recoñece a socióloga Rosa Cobo (en Puñal, 2009), son propositivas, non impositivas, é dicir, o seu incumprimento non supón sanción. Este ton propositivo e vago domina as referencias aos medios de comunicación nas normas. A Lei integral contra a violencia de xénero indica que os medios de comunicación "fomentarán a protección e salvagarda da igualdade entre o home e a muller, evitando toda discriminación entre eles". A Lei Orgánica para a igualdade efectiva de mulleres e homes, no seu título III, expón que "todos os medios

de comunicación respectarán a igualdade entre mulleres e homes, evitando calquera forma de discriminación”. Indica, ademais, que as administracións públicas "promoverán a adopción por parte dos medios de comunicación de acordos de autorregulación que contribúan ao cumprimento da lexislación en materia de igualdade entre mulleres e homes, incluíndo as actividades de venda e publicidade que naqueles se desenvolven” e que "as Autoridades ás que corresponda velar por que os medios audiovisuais cumpran as súas obrigas adoptarán as medidas que procedan, de acordo coa súa regulación, para asegurar un tratamento das mulleres conforme cos principios e valores constitucionais”.

O contexto europeo é exemplo así mesmo de baleiros legais ocasionados de maneira intencionada pola priorización da liberdade de expresión fronte a calquera outro compromiso cívico que aos medios se lles esixa. Así, a Directiva do Consello de Europa do 13 de decembro de 2004 pola que se aplica o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres ao acceso e subministro de bens e servizos exclúe aos medios de comunicación. E a reforma en 2006 da Recomendación de 1998 sobre a protección de menores e a dignidade humana no audiovisual di que, aínda que é preciso protexer contra a discriminación, isto debe facerse sen infrinxir a liberdade de expresión da prensa.

Canto á invocación dos códigos deontolóxicos e das rutinas como garante de obxectividade, sinala Isabel Menéndez que estes, de maneira voluntaria ou involuntaria, están atravesados por nesgos "que impiden cualificar os produtos que elaboran os medios de comunicación como neutrais ou obxectivos" (2010a: iv). Os medios adoito retrucan que eles reflicten a realidade tal cal é cando se lles esixe a incorporación de boas prácticas e de modificacións nos contidos como sinal dun maior compromiso con certas problemáticas político-sociais, como a desigualdade e a violencia de xénero. Porén, agochan que a realidade sobre a que poñen o foco é escollida intencionadamente e adoita coincidir cos escenarios de poder, de carácter marcadamente masculino. A súa é, como expuxemos xa neste traballo doutoral á hora de argumentar a función dos medios como construtores da realidade social, non un visión especular senón unha mirada manufacturada e, polo tanto, de obxectividade cuestionable.

1.3.5.4. Novas tecnoloxías: máis democracia ou crise do xornalismo?

Non hai consenso respecto ao futuro que as novas tecnoloxías bosquexan sobre o xornalismo e a democracia. As opinións son ambivalentes. As visións máis optimistas consideran as novas tecnoloxías, internet e as redes como posibilidade para a implementación dunha democracia máis participativa e dun xornalismo menos xerarquizado e máis horizontal, interactivo e aberto ás voces da cidadanía. Dende aquelas máis pesimistas incídese en que máis visibilidade non implica transparencia maior, en que a rede está a fragmentar a esfera pública e por si soa non é condición suficiente para a construción dunha cidadanía máis crítica e en que, ademais, o xornalismo tradicional está a sufrir unha crise, provocada en boa parte polo avance tecnolóxico, que non vai parella a un incremento do prestixio e a calidade dos novos medios. Se traemos aquí estas reflexións é porque o panorama comunicativo que internet está a articular tamén ten repercusións para o afortalamento das mulleres como cidadás. Tanto polas oportunidades que abre, como polo risco de exclusión que permanece activo trala fenda dixital. Abondamos, nos parágrafos que seguen, nos termos en que o debate se manexa e na súa relectura dende unha perspectiva de xénero.

Na "sociedade da información", esta convértese na principal produtora de valor. A información e o coñecemento—tal e como sinalan Paquete de Oliveira et al. (2002) en referencia aos sociólogos americanos situados na liña de Daniel Bell "importan máis que a man de obra e que o mesmo capital" (2001, p. 101). Se a información e a comunicación pasan a copar o protagonismo das sociedades contemporáneas occidentais, e se estas son así mesmo ingredientes básicos das receitas democráticas, é inevitable a pregunta polas repercusións de escenario tal para a democracia.

En relación co abano de oportunidades que as novas tecnoloxías abre, xorde o concepto de democracia electrónica que alude, seguindo a definición de Hague e Loader, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación para estender a natureza democrática da sociedade (citado por Peter Dahlgren (2002, p. 163). Dentro desta categoría pódense encadrar ademais as diferentes versións encarnadas nos termos teledemocracia, ciberdemocracia e democratización electrónica, segundo a clasificación establecida por Martin Hagen e referenciada por Oriol Prats e del Álamo (2001). O concepto de teledemocracia nace na década dos 70 do pasado século e expándese nos 80 ligado á confianza nas posibilidades do desenvolvemento da televisión por cabo. Ante os fallos observados no sistema representativo, e a conseguinte frustración e afastamento da cidadanía con respecto á política formal, as e os defensores da teledemocracia avogan por formas de democracia directa para mellor satisfacer as demandas cidadás. Céntranse, polo tanto, no voto e no fomento da participación, para o que se considera esencial a dispoñibilidade dunha completa información política. O concepto de ciberdemocracia, porén, está ligado á posterior expansión das redes no ciberespacio. E, malia a que tamén vai unido á reivindicación de formas máis directas de democracia, porén entende a participación de forma máis extensa ca no caso anterior, dado que non a limita ao voto senón que ademais incide na importancia da discusión e da creación de comunidades, virtuais ou non, para contrarrestar as formas centralizadas de goberno. As e os defensores da democratización electrónica, pola contra, non pretenden, das novas tecnoloxías, instrumentos para a democracia directa senón fórmulas para o fortalecemento da democracia representativa. Consideran que a apatía política da poboación non se debe ao sistema en si, senón ao seu mal funcionamento e poñen na creación de medios novos e alternativos a esperanza para o reforzo da sociedade civil e a creación de canles de comunicación entre a cidadanía e quen a representa que axude a solucionar as deficiencias do sistema. Todas elas comparten, en verbas de Oriol Prats e del Álamo, "a crenza de que as diversas potencialidades dos novos medios —interactividade, maior rapidez na transmisión de datos, a creación de oportunidades para a comunicación de moitos a moitos, a abundancia de información ou os novos medios de control para o usuario poidan contribuír favorablemente no proceso de mellora do sistema político democrático erradicando algunha das súas principais imperfeccións" (2001, p. 10).

Neste escenario convulso, que ten na comunicación epicentro do cambio, ao xornalismo impónselle a necesidade de repensarse. As tecnoloxías da información e da comunicación proporcionan acceso a máis información e de modo máis rápido. Danlle á cidadanía a posibilidade de interactuar, de modo que o esquema xerárquico "un emisor/a-receptores/as múltiples", sen posibilidade de apenas feed-back, se ve modificado de raíz. Tanto porque as cidadás e os cidadáns poden converterse facilmente en comunicadores, a través das alternativas facilitadas polas novas tecnoloxías, como polo feito de que, ademais, se lles dá a posibilidade de interactuar nos medios de comunicación xornalísticos. Ese estado de "benestar informativo", en tanto que calquera

persoa pode de maneira sinxela, sen intermediarios e con baixos custos sempre que estea dixitalmente alfabetizada— facer chegar a súa mensaxe a espectros potencialmente elevados da poboación, despraza ao xornalismo do papel central que viña ocupando na esfera pública como vía de acceso á información e na configuración de axenda. Internet propicia a xeración de novos espazos cívicos, o que Dahlgren (2010, 28-29) denomina EPCC (esferas públicas cibernéticas cívicas), onde se inclúe a blogosfera, as redes sociais ou os esforzos comunicativos de movementos sociais de diverso tipo, que proporcionan novas formas non só de participación senón de acceso á información e de circulación da mesma, e que fan así posible que se escoiten voces a cuxas mensaxes non sería posible acceder a través dos medios de comunicación tradicional, cunha forte dependencia das

Neste espazo que abren as EPCC, segundo Dahlgren, poderemos observar "os contornos dun novo xornalismo emerxente e en proceso de estabilización", que probablemente non sexa "clásico nas súas formas ou modos de expresión pero do que deberemos agardar que o sexa na súa contribución á democracia. Nesta revisión que necesariamente ha de acometer o xornalismo, sinala Charlie Beckett, nunha efusiva defensa da adaptación ás posibilidades que ofrecen as TICs, o exercicio profesional no futuro deberá

ser participativo durante o proceso de produción e difusión. Contará con múltiples plataformas en lugar de ser lineal. Pasará de ser unha fábrica de artigos manufacturados a ser unha industria de servizo, o eixe dun proceso en creación. A "fortaleza" das redaccións corporativas e profesionais será reempresada por unha rede que incluírá a sociedade civil, os individuos, as compañías e os gobernos como grupos e como persoas (Beckett, 2010, p. 46).

Mais ese novo contexto tamén xera espellismos derivados do optimismo tecnolóxico e novas incertezas para a profesión e para os medios tradicionais. Entre os espellismos, a confusión entre información e coñecemento ou entre dispoñibilidade de información e acceso á mesma. A primeira deriva da ilusión de omnisciencia e transparencia do saber, en verbas de Dominique Wolton, que xeran os avances tecnolóxicos, "como se o acceso en tempo real á información nos posibilitase o acceso a un coñecemento inmediato". O coñecemento implica capacidade para a asimilación e comprensión da información, o que require tempo e un traballo de procesamento ao que o xornalismo, na súa función de explicación e comprensión da realidade, debe contribuír de modo ineludible. Segundo Wolton,

Se o ideal da modernidade nacente consistiu en producir e difundir o máis rápido posible a información, virándoa accesible sen os intermediarios que supuña outras tantas censuras, a situación actual apela a unha lóxica inversa: hai que ir con menos presas, reintroducir mediadores do saber e da cultura co fin de darlle sentido a unha información sobreabundante, desbordada de contido (2002, p. 129).

Ademais, a sociedade da información é a dos, e en especial a das, excluídas da información, como logo veremos máis polo miúdo. Dela beneficiaranse, como cidadás, aquelas persoas que, en primeiro lugar, poidan ter acceso á mesma, mais que tamén dispoñan do suficiente nivel de alfabetización dixital como para converterse en comunicadores/as e integrarse nos procesos de participación na rede. Non poder acceder

afonda no primeiro destes *gaps*. Non dispor das habilidades necesarias para aproveitar as posibilidades que as novas tecnoloxías nos ofrecen, aínda que si teñamos acceso, marca as dimensións do segundo. Porque, tal e como sinala Paquete de Oliveira (2002), a sociedade da información e da comunicación podería converterse na sociedade dos excluídos e sepultadas pola súa capacidade para dixerir a información.

Entre as incertezas que abre a sociedade da información e a comunicación está o propio futuro do xornalismo. As novas tecnoloxías afondaron na crise económica da prensa tradicional, pola caída de lectores/as e publicidade derivada da posibilidade de poder obter en internet, e de maneira gratuíta, a información, e pola multiplicación da información accesible e das posibilidades de comunicar, o que instaura a ilusión de que xa non é necesario quen intermedie. Entra en grave crise a prensa escrita, mais tamén o propio xornalismo como profesión. En verbas de Luís Álvarez Pousa (2012), a dimensión normativa do xornalismo —relacionada cos niveis de mediación, pluralidade e diversidade— é abandonada e as e os profesionais da información viran en provedores de contidos en competición con outras múltiples canles de provisión de contidos non profesionalizadas e suxeitos a criterios exclusivamente mercantís:

Por paradoxal que pareza, a chegada da sociedade da información, que multiplica canles e difunde simultánea e ininterrompidamente información, fixo que o xornalista perdesse o poder do que veu dispoñendo como referente necesario e único que foi nos procesos de produción informativa. Segue recoñecéndose o seu papel de actor social, pero está perdendo a representación da que sempre gozou —a cidadanía delegara nel a súa condición de propietaria da información, converténdose agora en competidora—, como tamén está perdendo presenza e capacidade de influencia en beneficio da empresa, que realza cada vez máis o papel institucional e decisivo do editor.

A desaparición das e dos xornalistas como mediadores ten efectos non menores, porque con eles dilúese o tratamento profesionalizado da información, e o coñecemento e a posta en práctica dos procedementos precisos para a súa obtención, contraste, procesado e tratamento. O que leva a autores como Philip Meyer (2010) a propor alternativas para a capacitación técnica e a incorporación de principios deontolóxicos das e dos cidadáns que se introducen na elaboración de información a través das diversas alternativas que proporciona a rede.

Por outra banda, e como xa apuntaba Álvarez Pousa na cita arriba referida, as novas organizacións on line non están libres, tampouco, de intereses económicos. Para Dahlgren (2008, 1977), nelas o poder está máis en quen toma as decisións económicas que na sección editorial, máis aínda que nos medios tradicionais, dado que non contan coa tradición do xornalismo institucional, suxeito á súa dobre vertente de empresa mais tamén de can gardián e garante de dereitos e liberdades constitucionalmente protexidos. Así mesmo, Paul Starr fai alusión á opacidade das fontes de financiamento da prensa dixital (2010, 72) e, afirma, que "mentres que o novo entorno dixital está máis aberto ao xornalismo cidadán e á libre expresión de opinións tamén o está ao xornalismo mercenario". Hai, sinala o autor, poucos indicadores claros en internet que permitan saber, nos blogs e sitios web, de onde reciben financiamento.

Aínda que o autor é consciente dos males da prensa tradicional, e o abandono do seu papel normativo a prol de intereses privados propios, coida aínda así que o seu declive non pode senón traer máis corrupción, acubillada nos espazos que quedaran ocultos tralo o apagón informativo derivado da caída da prensa.

Starr, ao igual que fan outros autores, como é o caso de Philip Meyer (2010), advirte do risco de polarización ideolóxica dada a fragmentación da esfera pública, que rompe así co papel tradicional da prensa como praza común na que debater os asuntos da polis. Son, en definitiva, os riscos da especialización entendida como "nichificación", é dicir, como creación de contidos para públicos moi determinados, tamén no ideolóxico. Fronte a ela, neste traballo defendo outra forma ben distinta de entender a especialización no xornalismo: como translación á area pública, a ese espazo de todas e todos os cidadáns, e de maneira comprensible, da información que permanece recluída en mans das e dos especialistas, a prol dunha verdadeira democracia cognitiva.

Este novo panorama mediático, de posibilidades, mais tamén ameazas para a construción da cidadanía, afecta de modo particular ás mulleres. O ciberespacio é un ámbito de oportunidades para o activismo feminista, para a creación e fortalecemento de comunidades, para abrir novos ámbitos de participación política e para comunicar e facer escoitar a súa voz. Internet afianzou a construción de redes globais, que lle deron posibilidade ás feministas de organizarse e mobilizarse alén fronteiras e reunindo as experiencias das mulleres do Norte e do Sur, do mundo empobrecido e do enriquecido. Mais o novo escenario tecnolóxico tamén coloca ás mulleres ante carencias e desigualdades de novo cuño. Fronte ás novas tecnoloxías e o ciberespacio xorden voces dispares no seo dos feminismos, dende —en verbas de Cecilia Castaño— a visión utópica que "idealiza as tecnoloxías pola súa capacidade de transformar a economía, a cultura a política e a sociedade" até aquelas olladas máis escépticas, que as critican "pola súa orixe militar e estar relacionadas coas grandes corporacións (2005, 22)¹⁵. No medio, posturas máis matizadas que vén nas novas tecnoloxías, non unha solución inmediata e infalible, máis si unha ferramenta para avanzar nas reivindicacións feministas.

Un dos principais problemas para as mulleres na sociedade da información e do coñecemento está na persistencia de fendas dixitais en función de xénero. Ás mulleres increméntanselle as dificultades para o acceso ás novas tecnoloxías da información e da comunicación, mais tamén están afectadas en maior medida por carencias de alfabetización dixital, tal e como conclúe Cecilia Castaño (2008). Nas sociedades occidentais, as diferenzas entre mulleres e homes no acceso ás novas tecnoloxías son menores, sobre todo entre as xeracións máis novas, o que leva a Castaño a apuntar que esa primeira fenda dixital está xa en vías de superación. Mais non ocorre o mesmo coa segunda fenda dixital, pois as mulleres fan un uso máis restrinxido das novas tecnoloxías e contan cunha formación tamén menor, como amosa a baixa proporción de mulleres neste tipo de ensinanzas, derivada en boa medida dos estereotipos de xénero que enfocan á tecnolóxica como un ámbito en exclusiva masculino. Así, mentres nos países empobrecidos, as mulleres engrosan as cifras da poboación ciberexcluída, nos enriquecidos afrontan un outro risco: o de ser tratadas fundamentalmente como "ciberconsumidoras", non como suxeitos con igualdade de oportunidades reais para a satisfacción do seu dereito á información e a posta en práctica da súa liberdade de expresión no entorno dixital, que poidan apropiarse das posibilidades comunicativas e de información que ofrecen as novas tecnoloxías para un exercicio máis participativo e pleno da cidadanía (Burch, 1999).

¹⁵ Algunhas das voces máis críticas coas novas tecnoloxías pódense encontrar no ámbito do ecofeminismo. Denuncian a súa orixe militar e o seu nesgo patriarcal, así como o propio carácter das relacións de dominación que establecen coa natureza, ligado ao binomio da construción tradicional de xénero que identifica ás mulleres coa natureza e aos homes co dominio irrespetuoso da mesma

Mais as novas tecnoloxías, de podermos dispor delas sen dificultades de acceso e coas capacidades suficientes para espremer as súas potencialidades, son motor importante para o empoderamento das mulleres, para a reivindicación de dereitos e para o cambio social. "Internet—indican Eva M. González e Martha Burkle (2006)—ofrécelle ás muller un sen número de beneficios: permítelles comunicarse unhas con outras máis aló das limitacións do espazo ou da distancia física. Aínda cando non beneficia a todas da mesma forma, día a día mulleres de todo o mundo conéctanse a Internet. Esta realidade reforza as relacións e é unha forma de solidariedade e un medio para o empoderamento e a creación de cibercomunidades".

As novas tecnoloxías posibilitan, en primeiro lugar, unha oportunidade sen igual para activar redes a nivel global. A experiencia da IV Conferencia Mundial da Muller, en 1995 e en Beijing, foi precursora ao respecto. Puido ser seguida on line en moi diversos lugares do planeta e, con carácter previo á súa celebración, organizáronse listas de correo que serviron de espazo de debate no que se fixaron as posicións dos diversos grupos de mulleres (Boix, 2002). A propia Plataforma de Beijing, xestada na Conferencia, recoñecía a necesidade de estimular as redes de comunicacións de mulleres, entre elas "as redes electrónicas e outras novas tecnoloxías aplicadas á comunicación, como medio para a difusión de información e o intercambio de ideas". Dese espazo de encontro xurdiron iniciativas, como as propiciadas dende o programa APC-Mujeres, da Asociación para o Progreso das Comunicacións, entre as que se encontran as primeiras redes dixitais de mulleres en España. Tamén neste cambio de milenio se xesta a Marcha Mundial das Mulleres, outra das experiencias referente na capacidade do feminismo para o emprego do ciberespacio na conformación de redes que atravesan fronteiras. Con orixe en Canadá, en só cuestión de meses conseguiu mobilizar a máis de 6.000 ONGs en outubro de 2000 en Nova Iork (Larrondo Ureta, 2005) e converteuse nun referente no diálogo e na acción conxunta de mulleres do Norte e do Sur.

Mais as novas tecnoloxías son non só canle de participación senón tamén plataforma para amplificar a súa voz, dado que lles permite crear, sen excesivos custos, os seus propios medios. Dada a escasa marxe que, para as mulleres, se deixa nos medios de comunicación tradicional, o ciberespacio convértese nunha alternativa eficaz para divulgar a información dende unha ollada feminista e de xénero. "Certificación Aina Larrondo— que o número de espazos comunicativos propios das feministas no entorno dixital resulta verdadeiramente prolizo: *blogs*, axencias de información, xornais e revistas, radio online, televisión, etc., recursos todos eles que evidencian o interese de explotar as vantaxes que proporciona o proceso de comunicación dixital". A web 2.0, que pon o centro na consideración da persoa usuaria como creadora e copartícipe na elaboración de contidos a través de instrumentos varios (wikis, blogs, redes sociais,...) é cualificada así mesmo por Lourdes Muñoz (2010) como espazo idóneo para a presenza das mulleres en internet, "polo seu fácil uso, porque se trata dunha rede plana e cidadá". E máis tendo en conta que, segundo amosan xa algúns estudos, como o liderado por Keith Hampton ou o realizado por Women at NBCU, as mulleres lideran xa as redes sociais. Muñoz mesmo considera a rede como un espazo esencialmente feminino, polo seu carácter horizontal (ao igual que o modo en que tradicionalmente se organizou o movemento de mulleres) que elimina os obstáculos que as estruturas xerárquicas supoñen para a participación feminina no espazo público.

Cumpriría, porén, distinguir entre aquelas iniciativas comunicativas que serven de voceiro ao movemento feminista, mais que non responden a un traballo xornalístico, e

aqueloutras que teñen un carácter profesionalizado. A rede é espazo para o xurdimento de medios de comunicación con perspectiva de xénero, como acontece, no contexto español, coa axencia de noticias AMECO Press (www.amecopress.net), á que facemos referencia noutro apartado desta tese doutoral. Unha oportunidade, pois, para aplicación á información dunha perspectiva á que son remisos os medios de comunicación tradicionais.

Ábrese, chegadas a este punto, un debate respecto ás estratexias comunicativas máis idóneas para os fins dos feminismos, que tamén ten eco noutros movementos sociais: persistir na incorporación da súa voz aos medios de comunicación de carácter xeralista ou centrar os esforzos na configuración e mantemento de medios de comunicación propios. Montse Boix (2002) refuga da disxuntiva e avoga pola compatibilidade das dúas estratexias. Perspectiva que comparto e defendo neste traballo. Porque, malia a que, tanto dende os feminismos como dende outros nodos do tecido cívico sexa útil e conveniente a creación de medios propios para a divulgación dunha mensaxe que, doutra maneira, tería difícil eco nos medios de comunicación tradicionais e/ou de carácter xeralista, porén, cómpre non esquecer que estes últimos seguen a funcionar como foro común da cidadanía, a modo de praza onde poder encontrámonos e debater, o que é unha conditio sine qua non para o funcionamento democrático e un antídoto fronte á fragmentación da esfera pública. Nesa concepción incardínase unha das principais propostas e piares teóricos deste traballo: a incorporación da perspectiva de xénero de modo transversal á información, unha información que, na sociedade do coñecemento, ha de apostar pola calidade e a elaboración especializada. Non para trasladar coñecementos dunha elite do saber a un público reducido e nichificado, senón para incorporalos ao centro mesmo desa praza pública en común, facéndoos accesibles a públicos amplos.

1.3.5.5. A especialización da información, o xornalismo social e a perspectiva de xénero

Afondar na democratización da sociedade implica afondar tamén nos contidos dos medios de comunicación: profundando na súa elaboración, nos modos de produción xornalística, na súa conexión coas voces expertas que detentan o coñecemento, e na conexión destas e dos medios coa cidadanía. Defendo, neste traballo, que esta prospección xornalística e democratizadora ha de facerse con dous ingredientes esenciais: o xornalismo especializado e a perspectiva de xénero. Co primeiro, estaremos a facer accesibles á cidadanía os múltiples saberes que, na sociedade do coñecemento, se incrementan ao mesmo paso acelerado que se nichifican. Contribuíndo a esa "cidadanización dos medios" e a esa necesaria construción dunha "cidadanía comunicativa", en verbas do profesor Luís Álvarez Pousa, precisa nunha sociedade de alento democratizador. Co segundo, estaremos a visibilizar a esa metade da poboación á que os medios historicamente teñen deixado en segundo lugar, asentando a munición necesaria para minar dende abaixo a estrutura patriarcal do noso contexto social. Ámbolos dous teñen dous efectos de gran forza democrática: a tematización de realidades sociais que adoito fican á marxe dos medios (como é o caso da prostitución) e a conexión coa cidadanía de saberes expertos, como é o caso do feminista.

Ámbolos dous apostan por un xornalismo de significado, un xornalismo que constrúa alternativas alén os significados establecidos de maneira hexemónica dende as estruturas de poder (neoliberais, patriarcais...) como potencial democratizador. Así, con respecto ao xornalismo con perspectiva de xénero, dinos Hermsilla:

Os avances no xornalismo de xénero e na xustiza de xénero nos medios van da man coa democratización das comunicacións a todos os niveis. Tamén, e principalmente, nos poderosos instrumentos cos que conta “a corrente principal” para propoñerlles a amplas audiencias as súas visións do mundo, aínda que se alegue que estas son “segmentadas”. É xustamente para abordalos que debemos ter estratexias políticas, pois como dixo nalgunha oportunidade o arxentino Eliseo Verón, é na capacidade de distribución de significados en que reside o poder (Hermosilla, 2007, p. 9).

Tanto o xornalismo especializado como o elaborado dende a perspectiva de xénero supoñen subverter as rutinas que na actualidade dominan a produción xornalística, canto que levan implícita a capacidade do medio e da e do xornalista de elaborar unha tematización propia, alén as fontes organizadas, e con especial atención ás fontes expertas (no caso do xornalismo elaborado dende a perspectiva de xénero, aquelas persoas que traballan dende hai anos na teorización feminista ou que contan coa delongada experiencia que lles proporcionou a súa militancia no activismo feminista).

Ademais, tal e como indican Álvarez Pousa e Puñal (2011), tanto o xornalismo especializado como o elaborado dende a perspectiva de xénero procuran romper coas formas de organización tradicional do traballo xornalístico, cara a modelos máis esixentes que abracen a metodoloxía de investigación e trascendan a limitadora división en seccións cara ao modelo de área, do que logo falarei con máis detención. Tal e como sinala Amie Joof Cole no informe *Who makes the news* de 2010:

A experiencia amosa que hai momentos nos cales hai moi pouco ou nada de coordinación entre diferentes unidades e seccións, particularmente nas salas de redacción. Nos lugares onde a sala de redacción e as unidades de produción non operan xuntas para producir reportaxes de calidade, haberá oportunidades perdidas de facer unha cobertura con perspectiva de xénero (WACC, 2010, 27).¹⁶

Ámbolos dous, ademais, poñen o acento na formación especializada das e dos xornalistas. Propoñen Sandra Chaheer e Sonia Santoro en *Las palabras tienen sexo* (2007) “estimular a capacitación en cuestións de xénero e comunicación dos profesionais dos medios” co fin de “motivar a difusión de mensaxes non discriminatorias cara ás mulleres”.

Detíveme con anterioridade no que ha ser entendido como perspectiva de xénero. Mais, cales son os rasgos definitorios do xornalismo especializado? "Aquela estrutura que analiza a realidade proporcionando aos lectores unha interpretación do mundo o máis acabada posible, acomodando a linguaxe a un nivel no que se determine o medio, e afondando nos seus intereses e necesidades". Dende esa primeira definición sobre Xornalismo Especializado achegada en 1974 por Pedro Orive e Concha Fagoaga, nos últimos estertores dunha longa ditadura e nun contexto mediaticamente moito menos desenvolvido có doutras democracias occidentais, foron moitas as achegas realizadas dende a academia, e dende diferentes puntos do Estado, a este concepto (Fernández del Moral, 1983; Borrat, 1989 e 1993; Tuñón, 1989; Fontcuberta, 1992; Quesada, 1993 e

¹⁶ Dispoñible en <http://www.whomakesthenews.org/>. A WACC (World Association por Christian Communication) elabora quinquenalmente un informe, a nivel mundial, sobre a participación e a presenza de mulleres e homes nos medios de comunicación. O último foi dado a coñecer en 2010, e nel fíxose monitoreo dos contidos publicados ou difundidos por medios procedentes de 108 países, entre eles España, na xornada do 10 de novembro de 2009.

2001; Sánchez Martínez, 1995, ou a definición que Muñoz Torres fai, en 1997, de Información Periodística Especializada). Autoras como Montse Quesada completarían esa definición inicial, na que xa se perfilan as características esenciais do xornalismo especializado (análise da realidade, adaptación da linguaxe para mellor transmitirlle ao público lector contidos especializados, e atención ás necesidades dunha audiencia cada vez máis segmentarizada) cun importante apuntamento de carácter metodolóxico: o xornalismo especializado resulta da aplicación minuciosa da metodoloxía xornalística de investigación aos múltiples ámbitos temáticos que conforman a realidade social. Concibo, neste traballo, o xornalismo especializado ao modo en que o entende o profesor Luís Álvarez Pousa (no seu proxecto docente, como un xornalismo fundamentalmente de dotación de sentido:

aquela disciplina científica que estuda o proceso de selección, valoración e produción de mensaxes informativas de actualidade que, estruturadas nun contexto de causalidade múltiple e valéndose dun discurso coherente, obxectivado, comprensible e interesante, divulgan a través dun medio de comunicación e a públicos amplos as distintas especialidades do saber humano, co fin de dotar de sentido a realidade e satisfacer, aquí e agora, a demanda de coñecementos que sirvan para interpretar con visión de futuro a complexidade do mundo actual (Álvarez Pousa, 1999, p. 36).

Álvarez Pousa refírese ao Periodismo Especializado como a cuarta etapa do xornalismo contemporáneo, alén das tres fases que as e os autores que escriben ao redor da súa historia adoitan distinguir: o xornalismo ideolóxico, o informativo e o explicativo ou interpretativo. Fronte ao primeiro, de carácter fundamentalmente doutrinal (e que se estende até a I Guerra Mundial); fronte ao segundo, que se cingue á estrita narración dos feitos e confía na obxectividade como valor supremo da práctica xornalística; fronte ao terceiro, nacido nos anos 50 do século XX, que pretende non só informar sobre o que acontece senón tamén explicalo, o xornalismo especializado avanza un chanzo máis. Nace como resposta ás necesidades dunha sociedade cada vez máis complexa, na que o coñecemento é motor, na que os saberes se multiplican á par que se diversifican e na que as audiencias se segmentarizan.

Interesa neste traballo a reflexión sobre o xornalismo especializado por dous motivos que convén explicar en maior detalle.

En primeiro lugar, dada a súa funcionalidade, tal e como indica Álvarez Pousa (1999), para facer xornalísticos fenómenos da realidade social que non eran considerados como tales. Este é, para o profesor, un dos tres obxectivos fundamentais do xornalismo especializado, xunto coa dotación de maior calidade e rigor á información de actualidade e a intermediación entre as elites especializadas e o público lector. Ademais das tres funcións que adoito se lle atribúen aos medios de comunicación (informar, educar e entreter), o xornalismo especializado fai posible cumprir cunha cuarta: a tematización, que se liga a ese facer visibles realidades e fenómenos sociais tradicionalmente desbotados da axenda dos medios, como é o caso da prostitución.

En segundo lugar, pola súa utilidade para facer comunicables os saberes expertos, entre eles o feminista¹⁷, unha prolífera perspectiva teórica que, dende os anos sesenta,

¹⁷ Ás dificultades existentes para a transmisión de coñecemento experto á cidadanía, súmanse, no caso do coñecemento feminista, os prexuízos. Tal e como sinalan Álvarez Pousa e Belén Puñal (2010), non se trata só "das dificultades técnicas que poden deturpar calquera canle de comunicación, da diferenza de coñecementos e culturas de traballo entre científicos/as e xornalistas que nutre o foxo da incomunicación (Berganza, 2005: 19-21), da molesta

irá enchoupano, nas décadas seguintes, as distintas áreas do saber, cun carácter esencialmente interdisciplinar, como interdisciplinar é o propio xornalismo especializado, canto que ferramenta de comunicación non só entre o saber experto e a cidadanía, senón tamén entre distintas áreas do saber. Ese carácter interdisciplinar é, así mesmo, o que entendemos que debe caracterizar a aplicación da perspectiva de xénero ás distintas áreas xornalísticas, dende a política e a economía, até cultura, sociedade ou deportes. E é que, tal e como se indica na introdución ao libro *Rompendo moldes. Áreas de especialización e xornalismo* (Álvarez Pousa e Puñal, 2011, p. 15), a "un coñecemento transversal como o feminista (...) debe corresponder unha práctica xornalística tamén transversal. E esta debe callar na aplicación da perspectiva de xénero, por parte do xornalismo especializado, á hora de elaborar información dende as diversas áreas de especialización xornalística".

Entendo, pois, o xornalismo dende a perspectiva de xénero non como unha especialización ligada a un soporte mediático dirixido a un determinado nicho de audiencia (poñamos por caso, as coñecidas como revistas femininas) senón como unha perspectiva transversal ás diversas áreas de especialización xornalística. A perspectiva de xénero é aplicable ao xornalismo nos seus diferentes niveis de produción, é dicir, tanto ao que se refire ao xornalismo especializado como ao xornalismo xeralista.

A abordaxe da prostitución dende a dupla perspectiva (especializada e de xénero) é especialmente necesaria, polo que esta aliaxe poida ter de prolifera na visibilización de temáticas que adoitan permanecer á sombra das axendas dos medios. Mais, dentro das diversas áreas de especialización hai unha á que lle debemos prestar especial atención pois neste contexto é abordada con frecuencia a realidade da prostitución: a área social.

Entendo área ao modo en que a definen Pedro Orive e Concha Fagoaga (1974, p. 83), como "o subcampo concreto da información dentro do cal un profesional é capaz de desenvolver o seu quefacer xornalístico de maneira óptima e fiable co emprego dunha estratexia operativa fundada sempre no cadro de traballo multidisciplinar". Luís Álvarez Pousa (1999, pp. 112-113) diferencia catro grandes áreas de traballo: política, economía, cultura e sociedade. Debe quedar claro que en ningún caso debemos entendelas pechadas en si mesmas, como compartimentos estancos, dado que, para a elaboración dun xornalismo en profundidade e de carácter especializado, é preciso a interacción entre elas (isto é o que as distingue dos compartimentos estancos que as seccións son) e dado que, ademais, teñen un marcado carácter mutable (a fragmentación do coñecemento, os novos movementos sociais ou os cada vez máis sectorializados intereses da audiencia fan que emerxan como autónomas áreas novas, como por exemplo, medio ambiente).

As áreas comprenden, á súa vez, diferentes subáreas. É a área de Sociedade, precisamente, unha das máis complexas e difusas, adoito definida como caixón de xastre no que arrombar contidos de moi diversa índole. A profesora Mar de Fontcuberta clasifícaa en oito eixos temáticos: calidade de vida (onde se introducen subáreas como ecoloxía, medio ambiente, consumo, ocio, vida rural/urbana...), saúde (integráranse temáticas relacionadas non só con medicina, senón tamén con nutrición, drogodependencia...), educación, lei (normas reguladoras da conduta social, sucesos,

entropía que fai que entre a fonte emisora e a persoa receptora, inevitablemente se perda información ao tentar adaptar a mensaxe (Graíño, 2007, 61-70)". Cando falamos de coñecemento feminista, resaltan Álvarez Pousa e Puñal, as dificultades non son só de comunicación senón tamén ideolóxicas, dados os prexuízos existentes durante anos na academia con respecto á teoría feminista, que foi relegada a un lugar secundario.

tribunais, infraccións...), ciencia e tecnoloxía, crenzas relixiosas, comunicación e tendencias.

Para Álvarez Pousa (1999, p. 16), o chamado Xornalismo Social estase a formular como unha alternativa autónoma "ao comprobar que as actuais seccións de Sociedade non garanten unha cobertura rigorosa aos cada vez máis graves problemas que sofren e padecen determinados grupos, colectivos ou minorías sociais". Para Álvarez Pousa, un tratamento rigoroso da información sobre os colectivos sociais en circunstancias discriminatorias "traería consigo cambios importantes nos contidos dos temarios dos medios, e particularmente da prensa escrita".

Por outra banda, o xornalismo especializado—sinala Montserrat Quesada— intenta captar de novo o interese das audiencias tocando temáticas que tocan de preto as demandas dos colectivos sociais, sobre todo, dos nosos suxeitos sociais, tal é o caso dos valores ecolóxicos, o benestar persoal, a identidade colectiva dos pobos ou os avances e retrocesos en materia de valores democráticos: grupos marxinados, integración cultural, transparencia social... (2012, p. 36). Atendendo pois, ao que din Álvarez Pousa e Quesada, debemos considerar o Xornalismo Social e a área de Sociedade como estratéxicas na reconexión dos medios cos intereses da audiencia.

Nunha liña similar se sitúa Alicia Cytrynblum, xornalista especializada en temas sociais: "Se o xornalismo quere volver ao podio da credibilidade, deberá encontrar o punto medio, equidistante entre o poder e a xente" (2004 (2009, 2ª ed.), p. 66). E para iso, o que a autora denomina como "xornalismo social" ten un lugar protagónico, a terceira pata necesaria para, alén os contidos políticos e económicos e en interrelación con eles, facer máis completa a visión que os medios deitan sobre a realidade. Para Cytrynblum, o xornalismo social é unha disciplina emerxente e, ademais,

un xornalismo que asume o seu papel como protagonista dos procesos sociais e reflexiona sobre a súa responsabilidade nos mesmos. O seu obxectivo principal é que a comunicación sirva para xerar un mellor diálogo entre os distintos actores da sociedade. A estratexia para conseguilo é xerarquizar o eixe social nos medios de comunicación e explorar a súa articulación na axenda diaria cos temas económicos e políticos (2004 (2009, 2ª ed.), p. 73).

O xornalismo social axuda á construción dunha sociedade máis inclusiva. Emprega —dinos Cytrynblum— como principais instrumentos a colocación do eixo social en igualdade de importancia co tándem político-económico; a incorporación de novas fontes (cun lugar central para as organizacións non gobernamentais) que permitan unha abordaxe máis ampla da realidade; a prospección de solucións e a inclusión da perspectiva dos dereitos (op. cit., p. 73).

A visibilización da prostitución nos medios e o seu tratamento analítico e contextualizado (atendendo ás causas e aos factores estruturais, aos condicionantes e á procura de solucións) pasa necesariamente—defendo neste traballo— polo asentamento do xornalismo social, tal e como o concibe Alicia Cytrynblum, nas redaccións dos medios. Trátase dunha concepción do xornalismo consciente das relacións de poder, preocupada polas interrelacións entre as áreas (alude Cytrynblum de modo reiterado á interconexión entre o xornalismo político, o económico e o social), que parte da necesidade de darlle voz e situar en igualdade de condicións ao tecido social fronte aos poderes políticos e económicos e que ademais está atenta a desmontar as falacias do poder, ao contrario do que veu facendo o xornalismo convencional nos últimos anos.

Exemplifica Alicia Cytrynblum isto último aludindo ás dez falacias sobre a pobreza denunciadas por Bernardo Kliksberg, entre elas a negación ou minimización do problema, a consideración da desigualdade como natural, a desvalorización das políticas sociais, a incredulidade fronte as accións da sociedade civil, o considerar que a ética non ten nada que ver coa política ou a asunción de que non hai alternativa posible ao actual sistema. Aludo a Kliksberg porque sobre a prostitución pende o prisma do tabú e do estigma, e este actúa como caldo de cultivo dunha visión social deformante e, polo tanto, substrato de falacias. A iso se refire Marcela Lagarde cando sinala que

nas representacións ideolóxicas é tan importante negar os aspectos das prostitutas que confirman a súa pertencencia social a outros grupos de mulleres, que os problemas reais que enfrontan como nais e esposas, na casa, cos fillos, como veciñas, son desmerecidos, inombrados. Porén, as prostitutas son en gran número nais, e viven a maternidade dende o mal e o pecado (2005 (4ª ed), p. 563).

Lembremos que, nas sociedades patriarcais, unha "puta" é algo máis que a muller que vende os seus servizos sociais. "Putas" representa, nas culturas patriarcais e cristiás, ás malas mulleres, e estas son identificadas como todas aquelas que evidencian o seu desexo erótico e exercen activamente a súa sexualidade. Sobre a prostituta recae, pois, tal carga de negatividade que esta distorsiona gravemente as percepcións da sociedade ao redor do fenómeno da prostitución: as responsabilidades dos propios compradores de sexo ou das persoas que se benefician da prostitución allea dilúense porque as prostitutas son, en si, consideradas mulleres indignas. Excúlpase, pois, ao home que compra os servizos sexuais, ou a aqueloutro que mantén relacións sexuais extramatrimoniais ou alén a súa parella habitual. A culpa faise recaer en exclusiva na muller que exerce de modo activo a súa sexualidade. Até qué punto o estigma social determina a visión que transmitan os medios é, de feito, unha das metas que se marca este traballo.

As ferramentas que nos achegan o xornalismo especializado e a perspectiva de xénero son especialmente útiles para rachar cos significados hexemónicos, para romper tamén, polo tanto, cos tabús e cos estigmas asentados na sociedade, e para poder ver, alén os mesmos, o conxunto de elementos estruturais (entre eles, desigualdades de xénero, económicas, de clase, étnicas...) que poden estar por detrás do fenómeno da prostitución.



CAPÍTULO 2. COMUNICACIÓN E XÉNERO: O ESTADO DA CUESTIÓN

Dende un primeiro momento, esta investigadora tiña claro que orientaría a súa tese á representación das mulleres na prensa. Tiña pensado facer nos inicios, hai xa máis dunha década (este tese doutoral foi matriculada por primeira vez no curso 2001-2002), unha análise da representación das mulleres en xeral, como colectivo unido por unha mesma discriminación, a de xénero, e relegado a seren cidadás de segunda polas directrices do patriarcado. Orientei, pois, a realización do estado da cuestión á elaboración dun pormenorizado estudo das investigacións elaboradas no contexto estatal sobre Comunicación e Xénero. Porén, dese traballo de revisión extenso, que se expón nas páxinas que seguen, puiden observar como, ao longo da primeira década do século XXI, proliferaron os estudos sobre a representación das mulleres en xeral, que concluían a contribución da prensa á abordaxe das mulleres como cidadás de segunda. Porén, ficaba pouco abordada a análise da intersección de xénero con discriminacións doutro tipo, como as derivadas da procedencia social ou étnica. Foi iso un dos principais aspectos que me animou a reorientar a miña tese doutoral, a concretar máis o meu obxecto de estudo e a centralo, finalmente, na representación das mulleres na prensa. Isto é o que explica que o estado da cuestión desta tese doutoral teña dúas partes diferenciadas. Por unha banda, unha análise polo miúdo do contexto estatal, con referencias aos principais estudos do ámbito internacional, na investigación en Comunicación e Xénero. Por outra banda, un estado da cuestión xa específico sobre a representación da prostitución nos medios no que, dado o pouco traballado que o tema está no ámbito estatal, houben de acudir fundamentalmente ao ámbito internacional.

2.1. OS ESTUDOS DAS MULLERES, FEMINISTAS E DE XÉNERO NO CONTEXTO ACADÉMICO ESTATAL

Os estudos das mulleres iníciáanse no estado español nos anos 70, en concreto, no 1975, coincidindo co final do franquismo, o inicio da nova etapa democrática e a aparición pública do feminismo. De feito, os estudos das mulleres estarán vinculados de raíz co movemento feminista.¹⁸ Nel teñen a súa orixe, e non nas institucións

¹⁸ Empregamos neste primeiro momento, que toma como punto de partida os anos 70, a expresión “estudos das mulleres” por ser a máis empregada entón e cando menos até os anos 90, e porque nos permite establecer un mínimo común denominador— a revisión non androcéntrica do coñecemento que fai posible visibilizar a realidade das mulleres e as circunstancias que explican a súa discriminación— con outros conceptos como “estudos feministas” e “estudos de xénero”, incorporado máis tardiamente. As diverxencias entre estes conceptos teñen que ver con distintos posicionamentos políticos e académicos, e co seu xurdimento en contextos históricos así mesmo diferentes. A expresión “estudos da muller” está vinculada ao abrollar no ámbito académico da preocupación pola visibilización das mulleres no coñecemento. Nos anos 60 e 70, falar de “muller” era falar de feminismo (Ballarín et al., 1995, p. 19). Esa concepción homoxénea, nun momento no que prima a denuncia dos elementos comúns da discriminación, será superada cando o incremento de coñecemento e a propia evolución do pensamento feminista poña de manifesto que non existe a muller, senón as mulleres. A denominación en plural evita, así mesmo, a esencialización do feminino que foi historicamente construída dende a ideoloxía sexista. A extensión e éxito do concepto “estudos das mulleres” ten que ver coa exportación dos pioneiros “Women’s studies”, do que é pioneiro o ámbito anglosaxón: Estados Unidos e Reino Unido. Optar polo concepto “estudos feministas” supón explicitar a perspectiva política de partida e o enfoque crítico que implica. Evita o uso baleiro do que poden ser obxecto, e de feito fórono, as etiquetas “estudos da muller”, “das mulleres” ou “de xénero”. O uso do termo “estudos de xénero” ten que ver cunha evolución de carácter teórico. Pásase dun enfoque centrado en exclusiva nas mulleres a unha perspectiva relacional, que parte da construción social do xénero, e de que a construción das mulleres como subordinadas só é posíbel coa construción dos homes como dominadores. Porén, o termo é adoito baleirado de sentido, para neutralizar o significado político da

académicas, tal como se sinala no libro branco, publicado polo Instituto da Muller, *Los estudios de las Mujeres en las Universidades españolas* (Ballarín Domingo, Pilar et al., 1995, p. 16).

Os particulares condicionantes da universidade española, marcada por anos de estruturas ríxidas e inmovilistas, fará que os estudos das mulleres partan practicamente de cero. O seu xurdimento será tardío con respecto á contorna norteamericana e europea, e en especial, ao ámbito anglosaxón, un atraso que levará ás costas e que marcará ritmos distintos para a súa implantación no ámbito estatal. Desta precaria situación inicial irase evolucionando ata chegar á actualidade. Hoxe en día conseguíuse certo grao de institucionalización e organización, o que derivou na consecución desta perspectiva de traballo, en especial a partir dos anos 90, e iso malia a que houberon enfrontarse a obstáculos tales como a ausencia de recursos estables e de equipos de investigación consolidados e multidisciplinares, a insuficiencia do espazo universitario (tanto no que a investigación se refire como a presenza nos planos de estudo de materias específicas nas que se trate o enfoque de xénero) e a falta de recoñecemento da perspectiva dos estudos das mulleres como unha liña de investigación de igual valía que as restantes.

Co inicio, nos anos 70, do proceso de crítica e renovación dos coñecementos convencionais dende o campo das ciencias sociais, xorden novas inquedanzas investigadoras que cuestionan o propio principio de obxectividade do coñecemento científico por considerar que na ciencia subxace unha visión androcéntrica. Preténdese, polo tanto, reconstruír o coñecemento baixo perspectivas non androcéntricas. O punto de partida é a autoconciencia, o recoñecemento da situación de inferioridade das mulleres na sociedade, a recuperación da súa historia. Tal e como se indica no prólogo de *Los estudios de las Mujeres en las Universidad españolas 1975-1991*: “a investigación, a reflexión, non fixeron senón por de manifesto a profunda raizame androcéntrica da nosa cultura, desde as categorías de pensamento utilizadas ata os temas elixidos” (Ballarín Domingo, Pilar et al, 1995). Os estudos das mulleres incorporan, á par que a perspectiva política que leva consigo o feminismo, unha nova perspectiva epistemolóxica que inocularán no ámbito académico. Unha ollada que, nun primeiro momento, se pon de manifesto mediante a relectura do coñecemento anterior e que, nun segundo estadio, procurará un coñecemento novo mediante unha análise específica da problemática das mulleres en ámbitos como o laboral, o político, o familiar e o educativo. (Radl Philip, 2010, p. 16).

Este proceso de crítica comeza, no Estado español, grazas aos esforzos de profesoras e investigadoras que pronto pasaron a agruparse, formando equipos de traballo para a elaboración de estudos e a divulgación do coñecemento. A mediados dos 70, o movemento feminista español comeza a reorganizarse a través de encontros celebrados en diversas cidades. Nese momento, pequenos núcleos universitarios conformados por profesoras e alumnas comezan a súa actividade á marxe dos programas oficiais (Ortiz, Teresa, 2003). De aí xurdirían os primeiros seminarios e grupos universitarios de estudos das mulleres, ou da muller, tal como se coñecían naquel momento e se seguiron a denominar durante máis dunha década. Os primeiros grupos de traballo xorden en comunidades como Madrid, Cataluña e País Vasco.¹⁹ En 1979, a raíz das I Jornadas do Patriarcado celebradas en Barcelona, establécese o

perspectiva feminista, e mesmo, de maneira errónea, como sinónimo de “sexo”. Tal uso, porén, non parte do seu significado orixinal, nin dos piares teóricos nos que se asenta, senón da súa utilización.

¹⁹ Virán precedidos da creación das primeiras asociacións de mulleres universitarias, nun primeiro intento de crear estruturas *paraacadémicas*: a Asociación Universitaria para os Problemas da Muller (AUPEM) e a Asociación de Mulleres universitarias na Universidade de Valencia, ámbalas dúas nadas en 1976 (Jorge Alonso, 2004, p. 35).

Seminari d'Estudis de la Dona (SED). Tamén nese mesmo ano nace en Madrid o Seminario de Estudios de la Mujer, orixinado a partir dun curso de Humanidades Contemporáneas na Universidade Autónoma. En 1980, créase o Seminario de Estudios da Muller no País Vasco e no 1982 fórmase na Universidade de Barcelona o Centre d'Investigació Histórica de la Dona (CIHD). Son os primeiros pasos para a institucionalización dos Estudos de mulleres nas universidades españolas. Nesta primeira época, o feminismo é un fervedoiro de ideas e de reivindicacións pois había importantes demandas aínda non satisfeitas.

A partir de 1983, coa creación do Instituto da Muller, entramos nunha segunda fase, co inicio da institucionalización deste tipo de estudos, derivada do apoio do Instituto da Muller á investigación. Para o 88-90 apróbase o primeiro plan para a Igualdade de Oportunidades das Mulleres. Desde o 84 ata o 90 créanse oito novos centros en varias universidades: o Seminario de Estudios da Muller da Universidade de Granada (1984), a Asociación de Estudios Históricas da Muller (AEHM) e o Seminario de Estudios Interdisciplinarios da Muller, ámbolos dous na universidade de Málaga, o Feminari Dona y Cultura de Masses (FdiCM) da Universidade de Barcelona, o Seminari Interdisciplinar d'Investigació Feminista da Universidade de Valencia, o Instituto de Investigacións Feministas (IIF) da Universidade Complutense de Madrid e o Seminari Interdisciplinar Mujeres y Sociedad da Universidade de Barcelona. Moitos destes grupos tiñan carácter interdisciplinar, estudaban aspectos diversos da experiencia social das mulleres e comezaron a incorporar a perspectiva de xénero a finais desta década. Estaban constituídos fundamentalmente por mulleres, moitas delas non vinculadas formalmente á universidade nin a centros de investigación (Ortiz, Teresa, 2003, p. 9).

Nos oitenta xorden tamén as primeiras iniciativas que pretenden a creación dunha rede de centros de traballo sobre estudos das mulleres. En 1986 estableceuse unha coordinación co fin de incorporar perspectivas non androcéntricas nos plans de estudo e compartir inquiredanzas e experiencias no seu campo de traballo, orixe da Asociación Universitaria de Estudios das Mulleres (AUDEM).

A Historia, a Filoloxía, a Socioloxía e a Psicoloxía foron as liñas de investigación que deron lugar a máis publicacións nos 80. En termos cualitativos, destacan nesta década as achegas de filósofas, xeógrafas, antropólogas, historiadoras e sociólogas, que tiveron unha importante influencia teórica. As contribucións dos 80 pódense resumir en tres grandes liñas: elaboración dun pensamento teórico feminista, deconstrución de teorías filosóficas, políticas e científicas e, en terceiro lugar, creación dun corpus científico no que as mulleres eran obxecto de estudo (Ortiz, Teresa, 2003, p. 10).

En 1991, quince anos despois do comezo dos estudos de mulleres, rexístranse en España 15 grupos de investigación. De 1991 a 1995 creáronse 16 máis, mostra do salto cuantitativo que se produciu neste campo de investigación na década dos 90 (Ballarín Domingo, Pilar et al., 1995, p. 374). Hai que esperar a estes anos para que xurdan en Galicia os primeiros grupos de investigación.

Paralelamente segue madurando o desenvolvemento asociativo das mulleres universitarias a través da AUDEM e da AEIHM (Asociación Española de Investigación Histórica das Mulleres). Cobran forza as redes internacionais como a WISE (Women's International Studies Europe), ENWS (European Network for Women's Studies) e FICIHM (Federación Internacional de Centros de Investigación de Historia das Mulleres).

Os 90 son época de consolidación e crecemento para os estudos das mulleres no ámbito académico e de incardinación e expansión da perspectiva de xénero. Varias universidades apoian nos 90 a institucionalización dos estudos das mulleres, feministas ou de xénero no seu seo, e algúns seminarios de sólida traxectoria convértense en

institutos e centros de investigación no marco da LRU (Ortiz, Teresa, 2003, p. 10). Ao longo desta década refórzanse as redes estatais, ampliase a formación de investigadoras e de estudantes de posgrao, créanse coleccións específicas en editoriais universitarias sobre estudos das mulleres, así como revistas especializadas, elabóranse obras de síntese e potenciase a investigación (ao que contribúe a posta en marcha, no 1996, do Programa Sectorial de I+D para Estudos das Mulleres e de Xénero por parte do Instituto da Muller). Ademais, cada vez máis profesoras e investigadoras dedican a súa actividade preferentemente aos estudos das mulleres feministas e de xénero, sen necesidade de acometer un dobre currículo académico. Por outra banda, consolidanse outras liñas de investigación: antropoloxía do xénero, xeografía do xénero, xénero e psicoloxía, xénero e saúde, xénero e ciencia, etc. Tamén é nesta década cando asistimos á consolidación da análise dos medios de comunicación dende os estudos das mulleres e de xénero. O balance final do século XX é, segundo Teresa Ortiz,

que en España, como en todo o planeta, os estudos das mulleres, feministas ou de xénero, conseguiron incorporar á academia a experiencia social das mulleres, crearon novos obxectos de estudo, novas perspectivas de análise, novas preguntas e hipóteses de traballo, desenvolveron un pensamento crítico e construíron un coñecemento de gran proxección e influencia social” (Ortiz, Teresa, 2003, p. 19).

O crecemento dos estudos das mulleres, feministas ou de xénero acelera o seu ritmo coa chegada do novo século, no que ademais, se incrementan as vías de financiamento público para este ámbito de estudos. Se, segundo os datos compilados por Isabel de Torres e Daniel Torres (2007) a partir da base de datos Teseo, as teses doutorais rexistradas e cruzadas por esta perspectiva só foron 5 no período comprendido entre o 1976 e o 1979, e 44 en toda a década dos 80, nos 90 chegan a 249 e xa só nos catro primeiros anos do novo século, con 309, se supera amplamente esa cantidade. A perspectiva de xénero constitúese, xa a principios deste século, no marco teórico dominante na maioría dos proxectos, aínda que tamén se realizan interesantes achegas desde posicións máis próximas ao pensamento da diferenza sexual. As categorías de clase e etnia e o seu entrecruzamento coa variable de xénero van conseguindo unha presenza maior.

Porén, segue habendo problemas que aínda é preciso resolver, como o insuficiente recoñecemento dos estudos das mulleres, feministas e de xénero nos diversos ámbitos disciplinares do coñecemento académico, alén o humanístico e o social, no que fundamentalmente se desenvolveu dende os seus inicios, e, en consecuencia, as carencias na súa integración transversal e interdisciplinar. Tal e como refire Rita Radl,

O coñecemento das mulleres e do xénero constitúe un coñecemento altamente especializado que, non obstante, non conta co recoñecemento suficiente de calquera coñecemento científico altamente especializado, é dicir, da súa integración e presenza efectiva en tanto que coñecemento científico social no corpo xeral do coñecemento científico. O gran reto epistemolóxico de cara ao futuro estriba aínda en lograr este particular de forma satisfactoria. (Radl Philip, Rita, 2010, p. 18).

Das carencias en tal incardinación transversal dan conta, de novo, os datos achegados por Isabel de Torres e Daniel Torres, que amosa que son as facultades de Filosofía e Letras, Filoloxía, Psicoloxía, Xeografía e Historia, Ciencias Económicas e Empresariais, Ciencias da Educación e Filosofía as que, con diferenza, máis produción

doutoral achegan. A ausencia é, pois, notable, nas Ciencias Experimentais e da Saúde, así como nas Escolas Técnicas Superiores (de Torres, Isabel e Daniel Torres, 2007, p. 32).

A profesora Teresa Ortiz coincide nesta necesidade de consolidación transdisciplinar á hora de concretar os retos dos estudos das mulleres neste principio do século XXI, nos que insiste na necesidade de asentar o xa conseguido, ao mesmo tempo que se redefinan e reorienten algunha das liñas que caracterizaron a investigación até ese momento, como estratexia fundamental para apuntar cara ao futuro. Segundo Ortiz, nos próximos anos cómpre: 1) manter e afondar no xa conseguido; 2) fomentar a creación de institutos universitarios e a dotación de prazas de investigación; 3) fomentar e defender a calidade e as boas prácticas na investigación e nas publicacións en estudos das mulleres; 4) inserir os estudos das mulleres no núcleo das disciplinas científicas (por exemplo participando en congresos e en revistas xerais e superando a segregación da publicación de cuestións relacionadas cos estudos das mulleres); 5) recoñecer e avalar a expertas en estudos das mulleres en diferentes áreas; utilizar as novas tecnoloxías da comunicación como ferramenta de apoio, divulgación e docencia dos estudos das mulleres; 6) empregar as convocatorias europeas para consolidar redes e proxectos de investigación e docencia; 7) manter a asignación de fondos para convocatorias de apoio á investigación e á publicación (Ortiz, Teresa, 2003, pp. 21-22).

Porén, esta integración transdisciplinar non debe supor a desaparición dos centros, institutos e grupos organizados ao redor dos estudos das mulleres e de xénero, e que con tanto esforzo foron abrollando e expandíndose ao longo das últimas tres décadas. Tal e como indica Rita Radl,

nestes instantes a consolidación da formación científica na temática das mulleres e do xénero e a expansión científica desta área de estudos continúa, se ben no discurso político do xénero e a introdución de programas de igualdade no contexto universitario non sempre axuda nesta tarefa, xa que se insiste de novo no argumento da transversalidade do coñecemento do xénero que se formula, non poucas veces, como unha cuestión contraria á existencia de área se materias específicas do coñecemento científico sistematizado quen os ocupa (Radl Philip, Rita, 2010, p. 17).

Así mesmo, cuestión importante de cara ao futuro, tal e como apunta Radl Philip e coa que coincidimos, é o mantemento do sentido crítico e emancipador desta liña de traballo, que en ocasións se perde mediante a neutralización e baleirado de significado dos termos “estudos das mulleres” e de “xénero”, e mediante a proliferación de estudos oportunistas que tentaron aproveitar os momentos de apoio institucional a este ámbito de investigación.

2.2. A INVESTIGACIÓN EN COMUNICACIÓN E XÉNERO

2.2.1. Historia dos estudos sobre mulleres e medios de comunicación

2.2.1.1. No vagón de cola

Para debuxar o actual estado da cuestión no estado español en Comunicación e Xénero, e comprender así mesmo os puntos fortes e febles de tal corda investigadora, cómpre lembrar de onde partimos, o que supón mirar para o espello retrovisor e pescudar nas dificultades coas que botou a andar. A aparición tardía do feminismo (dado o contexto represor das liberdades públicas que definiu o franquismo), o consecuente anquilosamento das estruturas universitarias e o carácter recente das propias investigacións en medios de comunicación no Estado fixeron que houbese que agardar até a década dos 80 para asistir ao abrollar deste campo de estudo. Un xermolar

no ermo, que ten lugar de modo serodio con respecto ao contexto europeo e norteamericano. A investigación en Comunicación e Xénero no Estado, e máis aínda en Galicia, arrastra ese atraso de partida, que fai que, aínda hoxe, tras unha década dunha considerable eclosión que nos permite definilo como un ámbito en expansión, o desenvolvemento de determinadas liñas de investigación sexa máis fraco que noutros países occidentais con tradición neste eido investigador dende os anos 70.

Os inicios deste campo de estudos vén da man da segunda onda do feminismo. A preocupación pola representación das mulleres nos medios sempre foi, tal e como indica Liesbet van Zoonen en *Feminist media studies*, un importante campo de batalla para o feminismo contemporáneo (van Zoonen, 1994, p. 12). Dende os 70, explica a autora, e en relación á contorna occidental á que permanecía allea o Estado español franquista, “acumulouse unha considerable cantidade de acción e de pensamento feminista sobre os medios”. E é que, no seu rexurdir na década dos 60, o feminismo foi consciente dende os primeiros momentos de que as tecnoloxías da información e da comunicación son tamén, como ben define Teresa de Lauretis (1989), tecnoloxías de xénero, os máis poderosos instrumentos de socialización, na sociedade actual, á hora de configurar os patróns dominantes de femineidade e masculinidade. Á súa determinante influencia como ferramentas de socialización e de estereotipación fai mención xa Betty Friedan en *La mística de la femineidad* (1963), referente desta segunda onda do feminismo na súa vertente liberal e norteamericana.

Estados Unidos será abandeirado nos estudos sobre as imaxes das mulleres nos medios, dada a súa dobre tradición investigadora tanto no ámbito da Comunicación como no dos Women’s studies (Jorge Alonso, Ana, 2004, p. 71). A academia norteamericana parirá algún dos traballos máis temperáns ao respecto, entre eles a colección de artigos *Hearth and Home*, que publica a profesora Gaye Tuchman en 1978 xunto con Arlene Kaplan Daniels e Jamens Benet, e no que se fai denuncia da “aniquilación simbólica” das mulleres nos medios norteamericanos así como da súa estereotipación. Mais os estudos sobre as mulleres e os medios de comunicación proliferarán alén as fronteiras norteamericanas. Mieke Ceulemans e Guido Fauconnier, da universidade belga de Lovaina, estenderán en 1978 e da man da UNESCO, a análise das representacións mediáticas das mulleres a África, Asia e Latinoamérica. Tan só un ano despois, a investigadora británica Margaret Gallagher, tamén sacará do prelo outro informe encargado pola UNESCO –*El modo de presentar a la mujer en los medios de comunicación social y en su participación en ellos*– no que se afonda tanto no ámbito da representación das mulleres nos medios como no da súa participación neles como profesionais, e se da conta así mesmo das conclusións obtidas en estudos de diversos países, o que demostra o dinamismo deste incipiente campo de traballo no eido internacional xa na década dos 70 (Byerly, Carolyn M. e Ross, Karen, 2006, p. 17).

Alén do vigor do feminismo de segundo onda, a eclosión dos estudos das mulleres e os medios de comunicación ten que ver coa promulgación, en 1975, do Decenio das Nacións Unidas para a Muller, que propicia un importante desenvolvemento das investigacións sobre muller e comunicación en todo o mundo. Tanto na I Conferencia Mundial da Muller, que ten lugar ese ano en México DF, como na que se celebra cinco anos despois en Copenhague, e nas seguintes (Nairobi en 1990 e Beijing en 1995), a problematización da relación das mulleres cos medios estará sempre presente (Menéndez Menéndez, 2006a).

O vigor desta liña de traballo fai que pronto se poidan diferenciar ramais marcados por diferentes familias ideolóxicas que se corresponden con tendencias diversas dentro do pensamento feminista. As primeiras clasificacións distinguen, dentro dos estudos feministas sobre os medios, as vertentes liberal, radical e socialista (Steeves, 1987),

relación á que Liesbet van Zoonen engade a cultural, que desagrega da rama socialista (van Zoonen, 1994). A tendencia liberal decantárase pola análise dos estereotipos, que encadra nunha visión dos medios de comunicación como axentes de socialización e reforzos do sexismo social. A radical caracterízase polo énfase na denuncia da pornografía, á que considera mostra da opresión, por parte do patriarcado, cara ás mulleres, e cuxa difusión mediática considera causante dun efecto imitación. As facetas socialista e cultural céntranse na análise das ideoloxías dominantes (patriarcal e capitalista) e como estas rematan por ser asimiladas e aceptadas polos grupos oprimidos como a orde natural das cousas a través dos procesos de hexemonía, que teñen un dos seus máis sólidos piares nos medios de comunicación (van Zoonen, 1994, p. 29).

Ao longo destas catro décadas de traxectoria, os estudos baseados no binomio mulleres e medios de comunicación evolucionaron cara a unha maior complexidade e interdisciplinidade. As clasificacións iniciais quedaron así obsoletas, dado o propio avance e diversificación do pensamento feminista baixo novos paraugas teóricos como o feminismo poscolonial ou a teoría queer. Van Zoonen recalca a “variedade e interpenetración” deste ámbito investigador (van Zoonen 1994, p. 13 citado por Margaret Gallagher (2006), p. 12), o que fai dificultoso a clasificación en compartimentos estancos. Evolúciónase dunha concepción monolítica do concepto muller, que nos inicios da teorización feminista se identificaba de modo implícito cos intereses e necesidades das mulleres brancas, heterosexuais e occidentais de clase media, cara a unha comprensión e análise das mulleres como suxeito diverso. Se, nos inicios, a pregunta que se lle facía aos medios era “Que é das mulleres?” (o que derivaba en análises de temáticas diversas que até entón foran ignoradas pola investigación en Comunicación, como a violencia de xénero, a pornografía ou o tratamento mediático do corpo), pouco a pouco evolúciónase do común ao diferencial. Feministas lesbianas, negras, asiáticas, latinoamericanas... dan conta do limitado que é o enmarcado ofrecido polo feminismo occidental (Gallagher, 2006, p. 13). Avánzase así mesmo dende un primeiro momento fundamentalmente até os anos 80 – no que os estudos estiveran centrados nas mulleres, até o concepto de xénero, como esa construción social do sexo que articula patróns hexemónicos de feminidade e masculinidade e marxina aqueles modelos que se saen do mesmo por “de-xenerados”, é dicir, alleos aos corsés de xénero dominantes. Así mesmo, a recta final do século XX asiste ao abrollar dos estudos sobre as masculinidades e a súa aplicación ao campo da comunicación (Benwell 2003; Beynon, 2002, citados por Mendes, Kaytlym e Carher, Cynthia, 2008, p. 1702).

A investigación feminista impacta na investigación sobre medios de comunicación cunha ollada epistemolóxica propia, determinada por unha lente dobre: 1) o foco que se pon na experiencia, de modo que a consigna “o persoal é político”, acuñada por Kate Millet, se traslada ao ámbito investigador en “o persoal é teórico”, e 2) a reflexión sobre a posición de quen investiga nas relacións entre investigador/a e investigado/a (Gallagher, Margaret, 2006, pp. 16-17).

Catro décadas despois daqueles anos 70 de activismo e abrollar teórico sobre os medios con substrato feminista, o balance dos estudos sobre mulleres e medios de comunicación é debuxado pola británica Karen Ross e a norteamericana Carolyn M. Bierly como segue: 1) centralización nos estudos sobre representacións nos medios dominantes, a liña de investigación, dende os inicios, máis desenvolvida; 2) un campo de traballo crecente sobre as audiencias, e sobre como elas len e responden ás mensaxes e ás imaxes sobre as mulleres nos medios; e 3) a carestía de análises feministas sobre as estruturas dos medios, así como sobre o activismo feminista a través dos seus propios instrumentos mediáticos (Bierly e Ross, 2006, p. 2). No que ten que ver coa análise das

representacións mediáticas, cómpre distinguir o seu fluír a través de dúas canles: a análise de contido (tal é o caso, por exemplo, dos monitoreos aos medios que dan conta da representación das mulleres nos mesmos a través de medicións cuantitativas) e as análises textuais. Destacado é o desenvolvemento, no panorama internacional do traballo sobre xéneros considerados “femininos” (como por exemplo, as telenovelas), e en consecuencia, desvirtuados tradicionalmente pola investigación en Comunicación, así como a análise académica doutras manifestacións da cultura popular (Gallagher, Margaret, 2006, pp. 19-20). Campos de traballos recentes constitúen a reflexión sobre a representación das mulleres políticas nos medios, que vén impelida pola súa incorporación á esfera da práctica política a través das políticas de cotas, así como a análise das representacións femininas a través dos novos medios e tecnoloxías da información.

A complexidade do estado da cuestión no eido internacional, tanto pola tradición, consolidación e a cantidade de investigación xerada como pola diversidade de liñas de traballo abertas, difire, de modo notable, do estatal. Na nosa contorna, malia a que os estudos sobre as representacións son tamén dominantes, porén, houbo un notable predominio da investigación cuantitativa—como fai notar o informe *Imágenes de las mujeres en los medios de comunicación*, publicado a finais do século XX—, que nos últimos anos se tenta contrarrestar tanto con traballos de metodoloxía mixta (cuantitativa e cualitativa) como elaborados especificamente dende as análises semióticas ou do discurso. As análises sobre os xéneros e medios considerados femininos, aínda que máis frecuentes, son tamén recentes (posiblemente polo risco a non contaren con boa aceptación por parte da academia dentro do eido da Comunicación, o que podería explicar que unha parte importante destas análises proveñan doutros ámbitos teóricos como a psicoloxía) e céntranse sobre todo nas revistas de audiencia maioritariamente feminina e en teleseries dirixidas á adolescencia, quedando un amplo abano de produtos culturais (entre eles as telenovelas e outras teleseries) fora da análise feminista e de xénero. Os estudos sobre as audiencias son escasos, ao contrario do que acontece no contexto anglófono. E, ao igual que xa sinalamos para o eido internacional, o ámbito da produción é un dos menos estudados. Os estudos que vaian alén das mulleres brancas occidentais, heterosexuais e de clase media son pouco frecuentes. A investigación sobre mulleres inmigrantes e medios de comunicación é recente e ~~parta~~ ao igual que outros ámbitos de traballo aínda incipientes e pouco explotados— non da ac academia, senón das inquiredanzas do tecido asociativo. Aínda así, en Galicia contamos xa cunha tese ao respecto, *A diversidade na diferencia sexual*, de Iolanda Martínez Suárez, ao igual que co traballo elaborado dende o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia en 2010 sobre o tratamento mediático da prostitución. Outras abordaxes, como o tratamento e relación cos medios de colectivos LGTB e a súa relación cos medios, seguen pendentes, a non ser polas reflexións elaboradas dende os propios movementos cívicos. Mais de todo iso falaremos con máis vagar nos apartados que seguen.

2.2.1.2. O panorama estatal. Análise retrospectiva

Mentres os 70 eran anos de efervescencia no eido internacional, o Estado e Galicia camiñaban co pé cambiado. Na nosa contorna, haberá que esperar até os anos 80 para asistir ao florecer desta liña de investigación, que será posible grazas a profesoras como Concha Fagoaga, Mar Fontcuberta ou Amparo Moreno, que achegaron as súas reflexións e esforzos investigadores dende o primeiro momento. O estudo de Concha Fagoaga e Petra María Secanella, *Umbral de la presencia de las mujeres en la prensa española*, é considerado pioneiro nos estudos sobre mulleres e medios de comunicación

no ámbito estatal. De modo esporádico, podemos atopar a análise da presenza das mulleres nos contidos dos medios de comunicación nalgunha investigación máis temperá. Vicente Baca Lagos fai referencia, en concreto, a dúas investigacións previas: a de Martín Serrano, que contempla a variábel muller na súa investigación *L'Ordre du monde à través la TV* (1974)²⁰ e desde unha perspectiva semiótica, o traballo do francés Gérard Imbert sobre a imaxe que das mulleres difundía o consultorio radiofónico de “Elena Francis” (Imbert, 1982).

Dende o 1975 ao 1985 celébrase o “Decenio de Nacións Unidas para a Muller”, prolífero, como xa comentamos, no contexto internacional, mais que case pasou desapercibido en España. No contexto estatal tan só atopamos recollidos dez informes en castelán nos dous estudos realizados por Margaret Gallagher nesa época para avaliar o esforzo científico realizado neste eido de investigación –*Unequal opportunities. The case of women and the media* (1981) e *La comunicación al servicio de la mujer. Informe de los programas de acción e investigación. 1980-1985* (Gallagher, 1986)–. Esta escaseza bibliográfica é explicada, por Juana Gallego en *La prensa por dentro*, en función de catro factores: 1) non é até o 1975 cando se recoñece explicitamente a discriminación feminina, unha vez a ONU designa o ano Internacional da Muller. 2) España non acada a democracia até fins dos setenta. 3) a produción científica no campo das mulleres e a comunicación é limitada e dispersa e 4) non existe un descriptor que permita rexistrar a investigación neste eido nas bases de datos. A creación do Instituto de la Mujer en 1983 foi, sen dúbida, fundamental para a investigación desde a perspectiva de xénero, pois possibilitou o apoio deste ámbito de estudo desde a Administración estatal.

Ao longo dos oitenta, os estudos sobre muller e medios de comunicación enriquecécese co traballo doutras investigadoras como Juana Gallego, Natividad Abril e Rosa Franquet. A segunda metade desta década, xusto cando se remata o Decenio para a Muller establecido pola ONU, testemuña o comezo da proliferación da investigación ao respecto no ámbito español.

Non é até a década dos 90 cando poderemos empezar a falar da aplicación do concepto de xénero nas investigacións sobre medios de comunicación. A introdución deste concepto como variábel virá da man de autoras como Rosa Franquet (1992). Até ese momento, tal como se sinala en *La prensa por dentro*, os estudos sobre mulleres e medios non abarcaran o aspecto relacional que pode achegar a dimensión comparativa co colectivo masculino. Na década dos 90 obsérvase un maior desenvolvemento da investigación neste ámbito, ligada sobre todo ao apoio do Instituto de la Mujer e dos gobernos das comunidades autónomas, tal como indican Sánchez Aranda, Berganza e García Ortega (2003).

En 1994, Vicente Romano García compila en *Líneas actuales de investigación sobre “Mujer y medios de comunicación”* os estudos realizados neste eido desde o 1986 até o 1994. Emprega como punto de partida a bibliografía accesíbel nos Centros de Documentación especializados de Madrid sobre este tema. Nas súas conclusións destaca a preponderancia das análises dos contidos dos medios sobre outros ámbitos de estudo: case unha cuarta parte dos textos analizados céntranse na análise das representacións das imaxes das mulleres nos distintos medios. Se incluimos, ademais, as investigacións sobre a presenza de personaxes femininos e aconteceres públicos do interese das mulleres, estaríamos a falar dun terzo do total do repertorio bibliográfico analizado por Romano. Menor é a porcentaxe de estudos sobre os usos da comunicación

²⁰ Aínda que o obxecto fundamental do estudo é analizar a visión do mundo que propoñen os medios de comunicación, o autor ten en conta o xénero dos personaxes na explotación e na análise dos datos, reparando na imaxe da muller na Televisión española.

pública por parte das mulleres e as repercusións culturais dos contidos dos medios de comunicación sobre a poboación feminina (tan só un de cada cinco abordan esta área). Máis escasa aínda é a investigación sobre a situación das mulleres profesionais (un de cada seis traballos analizados). No informe de Vicente Romano non se recolle ningunha investigación sobre a audiencia dos medios.

Estas mesmas conclusións aparecen recollidas no informe publicado seis anos despois, en 2000, polo Instituto de la Mujer: *Imágenes de las mujeres en los medios de comunicación*. O estudo, realizado no marco dun traballo máis amplo que pretendía recoller a investigación realizada na década dos 90 sobre as imaxes das mulleres nos medios de comunicación de toda Europa, deixa constancia dos esforzos investigadores realizados nos ámbitos da produción dos contidos mediáticos, a análise dos mesmos e as audiencias.

- Canto á produción, o informe destaca o escaso interese da investigación española polas condicións de traballo das mulleres nos medios de comunicación. Os poucos estudos que hai analizan a situación das mulleres dentro da profesión e esquecen o proceso completo de produción. Tamén se constata a ausencia de estudos que investiguen a relación entre os niveis de produción e contido, é dicir, o modo en que o xénero das persoas implicadas no proceso produtor poida determinar os contidos. Destácase ademais a necesidade de traballos que analicen os efectos que os cambios producidos nos medios de comunicación (como o aumento da precariedade laboral) poidan ter:
- Os contidos foran o aspecto máis investigado até ese momento, dende unha perspectiva predominantemente cuantitativa.
- No referente á audiencia, os estudos recollidos tenden a considerala unicamente como consumidora, atendendo ós intereses dos medios de comunicación. Son escasas as investigacións que procuran unha maior profundidade, é dicir, darlle resposta non só ó canto senón tamén ó quen e ó como.
- Destaca, por último, a escasa investigación existente sobre a radio en España, unha característica que se pode estender ó resto dos países europeos.

O informe do Instituto da Muller sobre as investigacións relacionadas coa imaxe das mulleres nos medios de comunicación achéganos ao contexto no que se levan adiante este tipo de estudos no ámbito español e denuncia as principais debilidades da produción científica neste eido:

- En primeiro lugar, moitos destes traballos correspóndense con iniciativas individuais, o que dificulta a obtención de subvencións e mingua en boa medida a calidade da investigación. Así o sinala a profesora Juana Gallego (1993), quen constata que a maior parte da investigación realizada neste campo investigador partiu de iniciativas illadas de profesoras universitarias e indica que as dificultades para obter subvencións non favorecen a produción teórica nin a creación de grupos de investigación.
- Boa parte dos traballos parecen partir de cero e non teñen en conta as achegas de estudos anteriores. Deste xeito, atopámonos con estudos similares realizados en períodos moi curtos de diferenza. Este carácter reiterativo nalgunha das investigacións realizadas dificulta a publicación. Faltan, así mesmo, traballos comparativos e lonxitudinais.

- Do mesmo xeito, cumpriría un esforzo en definir variables, categorías e perspectivas de investigación nos estudos de mulleres. Sería síntoma dunha maior coordinación e facilitaría o traballo investigador.
- Unha característica que define os estudos realizados en España é a preocupación por abranguer varias fases do proceso comunicador, caendo no risco de que a ampliación do campo do obxecto de estudo redunde nunha menor profundidade no estudo dos mesmos.

O informe refírese ao estado da situación até o 1997. Dende entón, a liña de investigación en Comunicación e Xénero seguiu unha liña ascendente, de modo que podemos falar dun dobre avance: 1) no cualitativo, propiciado pola apertura de máis espazos dende o que poder desenvolver investigación no sempre reticente ámbito académico, así como por un apoio tamén crecente por parte dos organismos institucionais, e 2) no cuantitativo, de modo que algún dos ocos detectados a finais do século pasado tenderá a ser pouco a pouco cuberto. Aínda así, e malia a que no Estado se desenvolveron nos últimos anos numerosos traballos realizados dende a perspectiva de xénero, segue a ser unha área pouco explorada e non é posible aínda falar dun “campo de especialización masivo” (Menéndez Menéndez, Isabel, 2006a, p. 1240). As dificultades que detecta Menéndez na primeira década do novo milenio son similares ás xa expostas, e entre elas destaca a permanencia de certo menosprezo na comunidade académica, o que se observa na ausencia de materias específicas nos plans de estudos das facultades de Ciencias da Comunicación, así como na falta de valoración e recoñecemento en igualdade de condicións con outros enfoques. Isto fai que as iniciativas de investigación e exploración de campos máis novos, aínda non abordados dende o traballo universitario, proveña de espazos alleos ao académico, como o movemento organizado de mulleres ou os organismos de igualdade institucionais. Ao que habería que engadir, e non como unha dificultade menor, a falta de tradición nos estudos de Ciencias de Comunicación no Estado, o que fai que as e os investigadores que sitúan o seu traballo neste campo de especialización deban facer fronte ás debilidades de ambas disciplinas (Menéndez Menéndez, Isabel, 2006a, p. 1246). Isabel Menéndez distingue, na actualidade, as seguintes liñas de investigación dentro do actual estado da cuestión en Comunicación e Xénero:

- Teoría cultural, dende a perspectiva da crítica social e cultural e centrada na análise da organización e produción da cultura dende ámbitos diversos como o estruturalismo, o marxismo, a semiótica, a psicanálise, o racismo ou a teoría do feminismo. A autora especifica, dentro deste ámbito, diversas liñas de traballo: estudo dos discursos da cultura popular, análise do produto informativo, novas tecnoloxías da información e da comunicación e análise da produción e das rutinas informativas dende a perspectiva de xénero.
- Análise das imaxes e das representacións das mulleres nos medios, que Menéndez subdivide en dúas categorías principais: 1) A análise das mulleres e dos homes como suxeitos de representación (monitoreos da presenza das mulleres e homes nos medios; análise das imaxes das mulleres nos medios e construción da identidade de xénero e o estudo do discurso publicitario) e 2) O tratamento e elaboración dos discursos mediáticos dende unha perspectiva de xénero (linguaxe sexista, violencia de xénero, propostas para a elaboración de información dende a perspectiva de xénero...)

- Recuperación, nun esforzo de arqueoloxía, do papel e presenza das mulleres no pasado nos medios de comunicación
- Recepción e experiencia. Neste campo, distingue Menéndez dúas categorías: 1) A análise das mulleres como audiencia (estudos de carácter diacrónico sobre publicacións dirixidas a audiencias femininas; análises dos produtos mediáticos dirixidos a audiencias femininas e o estudo da recepción dende unha perspectiva de xénero) e 2) A análise da recepción das mulleres, das súas experiencias e do seu discurso, nos medios de comunicación.
- As mulleres como profesionais nas industrias dos medios de comunicación, con dúas liñas principais de traballo: Análise da posición actual das mulleres nas estruturas dos medios e o seu papel fronte ás rutinas dos mesmos e a aplicación da perspectiva de xénero.

2.2.1.3. O panorama estatal. Unha aproximación propia á situación actual

Falta, porén, un estudo sistemático que permita actualizar as conclusións ás que se chegou, a finais do século pasado, no informe *Imágenes de las mujeres en los medios de comunicación*. Para completar a análise do actual estado da cuestión, precisaba, como investigadora, darlle resposta á seguinte pregunta: En que medida as fortalezas e debilidades entón detectadas seguen a ter presenza no momento actual? Para resolver o interrogante, optei por dous camiños: a revisión bibliográfica a partir deste milenio —dado que o citado informe vai dende os anos 80 até finais dos 90—, e a consulta a expertas e expertos en Comunicación e Xénero. Adentreime no primeiro dos carreiros acudindo á consulta de dúas bases bibliográficas: a do Centro de Documentación do Instituto de la Mujer, que á súa vez dá acceso en rede á Biblioteca de Mujeres, e a base de datos Teseo, na que aparecen rexistradas as teses doutorais lidas no ámbito estatal. Os datos ofrecidos polo Centro de Documentación do Instituto de la Mujer e pola Biblioteca Mujeres permite pescudar na literatura publicada en Comunicación e Xénero (aínda que tamén inclúe informes inéditos), e dende ámbitos non só académicos senón tamén extra-académicos. A base de datos Teseo deume a oportunidade de indagar nun dos principais nutrientes da literatura gris: as teses doutorais elaboradas dende o ámbito académico. Canto ao segundo dos camiños, a consulta con voces expertas, foi materializado mediante a elaboración dun cuestionario remitido por mail a diversas investigadoras e investigadores do ámbito: Joana Gallego, Concha Fagoaga, Natividad Abril, Elvira Altés, Natalia Papí, Rosa Franquet, Juan Plaza, Teresa Vera e Pilar López Díez. Aceptaron o convite Joana Gallego, Concha Fagoaga, Juan Plaza, Natividad Abril e Teresa Vera.

Como investigadora, con experiencia en Comunicación e Xénero dende hai máis de dez anos, precisaba resolver unha dúbida de fondo. Até que punto podemos estar creando un xigante con pés de barro? Os estudos en Comunicación e Xénero foron un campo en expansión nos últimos quince anos. Tal e como afirmaba Concha Fagoaga nun artigo publicado en 2004 na revista *Telos*,

Se entón os equipos de investigación, que naceron en facultades de comunicación e información, podían contarse cos dedos dunha man, hoxe esténdense por departamentos de socioloxía, filoloxía, psicoloxía nunha profusión inusitada. Os organismos de igualdade das diferentes Comunidades Autónomas, animados por directivas europeas, contribuíron ao mantemento do debate con recursos para a investigación e celebración de reunións expertas, congresos e xornadas de diverso calado, como así amosa, e poderíamos indicalo como unha

tendencia, a maior parte da produción bibliográfica destes dous últimos anos (Fagoaga, Concha, 2004).

Neste auxe coinciden todas as fontes expertas por min consultadas nos citados cuestionarios. Que o avance cuantitativo vaia acompañado dunha progresión cualitativa parella dá lugar a maiores discrepancias entre elas.

Na parte positiva da balanza está, ademais do incremento cuantitativo, a diversificación das liñas de traballo no período que vai dende finais do século XX até a primeira década do XXI, co desenvolvemento destacado de certos ámbitos, como os estudos sobre a representación mediática da violencia de xénero, que entra en auxe dende o impacto que nos medios supuxo o asasinato, en 1997, de Ana Orantes, pouco despois de ter aparecido nun *talk show* da televisión pública andaluza manifestando o seu medo a morrer a mans do que, durante catro décadas, fora o seu home. Máis investigacións (non só dende o ámbito da Comunicación senón tamén dende outras disciplinas, como a Psicoloxía, as Ciencias da Educación ou as Ciencias da Saúde), máis persoas interesadas nesta liña de traballo e tamén máis centros adscritos á mesma reafirman o seu crecemento. Unha das principais lagoas detectadas no informe *Imágenes de las mujeres en los medios de comunicación* —o carácter individual dos esforzos en Comunicación e Xénero— semella en parte superada coa proliferación de equipos de traballo e mesmo a elaboración de investigacións acometidas por grupos interdisciplinares.

A afirmación de que o avance é máis acumulativo que cualitativo, como fai na súa resposta ao cuestionario a profesora Teresa Vera, ten como fundamento os seguintes argumentos:

- As dificultades teóricas, en particular, a incapacidade para teorizar a partir das análises empíricas realizadas. En verbas de Teresa Vera, “a Academia “permite” as análises de xénero pero frea a incorporación da crítica feminista porque suporía cuestionar, por exemplo, as ausencias que se produciron naquelas propostas críticas nadas a partir dos 80 tralo Informe McBride”. Tamén coñecido como “Voces múltiples. Un só mundo”, o informe deu lugar a propostas que integraban a diversidade, a interculturalidade, a pluralidade, dentro de iniciativas de comunicación alternativa, participativa e para o cambio social, mais que se esqueceron de incorporar a perspectiva de xénero, agás excepcións como Jesús Martín Barbero no seu estudo dos xéneros populares. No resto da teoría crítica, explica Teresa Vera, a variable xénero dilúese entre outras.
- As dificultades metodolóxicas (bótase en falta, por exemplo, a creación de indicadores que permitan facer comparables os estudos en representación, o que xa se demandaba no capítulo J da Declaración de Beijing e mesmo por parte da UE), así como a necesidade de crear propostas propias dende a reflexión feminista. Aínda así, podemos detectar avances. O estudo internacional *Who makes the news*, que quinquenalmente analiza as representacións que de mulleres e homes se fan en diversos países, acadou, despois de diferentes edicións, un notable grao de madurez. Así mesmo, a UNESCO está a desenvolver de maneira profesional indicadores en xénero. Por outra banda, canto á creación de metodoloxías propias dende a análise feminista, cómpre destacar (dado o seu carácter excepcional) a proposta do grupo de investigación de Amparo Moreno, a “análise hemerográfica diacrónica”, da que xa falamos no capítulo dedicado ao

deseño da investigación, e a variante coñecida como o o Test ADSH para a Avaliación da Amplitude, a Diversidade e a Sensibilidade Humana.

- As dificultades organizativas, en especial no que se refire á creación de espazos de comunicación e de traballo en común. Tense avanzado, como antes comentei, na creación de grupos de investigación en Comunicación e Xénero e, así mesmo, de subseccións específicas en asociacións de investigadores en comunicación (como a AEIC, a Asociación Española de Investigadores en Comunicación). Así mesmo, as iniciativas xurdidas dende o ámbito asociativo profesional, como Ameco (a Asociación Española de Mujeres de la Comunicación), Mujeres en Red, ou en Galicia a extinta MUGACOM (Mulleres Galegas da Comunicación) e o Observatorio Galego dos Medios (entidade integrada dentro do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia que naceu un destacado interese na investigación en Xénero) axudan á comunicación entre investigadoras/as e xornalistas/es. Tamén se amosan progresos na apertura de espazos en común na posta en funcionamento de seminarios ou másters abertos á liña de Comunicación e Xénero. O mesmo acontece nos congresos sobre Comunicación, coa creación de apartados específicos neste eido, e nas revistas académicas, que están cada vez máis receptivas a este campo. Internet e a creación na mesma de redes de investigadores e investigadoras (Mendeley ou Researchgate, ningunha delas estatais) tamén son un importante espazo de comunicación e encontro. Porén, bótase en falta un maior contacto entre universidades e a creación de equipos de traballo interuniversitarios, así como a existencia, no eido estatal, de revistas académicas en Comunicación e Xénero (tal como o é, no eido anglófono, o *Feminist Media Studies*) ou de congresos específicos. Esta falta de comunicación incide en estudos de carácter acumulativo e nas dificultades para a definición de indicadores comúns.
- Os riscos de financiamento: A investigación en Comunicación e Xénero contou cun importante apoio nas políticas públicas de promoción da Igualdade. Mostra da importancia do impulso público é que, nos resultados obtidos da base de datos do Instituto de la Mujer e da Biblioteca Mujeres, boa parte dos estudos están financiados, promovidos e/ou publicados por institucións públicas. En Galicia creáronse, nos anos do goberno bipartito BNG-PSOE, dúas convocatorias específicas nas que se ten en conta a promoción de estudos sobre a realidade das mulleres, unha delas no ámbito académico (“axudas e subvencións para o apoio á execución de programas sobre igualdade no ámbito universitario e dos organismos públicos de investigación”) e outra para o ámbito extra-académico e ligado ao terceiro sector (“axudas á realización e difusión de estudos e investigacións e á organización de xornadas ou congresos en materias relacionadas coas mulleres”. Ámbalas dúas deron lugar a estudos ligados á liña de investigación que estamos a analizar. Porén, as políticas de igualdade, tanto no ámbito estatal como no galego, víronse especialmente afectadas nos últimos anos tanto polos recortes no Estado de Benestar derivados da crise económica como por unha deriva ideolóxica dos gobernos estatal e autonómico que entra en confrontación cos preceptos feministas. Ambas as dúas liñas de axudas foron interrompidas e deixaron, polo tanto, de ser convocadas.

Analizadas as dificultades e fortalezas globais (nos ámbitos teóricos, metodolóxico, organizativo e financeiro), analizarei, seguindo un esquema similar ao do informe *Imágenes de las mujeres en los medios de comunicación*, a situación no que ten que ver especificamente cos traballos de investigación realizados nos últimos anos. Para iso, repararemos nas tres dimensións nas que o mencionado informe se detén: o proceso de comunicación —desglosado en tres etapas: produción, contido do produto e recepción e audiencias—, as modalidades comunicativas —información, entretemento ou publicidade—, e o soporte —prensa, radio, televisión e novas tecnoloxías—, ámbito este último non considerado no mencionado informe.

2.2.1.3.1. *O proceso de comunicación: produción, contidos e recepción*

2.2.1.3.1.1. *Os contidos*

2.2.1.3.1.1.1. *Ferramentas metodolóxicas*

Os contidos seguen a ser, con diferenza, o aspecto máis analizado, tanto no que ten que ver coa dimensión informativa, como cos xéneros de ocio e entretemento e a publicidade. Se ben, a finais dos 90, o informe *Imágenes de las mujeres en los medios de comunicación* concluía que, polo xeral, a metodoloxía empregada para a análise das imaxes e representacións era cuantitativa —contabilización de variables diversas, sen excluír en todo caso a interpretación dos resultados— e brillaban pola súa ausencia investigacións elaboradas en exclusiva con métodos cualitativos, agora a situación é parcialmente distinta. Na primeira década do milenio obsérvase unha certa preocupación pola introdución de metodoloxías ou en exclusiva cualitativas (semiótica ou análise do discurso) ou, e en maior medida, mixtas. Destacada, aínda que de momento pouco desenvolvida, é a irrupción da ACD (a análise crítica do discurso) nos estudos de Comunicación e Xénero, que comeza, no que aos xéneros informativos se refire, da man de temáticas de interese crecente nesta primeira década, tal e o caso da representación da violencia de xénero e da inmigración. Que así sexa non é casual. Afondar na transmisión do discurso sexista trala construción que da violencia de xénero elaboran os medios de comunicación, ou desvelar a conxunción de ideoloxías (capitalista, xenófoba e sexista) trala representación do outro (estranxeiro) como ameaza nos medios só se pode facer de maneira limitada se non se acometen os significados e a ideoloxía que tras deles se agocha.

Pioneira ao respecto é a tese de doutoramento de Natalia Fernández Díaz sobre a representación da violencia sexual na prensa, publicada en 2003 e elaborada baixo a dirección de Teun A. Van Dijk. Sobre o mesmo ámbito de traballo —violencia de xénero e medios— e perspectiva metodolóxica, traballou así mesmo Claudia Vallejo Rubinstein, co traballo de investigación tutelado, *Representación de la violencia contra las mujeres en la prensa española (El País / EL Mundo) desde una perspectiva crítica de género*, que está a continuar na actualidade na súa tese de doutoramento. A autora intégrase no Centro de Estudios del Discurso, integrado por departamentos de diversas disciplinas das universidades catalás, entre eles os de Comunicación e Periodismo da UPF e da UAB, así como por destacadas investigadoras en Comunicación e Xénero, como Joana Gallego, Elvira Altés ou Amparo Moreno, o que constitúe un primeiro espazo para a comunicación de disciplinas e metodoloxías e, como iniciativa, pode axudar a solucionar un dos problemas para a introdución da ACD aos estudos en comunicación, o medo por parte das e dos investigadores á súa incorporación por falta de formación metodolóxica.

No ámbito galego, a introdución da ACD para a análise dende a perspectiva de xénero é recente e faise de maneira mixta, xunto con métodos cualitativos. Tal é o caso da tese Iolanda Martínez Suárez—*A igualdade sexual na diversidade cultural* (2010)—,

que mestura a teoría do framing coa ACD, e da investigación *A representación da prostitución na prensa galega* (2010), que bota man de maneira conxunta tanto da ACD como da análise de contido.

Así mesmo, podemos encontrar nesta primeira década de século a aplicación da ACD tanto á ficción e o entretemento como á publicidade. No primeiro incardínanse traballos como a tese de Juan Carlos García García *Análisis crítico del discurso cinematográfico de Thelma y Louise: el papel de los usos lingüísticos y las relaciones de poder* (2000), así como a investigación *La imagen de los y las adolescentes en el prime time televisivo. Transmisión, consumo y recepción*, elaborado entre o 2006 e o 2009 polo equipo *Analisy Group of Media Image*. No referente aos comerciais, M. Sol Velasco Sacristián elabora en 2002 a tese *Publicidad y género: Propuesta, diseño y aplicación de un modelo de análisis de las metáforas de género en la publicidad impresa en lengua inglesa*.

Mais, polo que destacan estes últimos anos é, sobre todo, pola incorporación de métodos mixtos, cuantitativos e cualitativos, tanto á análise das representacións, como ao estudo conxunto das mesmas con outras fases do proceso comunicador. A investigación en contidos dende unha perspectiva CUAN e CUAL está presente en varios dos traballos que encontramos na bibliografía consultada nestes últimos once anos. Tal é o caso, no que se refire en exclusiva, aos contidos, de teses como as de Jesús Mula Grau (2013) —*Presencia y ausencia del género femenino en las portadas de la prensa de papel de España antes, durante y después del Ministerio de Igualdad y en el contexto de la Ley de Igualdad (2007-2011)*— ou de diversas investigacións en violencia de xénero: *El proceso de construcción de la violencia contra las mujeres: medios de comunicación y movimiento feminista. Una aproximación desde la teoría del framing*, tese presentada en 2010 por Paula Carolina Carballido; *Tratamiento de la violencia de género en la prensa vasca* (2006), do equipo de investigación Género y Medios da UPV ou, de Isabel Menéndez Menéndez, *Representación mediática de la violencia de género. Análisis de la prensa balear. 2004-2008* (2011). Tamén podemos atopar exemplos no ámbito da ficción, de teses como a da galega Olga Osorio —*La imagen de la periodista profesional en el cine de ficción 2009*— e no da publicidade, con traballos como as teses doutorais *Mitos y arquetipos en los mensajes publicitarios de perfumes* (Fernández Fernández, Paloma, 2010) e *Publicidad e industria cultural: las marcas y la representación de género* (Cabrería García-Ochoa, Yolanda, 2009).

Os métodos mixtos tamén son empregados para analizar diversas fases do proceso comunicativo, adoito en equipos de carácter interdisciplinar, dada a complexidade de tales investigacións. Podemos encontrar así estudos, fundamentalmente sobre a televisión, que combinan a análise dos contidos coa da recepción. En *Tratamiento de la variable género en la publicidad que se emite en los medios de titularidad pública* (elaborado en 2009 pola consultoría Red2red), combínase a análise cualitativa e cuantitativa dos discursos co estudo tamén CUAL (enquisas) e CUAN (grupos de discusión) das audiencias. A análise de contido e do discurso, xunto coa análise da recepción, tamén é acometida na investigación do Análisis Group of Media Images antes citada. E contidos (mediante análise cualitativa), audiencia (con enquisas) e tamén produción (con entrevistas en profundidade ás/aos emisores) son abordados en *Tratamiento y representación de las mujeres en las teler series emitidas por las cadenas de televisión de ámbito nacional* (2006), tamén da consultora Red2red. Así mesmo, tanto a produción como as representacións son estudados en *Mujeres en los medios, mujeres de los medios. Imagen y presencia femenina en las televisiones públicas : Canal Sur TV* (2004), no que a Ana Jorge Alonso, baseándose na súa tese de

doutoramento, combina a análise de contido coa compilación de datos cuantitativos e a elaboración de entrevistas para a análise da produción informativa.

Outra das debilidades detectadas polo informe *Imágenes de las mujeres en los medios de comunicación*, a ausencia de estudos lonxitudinais, foi abordada polo grupo de investigación dirixido pola profesora Amparo Moreno, no contexto do seminario “Mulleres e Cultura de Masas”, que desenvolveu para tal fin unha ferramenta metodolóxica específica, a análise hemerográfica diacrónica. Podemos así concluír que, ademais do incremento de estudos e a diversificación das liñas de traballo, os últimos anos caracterizáronse ademais pola preocupación no desenvolvemento de instrumentos metodolóxicos que permitan resolver as carencias e debilidades experimentadas nun inicio nesta liña de investigación.

2.2.1.3.1.1.2. *Novos intereses temáticos*

A representación da violencia de xénero nos medios constitúe, como foi dito, unha das temáticas estrelas nos estudos estatais en Comunicación e Xénero dende finais da década dos 90. Se até entón, os traballos ao respecto foran escasos —cun papel destacado, como pioneira, de Concha Fagoaga— nos primeiros anos do novo século a investigación sobre o tratamento mediático deste problema político e social volveuse intensa. A bibliografía é a día de hoxe abundosa, e dende perspectivas cuantitativas e cualitativas, sobre diversos soportes e tanto a nivel estatal como no ámbito autonómico. Ao respecto destacan traballos como os de Eulalia Lledó (1999), Concha Fagoaga (1999), Pilar López Díez (2006 e 2007), o equipo de investigación vasco “Género y medios de Comunicación” (2006), Isabel Menéndez (2007b e 2011), Iglesias Canle e Lameiras Fernández (Coord.) (2012), e os de Encarnación Pérez Salicio (2000), Natalia Fernández Díez (2003), Paula Carolina Carballido (2010) ou Clara Vallejo Rubinstein (2005). En Galicia, temos ao respecto os realizados polo grupo CIDACOM en 2007 e en 2008—específicos sobre os medios de comunicación galegos— así como a tese doutoral presentada en 2011, e na Universidade de Vigo, por Beatriz Martínez. Falamos, polo tanto, dunha liña de investigación prolifera, aínda que centrada fundamentalmente na faceta máis abordada polos medios —a que ten lugar no eido do fogar—, e con menor atención a outras manifestacións do problema, como a violencia sexual (abordada no seu momento por Concha Fagoaga e Natalia Fernández), a violencia específica contra as nenas, o acoso sexual no traballo, a violencia de xénero como arma de guerra, a violencia de xénero no ámbito da prostitución, ou o feminicidio, así coma a abordaxe doutras dimensións con cada vez maior relevo nos medios, como a violencia de xénero e inmigración ou o que a prensa deu a coñecer como “denuncias falsas”, supostas denuncias presentadas por mulleres, baseadas en feitos inexistentes, co fin de danar a súa parella.

Ademais, son numerosas as recomendacións sobre o tratamento informativo da violencia de xénero, articuladas non só dende o ámbito académico—que tamén— senón, ademais, dende as propias organizacións profesionais de xornalistas e dende o movemento feminista, ou como froito da colaboración entre o entorno académico e os vértices asociativo e/ou profesional. Poderíamos citar ao respecto as propostas elaboradas dende a Junta de Andalucía, incluídas na publicación *Como tratar bien a los malos tratos* (1999), o decálogo elaborado por Radio Televisión Española xunto co Instituto de la Mujer— *I Foro nacional. Mujer, violencia y medios de comunicación* (2002)—, ou o *Manual con lazo blanco. Manual para periodistas sobre la violencia doméstica* (2002), da Unió de Periodistes Valencians e a Generalitat Valenciana. Así mesmo, teñen partido iniciativas no mesmo senso de, entre outros, o Sindicato de

Periodistas das Illas Baleares, o Col·legi de Periodistes de Catalunya ou, dende o ámbito asociativo, das Clube das 25 (2003). En Galicia as propostas parten do ámbito profesional —o endecálogo aprobado en 2004 polo Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia— e do institucional —o decálogo do Servizo Galego de Igualdade (2004) e as propostas recollidas no manual *Medios de comunicación e violencia de xénero* (2007), elaborado por Isabel Menéndez para a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia—.

Outro dos ámbitos de traballo máis abordados nos últimos anos é o que ten que ver coa análise dos contidos mediáticos dirixidos á infancia e á adolescencia e a súa influencia nestas franxas etáreas, o que está relacionado con outras cuestións de relevo, como a construción da identidade de xénero, a imaxe corporal ou as posibles repercusións para a propia saúde mental e psíquica dos modelos de xénero dominantes nos medios. A explotación desta veta ten a súa base nas primeiras prospeccións realizadas nos 90 ao redor da prensa feminina e prensa rosa, sobre a que esperta un gran interese por parte da academia a partir do estudo de Joana Gallego, *Mujeres de papel de ¡Hola! A Vogue. La prensa femenina en la actualidad*. Conecta, ademais, co esforzo das investigadoras feministas, a nivel internacional, no recoñecemento dos xéneros populares como obxecto de interese científico.

A investigación sobre as revistas para adolescentes atrapa non só a atención de comunicólogos e comunicólogas senón tamén, e de maneira importante, de ámbitos como a pedagogía, a psicoloxía, ou as ciencias da saúde. As investigacións ao respecto céntranse sobre todo na televisión (e nos xéneros de ficción e entretemento que se inclúen na programación televisiva) así como nas revistas dirixidas ás adolescentes. Sobre as publicacións específicas para as mozas, téñense realizado investigacións dende o ámbito da comunicación como a de Juan Plaza para a súa tese doutoral publicada baixo o título *Modelos de varón y mujer en las revistas femeninas para adolescentes: La representación de los famosos* (2005) — ou Isabel Menéndez (2005) — *Entre Penélope y Mesalina. El discurso de las revistas para adolescentes*— e, en datas máis recentes, teñen reflexionado ao respecto autores e autoras como Jiménez Calderón e Sánchez Rufat (2011). Mais tamén constitúen obxecto de atención dende outras disciplinas como a Socioloxía e as Ciencias Políticas — *Influencias de las revistas juveniles en la sexualidad de las y los adolescentes*— ou a historia da arte — *El universo icónico simbólico en la prensa juvenil femenina*—. Por outra banda, as publicacións para mozas son tamén importante obxecto de análise por parte do tecido asociativo, do que parte algún dos estudos pioneiros e tamén algún dos máis recentes, dende o traballo da asociación de consumidores ACUREMA, “Estudios de los mensajes dirigidos a la mujer adolescente” (2001), até os da Asociación de Mujeres de Asturias — *Mujeres de portada. Estudio de las revistas juveniles con perspectiva de xénero* (2005) —, o da Confederación de Consumidores y Usuarios (CECU) — “La imagen de las mujer en las revistas para adolescentes” (2007)— e o informe de 2011 da Unión de Consumidores de Extremadura, “Cómo llegar a ser una superwoman”.

Así mesmo, a prensa feminina dirixida a franxas etáreas adultas, seguiu a ser centro de atención por parte da comunidade académica nos últimos anos. A produción ao respecto é fértil, tanto ao que a teses doutorais se refire — *Mujer mítica, mujeres reales: Las revistas femeninas en España, 1955-1970*, de M^a. del Carmen Muñoz (2002) —; *Los rasgos temáticos y de estilo propios del periodismo de servicio en las revistas femeninas de alta gama*, de María Garrido (2007), que tamén daría á luz en 2012, sobre o mesmo tema, a publicación *Revistas femeninas de alta gama: crónica de un desdén; La revista femenina española en los 90. Análisis hemerográfico de seis revistas femeninas actuales, Woman, Elle, Marie Claire, Telva, Dunia y Cosmopolitan*, de María

Ganzábal (2004) e *Imágenes de las mujeres en los medios de comunicación. Las revistas femeninas como escenarios de la corporeidad*, de Isabel Menéndez (2010a), como a outro tipo de traballos —“Género, sexo y discurso en las revistas ‘juveniles’” (Vigara, Ana María, 2003) ou “Los programas femeninos, las revistas especializadas o las secciones específicas sobre la mujer. La mujer como consumidora de prensa y televisión” (Sánchez, Ernesto, 2002)—.

Sobre a programación televisiva de atractivo para mozos e mozas, son tamén diversos os exemplos e as disciplinas, como é o caso do citado estudo do Analysis Group of Media Images (2010) sobre a imaxe das e dos adolescentes no prime time televisivo; investigacións publicadas polo Instituto de la Mujer, como *Tratamiento y representación de las mujeres en las teler series emitidas por las cadenas de televisión de ámbito estatal* (Red2Red, 2007), ou teses como *La contribución de las series juveniles de televisión a la formación de la identidad de la adolescencia. Análisis de contenido y de la recepción de la serie “Compañeros” de Antena 3* (França Rocha, María Elisa, 2001). Así mesmo, realizáronse varios traballos sobre a construción do xénero na programación infantil, como *La socialización de género a través de la programación infantil de televisión* (2001), unha análise semiótica de Eva Antón, e a guía publicada conxuntamente polo Instituto de Radio Televisión Española e o Instituto de la Mujer, *Infancia, televisión y género*—.

Alén os contidos dirixidos á infancia e á adolescencia, tamén é unha liña prolifera a análise da imaxe das mulleres tanto noutros produtos audiovisuais de carácter diverso (sobre todo de ficción entretemento) como naqueles de audiencia fundamentalmente feminina, sobre todo en soportes televisivos e filmicos (de feito, a televisión segue a ser, xunto coa prensa, o soporte máis analizado, como logo veremos). Velaí os traballos de Isabel Menéndez —os ensaios *El zapato de Cenicienta. El cuento de hadas del discurso mediático* (2006b) e *Discursos de ficción y construcción de la identidad de género en televisión* (2008) —, e tamén a guía didáctica, elaborada xunto con Marta Fernández Morales, *The End. Género en primer plano* (2004)—, así como o número que a revista *Género y Comunicación*, editada por AMECO, a asociación española de mulleres da comunicación, dedica en exclusiva ao tema baixo o título “Mujeres en serie: Discursos de género en la ficción televisiva del nuevo milenio”, ou de E. Galán (2007), *La imagen social de la mujer en las series de ficción*. A programación rosa segue a ser obxecto de interese en estudos como a tese de Teresa Mercado, *La información del corazón como especialización periodística: de la prensa rosa a la televisión espectáculo: análisis de Tómbola RTVV*, ou achegas como a de Concha Pérez Curiel (2001) en “La actualidad informativa del “corazón” desde la especialización periodística: El periodismo rosa de *Contraportada* (Canal Sur Televisión)”.

No campo da análise filmica incardínanse, así mesmo, varias teses doutorais, que polo xeral inciden na construción, a través do cine, da imaxe das mulleres, das relacións de xénero ou (aínda que de modo excepcional) da masculinidade. No primeiro caso encontramos traballos como *Melodramas para una guerra. La inmovilización del deseo femenino en el cine del tercer reich*, de Marta Muñoz (2003); *La imagen de la mujer en el cine español (1939-1955)*, de Eduard Huelin (2003), *Lolita: mito y representación en el cine de Hollywood*, de Katixa Aguirre (2013) ou *La imagen de la periodista profesional en el cine de ficción*, de Laura Osorio (2009). No segundo enmarcaríase a tese de Eva Victoria Lema (2004) *Los modelos de género masculino y femenino en el cine de Hollywood: 1990-2000* ou *Análisis crítico del discurso cinematográfico de Thelma y Louise: el papel de los usos lingüísticos y las relaciones de poder*, de Juan Carlos García (2000). E no terceiro, a tese de Rocío Carrasco *De hombres y ciborg: la*

construcción de la masculinidad en el cine de ciencia ficción estadounidense contemporáneo, de Rocío Carrasco (2010).

Falamos, até o de agora, daquelas liñas de traballo máis desenvolvidas en Comunicación e Xénero. Coinciden, polo xeral, con campos que contaban cunha experiencia previa no traballo realizado ao respecto, de maneira incipiente, na década dos 90 e mesmo nos 80 (a preocupación polo tratamento mediático da violencia de xénero, o traballo en televisión ou o interese polos programas e xéneros especificamente dirixidos ás mulleres). Mais hai, ao meu entender e despois da revisión bibliográfica realizada, unha importante carencia, que pode ser froito de debates aínda non suficientemente maduros no Estado, que chegan con notable atraso con respecto a aqueles países cunha tradición asentada e pioneira en Comunicación e Xénero. Esa debilidade ten que ver coa necesidade dunha maior reflexión e revisión, nesta liña de investigación, do concepto xénero, e do seu cruzamento con outras variables tamén índices de opresión e de marxinação, como a orientación sexual, a clase social, os estigmas étnicos ou raciais, a condición de migrada, a diversidade de modelos de feminidade e masculinidade ou a idade. O patriarcado é unha estrutura de opresión que convive con outras, como a estrutura económica neoliberal e as desigualdades dela derivadas, e que ademais, ten como resultado non só a discriminación das mulleres senón de todos aqueles homes que non seguen os patróns de masculinidade dominante o que implica, por outra banda, unha dobre marxinação para aquelas persoas que opten por orientacións alleas ás que na sociedade se impoñen como convencionais. De aí o xurdimento de conceptos como heteropatriarcado ou capitalismo heteropatriarcal. Dende os feminismos, esta reflexión está feita. Falta a súa aplicación nos estudos de Comunicación e Xénero.

Deste xeito, mentres si podemos encontrar diversos estudos sobre inmigración e medios de comunicación, a reflexión sobre a representación e participación das mulleres inmigrantes nos medios é aínda escasa (Martínez Suárez, Iolanda, 2010, páx. 283-284). A autora sinala como único estudo completo ao respecto o de Asunción Bernárdez Rodal, *Mujeres inmigrantes en España: representaciones en la información y percepción social*, ao que engade algúns artigos puntuais publicados nos últimos anos: Peio Aierbe (2003), Clara Pérez Wolfram (2003), Mohamed El Madkouri (2004), Alicia Reigada Olaizola (2006), Mary Nash (2005) e Lola Pérez Carracedo (2007). A eles hoxe en día debemos sumar a propia tese de doutoramento de Iolanda Martínez, na que compara as representacións que das mulleres se fan en dous diarios galegos e dous cataláns, a elaborada en 2008 por Rocío Rubio Garrido –*Tratamiento informativo de la mujer árabe y/o musulmana en la prensa española*– así como o traballo de doutoramento de Mina Shayan, elaborado para o Posgrao Oficial de Estudos de Xénero da Universidade de Vigo en 2010 e dende a perspectiva dunha muller árabe iraniana (a autora), que contrasta o coñecemento que posúe sobre o seu país e a súa cultura de orixe, coa representación que das mulleres musulmás se fai na prensa española. Xunto co traballo elaborado tamén en 2010 dende o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia sobre a representación nos medios galegos da prostitución (conformada, en Galicia e no Estado, maioritariamente por mulleres e migradas), marcan a aterraxe, recente mais tamén contundente (canto á dimensión e o carácter dos traballos realizados) da análise da inmigración feminina nos estudos sobre Comunicación e Xénero en Galicia.

Relacionada de modo estreito cos estudos sobre inmigración e comunicación está a análise sobre a representación mediática da prostitución, con escaso desenvolvemento académico até o momento. De feito, a penas atopamos estudos completos e en exclusiva sobre o tema, senón en todo caso artigos, guías ou abordaxes tanxenciais e secundarias

realizadas en estudos sobre inmigración e medios ou sobre prostitución en xeral (neste caso, con tratamentos e conclusións moi diverxentes respecto aos medios segundo estean escritos dende unha óptica abolicionista ou regulacionista). Foi precisamente a escaseza de investigacións que detectei ao respecto, froito da revisión realizada para o estado da cuestión, a facer este o obxecto de estudo da miña tese doutoral. E é ese é o motivo (a centralidade que a representación da prostitución ten para esta tese doutoral) que me levou a dedicarlle un apartado específico no estado da cuestión que desenvolverei con posteridade.

Pouco traballado é tamén, á luz dos datos recadados, a análise da representación de orientacións sexuais e/ou de modelos de feminidade e masculinidade non dominantes. Destaca, ao respecto, o compilatorio *Imágenes del Eros: género, sexualidad, estética y cultura audiovisual*, no que participan autoras como Teresa de Lauretis, que abordan a presenza da sexualidade non normativa na linguaxe cinematográfica. Non localicei ao respecto traballos específicos elaborados dende a análise de contidos xornalísticos. O máis frecuente son as abordaxes tanxenciais polo xeral en análises de alcance máis global sobre a situación destes colectivos. Nesa liña incardínanse os únicos exemplos que atopei na base de datos TESEO: *Identidad y cambio social: El movimiento gay/lesbiano en España como promotor de procesos de cambio*, de José Manuel Monferrer (2007) e *Redefining gender identity through queer performance: drag king and female masculinities*, de María Teresa Escudero (2007). Cómpre destacar, tamén, a obra colectiva *Minorías sexuales en España (1970-1995): textos y representaciones*, onde se analiza a representación de diversos produtos mediáticos, fundamentalmente filmicos, por parte de profesorado fundamentalmente filolóxico, mais non do ámbito das Ciencias da Comunicación. (Aliaga et al., 2013).

Queda pendente, pois, dende as Ciencias da Comunicación, un maior afondamento en cuestións tales como o modo en que se está a levar a cabo a visibilización mediática do colectivo LGTB, crecente mais centrada fundamentalmente no sector masculino e gai, e cunha importante actuación dos mecanismos de estereotipación. Incídese así na invisibilización das mulleres lesbianas e de colectivos transxénero, ao tempo que se insiste en estereotipos de xénero, en especial a imaxe máis excéntrica dos homes gais (Sáez, Javier) ou a construción da muller lesbiana como monstro (Gimeno, Beatriz, 2008; Huici Módenes, Adrián, 2008) ou como obxecto de desexo de fantasías sexuais articuladas dende unha mirada masculina.

As análises realizadas dende dentro do propio activismo LGTB resultan, polo tanto, fundamentais para suplir unha liña de investigación apenas desenvolvida no eido académico, como vimos de ver. E é así como, grazas ao impulso de activistas que son hoxe en día referentes consolidados do feminismo lesbiano, abrollaron nos últimos anos obras nas que ao fin se aborda a problemática dos medios de comunicación, tal é o caso do libro de autoría colectiva *Lesbianas. Discursos y representaciones* (Platero, Raquel (Coord.), 2008), no cal a propia coordinadora asina un capítulo centrado na problemática dos medios, mentres que Paloma Ruíz aborda noutro unha revisión á presenza das mulleres lesbianas en Internet. Xa centrado en exclusiva nos medios debemos destacar o mencionado *La construcción de la lesbiana perversa. Visibilidad y representación de las lesbianas en los medios de comunicación. El caso Dolores Vázquez-Wannikhof* (Gimeno, Beatriz, 2008), que inclúe unha análise da abordaxe informativa realizada por tres dos principais xornais do país –*El País*, *ABC* e *El Mundo*– e no que se argumenta como, detrás do linchamento mediático de Dolores Vázquez, acusada e encarcerada sen probas pola morte da filla da súa parella sentimental, se agocha o rexeitamento homofóbico, que leva a condenar a unha muller non só pola súa

condición de lesbiana senón tamén por ter formado familia alén os patróns heterosexuais (Huici Módenes, Adrián, 2008, pp. 176-180).

A construción das masculinidades nos medios de comunicación –un dos ámbitos emerxentes no panorama anglosaxón, como antes foi indicado– é, porén, á luz dos datos recadados, un tema aínda pouco explorado no ámbito académico estatal. Asistimos nos últimos anos á incorporación dos estudos sobre masculinidades, mais non a un desenvolvemento amplo deste ámbito en ligazón cos estudos sobre Comunicación e Xénero. A profesora Concha Fagoaga (2004) sinalaba como tendencia a adhesión de cada vez máis homes á investigación en Comunicación e Xénero, do que puña como exemplo o libro colectivo *Mujeres, hombres y medios de comunicación* (2002), e o feito de que, no mesmo, un terzo das sinaturas fosen masculinas. Mais, porén, os estudos sobre a representación das masculinidades nos medios son escasos, e adoitan formar parte de investigacións máis amplas nas que se comparan as representacións de homes e de mulleres nos contidos analizados –por exemplo, a tese de Juan Plaza, citada con anterioridade, sobre as revistas para adolescentes–, con especial fincapé na publicidade, e no mantemento na mesma dos roles tradicionais ao tempo que se introducen novos modelos de masculinidade. Neste campo de traballos inclúense, por exemplo, a tese de Patricia García Leiva (2003) –*Estereotipos de género en la publicidad televisiva*–, así como a investigación “Los nuevos modelos de mujer y de hombre en la publicidad televisiva actual”, acometida dende a Universidade Rey Juan Carlos de Madrid.²¹

2.2.1.3.1.2. A fase de produción

A fase de produción segue a ser un dos ámbitos menos investigados dentro dos estudos de Comunicación e Xénero. É certo que, dende a publicación do informe *Imágenes de las mujeres en los medios de comunicación*, viron a luz varios estudos de relevo que supoñen avances cuantitativos e cualitativos nesta liña de investigación, ao que se refire Concha Fagoaga (2004) ao constatar, cando fai balance da mesma, que “unha terceira tendencia que se observa é a de centrar o foco nos problemas de produción dos media, toda vez que as mulleres están tomando parte nesa produción non precisamente como minoría simbólica, senón como masa crítica”. Mais, aínda así, seguen a supor unha porcentaxe pequena en relación co prolífero campo da análise das representacións, tal como amosan os datos que recollemos das dúas bases bibliográficas que foron analizadas.

As causas podemos pescudalas, en primeiro lugar, en razóns de carácter metodolóxico que afectan non só aos traballos en Comunicación e Xénero, senón que supoñen mal xeneralizado na investigación en Comunicación no Estado. Tal e como apuntan Manuel Martínez Nicolás e Enric Saperas Lapiedra (2011), o traballo académico sobre Comunicación bota man fundamentalmente de fontes documentais, en detrimento das fontes vivas (é dicir, das persoas). Ademais, está focalizada de maneira prioritaria na análise dos contidos dos medios, en especial dos xornalísticos e, máis en concreto, dos informativos. Analizar a produción supón, nunha parte importante, traballar con persoas. A elas (á súa observación, aos seus testemuños) é preciso acudir para indagar nas rutinas profesionais, nas actitudes, nas ideoloxías, nas relacións que se establecen nas redaccións, na materialización das estruturas de poder, na somatización da liña editorial do medio por parte das e dos profesionais, no modo de organización do traballo... Tamén e sobre todo na investigación en Comunicación e Xénero, que interroga sobre as relacións de poder entre homes e mulleres nos medios, sobre a

²¹ Poden consultarse os resultados no artigo asinado por María Rosa Berganza e Mercedes del Hoyo Hurtado “La mujer y el hombre en la publicidad televisiva: imágenes y estereotipos” e publicado na revista Zer, nº 21 (2006), páx. 161-175.

barreira que supón o teito de cristal para as mulleres acadaren as cúpulas de mando, sobre a persistencia de ideoloxías e actitudes sexistas nas redaccións, sobre as reticencias á incorporación dos discursos feministas, sobre os problemas para a incorporación da perspectiva de xénero ás rutinas profesionais, e sobre a influencia, en última instancia, das problemáticas asociadas á produción nos contidos. Esta escasa atención ás fontes vivas fai que a análise de contido se converta, con diferenza, no método máis empregado na investigación en Comunicación e que técnicas como as entrevistas e, sobre todo a observación participante –que bebe da etnografía e resulta de gran utilidade para a análise do traballo nas redaccións– sexan pouco empregadas e máis aínda na análise da produción dende a perspectiva de xénero.

Un segundo motivo, segundo apunta a profesora Teresa Vera en resposta ao cuestionario que lle remitín para a elaboración deste estado da cuestión, estaría tamén en relación con outro común denominador na investigación en Comunicación: a preponderancia das perspectivas funcionalistas, o que limita a observación crítica das empresas mediáticas (e, en consecuencia, engado ao achegado por Vera, o cuestionamento das súas responsabilidades). En verbas da profesora da Universidade de Málaga,

Os (aspectos) menos tratados son as análises das prácticas produtivas. Non obstante, esta situación non é privativa dos estudos de comunicación e xénero senón en xeral da investigación comunicativa. Entendemos que esta situación é herdeira da hexemonía das correntes funcionalistas e preserva da análise os elementos profesionais e organizativos –emisores– do proceso comunicativo.

A falta de análise, dende unha perspectiva de xénero, das estruturas mediáticas dende unha perspectiva macro foi, por outra banda, unha das maiores ausencias detectadas no informe *Imágenes de las mujeres en los medios de comunicación*, así como, no ámbito anglosaxón, por Carolyn M. Bierly e Karen Ross. No citado informe constatabase, ao respecto dos medios europeos, a existencia dunha

lagoa fundamental debida á concentración das últimas investigacións feministas sobre o xénero e os medios de comunicación en temas correspondentes a microniveis. Nalgúns países houbo un explícito –e exitoso– intento de lexitimar determinados medios e modalidades comunicativas como as revistas, as telenovelas e os melodramas populares, que resultan especialmente atractivos para as mulleres pero que foron ignorados pola investigación tradicional, dirixida polos homes, sobre os medios de comunicación. Porén, mentres que as investigadoras feministas labraron unha nova axenda de investigación en ditas áreas, os “vellos” temas como a propiedade, control e regulación dos medios de comunicación seguiron sendo investigados, case exclusivamente por homes. En consecuencia, hai unha case total ausencia dunha perspectiva de xénero nos estudos que se centran nos cambios fundamentais que están tendo lugar no panorama contemporáneo europeo dos medios de comunicación. Trátase dunha lagoa dunhas proporcións enormes. (Kivikuru (Dir.) 2000, 67).

Unha década despois, a situación, á luz dos datos obtidos, non mellorou no que ao contexto español se refire. Entre a bibliografía consultada, só conseguimos localizar unha investigación na que se abordara a perspectiva macro dende a perspectiva de xénero. Referímonos á tese de Ana Jorge Alonso (2002), *La imagen y la presencia de las mujeres en las televisiones públicas europeas. El caso de Canal Sur Televisión*, na que se analizan os estándares de concreción do dereito á igualdade e á non discriminación en diferentes modelos de televisión en Europa.

A pesar da carestía de investigacións en produción, dende principios de 2000 realizáronse varios estudos destacados polo seu peso, dimensión e relevo. Entre eles, o traballo elaborado dende o CIS, *Profesionales del periodismo: Hombres y mujeres en los medios de comunicacion* (2000), que fornece tanto de datos estatísticos (baseados en enquisas) como cualitativos (extraídos de entrevistas en profundidade). Tamén dende a ASEP fora realizado con anterioridade un estudo centrado en exclusiva nas mulleres profesionais dos medios: *La presencia de las mujeres en los medios de comunicación: propietarias, directivas, reporteras: la mujer en los medios de comunicación* (1998). Sobre a presenza das mulleres nos postos directivos na prensa diaria estatal destaca o estudo de Isabel Menéndez *El cuarto poder. ¿Un poder de mujeres?* (2003), que analiza a escasa presenza feminina nos postos de mando á luz da teoría do teito de cristal. Tamén, e de factura máis recente, é a tese de Mónica Antequera (2005) *El papel de la mujer en la dirección y gestión de empresas informativas en España a principios del siglo XXI. Análisis prospectivo*. Nel, o campo de análise ampliase á prensa non diaria, á radio e á televisión e faise referencia, ademais, ás primeiras precursoras nos postos directivos dos medios. Do 2011 data o estudo internacional *Global Report on the Status of Women in the News Media*, elaborado pola IWWMF (International Women's Media Foundation) e con Carolyn M. Byerly como investigadora principal, no que se compilan os datos obtidos, a través de cuestionarios, en empresas informativas (prensa, radio e televisión) de case sesenta países de todo o mundo, entre eles España. Porén, a súa coordinadora para o ámbito estatal, Joana Gallego, relativiza, na súa resposta ao cuestionario que lle remitimos, os datos obtidos –que confirman que só un terzo do total do persoal que traballa nas redaccións son mulleres– dado que as empresas que forman parte do estudo están integradas na elite dos medios e nelas non se recollen polo tanto os datos referidos a aqueles e aquelas xornalistas que traballan nos medios con condicións máis precarias de traballo.

Aínda máis recente é o estudo dirixido por Caro González (2012), *La satisfacción de las necesidades informativas de las mujeres: análisis de la empresa periodística desde la perspectiva de género : año 2007 - año 2011*, no que se analizan de modo parello audiencia e produción (a análise da produción bota man de técnicas como as entrevistas semidirixidas a mulleres directivas nos medios de comunicación).

A ausencia de estudos sobre os efectos nas mulleres profesionais da precarización das condicións de traballo no mundo do xornalismo é, de feito, un baleiro máis dentro do xa de por si pouco investigado campo da produción, referenciado tamén no informe *Imágenes de las mujeres en los medios de comunicación*. Ao igual que o eran, até a tese de Natalia Papí, *Conciliación de la vida familiar y laboral en la prensa diaria de la comunidad valenciana. El "punto de vista" de las mujeres*, as dificultades para a compatibilización, por parte das xornalistas, entre o ámbito persoal e o laboral (2004).

Salto cualitativo supón, tanto polo obxecto de estudo –sinalado tamén como carencia no informe *Imágenes de las mujeres...*– como pola metodoloxía empregada, o estudo *La prensa por dentro: producción informativa y transmisión de estereotipos de género* (2002), coordinado por Juana Gallego. A partir da observación participante nas redaccións, o equipo de investigación indaga nas actitudes e nas rutinas profesionais ao servizo da perpetuación de contidos sexistas.

Mantense a tendencia, xa mencionada no informe *Imágenes de las mujeres...*, a analizar nun mesmo estudo diversas fases do proceso comunicativo, que adoita producirse en traballos cun obxecto de análise moi concreto, reducido polo xeral a un determinado medio ou a un conxunto de medios limitado. Tal acontece na investigación doutoral de Ana Jorge (2002), ao igual que co traballo *Tratamiento y representación de las mujeres en las telerías emitidas por las cadenas de televisión de ámbito nacional*

(Red2red consultores, 2007), cun obxecto de análise máis amplo, canto que son varias as series que se analizan e en canto, ademais, se ten en conta non só a análise de contido (de carácter cualitativo) e a fase de produción (con entrevistas en profundidade), senón tamén a recepción (a través de enquisas). O risco neste tipo de abordaxes, é a súa complexidade e a dimensión de traballo que comportan, o que fai que, a non ser que estean limitados a un obxecto de análise moi concreto e perfectamente adecuado ás posibilidades da investigadora ou do investigador, requiran polo xeral do traballo en equipo para seren elaborados de maneira idónea.

2.2.1.3.1.3. *A fase de recepción*

Os estudos de audiencias e recepción seguen a ser un dos ámbitos menos abordados en Comunicación e Xénero. As razóns están relacionadas de modo estreito, como acontecía coa investigación en produción, con carencias que afectan á investigación estatal en Comunicación. Neste caso, os problemas derivados dun ámbito, as audiencias, abondo complexo e esixente no metodolóxico, e de tardía entrada e insuficiente desenvolvemento e madurez no Estado español (Clua, Anna; Escosteguy, Ana Carolina e Jacks, Nilda, 2010, pp. 89-92). Tal e como apuntan Manuel Martínez Nicolás e Enric Saperes Lapiedra (2011), tanto a análise das audiencias e da recepción como o estudo dos efectos e da influencia da comunicación,

foron tradicionalmente campos de investigación moi esixentes dende o punto de vista metodolóxico cando son estudados empiricamente polo que non pode descartarse que ao desatendelos esteamos revelando carencias metodolóxicas importantes na investigación española.²²

Ás dificultades metodolóxicas aluden tamén, na resposta ao cuestionario que lles remitín para esta investigación, Juan Plaza e Teresa Vera. A profesora da Universidade de Málaga relaciónao co feito de que sexa un ámbito de estudo para o que se precisa de enfoques cualitativos. E aí encontrámonos con outra carencia máis. A investigación en audiencias no Estado estivo moi centrada na cuantificación, na determinación do número de persoas expostas a cada produto e na consideración da audiencia tan só como consumidora en detrimento dos estudos que inciden nos contextos culturais e de recepción, nas razóns, nos usos, frustracións e gratificacións por parte da audiencia (Kivikuru (dir.), 2000, p. 121). Tal e como sinala o Analysis Group of Media Image (AGMI) na súa investigación sobre a imaxe das e dos adolescentes no *prime time* televisivo, “os estudos españois de recepción estudan o consumo dos medios por colectivos pero non conseguen explicar o interese, os contextos ou as frustracións que provocan na audiencia feminina” (AGMI, 2009, p. 21).

Segundo sinalan Clua et al. (op. cit., 92), citando a Grandío, en España houbo pouco debate académico sobre as audiencias ou sobre a recepción dos medios, o que se manifesta no pouco desenvolvemento, ademais, da reflexión epistemolóxica que, resulta, porén, crucial na evolución e madurez da investigación neste obxecto de estudo no eido internacional. Podemos identificar, de feito, cando menos cinco correntes principais—os efectos dos medios, os Usos e Gratificacións, o Criticismo literario, os Estudos culturais e as Análisis da audiencia (Vega Montiel, Aimée, 2004, p. 115, citando a Jensen e Rosengren, 1990)—, que supoñen á súa vez, diferentes posicións, dende as preguntas e

²² No estudo de Martínez Nicolás e Saperes Lapiedra sobre os artigos publicados en revistas científicas en España dende o 1998 ao 2007, calcúlase que os referidos a audiencias e recepción supoñen un 10,6%, fronte ao 53,2% sobre contidos, o 27,7% sobre as e os profesionais dos medios e o 27,2% sobre empresas.

os intereses de investigación, até os enfoques epistemolóxicos e metodolóxicos. Dende o positivismo das investigacións interesadas nos efectos, que postulan a unidireccionalidade do proceso comunicador e a pasividade das audiencias, até a reflexividade sobre o propio suxeito investigador e o papel activo que se lle recoñece ás e aos receptores na construción de significados, así como a influencia do contextos socio-históricos e culturais, que é propio dos Estudos culturais e as Análises das audiencias, o que supón ademais formas cualitativas de achegamento ao obxecto de estudos. Un ámbito, polo tanto, abondo complexo, que require dunha reflexividade teórica e metodolóxica que, na investigación en Comunicación no Estado, foi madurecendo con máis lentitude que no contexto internacional.

A investigación en audiencias e xénero no Estado veu da man do maior desenvolvemento que, dende principio deste século, experimentaron os estudos sobre audiencias e recepción, o que foi acompañado da diversificación dos obxectos de estudo (telenovelas, inmigración, participación cidadá, identidade...) da investigación realizada dende a perspectiva de xénero, así como do interese polos Estudos Culturais dende finais da década dos 90, do que é bo exemplo unha das investigacións referenciais neste ámbito, *¿Por qué ven televisión las mujeres? Televisión y vida cotidiana*, de Maialen Garmendia.

Da investigación en audiencias dende a perspectiva de xénero que se leva desenvolvendo no Estado nos últimos anos, e á luz dos datos recadados, pódese destacar:

- interese polos efectos dos medios na infancia e na adolescencia, que é característica común aos estudos de audiencia en xeral, e que constitúe obxecto de investigación non só atraente para comunicólogos e comunicólogas –tal é o caso da referenciada investigación de AGMI– senón tamén para ámbitos como a psicoloxía e as ciencias da educación –como no estudo *Trastornos de la conducta alimentaria y la exposición a los medios de comunicación en chicas adolescentes* (Lameiras et. al, 2006)²³ –, a socioloxía e as ciencias políticas –valla de exemplo, de Ángeles Rubio Gil et al. (2008), *Influencias de las revistas juveniles en la sexualidad de las y los adolescentes*–, ou a filoloxía –*La socialización de género a través de la programación infantil de televisión*, de Eva Antón (2001)–. Ao igual que resultan de interese, dende outras disciplinas, os efectos dos contidos mediáticos sobre as mulleres, sobre todo aqueles con destacada audiencia feminina, como acontece coa tese de Fátima Páramo (1999), *El Eros de la diferencia desde un saber con nombre de mujer. Aproximación psicolocial al estudio de los efectos de la prensa dirigida a mujeres*, elaborada dende a psicoloxía da saúde mediante a aplicación da técnica de Potter and Wetherell na súa versión anglófona.

- estudo da audiencia e da recepción en relación cos contidos. É frecuente que os estudos localizados complementen a análise das mensaxes dos medios coa da audiencia e recepción dos mesmos, ben en pé de igualdade ben de modo secundario –véxanse Eva Antón (2001), Ángeles Rubio Gil et al. (2008) e AGMI (2009)–. O que amosa, unha vez máis, a prioridade que no Estado ten a análise das representacións, e de aí que en boa parte dos estudos a análise da produción ou da audiencia pode ser un capítulo máis, pero non o eixo central.

²³ A autora, xunto con María Calado Otero, abordará tamén os efectos dos medios de comunicación na poboación en xeral (non só adolescente, senón tamén adulta; non só mulleres, senón tamén homes) nun libro posterior (2014): *Alteraciones de la imagen corporal, la alimentación y el peso. ¿Son los medios de comunicación tan influyentes?*

Excepción ao respecto constitúe a tese doutoral de Aimée Vega Montiel (2004), que ten como obxecto de investigación a recepción dos contidos electorais por parte das amas de casa mexicanas, e ao redor do cal, e de modo complementario, mais non central, se fai análise de contido dos informativos televisivos. Tamén cómpre citar ao respecto, en relación coa prensa, a investigación dirixida por Caro González (2012), que se pregunta tanto polo reducido número de lectoras de prensa de pago como pola escaseza de mulleres directivas.

- A incorporación de metodoloxías mixtas, ben para a análise en exclusiva da fase de recepción –mediante a convivencia de técnicas cuantitativas como a enquisa, con ferramentas cualitativas, como as entrevistas ou os grupos de discusión–, ou ben para a análise de fases distintas –utilización conxunta, por exemplo, de análise de contido e grupos de discusión (Vega Montiel) ou da análise semiótica e a enquisa (Eva Antón)–. O que supón un esforzo superación da dependencia do cuantitativo que, segundo o informe *Imágenes de las mujeres...* ten caracterizado a investigación sobre audiencias no Estado. Así mesmo, vemos a paulatina introdución de marcos teóricos diversos, dende a análise de usos e gratificacións (AGMI), até os estudos culturais e a análise das audiencias (Vega Montiel).

2.2.1.3.2. Os soportes e as modalidades comunicativas

As conclusións que podemos obter no que aos soportes se refire non difiren de modo notable das xa achegadas en 2000 no informe *Imágenes de las mujeres...* Os medios máis investigados seguen a ser a prensa escrita, en primeiro lugar, e a televisión. O que recibe menos atención, a radio. Canto a internet, a súa investigación dende a perspectiva de xénero non deixa de ser, aínda, iniciática, malia ás enormes dimensións do seu desenvolvemento, da súa implantación social e das súas repercusións, tanto no consumo dos medios como nas propias empresas mediáticas, no que vai de século.

A investigación actual segue a centrarse na información, e nos xéneros de ficción e entretemento (series, programación infantil, reality shows...) cando a televisión é o soporte escollido. Sirvan de exemplo estudos como os elaborados por Sánchez Aranda (Dir) (2011)– *Las mujeres en la ficción televisiva española de "prime time"*–, que analiza as representacións das mulleres en catro series de televisión de máxima audiencia, ou por Fernández Viguera et al. en Euskadi *La "ingeniería emocional intergéneros" en las series con mayor audiencia en la CAE* (2012), no que se procura a abordaxe dos patróns de efecto nas relacións entre mulleres e homes nas catro series televisivas de maior audiencia en Euskadi naquela altura. Na análise dos contidos musicais en televisión dende unha perspectiva de xénero céntrase a tese de Xiana Gómez Díaz (2012), *Contenidos musicales en programación televisiva cultural. Un análisis de la representación del género en BBC, PBS y RTVE*.

Baleiro é quizais a palabra que mellor caracterice a investigación en radio dende a perspectiva de xénero. O dito coincide co achegado por Martínez Nicolás e Saperas (2011), en cuxa investigación dan constancia do predominio da investigación en prensa e información nos estudos de Comunicación, sendo moito menos abundante a análise da información televisiva e radiofónica.

Tras traballos pioneiros nos 90 como os de Pilar López Díez (1996), coa súa tese sobre os magazines na radio, e os de Rosa Franquet (1989, 1990, 1994 e 1999), nos que se analizan a información, as rutinas e a influencia das mulleres nos contidos da radio e da televisión, os primeiros anos do século actual seguen a ofrecer só fabas contadas. Destaca ao respecto o traballo que seguiu a desenvolver sobre as representacións de

xénero nos medios audiovisuais, e en concreto, nos informativos, Pilar López Díez (2001 e 2005), baseado na análise de contido dos informativos das principais emisoras de radio e televisión españolas. Polo demais, a investigación sobre os informativos radiofónicos adoita diluírse en traballos máis amplos nos que un determinado obxecto de investigación (por exemplo, a violencia de xénero, como no caso das dúas investigacións levadas a cabo polo grupo de CIDACOM en 2007 e 2008) é rastrexado en medios correspondentes a distintos soportes. Do pouco que deu de si a investigación en radio dende a perspectiva de xénero na última década, encontramos ademais traballos que se esforzan na recuperación da memoria das profesionais da radio –como as teses doutorais *Les locutores de ràdio a Catalunya, 1924-1939* (Espinosa, Silvia, 2008) e *Encarna Sánchez y la radio social y de servicio en España. El caso de "Directamente Encarna" de la Cadena Cope (1984-1996)* (Alcázar, Juan Pedro, 2008) – e, tan só dúas investigacións (teses, ambas as dúas) sobre a publicidade radiofónica –*Imaxes nas ondas: Estereotipos femininos na publicidade radiofónica española. O festival publicitario de San Sebastián (1996-2003)* (Piñeiro, Teresa, 2009), e *Mujeres y hombres en el discurso publicitario radiofónico (20014-2010)*, de Eva María Gil Benítez (2013).

No que a internet respecta, existen reflexións e análises diversas sobre a incidencia da fenda dixital en función do xénero, do que é exemplo o abondoso traballo de investigadoras como Cecilia Castaño (2005, 2008, 2009a, 2009b, 2009c, 2014) ao respecto) ou teses como a elaborada por Mariña Pose García (2012) –*Género y nuevas tecnologías de la información y la comunicación. Fundamentos teóricos y estudio de casos*– ou Núria Bergés Bosch (2012) –*Gènere i TIC[Recurso electrónico]: el procés d'autoinclusió de les dones en les TIC : una aproximació des de les tecnòlogues artístiques i les tecnòlogues informàtiques*–, así como a análise sobre o papel das mulleres na programación informática de Haché et al. (2011). Mais pouco hai feito sobre internet non como soporte, senón como medio de comunicación, dende a práctica xornalística e dende a perspectiva de xénero. Destaca neste eido o traballo de Rosa Franquet, en especial a investigación por ela dirixida, *Representación de género en los principales medios de comunicación online* (2006), na que se acompaña a análise dos contidos cunha revisión da presenza de homes e mulleres nas redacción, así como a investigación coordinada por Ruth Mateos (2007): *La presencia de estereotipos en los medios de comunicación: Análisis de la prensa digital española*. Referencias á presenza de mulleres xornalistas en internet podemos atopar nos traballos de Armentia et al. (2004) e López e Túñez (2002) que, nos datos disgregados que ofrecen, constatan a menor porcentaxe de mulleres ca de homes nas redaccións electrónicas. Canto ás mulleres como audiencia, o campo, segundo os datos que puidemos obter, está ermo, o que entendemos que é froito tanto da escasa tradición de estudos en audiencias no Estado como á dificultade para obter datos disgregados, o que constata Franquet no traballo mencionado.

Dúas son as tendencias que Gallagher (2006) sinala na reflexión feminista sobre a rede: a revisión do concepto xénero á luz das novas tecnoloxías, do que abrollan interesantes reflexións dende o ciberfemenismo, e a utilización da rede para a mobilización feminista –como voceiro dos feminismos, para a creación de redes e para a articulación de medios propios a–. De ambas as dúas tendencias, os últimos anos deitaron exemplos como a tese de Almudena García (2004) –*Mujer, género y cyborg: una mirada social a los ciberfeminismos*– ou as reflexións que veñen realizando autoras como Montserrat Boix, Ainara Larrondo (2005) ou Pilar López Díez, e dende espazos como AMECO (a Asociación Española de Mujeres de la Comunicación), sobre a importancia da rede como medio, voz e modo de articulación do movemento feminista.

A investigación en modalidades comunicativas (información, entretemento e publicidade) está ligada de modo estreito aos soportes, como antes apuntabamos. Deste xeito, as investigacións centradas na información adoitan ter como corpus de estudo a prensa, mentres que o máis frecuente é que as análises sobre televisión teñan como obxecto de estudo os xéneros de entretemento. A publicidade é un ámbito máis abordados en Comunicación e Xénero, fundamentalmente aquela emitida a través da televisión e da prensa pois a análise da radio, como antes apuntabamos, é terreo de investigación até o momento case baldío.

A bibliografía sobre publicidade e xénero é ampla, tanto no panorama internacional como no europeo e estatal (Red2Red Consultores, 2009, p. 25). No metodolóxico, caracterízase por ser un campo fértil e variado, onde análises cuantitativas (como a análise de contido ou a enquisa ás audiencias) conviven con achegas cualitativas, cunha pegada importante das análises de carácter semiótico. No que aos fins dos estudos se refire, estes adoitan estar focalizados nas representacións de xénero, e máis en concreto das mulleres, nos contidos publicitarios. Apenas abordadas son as audiencias (excepción é, ao respecto, o estudo de 2009 Red2Red Consultores, *Tratamiento de la variable de género en la publicidad que se emite en los medios de titularidad pública*, no que a audiencia é analizada mediante enquisas e grupos de discusión) e menos aínda o é a fase de produción.

A maior parte do coñecemento acumulado céntrase, polo tanto, na análise de roles, estereotipos e arquetipos. Velaí investigacións e traballos doutorais como *Estereotipos de género en publicidad televisiva* (García Leiva, Patricia, 2002); *Utilización de la figura del niño con fin publicitario* (Sanz Molina, Esperanza, 2005); *Publicidad e industria cultural: las marcas y la representación de género* (Cabrera, Yolanda, 2009) ou *Mitos y arquetipos en los mensajes publicitarios de perfumes* (Fernández, Paloma, 2010) e *Mujer, publicidad y normativas de género. Estudio desde distintas perspectivas* (2013). Ao igual que outros traballos como os de Acurema (2003), Red2Red Consultores (2009), Javier Sánchez Aranda et al. (2002), Ramón I. Correa et al (2000). Tamén no ámbito dos contidos se incardina o informe elaborado por Isabel Menéndez para o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia en 2008, no que se analiza, dende un enfoque cuantitativo e partindo de tres indicadores (o sexismo na linguaxe, o uso discriminatorio da imaxe das mulleres e a persistencia de roles e estereotipos de xénero), a publicidade difundida polos principais diarios impresos galegos, así como na televisión e na radio pública galega.

Moitos dos resultados das investigación en publicidade e xénero adoitan coincidir, aínda que sexan realizados en distintos contextos temporais, porque, “aínda que os cambios a nivel representacional son notables, o reforzo de tendencias e a reprodución de estereotipos tamén o é” (Red2Red Consultores, 2009, p. 26). Aínda así, obsérvanse cambios que conducen cara a un sexismo máis sutil –da muller como obxecto sexual á muller de deseño subordinada ao imperativo da beleza– e situado na esfera do semiótico (Velasco e Fuertes, 2002 e González-Solaz e García-Cubells, 2002, citados por Isabel Menéndez Menéndez (2008b, pp. 18-19).

As novas tendencias na investigación indican un avance, non só cuantitativo, senón cualitativo, na análise da aplicación dos estudos das mulleres, feministas ou de xénero aos medios de comunicación. Porén, cómpre traballar tamén na consolidación de equipos de investigación centrados neste ámbito de estudo e no recoñecemento real da perspectiva de xénero no eido universitario, pois aínda se seguen a escoitar críticas desde o mundo académico que lle restan validez como marco investigador. Así mesmo, cumpriría unha maior interrelación entre as investigadoras e investigadores de distintas universidades co fin de facilitar un mellor coñecemento do que se está a facer desde

diferentes puntos do Estado e evitar así a elaboración de traballos reiterativos que nada acheguen ao avance do corpus de coñecemento acumulado na análise da presenza e imaxe das mulleres nos medios de comunicación.

2.2.1.4. Panorámica dos estudos sobre mulleres e medios de comunicación en Galicia

A actitude pioneira de comunidades históricas como Euskadi e Cataluña á hora de iniciar e desenvolver os estudos sobre mulleres e medios de comunicación contrasta co carácter máis tardío deste tipo de investigación en Galicia. A estas diferenzas entre comunidades fai referencia o informe *Imágenes de las mujeres en los medios de comunicación* (2000):

Debe sinalarse que a configuración política e histórica do Estado español presenta algunhas diferenzas naquelas Comunidades que posúen unha historia, unha lingua e unha cultura propias: Cataluña, País Vasco e Galicia. Especialmente as dúas primeiras levaron a cabo unha considerable actividade no campo da investigación, financiando estudos e publicando as investigacións que afectan ao seu territorio.

En primeiro lugar, cómpre ter en conta que o nivel de institucionalización deste tipo de estudos en Galicia foi menor, dada a máis tardía implicación da administración autonómica no apoio a esta liña de investigación. O interese do Servizo Galego de Igualdade (SGI)²⁴, o organismo autónomo, agora desaparecido, encargado de promover a igualdade entre mulleres e homes, data de finais dos 90. En 1999 celebra o primeiro foro sobre mulleres e medios de comunicación, que tivo como resultado unha guía editada pola administración autonómica con diversas recomendacións para comunicar na igualdade. Non foi até o 2004 que atopamos unha investigación sobre muller e medios de comunicación financiada pola SGI: o estudo *A muller e os medios de comunicación en Galicia. A súa presenza na organización e nos procesos de produción informativa das redaccións* (Quintanar Cabello, 2004), ao que lle segue outra investigación realizada entre a universidade compostelá e o SGI, *Mujeres expertas* (De Prado Díez, José Antonio; Pérez Vilariño, José e García Marín, Jorge (2005), que achega datos sobre a presenza das mulleres na cúpulas das empresas informativas galegas e reflexiona sobre o recurso a mulleres expertas como fonte de información. Tamén en 2005 o SGI presenta a publicación dun “decálogo de tratamento da información sobre violencia de xénero”, meses despois de que o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia acubillase unha iniciativa similar, a Declaración de Compostela.

Mais non será até o ano 2007, na época do goberno bipartito PSOE- BNG, que constitúe a Secretaría Xeral da Igualdade, cando se produza unha aposta decidida pola promoción da investigación en xénero. O executivo progresista crea nesa época dúas convocatorias específicas para o apoio a estudos relacionados coas mulleres (dirixidas ao ámbito universitario e ao tecido asociativo) que recollen, entre as liñas de traballo subvencionables, a análise de medios de comunicación. Con este apoio, conséguense potenciar a investigación con foco no entorno mediático. Entre os seus froitos, os dous estudos sobre a representación mediática da violencia de xénero realizados dende o grupo de investigación CIDACOM, da facultade de Ciencias da Comunicación da

²⁴ O organismo, creado pola Lei 3/1991, de 14 de Xaneiro, foi suprimido en 2010, no marco das políticas de recorte aplicadas polo goberno de Alberto Núñez Feijóo.

USC)²⁵; a investigación sobre a representación da prostitución nos medios de comunicación galegos elaborada polo CIDACOM para o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, e a investigación sobre violencia simbólica, e a súa manifestación nos informativos da TVG, realizada dende o CIFEX (Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas e de Estudos de Xénero) da USC²⁶.

En segundo lugar, cómpre considerar que, en Galicia, a presenza das Ciencias da Comunicación na oferta das universidades galegas é máis recente ca ca noutras comunidades cunha liña en Comunicación e Xénero máis desenvolvida, como Cataluña e o País Vasco. Non é até principios dos 90 cando bota a andar a facultade de Ciencias da Información en Santiago de Compostela. O carácter incipiente da actividade investigadora en medios de comunicación en Galicia explica a incorporación tardía ao ámbito académico da preocupación por analizar a situación e a presenza das mulleres nas distintas fases do proceso comunicativo.

No contexto universitario galego, as primeiras análises dos medios de comunicación dende o ámbito dos estudos das mulleres parten doutros contextos disciplinares e son previos ao nacemento da facultade de Ciencias da Información compostelá. É pioneiro, neste senso, o Grupo de Investigacións Interdisciplinares sobre a Muller da Universidade de Santiago, que xa a principios dos 90, e dende unha perspectiva sociolóxica, se introduce na investigación sobre as construcións de xénero nos medios de comunicación. O grupo, xermolo do actual CIFEX, seguiu a manter no tempo esta liña de traballo, manifesta en diversos proxectos de investigación. A análise das imaxes das mulleres, da función regresiva dos medios de comunicación nas construcións de xénero, do efecto socializador dos medios e do seu carácter como transmisores de violencia simbólica foron ítems esenciais na traxectoria investigadora do equipo, liderado por Rita Radl.²⁷ Unha liña de traballo, o maltrato simbólico contra as mulleres, que tamén será abordado nos últimos anos dende a Universidade de Vigo, no seo do Feminario de Investigación Feminismos e Resistencias²⁸.

Mais non é só a curta traxectoria da facultade de Ciencias da Comunicación galega o único motivo, de raíz académica, para o tardío desenvolvemento da investigación en Comunicación e Xénero. Tamén o é a ausencia de perspectiva de xénero no programa

²⁵ *O tratamento da violencia de xénero nos medios galegos(2007) e Análise lonxitudinal da violencia de xénero nos medios de comunicación galegos(2008).*

²⁶ "Violencia simbólica contra as mulleres e medios de comunicación: o caso dos telexornais da TVG" (2007).

²⁷ A principios dos 90, o Grupo de Investigacións Interdisciplinares sobre a Muller acomete un proxecto de investigación dirixido pola profesora Rita Radl: "Análise sociolóxica da muller na televisión". A iniciativa tiña por obxectivo abordar a análise empírica dos programas de debate e discusión sociopolítica de TVE. Realizado entre o 1992 e o 1993, o estudo propúñase determinar a imaxe transmitida por este medio de comunicación sobre as mulleres e o seu rol social. Posteriormente, este grupo de traballo realizará unha nova investigación sobre o efecto socializador dos medios nos procesos de desenvolvemento das identidades de xénero. O equipo asume, como hipótese, a función regresiva dos medios de comunicación, en concreto dos audiovisuais, na transmisión dos roles de xénero. Deféndese unha concepción construtivista-interaccionista dos medios de comunicación, considerando que os medios, a linguaxe e a comunicación en xeral, constrúen ao mesmo tempo que reproducen a realidade. "As novas tecnoloxías da comunicación induciron cambios substanciais na dinámica da vida social e da comunicación familiar. Estes cambios afectan en gran medida ás condicións socializadoras da xuventude", afirma Rita Radl nun artigo incluído no libro coordinado por Blanca Muñoz, *Medios de comunicación, mujeres y cambio cultural*, no que se dá conta dos resultados dos traballos que está a levar a cabo o grupo de investigación que dirixe. Neste mesmo artigo, esta profesora da Facultade de Ciencias da Educación da USC facía unha aposta metodolóxica que cremos de interese subliñar, a combinación da análise de contido e da análise semiótica, o que permitiría optimizar así mesmo as posibilidades que nos ofrecen ambas as dúas metodoloxías, cuxa diferenciación ten para a autora un sentido analítico: a incidencia no acto da transmisión de contidos que ten a primeira, e de construción da realidade social no caso da análise semiótica. O Grupo de Investigacións Interdisciplinares tamén ten traballado na análise da violencia simbólica nos medios e a súa influencia socializadora na constitución das identidades de xénero.

²⁸ Véxase ao respecto o libro *Violencias (in)visibles. Intervenciones feministas frente a la violencia patriarcal* (Martín Lucas, Belén (ed.), 2010).

de estudos, mal común aos currícula universitarios e produto da falta de recoñecemento que lastrou os estudos das mulleres, feministas e de xénero no entorno da academia.²⁹

Os primeiros esforzos investigadores dende as Ciencias da Comunicación galegas xorden no ámbito dos cursos de doutoramento e a principios da década dos dez deste milenio. En dous traballos de investigación tutelados presentados nese período, da autoría de Belén Puñal e Silvia López Ben, abórdase, respectivamente, a presenza das mulleres nos contidos da prensa escrita galega e o seu papel como produtoras de información. O primeiro deles, de carácter lonxitudinal, analizaba a presenza e evolución das mulleres nos contidos en dúas cabeceiras galegas, *La Voz de Galicia* e *El Correo Gallego*, entre o 1975 e o 1999. O segundo dos estudos abondaba na situación laboral das xornalistas galegas e tiña como precedente os traballos realizados polo profesor da USC Miguel Tüñez sobre a situación laboral do colectivo profesional das e dos xornalistas en Galicia.³⁰

Nesta primeira década do século, asenta no grupo de investigación CIDACOM da facultade compostelá unha liña de investigación estable en Comunicación e Xénero, que desenvolverá, ao longo dos últimos anos, un traballo continuado tanto en investigación como en formación e divulgación. O grupo colaborará activamente co Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, ao que apoiará en diversas iniciativas, como as I Xornadas sobre Medios de Comunicación e Violencia contra as Mulleres (2004) nas que se aprobou a Declaración de Compostela, un endecálogo cun conxunto de recomendacións para a mellora do tratamento informativo desta problemática; a segunda edición das xornadas en 2005, en colaboración co Concello de Lugo, o Foro Internacional sobre Comunicación e Xénero (2006), ou a investigación, presentada en 2010, sobre a representación da prostitución nos medios de comunicación galegos, dirixida por Luís Álvarez Pousa e coordinada pola autora desta tese.

Na actualidade, a preocupación pola análise das representacións de xénero empeza a ter como froito as primeiras teses doutorais publicadas ao respecto en Galicia, tal é o caso das defendidas por Iolanda Martínez Suárez (2010) —*A diversidade na diferenza sexual*— e Beatriz Martínez (2011) —*O tratamento informativo da violencia contra a muller á luz dos códigos deontolóxicos*—.

Facer unha retrospectiva da traxectoria das investigacións sobre mulleres e medios de comunicación en Galicia implica necesariamente ir máis aló do ámbito académico e institucional. Ficar só nestes dous eidos suporía excluír todo o traballo realizado dende o tecido cívico, adoito pioneiro, tanto dende o movemento feminista como dende as asociacións e organizacións profesionais de xornalistas.

Xa en 1990, *Festa da Palabra Silenciada*, publicación periódica da asociación feminista FIGA (Feministas Independentes Galegas) e cun importante peso do feminismo cultural, dedícalle o seu sétimo número aos medios de comunicación. A revista inclúe traballos de investigadoras de fóra de Galicia, doutros puntos do Estado (como Rosa Franquet, Joana Gallego e o Feminari do Departament Periodisme CCII) ou mesmo de fóra (como é o caso da catedrática da Universidade de Leningrado, Elena

²⁹ Para solucionar esta carencia, o grupo de investigación CIDACOM comezou a organizar, en 2009, o curso de formación continua en Información e Xénero, que tivo dúas edicións (en marzo de 2009 e de 2011).

³⁰ Tanto en *Condições laborais e actitudes profesionais nos medios de comunicación* (2000), *A situación laboral dos xornalistas galegos* (2002), *Xornalismo en Internet, actitudes profesionais e condicións laborais dos periodistas en liña* (2002), Miguel Tüñez tiña xa en conta as diferentes variábeis que se empregan para perfilar as condicións de traballo das e dos periodistas en Galicia. Tamén noutro extenso traballo de investigación, o que constitúe a tese doutoral de Francisco Campos Freire, *A reconversión da prensa en Galicia (1982-1992)*, podemos atopar rexistrados, dunha forma secundaria con respecto ao propósito central do traballo, abondosos datos tanto sobre a composición e situación laboral do colectivo de xornalistas na prensa como sobre a audiencia dos xornais galegos, diferenciados segundo o xénero.

Zernova). Tamén recolle un bo monllo de artigos de mulleres relacionadas co mundo do xornalismo, da universidade ou do asociacionismo feminista (Margarita Ledo Andión, Camino Noia, Concha Pino, María Xosé Queizán, Cristina Lombao, Victoria Rodríguez, Ana Espósito, Avelina Barreiro...). Algún destes traballos adiántannos datos de interese sobre a presenza das mulleres nos medios de comunicación galegos.

Anos máis tarde, en 1999, MUGACOM, a asociación de Mulleres Galegas da Comunicación, elabora o seu estudo sobre *A presenza das mulleres na información dos diarios galegos*. O traballo de MUGACOM fai unha análise de contido desde a perspectiva de xénero tomando como período obxecto de análise o mes de setembro de 1998. O marco de estudo está conformado polos xornais galegos existentes naquel momento: *Atlántico Diario*, *El Diario de Pontevedra*, *El Ideal Gallego*, *Faro de Vigo*, *La Región*, *La Voz de Galicia* e *O Correo Galego*. A investigación ten como base outro traballo anterior realizado na comunidade catalá pola Associació de Dones Periodistes de Catalunya, e incluído na publicación *Gènere e informació*. Mais MUGACOM quedaría pronto inactiva, polo que non volvería desenvolver máis iniciativas ao respecto.

A primeira década dos 2000, porén, será prolífera na incorporación da reflexión do papel das mulleres nos medios de comunicación no seo das organizacións profesionais. Xa en 2004, o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, e en concreto o Observatorio Galego dos Medios, entidade adscrita ao mesmo, inicia unha liña de traballo en Comunicación e Xénero que manterá ao longo dos anos seguintes. As iniciativas do CPXG nese período abundan en tres aspectos: a formación; a investigación e o fomento da interrelación entre o ámbito profesional, tecido cívico e o entorno académico. A preocupación pola situación das mulleres nas representacións e na produción dos medios de comunicación introdúcese así mesmo en iniciativas doutras entidades. Tal é o caso do Sindicato de Xornalistas de Galicia, que participa na V Convención de Periodistas de España, celebrada en Lugo en 2007 e convocada pola FOP (a Federación de Organizacións de Periodistas) cun relatorio sobre a situación profesional das mulleres xornalistas galegas, ou tamén do Consello da Cultura Galega, que organiza, nunha homenaxe á xornalista Tareixa Navaza en 2012, unha xornada de reflexión ao respecto³¹. Tamén dende as asociacións da prensa xurdirán iniciativas ao respecto, como a organización do I Encontro de Xornalistas Galegas e o III Encontro Estatal de Xornalistas con Visión de Xénero por parte da agrupación de mulleres da Asociación da Prensa de Santiago. Así mesmo, acométese nos últimos anos no contexto galego a reflexión sobre o papel das mulleres na industria audiovisual, o que virá da man tanto de iniciativas do movemento feminista (como a organización do MUFEST, o festival do audiovisual feito por mulleres, promovido por Andaina), como dende as profesionais galegas ligadas a CIMA, a Asociación de Mulleres Cineastas e de Medios Audiovisuais creada no Estado en 2008.

Do estado da cuestión sobre os estudos centrados na análise dos medios de comunicación desde unha perspectiva de xénero en Galicia podemos concluír que:

- A liña de investigación en Comunicación e Xénero conta aínda cunha curta traxectoria en Galicia, a onde chega con posterioridade a outras comunidades históricas, como Cataluña ou Euskadi. É resultado dunha aposta institucional máis feble e tardía e da introdución relativamente recente das Ciencias da Comunicación no país, onde non se crea facultade propia até principios dos 90.

³¹ Poden escoitarse as gravacións da xornada en <http://consellodacultura.org/mediateca/evento.php?id=200096>

- A preocupación polos medios de comunicación como construtores das relacións de xénero prodúcese, en Galicia, non só dende as Ciencias da Comunicación, senón dende outros ámbitos disciplinares: a Socioloxía (que actúa como pioneira neste campo de reflexión), a Filosofía ou o ámbito da Filoloxía.
- Se a década dos 90 pode ser considerada unha etapa iniciática, na que se desenvolven os primeiros esforzos investigadores que teñen aos medios de comunicación como obxecto de estudo, a primeira década deste século, é, sen dúbida, unha fase de expansión, caracterizada por un interese crecente nesta liña de traballo, o que vén acompañado dunha maior institucionalización e apoio público dos estudos das mulleres, feministas e de xénero.
- A investigación sobre a participación das mulleres como profesionais realizouse só até o momento de maneira puntual. Mais falta, así mesmo, traballo de investigación que vincule as propias dinámicas dos medios de comunicación galegos (derivadas das estruturas empresariais, rutinas profesionais, modos de organización...) e a súa influencia nos contidos. O que, entendo, deriva dun desenvolvemento aínda insuficiente na introdución da perspectiva de xénero nas Ciencias da Comunicación en Galicia e a súa influencia nos contidos.
- Apenas se afondou, así mesmo, na introdución da perspectiva de xénero nos procesos de produción e sobre a situación da mulleres das mulleres xornalistas. Así mesmo, permanece inexplorada a análise sobre as audiencias.
- A liña de investigación máis traballada é a relacionada coa representación da violencia de xénero e a análise das violencias simbólicas contra as mulleres nos medios. Como nova liña de traballo, incorpórase a finais da década dos dez a análise das representacións mediáticas de mulleres de procedencias culturais, étnicas e nacionais distintas da propia, e adoito marxinalizadas no contexto galego e estatal (mulleres inmigrantes e/ou mulleres que traballan no ámbito da prostitución), así como a reflexión sobre a presenza do sexismo na linguaxe xornalística (véxanse ao respecto os traballos de Olga Castro (2010, 2008a, 2008b, 2008c, 2006).

2.2.2. Principais resultados achegados polos estudos sobre mulleres e medios de comunicación en España e Galicia

No apartado que segue, farei repaso das principais achegas analíticas que deron de si os estudos en Comunicación e Xénero no Estado español. Porei o foco nas investigacións que teñen por obxecto de estudo a información, por ser este o eido escollido por esta tese doutoral, e nas tres fases principais do proceso comunicador (a produción, a representación e a recepción). A revisión do traballo feito e a análise do que queda por facer permitírame delinear o camiño polo que avanzar e sobre o que artellar os fins e obxectivos que guían esta tese doutoral.

2.2.2.1. Dos estudos sobre representacións

Os estudos sobre Comunicación e Xénero en España, no que ten que ver coa análise das representacións mediáticas, insisten en dous aspectos, que aparecen de maneira reiterada nas conclusións das diversas investigacións realizadas dende os inicios desta liña investigadora. Por unha banda, a invisibilización das mulleres na información considerada de “interese xeral”. Unha invisibilización que afecta ás mulleres de maneira

poliédrica: 1) como suxeitas da información (ben como protagonistas ben como actoras mencionadas de maneira secundaria); 2) como fontes; 3) como movemento feminista e 4) como tema, en referencia a aquelas cuestións que lle afectan de maneira específica. Por outra, a súa estereotipación, entendendo o estereotipo como representación simplificada e falseada da realidade ou, expresado en verbas de Elvira Altés, “unha especie de prefabricado mental, un cliché do que se obtiveron un sinfín de copias, un falso axioma, un artefacto simbólico que propón explicacións e crenzas que non sempre se sustentan na realidade” (Altés, 2004, p. 40). Patróns mentais distorsionados que, ademais, facilitan unha primeira clasificación, por parte da ou do individuo, da realidade, adoito non sustentada en parámetros racionais contrastables e que, ademais, constitúen un reforzo intergrupalo, consolidador do “nós” fronte ás calidades que se lle atribúen aos “outros”, e que, na construción social do xénero, se traduce no artellamento das mulleres, e mais en concreto da “muller” esencializada, como o Outro: nomeado, definido, categorizado e observado en función do patrón masculino dominante (Areste (2003) e Mazzara (1999) citados por Isabel Menéndez (2010a).

Ambos os dous aspectos –invisibilización e estereotipación– son xa destacados nas conclusións máis temperás da investigación feminista sobre os medios de comunicación no contexto internacional, tal e como podemos constatar nos traballos compilatorios elaborados por Gallagher (1979) e Celeumans e Fauconnier (1980) a modo de estado da cuestión na investigación sobre xénero e medios de comunicación á altura dos anos 70. Sinalaba Gallagher por aquel entón que,

As investigacións realizadas practicamente en todo o mundo, coa salvidade dos países socialistas de Europa Oriental e outros varios como, por exemplo, a República Popular de China, indican que, en todos os medios de comunicación social, pero especialmente na radio e a televisión e nos xornais, as mulleres están fortemente subrepresentadas e ocupan funcións menos centrais que os homes (Gallagher, 1979, p. 14).

E ambos os dous aspectos –invisibilización e estereotipación– son destacados nas máis recentes investigacións no contexto estatal, como a tese doutoral presentada en 2011 por María Pilar Mataud –*El género en la prensa diaria nacional*–, que, da súa análise dun dos xornais xeralistas españois de máis difusión, dá conta de como segue a ser máis común a presenza de homes ca de mulleres nos textos, nas fotografías, na publicidade e como protagonistas, así como a pervivencia de estereotipos e roles tradicionais. A estereotipación de xénero non só na prensa senón tamén nos informativos de televisión tamén é abordada por Rosado Millán (2012) e do papel que está a xogar como rémora para o avance do rol das mulleres na sociedade, ao non reflectir en toda a súa dimensión os cambios experimentados, insístese, ademais, no libro de Gallego Ayala (2013).

A prensa é un dos piares básicos das democracias occidentais e cimento esencial para a construción dunha cidadanía crítica. A exclusión das mulleres nos seus contidos implica a súa marxinación na ágora para a discusión do público, da esfera do político, que a prensa constitúe. É máis, a concepción limitada do que se considera político, asunto de todos/as e polo tanto noticiable canto que obxecto de interese xeral, supón un factor máis de exclusión das mulleres, canto que o que se entende ligado ao privado, ao espazo ao que tradicionalmente foron recluídas, fica fóra da atención da prensa considerada “seria” como ámbito merecente de problematización e tematización. Tal aconteceu, até épocas recentes, coa violencia de xénero, o que demostra as dificultades das democracias occidentais e dos medios de comunicación para conceptualizar o privado como político, máis aló da aplicación do sensacionalismo, o dramatismo e o

morbo (na crónica negra) como factores de noticiabilidade. Na publicación editada por Carmen Torres en 2000, *Género y comunicación. El lado oscuro de los medios. Santiago de Chile*, bótase man deste argumento e afirmase que a infrarrepresentación das mulleres está en relación coa concepción tradicional de noticia, ligada ao que se considera de interese no ámbito político e público:

Esta defínese polo que sucede principalmente no mundo público, no mundo político e nos sucesos que teñen características de traxedia e/ou feitos que transgreden claramente a orde establecida (...) Dende unha perspectiva de xénero, este concepto de noticia restrinxe o rexistro e a emerxencia da muller como protagonista da actualidade medial (Torres, Carmen (Ed), 2000, pp. 20-21).

En consecuencia con esta liña argumentativa, aínda que o incremento das mulleres no ámbito público poida bosquexar unha presenza máis equitativa nos contidos, o cambio será probablemente lento se os medios non aplican outras lóxicas na conceptualización do que é considerado noticiable (Torres, Carmen (ed), 2000, p. 21).

A constatación da invisibilidade das mulleres nos contidos informativos ratifícaa como cidadás de segunda (no caso das mulleres occidentais, brancas, nacionais e de clase media ou alta) ou de terceira (como acontece con aquelas que non cumpren coas prescricións do patrón dominante), e mesmo na súa exclusión como cidadás (como ocorre coas mulleres migradas). Os parámetros de clase social, etnia, orientación sexual ou nacionalidade marcan outros factores que agudizan a discriminación tanto como cidadás como nos medios de comunicación. Así, tal e como recollen Celeumans e Fauconnier dunha análise elaborada a partir dunha mostra de informativos nocturnos emitidos por diversas canles americanas (NBC, CBS e ABC) entre 1974 e 1975, os homes eran protagonistas naquel entón nun 78,7% do total, fronte ao 9,9% que representaban as mulleres brancas e o 3,5% en que as mulleres non brancas conseguían acadar os papeis protagonistas das noticias.

Os estudos sobre as representacións de xénero na información constatan a incapacidade dos medios para adecuar os seus contidos aos cambios socioeconómicos, políticos e laborais que amosan a incorporación das mulleres á esfera pública. Poñen así de manifesto a subrepresentación das mulleres na información en comparación coa presenza feminina no contexto económico, político e laboral contemporáneo. En verbas de Rita Radl (2010),

[os medios de comunicación] contribúen a unha representación constantemente falseada da realidade social mediante unha "sobrerepresentación do protagonismo masculino" e dunha "subrepresentación do protagonismo social feminino" o que constitúe, de feito, un exercicio de violencia –de corte simbólico, claro está– contra as mulleres mediante unha falsificación sistematizada da súa identidade e protagonismo social, tanto a nivel persoal como estrutural, feito que apunta ademais na súa dimensión socializadora a uns contidos androcéntricos como os elementos ideolóxico-sociais decisivos que interveñen na construción e reconstrución social da realidade”.

Este *gap* entre a presenza pública das mulleres e a súa inclusión nos contidos informativos dos medios é destacada por Fagoaga e Secanella no estudo pioneiro que deron á luz en 1987, inaugural como xa dixemos nos Women's studies aplicados aos

medios de comunicación no Estado.³² Nel contrástase a escasa porcentaxe de mulleres nas mencións persoais recollidas na información durante o período analizado (que fluctúa do 7 ao 9%, dependendo do xornal) co peso das mulleres no conxunto da poboación (máis do 50%) e da poboación activa (un 30% en 1983). As autoras confirman como os medios non son quen de reflectir a aceleración, nos anos 70, da participación das mulleres na forza de traballo, en especial, daquelas que até aquel entón permaneceran en maior medida recluídas no fogar: as mulleres casadas e con crianzas.

Co paso do tempo, os estudos constatan un incremento na presenza das mulleres nos contidos mediáticos, mais insuficiente para deixar de falar da subrepresentación das mesmas na información. Quince anos despois, a investigación acometida pola Asociación de Dones Periodistes de Catalunya e o Institut Català de la Dona, *Gènere i Informació* (referida aos xornais *ABC*, *Avui*, *El Mundo*, *El País*, *El Periódico* e *La Vanguardia*), amosa un pequeno avance cuantitativo. A porcentaxe de mencións femininas na mostra analizada pola asociación catalana é dun 11,88 por cento. En 1998, MUGACOM (a asociación de Mulleres Galegas da Comunicación) saca á luz resultados que amosan unha presenza aínda inferior das mulleres na información. O baleirado de datos dos xornais *Atlántico Diario*, *Diario de Pontevedra*, *El Ideal Gallego*, *Faro de Vigo*, *La Región*, *La Voz de Galicia* e *O Correo Galego* revela que as mulleres representan un 10,51 por cento do total de mencións no corpo das noticias analizadas, mentres que os titulares nos que aparecen citadas mulleres supón tan só un 3,82 por cento do total de informacións, o que amosa como a presenza das mulleres na información descende nos lugares protagonistas.

A evolución das mulleres como suxeitas da información pode observarse, ademais, a través dos informes elaborados, quinquenalmente e en diversos países do mundo, entre eles España, pola WACC (a Asociación para a Comunicación Cristiana). No primeiro informe *Who makes the News*,³³ publicado en 1995 e realizado a partir de datos obtidos en 71 países, indícase que as mulleres supuñan o 17% do total de persoas entrevistadas nos medios. O monitoreo, que ten periodicidade quinquenal, replícase en 2000. As mulleres son entón o 18% do total das persoas referidas na información (porcentaxe que inclúe aquelas que son entrevistadas ou centrais para o relato na información televisiva, e as que en prensa son mencionadas, citadas ou reflectidas nas fotografías). En 2005, o salto é maior, até o 21%, e xa no informe publicado en 2010 son mulleres o 24% das mulleres mencionadas (o 23% nos medios analizados en España).

Porén, esa maior presenza cuantitativa das mulleres mencionadas na información non ten por que levar consigo, como antes avanzabamos ao facer referencia ao estudo de MUGACOM, unha porcentaxe similar como protagonistas. A investigación *Mujer publicada, mujer maltratada*, sacada do prelo en 2004 polo Instituto Navarro de la Mujer, amosa que, malia a que as mulleres aparecen mencionadas nun 21,10 por cento do total de informacións analizadas,³⁴ porén, tan só nun 10 por cento ocupan o papel protagonista. Os datos, para o caso da prensa galega, son aínda inferiores. No estudo de

³² O estudo *Umbral de presencia de las mujeres en la prensa española* analiza os contidos publicados por tres xornais de elite (*El País*, *ABC*, e *La Vanguardia*) e dous categorizados na investigación como “populares” (*Diario 16* e *El Periódico*), nos meses de xullo, setembro e outubro de 1983.

³³ Os informes “Who makes the news” son monitoreos elaborados periódicamente cunha técnica estandarizada de análise de contido. O Proxecto de Monitoreo Global de Medios (GMMP), que calla nos devanditos informes quinquenais, é a investigación mundial máis ampla e de maior trayectoria sobre a análise das representacións de xénero nos medios de comunicación (WACC, 2010: 3). O GMMP analiza os contidos publicados en diversas latitudes do mundo ao longo dun día. O seu valor é, ademais, metodolóxico pois, tras varias edicións, conseguíuse afinar de modo notable a descripción de variables e categorías que conforman o deseño metodolóxico.

³⁴ Os datos recollidos proveñen dos xornais *El País*, *El Mundo*, *Diario de Navarra* e *Diario de Noticias*, así como dos informativos das 21.00 horas de *TV1* e *Antena 3*.

Vanesa Quintanar Cabello (2005), a porcentaxe de informacións protagonizadas por mulleres oscila entre o 4,7% de *El Correo Gallego* e *La Región* ao 6% de *Diario de Pontevedra* e o 6,5% de *Diario de Arousa*.

Ademais, o incremento cuantitativo das mulleres como suxeitas da información vai acompañado, tal e como sinala Pilar Diezhandino, de lagoas cualitativas na cobertura que se fai das mulleres e dos temas que lles afectan de modo estreito:

desde o comezo da década dos 90, anos nos que hai unha maior presenza, cuantitativamente falando, da imaxe da muller na cobertura dos medios, é patente o ámbito limitador no que aparece. Os medios non prestan atención, diríamos, integral á muller, aínda que aumentase a cobertura en temas femininos e mellorase o tratamento destes temas. E iso é así porque a propia forma de rastrexar e ofrecer a noticia imposibilita o tratamento acorde coa propia complexidade do feito contado. E desde logo deles non se extrae un discurso propiciador dunha opinión pública que valore o esforzo da muller para integrarse con plenos dereitos na sociedade (2002, p. 579).

A autora pon en relación este avance cuantitativo coa maior información sobre violencia de xénero, un aspecto (a incorporación das agresións machistas á axenda dos medios, sobre todo aquelas que teñen lugar no eido da parella) que é destacado nos diversos estudos que analizan o seu tratamento informativo (Concha Fagoaga (1994 e 1999) ou CIDACOM (2007, 2008). Mais á luz dos datos obtidos noutros estudos (Puñal Rama, 2001) podemos ligalo tamén a outros factores, como o incremento da información sobre mulleres políticas (en relación coa súa maior participación nas esferas máis altas de representación, consecuencia da política de cotas) e, no caso concreto dos xornais, a incorporación de información sobre crónica social, contaxio do auxe da programación rosa no medio televisivo.

Canto aos medios audiovisuais, o estudo de Rosa Franquet sobre as representacións de xénero, *La mujer sujeto y objeto de la información radiotelevisiva* (1989), cifra nun 9,5 por cento a porcentaxe de mulleres mencionadas nas informacións. Na tese doutoral de Pilar López Díez, realizada sete anos despois, establécese nun 15 por cento a porcentaxe de mulleres mencionadas nos magazines radiofónicos analizados. Nunha investigación posterior, *Representación de género en los informativos de radio y televisión* (2001), a porcentaxe de mulleres (tomando como base os informativos de RNE, SER, Onda Cero e COPE) é dun 15 por cento sobre o total de mencións, mentres que no caso da televisión, acadada o 18 por cento. Nunha réplica do estudo tres anos despois (López Díez (Dir.), 2005), a porcentaxe de mencións femininas mantense no 15% nos informativos radiofónicos e medra até o 21% no medio televisivo.

Existe, ademais, unha outra tendencia que xa foi detectada en diversos estudos nos últimos anos (Simelio, Nuria (2010) e WACC (2010): a despersonalización da información. Cada vez máis, os titulares están encabezados non por protagonistas humanos, senón por institucións. Deste xeito, as responsabilidades difumínanse tras dun ente abstracto. Esta situación afecta, tal e como apunta Núría Simelio, fundamentalmente ás mulleres e aos colectivos que non participan do poder, non aos varóns que, no período analizado pola autora (a Transición española) manteñen a súa representación estable (Simelio, 2006, p. 588). Ademais, a deshumanización da información adoita ser máis acusada no espazo destacado e máis visible do xornal, é dicir, nas capas. Similares conclusións extraírense doutro dos estudos realizados no seo do equipo de traballo ao que pertence Simelio, o Seminario Dones i Cultura de Masses. Na investigación incluída na *Guía para humanizar la información* (Moreno, Rovetto e Buitrago, 2008), que analiza os titulares das noticias das capas e contracapas dos

xornais *ABC*, *La Vanguardia*, *El País*, *El Periódico de Cataluña*, *El Punt*, *20 Minutos e Metre Directe*, o primeiro venres de febreiro dos anos 1984, 1994 e 2004, demóstrase a precaria evolución do protagonismo feminino, a presenza moito máis acusada dos actores masculinos nos papeis principais da información e o dominio das institucións como protagonistas maioritarios das novas que os xornais colocan nos postos de relevo: “Así mesmo, as entidades, institucións, cousas e datos abstractos acaparan o protagonismo en máis dun 60% en 1984, nun 64% en 1994 e un 65% e un 56% en 2004” (Simelio, 2010).

A invisibilidade á que son relegadas as mulleres ten un segundo estrato: os roles, profesións, cargos e ocupacións das mulleres que encontran un oco nos contidos informativos. As principais investigacións elaboradas ao longo destes últimos 30 anos amosan que os medios de comunicación seguen a debuxar un perfil das mulleres articulado principalmente arredor da súa vinculación ao mundo do ocio e dos espectáculos ou do rol de vítimas, ao que, de modo paulatino, se incorpora o seu papel como políticas en altos cargos de responsabilidade. Trátase, polo tanto, dun protagonismo feminino polarizado en dous extremos: ou ben mulleres exitosas ben pola súa posición social ou política, ou pola notoriedade acadada no mundo dos espectáculos, ou ben vítimas sufrintes e pasivas.

Xa Fagoaga e Secanella (1987) demostraban que son as actividades relacionadas co ocio as que se lles atribúen máis frecuentemente na prensa ás mulleres, seguidas de preto por aquelas vinculadas co factor corpo (categoría na que Fagoaga e Secanella inclúen actrices, deportistas, artistas, folclóricas, servizos de coidado persoal, relacións públicas ou prostitutas). Seguíanlle, moi a distancia, as letradas (xornalistas, escritoras, profesoras, científicas sociais, científicas técnicas, avogadas e profesionais da saúde), aquelas ocupacións ligadas cunha función nutricia (monxas, profesoras, rentistas, servizos de coidado persoal, propietarias e profesionais da saúde) e as emprazadas en ámbitos marxinais (monxas, servizos de coidado persoal, amas de cada e prostitutas). As mulleres con máis presenza na prensa son, pois, aquelas que ocupan “actividades ornamentais, moi afastadas das funcións que se consideran “serias” ou “difíciles”, como as políticas ou as económicas” (Fagoaga e Secanella, 1987, p. 35). Mentres as mencións a políticas fluctuaban entre o 14 e o 16 por cento (dependendo do xornal) do total de mencións a mulleres en pezas informativas; do 4 ao 16 por cento en pezas interpretativas, e do 8 ao 24 por cento en pezas de opinión, as porcentaxes de mulleres artistas eran ben superiores: do 18 ao 33 por cento en pezas informativas; do 33 ao 58 por cento en pezas interpretativas, e do 34 ao 55 por cento en artigos de opinión. É case tanta ou maior, indican as autoras, a presenza das mulleres como obxecto ou suxeito de violencia (terrorismo, asasinatos suicidios, violacións...) (Fagoaga e Secanella, 1987, p. 37).

As conclusións son similares noutra investigación tamén centrada na prensa e na época da transición, a tese doutoral de Simelio (2006). Nela demóstrase como as mulleres que forman parte dese escaso 5% de superficie redaccional que, nos xornais que analiza, ocupan en total, mulleres, mozos e mozas, nenos e nenas, poboación anónima, clase traballadora e poboación estranxeira, son enfocadas principalmente “cando realizan actividades artísticas e deportivas, como vítimas, delinquentes ou “señoras de” e son mostradas principalmente como axentes pasivas e receptoras de accións moitas veces negativas. Ademais, fanse cualificacións sobre as súas características persoais, como a simpatía ou a beleza, e non aparecen como representantes públicas” (Simelio, 2010). É dicir, non só aparecen en roles ornamentais ou vitimizadores, senón que, ademais, e ao igual que adoita acontecer co resto dos sectores á marxe do poder, son vinculadas a accións negativas, como contraste útil á

hora de facer brillar máis as actuacións de quen ten o poder, que acostuman estar reflectidas por verbos en positivo. Os resultados levan á investigadora a concluír o predominio dun enfoque androcéntrico, "centrado nos varóns adultos de pobos e clases dominantes que exercen o poder" (Simelio, 2010). A autora, que en todo momento sitúa os datos obtidos no contexto histórico do que forman parte, incide no distanciamento da prensa da Transición (centrada nas accións de varóns cunha actividade política destacada e en posicións xerárquicas) coas transformacións sociopolíticas que estaban a ter lugar. Este afastamento, que relega á condición de espectadores a aqueles sectores da sociedade que non forman parte dos grupos de poder, é apuntado por Simelio como un dos posibles factores que incidiron na caída de público lector da prensa trala transición (Simelio, 2010).

Co paso dos anos, os datos non amosan grandes cambios, a non ser no que atinxe ao paulatino incremento das mulleres políticas como convidadas á mesa dos contidos mediáticos. Facemos agora un salto dunha década, botando man do estudo de José Ramón Bueno Abad, baseado en datos recollidos en 1993. Pasaron os anos pero o rol das mulleres na prensa segue nucleado, principalmente, a redor das actividades de ocio, espectáculos e desenvolvemento de actividades lúdicas e de deportes (nun 33,47 por cento dos casos). En segundo lugar, aparece a muller como vítima (nun 18,46 por cento dos casos). E, en terceiro lugar, as mulleres como cargo institucional (nunha porcentaxe do 15,87 por cento). Tan só no 11,67 dos casos, as mulleres forman parte das páxinas da prensa en función do seu papel como profesionais.

Xa entrado o novo milenio, a investigación do Instituto Navarro de la Mujer, *Mujer publicada, mujer maltratada* (2004) revela certo avance das mulleres políticas como protagonistas das informacións da prensa. A investigación amosa como as mulleres están vinculadas a espectáculos nun 18,7 por cento dos casos; á política, nun 11,3 e ao deporte nun 8,1 por cento do total de pezas analizadas. En canto ao papel desempeñado polas mulleres nas informacións nas que aparecen como protagonistas, nun 36,3 por cento dos casos atopámonos con mulleres profesionais; nun 23,7 por cento con testemuños ou afectadas e, nun 16 por cento, con vítimas.

No ámbito galego, na investigación de Belén Puñal (2001) sobre a evolución da presenza feminina como protagonistas da información en *La Voz de Galicia* e *El Correo Gallego* entre os anos 1975 e 1999, podemos apreciar a progresiva intensificación da atención mediática sobre as mulleres políticas (de acordo coa súa maior incorporación a esta parcela da esfera pública).³⁵ En 1999 este é o perfil profesional máis mencionado, ao que lle seguen os espectáculos e os deportes. En *La Voz de Galicia*, observamos unha elevada atención ese ano a mulleres da elite social (que representan o 13,6 por cento do total de mencións ao rol profesional) e da Casa Real (outro 13,6 por cento), o que nos fai pensar mesmo nunha volta atrás na representación da diversidade de roles femininos. Tan só nun 3,7 por cento dos casos, as mulleres aparecen ligadas nese ano ao eido cultural, en ningún caso se fai mención a mulleres do ámbito do feminismo e tan só nunha ocasión se fai referencia a unha muller empresaria. En 1975, ano de partida do estudo, a referencia a mulleres relacionadas co mundo cultural era en *La Voz de Galicia* do 21,2 por cento, tan só nun 3 por cento dos casos se facía alusión ás mulleres ligadas co ámbito dos espectáculos, a mención a mulleres relacionadas coa elite social quedaba reducida a un 9,1 por cento e nun 3 por cento dos casos facíase referencia a mulleres feministas. Naquel momento, non había ningunha mención a mulleres políticas, o que se

³⁵ A investigación (traballo de investigación titulado defendido en setembro de 2001 na facultade de Ciencias da Comunicación da USC) parte da análise de contido como metodoloxía, aplicada a unha mostra conformada pola selección dunha semana ao azar durante os anos analizados (1975, 1978, 1981, 1984, 1987, 1990, 1993 e 1999) en *La Voz de Galicia* e *El Correo Gallego*.

explica tendo en conta o contexto político dun momento marcado pola ausencia de liberdades e reclusión das mulleres ao ámbito tradicional. Aínda que os xornais avanzaron en determinadas áreas (como a presenza das mulleres na parcela política) aguillados polo avance social, a súa insistencia noutros ámbitos –como o ocio e os espectáculos– amosa a persistencia dos estereotipos de xénero como obstáculo para acadar unha representación máis acorde coa pluralidade de papeis que as mulleres desempeñan na sociedade actual.

Varios estudos encontran, ademais, outra característica identificatoria do limitado marco de representacións das mulleres nos medios: a elevada porcentaxe de aparicións nas que non se indica a súa profesión. Son, polo xeral, ou voces da rúa (*vox populi*) ás que se lles chanta o micrófono para capturar a súa opinión sobre unha determinada cuestión de actualidade, ou vítimas, que aparecen mencionadas e referenciadas como tales, mais sen concreción algunha da súa ocupación. A tendencia é destacada por Pilar López Díez nos estudos que dirixe para o Instituto Oficial de Radio Televisión Española, e publicados en 2001 e 2005, sobre as representacións de xénero nos informativos das principais emisoras radiofónicas e televisivas estatais. Do conxunto de homes mencionados nas noticias da radio, case a metade (o 48,2%) son, no último informe realizado, políticos, aos que lles seguen, como segunda categoría profesional máis presente, os deportistas, e as persoas do ámbito da cultura. Canto ás mulleres, a maior parte delas, mais nunha porcentaxe inferior ao que acontecía coas mencións masculinas, son, nos informativos radiofónicos, políticas (un 38,5%), e a segunda categoría con máis peso é a que a acolle a aquelas de “profesión non declarada” (as xa referidas voces da rúa). Nos informativos televisivos, pola súa banda, estas últimas son as que teñen maior presenza no estudo de 2005, máis incluso que as políticas. Nas pantallas, e no que ten que ver coa información, é hexemónica a presenza de homes deportistas (o 27% das persoas mencionadas) e políticos (o 19,2% do conxunto de mulleres e homes), aos que a distancia lles seguen os homes acusados de cometer un delito (o 11%), as mulleres cuxa profesión non se cita (o 3,8%) e as políticas (o 3,6% do total). As mulleres deportistas, e ben ao contrario do que acontece cos seus compañeiros varóns, apenas teñen presenza nos informativos televisivos.

Diversos organismos internacionais subliñan a necesidade de incrementar o campo de representación das mulleres. Déronse avances, en efecto, fundamentalmente no que ten que ver coa representación das mulleres políticas e que en España, se manifesta de modo notable a partir de 2004, coa articulación dun goberno paritario a nivel estatal (López Díez, Pilar, 2005). Mais dúas realidades seguiron a ser manifestas. O campo de representación non só das mulleres, senón de todas aquelas persoas que están ás marxes do poder, segue a ser limitado. No último estudo dirixido por Pilar López Díez (2005) pódese observar como nos panos da invisibilidade quedan tamén atrapadas as persoas desempregadas, as amas de casa, as que traballan na agricultura, pesca ou gandería e, en xeral, todas aquelas que desempeñan o seu traballo sen ocupar un posto directivo. E, en segundo lugar, en case todas as categorías ocupacionais, a presenza masculina é maioritaria nas representacións mediáticas. O último informe *Who makes the news* (2010) exprésao con datos contundentes. Das 25 categorías ocupacionais que distingue, en tan só dúas se encontran máis mulleres que homes: os labores do fogar e o estudantado.

Que as mulleres só supoñan, no último dos informe dirixido por López Díez, o 14,4% das persoas entrevistadas en televisión –cando naquel entón ocupaban o 50% dos ministerios, o 29% das consellerías en comunidades autónomas, o 36% dos escanos do Parlamento e o 25% das cadeiras no Senado– dá conta da distancia existente entre a realidade mediada e a realidade sociopolítica. Do mesmo modo que deixa fe do

afastamento entre o campo de foco dos medios e o ámbito laboral que as mulleres sexan o 31,3% do profesorado entrevistado e o 24% do persoal sanitario, cando son profesións abondo feminizadas. Que, por outra banda, só constitúan o 1,9% das deportistas ás que se lle concede voz constata a invisibilización e o menosprezo do deporte feminino. E que, pola contra, representen o 59% daquelas persoas sen profesión non declarada ás que se entrevista pon de manifesto, máis unha vez, a tendencia a sobrerrepresentalas naquelas categorías sociolaborais menos recoñecidas e a infrarrepresentalas naquelas con prestixio maior. De aí, a maior dificultade das políticas para ser noticiables. Estas conclusións son ratificadas por estudos máis recentes que analizan as representacións das mulleres nun sector específico. Tal é o caso da tese doutoral de Clara Sáinz de Baranda Andújar (2013) respecto ás mulleres na información deportiva³⁶ ou do informe *Deporte y mujeres en los medios de comunicación* (López Díez, 2011), centrado na elaboración de suxestións e recomendacións para superar tanto a invisibilidade como a estereotipia.

As mulleres continúan a ser, por outra banda, maioría entre aquelas persoas das que os medios refiren o seu rol familiar (“fillas ou mulleres de”) ou sobre as que se informa na súa condición de vítimas. Se no estudo de Fagoaga e Secanella, as “fillas e señoras de” representaban entre o 8% e o 15% (dependendo do xornal) do total de mulleres representadas, no de López Díez, con datos de 2004, son o 8% as que son entrevistadas ou mencionadas na radio pola súa relación cun familiar, e o 12,3% na televisión. As porcentaxes de homes na mesma situación é ínfima, entre o 0,5 % da radio e o 2% na televisión. No traballo de Fagoaga e Secanella, eran vítimas o 32% das mulleres mencionadas (polo xeral, de delitos comúns ou violencia política e, de maneira moi excepcional, como vítima de violencia de xénero). No último informe de López Díez, as vítimas sono sobre todo de violencia de xénero, e incrementan de modo notable a súa presenza con respecto ao estudo dirixido pola investigadora en 2001. Na radio, do 11,6% ao 23% de mulleres representadas, e do 12,1% ao 41 nos informativos televisivos. Pola contra, a presenza dos homes como vítimas, aínda que tamén aumenta, segue a manterse en porcentaxes baixas: do 2,7% ao 6% na televisión e do 3,6% ao 4% na radio.

2.2.2.1.1. *Que e onde. A evolución da presenza das mulleres nas distintas seccións e temáticas*

Neste apartado analizaremos conxuntamente a presenza de mulleres e homes nas diversas seccións e temáticas dos informativos posto que, naqueles casos nos que os medios analizados utilizan, para a estruturación da información en seccións, criterios non exclusivamente temáticos senón tamén xeográficos, o cruzamento destes datos cos referidos ás temáticas poden ser máis reveladores acerca dos espazos ocupados polas mulleres nos medios.

Xa Fagoaga e Secanella (1987) facían referencia á ligazón das mulleres coas informacións brandas, aquelas que non reúnen os criterios de noticiabilidade prioritarios para a súa inserción destacada nos xornais (cultura, educación, medio ambiente, sanidade...), e que, polo tanto, ocupan un lugar secundario na configuración da axenda. Fican así relegados fronte aos asuntos aos que se lle concede maior relevo, as coñecidas como informacións duras, onde se inclúen ámbitos tales como a política e

³⁶ Conclúe a autora da tese que, mentres que o deporte feminino se converteu en acontecemento nas sociedades modernas, sobre todo dende finais do século XX e comezos do XXI, porén, a prensa deportiva non é quen de reflectir a situación real das deportistas. No 61% das informacións analizadas, o fútbol é o deporte rei. As mulleres son suxeito noticioso só no 5,11% dos casos (tan só nun 2, 18% soa, sen acompañamento dun protagonista masculino).

a economía, que teñen un lugar asegurado nos postos máis destacados da axenda mediática. Segundo Secanella,

O poder e a política son conceptos de varóns e os xornalistas levan eses conceptos ás páxinas dos seus xornais. Por iso o varón identifica os conceptos do seu sexo coas noticias importantes e o feminino vai á periferia como noticia. Na ideoloxía profesional está moi clara esa división trasladada á xerxa técnica. Os acontecementos son dignos de pasar á historia como *noticias duras* (non esquecer que os nomes propios de varón son os que predominan nesas informacións). Os temas de muller considéranse tecnicamente noticias suaves e van ás páxinas de muller ou ás de espectáculos, culturas e sucesos, por esa orde (Fagoaga e Secanella, 1987, p.21).

Fagoaga e Secanella non achegan, porén, datos no seu estudo acerca da presenza da muller nas distintas seccións e temáticas. Si se fai, en 1993, no traballo dirixido por José Ramón Bueno Abad, onde se ofrecen resultados reveladores. As mulleres aparecen, nun 25 por cento das informacións analizadas, en relación con temas de ocio e espectáculos. A segunda área temática máis destacada está ligada a situacións de agresión (14,37%). E a terceira de maior importancia é a política (12,12%). No estudo de Bueno Abad non se presentan datos, porén, sobre presenza das mulleres nas distintas seccións.

Catro anos máis tarde, as conclusións obtidas pola Asociación de Dones Periodistes de Catalunya volven insistir na mesma realidade (1999). Respecto das mencións en titulares, o 22,54 % das mulleres están presentes na sección de Sociedade; o 20,84 por cento en Cultura e Espectáculos e o 15% en contraportada (o espazo de trastenda, adoito destinado para o destaque da información máis frívola e lixeira), fronte ao 11,35 por cento en portada (a fiestra principal do xornal, protagonizada pola información dura). A presenza das mulleres en Economía é dun 3,42%; en Política, dun 3,65%; en Opinión, dun 6,16% e en Deportes dun 7,26%. Similares son os datos referidos ás mencións no corpo da noticia: as seccións con máis presenza feminina son Sociedade, Cultura e Espectáculos e a contraportada, mentres que as menos visitadas polas mulleres son Deportes, Economía, a portada e Opinión. Neste caso, o estudo das investigadoras catalás non repara nos datos sobre temáticas.

O cambio de século marca un punto de inflexión canto ao incremento das mulleres en temáticas ligadas á política e en informacións relativas á violencia de xénero. A economía e os deportes son aqueles ámbitos temáticos que máis se resisten á visibilización das mulleres nos seus eidos. E as áreas conformadas por “información branda” seguen a estar entre aquelas con maior presenza feminina.

En 2003, o Instituto Navarro de la Mujer (Sánchez Aranda e Berganza Conde) ofrece os seguintes datos para o caso das prensa: 20,2% de aparicións femininas en cultura e entretemento; 13,5 por cento en política; 13,5 por cento en vida social e famosos; 6,9% en guerra e terrorismo; 4,7% en violencia e 4,5% en xuízos e asuntos legais (en total, un 16 % de informacións que ligan á muller coa violencia); 5,2 % en medio ambiente, saúde e ciencia; 5% en temas sociais e 4% en educación. Canto ás seccións, son as territoriais aquelas nas que a presenza da muller é máis numerosa (nacional e rexional, co 13,8% cada unha, e local, co 4,9%). Seguen opinión (8,5%), deportes (8,1%), sociedade (8%), cultura (6,7%), comunicación (5,6%) e xente (5,5%). Portada (cun 4%), contraportada (3,8%), espectáculos (3,3%) e economía (2,3) son aquelas que contan con menor presenza de mulleres. Os datos amosan un aumento da presenza feminina na sección opinión (en comparación co estudo da Asociación de Dones Periodistes de Catalunya). Así mesmo, vemos como neste caso a presenza en

portada é lixeiramente maior ca en contraportada, o que pode explicarse se temos en conta que no mes analizado (marzo) a información referida á poboación feminina se incrementa debido á celebración do Día da Muller.

O último dos informes dirixido por Pilar López Díez (2005) constata, en primeiro lugar, como os delitos, xuízos e asuntos legais son, nos informativos de radio e televisión, o tema no que as actuacións das mulleres son máis noticiadas, o que está en relación coa inserción destacada, na última década, da violencia de xénero na axenda dos xornais. E, en segundo lugar, que a política está así mesmo entre os temas con máis presenza feminina (as razóns poden buscarse, neste caso, e como xa dixemos, na aplicación da política de cotas aos máis altos cargos de representación governamental). Sanidade e cultura encóntranse tamén entre as áreas temáticas de maior presenza feminina. De todos os xeitos, non debemos perder o foco nin esquecer a persistencia dos negos de xénero. Que sexan áreas nas que haxa máis mulleres non quita que a presenza masculina siga a ser, tamén nestes eidos, ao igual que na maior parte dos restantes, superior ou moi superior, e que só nas áreas relativas a sucesos ou xuízos, ou a temáticas consideradas brandas, como medio ambiente, pobreza, vivenda ou desemprego o número de mencións ou entrevistas a mulleres é superior ás protagonizadas por homes.

Estes resultados contrastan, en parte, cos obtidos polo informe *Who makes the news* 2010 en España, segundo os cales a política non ten un lugar tan destacado canto á presenza feminina. Os datos para España deste proxecto internacional demostran que os temas que inclúen maior número de mulleres seguen a ser os brandos: ciencia e saúde (36%), temas sociais e legais (32%) e crimes e violencia (31%), fronte ao 21% de mulleres en política; ao 17% en economía e ao 11% na súa representación como famosas, artistas, comunicadoras e deportistas. Tales conclusións coinciden coas obtidas polo informe *Who makes the news* (2010) a nivel internacional, e nas que se revela que as mulleres seguen a ter maior presenza xusto naquelas áreas ás que os medios lle destinan menos espazo ou tempo nos seus contidos informativos. É dicir, celebridades, artes e deportes; asuntos sociais e legais e crime e violencia. A nota positiva está no incremento, con respecto aos datos de 2005, da visibilidade feminina en áreas como economía e política, ao igual que en ciencia e saúde.

No contexto galego, o estudo de Belén Puñal (2001) constata que, dende o 1975 até o 1999, son as informacións de sociedade e sucesos aquelas nas que é máis frecuente a inclusión das mulleres. A información política é a que amosa un maior incremento da presenza feminina ao longo da etapa analizada. O contrario sucede no referido ao feminismo. De ter unha certa presenza, aínda que escasa, nos primeiros anos estudados (só en *La Voz de Galicia*, non en *El Correo Gallego*) pasa a estar totalmente excluído dos contidos de ambos os dous xornais en 1999. Espectáculos é a temática máis tratada tras sociedade, sucesos e política. A información deportiva vese incrementada ao longo do período obxecto de estudo, aínda que sempre manténdose en niveis baixos. A información cultural sofre un acusado descenso en *La Voz de Galicia* (do 11,1% en 1975 decrece até o 3,9% en 1999) e increméntase lixeiramente en *El Correo Gallego* (do 3,6% en 1975 pásase ao 8,5% en 1999). Economía e laboral seguen sendo espazos vetados para a muller nos anos analizados.

As cifras referidas á presenza de mulleres nas distintas parcelas do xornal do estudo de MUGACOM (1999) amosan que a sección na que máis mulleres aparecen é a contraportada (están presentes no 24,87% das informacións deste apartado do xornal), seguida de sociedade e cultura (o 23,68% das pezas analizadas neste espazo), o que evidencia máis unha vez a ligazón das mulleres coa información branda.

En 2004, a investigación de Vanessa Quintanar Cabello (2004) amosa un incremento destacado da información de sucesos, tendencia xa manifesta noutras investigación levadas a cabo na última década. Sucesos é o tema máis tratado en *El Correo Gallego*, *Diario de Ferrol*, *Diario de Pontevedra*, *Faro de Vigo*, *El Ideal Gallego*, *La Opinión*, *El Progreso*, *La Región* e *La Voz*, con porcentaxes que oscilan do 20,3% do total de informacións analizadas (aquelas nas que as mulleres aparecen como protagonistas) ao 35,8%. Nos datos de 1999 de Puñal, a información de sucesos acadaba 21,1% no caso de *El Correo Gallego* (nos datos de Quintanar é xa dun 28,1%) e dun 20,8% en *La Voz de Galicia* (en 2004, esta porcentaxe incrementábase até o 30,7%). Política é a temática máis tratada en *Atlántico Diario* e *Diario de Arousa*) e a segunda temática con máis presenza feminina en *Diario de Pontevedra*, *Faro de Vigo*, *El Ideal Gallego*, *La Opinión*, *El Progreso*, *La Región* e *La Voz*). Espectáculos é unha das seccións con máis inclusión de mulleres en varios dos xornais: *Atlántico Diario* (14,4%), *El Correo Gallego* (11,3%), *Diario de Pontevedra* (15,7%), *Faro de Vigo* (16,5%), *El Progreso* (15,4%) e *La Región* (10,9%). Neste caso, non se fai referencia á temática de sociedade (no seu lugar, aparecen desagregadas as distintas subáreas que a compoñen). Por outra banda, economía segue sendo unha das temáticas das que as mulleres son menos asiduas na prensa (con porcentaxes que varían entre o 0% e o 1,8% de total de novas nas que aparecen mulleres).

2.2.2.1.2. As mulleres como tema

Mais a invisibilidade das mulleres nos medios non é só cuestión de presenzas ou de ausencias. Que os medios sexan máis translúcidos á realidade dese máis da metade da poboación feminina pasa non só por incluílas en maior medida como obxecto da información (en calidade de protagonistas, fontes ou mencionadas) senón por atender as circunstancias, as necesidades e, en definitiva, a realidade da poboación feminina, que pasa por ter en conta a construción diferenciada dos xéneros e o estatus, roles, posicións, posibilidades e limitacións aos que son sometidas na sociedade actual.

Os estudos sobre Comunicación e Xénero adoitan destacar a escasa presenza das mulleres na tematización dos medios de comunicación. E isto non fai referencia só á presenza do tópico “mulleres” como temática ou sección diferenciada, senón á incorporación dunha ollada, transversal ás distintas áreas informativas, que visibilice nelas a pegada das mulleres. A última radiografía da WACC ás informacións mundiais (2010) desvelaba que só o 6% das pezas analizadas abordaban cuestións relativas á igualdade de xénero. Con todo, supuña un lixeiro incremento respecto ao 4% rexistrado na edición de 2005 deste estudo. Fronte a áreas como Latinoamérica, cunha relativa alta porcentaxe de novas sensibles á análise das desigualdades (o 12% do total de información analizadas na rexión), en Europa a porcentaxe (3%) era mesmo inferior á internacional, sen que houbese, ademais, avance algún con respecto ao 2005. O informe achega, por outra banda, unha clave de interese. A maior parte das informacións que abordan a igualdade de xénero, ou o seu reverso, a desigualdade, están en relación coas categorías ciencia / saúde ou social / xurídico. De novo, áreas brandas. O interese é menor nas áreas política e económica, o que pon de manifesto que non se está a cuestionar o *status quo* naqueles ámbitos que se consideran piares centrais do poder (WACC, 2010, p. 32).

Pilar López Díez (2005) destaca o progresivo, aínda que de momento minoritario, interese naqueles temas que afectan de maneira específica ás mulleres. No último informe sobre as representacións de xénero nos informativos de radio e televisión, este tipo de información incrementábase un 77% na televisión e triplicábase na radio con respecto ao traballo realizado catro anos antes, en 2001. Porén, López Díez fai unha

advertencia. A maioría destas informacións están en relación cun único tópico: a violencia de xénero. Polo tanto, queda aínda camiño por andar na transversalidade que implica a perspectiva de xénero.

A perspectiva de xénero é esa ollada alternativa que supón ferramenta útil e necesaria para visibilizar ás mulleres como tema nos medios de comunicación, dándolle voz á súa experiencia e necesidades. A perspectiva de xénero proporciona unha imaxe da realidade con maior definición, e polo tanto calidade, e implica ir alén á simple visibilización de actores ou actoras, canto que supón todo un cambio de rutinas produtivas que fagan posible que a panorámica medial sobre a realidade poida ir máis aló de intereses androcéntricos. Para conseguir unha maior definición sobre a imaxe que se proxecta sobre a realidade é preciso ir alén a mirada que nos vén dada, que considera de modo natural o masculino como universal e como medida de todas as cousas, e incorporar unha lente que nos proporcione o acceso a unha dimensión distinta, que teña en conta de modo inclusivo a mulleres e homes, de distintas posicións, clases sociais, orixes étnicas ou orientacións sexuais. Porque, aínda que as definicións sobre a perspectiva de xénero inciden na visibilización da realidade, as circunstancias e as necesidades específicas de mulleres e homes, derivadas da súa socialización diverxente e as diferentes posicións que se lle destinan na sociedade, adoptar esta perspectiva, canto que coloca o foco fóra dos espazos de poder, proporciona sensibilidade e tamén estratexias útiles para visibilizar o resto das realidades situadas á súa marxe, en clave non só de xénero.

A perspectiva de xénero, segundo define Marcela Lagarde, é aquela que

“permite analizar e comprender as características que definen as mulleres e aos homes de maneira específica, así como as súas semellanzas e diferenzas. Esta perspectiva de xénero analiza as posibilidades vitais das mulleres e dos homes: o sentido das súas vidas, as súas expectativas e oportunidades, as complexas e diversas relacións sociais que se dan entre ambos os dous xéneros, así como os conflitos institucionais e cotiás que deben enfrontar e a maneira en que o fan” (Lagarde, 1996, p. 15 citado en Gallego, Joana (Dir.), 2002, p. 57).

A perspectiva de xénero ten, pois, unha dimensión analítica, mais tamén unha dimensión política (Menéndez Menéndez, 2007a), ligada á acción colectiva e coa súa potencialidade transformadora. Aplícase de modo transversal, nas políticas públicas, a través das ferramentas do gender mainstreaming, asentado como mecanismo fundamental para avanzar na igualdade entre mulleres e homes na Conferencia de Beijing. Mais tamén dota de claves estratéxicas para a intervención transformadora nos medios de comunicación. Permite pasar da crítica á acción cara a unha información alternativa que se aplique de modo transversal a todas as áreas temáticas dos medios. Supón procurar datos desagregados que poñan de manifesto as diferenzas entre mulleres e homes, mais tamén ir alén a simple descrición factual das diverxencias en función do sexo e incorporar a análise das diferenzas en función dos mecanismos de construción xenérica: procurando nelas as causas, poñendo de relevo a persistencia de roles de xénero diferenciados, analizando as necesidades específicas de mulleres e homes e as repercusións diferenciadas para eles e elas, tendo en conta se, no feito sobre o que se informa, está equilibrada a presenza de mulleres e homes: eliminando os estereotipos, incorporando unha linguaxe non sexista e inclusiva, acudindo a fontes expertas que poidan achegar a perspectiva de xénero e intentando manter o equilibrio entre mulleres e homes nas fontes consultadas (Menéndez, Isabel, 2007a, pp. 158-164).

Detectamos, nas análises incardinadas no eido da Comunicación e do Xénero, a ausencia dunha reflexión que incardine a perspectiva de xénero no campo da

información xornalística especializada, que é a que, á súa vez, permite conectar o traballo xornalístico coas diversas áreas de coñecemento, cada vez máis especializadas, e tamén afastadas da cidadanía, na actual Sociedade da Información (Álvarez Pousa e Puñal Rama, 2011b, pp. 11-22). Dende os anos 60, a análise feminista conseguiu enchoupar os máis diversos campos científicos, fundamentalmente nas áreas humanísticas e sociais, mais non só. Falta divulgar as súas achegas, e para facelo é preciso proporcionarlle ás e aos xornalistas as claves de análise necesaria. Para que saiban como abordar a política, a economía, a cultura, o medio ambiente, a saúde, a educación, as novas tecnoloxías e a información científica, os deportes, os dereitos humanos... dende a perspectiva de xénero. Se os medios son cada vez máis intermediarios necesario entre as diversas ramas do coñecemento, tradutores imprescindibles da linguaxe científica á do común das e dos cidadás, máis aínda o son na análise desas áreas dende a perspectiva de xénero. Porque, por ser durante anos a análise feminista relegada ás marxes da universidade, e por tamén manter estreitos vínculos co movemento e discurso feminista, aos que os medios adoito non consideran fontes autorizadas, a chegada aos medios deste coñecemento dobremente especializado (dende a análise feminista e de xénero, e dende a súa respectiva área de científica) vólvese abondo complexa.

O reto non é sinxelo. Non só polas propias dificultades para a incorporación da práctica da especialización no xornalismo (precariedade laboral, escasa aposta pola formación especializada dende os medios, submisión dos mesmos ás fontes oficiais e a criterios comerciais que privilexian a especularización...). Tamén polas dificultades engadidas que supón a incorporación da perspectiva de xénero. Sandra Chaheer (2007, pp. 128-129) fai relación delas, en referencia ao contexto arxentino do que parte: falta de fontes ás que acudir para a transversalización da perspectiva de xénero; escasa preparación do funcionariado, da clase política, das e dos investigadores e das organizacións da sociedade civil á hora de aplicala e parca capacitación e compromiso das e dos xornalistas e das persoas con cargo de responsabilidade nos medios. No contexto español, a incorporación da perspectiva de xénero no discurso institucional foi facilitada pola asunción política de parte da axenda feminista. Mais, aínda así, non todos os datos facilitados dende as institucións están desagregados por sexo. E compartimos, co caso arxentino, a necesidade dunha maior capacitación por parte do gremio xornalístico e das persoas con responsabilidades nos medios.

A perspectiva de xénero é a ferramenta necesaria, segundo defende Joana Gallego (2002), para visibilizar a realidade das mulleres nos medios, tanto máis se, como postula a investigadora, un maior incremento de mulleres xornalistas non ten porque implicar un cambio relevante na debilitación da ollada androcéntrica e sexista dos medios. O tema é motivo dun complexo debate no ámbito da Comunicación e do Xénero, que logo detallaremos máis polo miúdo, e dá lugar a posicións e argumentos diversos. Para Gallego, que non considera que máis mulleres nos medios teña como consecuencia que os medios falen máis daquelas cuestión que afectan ás mulleres, a perspectiva de xénero permitiría que, nas redaccións, as cuestións que afectasen de maneira específica ás mulleres deixaran de ser relegadas ao mesmo saco da marxinalidade ao que durante tempo se destinaron todas as propostas que, dende as profesionais do xornalismo, “cheiraran” a feminismo. Segundo Gallego,

Unha reflexión sobre a importancia das diferenzas de xénero, e a incorporación desta perspectiva, sempre que sexa posible, unificará e cohesionará o discurso informativo globalmente considerado, afastándoo do empecinamento individual e eliminando as graves contradicións que padecen, en especial as mulleres, entre defender os seus argumentos como mulleres xornalistas ou actuar

como profesionais aparentemente sen xénero. Dotar de significado as diferenzas de xénero será tan profesional para os homes xornalistas como para as mulleres, ás que a adopción desta perspectiva eximirá de aparecer como *a feminista*, avergonzada e temerosa de ofrecer asuntos polos cales poida ser tachada de tendenciosa ou parcial, e sen dúbida enriquecerá o discurso informativo con esta nova achega (Gallego, Joana (Dir), 2002, p. 416).

Porque, tal e como apunta Pilar López Díez (2007) en liña co argumento de Gallego, a perspectiva de xénero non se opón ás normas e á ética profesional que coñecemos, senón que as amplía e afonda nelas, tendo en conta a realidade da existencia das mulleres e os seus dereitos.

Mais o cambio das rutinas produtivas e dos valores de noticiabilidade debe ir, segundo voces como as do Women's Institute for Freedom of the Press (WIFP), alén do indicado, e da man do compromiso cun outro discurso mediático que supón toda unha revolución dos valores noticia, unha revolución marcada pola ética feminista e pola revalorización, nalgún caso de valores que historicamente se ligaron á feminidade, como o da paz e a ética do coidado fronte á violencia. A proposta da WIFP, que recolle Isabel Menéndez (2007a, pp. 164-165), pula por un xornalismo que informe non en terceira persoa, senón que fale das mulleres en primeira persoa, dándolles voz para falar por si mesmas. Un xornalismo que deixe de incluír como valor noticia a violencia e o conflito (violencia que, hoxe en día, é transversal a toda a grella de contidos mediáticos, e non só informativos, senón tamén os ligados ao ocio e o entretemento). Que deixe de erguer a bandeira da obxectividade —pois toda ollada ao mundo é, en esencia, parcial— e se comprometa coa igualdade e o cambio social. Que desista na reprodución das xerarquías sociais e rompa as divisións tradicionais de espazos, temas e protogonistas, que invisibilizaron as mulleres na información. Que rompa os estereotipos e descarte as imaxes negativas sobre as mulleres, en especial aquelas que, por non someterse ás ideas preconcebidas da feminidade, ou precisamente por oporse activamente ás mesmas —como as feministas— foron especialmente maltratadas polos medios. E que visibilice, en definitiva, todos aqueles temas que sexan de especial interese para as mulleres.

2.2.2.1.3. *Cando as mulleres si entran na axenda: a violencia de xénero*

Adiantábao no apartado anterior. A maior presenza das mulleres na tematización dos medios está en relación coa entrada na axenda dunha problemática en específico: a violencia de xénero. A investigación ao respecto na contorna estatal foi abondo fértil e permitiu construír unha importante base de coñecemento sobre a construción mediática do problema: a súa introdución e evolución na axenda dos medios; as interrelacións entre as axendas feministas, político-institucionais e mediáticas, as representacións realizadas dende os medios e o discurso latente tralas mesmas.

As investigadoras en Comunicación e Xénero coinciden nun nome e unha data: Ana Orantes, asasinada en 1997 polo súa ex-parella, José Parejo, quen lle prendeu lume tras enchoupala en gasolina (Fagoaga, 1999; López Díez, 2002a; Fernández Díaz, 2003; Donis e Cuesta, 2004; Vives, 2005; Menéndez Menéndez, 2007b e 2010b; e Carballido, 2010). O crime acontece días despois da intervención de Orantes nun coñecido *talk show* de Canal Sur, a televisión pública andaluza, onde dá conta dos malos tratos recibidos polo que fora o seu home ao longo de catro décadas, do acordo de divorcio que determinaba que o agresor podía seguir a vivir no mesmo edificio ca ela, e do seu medo a que a matara. Resultou a crónica dunha morte anunciada polos propios medios e o seu impacto foi tal que marcou un antes e un despois na atención mediática ao problema. A partir de entón, a violencia de xénero —en concreto, a súa manifestación nas relacións de parella con resultado de morte ou agresións moi graves— entra con

forza na axenda mediática: increméntase a información ao respecto³⁷ e tamén a relevancia que se lle concede, de modo que comeza a protagonizar capas de xornais e aperturas de informativos. Máis cuestionable é a mellora no cualitativo. Autores/as como Sánchez Aranda et. al. (2003) ou Carolina Carballido (2010) detectan, dende a teoría do framing, un certo desprazamento dos marcos interpretativos, segundo o cal os casos de violencia de xénero pasan de lerse en exclusiva como sucesos episódicos a ser contextualizados como problemática social, con raíz nas desigualdades que alenta o patriarcado. Pero, aínda así, seguíronse a manter como predominantes tratamentos que reforzan o sensacionalismo e os estereotipos de xénero tradicionais (Lledó, 1998; López Díez, 2002a; Menéndez Menéndez, 2007b e 2010b; Vallejo Rubinstein, 2005; Álvarez Pousa et. al. 2007, 2008, 2010) e que fican eivados pola falta de contextualización, de pluralidade na selección de fontes, de respecto á intimidade e de tratamento interdisciplinar.

Para comprender a introdución da violencia de xénero na axenda dos medios resultan cruciais as achegas de Concha Fagoaga (1994, 1999). De cara a determinar como evoluciona a construción desta realidade en acontecemento mediático, a autora analiza varios períodos mediante a análise de contido (1976-1977, 1982-1983, 1988-1989 e finais dos 90). Deste xeito detecta como a representación mediática do maltrato no ámbito da parella se transforma, de mero signo, en realidade social representada: o problema social e político emerxe tralo que, até finais da ditadura, se viñan conceptualizando como crimes pasionais.

Nos anos 70, malia a que a segunda onda do feminismo xurdida nos 60 xa conceptualizara o persoal como político da man de Kate Millet, en España a ditadura franquista, nos seus últimos estertores, impedira o abrollar público deste discurso. Funcionaba en todo o seu apoxeo o que Fagoaga denomina a "retórica da ocultación". A violencia de xénero no ámbito da parella era presentada como suceso episódico, accidental, descontextualizado e inexplicable. Non se conceptualizara aínda a problemática e permanecían invisibilizados e innombrados os motivos estruturais (as relacións de poder de carácter sexista, que volven a violencia de xénero "no brazo armado do patriarcado", tal e como define Eulalia Lledó). No seu lugar, buscábanse razóns no estereotipo: o crime pasional, o alcoholismo e a enaxenación mental. A desestruturación da "retórica da ocultación" comeza coa Transición, coa saída á luz pública do movemento feminista –que denunciou ante os medios as raigañas estruturais do problema– e a súa alianza coas institucións, manifesta na creación, en 1983, do Instituto de la Mujer. O movemento feminista alenta un proceso de determinación (definido por Concha Fagoaga (1994) como aquel mediante o cal os movementos sociais se involucran no establecemento de significados sobre unha realidade), que será lexitimado ante os medios grazas á aceptación, na axenda institucional, de parte do discurso feminista sobre violencia de xénero.

Con posterioridade, os medios inician o proceso de rutinización, é dicir, o establecemento de rutinas determinadas para a súa cobertura, o que ten lugar na segunda década dos 90 e con especial importancia a partir do asasinato de Ana Orantes, cuxa relevancia pública se explica tanto polo efecto de autorreferencialidade (a vítima xa existía para os medios con anterioridade, pois eles divulgaran o seu testemuño) como polas propias dinámicas de imitacións entre medios (desencadeada pola relevancia que se lle dá en *El Mundo* grazas ao interese dunha das súas redactoras xefas) e o feito de

³⁷ Véxanse os datos de Vives-Cases para o período 1997-2001 ou os que se facilitan no estudo de Sánchez Aranda, Berganza Conde e García Ortega (2004), que compara os resultados da investigación que realizan en 2002 coas cifras que proporciona Fagoaga, dende finais dos 70 a finais dos 90.

que o crime se volvea evidencia do mal funcionamento do sistema (Menéndez Menéndez, 2010b citando a Fagoaga 1999 e Donís e Cuesta, 2004).

Paula Carolina Carballido (2010, pp. 188-189) sinala outros dous puntos de inflexión na abordaxe mediática da violencia de xénero: o "caso Svletana" e o "caso Neira". O asasinato de Svletana Orlova a mans de quen fora a súa parella, cinco días despois de que ela rexeitara nun talk show televisivo, el *Diario de Patricia*, a súa proposta de retomar a relación, supuxo o impulso por parte do Goberno estatal dos códigos de autorregulación. A brutal agresión sufrida por Jesús Neira tras saír en defensa dunha muller que estaba sendo vítima dunha agresión por parte da súa parella impulsou a chamada á compromiso cidadá contra a violencia de xénero.

Carballido destaca, do momento en que está a realizar a súa tese, a forte institucionalización e o liderado do discurso político na actuación contra a violencia de xénero. Unha etapa ademais de inflexión, de balance das políticas realizadas (no que se incardina o cuestionamento aos resultados da coñecida como Lei integral contra a violencia de xénero) e de conflitos entre actores, en especial, no propio seo do feminismo (entre o etiquetado como "da igualdade" e o doutras posicións críticas co mesmo). E na que, xunto ao peso que segue a ter o encadre de sucesos, se produce, segundo Carballido, unha certa hibridación co encadre temático, influenciado polo transvase de marcos procedentes do discurso feminista e integrado por outros tres sub-encadres: o cultural, o político-xudicial e o político-asistencial.

Paula Carolina Carballido insiste no transvase da axenda feminista á política, o que facilita a súa transmisión á mediática. Porén, cómpre ter en conta, apunta Puñal (2008), que o transvase entre os dous polos máis extremos desta relación é parcial. O discurso feminista é aceptado polo mediático sobre todo naqueles aspectos que foron asumidos previamente polo político, porque para os medios as fontes oficiais teñen unha lexitimidade que non lle outorgan ás fontes do tecido cívico (Fagoaga, 1994). A proba está na propia concepción mediática do que se entende como violencia de xénero. Malia que o discurso feminista conseguiu penetrar na definición que ofrecen diversas declaracións internacionais (Nacións Unidas, 1993; Convención de Belém do Pará, 1994; Conferencia Mundial da Muller, 1995) como un tipo de violencia que bebe da estrutura patriarcal da sociedade, que sofren as mulleres polo feito de naceren mulleres, e que se manifesta non só no eido da parella senón tamén no ámbito público, e non só como violencia física, senón tamén como violencia sexual e psicolóxica, os medios (cando menos os galegos, tal e como se demostra nas investigacións de Álvarez Pousa et. al., 2007 e 2008) seguen a identificar a violencia de xénero fundamentalmente con aquela que ten lugar no eido das relacións de parella, que é a parcela sobre a que regula a Lei Integral contra a violencia de xénero. É sobre esta manifestación en particular da que se informa en maior medida e á que se nomea como violencia de xénero. Os datos de Álvarez Pousa et. al. para 2008 constatan as dificultades dos medios galegos para identificar e nomear esta realidade. Só nun 30% das informacións analizadas (correspondentes a xullo de 2008), se introduce o concepto "violencia de xénero" ou algún outro termo, máis ou menos equivalente (violencia doméstica, violencia machista, malos tratos, violencia sexista...), que permitan nomear a problemática. E, na maioría dos casos, o medio só é capaz de identificar a problemática cando esta se manifesta no eido da parella.

As críticas ao tratamento mediático da violencia de xénero foron ítem recorrente na literatura académica dende finais dos 90. Xa Eulalia Lledó (1999), no seu estudo *Cómo tratar bien los malos tratos*, no que fai baleirado de noticias publicadas pola prensa andaluza pouco despois do asasinato de Ana Orantes (en concreto, dende febreiro até novembro de 1998) incide na persistencia de estereotipos de xénero tradicionais nas

informacións á hora tanto de xustificar o agresor como de culpabilizar a vítima, para o que o patrón do crime pasional (celos, ruptura de parella...) resulta abondo efectivo. Mais Lledó repara en algo máis: a falta de "axencia" feminina. O concepto, calcado do inglés, utilízase para facer referencia á invisibilidade, nos medios, da capacidade de reacción e actuación das mulleres, ou cando menos para vela en positivo, pois mesmo en ocasións, cando elas se volven axentes, a súa acción chega a ser ridiculizada (do que nos dá exemplo a propia Lledó en referencia á cobertura informativa de crimes acometidos por mulleres). Redunda isto nun tratamento no que domina a visión das mulleres como vítimas, nun patrón que incide na pasividade e na indefensión, mais que non recalca de modo parello a responsabilidade do agresor, a quen custa cualificalo como delincuente (Menéndez Menéndez, 2010b).

Son diversos os traballos que fan observación e análise dos estereotipos de xénero presentes nos relatos informativos sobre violencia de xénero (Lledó, 1998, López Díez 2002a e 2007; Sánchez Aranda, Berganza Conde e García Ortega, 2003; Álvarez Pousa et. al., 2007 e 2008; Menéndez Menéndez, 2010b). A etiqueta de crime pasional esvaécese nos últimos anos, tal e como detectan, no contexto galego, os estudos de Álvarez Pousa et. al. (2007 e 2008). Aínda que non sexa tan explícita a xustificación da violencia de xénero, porén mantense no discurso de maneira implícita, en redaccións que mitigan a responsabilidade do agresor e apuntan de maneira velada a pluma acusadora cara as agredidas, ou mediante a introdución de testemuños (a miúdo, veciños/as) non expertos que fan gala de estereotipos de fondo carácter sexista. Extraemos, da literatura académica sobre violencia de xénero, a seguinte síntese de estereotipos:

1. Xustificadores co agresor:

- a) Consumo de alcohol e outras drogas: O agresor preséntase como unha persoa con problemas de adicción que actúa baixo os efectos das drogas. Tal estereotipo incide así mesmo na ligazón da violencia de xénero cos ámbitos marxinais. Deste xeito, a responsabilidade "trasládase do agresor ás substancias que consome" (Álvarez Pousa et al., 2008).
- b) Arrebato, loucura, enaxenación mental transitoria. O agresor ou ben vira nunha caste de enfermo mental, cuxas actuacións son efecto do seu padecemento, ou ben aparece como vítima dun episodio puntual de enaxenación supostamente provocado polo sufrimento dunhas circunstancias concretas (adoito ligadas ao estereotipo do crime pasional).
- c) Problemas de parella. É, segundo a análise que fai Pilar López Díez (2006) dos informativos de Televisión Española, o estereotipo que se mantén en maior medida, malia a que, tal e como se indica no Manual de Urgencia de TVE e cita a autora, "os antecedentes sobre disensións ou boas relacións no seo da parella (...) inducen a explicar a violencia como a consecuencia lóxica dunha situación de deterioro ou, polo contrario, como un arrebatto puntual " polo que" debería evitarse, xa que parece difícil colixir que dunha discusión poida derivarse o asasinato dunha persoa".
- d) Resposta a unha provocación: O crime é lido como reacción a unha provocación da muller. Por tras está unha visión da masculinidade apegada á incontención, tanto dos desexos sexuais, no caso das violacións, como dos impulsos agresivos.³⁸

³⁸ Véxase ao respecto a análise da construción da subxectividade de xénero que se elabora en *Coeducación afectivo emocional e sexual*, coordinado por Lola Ferreiro Díaz (Xunta de Galicia, 2008).

- e) Crime pasional: O asasinato envólvese no mito do "amor romántico", que implica a concepción do afecto como posesión, no que se entende que os celos son manifestación necesaria do querer. En verbas de Isabel Menéndez, "trátase de enfatizar a desesperación dun home abandonado, que non concibe que a súa parella o deixara e que namorara doutra persoa. Este discurso perpetuo sobre o crime pasional alimenta un imaxinario colectivo acostumado á morte por amor ou aos excesos se son un nome dos celos, un discurso habitual na cultura popular" (2010b, p. 87).
- f) Problemas económicos. As dificultades pecuniarias da familia son utilizadas como eximente da actuación do agresor. Álvarez Pousa et. al. (2008) analizan ao respecto a cobertura informativa do asasinato múltiple que ten lugar en Yecla en 2008: Un home mata muller e os fillos, o que en varios medios é presentado como consecuencia da desesperación do pai de familia con problemas económicos graves que, ante a imposibilidade de cumprir co seu rol de sustentador, decide acabar coa súa vida e coa do seu núcleo familiar.

Así mesmo, a incidencia do relato informativo en contextos marxinais contribúe a ligar a violencia de xénero a determinados estratos sociais, de modo que fica así esquecido o seu carácter transversal e independente do estatus socioeconómico da vítima e/ou do agresor. As investigacións realizadas por Álvarez Pousa et. al. (2007 e 2008) detectan, porén, que no que se refire á identificación social do agresor, a relación non se establece en exclusiva co estatus económico senón que este aparece ligado a factores de índole sociocultural, aparelados á si máis habitual referencia á súa pertenza a colectivos de persoas migradas ou con determinadas etnias e culturas, como a xitana, marxinalizadas no Estado español.

É por iso que, tralos estereotipos cos que se bosquexa o retrato do agresor, cumprá destacar os de carácter cultural, que resultan tamén mitigadores canto que desprazan a raíz do problema e focalízana noutras culturas, ás que se concibe como máis sexistas, e sobre as que se proxecta un ton de culpa que non está presente ao referirse á cultura propia. Os estudos sobre a representación da inmigración nos medios de comunicación sinalan como a cobertura que se fai da información sobre violencia de xénero neste colectivo contribúe a asentar a imaxe do Outro (neste caso, a poboación migrada) como ameaza. Isto faise sobrerrepresentando o rol dos homes como criminais e das mulleres migradas (apenas visibles na prensa) como vítimas, ou dos varóns da súa mesma orixe étnico-cultural ou dos costumes e normas que asentan a súa cultura (Pérez Wolfram, 2003; Reigada Olaizola, 2006; Sobrados León, 2006 e Masanet e Ripoll, 2008). A identificación da violencia de xénero como cultural e estrutural —mesmo a súa denuncia social e a súa identificación como vulneración dos dereitos humanos— é maior cando ten lugar noutros contextos que non son aquel do que formamos parte (Álvarez Pousa et. al., 2008). Deste xeito, "as mulleres aparecen principalmente en contextos relacionados coa familia, e como vítimas duns valores sexistas contrapostos aos supostos valores igualitarios da sociedade receptora" (Pérez Wolfram, 2003).

2. Estereotipos culpabilizadores para coa vítima:

- A muller como provocadora ou causa da violencia (Meyer, 1997, p. 117, citado por López Díez, 2002a). Enténdese que é a muller quen provoca: o impulso sexual do agresor, a ira, os celos, a desesperación, que se consideran detonantes da agresión. É así como se apuntan factores que sitúan os desencadeantes en aspectos como o temperamento da vítima, a

súa vestimenta, a súa relación con outros homes, o rexeitamento ao agresor...

- Fronte a este estereotipo tradicional, xorde outro de novo cuño, no que a muller é culpabilizada por non ter denunciado ao agresor e acudido, polo tanto, aos recursos institucionais á súa disposición. A responsabilidade trasládase das institucións á propia muller. A visión simplificada, que define o estereotipo como tal, radica neste caso no feito de que non se consideren os motivos que levan á muller a non denunciar (o propio medo ao agresor ou ás institucións, no caso de migradas en situación irregular).

Alén a reprodución de estereotipos, as propias rutinas aplicadas para a produción de información sobre violencia de xénero amosan un tratamento pouco especializado e de escasa profundidade, caracterizado por:

- O predominio de fontes institucionais (policiais, xurídico-legais e político-administrativas) e o exíguo recurso a fontes de carácter experto, aspecto no que coinciden os estudos de Sánchez Aranda, Berganza Conde e García Ortega (2003), Álvarez Pousa et. al. (2007 e 2008) e Menéndez Menéndez (2010b). Así mesmo, varios dos traballos anteriormente mencionados, a excepción do de Sánchez Aranda et. al., poñen de relevo a ampla utilización de fontes veciñais e testemuñais (as segundas con máis presenza tralas institucionais, segundo destacan os datos extraídos por Álvarez Pousa et. al. en 2007 e 2008 e por Menéndez Menéndez en 2010b). Estes estudos inciden nos perigos que leva consigo o emprego deste tipo de fontes dada a súa escasa experticie e o traslado de estereotipos sexistas amplamente arraigados na cultura popular. As investigacións de Álvarez Pousa et. al. sobre a representación da violencia de xénero nos medios galegos subliñan así mesmo a participación pouco frecuente do movemento organizado de mulleres (5% sobre o total de fontes en 2008), inferior mesmo ao das fontes expertas (8%) e moi lonxe do elevado empregado de fontes oficiais (63%) e testemuñais (19%). A porcentaxe detectada polo traballo de Álvarez Pousa et. al. sobre a presenza de fontes do movemento organizado de mulleres é notablemente inferior á rexistrada polo traballo de Menéndez Menéndez sobre a prensa balear (un 14%) e considerabelmente superior á anotada polo estudo de Sánchez Aranda et. al sobre os medios navarros (un 0,6%).
- O predominio do enfoque de sucesos. As investigacións de Álvarez Pousa et. al. conclúen que este é, con diferenza, o enfoque predominante. No período analizado para o 2007, o 33% das pezas estudadas encadrábanse como crónica negra, e o 29% como crónica xudicial. Un 25% correspondíase con información elaborada dende unha perspectiva social e o resto distribuíase entre o enfoque político (o 8%), o legal (o 4%) e o humano (o 1%), cunha presenza nula das perspectivas económicas e culturais. A investigación de Menéndez Menéndez (2010b) revela que o 72% das informacións analizadas para o caso balear están publicadas en seccións de sucesos. Este tratamento afástase da necesaria interdiscipliniedade que require a abordaxe dunha problemática na que inciden factores de diversa índole (políticos, culturais, económicos, legais...) e contribúe ao enmarcado da violencia de xénero, non como problema político-social, senón dentro do episódico.

- O emprego dos xéneros tamén ratifica a pouca profundidade no tratamento informativo da violencia de xénero. A maioría das informacións son breves e noticias, e/ou incardínanse como crónica negra (Álvarez Pousa et. al. 2007 e 2008; Menéndez Menéndez, 2010b). As investigacións de Álvarez Pousa et. al. sitúan como marxinal o emprego doutros xéneros que non sexan os estritamente informativos (en 2008, o 80% das informacións sobre violencia de xénero publicadas nos medios galegos no período analizado, o mes de xullo, son noticias, e o 17% breves). O minguado recurso a xéneros como a reportaxe e a entrevista, que permiten unha marxe máis ampla para a inclusión de elementos de contextualización, así como para a análise de causas e consecuencias, sitúa a práctica do xornalismo no exclusivamente informativo, coartado nunhas rutinas que amosan a pouca afouteza para a abordaxe dun traballo xornalístico que se enmarque no eido do xornalismo interpretativo ou da especialización. Moi limitado é, así mesmo, a presenza de xéneros de opinión (0% na investigación de 2008 de Álvarez Pousa et. al.), que implicaría a explicitación da posición de persoeiros considerados como líderes de opinión (articulistas, columnistas, comentaristas...) e da propia publicación (no caso dos editoriais).
- A escasa iniciativa do medio á hora de elaborar información sobre violencia de xénero. Nos datos que nos ofrecen Álvarez Pousa et. al. para o período analizado en 2008, o 50% das pezas analizadas aparecen asinadas por axencias de información e o 20% sen rúbrica algunha. Tan só o 18% están asinadas de modo explícito dende a propia redacción (o 18%, co nome do autor ou autora e o 12% baixo a sinatura colectiva "redacción"). As dúas investigacións realizadas por Álvarez Pousa et. al. (2007 e 2008) conclúen que os medios galegos activan os seus recursos fundamentalmente cando, no seu contexto próximo, ten lugar un episodio de violencia de xénero, e en moita menor medida, cun afán de afondar que incida na problemática, alén a inercia da cobertura da actualidade. Dado que boa parte das informacións fan referencia a pequenas informacións sobre agresións machistas que teñen lugar noutros puntos do estado, estas aparecen tratadas de maneira case idéntica en todos os medios, dado que parten dunha fonte única: a da axencia que nutre da información.
- A incidencia no sensacionalismo. Unha das críticas máis habituais da cobertura informativa sobre a violencia de xénero (tanto nas diversas recomendacións, manuais e decálogos que se teñen elaborado ao respecto como en diversos estudos académicos) é a carga de sensacionalismo (entendido como a inclusión de elementos que provocan sensación e sorpresa na audiencia), morbo (segundo o dicionario da Real Academia Galega de Lingua, a inclinación obsesiva a deleitarse en escenas ou sentimentos desagradables) e dramatismo (a introdución daqueles elementos que teñen por fin conmover e emocionar). No estudo de Isabel Menéndez sobre a prensa balear detéctase a inserción deste tipo de ingredientes no 60% das pezas analizadas. Na disxuntiva entre ofrecer unha información que asuma a responsabilidade dos medios como formadores de opinión e as necesidades comerciais de atracción de público (Alberdi, 2002, p. 242, citado por Arán e Medina, 2006), os medios decántanse en non poucas ocasións por isto último, do que dan conta con exemplos ben explícitos traballos como os de Marina Cubells en *Mirame*

tonto (2003) sobre a programación televisiva. O potencial sensacionalista vólvese, así mesmo, criterio de noticiabilidade, determinante para a inclusión en axenda de certas informacións que, do contrario, probablemente non serían inseridas na oferta informativa do día (sobre agresións que non teñen resultado de morte ou lesión grave, ou que non se producen no entorno próximo). A focalización no sensacionalismo leva consigo, ademais, efectos colaterais: a) o deleite da redacción polo detalle fai que se proporcionen datos diversos que vulneran a intimidade (por exemplo, o nome ou iniciais do nome da muller agredida e outros datos persoais, así como imaxes do escenario do crime, da vítima ou do seu entorno), e b) o sensacionalismo e o dramatismo chaman ás emocións e adoito pretenden conmover, mais non crear a necesaria concienciación para que, ese caso particular sobre o que se informa en detalle non sexa visto como tal, senón como manifestación dun problema cidadán que, como expresión dunha ideoloxía de carácter sexista que enchoupa de maneira transversal a sociedade, lles afecta a todas e todos os seus membros.

- As carencias na contextualización: Sánchez Aranda et. al. (2003) detectan unha mellora no que á contextualización de violencia de xénero se refire en comparación con outras investigacións anteriores (Fagoaga, 1999). Se, no traballo de Concha Fagoaga, se observaban elementos de contextualización no 62,5% das pezas analizadas, os datos proporcionados por Sánchez Aranda et. al. soben esta porcentaxe ao 66,7%. Mais, tal e como detectan Álvarez Pousa et. al, seguen a persistir deficiencias importantes. Moi poucas informacións (só o 5% para o caso dos medios galegos para o período analizado, xullo de 2008) se refiren ás causas estruturais do problema, o que ten que ver cunha grella informativa que introduce a cobertura da violencia de xénero no día a día como inserción de relatos, adoito breves, que inciden no episódico (no suceso) mais non na abordaxe temática do problema. Máis habitual é a referencia aos antecedentes concretos da agresión que se relata (que chega ao 25 e o 30% das informacións en varios dos medios analizados) ou ás consecuencias, que devalan entre unha presenza inferior ao 10% en medios como *La Opinión* ou *La Región*, e o 40% das información en *La Voz de Galicia*, a TVG, *Faro de Vigo* e *El Progreso*, o que ten a súa razón de ser na importancia outorgada á cobertura das repercusións de carácter legal (información sobre xuízos), en detrimento da abordaxe de consecuencias doutro tipo (económicas, sanitarias, psicolóxicas,...).

A literatura académica adoita coincidir no incumprimento das recomendacións recollidas nos abondosos decálogos, manuais e guías sobre o correcto tratamento da violencia de xénero que foron elaborados dende finais do século XX e dende institucións diversas (colexios e asociacións profesionais, administración, medios de comunicación...). Entre elas:

- A vulneración do dereito á intimidade das mulleres agredidas. A lei galega para a prevención da violencia de xénero fala, no seu artigo 9.2., do dereito á intimidade das vítimas e dos seus fillos e fillas. A lei estatal de 2004 é máis vaga ao respecto, mais aínda así establece, no artigo 14, que "a difusión de informacións relativas á violencia sobre a muller garantirá, coa

correspondente obxectividade informativa, a defensa dos dereitos humanos, a liberdade e dignidade das mulleres vítimas de violencia e dos seus fillos" e que "se terá especial coidado no tratamento gráfico das informacións". Porén, as análises sobre a cobertura informativa da violencia de xénero detectan determinadas prácticas xornalísticas que, de maneira directa ou indirecta, delatan a identidade da vítima. Esta identificación da vítima adoita producirse de maneira directa (con nome e apelidos, e coa difusión da súa imaxe) cando falece (e sen ter en conta que tamén a identidade dos seus fillos e fillas merece respecto) como de maneira indirecta cando se abordan agresións sen resultado de morte (mediante a aglomeración de datos, como iniciais, nacionalidade, detalles da súa vida persoal, imaxes da vivenda ou identificación do seu agresor en casos de violencia no ámbito da parella (Álvarez Pousa et. al. 2008).

Sánchez Aranda et. al. (2003) desvelan así mesmo unha clara asimetría entre o grao e a frecuencia con que se produce a identificación do agresor e a da vítima, e conclúen que os medios son máis respectuosos co criminal ou delincuente que coa muller que sofre a violencia. Nos medios que analizan, as mulleres son identificadas con nome e apelidos nun 32,1% dos casos fronte ao 6,9% no caso dos agresores. En máis da metade das informacións (o 54,1%) non aparecen datos sobre o agresor, fronte ao 20,8% no que non se inclúen os datos da vítima. E iso malia a que, apuntan, "o coñecemento explícito da identidade do agresor sempre que haxa evidencias suficientes da súa culpabilidade— podería evitar que maltratara ou asasinara a outras mulleres" (2003, p. 150). A identificación do agresor, aínda que recomendable canto ao fomento da repulsa social das agresións machistas e de quen as comete, choca porén co respecto á presunción de inocencia (que recollen os códigos deontolóxicos xornalísticos). O conflito resólvese no manual que, sobre o correcto tratamento informativo da violencia de xénero elabora o Instituto Oficial de Radio Televisión Española (2002), cunha recomendación xenérica na que se recolle a necesidade da facer unha identificación social do agresor (é dicir, unha descrición xenérica dos perfís de comportamento que adoitan ser comúns nos mesmos). López Díez (2006) e Álvarez Pousa et. al (2008) levan a recomendación máis aló: aos casos nos que hai condena en firme ou nos que é o propio agresor quen se autoinculpa.

- A escasa introdución de información útil e de servizo, que poida resultar de proveito para outras mulleres en situación de violencia. Malia a que, tralo asasinato de Svletana Orlova, o acordo adoptado entre o goberno do Estado e televisións privadas e públicas do Estado, instaba aos medios audiovisuais a introducir o teléfono de atención ás vítimas nas informacións sobre violencia de xénero, non todos cumpriron con isto nese momento. Entre eles a TVG, tal e como indican Álvarez Pousa et. al. (2008).
- A case inexistente identificación da violencia de xénero como vulneración dos dereitos humanos. Os diversos estudos realizados ao respecto poñen en evidencia o incumprimento sistemático desta recomendación. Mesmo na investigación dirixida por Pilar López Díez sobre os informativos de Televisión Española (2006)—e que detecta unha cobertura da información de máis calidade ca o que adoita ser frecuente noutras análises sobre o tratamento xornalístico da violencia de xénero— tan só dúas informacións (dun total de 71) fan esta correspondencia. Cando tal identificación

acontece, esta adoita estar posta en boca, non da ou do propio redactor, senón de voces institucionais (Álvarez Pousa et. al., 2008). E isto malia a que, dende 1993, aparece recoñecida pola ONU como tal, na Conferencia Mundial de Dereitos Humanos celebrada en Viena (Donis Cerezo e Cuesta Rico, 2004).

Dende unha perspectiva metodolóxica diferente, a análise crítica do discurso, Natalia Fernández Díaz, consegue, na súa tese doutoral publicada so o título *La violencia sexual y su representación en la prensa* (2003), desvelar novas dimensións sobre o tratamento mediático da violencia de xénero na prensa estatal. O traballo analiza a violencia de xénero nas súas diversas manifestacións (no ámbito da parella, violencia sexual, violencia contra as nenas, acoso laboral...), baseándose para iso nunha análise de prensa que comprende dende o 1989 até o 1994. Quizais polo propio período temporal analizado, no que a violencia de xénero no ámbito da parella aínda non formaba parte da axenda habitual dos medios, a investigación non pon en exclusiva o foco nesta faceta e afonda en estratexias discursivas sobre a representación tamén doutras manifestacións do problema, como a violencia sexista ou o acoso laboral, que mesmo até o de agora foron pouco analizadas. Cos instrumentos que lle proporciona a Análise Crítica do Discurso, a autora desvela como a violencia de xénero é representada nos medios como "non violencia", mediante disociacións e perífrases que mitigan a gravidade do delito relacionándoo co universo da afectividade e das relacións sexuais. Só o agresor se considera realmente maligno cando forma parte do Outro, do inimigo, daqueles sectores poboacións que se perciben perigosos para a integridade do Nós. É así como, no caso da violación, a súa consideración "como instrumento de dominación só é aplicable a casos moi limitados" (Díez Fernández, 2003, p. 66), tal é o caso do mito, na sociedade norteamericana, do violador negro de mulleres brancas.

O estudo repara así mesmo noutro dos nesgos nos que, até o asasinato de Ana Orantes, incorría a prensa estatal: a invisibilización da violencia no ámbito da parella por considerala parte do privado, espazo íntimo no que os poderes públicos non han de entrar. Os motivos de base: o non recoñecemento da dimensión política das relacións que teñen lugar no seu seo, ao non supor, ademais, unha ameaza contra ningún dos poderes estabelecidos, senón todo o contrario, a manifestación máxima dun deses poderes, o patriarcal (Fagoaga, 1999). "Cando o agresor é coñecido da vítima —sinala Fernández Díaz— dilúense os elementos delituosos e entran os efectivos" (2003, 69).

Fernández Díaz afonda así mesmo nas representacións dos agresores e das mulleres agredidas. Descubre así como os agresores que pertencen á elite son considerados parte do Nós e a súa acción é mitigada nas representacións mediáticas. A autora fai síntese dos diversos argumentos abductivos empregados para probar que non hai responsabilidade real dos inculpados (mitos románticos, pasado tortuoso, incontinencia ante o atractivo sexual da muller, trastornos psíquicos, dependencia do alcohol, perda do control, etc.). Pola contra, a representación das vítimas, como xa foi apuntado con anterioridade, incide na vitimización, de modo que a transgresión da pasividade que se presupón nos modelos tradicionais de feminidade é adoito obxecto de representacións negativas (a muller sedutora, a lolita, etc.).

2.2.2.1.4. *As mulleres como fonte*

A análise das mulleres como fonte é de especial importancia canto que permite descubrir en que medidas elas son suxeitas, con voz propia, nos contidos informativos, e non só obxectos heteronominados sobre os que se fala. Darlle voz ás mulleres é outorgarlles o poder da palabra e do discurso (cando menos en parte, pois o medio é ao

fin, quen selecciona aquilo, do que se lle di, que pode ser publicado ou difundido, e o contextualiza e enmarca segundo os seus intereses). É concederlles autoridade, entendida como o recoñecemento e fiabilidade que se deposita en alguén por motivos diversos (coñecementos, posición social, cargo, traxectoria...). Implica facer que existan no discurso público, concedéndolles a palabra que historicamente lles foi silenciada. E, por último, supón outorgarlles influencia no discurso dos medios situándoas na base mesma do proceso de produción informativa, os mananciais discursivos dos que as e os xornalistas se nutren. O estudo das fontes femininas apenas foi obxecto de interese pola literatura académica española. As referencias que podemos rescatar na pesquisa realizada para a elaboración deste estado da cuestión están recluídas a apartados que forman parte de investigacións máis amplas sobre as representacións das mulleres ou de xénero nos contidos informativos mais que non supoñen, en si, o centro de interese do traballo en cuestión. Adoitan, cingirse, ademais, á cuantificación das fontes femininas, dos roles que desempeñan e das súas características socioprofesionais. Máis rica é, ao respecto, a investigación anglosaxona, na que podemos encontrar exploracións que procuran ir alén o descritivo e afondar na análise das causas, o que leva a una análise relacional do ámbito da produción co dos contidos.

A simple cuantificación das fontes dende a perspectiva de xénero fai evidente o que os estudos recalcan unha e outra vez respecto á inclusión das mulleres na representación dos contidos informativos: a súa ausencia. No estudo *Mujer publicada, mujer maltratada* (Sánchez Aranda, José Javier; Berganza Conde, Rosa e García Ortega, Carmela, 2004) indícase que só o 20,4% das 5.287 informacións que foron analizadas (aquelas nas que se inclúe algún tipo de mención ás mulleres) introducen fontes femininas. Do que se deduce que tan só o 4,30% do total de 25.046 informacións publicadas e ou difundidas nos xornais e telexornais que foron estudados durante o período obxecto de análise acudiron ás mulleres como fonte. Pilar López Díez fai contrastar, nos seus informes, a escaseza das voces femininas coa preponderancia das masculinas. Na boca das mulleres pónense, no estudo realizado pola autora en 2004, o 18% das declaracións na radio e o 26% na televisión. O tempo que as mulleres falan como fontes é, porcentualmente, tamén inferior ao que os homes ocupan: 16% na radio e o 24% nos informativos televisivos. Aínda así, os datos amosan unha tendencia, en positivo, á inclusión de máis voces femininas na información, dado que no anterior informe de López Díez, tres anos atrás, tan só o 14% das declaracións en radio e o 18% en televisión proviñan de mulleres (respectivamente, o 9% e o 15% do tempo total destinado a declaracións en radio e televisión).

Mais, se reparamos non só no canto senón tamén no quen fala e en calidade de que, poderemos chegar a unha evidencia máis da marxinación das mulleres como fonte de información. Boa parte delas son consultadas, non polos seus coñecementos, a súa traxectoria, o seu cargo ou a súa profesión, senón en calidade de testemuños ou de voces da rúa. É dicir, as mulleres como fonte adoitan carecer de autoridade. Os informes de Pilar López Díez póneno de manifesto. As voces que máis se escoitan nos informativos da radio e da televisión son, en primeiro lugar, as dos homes deportistas e políticos e, tras delas, as das mulleres consultadas para obter declaracións procedentes da rúa (e das que, polo tanto, nada se di do seu cargo profesional ou mesmo do seu nome e apelidos) e as das políticas. O informe internacional *Who makes the news* de 2010 ratifícao: Mentres as mulleres son o 44% das persoas ás que se acode como opinión popular, tan só supoñen o 20% do total de voces expertas consultadas e o 19% das voceiras (polo xeral, funcionarias do goberno ou políticas). En resumo: tan só 1 de cada 5 persoas expertas ou voceiras con voz nos medios son mulleres. Os datos, tamén neste caso,

manifestan un incremento con respecto ao informe anterior, cinco anos atrás, mais aínda así son abondo reveladores da situación de marxinalidade das voces femininas que, ademais, só supoñen o 25% das fontes auscultadas no mencionado estudo.

O diagnóstico non é novo e, de feito, xa no capítulo J da Plataforma de Acción de Beijing se propuñan solucións. O obxectivo estratéxico J.1. é así enunciado: “Aumentar o acceso da muller e a súa participación na expresión das súas ideas e a adopción de decisión nos medios de difusión e por conduto deles, así como nas novas tecnoloxías de comunicación”. De cara a facilitar que as mulleres poidan ter garantida a expresión da súa opinión nos medios dictamínanse varias medidas, entre elas: o estimulamento e o recoñecemento das redes de comunicación de mulleres, como as electrónicas e as novas tecnoloxías da comunicación, para a difusión de información e intercambio de ideas, e a compilación de voces expertas en cuestións relacionadas coas mulleres. Dous mecanismos que están a actuar de motor no acceso ás mulleres como fonte aos medios. A creación de redes mediante as novas tecnoloxías da información e da comunicación é a estratexia empregada polas axencias de información dende a perspectiva de xénero xurdidas nos últimos anos: o caso de Amecopress, nacida no seo da Asociación Española de Mujeres Profesionales de la Comunicación (www.amecopress.net), da vasca Pikara Magazine (www.pikaramagazine.com) ou da catalá La Independent (www.laindependent.cat), e que teñen antecedente na mexicana CIMAC (www.cimac.org.mx) e na arxentina Artemisa Noticias (www.artemisanoticias.com.ar). Por outro lado, xurdiron nos últimos anos diversas iniciativas de creación de directorios de fontes expertas. A Plataforma de Acción de Beijing recomenda tamén visibilizar o papel das mulleres como líderes, co fin de ofrecer novos modelos, en especial para as novas xeracións de mulleres, o que nos leva de novo á importancia de visibilizar as voces das expertas e voceiras.

Nas recomendacións elaboradas ao fio da IV Conferencia Mundial de Beijing, na que se adopta a Plataforma de Acción, inspírase o equipo de traballo que elabora, en Galicia, o directorio mulleresexpertas.info, e que vai acompañado dunha investigación sobre a posición das mulleres en distintos ámbitos públicos (política, empresa, sindicatos, xudicatura, medios de comunicación, estudantado e profesorado universitario, investigación...). Segundo se indica na introdución ao estudo, “a inercia, por un lado, e a falta de visibilidade das mulleres expertas, por outro, fai que o recurso ás expertas non se verifique coa frecuencia e coa amplitude que sería desexable. De aí, a necesidade de contar cunha ferramenta que lles ofrezca ás mulleres unha entrada sinxela no mundo das persoas expertas e dos medios de comunicación, como é o directorio de mulleres expertas” (Prado Díez, Pérez Vilariño e Marín, 2005).

O estudo evidencia que, para as mulleres, e malia a estar en plena sociedade da información, máis coñecemento non implica maior recoñecemento por parte dos medios. O estudantado feminino é maioritario na universidade e en todas as ramas disciplinares agás nas técnicas, nas que predomina, e de modo esmagador, a matrícula masculina (consecuencia da persistencia dos roles e estereotipos de xénero nas vocacións e escollas profesionais). As mulleres son, segundo os datos do estudo que estamos a referir, maioría na universidade galega como matriculadas e como tituladas en todo o período analizado (o informe ofrece datos de alumnado titulado dende o curso 85-86 até o 99-2000 e dende o 80-81 ao 2000-2001 no caso de alumnado matriculado). “Se se ten en conta que no curso 1971-72, considerando todo o alumnado matriculado –incluídas as carreiras de ciclo corto, cunha duración de tres anos–, a presenza das mulleres era do 37.5%; pódese dicir que as mulleres deron un paso de xigante nos últimos trinta anos na súa incorporación aos estudos universitarios” (Prado Díez, Pérez Vilariño e Marín, 2005).

Os medios, porén, seguen a negarlles a autoridade que deriva do coñecemento. O que, en parte, pode estar en relación co feito de que a porcentaxe de mulleres entre o profesorado –sobre todo nas escalas máis elevadas do mesmo, como as cátedras de universidade– e nos postos directivos dos grupos de investigación segue a ser tanto máis inferior canto máis elevada é a responsabilidade da que se estea a falar. Máis, consideramos, só en parte aí radica o problema. As mulleres supoñían, en 2005, o 35% do profesorado do sistema universitario de Galicia: o 52% de profesorado axudante, o 30% de profesorado asociado, o 41% do profesorado titular e o 13,5% das e dos catedráticos de universidade (Lameiras Fernández, María et al., 2006). Porén, con ser estas cifras baixas, sono aínda máis as correspondentes á porcentaxe de fontes femininas expertas consultadas polos medios: un 9%, segundo o informe para o Estado español do estudo *Who makes the news* presentado en 2010. Estaríamos, polo tanto, ante un importante desequilibrio entre a realidade e a representación mediática e moi lonxe aínda de superar os límites do que Tuchman, Kaplan e Benét (1978) denominaron como aniquilación simbólica, e que estipulan nunha presenza de fontes femininas inferior ao terzo do total de fontes.

En estreita relación co precario recoñecemento que os medios lle conceden ás mulleres como fontes, están tamén os temas nos que a presenza de voces femininas é maior, e que adoitan coincidir con aqueles cualificados como “brandos” e considerados polo tanto de menor relevo na configuración da axenda. As fontes femininas, segundo indican estudos como os de Marc Hooghe e Knut De Swert (2009), son a miúdo asignadas a aqueles asuntos considerados tamén femininos. Incluíriáanse en tal categoría, segundo as análises de van Zoonen (1994) e Craft e Wanta (2004) cuestións referidas a consumo, saúde, familia, educación, cultura ou políticas sociais. A conclusión é ratificada mesmo nas investigacións máis actuais ao respecto. Marc Hooghe e Knut De Swert (2009), que centran o seu traballo na televisión belga, conclúen, de feito, que o tema é o principal factor que determina a escolla ou non dunha fonte feminina e achegan, para amosalo, un dato extractado da súa investigación abondo clarificador: hai un 92% máis de posibilidades para unha muller de aparecer como fonte en asuntos “femininos” ca noutro tipo de temas. O informe dirixido por Pilar López Díez (2005) coincide nesta conclusión. Aqueles ámbitos nos que a presenza de declaracións femininas é maior son, nos informativos das principais canles televisivas estatais, delitos, xuízos e temas legais (ligados á violencia de xénero), educación e saúde. Un estudo un pouco anterior, elaborado no contexto norteamericano, amosa que as mulleres só son citadas como fontes en máis do 50% das ocasións en temas relativos a “estilo de vida” (Rosenstiel, Tom (Dir.), 2005). As mulleres tiñan máis posibilidades de ser abordadas (aínda que sempre en menor medida que os homes) en cuestións referidas a goberno, criminalidade, celebridades e entretemento e accidentes. Mentres, as fontes masculinas, maioritarias en todas as categorías analizadas, dominan sobre todo en información políticas, sobre o estranxeiro ou relativas a defensa e asuntos militares.

As mulleres deambulan, como fontes, da crónica negra á rosa e en cuestión consideradas “de mulleres”. No único no que os tópicos son superados é no incremento da súa presenza en temas políticos. O que nos leva á pregunta que se formulan Hooghe e De Swert, cando relativizan a tendencia ao incremento nas fontes femininas amosada no seu estudo, que aplican á análise de contido dende os 2003 a 2007:

A tendencia relativamente forte á presenza de fontes femininas nas noticias é amplamente debida á tendencia á atención a tópicos femininos. Isto lévanos a atemperar o noso inicial entusiasmo. As mulleres son consultadas como fontes maioritariamente no contexto de tópicos tradicionalmente femininos, como a familia, a educación e a saúde. A cuestión é se máis mulleres como fontes

noticiosas, pero no mesmo contexto estereotipado, debería necesariamente ser visto como unha evolución positiva”.

Cales son os factores que inciden na selección ou non dunha fonte feminina? Segundo Hoogue e De Swert, no estado da cuestión que elaboran sobre o tema, son tres os elementos nos que adoita incidir a literatura académica: o tema que centre a información; que sexa muller ou home quen a realice e as políticas editoriais, que adoito lle outorgan prioridade e máis tempo ou espazo a aqueles asuntos considerados “duros”. Ao que habería que engadir a maior ou menor presenza de mulleres no ámbito que se estea a tratar. Deles é a influencia do xénero da ou do reporteiro quen xera maior disenso, tal e como afondaremos no capítulo referido á produción. Até o momento, non hai acordo ao respecto de se maior número de mulleres nas redaccións implica ou non algún tipo de cambio nos contidos pois, mentres algúns autores e autoras apuntan a un cambio de valores e rutinas (van Zoonen, 1994; Delano, 2003, 275; Price and Wulff, 2005; Rodgers and Thorson 2003; Murphy 1999), outros (como Weaver and Wilhoit, 1992; ou Hoogue e De Swert, 2009) defenden o contrario e consideran que, ao fin, as mulleres priorizan os valores profesionais que somatizan nas redaccións a argumentos de xénero. Os estudos empíricos tampouco acadan datos concluíntes. Mentres uns determinan que o xénero da ou do reporteiro é determinante (Liebert e Smith, 1997; Zoch e Armstrong 2004), outros non chegan a tal evidencia (Creedon, 1993; Mills 1997; Gallagher, 2006 e Hoogue e De Swert, 2009).

No que respecta á influencia nos contidos da evolución nos roles ocupados polas mulleres na sociedade, e malia a que en ámbitos como o político o incremento da participación feminina si se reflicte na información, as investigacións inciden polo xeral no freo que os medios supoñen á igualdade entre mulleres e homes ao incidir en estereotipos tradicionais que xa non se corresponden coa realidade social. O avance amósase no cuantitativo (a cantidade de fontes femininas utilizadas) máis que no cualitativo.

Mais, ao noso parecer, existen outros dous aspectos que deberan terse en conta á hora de analizar os factores que determinan a escolla de fontes femininas ou masculinas. Por unha banda, a propia axenda de fontes do medio e das ou dos xornalistas, canto que adoito se basean nunha rede estable de contactos, en boa parte creados de vello, de modo que a propia inercia do día a día nas redaccións acabaría dificultando a inclusión de fontes femininas que, por outra parte (e aquí entrariamos xa na segunda cuestión que queremos destacar) son non só menos visibles senón —apuntamos como posible hipótese que cumpriría confirmar— máis remisas á súa participación nos principais altofalantes hoxe en día no espazo público, os foros mediáticos. De fondo, e de novo, a influencia da socialización diferencial de mulleres e homes, que determina as expectativas masculinas cara ao público e as femininas cara ao privado. A literatura feminista abondo incide en que, malia as mulleres se incorporaren ao ámbito laboral de modo importante nas últimas décadas, porén seguen a cargar fundamentalmente coa responsabilidade reprodutiva, o que as limita de modo importante no seu desenvolvemento na esfera do público.

2.2.2.1.5. O feminismo como fonte

O movemento feminista conseguiu ter influencia nos medios a través de dúas vías. A primeira, mediante a asimilación do seu discurso polas fontes institucionais e do transvase da súa axenda á axenda política. A segunda, a partir dos esforzos das asociacións feministas por acceder aos medios de maneira directa como fontes de información, até conseguir seren consideradas voces lexitimadas e interlocutoras válidas

(Carballido, Paula, 2010, p. 168). Porén, foi a vía inicial a que resultou máis efectiva, dada a forte influencia das fontes institucionais –tanto por seren fontes organizadas como pola rede de intereses coa que conseguen influír nos medios– na información do día a día e as dificultades que adoito amosa o terceiro sector, e en particular, o movemento feminista, para o seu acceso aos medios. A representación que da violencia de xénero ou de ámbitos como a prostitución e o tráfico de mulleres se fai nos medios ofrécenos un nidio exemplo (Álvarez Pousa et. al, 2007, 2008 e 2010).

O acceso directo dos feminismos aos medios foi moito menos exitoso, aínda que a súa lexitimación por parte dos mesmos incrementouse a medida que aumentou a súa conciencia sobre a necesidade de influír na axenda mediática e, en consecuencia, o seu carácter de fonte organizada e, sobre todo, a medida que as fontes oficiais foron incorporando parte da súa axenda. Un bo exemplo foi, en Galicia, a extinta asociación Alecrín, que conseguiu ter certa presenza nos medios de comunicación, sobre todo na abordaxe de temáticas como a prostitución, a trata e o tráfico de mulleres (Puñal, Belén, 2007), o que pode ser debido tanto grazas aos seus esforzos na convocatoria e contacto directo cos medios como á súa sintonía co discurso governamental estatal (tamén de carácter abolicionista). En verbas de Mónica Bar, militante de Feministas Independentes Galegas:

Pódese dicir que ata principios dos 2000 os métodos de acción do feminismo –polo xeral, discretos e pacíficos– non foron quen de atraer a atención da prensa galega e española. Se cadra no ano 2010 (...) o feminismo vai tendo xa unha relevancia nos media, non sempre polos logros das mulleres a nivel de dereitos senón pola conciencia de que a violencia de xénero estábese a converter nun asunto de seguridade pública”. (Bar Cendón en Álvarez Pousa, Luís e Puñal, Belén (Ed) (2011)).

Que non sexa maior a presenza mediática do feminismo como movemento cívico e fonte experta que é –a teoría e o movemento feminista foi básico para a conceptualización e visibilización pública da violencia de xénero, así como para a construción de marcos interpretativos que en España foron transvasados con éxito á axenda política– ten consecuencias no discurso mediático.

En primeiro lugar, porque o discurso feminista que ten máis presenza nos medios –fundamentalmente o feminismo da igualdade– é aquel mais en sintonía co discurso oficial, sobre todo con gobernos de signo progresista, canto que é a través das institucións que chega aos medios. O que, tendo en conta que estamos a falar dun movemento ideoloxicamente diverso e, ademais, suxeito a un momento, como o actual, de revisión e discusión interna, fai que a imaxe reflectida nos medios sexa particularmente reduccionista. Así o puña de manifesto Empar Pineda, nunha entrevista concedida á autora desta tese para a axencia Ameco Press. En relación cos motivos para o xurdimento en 2006 de “Otras voces feministas”, corrente de opinión crítica fronte ao feminismo con máis peso nas políticas públicas estatais, contaba que:

Moitas estabamos un pouco fartas de que a única voz feminista que saía nos medios de comunicación, que tiña unha presenza pública notable, se correspondese cun feminismo que nós non compartíamos. Un feminismo que parece partir de que hai unha especie de esencia feminina que nos fai a todas boas e maravillosas, mentres que os homes son todos uns depredadores, irrecondutibles nas súas actitudes cara as mulleres. Estabamos tamén moi cansas de que o feminismo aparecerá como un feminismo penalizador, que considerase o cárcere como única saída ás situación de maltrato. (...) Canto á defensa dos dereitos das prostitutas, a corrente maioritaria do feminismo é abolicionista e nós

pensamos que as mulleres prostitutas, igual que o resto de mulleres, necesitan que se defendan os seus dereitos.

Tal e como fai constar Paula Carolina Carballido na súa tese doutoral (2010, p. 130), citando a Piven e Cloward (1992), o movemento feminista padece as mesmas tensións que adoitan abrollar en todo movemento social, entre a oportunidade da proximidade aos espazos de poder, que fundamentalmente xorde cando é a esquerda quen goberna, e as posicións críticas fronte aos riscos de domesticación e institucionalización do seu discurso. No momento en que Carballido elabora a súa tese, co PSOE gobernando no Estado, sinala a autora que o debate interno acentúase ante as críticas que poñen en cuestión a eficacia da Lei integral contra a Violencia de Xénero ao non reducirse a incidencia de casos. Entre estes feminismos máis afastados dos espazos oficiais e menos mediáticos, podemos atopar o feminismo da diferenza, a teoría queer, ou a proposta articulada en anos máis recentes como transfeminismo. Tamén as iniciativas de defensa dos dereitos das persoas homosexuais ou transxénero que se afastan dos proxectos oficiais articulados polo goberno socialista nas lexislaturas 2004-2008 e 2008-2011, así como a defensa da legalización da prostitución (e cuxo discurso, como puidemos comprobar no traballo realizado para o Colexio Profesional de Xornalistas en 2010) apenas ten incidencia nos medios. A mesma dialéctica púidose observar en Galicia na época do goberno bipartito (2005-2009) cando, fronte á Marcha Mundial de Mulleres, próxima ao nacionalismo oficial, que entón se responsabilizaba da Secretaría Xeral da Igualdade, xorde a Rede Feminista.

En segundo lugar, a limitada presenza dos feminismos como fontes expertas contribúe a unha abordaxe adoito superficial, centrada no suceso, e exenta de perspectiva de xénero, de temáticas de tanto peso mediático na actualidade como a violencia de xénero. Non existe nos medios de comunicación galegos (CIDACOM, 2007 e 2008) un xornalismo especializado en xénero ou, máis en concreto, en violencia de xénero. A falta de formación, unido ao escaso recurso a fontes expertas, incide nun tratamento informativo non só superficial, senón tamén ambiguo e mesmo en ocasións erróneo. Os medios de comunicación galegos teñen dificultades para recoñecer o que a violencia de xénero é (Álvarez Pousa et al. 2010). En boa parte das informacións non a conceptualizan, é dicir, non lle poñen nome ao problema do que están a falar. E, ademais, o recurso a fontes sen formación na perspectiva de xénero (fontes testemuñais ou autoridades sen formación en xénero) lévaos a equívocos e á incidencia nos estereotipos tradicionais que culpabilizan á vítima e tenden a exculpar ao agresor. Véxase, ao respecto, o exemplo achegado polo grupo CIDACOM na súa investigación de 2008:

Do dito atopamos exemplos ben ilustrativos na mostra analizada. Na nova “Mata a familia e logo suicídase, publicada o 12 de xullo de 2008 en *Galicia Hoxe*, na que se informa dun asasinato múltiples (un home mata á muller e aos fillos e logo suicídase) descártase que “se trate dun caso de violencia machista e apúntase a posíbeis motivos de corte económico (Álvarez Pousa et al. 2010, 144).

Algúns medios galegos baseáronse, para descartar que fora “violencia de xénero” no testemuño do alcalde do lugar atribuíndo o asasinato múltiple a motivos en exclusiva económicos. Foron as declaracións provenientes dos organismos de igualdade do goberno estatal as que fixeron que, por parte doutras cabeceiras, se contextualizase como violencia de xénero.

Por outra banda, o feito de que as conceptualizacións e interpretacións asumidas polos medios se cingan ás versións institucionais fai que, no caso concreto da violencia

de xénero, se reforce a delimitación do termo en exclusiva á violencia que ten lugar no eido do fogar. A Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, constrinxe, como xa dixemos, o concepto á violencia contra as mulleres no ámbito da parella, entendendo como violencia de xénero aquela que se exerce polo cónxuxe ou persoa ligada á vítima por relación similar de afectividade.

As vertentes da aniquilación simbólica das que en 1978 nos falaba Gaye Tuchman –omisión, trivialización e repulsa– tiveron e teñen o seu efecto na abordaxe mediática dos feminismos. A súa omisión faise patente, como mencionamos, no seu escaso recurso como fontes expertas, en temas amplamente teorizados polo movemento feminista. Tamén, e de maneira máis aguda, naqueles feminismos que se afastan máis das posicións oficiais. Mais da súa trivialización e repulsa temos mostras diversas, dende a caricaturización das feministas como “queimadoras de sosténs” nos anos 70 até a súa categorización actual por parte de comentaristas de prestixio en prensa como “feminazis”, e que xorde ao fío das críticas ás medidas de igualdade adoptadas polo goberno estatal socialista nas lexislaturas con José Luís Rodríguez Zapatero como presidente do Executivo e influenciadas polo feminismo.³⁹ Constátase, tal e como sinala Carolina Carballido, unha contradición entre a crecente valoración parte da sociedade dos avances sociais froito da aceptación de teses feministas, e a imaxe do propio movemento, que “aínda que con maior aceptación que no pasado (Larumbe, 2002), non se valora no mesmo sentido e mesmo a miúdo xorden reticencias e desconfianzas cara ao protagonismo do mesmo nas propostas de transformación social” (Carballido, Carolina, 2010: 170).

2.2.2.2 Dos estudos sobre a produción

2.2.2.2.1. *Presenza das mulleres nas redaccións e situación laboral feminina*

Nas últimas décadas, as aulas das facultades de Ciencias da Comunicación pasaron a estar habitadas moi maioritariamente por mulleres. Esta feminización do alumnado repercute nunha incorporación crecente das mulleres nas redaccións mais non na mesma medida nin coa mesma velocidade que tivo lugar o seu acceso ás aulas. O incremento da participación feminina no gremio xornalístico, ademais, non vai acompañado dunha presenza proporcional nos postos directivos dos medios, a onde as mulleres chegan en reducidas porcentaxes, e discorre tamén de maneira parella a outro proceso: a paulatina precarización da profesión, que afecta de modo especial ás xornalistas, e que queda patente dende a década dos 90 na destrución de postos de traballo, no asentamento de novas relacións laborais (free-lance, colaboradores/as) que implican a precarización das condicións nas que se exerce, e na renegociación das condicións dos contratos existentes (Papí Gálvez, 2008).

A feminización das aulas é elocuente, e así o amosan os datos. Na facultade de Ciencias da Comunicación compostelá, o número de mulleres que cursan estudos de

³⁹ Véxase, ao respecto, o artigo “Feminazis”, de Arturo Pérez Reverte, publicado o 18 de decembro de 2009, que pode consultarse en <http://memoriaedementis.blogspot.com/2009/12/feminazis-por-arturo-perez-reverte.html>. Con respecto á aposta que, dende o goberno estatal, se estaba a facer por unha linguaxe inclusiva, ficciona o suposto caso dun empresario que é requerido polo Ministerio de Traballo por non empregar tamén o feminino nun anuncio en presa solicitando “auditor”: “No añade, porque es chico educado y tampoco quiere broncas, que no es asunto suyo, ni de su empresa, que una pandilla de feminazas oportunistas, crecidas por el silencio de los borregos, la ignorancia nacional y la complicidad de una clase política política prevaricadora y analfabeta, necesite justificar su negocio de subvenciones e influencias elevando la estupidez a categoría de norma, y violentando a su conveniencia la lógica natural de un idioma que, aparte de ellas, hablan cuatrocientos millones de personas en todo el mundo”.

xornalismo case triplica ao de homes. No curso 2011-2012, a porcentaxe de alumnas na licenciatura de Ciencias da Comunicación era dun 73,5%, e dun 66,88% no caso dos cursos de grao. Esta tendencia obsérvase xa dende os primeiros anos nos que a licenciatura botou a andar e mantense de modo constante até a actualidade, tal e como podemos ver nesta gráfica elaborada a partir dos datos facilitados pola Universidade de Santiago de Compostela sobre número de persoas matriculadas desagregados por sexo.

Taboa 1. Feminización das aulas

Curso académico	Mulleres	Homes	% mulleres	% homes
94-95	301	127	70,33	29,67
95-96	325	149	68,57	31,43
97-98	362	149	70,84	29,16
98-99	356	160	68,99	31,01
99-00	383	164	70,02	29,98
00-01	368	149	71,18	28,82
01-02	373	156	70,51	29,49
02-03	361	140	72,06	27,94
03-04	377	138	73,20	26,80
04-05	405	139	74,45	25,55
05-06	409	136	75,05	24,95
06-07	410	135	75,23	24,77
07-08	400	135	74,77	25,23

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da USC

A feminización das redaccións é, porén, obxecto de discrepancias. Diversas autoras (Franquet, 1989; Fagoaga, 1993; García de Cortázar e García de León, 2000) fan referencia ao incremento das mulleres no exercicio do xornalismo. Quim Gil (2004) mesmo fala dun perfil da profesión xa feminino. Os resultados achegados en marzo de 2011 pola Fundación Internacional de Mulleres nos Medios (IWMF) constatan que en España as mulleres realizan o 40% dos labores xornalísticos, aínda que tan só ocupan o 20% dos postos directivos máis altos. Os datos recadados pola FAPE (a Federación de Asociacións de Periodistas de España, que dende 2004 realiza un informe sobre a situación da profesión) van mesmo máis aló e amosan como xa maioritaria a participación das mulleres respecto aos homes. A tendencia á maior incorporación das mulleres á profesión pode extraerse tamén da comparación dos resultados obtidos por estudos realizados en Comunicación e Xénero en diversos momentos.⁴⁰

⁴⁰ Reparemos, por exemplo, no caso das principais cabeceiras catalanas. No estudo *El Sostre de Vidre* (Gallego (Dir.), 2002) recóllense os seguintes datos extraídos do Anuari de la Comunicació de 1992: 25,3% de mulleres en *El Periódico*; 19,1% de mulleres en *La Vanguardia* e 21,6% en *Avui*. No 2002, as porcentaxes de presenza feminina na redacción destes xornais amosan unha evolución importante, tal como demostran as cifras achegadas polo estudo *La prensa por dentro*, aínda que en ningún caso se acada sequer o 50% de participación feminina na produción: 25% de mulleres na redacción de *La Vanguardia*, 19% en *El Periodico* e 40% en *Avui*. No caso de *El País*, tal como amosan os datos achegados por esta última investigación, pasouse do 9,86% de poboación

Jaume Soriano (2005) pon en dúbida, porén, que poida falarse de feminización. E faíno botando man de catro argumentos: a) a existencia dunha alta taxa de abandonos da profesión por parte das mulleres; b) a súa escasa presenza en postos de responsabilidade; c) o feito de que traballen en maior medida en sectores do xornalismo considerados máis periféricos ou de menor influencia social; e, por último, e relacionado de modo estreito con este punto, o d) a orientación das súas traxectorias a aqueles ámbitos que lles permitan unha maior conciliación coa vida privada. Parte o autor de diversas enquisas realizadas polo *Col·legi* de Periodistas de Catalunya para concluír que, máis ca incremento das mulleres na profesión, cómpre falar de estancamento: en 1996, a porcentaxe de colexiadas era do 35%, mentres que no 2004 só se incrementara até o 37%.

En Galicia non contamos con datos diacrónicos cos que poder observar a evolución da presenza das mulleres na profesión. Aqueles dos que dispomos permítenos concluír a existencia dun maior número de xornalistas en exercicio nas xeracións máis mozas, unha presenza aínda menor das mulleres na prensa escrita e tamén unha menor incorporación a un novo nicho de traballo como son os medios electrónicos, e a súa participación en maior medida, mesmo nalgúns casos superando aos homes, nos medios audiovisuais e nos gabinetes de prensa.

O estudo *A situación laboral dos xornalistas galegos*, dirixida polo profesor Miguel Tüñez López (2003), constata como os membros do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (que constitúen a poboación obxecto de estudo) seguen a ser naquel momento maioritariamente homes. As colexiadas supoñían entón un terzo sobre o total, aínda que a porcentaxe se incrementaba de modo notable nos tramos de idade inferiores. Entre os 25 aos 30 anos as mulleres eran, de feito, maioría, mentres que no segmento máis novo –menores de 25– había dúas mulleres por cada home, porcentaxe que coincide coa de alumnas matriculadas na licenciatura. No entanto, nos tramos de idade superiores, a presenza do colectivo feminino era menor. Dos 41 aos 45 anos, a porcentaxe de homes situábase nun 20,70% fronte a un 8,99% de mulleres e, dos 46 aos 50 anos, os colexiados homes triplicaban ás mulleres.

Os datos recadados da bibliografía lida amosan que redaccións dos xornais están maioritariamente ocupadas en Galicia por homes sobre todo naquelas cabeceiras máis consolidadas na comunidade e/ou considerados de referencia, nos que as e os profesionais poden gozar de maior prestixio e mellores condicións laborais, así como naqueloutros –o caso dos diarios deportivos– que a socialización patriarcal marcou como guetos masculinos. Tal e como se apunta no relatorio presentado polo Sindicato de Xornalistas de Galicia (SXG) á V Convención de Periodistas de España (celebrada en Lugo en maio de 2007), son aqueles xornais máis novos os que en maior medida se nutren de mulleres xornalistas nas súas redaccións. Mentres nas cabeceiras centenarias que encabezan as listas de difusión en Galicia –*La Voz e Faro de Vigo*–, con cadros de redactores e redactoras asentados de vello, as mulleres só supoñen un terzo do persoal, tal e como apuntaba naquel momento o SXG, en *Diario de Ferrol e La Opinión*, que ven a luz a principios do novo milenio, son maioría (o 64% e o 56% respectivamente).

A incorporación das xornalistas é tamén máis patente nos medios audiovisuais, sobre todo na radio e na televisión públicas de Galicia, o que poderíamos explicar fundamentalmente por ter nacido a CRTVG avanzados os 80, cando xa estaba en marcha o proceso de feminización das aulas, e sobre todo se temos en conta que, en boa medida, se nutriu das xeracións máis novas que se incorporaron ao ente tras un período de prácticas na empresa ao final do seu período universitario. Non podemos esquecer así

feminina no momento do seu nacemento ao 27,4% (na produción do xornal e nos suplementos semanais) dúas décadas despois, en 1998.

mesmo o feito de ser a incorporación das mulleres maior no sector público, onde funcionan sistemas formalizados de elección en función dos méritos que limitan a discrecionalidade dos sistemas de cooptación. Mais este argumento só de maneira moi relativa se pode aplicar á CRTVG, onde até o momento unicamente foron convocados dous procesos opositores. Os datos acadados das redaccións galegas polo Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia en setembro de 2008, e presentados como ponencia na comisión de Igualdade do Parlamento de Galicia nesas mesmas datas, ilustran o dito.

Taboa 2. Presenza da muller nas redaccións galegas (setembro de 2008)

	Homes	Mulleres	% Homes	% Mulleres
<i>La Voz</i>	168	98	63,2	36,8
<i>Grupo Correo</i>	64	43	59,8	40,2
<i>El Progreso</i>	22	17	56,4	43,6
<i>La Opinión</i>	12	27	30,8	69,2
<i>Ideal</i>	15	25	37,5	62,5
<i>Diario Bergantiños</i>	4	2	66,7	33,3
<i>Diario Arousa</i>	11	12	47,8	52,2
<i>Diario Ferrol</i>	5	16	23,8	76,2
<i>El País</i>	7	3	70,0	30,0
<i>DxT</i>	18	2	90,0	10,0
<i>Cadena Ser</i>	6	4	60,0	40,0
<i>Cope Santiago</i>	4	1	80,0	20,0
<i>Onda Cero Santiago</i>	1	3	25,0	75,0
<i>Onda Cero Vigo</i>	2	1	66,7	33,3
<i>Onda Cero Coruña</i>	2	2	50,0	50,0
<i>Onda Cero Lugo</i>	0	2	0,0	100,0
<i>Onda Cero Pontevedra</i>	1	1	50,0	50,0
<i>RG</i>	12	29	29,3	70,7
<i>TVG</i>	70	74	48,6	51,4

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia

Da importante porcentaxe de mulleres traballando en gabinetes de comunicación en Galicia dá conta o informe realizado en 2009 polo Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (Túñez López, 2009, 71) tomando como mostra as e os xornalistas colexiados no país. Case un 30% das mulleres enquisadas exercen no ámbito da comunicación institucional. Pola contra, só o 9,5% dos homes se dedican a este sector. O dato ratifica o apuntado por Soriano: o desprazamento das mulleres cara a espazos periféricos, entre os que inclúe os gabinetes de comunicación. O motivo, segundo alega o autor en base ás entrevistas en profundidade realizadas a mulleres xornalistas, está nas dificultades de conciliación e na consecuente procura de ámbitos profesionais, por parte das profesionais, que lle permitan compatibilizar mellor a esfera privada co traballo fóra do fogar.

As circunstancias non varían e mesmo se reproducen, con igual ou maior acritude, nos novos ámbitos nos que se desenvolve o xornalismo, como internet, onde

tan só o 36,7 % son mulleres, como se indica no estudo *Xornalismo en Internet, actitudes profesionais e condicións laborais dos periodistas en liña* (Túñez, Miguel e Xosé López, 2002). Unha presenza feminina escasa, que se ratifica no informe de 2009 do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, no que tan só un 1,3% das mulleres enquisadas, fronte ao 3,5% dos homes, manifestaba traballar no eido das novas tecnoloxías.

Tal como constata Miguel Túñez nos diversos estudos sobre a situación laboral das e dos xornalistas galegos dos que toma parte (1996, 2000, 2002, 2004, 2009), son as mulleres as que máis perciben a precarización, tamén crecente, das condicións laborais das e dos xornalistas. Na investigación publicada en 2004, na que se analiza a inserción laboral das e dos estudantes egresados da facultade de Ciencias da Comunicación, constátase que o paro feminino é máis do dobre nas titulacións de comunicación audiovisual e xornalismo, e o triplo en publicidade e relacións públicas, segundo os datos do Servizo Galego de Colocación. Unha vez dentro do mercado laboral, como nos amosa o mencionado estudo, seguen a persistir as diferenzas entre mulleres e homes, pois elas cobran menos por hora traballada (7,5 euros fronte aos 8,6 euros que perciben os seus compañeiros varóns). A porcentaxe de xornalistas que fan horas extras é maior no colectivo masculino ca no feminino, ao igual que é maior o número de horas traballadas por eles, o que fai pensar, como posíbel hipótese, nas dificultades que as mulleres seguen a atopar para compatibilizar a vida familiar e a laboral. A desigualdade faise manifesta se temos en conta que, mentres que as mulleres traballan un 2,6% menos de horas ao mes, o seu salario é un 12,8% inferior ao dos homes.

Esta porcentaxe é mesmo maior –un 15,1%– na investigación presentada polo Colexio de Xornalistas en 2009, tamén dirixida por Túñez López e con datos nesta ocasión recadados a partir de enquisas ás e aos membros do Colexio Profesional de Xornalistas e do Sindicato de Xornalistas. E isto malia a que, tal e como se indica no mencionado estudo, os datos facilitados polo mesmo poden caer nun nesgo á alza canto que as e os colexiados adoitan ser estar entre os grupos de idade máis elevada, con máis asentamento na profesión e, polo tanto, mellores soldos. A este respecto é significativo o dato achegado polo Sindicato de Xornalistas (SXG) en 2007. A porcentaxe de afiliadas ao SXG que cobraban máis de 1.100 euros era dúas veces inferior cá dos homes. Un 80% das profesionais situábase na franxa que percibía menos de 1.100 euros polo seu traballo, e na que só se emprazaban o 60% dos homes sindicados.

Deste xeito se explica que o descontento laboral sexa maior no colectivo feminino (Túñez López, Pérez Pena e Gómez Limia, 2004 e Túñez López, 2009). A conciencia das necesidades das e dos xornalistas como colectivo é maior entre as mulleres ca entre os homes. Falta por saber se, tendo en conta a continua feminización da profesión, isto pode augurar un carácter máis reivindicativo da profesión de cara ao futuro, tal e como sinala Quintanar Cabello (2004). Os datos presentados polo Sindicato de Xornalistas en Galicia en 2007 amosan que son mulleres a maioría das súas afiliadas aínda que naquel momento só constituían, segundo indica a entidade, o 32% nos comités de empresa da prensa escrita en Galicia, órgano fundamental para a defensa dos dereitos laborais.

2.2.2.2.2. *As mulleres no cuarto poder*

As mulleres entran a formar parte das tropas de base dos medios de comunicación, e acadan unha paulatina e crecente presenza nos mesmos, mais non conseguen entrar nas elites dos mesmos. Dúas son as hipóteses que se formulan para tentar explicar esta situación:

- a) De carácter coxuntural: A ausencia de mulleres na profesión responde á súa máis tardía incorporación á mesma. Que as xornalistas cheguen aos postos máis altos é, pois, só cuestión de tempo.
- b) De carácter estrutural: A escasa incorporación das mulleres ao staff dos medios obedece a unha situación explícita de discriminación, que arraiga na mentalidade patriarcal que pervive neles.

Datos de investigacións realizadas nas últimas tres décadas no ámbito estatal amosan que, malia á destacada incorporación das mulleres tanto aos estudos de Ciencias da Comunicación como ao exercicio profesional do xornalismo, a súa presenza nos postos de elite é aínda moi reducida. Estudos como os de Fagoaga e Secanella (1987), Rosa Franquet (1989), de Andrés (1989), Preciado (1993), Joana Gallego (1994 e 1998) ou Isabel Menéndez (2003), así como os datos recabados para Galicia no seu momento por Quintanar Cabello (2005), o Sindicato de Xornalistas de Galicia (Puñal Rama, Vázquez Fachini, Vilas López, 2007a) e o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (Puñal Rama, 2008) poñen de manifesto como, por moito que o tempo siga o seu curso, as mulleres seguen á marxe dos postos de elite na redacción dos medios de comunicación. Tal como sinala Isabel Menéndez, entre os dous estudos realizados por Joana Gallego, separados por unha distancia de cinco anos, mesmo se observa un retroceso no acceso da muller a postos de decisións: do 11,17% de presenza feminina nos cargos directivos dos medios escritos ao 8,27% da última investigación. Os resultados do estudo de Isabel Menéndez (2003) son aínda máis alarmantes. Na súa revisión dos 129 xornais de información xeral, económica e deportiva que se editaban entón en España, descobre que só hai un 9% de mulleres no staff dos mesmos. É máis, a presenza de mulleres nos postos de decisión diminúe a medida que aumenta a responsabilidade do cargo. Deste xeito, só hai un 9% de mulleres no primeiro nivel de responsabilidade (conformado polas directoras e os directores) e un 7% no segundo nivel (subdireccións e direccións adxuntos). Nos cargos correspondentes ao terceiro nivel (redactoras e redactores xefe), a porcentaxe de mulleres aumenta até o 15%, mentres que, nos postos do cuarto nivel (xefaturas de sección), podemos atopar un 18 por cento de presenza feminina.

En Galicia, os datos da última década amosan unha paulatina, aínda que lenta, incorporación das mulleres ao staff directivo dos xornais galegos, que en ningún caso se corresponde coa súa acelerada incorporación á profesión. Porén, seguen a permanecer practicamente excluídas dos postos máis elevados (avánzase, a finais da primeira década do terceiro milenio, da total ausencia aos casos excepcionais nos postos de dirección e subdirección).

Datos de mediados dos 90, achegados polo profesor Miguel Tüñez (1996), amosan que un de cada tres homes ocupa postos de responsabilidade (directivo, redactor xefe, xefe de sección ou editor) mentres que tan só unha de cada dez mulleres conseguen acceder a eses cargos. A gran maioría de mulleres xornalistas traballan nas bases da profesión, como redactoras, mentres que tan só a metade dos profesionais homes exercen como tal.

A investigación de Isabel Menéndez (realizada dende xullo de 1999 a xullo de 2000) deixa constancia da inexistencia en Galicia de mulleres en postos de primeiro e segundo nivel nos xornais analizados (*Atlántico Diario*, *Deporte Campeón*, *Diario de Ferrol*, *El Correo Gallego*, *El Ideal Gallego*, *El Progreso*, *Faro de Vigo*, *La Región*, *La Voz de Galicia*, *Meta Sport* e *O Correo Galego*). Tan só unha muller, fronte a 20 homes, ocupaba entón postos de terceiro nivel (o 5%) mentres que 11 conseguían situarse en cargos de cuarto nivel fronte a 46 homes (o 23,9%). En total, a presenza de

mulleres no staff directivo dos xornais galegos quedaba reducido a un 11 por cento. Cinco anos máis tarde, o estudo de Vanessa Quintanar amosa un certo incremento de mulleres nos postos de decisión nos xornais consultados, que non afecta en todo caso á cúspide do staff. As mulleres supoñen, en total, un 16,7% fronte ao 83,2 por cento de homes en cargos de responsabilidade. En ningunha das cabeceiras analizadas as mulleres teñen acceso ao primeiro ou ao segundo nivel da xerarquía redaccional (postos de dirección e de dirección adxunta). *La Voz de Galicia* contaba, nese momento con dúas xefas de sección (cuarto nivel), o que supón un mínimo avance con respecto aos datos achegados anteriormente por Isabel Menéndez (onde queda reflectido que só había unha muller en cargos de responsabilidade, ocupando un posto no cuarto nivel).

En 2008, os datos presentados polo CPXG na comisión de Igualdade do Parlamento de Galicia, confirman a ausencia de mulleres nos postos de dirección e subdirección dos xornais galegos mais constatan ao mesmo tempo un certo incremento nos postos de terceiro e cuarto nivel (un 25% de redactoras xefas e coordinadoras e un 27,3% de xefas de sección e área).

Hai que agardar ao peche da primeira década do milenio para testemuñar a chegada de mulleres aos postos de dirección dos xornais galegos. En febreiro de 2010, o consello de administración do grupo editorial Prensa Ibérica nomea a Carmen Merelas directora de *La Opinión* de A Coruña e, en 2011, e nunha situación xa crítica e de marcada provisionalidade, previa ao peche da cabeceira, *Xornal de Galicia* coloca como directora en funcións a María Martínez Val, até o de entón subdirectora, que cobre así o oco deixado polo cese de José Luís Gómez. Podemos observar, tras estes nomeamentos, dúas posibles tendencias:

- En primeiro lugar, a maior flexibilidade dos medios de recente creación para a incorporación de mulleres, tal e como xa comentamos con anterioridade, o que, apuntamos como hipótese, podería facilitar o seu posterior acceso aos postos de mando en maior medida do que acontece en medios con estruturas de poder masculinas arraigadas de vello.
- En segundo lugar, o acceso das mulleres a postos de dirección en situacións de provisionalidade ou de poder compartido. No estudo de Isabel Menéndez apúntase que, das 12 mulleres directoras de xornais que naquel momento aparecen no staff da prensa española, “só o 25% delas non ostenta o cargo de forma individual ou permanente”.

Aceptar as razóns estruturais trala exclusión das mulleres das elites informativas implica afondar nos argumentos expostos pola teoría do teito de cristal, “unha fórmula un tanto críptica que precisamente expresa o que se considera o enigma da desaparición da muller nos vértices xerárquicos das organizacións” (Peleteiro e Gimeno, 1999). É neste contexto, tal e como sinala Pilar López Díez (2002b), no que cobran sentido as políticas de acción positiva “promovidas e aconselladas por organismos internacionais como a ONU e as recomendacións e directivas da UE en materia de medios, gobernos e industrias mediáticas”. A propia UNESCO publica en 1987 unha investigación a nivel internacional sobre o que denomina as “barreiras invisibles” que impiden o acceso das mulleres aos postos de dirección. Os cinco estudos que conforman a publicación (baseados en traballos de campo realizados en Canadá, Exipto, Nixeria, India e Ecuador) confirman a existencia transversal destes obstáculos, por veces case imperceptibles, nos máis variados contextos sociais, económico e políticos. Tal e como reconece Margareth Gallagher na introducción,

As barreiras que encaran as mulleres que aspiran a traballos na dirección dos medios non son xa, ou sono só en moi poucas ocasións, manifestas. Hai pouca discriminación flagrante, no sentido de normas e regulacións discriminatorias. O que permanece, porén, son as barreiras invisibles –as actitudes, sesgos, suposicións que, curiosamente, mesmo as mulleres a miúdo non recoñecen como “discriminación” – aínda que claramente funcionen de maneira discriminatoria (...) Escalar estas barreiras particulares será un proceso moito máis arriscado e requirirá máis tempo que remover os obstáculos á igualdade visibles entre mulleres e homes” (1987, 15-16).

A teoría do teito de cristal explica todo ese tecido de mecanismos, crípticos pola súa invisibilidade e o seu enraizamento nas propias bases da sociedade patriarcal, que limitan a inclusión das mulleres nos postos de mando das distintas empresas e organizacións. Entre eles, tal como recolle Isabel Menéndez (2003), a camaradería de xénero, que leva aos varóns con altos cargos de responsabilidade a escoller homes, e non mulleres, para os postos de mando; a autoexclusión da muller por opcións vitais alternativas e o seu conformismo cando acatan postos e niveis salariais satisfactorios; a ausencia de referentes de xénero para as mulleres;⁴¹ a vinculación dos homes co valor estrutural, netamente económico, e das mulleres na realización do valor de uso e da reprodución; a subxectividade de xénero, que fai que as mulleres non expresen a mesma agresividade e competencia na loita polo poder; a estereotipación de xénero, que segue pondo aos homes como responsábeis do benestar económico, e a socialización familiar que perpetúa ás mulleres nas tarefas domésticas e de coidado. A estes factores, poderíamos engadir aínda un máis, específico dos medios de comunicación: o estereotipo do que se considera bo ou boa profesional no xornalismo é netamente masculino. A ou o xornalista vocacional éo as 24 horas do día, tal e como recoñecen as e os propios xornalistas (Papí Galvéz, 2008) o que dificulta a conciliación coa vida privada e afecta de modo especial ás mulleres, sobre as que aínda recaen en maior medida as responsabilidades do fogar.

Nesa caste de fraternías que constitúen os homes en postos de elite (en verbas de Amelia Valcárcel), os varóns tenden a favorecer ao xénero de pertenza, aos integrantes dese que, na literatura feminista anglosaxona, se deu en chamar como *old's club boys*. Un vello club de colegas do que as mulleres quedan sistematicamente excluídas e no que, en caso de que sexa necesario relevo, só se barallan os nomes dos “vellos compañeiros”. Para conseguir formar parte do club, cómpre activar estratexias de “colegueo” nas cales as mulleres non teñen tanta experiencia (García de Cortázar e García de León, 2000, p. 188). Nin sequera dispoñen ás veces o tempo que require nutrir as relacións cos colegas alén as paredes da oficina e unha vez rematada a xornada de traballo (onde se pode decidir tanto como nas reunións formais), porque a división de roles e espazos patriarcal relegounas tradicionalmente ao espazo privado, ao que aínda hoxe se ven impelidas a dedicarse en maior medida cos homes. Da importancia das relacións sociais para poder ascender, as xornalistas son plenamente conscientes, mesmo en maior medida cos homes, como revela o estudo do CIS, quizais, tal e como se apunta no citado traballo, pola lucidez das e dos excluídos, en terminos bourdianos.

O exercicio do poder por parte das mulleres é marcado con estereotipos negativos por parte dos seus colegas varóns, mesmo nas novas xeracións de xornalistas. Nunha

⁴¹ A falta de referentes, da experiencia doutras xornalistas directivas nas que poder ampararse, maniféstase na escaseza de estudos que recuperen a súa memoria. Destaca en Galicia, ao respecto, a investigación de Olga Osorio sobre as pioneiras galegas no xornalismo, no que indaga sobre o papel das mulleres nas redaccións dos medios galegos dende o 1930 até 1975.

enquisa realizada a estudantes de segundo ciclo da facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Sevilla, queda constancia de como eles seguen a dubidar en maior medida das capacidades de dirección das mulleres (Caro González, García Gordillo, Rodríguez Rad e Jiménez Marín, 2007, p. 405).

Da falta de apoio ás mulleres por parte da organización, da desconfianza nas súas capacidades, dan testemuño as propias xornalistas. Os datos do estudo do CIS publicado en 2000 así nolo amosan. A maioría das persoas enquisadas –neste caso, profesionais en postos de responsabilidade en diversos medios estatais– considera que é a falta de igualdade de oportunidades o primeiro motivo que explica a ausencia de mulleres en postos de dirección. Mais as outras razóns apuntadas difiren de modo notable entre as mulleres e os homes consultados. Mentres para eles, a segunda causa en importancia estriba na tardía incorporación das xornalistas á profesión, elas apuntan de modo claro á desconfianza dos directivos nas súas capacidades (García de Cortázar e García de León, 2000, p. 249). É dicir, elas constatan en maior medida o carácter estrutural dos obstáculos.

O poder, nos medios, ao igual que acontece noutros espazos de elite, ten identidade masculina. Nos homes, o poder é a norma. Nas mulleres, a excepción. Deste modo, se chegan á cúspide, han demostrar unha e outra vez que están aí por propia valía, que a súa dispoñibilidade é total, cando neles se dá por suposto (García de Cortázar e García de León, 2000, p. 189). Exercer o poder supón para as mulleres, ademais, decidir entre a asunción de características consideradas masculinas nas sociedades patriarcais (agresividade e competitividade), adoptando as regras dun xogo en cuxa configuración non foron tidas en conta as súas necesidades, e o exercicio dunha forma propia e alternativa de liderado, que opte, fronte ao liderado masculino de carácter autocrático (baseado no castigo aos erros e a recompensa aos logros) por unha forma de exercelo de carácter máis democrático e participativo.⁴² Decídanse por un ou outro estilo, están suxeitas ás críticas. Tanto se asumen a agresividade masculina ao coller o temón –se un home dá un golpe na mesa coa man, recoñece algunha muller directiva de medios no estudo do CIS, é visto como reafirmación do seu carácter e autoridade, mentres que se o fai unha muller, pode ser considerada expresión de histerismo– como se non.

As dificultades, maiores para as mulleres, na conciliación da esfera profesional e persoal ponse de manifesto tamén na mencionada investigación do CIS, ao igual que na tese de doutoramento de Natalia Papí. Os datos conseguidos nas enquisas realizadas para o estudo do CIS amosan que é maior o número de separacións e divorcios nas mulleres directivas dos medios, ao igual que o número de fillos e fillas que teñen é menor que o dos seus compañeiros varóns. A cultura profesional xornalística, que concibe ao bo ou boa xornalista como aquel ou aquela que o é en todo momento, con total dispoñibilidade do seu tempo para o exercicio profesional, dificulta así mesmo as posibilidades de conciliación, sobre todo nos postos máis elevados, que requiren aínda máis cesión de tempo. De feito, recalca o estudo do CIS, a dispoñibilidade de tempo é un dos requisitos esenciais para poder exercer, segundo as persoas enquisadas. Isto fai

⁴² A meta-análise de Eagly e Johnson en 1990 sobre as diferenzas de xénero no exercizo do liderado, que inclúe un total de 167 estudos, conclúe que as mulleres poñen en xogo estilos máis democráticos e participativos. Porén, as conclusións que emanan da literatura existente ao respecto amosan resultados dispares. Mentres estudos como os de Rosener (1990); Druskat (1994), Bas e Cols. (1994, 1996 e 1998); Eagly e Johannesen-Schmidt (2001) e Ramos, Sarrió e Barberá e Candela (2002) conclúen que as mulleres exercen un liderado de carácter máis transformacional, que produce cambios de valores, actitudes e crenzas, ca transaccional, baseado nunha especie de transacción entre o/a líder e o resto das e dos integrantes do grupo, outros traballos non constatan a existencia de diferenzas. Tal é o caso de Komives (1991), Maher (1997), López-Zafra e Del Olmo (1999) e Van Ungen, Van der Leeden E Willemsen (2001). Véxase ao respecto o artigo de Isabel Cuadrado, Fernando Molero e Marisol Navas, “El liderazgo de hombres y mujeres: diferencias en estilos de liderazgo, relaciones entre estilos y predictores de variables de resultado organizacional”.

que as xornalistas, que nun primeiro momento da súa traxectoria profesional, poden sentir que a profesión enche as súas vidas, a medida que se ven obrigadas a compatibilizar o profesional co persoal, pasen a percibir que, en realidade, as invade (Papí, 2008) e sofren a tensión derivada da dobre asunción de responsabilidades: como nais, fillas e/ou parella, e como profesionais. Tal e como se pon de manifesto no estudo do CIS, “ás mulleres custoulles máis converterse en xornalistas, cústalles máis ascender e, cando xa o conseguiron, recae sobre elas o peso da culpabilidade”.

2.2.2.2.3. *Presenza das mulleres nos medios e influencia nos contidos*

Ao principio da década dos 80, os primeiros estudos sobre a participación das mulleres nas institucións da comunicación pública descubren graves situacións de discriminación e unha baixísima porcentaxe de mulleres editoras e redactoras (Martín Serrano, Manuel e Martín Serrano, Esperanza, 1995). Países como Estados Unidos, Canadá e Suecia, así como algúns medios europeos, deciden adoptar medidas para paliar esta situación de desigualdade pero as avaliacións das mesmas realizadas algúns anos despois, demostran o seu fracaso. Mesmo naqueles ámbitos nos que se lograra aumentar o número de traballadoras, non se conseguiran cambios relevantes no ámbito dos contidos:

...incluso aí onde existiu tal vontade, e se equilibrou realmente o persoal feminino co masculino, tanto na redacción como nas tarefas administrativas, non se xerou a esperada influencia na selección do acontecer e na produción de imaxes positivas de xénero. O cambio das institucións de comunicación pública revelárase como unha empresa extremadamente complexa e difícil; as resistencias infranqueables revelábanse moitas veces nos leves intentos de modificación das prácticas ou rutinas de produción establecidas” (Martín Serrano, Manuel e Martín Serrano, Estrella (Coord.), 1995).

A influencia que un incremento de mulleres xornalistas puidera ter nos contidos dos medios é unha cuestión suxeita a discrepancias de vello nos estudos sobre Comunicación e Xénero. Por unha banda, a chamada “hipótese para o cambio” postula que unha presenza equilibrada de mulleres e homes nas redaccións implicaría cambios na produción e nos contidos dos medios. Cambios entendidos, segundo Van Zoonen, en tres sentidos: 1) a reavaliación dos valores noticiais, suxeitos a tipificacións que segregan entre información dura (aquela que reviste maior prestixio e á que se lle outorga prioridade) e información branda (nun segundo lugar da xerarquía informativa); 2) a redución da estereotipación e 3) a incorporación de maior número de mulleres aos medios, por exemplo, en condicións como a de expertas (Fagoaga, 1993, p. 101). Por outra banda, as posturas que poñen en cuestión a existencia dunha relación directa entre xénero e carácter dos contidos, poderíanse sintetizar en dous argumentos a) o xénero non é unha característica inmutable senón que parte dun proceso dinámico mediante o cal as persoas se dan sentido a si mesmas, nin é a única tampouco que determina a identidade dos individuos, atravesada por factores diversos como a cultura profesional no caso do xornalismo, a idade, a clase, a raza ou a orientación sexual (Van Zoonen, 1989, pp. 63-64), e b) o cambio nos contidos non depende só de actitudes e decisións individuais, situadas no nivel micro, senón tamén dos niveis meso e maso, nos que se incardina a propia estrutura organizacional do medio e os contextos económico, políticos, sociais e legais (van Zoonen, 1989, p. 64).

En España, as investigacións céntranse nos niveis micro e meso (o individual e o organizacional, ficando desatendido o aspecto macroestrutural). Estudos como os de Rosa Franquet (1989), Pilar López (1996) ou *La prensa por dentro* (2002) –que

analizan tanto os contidos como o papel das mulleres na elaboración dos mesmos—ratifican que a presenza de máis mulleres na elaboración da información non inflúe nun mellor tratamento das mesmas no soporte mediático. As xornalistas imbúense das rutinas do medio no que traballan, así como dos valores e a ideoloxía do seu medio, de igual xeito que fan os seus compañeiros varóns, adoptando valores que consideran universais en relación coa elaboración da información e deixando á marxe a perspectiva de xénero.

As mulleres, tal como recoñece Rosa Franquet, abrazan de forma similar aos homes as rutinas profesionais que guían o proceso de búsqueda, selección, confección e presentación das noticias. Asimilan unha cultura xornalística que cren conformada por valores universais e na que non ten cabida a existencia dos xéneros, tal como dúas décadas máis tarde concluirá o equipo investigador de *La prensa por dentro* (2002). Así se entende que a representación informativa dos xéneros nin sequera sexa obxecto de comentario ou debate nas propias redaccións: “Durante a nosa estadía de observación nos diferentes medios nunca oímos a ninguén referirse, nin sequera de maneira anecdótica, aos estereotipos de xénero, como tampouco ao feito comprobable dunha representación asimétrica de homes e mulleres” (Gallego (2002, p. 365).

As mulleres xornalistas —recoñece Pilar López na súa tese doutoral— non teñen conciencia da necesidade de configurar representacións de xénero alternativas, polo que non hai unha implicación directa entre a presenza de máis mulleres nas redaccións dos medios de comunicación e un cambio na construción mediática dos xéneros:

É precisamente debido ao papel que toman as profesionais en función do xénero, non constitúen alternativas colectivas significativas de cambio (igual da cando non teñen poder, que cando o teñen); por varias razóns, todas elas fundadas nos efectos do sistema de xénero; en primeiro lugar porque para iso é necesario pensarse como suxeito capaz de crear alternativas ao sistema; en segundo lugar porque pensarse como suxeito, e levar á práctica alternativas ao “Un” implicaría entrar de cheo na agudización da contradición ser muller e ser profesional”.

Só dende o punto de vista da concienciación que permita o contraste con outro tipo de experiencias, se poderá formular a posibilidade, ao menos retórica, de modificación de prácticas e rutinas na profesión” (López Díez, 1996).

López Díez apunta a un segundo ámbito de discrepancia na investigación en Comunicación e Xénero. E que acontece cando as mulleres chegan a ocupar cargos directivos nos medios? Diversos estudos coinciden en que a incorporación das mulleres a aqueles postos nos que se decide, pode inducir cambios nos contidos (Fagoaga, 1993, 2004; Preciado (1993), e Menéndez (1999). Esta hipótese, porén, é de novo posta en cuestión por investigadoras como Pilar López Díez ou as que conforman a equipa de traballo que dá lugar a *La prensa por dentro* (Gallego (dir.) 2002). Pilar López Díez centra os seus argumentos no nivel micro. O grupo de investigación dirixido por Gallego apunta tamén ao nivel organizativo, tal e como agora veremos, e concreta en catro os factores que resultan determinantes á hora de manter nos contidos a estereotipación de xénero: a organización empresarial, a cultura xornalística, o contexto sociocultural e a idiosincrasia individual

Segundo López Díez, a presenza de máis mulleres, tanto nas redaccións como nos postos de decisión, só levaría a un cambio en canto que esas mulleres tomasen conciencia da súa realidade específica. A autora, atendendo á perspectiva de xénero, outórgalle ás relacións de poder un papel fundamental na construción de significados, mais para que as mulleres influán neses significados é preciso esa toma de conciencia previa en canto que suxeitos cunha realidade específica determinada polas

circunstancias da cultura patriarcal. Porque “o feito de que a expresión simbólica, a través dos medios, está dominada por un segmento da sociedade, que de forma absolutamente maioritaria son homes, non exclúe o feito de que a inmensa maioría das mulleres tamén constrúen as mesmas expresións simbólicas” (López Díez, 2004). O empoderamento ten que ir acompañado dunha necesaria toma de conciencia en canto que muller, o que viría representado na muller como suxeito do feminismo. “A perspectiva muller-mulleres-suxeito do feminismo axudaría a resolver o problema que se lle formula á teoría feminista da comunicación que, desde os anos setenta, aposta pola hipótese de máis mulleres nas redaccións para cambiar a forma e os contidos das mensaxes mediáticas, aínda cando os resultados das investigacións nunca confirmen esta hipótese” (López Díez, 2004).

Para as autoras de *La prensa por dentro*, crer que máis mulleres no poder suporía un cambio favorábel para a representación feminina supón situar exclusivamente o problema no ámbito das decisións individuais cando, tal como se desenvolve no seu traballo polo miúdo, as causas da imaxe que os medios transmiten das mulleres van máis aló. Hai, ademais, un complexo entramado no que interveñen factores organizativos, e relativos á cultura profesional e ao contexto sociocultural, que explican a pervivencia, ao longo dos anos, das mesmas características no relativo á presenza e presentación das mulleres na información.

No ámbito relativo á influencia da estrutura organizacional, a observación participante na que se basea a investigación dá constancia das reticencias que levantan os temas de xénero nos consellos de redacción, de modo que as e os responsables de sección se inhiben á hora de facer propostas nese senso para que a súa profesionalidade non sexa posta en dúbida por parte da dirección do medio. A ausencia, ademais, de mulleres como directivas pode actuar como reforzo á hora de coartar o xurdimento de iniciativas alternativas. A priorización do espazo público fronte ao privado e a focalización da atención en cada sección a un número moi limitado de escenarios funcionan, por outra banda e segundo sinalan as autoras, como mecanismos que coartan posibles cambios.

No que á cultura profesional se refire, o estudo constata a deslexitimación ideolóxica dos temas de xénero en base á neutralidade e obxectividade que actúan como principios profesionais na produción informativa (aínda que adoito se queden na esfera do ideal, e non da práctica), así como a secundarización daqueles asuntos considerados como información branda. Así mesmo, aluden aos mecanismos de autorreferencialidade, é dicir, a comparación co publicado nos outros medios para ratificar así a idoneidade dos seus contidos, así como a aposta das e dos xefes de sección na selección de temas que poidan saír en portada (e entre os que, unha vez máis, non se encontran as cuestións xenéricas) para reafirmar a súa validez profesional e o rexeitamento de temas de xénero por consideralos reiterativos. A investigación engade outras variables da cultura profesional á hora de actuar como reforzo estereotipador, tal é o rexeitamento á existencia de diferenzas en función de xénero, o despoamento do cariz de xénero de temas cruzados de maneira determinante por esta variable, a tendencia das e dos profesionais a abordar aqueles asuntos dos que son máis coñecedores en función da súa experiencia vital e, en consecuencia, da súa socialización de xénero, ou a crenza nunha audiencia indeferenciada. As e os xornalistas somatizan estes valores, dos que o compromiso feminista está excluído, no seu proceso de socialización e acábanos interiorizando como as rutinas normais e desexables, nun efectivo proceso de autocensura que non admiten ou do que non son conscientes. Mesmo que contaran cunha formación e un compromiso feminista de partida, segundo afirma Lisbeth Van Zoonen nun estudo realizado con xornalistas feministas (1989, 57).

O que podería demostrar como insuficiente, aínda que necesaria, a formación en perspectiva de xénero para chegar a cambios nos contidos da profesión se non se tocan aspectos referidos ao ámbito macroestrutural.

O traballo dirixido por Gallego afonda tamén, como antes adiantei, nos mecanismos derivados do contexto sociocultural e relativos á ideosincracia individual. Os primeiros beben da socialización xenérica diferenciada entre homes e mulleres, que fan que sexa masculina a cosmovisión de xénero dominante, o que se manifesta na familiaridade e irrespetuosidade coa que a información trata ás mulleres e na asimetría coa que as axuíza con respecto aos homes. Os factores que atenden á ideosincracia individual devalan entre a implicación persoal da ou do xornalista á hora de defender un tema fronte aos seus superiores, e o que as autoras denominan como “sensibilidade especial” (e que remite ao compromiso social) cos temas cruzados polo xénero.

Quedan sen abordar cuestións relativas ao contexto político-económico, e entre as que poderíamos incluír, baseándonos en Dimmick e Coit (citados por Van Zoonen, 1989), o mercado ao que o medio se dirixe, a organización da industria mediática como un todo e as alianzas horizontais e verticais que a conforman, así como as políticas de carácter estatal e internacional. Mais neste ámbito, como apunta van Zoonen, “aparte de análises político económicos bastante xerais sobre os media, que amosan como os seus intereses comerciais e o seu poder transnacional teñen que soportar valores conservadores respecto ao xénero e moitas outras cuestións, a investigación que foi feita nesta área foi pouco detallada e relevante (1989, p. 61).

2.2.2.3. Dos estudos sobre as audiencias e a recepción

Os datos estatísticos amosan a existencia dunha clara segregación das audiencias en función do xénero. Segundo o resumo elaborado pola Asociación de Investigadores en Medios de Comunicación (AIMC) a partir dos resultados do EGM do período comprendido entre febreiro de 2011 e novembro de 2012 e relativos ao perfil da audiencia en función do xénero, son homes a maioría das persoas radioíntes, consumidoras de diarios e usuarias de internet, mentres que as mulleres ocupan a parte maior entre a poboación lectora de suplementos e revistas e nas audiencias televisivas. Se facemos caso das cuantificacións elaboradas polo EGM, son homes o 59,4% das persoas que len diarios, o 55,2% das persoas usuarias de internet e o 52,3% das e dos radioíntes. Porén, son mulleres o 55,6% das persoas lectoras de suplementos, o 55,2% das e dos lectores de revistas, e o 55,1% entre as e os espectadores de televisión.

As diferenzas máis marcadas radican na prensa e, aínda que en menor medida, en internet, o que ratifican os índices de penetración dos diferentes medios en función do xénero. No referido aos diarios, un 45,5% entre a poboación masculina e un 29,7% no caso da feminina. Canto a internet, un 37,2% entre as mulleres e un 48% entre os homes. Deterémonos máis polo miúdo naquelas razóns que poden estar por detrás desta disgregación de audiencias, comezando polos medios nos que esta é máis acusada. Advertimos que, no Estado español, como foi indicado, a maioría do datos existentes sobre a análise das audiencias son de carácter cuantitativo, baseados en estudos de carácter institucional que atenden aos intereses das empresas privadas ou públicas de comunicación e nos que se identifica a audiencia en función da mera exposición aos medios, co foco de atención no "canto" e cunha desatención xeneralizada ao "como" ou "por que", froito da escasa pegada no contexto estatal da influencia dos estudos culturais e de análise da recepción.

2.2.2.3.1. *As mulleres como lectoras de prensa*

Sobre as razóns que levan á desafección das mulleres cara á prensa de información xeral, os datos achegados pola investigación en audiencias e recepción son moi escasos. Explícao tanto a escasa bagaxe deste tipo de estudos no Estado, e en particular, dos realizados dende a perspectiva de xénero (fronte á proliferación da análise feminista neste eido no contexto anglosaxón), como o feito de que sexan precisamente aqueles xéneros e medios de maior acollida entre o público feminino os máis investigados. A investigación realizada dende a perspectiva feminista e de xénero concéntrase, polo tanto, naquilo que as mulleres consomen de maneira específica (abondosa é a bibliografía, no ámbito anglosaxón, ao contrario ca en España, das análises dos procesos procesos de recepción vivenciados polas mulleres en relación coa televisión, ou en particular, con xéneros como as telenovelas ou as novelas románticas). Mais esquece este tipo de investigación afondar nos procesos de recepción naqueles medios e produtos dos que as mulleres máis se afastan, entre eles, e de modo moi notable, os diarios. Xa o avanzaba Lisbeth van Zoonen no estado da cuestión que realiza en 1994 no seu *Feminist Media Studies*:

O traballo feminista sobre a audiencia é realizado principalmente nos proxectos de cultura popular. A investigación sobre a esfera pública das noticias foi seriamente desatendida polas investigadoras feministas e algúns estudosos que traballan nesta área non ven problema en centrar o seu traballo só en homes, para non "contaminar" as súas achegas co xénero (Jensen, 1986). A pesar do recoñecemento teórico de que a construción de xénero involucra tanto a homes como a mulleres, a maioría da investigación centrouse nas construcións da femineidade nos medios e xéneros que son lidos e apreciados predominantemente polas mulleres; telenovelas, novelas románticas e revistas de mulleres (van Zoonen, 1994, p.124).

Xa Joana Gallego facía constar en *Mujeres de papel. De ¡Hola! a Vogue: La prensa femenina en la actualidad* (1990) a disgregación da audiencia en función do xénero. Non é que as mulleres non lean información, senón que o que len está marcado polos procesos de socialización que, na construción do xénero, guíanas a elas cara o espazo do privado, como destino marcado, e a eles, á esfera do público. Tralas preferencias lectoras maioritariamente expresadas por homes e mulleres maniféstanse dous tipos de discurso. O discurso do público, que protagonizan os contidos da prensa de información xeral, e o do privado, que hexemoniza a prensa dirixida a mulleres (Gallego, 1990, p. 19-22).

A estratexia tradicionalmente empregada polos xornais para a captación de lectoras centrouse na creación de espazos especificamente dirixidos ao público feminino: seccións, suplementos e revistas diferenciadas do xornal que se difunden xunto con el para atraer a este sector de audiencia e, de maneira parella, ás empresas anunciantes interesadas no mesmo. Joana Gallego alude ás *women's pages* (páxinas de mulleres) dos xornais anglosaxóns, que atopan o seu correlato nos anos 80 na prensa española, en iniciativas como os suplementos "Mujer" de *La Vanguardia* e da revista *Época*. Do mesmo modo, os xornais incorporan de modo esporádico ás súas páxinas seccións e outros apartados, como columnas de opinión, dedicados ás mulleres e/ou a aquelas problemáticas que lle afectan de preto. Valla como exemplo na prensa galega "Las siete maravillas" de *El Correo Gallego*, co obxecto de glosar o traballo de sete mulleres destacadas, ou a columna de Mariluz Villar para *La Región*: "Ruega por nosotras". Dende finais do século XX e principios do XXI, dan un paso máis: a distribución semanal, xunto co diario, de revistas especificamente creadas para este fin pero

construídas segundo o patrón da prensa dirixida a mulleres. Iso, tanto nos contidos (que neste caso procuran adaptar a atención prioritaria á tríade amor-beleza-fogar nun contexto caracterizado pola incorporación das mulleres ao ámbito laboral e a súa paulatina, aínda que non igualitaria, presenza na esfera pública) como no formato, coidado e a toda cor, como atractivo soporte para a captación de publicidade.

Nesa liña, en 1999 nace *Mujer de Hoy*, de Taller de Editores, que se difunde na actualidade cunha vintena de xornais. Anos despois, en 2005, sae á rúa *Yo Dona*, que se distribúe xunto con *El Mundo* e, dende 2011 e en catalán, con *El Periódico*. Ambas as dúas iniciativas amosan de modo explícito a súa dobre alma, derivada do feito de dirixirse ás mulleres nun momento no que teñen a posibilidade de incorporarse ao ámbito laboral e público, e tamén do propio feito de que boa parte das súas lectoras sexan precisamente mulleres traballadoras, mais en todo caso, co foco centrado na esfera tradicionalmente asociada ao feminino, e de aí a incidencia en temas de moda, beleza, consellos para a vida cotiá, etc. No momento en que *La Voz de Galicia* comeza a distribuír *Mujer de Hoy*, o xornal afirma nas súas páxinas que isto "supón un paso máis no esforzo do Grupo Voz por ofrecerlle á súa audiencia contidos prácticos e diferenciais. Pretende responder aos intereses da muller moderna e, á vez, servirle de axuda práctica en moitos campos da vida cotiá" (*La Voz de Galicia*, 13 de xaneiro de 2000). Así mesmo, en xullo de 2011, cando *El Periódico* anuncia que o magazine *Yo Dona* será distribuído xunto co diario, a súa directora, Charo Izquierdo pon de manifesto os dous piares fundamentais da publicación: "O máis típico, o feminino, de moda e beleza, e un segundo moi importante, que é o de actualidade, moi ligado ao feito de saír cos xornais" (*El Periódico*, 14 de xullo de 2011). O propio director de *El Periódico*, Enric Hernández, recoñece que o éxito de *Yo Dona* radica no feito de cubrir un importante baleiro no mercado: "Os xornais convencionais temos un déficit de cobertura de darlle a voz e escoitar que é o que pensan as mulleres, que son lectoras e grandes consumidoras de información" (*El Periódico*, 14 de xullo de 2011).

A solución adoptada polos xornais aposta por incorporar apartados disgregados para mulleres en páxinas fundamentalmente protagonizadas por homes. Recoñécese deste xeito de modo implícito o carácter androcéntrico da prensa de información xeral: protagonizada e lida fundamentalmente por homes, a non ser naqueles espazos específicos que puntualmente lles dedica ás mulleres. Se entendemos como androcentrismo o enfoque que entende o masculino como medida de todas as cousas (Sau, Victoria, 2000, p. 45), tal se ha de cualificar a concepción da audiencia que Concha Fagoaga (2004, p. 121) detecta nos medios informativos, nos que se constrúe

unha lectora e un lector medido polo masculino como universal. O que lle interesa a esa e a ese lector interesa necesariamente sen marca de xénero, dá igual que sexan lectores femininos ou masculinos. O que interesa de modo específico a un lector feminino non necesariamente interesa ao masculino universal. Esta construción traballa como un modelo ou paradigma para calquera membro da redacción, xa sexa masculino ou feminino e está na orixe da clasificación duro/brando. O duro emprázase dende un principio e asígnanselle recursos materiais e humanos para ese emprazamento. Non fan falta interpretacións que poñen en tea de xuízo o carácter duro da información. O brando está suxeito a interpretacións, polo tanto a espazos alternativos, de maneira que o seu emprazamento se demora.

Noutras verbas, enténdese que o que o medio de comunicación constrúe como esfera do público é de interese tanto de mulleres como de homes, mais que a esfera do privado é de interese unicamente das mulleres. Este androcentrismo ponse de manifesto

nas clasificacións utilizadas para categorizar á prensa. Aquelas revistas dirixidas aos supostos intereses masculinos (*Men's Health, Man...*) clasifícanse no OJD (Oficina de Información e Control de Publicacións) como "estilo de vida", e non como revistas "masculinas" mentres que as que teñen como target o público feminino si se categorizan como "femininas" (Menéndez Menéndez, Isabel, 2010a, p. 170-171).

A prensa emprega a estratexia da construción de espazos separados, no canto de incorporar ás mulleres de modo transversal, e como o 50% da poboación que son, cunha presenza equitativa á dos homes, nas súas diferentes áreas e seccións. Que isto fora posible pasaría por, segundo sinala Joana Gallego citando a Concha Fagoaga, algunha destas dúas posibilidades: ou que a presenza das mulleres en espazos de poder se incrementara (tendo en conta que é neles nos que a prensa pon o foco) ou que esta se abrise a outros ámbitos que hoxe en día deixa na sombra, entre eles o que ten que ver coa realidade das mulleres. Facelo implicaría, tanto problematizar o privado como público, e non só sacalo á luz cando o morbo, o dramatismo ou a espectacularidade o fan proveitoso criterio de noticiabilidade, como abordar a ollada informativa sobre a realidade, en todas as súas esferas, dende a pertinente utilización da perspectiva de xénero.

Do contrario, a súa exclusión dos xornais pode entenderse como unha manifestación máis da súa exclusión na construción do espazo común e da esfera de construción de cidadanía co que se identifica a prensa nas sociedades democráticas.

2.2.2.3.2. *As mulleres como usuarias das novas tecnoloxías*

Por tras do menor uso de internet entre as mulleres, está a fenda dixital abondo analizada nos últimos anos nas análises que abordan a comunicación e o uso das novas tecnoloxías dende a perspectiva feminista e de xénero.

A fenda dixital, que se pode definir como a desigualdade existente no acceso ás novas tecnoloxías en función de aspectos tales como xénero, niveis económicos, educación ou situación xeográfica (Ricoy Casas, Rosa María, 2007, p. 128), ten tres niveis: de acceso, de formación e de participación (Pena Castro, Luz, 2011, pp. 176-177). Das diferenzas no nivel de acceso dan conta as estatísticas elaboradas dende fontes diversas (Instituto Nacional de Estatística, Instituto Galego de Estatística, EGM...), que fan constar a menor porcentaxe de mulleres como usuarias das novas tecnoloxías. Unha diferenza, porén, que diminúe nos sectores máis novos da poboación. Deste xeito, segundo datos de 2008 do Instituto Galego de Estatística, mentres a distancia entre rapaces e rapazas usuarios de internet é moi reducida (95.101 rapaces manifestan terse conectado a internet no último mes fronte a 94.679 rapazas) a diferenza incrementase de modo paulatino nas franxas de 20 a 29 anos (125.301 homes fronte a 121.974 mulleres) e de 30 a 54 anos (248.491 homes fronte a 239.025 mulleres) e chega a case duplicarse na franxa de idade correspondente aos 55 ou máis anos (43.441 homes fronte a 25.748 mulleres). O principal obstáculo radica, porén, non nas posibilidades de acceso, senón na formación, tralo cal aniña un proceso de socialización que afasta ás mulleres das novas tecnoloxías e considera aos homes naturalmente máis capacitados para o seu manexo, o que non fai senón potenciar a súa maior formación, capacitación e experimentación no seu uso.

Das diferenzas no ámbito da participación déixannos evidencia os datos referidos á presenza de mulleres e homes en empresas relacionadas coas novas tecnoloxías. Só a cuarta parte dos postos de traballo no ámbito, segundo o informe "As mulleres na empresa TIC" (EGANET, 2009), son ocupados por mulleres, que representan así mesmo o 30% dos postos máis especializados e o 13% dos cargos directivos.

Entre as dificultades para unha utilización igualitaria no uso das novas tecnoloxías entre mulleres, Luz Castro Pena (2011, p. 177) destaca o menor tempo libre dispoñible polas mulleres e a súa menor incorporación ao mundo do traballo e a postos de inferior categoría, mais tamén a ausencia de contidos dirixidos ás mulleres e a crenza en que non son boas en ciencia en tecnoloxía en comparación cos homes. Os contidos mediáticos, dende as informacións (que ligan ás mulleres de maneira negativa coas novas tecnoloxías) ás ofertas de ocio para a xente máis nova (tal é o caso dos videoxogos) reforzan esta crenza.⁴³ As nenas e as mozas dificilmente encontran pois patróns que as identifiquen en positivo co emprego das novas tecnoloxías, e que non as pechen ou no estereotipo das "mulleres obxecto", frecuente nos videoxogos dirixidos a públicos femininos, ou nos roles tradicionais, presente nos videoxogos pensados para as nenas e a súa socialización nas tarefas tradicionalmente acotadas para as mulleres (nais, esposas, perruqueiras, estilistas, etc.). Que vaian máis aló da imaxe da dicotomía entre as mulleres como incompetentes no emprego das novas tecnoloxías ou da tecnófila marxinal, da que é bo exemplo a protagonista da saga Millenium, Liesbeth Salander. "Con estes exemplos, apunta Luz Castro Pena (2011,p. 171), "ningunha rapaza se sentirá motivada a realizar uns estudos de enxeñaría".

2.2.2.3.3. *Das mulleres que ven televisión*

Foi no contexto anglosaxón onde a vertente dos estudos feministas centrada na recepción dos medios de comunicación resultou máis prolífera, e onde se desenvolveron os principais traballos realizados ao respecto (Padilla de la Torre, 2005, p. 126). Mais no ámbito estatal esta é unha veta apenas desenvolvida. Tras deste feito podemos atopar razóns de carácter paradigmático. A análise do consumo e a recepción dos medios por parte das mulleres foi de particular interese para os estudos culturais e situados no postestruturalismo. Dende estas posicións, o foco pasa, do estudo dos contidos e da produción, da análise dos estereotipos e dos mecanismos ideolóxicos incorporados na estrutura do sistema do mediático, á audiencia e aos procesos de recepción. Considérase que a audiencia é algo máis que receptora pasiva dos contidos e da ideoloxía agochada tras dos mesmos e céntrase a atención en saber que fan realmente as e os receptores con aquilo que lles chega a través dos medios. Este salto non se produciu no contexto estatal, onde esa maridaxe entre estudos culturais, postestruturalismo e feminismo non foi tan produtiva. No estado, e ate o de agora, os estudos centráronse maiormente no texto, e na detección no mesmo dos trazos da ollada androcéntrica e do discurso sexista (dende unha perspectiva máis cuantitativa ca cualitativa). Mais sen apenas afondar,

⁴³ Do sexismo nos videoxogos dan boa conta investigacións como a realizada dende a Universidade de León, *La diferencia sexual en el análisis de los videojuegos* (Díez, Enrique Javier (coord.), 2004, pp. 342-344), que destaca tanto a escasa presenza de mulleres entre os personaxes protagonistas, como a súa hipersexualización, o que dá conta duns produtos de ocio dirixos a e fundamentalmente consumidos por homes. Podemos encontrar mulleres valentes, dinámicas, intelixentes e cheas de talento e habilidades para superar as distintas aventuras ás que se enfrontan, máis sempre se destacará delas a parte física e será trazado o seu perfil a partir de patróns de xénero hexemónicos. Entre os estereotipos máis presentes, o "síndrome Wonder Brag" (físico hipersexualizado e indumentario suxerente); a "eterna adolescente" (inocente e necesitada de protección); o "síndrome *king-kong*" (mulleres de estrutura anatómica imposible na realidade: delgadas en extremo, escasa cintura e grandes peitos); o "patron wasp" (cinguido aos cánones de beleza occidental: alta, branca, guapa e delgada) e o xurdimento dunha nova imaxe andróxina que, en resposta ás críticas xurdidas fronte ao sexismo dos videoxogos, intentan cargar ao feminino de certos atributos da cultura macho. Fronte aos moldes femininos habituais, a imaxe dos homes segue tinguida dos trazos característicos do estereotipo masculino tradicional: personaxes solitarios, hoscos, retraídos, taciturnos, duros e pouco sociais, que reeditan o síndrome John Wayne, "un código de conducta explícito aínda que non escrito, un conxunto de trazos masculinos que aprendemos a venerar dende a infancia" (Gerzon, 1982 citado por Díez, Enrique (2004, p. 358). Entre eles, a competitividade, a insensibilidade, o poder como dominación e a violencia como forma normal de vida.

cando menos até o momento, na análise do papel activo da audiencia nos procesos de recepción deses contidos.

Para Liesbeth van Zoonen o problema dos estudos que ela denomina liberais (centrados na detección de estereotipos) e radicais (onde se sitúan, por exemplo, as críticas aos contidos pornográficos) está nunha concepción da comunicación lineal que dá por suposto que os contidos dos medios teñen un efecto directo na audiencia. Contidos sexistas, polo tanto, contribúen a afianzar unha socialización de xénero tamén sexista, baseada na construción de expectativas diferentes para mulleres e homes.

Resumíndoo brevemente, algunhas feministas acusan os medios de manter estereotipos sexistas, asumindo que as audiencias serán afectadas polo contido sexista dos medios. Outras feministas engaden que os medios, e en particular os medios con contidos pornográficos, instigan aos homes a actos agresivos e violentos contra as mulleres. E outras incorporan visións procedentes da psicanálise e teorías da ideoloxía para soste a súa reivindicación de que os medios contribúen a aceptación global do dominio ideolóxico. No proxecto de investigación típico tal afirmación sería corroborada por análises textuais de "roles sexuais", a "construción da feminidade", ou a "interpelación do suxeito feminino" e outras asuncións teóricas sobre a reacción da audiencia e a interpretación do texto. De tales asuncións, unha visión da audiencia (feminina) emerxería como individuos pasivos completamente absortos, incapaces de e impedidos para recoñecer os traballos ideolóxicos da hexemonía patriarcal e capitalista (1994, pp. 105-106).

A concepción da comunicación como unidireccional e dos efectos como directos é criticada por obviar a polisemia inherente do texto dado que, aínda que poida ter unha lectura preferente, a decodificación por parte da audiencia é diversa e, ademais, o significado que se lle outorgue dependerá de coñecementos, prexuízos e resistencias previas presentes no individuo receptor (Hall, 1980 e Morley, 1992, citados por Joanne Hollows, 2000).

Existe, para Van Zoonen, un distanciamento entre as investigadoras feministas que se consideran nunha posición intelectual privilexiada dende a cal poder detectar a lectura ideolóxica sexista dos contidos mediáticos e aqueloutras mulleres cuxos gustos e preferencias están impregnados pola cultura de masas. E para iso pon como exemplo o éxito na cultura popular de xéneros como as telenovelas ou as novelas románticas, criticadas dende certas posicións feministas pola súa transmisión de roles estereotipados e sexistas, e que resultan de particular interese para os estudos de recepción realizados no ámbito anglosaxón e centrados nas audiencias femininas.

O cuestionamento da unidireccionalidade da comunicación, que supón recoñecer o papel activo da audiencia nos procesos de recepción, enlaza de cheo cos estudos culturais —que ten na análise dos procesos de consumo e recepción unha das súas principais liñas de traballo en medios de comunicación— e, así mesmo, coas análises da recepción. Permite ir máis aló dos estudos de audiencia de carácter cuantitativo adoito realizados dende as institucións, dende empresas de comunicación privadas necesitadas de surtir aos anunciantes de datos do seu grao de penetración no público, e de empresas públicas que precisan dos mesmos para lexitimarse, así como das concepcións de carácter funcionalista ou inscritas na corrente dos usos e gratificacións. Quedan así superadas unha serie de limitacións presentes neste tipo de estudos, dado que: 1) a metodoloxía cuantitativa non mide en realidade o consumo senón só a exposición aos medios; 2) non se ten en conta que enchufar o aparello receptor non é necesariamente indicativo dunha preferencia selectiva por un programa concreto, senón que pode

responder a outras necesidades contextuais (relax, illamento das relacións familiares insatisfactorias, procura de momentos compartidos xunto co resto da familia...); 3) as decisións individuais non son as únicas que determinan o consumo dos medios, pois hai outros factores, como a negociación no ámbito do fogar ou as relacións de poder, entre elas as derivadas das interaccións de xénero, que resultan determinantes; e 4) ignórase que a recepción é tamén social, e que as lecturas individuais están enmarcadas en patróns culturais e estruturas político-sociais de consumo (Sampedro, 1997, p. 149).

Son estes aspectos moi presentes nos estudos feministas sobre a recepción. Farei, en primeiro lugar, un breve repaso por algunhas das principais achegas de autores e autoras do ámbito anglosaxón, para o que seguirei a síntese realizada por Van Zoonen en *Feminist Media Studies* (1994) e logo somerxerémonos no traballo realizado no contexto español ao respecto.

No seu estudo sobre a recepción das novelas románticas, Janice Radway (1984) afástase da concepción da audiencia feminina atrapada nunha falsa conciencia alimentada na ideoloxía sexista destilada dos contidos mediáticos. As mulleres consultadas —todas elas residentes nunha poboación situada no medio oeste estadounidense— teñen amplo coñecemento do xénero que centra as súas preferencias lectoras, até tal punto que algunhas mesmo se teñen adentrado na escrita desta caste de novelas. Nestas páxinas atopan relax, formación e coidado. Relax, canto que lles permite reservar un espazo e tempo para elas mesmas, no que desconectar das obrigas familiares. Formación, pois moitas destas novelas procuran un efecto de realismo a través de numerosos datos de carácter histórico ou xeográfico empregados para a contextualización da acción, e conseguen, deste xeito, suavizar así o sentimento de culpa que xorde nas lectoras tanto pola sensación de estar a restarlle tempo de coidado á súa familia como por estar a ler un xénero deostado socialmente e, en particular, polos seus conxuxes. De coidado, canto que contribúen a alimentar a ilusión do namorado protector, que nutre á namorada de todo tipo de atencións, un papel que, na realidade, desempeñan as mulleres no día a día coa súa parella, coas persoas maiores e dependentes e cos seus fillos e fillas.

A televisión, dixémolo con anterioridade, é un medio que ten entre as mulleres máis do 50% da súa audiencia. Autores como Brunsdon (1986), Gray (1987), Hobson (1980) e Morley (1986) consideran que, na análise dos procesos de recepción dos contidos televisivos, é crucial coñecer as posicións que ocupan mulleres e homes nos núcleos familiares tradicionais (citado por van Zoonen (1994), p. 114). Segundo os datos obtidos por Morley en 1986, procedentes da súa observación de familias de clase traballadora e media-baixa, o xénero é o único factor estrutural que atravesa todos os casos analizados e determina a elección de programas, as preferencias, o estilo e a cantidade de visión, así como a utilización do gravador de vídeo. As mulleres prefiren, segundo Morley, os programas de ficción, os contidos románticos, as informacións locais e nacionais e a programación de ITV (entón a primeira canle comercial británica) fronte á da televisión pública, que é a favorita entre os homes, así como os deportes, os programas baseados na realidade e a ficción de carácter realista. Así mesmo, Morley detecta dúas cuestións de sumo interese: estes patróns cambian en familias nas que as mulleres teñen a posición dominante e, ademais, nas entrevistas realizadas en familia, as persoas entrevistadas procuran adaptarse aos roles de xénero establecidos, actitude que se relaxa cando as entrevistas se realizan a nivel individual. É dicir, hai unha preocupación da persoa por adaptarse aos roles de xénero que dela espera o seu núcleo familiar.

Nos estudos de Morley e Gray poden detectarse outros patróns que evidencian a posición de subordinación das mulleres na familia á hora de ver a televisión: 1) o modo

en que se fai a selección, dado que o control do mando fica en mans do marido ou do fillo varón maior; 2) os niveis de concentración, que adoitan ser maiores no caso dos homes, pois non se ven na obriga de compatibilizar o consumo de televisión con outras tarefas do fogar, e ademais, non procuran, como si fan as mulleres, a televisión como espazo de encontro e oportunidade para reunir á familia (de aí que, mentres elen adoitan ver a televisión en silencio, elas procuran nese momento a oportunidade para comentar, falar e contrastar pareceres, soportando en non poucas ocasións que se lles faga calar).

En relación co interese feminista naqueles xéneros populares de éxito entre as mulleres, e coa súa reivindicación (fronte ao abandono e menosprezo que viñan a sufrir no marco dos estudos en comunicación) está o abondoso traballo referido á audiencia de telenovelas no eido anglosaxón, como o das investigacións de Ien Ang (1985), de Katz and Liebes (1990), ou Modleski (1984). Unha das preguntas que se procura atender dende esta liña de traballo invoca ás razóns polas que este xénero é máis visto entre as mulleres. As respostas son varias, entre elas: 1) o feito de que formen parte da organización do día a día das amas de casa, na medida en que sexan empregadas para separar ocio de traballo e poñer límites a unhas tarefas, as domésticas, que se entenden como un traballo continuo e sen horarios (Seiter et al., 1989); 2) a propia estrutura narrativa, fragmentada e cíclica, tal e como o é o traballo das mulleres na casa (Modleski, 1984) e o foco que as telenovelas poñen nas relacións persoais, na vida familiar e nos valores da cultura feminina adoito deostada na sociedade contemporánea (van Zoonen, 1994).

No ámbito estatal, a investigación de Maialen Garmendia, recollida no libro *¿Por qué ven televisión las mujeres?* (1998), que bebe dos estudos culturais, apunta datos que reafirman algunha das conclusións ás que chegan as e os autores anteriormente referidos: entre elas, o control dos homes sobre o mando, é dicir, sobre aquilo que se ve, e a minusvaloración daqueles contidos considerados femininos, o que fai que as propias mulleres sexan remisas a admitir o seguimento de telenovelas ou de programas socialmente criticados por unha calidade deficiente. A autora, que centra a súa investigación na recepción de televisión por parte das mulleres vascas, fai relación das gratificacións que a audiencia feminina encontra no consumo de televisión, e chega a unha conclusión central: as mulleres ven televisión fundamentalmente por hábito, máis que polo interese que lles suscite a programación emitida, e a súa gratificación non necesariamente deriva dos contidos, senón que resultan fundamentais outros aspectos como o simple pracer que provoca a mera exposición (como factor de relax, desconexión e descanso) e as posibilidades que a televisión ofrece para reunir á familia. As mulleres, de feito, valoran de maneira especial aqueles programas que poidan verse en familia e que fomenten a comunicación entre os seus membros ao redor dos contidos exhibidos, tal é o caso dos debates. De feito, chegan a sacrificar os seus propios gustos en función dos da súa familia, en especial, do dos seus fillos e fillas:

Neste contexto, o factor de compañía constitúe un elemento fundamental nas condicións de ver televisión para a muller: é un elemento central porque inflúe poderosamente nas súas expectativas así como nos seus patróns de interacción coa televisión. É frecuente que permanezan fronte á televisión por estar xunto aos demais membros da familia e, conseguintemente, tanto a selección como a comunicación e a atención son modificadas polo interese da muller por ver xunto a eles. (Garmendia, 1998, pp. 121).

Na investigación sobre recepción dende a perspectiva de xénero cómpre destacar a tese de doutoramento de Aimée Vega Montiel (2004), presentada na Universitat

Autónoma de Barcelona: *La decisión de voto de las amas de casa mexicanas y las noticias electorales televisadas*. A investigación pode incardinarse no frutífero desenvolvemento dos estudos culturais e de recepción no ámbito latinoamericano, con referentes como o de Jesús Martín Barbero e a súa proposta das mediacións (na que incardina as distintas instancias que interveñen no proceso mediante o cal os suxeitos lle outorgan sentido aos contidos mediáticos, dende os factores individuais aos sociais), ou Guillermo Orozco quen, situado na Análise da recepción, resume no termo "televigencia" a súa teorización sobre o consumo dos medios. A investigación de Vega Montiel, emprazada no campo epistemolóxico delimitado polos Estudos Culturais e a Análise da recepción, cubre un dos baleiros dos estudos feministas dos procesos de recepción, xa sinalado por van Zoonen: a análise de xéneros, como os informativos, alén os etiquetados como femininos. Introducirse na recepción da información supón ademais un valor engadido, canto que esta é básica na construción da cidadanía e canto, tamén, como xa foi exposto, as mulleres foron, nas sociedades occidentais, primeiro excluídas da cidadanía (nais, coidadoras e esposas dos cidadáns homes nun universo, o do fogar, non valorado mais imprescindible para a existencia do público) e logo consideradas cidadás de segunda (individuos iguais en dereitos a nivel legal mais non real).

Aimée Vega refuta, a partir do discurso das amas de casa que participaron dos diversos grupos de discusión que conformaron o debate, a concepción, instaurada no debate público, deste sector da poboación feminina como ignorante, conservador, submisivo e pasivo. Liga o seu desinterese á desafección xeneralizada na cidadanía pola política. Relaciona a súa posición política (de centro e dereita) coa súa identidade como nais e esposas, que se proxecta no feito de que se decidan por opcións políticas que consideren ligadas á estabilidade. Canto á concepción das mesmas como pasivas e submisas, relaciónao co feito de non pertenceren ao espazo público con plenos dereitos e de non ser abordados, entre os temas aos que se refire a política oficial, aquelas cuestións que lles afectan directamente, de aí que consulten cos varóns da familia, que si están integrados de pleno na esfera do público. Así mesmo, destaca Vega Montiel unha última cuestión que merece atención: o interese das mulleres por participar en política (en asociacións, partidos políticos, comités veciñais ou grupos políticos) vai ligado a unha preocupación pola mellora das condicións de vida da familia e da comunidade. Resalta Vega Montiel como, a partir destas vías, se crean formas particulares de cidadanía e reivindica que, tendo en conta que a participación política das mulleres entra en conflito co doméstico, este sexa susceptible de ser considerado político.

Vega Montiel remata a súa investigación sinalando como liñas de investigación de cara ao futuro, nos estudos sobre recepción dende unha perspectiva de xénero, a comparación dos procesos de recepción femininos coa análise dos procesos de recepción por parte dos homes (cuestión abordada pola autora nun estudo posterior)⁴⁴ e con mulleres con outras experiencias de vida ligadas á esfera pública (como as mulleres profesionais ou as estudantes).

2.3. A TESE DOUTORAL: UN APORTE PROPIO AO ESTADO DA CUESTIÓN

A pescuda realizada para o estado da cuestión levoume a cinguir o estudo das representacións de xénero a un ámbito determinado: a prostitución. Decidino así tras constatar, por unha banda, o incremento, nos últimos anos, das investigacións con foco nas análises de representacións de xénero e, por outra, as carencias á hora de cruzar a

⁴⁴ Faise resume do mesmo no artigo de Aimée Vega "Construyendo puentes: la identidad de género de los jefes de familia y la recepción televisiva". *Comunicación y Sociedad*. Nova época. Número 4. Xullo-décembro de 2005. pp. 127-145.

variable xénero con outras variables afectadas pola discriminación, como a procedencia nacional, a etnia, ou a clase económica. Todas elas están moi presentes na realidade da prostitución, maioritariamente exercida no Estado español por mulleres, migradas, afectadas polos procesos de feminización da pobreza, pola discriminación engadida que poida supor a súa procedencia nacional, a súa orixe étnica ou pola súa cor de pel, e polo feito de, ademais, exercerem a prostitución.

No eido metodolóxico, a tradicional preponderancia de estudos cualitativos fronte aos cualitativos nesta liña de investigación, Comunicación e Xénero, no Estado español levoume a reafirmar a convicción da necesidade de introducir o emprego de técnicas cualitativas, que, neste traballo de investigación, irán da man das técnicas cuantitativas, canto se combinará análise de contido coa análise do discurso.

O capítulo que segue abondará no estado da cuestión no referido á representación mediática da realidade da prostitución.





CAPÍTULO 3. PROSTITUCIÓN E MEDIOS DE COMUNICACIÓN: ESTADO DA CUESTIÓN

3.1. O ESTADO DA CUESTIÓN NA LITERATURA ANGLÓFONA

Para consultar bibliografía sobre as representacións mediáticas da prostitución, e dada a escasa literatura académica existente en España, é preciso remitir ao contexto anglófono, no que a produción académica está centrada fundamentalmente nos seguintes aspectos: a contribución dos medios á construción social do estigma que afecta as persoas que exercen a prostitución; a representación da trata e do tráfico de seres humanos con fins de explotación sexual; a criminalización da prostitución e de quen a exerce; a vitimización das persoas que traballan en prostitución, a abordaxe da prostitución como traballo, o contraste entre o discurso mediático e a realidade das persoas que traballan en prostitución e a influencia das imaxes da prostitución difundidas na sexualización dos discursos mediáticos, entendida como transmisión de violencia simbólica.

Destacan Kaitlynn Mendes e Karen Boyle (2009), na introdución a un dos dous números da revista académica *Feminist Media Studies*, nos que abordan a análise da prostitución nos medios, unha crecente presenza da prostitución na cultura mediática "mainstream". Fano aludindo a Arthurs (2004), Boyle (2008), Gunter (2002) e Negra (2009). E atribúeno como posible causa do número de respostas "sen precedentes" xerada polo call for papers que a publicación fixera animando a escribir sobre a temática. Apuntan, xa que logo, a un maior interese académico suscitado polo tema no ámbito anglófono, provocado polo incremento de imaxes sobre o mundo da prostitución nos medios. Do incremento de produción académica no contexto anglófono puiden dar fe no desenvolvemento desta tese, canto que a revisión bibliográfica que realicei da base de datos internacional ISI, partindo do uso de "prostitution" e "media" como palabras chave, amosa o incremento de artigos académicos ao respecto sobre todo entrado o 2000.

A revisión bibliográfica sobre prostitución e medios de comunicación no ámbito anglófono pon de manifesto a división ideolóxica que opera na comprensión do fenómeno da prostitución, entre a consideración da mesma como realidade que cómpre abolir, canto que espello dunha sociedade machista e discriminatoria e dende a percepción das prostitutas como vítimas, até a comprensión da prostitución como traballo sexual e opción, defendida dentro do dereito das mulleres a decidir sobre o seu corpo e a súa sexualidade, o que, na vertente académica vemos en diversos traballos, algúns deles elaborados dende unha perspectiva postfeminista. A esta división fan referencia Coy, Sakeling e Garner (2011), en relación á análise académica da "pornificación" ou hipersexualización da cultura, baseada en imaxes e modelos extraídos do mundo da prostitución:

No contexto do que Rosallind Gill (2007) conceptualizou como unha "sensibilidade mediática postfeminista" (onde o corpo é aprobado como un lugar de ganancia para as mulleres, para a venerada elección individual e onde as diferenzas entre mulleres e homes se reesencializan como "bioloxicamente naturais", emerxen o que parecen ser posicións contraditorias sobre os beneficios potenciais e as limitacións da sexualidade e da pornificación. Hai quen se centra

na oportunidade para a "democratización" da sexualidade e a aparente apertura de espazos para que as mulleres participen positivamente na sexualizada cultura de masas (Attwood, 2005), e hai quen se preocupa pola obxectivación sexual en curso e o estreitamento de espazos para que as nenas e as mulleres resistan a unha comprensión sexualizada de si mesmas (Coy, 2009a, ver tamén McRobbie, 2009). (Coy, Wakeling e Garner, 2011, p. 441).

Tal división maniféstase, de feito, na revisión bibliográfica realizada para esta tese doutoral. Responden ao influxo postfeminista traballos como os asinados por Hipkins (2011) e Janzen et al. (2011). Sitúanse na outra cara da moeda, entre outros, os propios traballos de Coy e al. (nos que se considera a prostitución como violencia simbólica, dado o seu influxo como modelo na hipersexualización e pornificación da cultura mediática). Sen inscribirse en parámetros postfeministas, mais partindo da consideración da prostitución como traballo sexual e opción persoal, temos as achegas de O'Neill, Campbell, Hubbard et al. (2008), que denuncian a exclusión no debate político dos contradiscursos que identifican a prostitución como unha forma lexítima de traballo, ou as de Jo Doezema (2000), que aborda a reemerxencia do discurso abolicionista no que considera o "mito da trata de brancas".

Janzen et al. (2011) botan man, na súa análise da representación da prostitución na prensa canadiana, das filósofas postfeministas Butler e Kristeva para aplicar o modo en que comprenden o abxecto á análise do rexeitamento social que suscita a prostitución. Combinan a perspectiva psíquica de Kristeva sobre a abxección coa maneira en que Butler a entende, como efecto da importancia do poder normalizador das prácticas discursivas. Considera Kristeva, partindo das teorías lacanianas, a abxección como proceso psicanalítico fundamental na comprensión da conformación do eu e da separación da nai na máis tenra infancia, o que nos achega ás experiencias afectivas indescribibles pero inquebrantables que dende a nenez aprendemos a rexeitar, e que rematan por alimentan o odio, o medo e a exclusión. Enténdese, pois, no artigo, que o abxecto forma parte de nós, por moito que intentemos externalizalo e obxectualizalo no Outro, neste caso na prostituta, que aparece mediaticamente como un ser contaminado, transmisor de enfermidades, ligado ao mundo da delincuencia. Unha construción que (dise neste traballo) serve para reafirmar a identidade da muller canadiana branca fronte a esa outra muller, polo xeral indíxena, e á marxe do que se considera a normalidade social. Mediante o rexeitamento a ese Outro, configuramos a nosa identidade normalizada, mais non recoñecemos que a nosa propia identidade é fráxil e fragmentaria, que nela é onde reside o abxecto. Polo tanto, sinalan, consumir historias de horrible violencia contra outros corpos e outras mulleres, como as do asasino en serio de Vancouver que tiña a prostitutas indíxenas da rúa como os seus principais obxectivos, é indicativo dunha falta de compaixón que ameaza a nosa identidade como suxeitos.

Danielle Hipkins acode a pensadoras postfeministas para salvar o que acusa como distanciamento, en Italia, entre os intelectuais de esquerda e a súa crítica de fenómenos como o "velinismo", e o público, que é ollado dende unha mirada de superioridade, dende unha posición elitista, en particular as mulleres e as nenas, sobre as que recae a ameaza dos efectos desta cultura sexualizada. No artigo "Whore-crazy: Show Girls, the Beauty Trade-Off, and Mainstream Oppositional Discourse in Contemporary Italy", no que xoga coas verbas "whore" (prostituta) e "democracia", Hipkins aposta por matizar os termos binarios nos que se produce este debate, acudindo para iso ao pensamento postfeminista. Asíse que o papel da "velina" ten que ver cun neosexismo moi en relación con forzas neoliberais, mais alúdese a autoras como Gill e Attwood para matizar o debate tendo en conta as raíces psicosociais do problema, o modo en que o

público feminino, as mozas que son audiencia, se perciben a si mesmas, e en que maneira os modelos de sexualización que seguen celebridades femininas son para elas vehículos de confianza, empoderamento e aserción.

A abordaxe postfeminista respecto á representación da prostitución nos medios é, porén, criticada por Coy, Wakeling e Garner no seu artigo "Selling sex sells: Representation of prostitution and the sex industry in sexualised popular culture as symbolic violence". Nel, denuncian a "glamourización" da prostitución nos contidos mediáticos e a representación da industria sexual como empoderamento e entretemento, como patrón de conduta para as relacións íntimas. Identifican estas estratexias con violencia simbólica canto que consideran que escurecen as condicións nas que, en realidade, se exerce a prostitución e reducen ás mulleres ao seu corpo e como obxecto sexual. Do emprego da "glamourización" da prostitución como veo tamén dan conta Rochelle L. Dalla (2000), no seu artigo "Exposing the "Pretty Woman" myth: A qualitative examination of the lives of female streetwalking prostitutes" e Della Giusta e Scuriatti (2005), en "The show must go on: Making money glamorising opression". Dalla compara as representacións que da prostitución se fan en filmes como *Pretty Woman*, *Leaving Las Vegas* ou *Taxi Driver* coa vida de mulleres reais "que son prostituídas na rúa", marcadas pola violencia, os abusos e a explotación. Della Giusta e Scuriatti (2005) tamén acoden ao cine, e mais en concreto á película *Moulin Rouge*, para afondar na análise da representación "glamourizada" da prostitución, e como esta serve a fins capitalistas (incremento do consumo e da produción) e patriarcais.

A influencia das audiencias nas representacións da prostitución e da imaxinería sexualizada da cultura mediática popular é recoñecida en investigacións que, porén, non comparten esta visión da prostitución como mal que ha de ser atacado. Tal é o caso do traballo de van San e Bovenkerk, "Secret seducer. True tales of pimps in the red light district of Amsterdam" (2013), sobre a figura do "loverboy", o equivalente ao "latin lover" aplicado a mozos de familias árabes migradas, polo xeral de segunda xeración, que empregan a estratexia do namoramento para introducir a mozas holandesas, menores, no mundo da prostitución. No artigo considérase esaxerado e pouco axustado á realidade o que se identifica como "pánico moral" suscitado pola prensa ante esta problemática, e acódesse, para corroboralo, aos proxenetas, aos propios "loverboys" en prisión. O artigo analiza o seu contexto familiar e o seu entorno cultural, e a influencia, na súa visión do mundo, da imaxinería que se transmite a través de videoclips de artistas norteamericanos, moi ligada á prostitución como modelo de éxito: "Moitos destes vídeos glorifican ás mulleres sexualmente promiscuas ("putas") e a homes machistas que levan enriba grandes cantidades de xoias de ouro" (2013, p. 76)

A análise do estigma, como apuntei ao principio, e do modo en que os medios contribúen á perpetuación do mesmo, é outro dos tópicos con máis presenza na literatura académica anglófona sobre prostitución e medios de comunicación. O estigma, tal e como lembran Fong, Holroyd e Wong no seu artigo "Dangerous women of Hong Kong? Media construction of stigma in female sex workers" (2013), é unha marca social que condena ao rexeitamento a quen con ela foi gravada, como as prostitutas. A súa orixe, nas tatuaxes que eran inscritas na pel de persoas escravas ou consideradas criminais na Grecia clásica, alude xa ao significado de marca indisoluble. O artigo citado remite ao significado que Goffman lle imprime ao concepto, como atributo profundamente desacreditado que relega á persoa ao ostracismo social, e analiza a estigmatización que imprimen dous xornais de Hong Kong ás prostitutas que alí exercen, mesmo baseándose en prexuízos que non atenden a datos reais, como a consideración das mesmas como perigo para a sanidade pública, cando, porén, segundo

se indica nesta investigación, non están entre os principais contribuíntes na transmisión do VIH.

E é que os estigmas, tal e como sinalan Benoit et. al. (2011 (Ed) mantéñense no tempo, malia a que se vaian acomodando ao contexto e ás novas preocupacións sobre sexualidade raza, ou estatus social. Os estigmas relacionados coa prostitución, sinálase noutro artigo en relación coa mesma investigación (Hallgrimsdottir et al., 2007), están construídos sobre articulacións cruzadas de narrativas sobre a contención, a culpabilidade e o contaxio. O estudo demostra esta persistencia con investigación empírica, mediante unha análise da representación da prostitución en medios canadianos en dúas etapas separadas por un século: o período comprendido entre 1870 e o 1890, e o comprendido entre 1980 e 2004. E conclúe que as voces expertas nas que se basea a intervención legal, a investigación ou a intervención social con respecto á prostitución están baseados en estigmas que levan en circulación dende antes de 1900 (Hallgrinsdottir et al., 2006, 2007), e que ligan esta realidade con decadencia urbana, crime, desorganización da comunidade e decadencia moral (Benoit e Hallgrinsdottir (Ed.), 2011).

O estigma é estratéxico para a conformación do considerado Outro con respecto aos sectores sociais incluídos no "Nós" que se percibe como normalizado. A representación da prostitución, e así o podemos ver nos medios, vai ligada a outras realidades tamén estigmatizadas vinculadas á construción do Outro social, tal e como se indica no citado estudo (Benoit e Hallgrinsdottir (ed.), 2011), no que se subliña como a prostitución se une a outras formas de "desviación social", e a estigmas baseados na raza, na transmisión de enfermidades de transmisión sexual ou na corrupción da moral da clase media con respecto á familia ou o comportamento sexual inadecuado.

Varias das investigacións sobre prostitución e medios, de diversos puntos do planeta, e culturas tamén diferentes, inciden na construción da prostituta como a "Outra" necesaria para reafirmar ao "nosoutros", como as mulleres brancas, nacionais, de clases non marxinais que se inscriben nos comportamentos considerados moralmente aceptables.

A estigmatización da Outra como prostituta e estranxeira ou non branca está presente en traballos como os de Pitman (2002), Janzen et al. (2011), Fong, Holroyd e Wong (2013) e Stenvoll (2002). Pitman (2002) e Janzen et al. (2011), fan referencia á compoñente racial e étnica por detrás dos crimes cometidos contra mulleres indíxenas dedicadas á prostitución cometidos en Vancouver por un asasino en serie. Así se pode ver tamén no artigo de Fong, Holroyd e Wong (2013), no que se alude á orixe chinesa das mulleres que se prostitúen en Hong Kong. Dado que a maioría das traballadoras sexuais entran en Hong Kong ilegalmente dende China, con baixos niveis de educación, indícase, poderían ser vistas como unha ameaza ao desenvolvemento económico e moral da rexión. E tamén se conclúe do artigo de Stenvoll (2002) sobre a cobertura mediática da prostitución de mulleres rusas no norte de Noruega dende 1990 até 2001, no que se indica que esta realidade é presentada polos medios como un problema sociopolítico (de saúde, de ruptura social e moral) utilizado para lexitimar o reforzo de controis cada vez máis estritos nas fronteiras. Pola súa banda, van San e Bovenkerk (2013) aluden á percepción do proxeneta fillo de familias migradas non só como perigo para a sociedade holandesa senón tamén para as súas mulleres, cando que seducen a menores de familias holandesas para introducilas na prostitución. A opinión pública, dinos, alude a proxenetes principalmente marroquís ou das Antillas que "dominan a nenas brancas e inocentes" co fin de "explotalas sen piedade".

Mais a estigmatización está non só en relación coa orixe étnica senón tamén coa clase social, tal e como se pon de manifesto en Feitosa Andrade e Rosenberg (1997) e

en Feitosa Andrade (2004), que analizan a cobertura mediática (en concerto, a abordaxe realizada pola *Folha de São Paulo*) da prostitución infanto-xuvenil en Brasil na década dos 90. O principal argumento do que parte Feitosa Andrade é a consideración de que a cobertura supostamente desinteresada e humanitaria do medio sobre esta problemática encerra, en realidade, un discurso estigmatizador que busca o impacto sobre o público. Indícase no artigo que o estigma da prostitución marca o discurso sobre nenas e adolescentes mulleres na rúa, ao igual que o da criminalidade marca aos nenos e adolescentes homes tamén na rúa. O que hai no fondo, afirma Feitosa Andrade, é unha estratexia máis da estigmatización da pobreza, que contribúe a naturalizar as relacións de dominio en base a argumentos implícitos de laxitude moral.

En relación coa estigmatización aparece o concepto de "pánico moral" presente en varios dos traballos atopados na revisión bibliográfica. O pánico moral vén suscitado polo sentimento de ameaza ao "Nós", tanto aos preceptos morais que guían ese "Nós" e mesmo á construción subxectiva do "eu", en oposición ao que se considera "abxecto", como aos preceptos de convivencia cívica (a prostituta vinculada á idea de desorde e comportamento incivilizado), e mesmo á integridade física das persoas integradas nese Nós normalizado (a prostituta como ameaza para a saúde ou para a seguridade), así como tamén a ese Nós entendido como colectivo nacional ou de clase.

O "pánico moral", tal e como se nos indica, citando a Jeffrey Weeks, no artigo "Covering Urban Vice: *The New York Times*, "White Slavery," and the Construction of Journalistic Knowledge", de Soderlund (2002), "cristaliza en medos e ansiedades xeneralizadas", mais non as aborda indo ás causas reais, senón que as despraza cara a un grupo social determinado, ao que considera inmoral e dexenerado. Soderlund concreta as características dese pánico nun contexto concreto, a Era Progresista estadounidense, na primeira década do século XX, no que salta á prensa un escándalo relacionado cun suposto auxe da "trata de mulleres" (que logo sería posto en cuestión). Vincula tal pánico moral a ansiedades sociais relacionadas coa "pureza racial", a inmigración crecente procedente do este de Europa e o cambio de roles e de costumes morais.

O "pánico moral" é construído e reforzado polos medios de comunicación e cristaliza de maneiras diversas en diferentes contextos, tal e como amosan varios dos artigos revisados: o "pánico moral" suscitado pola figura da "velina" na Italia contemporánea, e a súa influencia nas mozas novas; o pánico moral xerado pola figura dos "loverboys" norteafricanos en Holanda; ou o pánico moral que suscita, na Polonia de principios do século XX, a figura da prostituta, como ameaza á moralidade da sociedade burguesa, ao considerar que expoñía aos seus homes a condutas sexualmente perigosas e que representaban a decadencia e a dexeneración (Stauter-Halsted, 2009).

O pánico moral, segundo Jo Doezema (2000), está tamén por detrás unha narrativa en auxe nos medios de comunicación actuais, a "trata de de mulleres". No artigo de Doezema, baseado na análise histórica e nas representacións contemporáneas das migracións das persoas que traballan no comercio sexual, fálase do "mito" da "trata de brancas", que nos presenta relatos de vítimas inocentes e virxinais, e do que se considera que, en realidade, reflicte ansiedades persistentes sobre a sexualidade feminina e a autonomía da mulleres, e agocha, ademais, unha preocupación moral subxacente, o control das "mulleres fáciles". A través da negación de axencia ás "migrantes traballadoras do sexo", considérase que se está a marxinar ás traballadoras sexuais e a socavar así tamén os seus dereitos humanos.

Canto que se reconece que o pánico moral é construído, os artigos que a tal aluden adoitan insistir na falsidade, na distancia, na esaxeración, na estereotipación ou na non adecuación das representacións mediáticas e da realidade. Tal diverxencia é a que se agocha tralo emprego do concepto "mito" aplicado ás representacións sobre a

prostitución neste contexto. No artigo "Living with the Other: Street sex work, contingent communities and degrees of tolerance" (2008), O'Neill et al. indican a existencia de tres mitos dominantes nos que se basean as respostas xurídicas contemporáneas á prostitución:

1. A transmisión de enfermidades de transmisión sexual, mito que xorde nos anos 80 coa crise da SIDA. Que as persoas que traballen na prostitución estean ben informadas sobre as ETS, dísenos no artigo, non disipa ese temor. Ademais, sinálase, os medios de comunicación adoitan representar a prostituta como ameaza para a saúde, e non ao cliente, que é quen precisamente demanda prácticas sexuais de risco.
2. A prostitución como violencia de xénero, que infrinxe danos psicolóxicos e físicos ás traballadoras do sexo, e que se adoita presentar, no caso da trata de mulleres, como un discurso xornalístico emotivo. Sinala o artigo a contradición entre a influencia de tal discurso no discurso político e as prácticas de control que criminalizan ás prostitutas e que contribúen a perpetuar a violencia contra elas.
3. A identificación do traballo sexual como unha forma de comportamento antisocial, que racha coas normas máis básicas do civismo (ruído, lixo, profilácticos nas rúas, relacións sexuais en público, conflitos entre os axentes que protagonizan o comercio sexual...).

A estes tres, pódese engadir un cuarto epígrafe, sinalado nalgún dos traballos revisados, a criminalización das persoas que exercen a prostitución, o que conduce a unha representación mediática contraditoria, que leva a representalas, por unha banda, como vítimas inocentes, sen axencia e infantilizadas, e por outra, como transgresoras da lei e delincuentes (O'Neill et al. 2008). No artigo titulado "Le rappresentazioni sociali della prostituzione nella *stampa quotidiana*. Social representations of prostitution in daily press" (2005), Silvia Capretti destaca, na súa análise de la *Stampa Quotidiana*, tres modos de representación contraditorios no medio: a) como problema de orde pública; b) como problema de dereitos humanos, e c) como traballo.

Porén, este distanciamento entre a realidade e a representación mediática da mesma adoita acusarse en sentidos contrarios, segundo as investigacións se sitúen nunha ou noutra liña ideolóxica. Así, mentres en investigacións que parten da concepción da prostitución como traballo sexual se denuncia a excesiva vitimización e o auxe das narrativas da "trata de mulleres" que fan que se xeneralice unha imaxe da prostitución como maioritariamente forzada, naquelas outras que comparten preceptos ideolóxicos opostos, denúnciase xusto o contrario: dende unha imaxe de "glamourización" da prostitución que non reflicte as problemáticas asociadas até a ligazón do concepto "traffick" fundamentalmente con prostitución voluntaria, tal e como fai Mojca Pajnik (2004) no seu artigo "Trafficked women in media representations", sen darlle voz ás mulleres, tanto no caso de que sexan vítimas, como de que exerzan voluntariamente. Pajnik pon en evidencia o uso simultáneo de discursos opostos nas informacións. Tal é o caso daquelas novas nas que o texto representa ás mulleres como vítimas e a foto as amosa como se foran criminais.

A criminalización está ao servizo da representación da Outra, da persoa que exerce a prostitución, como inimiga, mais non é esta a única das estratexias. Tamén se bota man da animalización (Capretti, 2005), a súa representación con características que as deshumanizan e as presentan como se foran animais, mediante o emprego, por exemplo, de metáforas como "praga" que ha de ser erradicada. Unha terceira estratexia é a

naturalización das súas circunstancias e a deshistorización das problemáticas que lles afectan, de modo que, se son asasinadas e violentadas, considérase natural dada a súa condición, o que reduce a capacidade de situarse no lugar da "Outra". Janzen et al. (2011) relacionan esta representación animalizada da prostituta coa relación da mesma co abxecto canto que consideran, no seu artigo "Triggering Abjection of Street Workers in Western Canadian Newspaper", a abxección como o proceso de separación do animal. No mesmo artigo, tamén se fai referencia á naturalización das representacións das prostitutas, cando que se lles atribúe, nos xornais analizados do Oeste de Canadá, a consideración da existencia dunha predisposición natural das mulleres indíxenas para o traballo sexual. Polo tanto, se nalgún momento son vítimas (por exemplo, nos asasinatos en serie de Vancouver), enténdese que estaban predestinadas a selo.

Dado que, como xa foi comentado, varios estudos inciden na distancia entre as representacións da prostitución e a súa realidade, nalgún deles téntase comprobala dándolle voz aos axentes da prostitución. Marion van San-Frank Bovenkerk (2013) entrevista aos "loverboys" no cárcere para saber que hai detrás do pánico moral suscitado na prensa holandesa por estes mozos proxenetos de familias migradas que seducen a menores de familias holandesas para inducilas á prostitución. Cecilia Benoit et al. comparan as representacións mediáticas sobre as prostitutas co que as propias prostitutas din de si mesmas (2006). O estudo de Skilbrei (2001), sobre o auxe e caída da prostitución en salóns de masaxe noruegueses nos anos 90, baséase en observación, entrevistas en profundidade e conversacións con mulleres dedicadas a este tipo de prostitución, que a defenden como modo de vida e como un tipo de prostitución diferenciada da de rúa, libre dos problemas que a esta rodean (como as drogodependencias), e que critican, ao igual que fai a autora, as medidas políticas adoptadas en contra da prostitución en salas de masaxe.

A gran maioría dos estudos revisados céntranse nas representacións mediáticas sobre prostitución. Escasos son os que abondan nos outros dous estados da comunicación: a produción e a recepción. Canto ao modo en que son consumidos os medios, destaca o estudo de Fitzgerald e O'Rourke (2012), no que se fai unha análise do discurso das respostas dos mozos á cobertura mediática da prostitución en Irlanda.

A práctica inexistencia de análise sobre o ámbito da produción é síntoma da escaseza de estudos sobre a prostitución dende o ámbito das Ciencias da Comunicación, que son as que mellor poderían abondar na abordaxe dos espazos de produción mediática. Exemplo do dito son os moi escasos estudos atopados en publicacións académicas especializadas en Ciencias da Comunicación. A maior parte dos artigos que revisei encóntranse en publicacións académicas feministas ou do ámbito das ciencias sociais, mais en relación con outros campos (a socioloxía, o dereito...) alleos á comunicoloxía. No *Critical Studies in Media Communication* inclúense os artigos de Soderlund ("Covering urban vice: *The New York Times*, "White slavery", and the construction of journalistic knowledge" e McLaughlin ("Discourses of prostitution" / "Discourses of sexuality", 1991). No *Communication Studies*, publica Jennifer C. Dunn "It's Not Just Sex, It's a Profession: Reframing Prostitution through Text and Context", sobre o reality televisivo da HBO, "Cathouse", ambientado nun burdel. O citado artigo de Fitzgerald e O'Rourke (2012), sobre o consumo que homes mozos fan da cobertura mediática sobre prostitución, tamén se insire nunha publicación académica incardinada nas Ciencias da Comunicación, a *Irish Communication Review*. Mais, de todos estes artigos, só localicei un, o de Soderlund, no que realmente se atenda ás condicións de produción, pois nel lígase a cobertura que *The New York Times* fai do suposto auxe da trata de brancas na Era Progresista estadounidense, coa evolución cara a un paradigma

do exercicio xornalístico máis profesionalizado, baixo unha aparencia menos ideoloxizada.

3.2. O ESTADO DA CUESTIÓN NO ESTADO ESPAÑOL

No contexto español, a reflexión sobre a representación da prostitución nos medios foi, polo xeral, abordada de maneira tanxencial en estudos de carácter máis amplo, ou ben referidos á representación da inmigración nos medios ou en reflexións de ámbito máis global sobre a prostitución elaboradas desde perspectivas abolicionistas ou prolegalización.

Os traballos realizados desde o ámbito disciplinar das Ciencias da Comunicación limítanse a achegas puntuais, como Fagoaga (2007), Moreno (1986, 2007), Sánchez Menéndez (1998) e Alba (2000 e 2006), que se incrementaron timidamente nos últimos anos. O grupo de investigación CIDACOM destacou á hora de acometer un proxecto de investigación ao respecto (Álvarez Pousa et al., 2010), financiado pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, e centrado na representación da prostitución nos medios de comunicación galegos, tanto na información como nos anuncios de sexo de pago. A nivel estatal, a literatura académica fornécenos coas contribucións de autoras como Brosa e Medina Bravo (2012), sobre as representacións en prensa das prostitutas do barrio barcelonés de El Raval, ou Andrea Gutiérrez (2012 e 2013), sobre as representacións da prostitución feminina nas versións dixitais dos principais diarios estatais.

A análise das representacións da prostitución céntranse, en todos os artigos que localizamos, naquela que se exerce por mulleres. A análise académica ten desatendida a prostitución masculina e a prostitución transxénero. Tan só no artigo de María Cecilia Medina encontramos unha reflexión tanxencial, en relación á análise que fai da representación da prostitución nos medios arxentinos sobre as prostitutas transxénero. Citando a Berkins, Medina alude á crenza popular de que "todas as travestis exercen a prostitución". Mais é un artigo elaborado dende unha universidade arxentina, e contextualizado neste país, non en España.

Pasamos a analizar, en máis detalle, as achegas académicas ás que se chegou até o momento no contexto español:

3.2.1. Análise e estudos sobre a representación da prostitución nos medios

En España, as primeiras reflexións sobre a representación da prostitución nos medios de comunicación realizounas Amparo Moreno Sardà (1986, 2007) a partir dos anos setenta e oitenta, nos seus estudos sobre a prensa de sucesos durante o franquismo e no marco das migracións do campo ás cidades. Véxase respecto diso, da autora, "Análisis y estudios de la representación de la prostitución en los medios" (1986), "Prensa de sucesos e modelos de comportamento: a mediación do arquetipo viril" e *De que hablamos cuando hablamos del hombre* (Icaria, 2007, p. 197-216).

A autora tamén dirixiu un traballo de doutoramento pioneiro sobre o tema: "A representación de realidades sociais marxinais en prensa diaria: a prostitución en *El Periódico* y *La Vanguardia*, de Joaquín Sánchez Menéndez (1998). Nel contrástase a baixa presenza da prostitución nos discursos informativos e opinativos dos diarios analizados coa súa elevada presenza no discurso publicitario; a falta de contextualización no tratamento informativo, que se centra fundamentalmente na representación de feitos puntuais e conflictivos, fronte á visión non conflictiva da prostitución no discurso publicitario; o uso de fontes de información relacionadas con institucións de control e regulación social, o protagonismo concedido á prostitución feminina adulta en espazos públicos fronte á invisibilización da prostitución masculina

e transexual, que si teñen maior visibilidade no discurso publicitario; a ausencia de debate social sobre a situación da prostitución, e a elusión, por parte dos diarios analizados, do seu papel como parte da rede social que mantén o negocio da prostitución

A da profesora Concha Fagoaga é outra das escasas achegas que, desde as Ciencias da Comunicación en España, se realizaron sobre a representación da prostitución nos medios de comunicación. Nas actas do Congreso internacional "Derechos humanos y prostitución" (2007), a autora pon de relevo a contradición entre a escaseza de informacións sobre prostitución na prensa e o amplo espazo ocupado a diario polos anuncios de sexo de pago, e tamén entre os beneficios obtidos polos anuncios de sexo de pago, que se incrementaron de modo notable desde finais dos 80, e o pouco investimento realizado en informar sobre problemáticas asociadas á prostitución. Fagoaga facía constatar así mesmo o predominio da información con fonte policial e sobre conflitos veciñais.

A invisibilización da prostitución na prensa é destacada na "Guía de boas prácticas para xornalistas e comunicador@s. Prostitución e tráfico de mulleres con fins de explotación sexual nos medios de comunicación" (2000), que incide no carácter sexista dos discursos mediáticos. Yolanda Alba (2006) conclúe que os medios de comunicación caen nun tratamento sensacionalista e frivolidador da información que contribúe a normalizar a prostitución. Alba detense así mesmo nas características das informacións sobre prostitución: fontes fundamentalmente institucionais (policiais e en menor medida xurídicas); escaso recurso ás propias prostitutas, as voces expertas ou de carácter asociativo como fontes; emprazamento da información fundamentalmente nas seccións de sucesos ou de carácter local e desprazamento do protagonismo das mulleres que exercen a prostitución a un segundo ou terceiro plano fronte ao protagonismo de proxenetas e mafias (Alba, 2006, pp. 52-56). Respecto da figura do comprador de sexo, no estudo *Una aproximación al perfil del cliente de la prostitución femenina en la Comunidad de Madrid* (2003) déixase constancia da invisibilidade na información da figura do comprador de sexo, o que ratifica Hubert Dubois, quen afirma que informar sobre o demandante de comercio sexual non é considerado politicamente correcto nos medios (Dubois, 2006, p, 154).

O estudo do grupo CIDACOM (2010) sobre a prensa galega, de Álvarez Pousa et al., está baseado nunha metodoloxía mixta que combina análise de contido e análise do discurso tanto en información sobre prostitución como nos anuncios de sexo de pago, xunto a grupos de discusión con xornalistas e tecido cívico asociativo. Destácase nel a contradición na que incorren os medios, ao denunciar nos seus contidos informativos realidades como a trata de seres humanos con fins de explotación sexual, así como outras situacións de explotación xurdidas no exercicio da prostitución, e lucrarse ao mesmo tempo dos anuncios de sexo de pago, tras os que, en ocasións, segundo puxeron de manifesto diversas operacións policiais, se esconden esas mesmas redes e contextos de explotación. No que respecta á análise da información, a investigación conclúe que a prostitución non forma parte da axenda habitual dos medios de comunicación. Infórmase pouco e de maneira superficial, desde unha perspectiva que incide no tratamento espectacular e no suceso, entre a crónica negra e a rosa. A escasa formación das e dos xornalistas ao respecto plásmase en diversos erros á hora de informar que inciden nun tratamento deformante do acontecemento ou da realidade abordada. A dependencia das fontes gobernamentais e policiais é acusada, o que redundna na visibilización dun discurso próximo ao abolicionismo e nuns contidos que se limitan a ser correa de transmisión daqueles datos que a policía achega.

Unha das investigadoras participantes neste estudo (quen esta tese asina) realizara antes diversas achegas sobre o tema en forma de artigos e comunicacións en congresos. Nun artigo publicado en 2007, propuña así mesmo unha serie de recomendacións aos medios de comunicación que incidían na elaboración da información alén o suceso e nunha abordaxe da mesma que permitise tratar a problemática en toda a súa fondura, tendo en conta a perspectiva de xénero que a cruza e sobrepóndose aos estereotipos.

Nos últimos tempos, temos as achegas de autoras como Andrea Gutiérrez (2012 e 2013) e Julia Brosa (2012). Brosa centra a súa análise nas informacións aparecidas en ABC e *El País* en relación á publicación o 1 de setembro, por parte deste último xornal, dunhas imaxes, con gran repercusión mediática, nas que se podía ver a prostitutas practicando sexo no mercado da Boquería. O traballo incide, nas súas conclusións, na perpetuación dos estereotipos que ligan ás prostitutas co ámbito da delincuencia e na súa visibilización como mulleres agresivas e delinquentes. O que incide nesa representación triangular conformada polos vértices da prostitución, a delincuencia e a inmigración, e que alimenta a polarización do discurso dicotómico Nós-Elas, contribuíndo a culpabilizar ás prostitutas. Detecta a autora que as accións que se realizan sobre as prostitutas teñen que ver sobre todo co mantemento da orde pública, nunha caste de loita contra a prostitución á que se fai referencia mesmo con terminoloxía bélica. Neste artigo contraponse a invisibilidade mediática da muller migrada coa hipervisibilidade daquelas que, sendo migradas, exercen a prostitución, e apúntase a que tal cobertura mediática é simplificador e incapaz de atender á multiplicidade de situacións que existen por detrás da prostitución, o que dificulta, indícasenos, a súa regulación.

Andrea Gutiérrez sitúase no abolicionismo e identifica prostitución con violencia de xénero e con escravitude. Considera que, na información, predomina a imaxe da prostitución entendida como oficio, o que se manifesta tanto na terminoloxía empregada como na recollida de voces de prostitutas que falan dende a conciencia da prostitución como traballo. Na súa análise das edicións dixitais dos principais xornais estatais, ao contrario que a maioría dos traballos referidos con anterioridade, a non ser a investigación do grupo CIDACOM, non só afonda na representación senón nas rutinas de elaboración xornalísticas. Sinala Gutiérrez o carácter simplificado e mesmo uniforme da información (o abondoso recurso ás axencias fai que a abordaxe dun mesmo acontecemento noticioso sexa similar en diversas cabeceiras), así como a súa publicación en seccións como Sucesos ou Tribunais, ligadas á crónica negra, ou Internacional. A autora subliña nos seus traballos a falta de especialización, o que redunda en simplificacións informativas e mesmo no uso erróneo de conceptos, que se manifesta, por exemplo, na confusión entre trata e tráfico. Destaca, así mesmo, o contraste entre as escasas novas publicadas nos contidos informativos e os numerosos anuncios de contactos que, a diario, se publican na gran maioría das cabeceiras españolas, e por cuxa eliminación avoga, dada a mensaxe implícita de tolerancia social que transmiten. Canto á representación que das prostitutas se fai, conclúe Gutiérrez o reforzo do estigma (mediante a prevalencia da condición de prostituta sobre a de persoa, no modo en que é presentada na información) e o mantemento de estereotipos que as presentan como seres afastados, problemáticos, marxinais, e ligados ao contexto da delincuencia, das drogodependencias e da transmisión do VIH. No que se refire ás propostas para a mellora da abordaxe, Gutiérrez avoga por unha información de carácter preventivo, que na actualidade non é tida en conta polos medios.

Pola súa banda, e en relación co exposto arriba, o grupo de investigación ECRIM, da Universidade da Coruña, realizou varios traballos centrados na imaxe da muller na sociedade desde a perspectiva do Dereito Penal, que pon de relevo como a imaxe que se

ofrece nos medios de comunicación pode influír no devir lexislativo e non sempre con resultados positivos. Poden destacarse entre eles *Género y sistema penal. Una perspectiva internacional* (Faraldo e Skulj, 2010), *Política Criminal y Reformas Penales* (Faraldo, Puente e Ramos, 2007), *Prostitución y derecho en el cine* (Orts Berenguer (Coord.), "Una aproximación a la trata de seres humanos a través de Biutiful" (Skulj, 2013) ou "Malas noticias. Medios de comunicación, política criminal y garantías penales en España" (García, Botella e Rebollo, 2009). Nelesponse de manifesto o afastada que a lexislación se atopa da realidade social e como as políticas criminais ven altamente influenciadas polo que a través dos medios de comunicación se transmite. Como o grupo ECRIM tivo ocasión de comprobar, os medios de comunicación teñen a capacidade de xerar alarma social ao redor de determinados fenómenos sociais, de tal forma que, unha vez creada, dela derívase unha demanda social de solución do problema aos poderes públicos, e en especial ao lexislador penal. Dita alarma social é en numerosas ocasións ficticia, polo que, sinalan, a solución pola vía legal non é nin a máis desexable nin a máis acertada.

3.2.2. Análise dos anuncios de sexo de pago

Ana María Vígara (2002) destaca, respecto desta cuestión, as asimetrías de xénero nas prácticas discursivas dos anuncios de sexo de pago publicados na prensa española de referencia. María José Barahona (Cortes Xerais, 2007) constata a preponderancia da prostitución feminina neles, fronte á prostitución masculina e de mulleres transxénero. A investigadora evidencia a existencia dunha estrutura organizativa, sometida ao proxenetismo, da que dan conta tanto a formulación do anuncio, como a variedade de mulleres ofrecidas por local e a repetición dos mesmos teléfonos en diversos anuncios. Belén Puñal (2007) destaca o incremento dos anuncios de sexo de pago de modo paralelo ao auxe da prostitución de piso, tras a extensión e endurecemento do castigo por proxenetismo na reforma de 2003 do Código Penal e a consecuente procura nos pisos, por parte dos proxenetas, dun lugar máis protexido da vixilancia policial. Álvarez Pousa et al. (2010) subliñan a confluencia, nos devanditos anuncios, dos discursos patriarcal, mercantilista e pornográfico; constatan a maior presenza dos mesmos nos xornais de maior difusión e a crecente presenza nos anuncios de prensa de respectivos reclamos en internet: blogs e portais onde os compradores de sexo poden ampliar información e obter outros servizos (vídeos, chat...).

3.2.3. A prostitución nos estudos sobre a representación das mulleres migradas

Nos estudos que abordan o tratamento da prostitución nos medios de maneira tanxencial á análise da presenza e representación das mulleres migradas en prensa, adoita destacarse a invisibilidade da inmigración feminina e a sobrerrepresentación, nos escasos contidos que falan das migradas, da prostitución feminina (Pérez Wolfram, 2003; Aierbe, 2008; Masanet e Ripoll, 2008, Castagnani e Colorado, 2009). Coinciden estes estudos en destacar a representación das mulleres migradas, non como axentes activos co seu propio proxecto migratorio, senón nun rol pasivo, a miúdo en informacións negativas e como vítimas doutros homes (proxenetas, parellas) tamén migrados, sobre os que se fai recaer a única responsabilidade do problema, obviando así o papel que poidan ter a propia sociedade de acollida ou os mecanismos polos que se regula. Fronte á vitimización das mulleres migradas, as representacións dos homes están ligadas pois ao mundo do delito e a inseguridade cidadá. A muller migrada pode aparecer tamén, aínda que en menor medida, vinculada ao rol de delincuente, mais neste caso adoita facelo en relación co mundo da prostitución, como no caso das "madames"

(Masanet e Ripoll 2008) e das mulleres que exercen a prostitución na rúa, cada vez máis perseguida polas regulacións locais.

As mulleres migradas non adoitan aparecer nos medios como traballadoras, a non ser que se gañen a vida na prostitución. O máis frecuente é a súa representación como vítimas e como nais, tal e como destaca Antonia Olmos (2013), na súa análise sobre a representación das mulleres migradas na televisión pública andaluza, conclusión á que tamén chega María Martínez Lirola (2013) en relación coa radio, e máis en concreto cunha mostra extraída do programa "Hora Sur Andalucía".

Autoras como Yolanda Martínez (2011), Luciana Pontes (2008), María Badet (2012) e Kressova et al. (2011) inciden na estereotipación como prostitutas (tanto no sentido literal como en referencia a un comportamento sexual activo) das mulleres migradas, en especial daquelas que proveñen de América Latina e de Europa do Leste. Conclúeno a partir de diferentes materiais de análise. Martínez, a partir do estudo de fotografías de dous xornais galegos e dous xornais estatais; Pontes, a partir da análise da representación das mulleres brasileiras nos medios de comunicación portugueses e Badet, a partir da reflexión ao respecto das noticias sobre homes e mulleres migradas en medios españois. Sinala Pontes que a muller brasileira é construída, nos medios de comunicación estatais, como exótica, raciada e cunha "moral tropical máis ben laxa e dubidosa", e destaca Badet, así mesmo, que a imaxe mediática da muller brasileira é empregada como símbolo de erotismo e sensualidade.

Sobre o tratamento informativo das mulleres que exercen a prostitución, Clara Pérez Wolfram (2003) constata que, na cobertura informativa de redadas e detencións de mulleres que exercen a prostitución pola súa situación irregular no país, non se adoita informar do que acontece con estas mulleres despois do operativo policial, a pesar de que isto pode supor o fin do seu proxecto migratorio.

Por outra banda, Amparo Moreno, nos traballos citados supra, fai referencia á representación das mulleres emigrantes como prostitutas nos anos 50 ao 70, no contexto das migracións do campo á cidade no contexto español, ou de España a outros países de Europa, o que lle fixo constatar a articulación entre sexismo, etnocentrismo e clasismo.

Sobre a influencia que a imaxe que a sociedade ten dos fenómenos migratorios, o papel da muller neles e as repercusións na normativa reguladora do fenómeno da prostitución poden destacarse traballos como *Criminalización Racista de los migrantes en España* (Palidda et al. (Dir.), 2010), *El cambio en el Estatuto de la Ley Penal y en los mecanismos de control: flujos migratorios y gubernamentalidad neoliberal* (Iglesias Skulj, 2011) ou *Criminalidad organizada, terrorismo e inmigración* (Puente Aba (Dir.), 2008). Nestes estudos ponse de relevo como o estatuto xurídico da muller-prostituta migrante susténtase sobre a idea da muller-vítima nuns casos e sobre a muller-non moral que decide dedicarse libremente á prostitución.

3.2.4. Os medios de comunicación desde o abolicionismo e desde as posturas pro-legalización

A análise da representación da prostitución nos medios de comunicación varía de modo notable dende o abolicionismo e dende as posicións pro-legalización. Así, desde o abolicionismo considérase aos medios cómplices e promotores da cultura da prostitución, así como de transmitir unha visión da mesma como realidade inevitable (Alecrín, 2006a). Denúnciase así mesmo que os medios teñen un papel fundamental na socialización de xénero e na consecvente transmisión dun determinado imaxinario relacionado coa compra de sexo de pago. Tamén se destaca a incoherencia dos medios ao denunciar as mafias pero non a prostitución. Críticase ademais o uso que se fai de conceptos como autodeterminación, liberdade sexual ou liberdade de movementos para

promocionar a través deles sectores da industria do sexo (Alba, 2006) e acúsase o revisionismo semántico que se leva a cabo desde os medios de comunicación (Alba, E. (ed) 2000).

Desde as posturas pro-legalización, deféndese que o discurso mediático está a ser construído fundamentalmente dende preceptos abolicionistas (Solana Ruiz e Riopedre, 2012) e insístease en que a visión dos medios, focalizada na detención de redes de trata e tráfico de persoas con fins de explotación sexual, constitúe en si un espello deformante, canto que obvia as múltiples facetas da prostitución, e ignora a realidade das mulleres que exercen de modo voluntario. Considérase que este discurso non explicita a complexidade desta realidade social, subliñando case exclusivamente a súa vertente máis sensacionalista e reducindo a figura da traballadora do sexo migrada ao papel pasivo da vítima traficada e obrigada (Oso, 2000). Ponse de relevo, por outra banda, que a proliferación de informacións sobre mafias ten como efecto perverso a criminalización do exercicio da prostitución e a vitimización das persoas que nela traballan. E cuestiónase, ademais, a información dos medios sobre a magnitude do engano propiciado polas mafias (Juliano, 2004), ao mesmo tempo que se pon de relevo a confusión entre trata e tráfico e se subliña que son múltiples as estratexias (e non sempre, nin maioritariamente forzadas)⁴⁵ que empregan as mulleres estranxeiras que exercen a prostitución en España para migrar. Tal e como indica Azize (citada en Arella et al.),

Segundo este enfoque, o desprazamento de persoas polo mundo débese fundamentalmente ás operacións clandestinas e criminais de mafias internacionais que enganan e explotan ás personas que queren desprazarse. Este enfoque escurece a raíz e o móbil fundamental da emigración: a necesidade de traballo remunerado, a subsistencia e a procura dunha mellor calidade vida. (2004, p.168).

Dende as posturas que parten da consideración da prostitución como traballo deféndense argumentos similares aos empregados no ámbito internacional para acusar aos medios da construción dun ambiente de "pánico moral" en relación coa prostitución. Isabel Holgado (2001) considera que os medios de comunicación encargáronse de fomentar a alarma social en relación coa prostitución.

nos últimos anos os medios de comunicación encargáronse de fomentar a alarma social, ao construír a imaxe da muller inigrada prostituta con tremenda superficialidade, nesgo moralista demasiado rancio e fortes doses de sensacionalismo e falsidade. Por primeira vez, as mulleres inmigrantes acaparan as portadas dos diarios, son obxecto de reportaxes especiais e tema do día nos espazos televisivos, provendo a asunción da ecuación "muller inmigrante igual a prostituta". Por suposto, nada que ver coa complexísima realidade e multidimensionalidade deste fenómeno.

Así mesmo, incídese no papel dos medios de comunicación na estigmatización da prostituta, canto que se considera á prostitución non como unha actividade senón como algo que outorga identidade (Arella et al., 2007, p. 162).

⁴⁵ Así, no estudo da socióloga Laura Oso, de 45 mulleres entrevistadas só dúas chegaron a España enganadas, ao redor da metade emigraron de maneira independente, grazas ao seu propio diñeiro, á obtención dun préstamo, a unha hipoteca..., e a outra metade tras contraer unha débeda, pero baixo un tráfico máis a pequena escala. Por exemplo, mulleres inmigrantes xa asentadas aquí que invisten en organizarlle a viaxe a outras persoas, ou donos de clubs.

A distorsión que os medios de comunicación fan da "traballadora sexual", abondando nos estereotipos e presentándoas como contaminadoras do espazo público, e o feito de que adoito sexan actoras sen voz nos medios, é o argumento do que parten Elvira Villa Camara e Herminia González Torralvo como piar do proxecto "Canal invisible" do que dan conta no artigo "El trabajo sexual a través de imágenes: reflexiones críticas" (2006). A iniciativa pretende ofrecer a perspectiva das protagonistas, as propias mulleres que exercen a prostitución, e para iso entréganselle teléfonos móbiles multimedia cos que poidan, elas mesmas, fotografar e gravar a súa realidade.

As diferenzas na perspectiva desde a que ambas as posicións miran os medios trasládase tamén aos anuncios de contactos: desde a aposta pola súa eliminación que fai o abolicionismo, até a súa defensa como vía para a captación de clientela de todas aquelas traballadoras sexuais que traballan de forma autónoma, dende as posturas prolegalización (Garaizábal, 2009). Dende esta posición, os anuncios son considerados como estratexia para o desenvolvemento dunha actividade, a prostitución, que defenden como traballo e, fronte aos argumentos que atacan estes anuncios polo sexismo do discurso e o acubillo de actividade delitivas, aluden aos prexuízos que na sociedade se manteñen respecto ao sexo e á idea de que non todo son redes ou mafias, xa que existe tamén prostitución exercida voluntariamente. Dende o abolicionismo son condenados por ser considerados cómplices da prostitución, que consideran violencia de xénero e reforzo da discriminación das mulleres na sociedade patriarcal, por ser intermediarios tamén dun negocio tralo que se agochan as actividades delitivas das redes de trata e tráfico de mulleres, e por dar acubillo a un imaxinario que perpetúa os estereotipos de xénero.



CAPÍTULO 4. O DESEÑO DA INVESTIGACIÓN

4.1. OBXECTO E OBXECTIVOS DA INVESTIGACIÓN

O obxecto de estudo desta investigación é a análise da evolución do discurso sobre a prostitución elaborado polos xornais *El País* e *ABC* dende 1977 até a actualidade.

Unha pregunta se abre de entrada: por que consideramos de interese este obxecto de estudo? A escolla do mesmo foi feita despois dunha concienciada elaboración do estado da cuestión sobre os estudos en Comunicación e Xénero no contexto español para esta tese doutoral.

Nun principio, o obxecto de estudo deste tese doutoral, como xa foi indicado no apartado anterior, ía estar centrado na representación das mulleres na prensa. Porén, da revisión do feito nas dúas últimas décadas na liña de investigación en Comunicación e Xénero conclúin que, precisamente, a análise das representacións de xénero, e sobre todo dende a perspectiva da análise de contido, é o segmento no que máis se afondou dentro desta liña de traballo nos últimos tempos. Non obstante, aínda hai moi pouco traballo feito en España sobre o entrecruzamento da discriminación de xénero con aquelas derivadas doutras desigualdades sociais (clase social, preferencia sexual, procedencia étnica...) no eido da análise do discurso xornalístico. O discurso sobre a prostitución ofrece excelentes posibilidades de exploración ao respecto, dado que este fenómeno social se caracteriza na actualidade pola conxunción de discriminacións múltiples. Isto é o que explica que mulleres do Sur, procedentes de países empobrecidos, se acheguen ao norte enriquecido para traballar nun dos ámbitos máis estigmatizados nas nosas sociedades. Sobre as mulleres que exercen a prostitución inciden pois, de modo parello, as desigualdades derivadas de estruturas patriarcais e neoliberais. A análise da prostitución permite analizar de maneira conxunta fenómenos como as desigualdades sexistas, a inmigración, a exclusión social e o traslado e influencia nos medios do discurso político e dos estigmas e prexuízos sociais.

A prostitución é un fenómeno social tan complexo como simplificado no discurso mediático e social. Simplificado canto que está atado aos patróns limitadores do estigma, que neste caso marca os estereotipos coas máis crúas mostras de rexeitamento cara un determinado colectivo social.

Por outra banda, este foi considerado por min un moi produtivo campo de estudo á hora de analizar os efectos que a falta de especialización no xornalismo ten sobre a imaxe distorsionada que dun determinado fenómeno social se pode chegar a ofrecer.

Este obxecto de estudo deslínase en varios obxectivos concretos, que se corresponden coa análise: 1) das operacións discursivas que denominamos como *valoración*, *tematización*, *actorialización*, *referenciación* e *reflexión* no discurso xornalístico; 2) das marcas textuais deixadas polas *rutinas* e modos de *producción* do discurso informativo; 3) da influencia da axenda política na axenda mediática.

Entendemos como *valoración* o proceso mediante o cal un medio de comunicación considera ou non un fenómeno social suficientemente relevante para ser incluído na súa axenda (*atención*), e determina así mesmo o grao de interese que poida ter para o seu público, plasmado na dedicación en tempo, espazo, emprazamento e recursos (gráficos, sonoros...) que lle destine ao mesmo (*relevancia*). En verbas do profesor Manuel Martínez Nicolás (1994, p. 256), a *valoración* é a operación discursiva que designa o proceso polo que a práctica xornalística *constitúe* e *cualifica* como referente do seu

discurso un fenómeno social, e desdóbrase nos dous indicadores que vimos de sinalar: a *atención* e a *relevancia*, determinadas a partir das prácticas de selección e de xerarquización.

A *tematización* é "o procedemento polo que a práctica discursivo xornalística, mediante a selección reiterada de determinados emerxentes, organiza ou estrutura o referente do seu discurso ao redor de certos aspectos ou áreas particulares de interese que denominamos temas" (Martínez Nicolás, p. 256). O que na definición se identifica como *emerxentes* son aqueles feitos que acontecen no noso entorno próximo que o medio de comunicación pode decidir ou non converter en noticia. Eses emerxentes constitúense en *obxectos de referencia* do texto e a súa reiteración en diversos relatos informativos acaban constituíndo un *tema*. Os temas contribúen a xerar determinados *marcos de referencia*, que veñen sendo os puntos de vista, o encadre, dende o que un fenómeno social é observado.

A *actorialización* é o proceso mediante o cal un medio de comunicación lle dá visibilidade e/ou voz a un determinado suxeito (calquera individuo, humano ou non, capaz de modificar o seu entorno) e o converte así nun actor público (Martínez Nicolás, 1994, 260-261). Comparto con Martínez Nicolás a diferenciación entre suxeito e actor: "Un actor, desde a nosa perspectiva, é un suxeito en tanto que obxectivado no seo dun texto, sexa este xornalístico ou non" (1994, p. 254).

A *referenciación*, segundo Martínez Nicolás (1994, 256), comprende o proceso "cuxa análise pretende desvelar, cando se aplica ao discurso informativo, as modalidades mediante as que a práctica xornalística identifica (...) dá unha identidade, ao acontecemento ou fenómeno social obxecto do seu discurso". Maniféstase na superficie do texto a través dunha serie de dispositivos lingüísticos e retóricos (metáforas, tópicos, comparacións, slogans...).

Por *reflexión* (que, en termos ópticos se entende como o cambio de dirección que experimenta unha onda sonora, luminosa, etc, ao chocar contra unha superficie reflectora) entendo o proceso mediante o cal a realidade é inevitablemente variada ao pasar polas lentes dos medios de comunicación, que visibilizan determinados aspectos dese fenómeno social sobre o que decide informar, e deixan nun segundo lugar ou invisibilizadas outras facetas do mesmo. A imaxe que devolven os medios, como indican os preceptos construtivistas, non reflicte de maneira obxectiva a realidade senón que actúa máis ben ao modo dun espello cóncavo ou convexo que reflicte ao mesmo tempo que distorsiona. Cómpre, pois, analizar sobre que realidades da prostitución os medios botan luz e cales agochan.

As rutinas de produción informativas son, tal e como nos indica Miguel Túñez López, "pautas de comportamento consolidadas na profesión, asimiladas por costume e habitualmente executadas de forma mecánica, que están presentes en todo o proceso de produción informativa e que poden chegar a repercutir na mensaxe transmitida á audiencia" (Túñez López, 1999, p. 148). As rutinas teñen unha vertente positiva (son necesarias canto que facilitan a organización do traballo xornalístico), mais tamén encerran unha faceta negativa, canto que poden chegar a distorsionar os contidos informativos na medida en que a ou o xornalista se converta en mera correa de transmisión daquilo que din fontes ás que lle outorga credibilidade, como adoita ser o caso das institucionais. Interésame, neste punto, observar cales son os mecanismos, ferramentas e formatos empregados para a produción informativa sobre a prostitución, e cal é, así mesmo, o nivel de elaboración e produción do discurso. Na análise das marcas textuais que deixan as rutinas, voume deter no estudo das fontes, pois pretendo discernir cales son aquelas que as e os xornalistas utilizan en maior medida, de cara a poder establecer cales son as rutinas na selección e obtención de información. Pretendo, así

mesmo, saber en que medida o relato xornalístico se cingue ao acontecemento ou é quen de saír das rutinas habituais de produción informativa, e camiñar cara a un xornalismo que non fiquen na descrición do que, senón que afonde nos porqués, e nas posibles consecuencias.

Os obxectivos que, como investigadora, me marco para esta investigación concréntanse nos seguintes:

- Analizar a valoración que fan *El País* e *ABC* do fenómeno da prostitución nos seus contidos xornalísticos. Deteréime, para iso, tanto no proceso de selección (en que medida a prostitución forma parte da axenda informativa do medio) como no de xerarquización (que importancia lle outorga o medio á información e á publicidade sobre prostitución e de que maneira a destaca nas súas páxinas).
- Determinar a evolución no tempo da atención e da relevancia concedida polo medio á prostitución nos seus contidos xornalísticos, e analizar os factores que poidan ter incidido nos cambios observados.
- Analizar o proceso de tematización e de creación de marcos referenciais respecto á prostitución no discurso informativo dos xornais estudados, observar a súa evolución e explorar os factores causais de dita evolución.
- Describir o nivel de acceso ao discurso informativo dos distintos suxeitos sociais involucrados, de maneira directa ou indirecta, no fenómeno da prostitución, e o grao en que os medios lles outorgan ou non voz no discurso xornalístico de *El País* e *ABC*, analizando así mesmo a evolución da súa presenza mediática ao longo do período obxecto de estudo.
- Analizar a representación que no discurso informativo se fai dos principais suxeitos sociais involucrados no fenómeno da prostitución (aquelas persoas que se prostitúen ou son prostituídas, aquelas outras que compran sexo e os proxenetes) afondando para iso no modo en son identificadas e descritas polo medio.
- Atender a aqueles aspectos que do fenómeno social coñecido como prostitución son visibilizados ou invisibilizados, e reciben maior ou menor atención, no discurso informativo de *El País* e *ABC*, así como a evolución do discurso xornalístico do medio ao respecto.
- Indagar as modalidades de referenciación da prostitución e a súa evolución no discurso informativo dos medios analizados reparando para iso no modo en que a prostitución é identificada e descrita.
- Analizar o modo en que a axenda política, entendida neste caso como o conxunto de políticas adoptadas e priorizadas ao redor da prostitución, é trasladada aos medios de comunicación e/ou inflúe nos mesmos e é influída polos mesmos. O que supón afondar en:
 - A evolución das políticas públicas sobre prostitución —Lei 16/1970, de 4 de agosto, sobre perigosidade e rehabilitación social, Código Penal de 1995, reforma de 2003, Plan Integral contra a trata de seres humanos con fin de explotación sexual de 2008, ordenanzas locais e normativas autonómicas que regulan os espazos nos que se exerce a prostitución, informe de 2011 do Consello de Estado recomendando a eliminación dos anuncios de sexo de pago...— e a influencia do discurso institucional e político

no mediático, os cambios na situación da prostitución e o modo en que son visibilizados ou non e enmarcados polos medios de comunicación.

- A evolución das políticas públicas que afectan á presenza da prostitución nos medios de comunicación.
 - O modo en que o discurso político-legal é trasladado aos medios: que se destaca do mesmo e que problemáticas asociadas se deixan na sombra.
- Analizar o modo en que o discurso promovido desde o tecido asociativo (asociacións feministas, as ONG e asociacións vinculadas ao tratamento das problemáticas que afectan á prostitución) é atendido ou non polos medios de comunicación na construción informativa sobre a prostitución.

4.2. HIPÓTESES DA INVESTIGACIÓN

Estes obxectivos nacen da configuración previa das seguintes hipóteses de traballo:

Relativas á valoración do fenómeno:

1. A presenza de informacións sobre prostitución na axenda do medio e a relevancia das mesmas incrementáse cando, dende as políticas públicas, existe unha liña de traballo constante e definida, é dicir, cando a prostitución, forma parte da axenda política.

Relativas á tematización e construción de marcos interpretativos

2. A construción mediática da prostitución caracterízase por un discurso simplificador reducido a marcos interpretativos ligados maioritariamente ao suceso, que non recolle a complexidade e a diversidade de circunstancias e problemáticas asociadas á mesma e de carácter multidisciplinar (económicas, políticas, legais, culturais...).
3. A tematización mediática da prostitución está en relación, así mesmo, coa tematización que, ao respecto, se faga dende as políticas públicas. É dicir, serán aqueles aspectos que, sobre este fenómeno social, estean máis presentes na axenda política, os que, así mesmo, formarán parte en maior medida da axenda dos medios analizados.

Relativas ás marcas textuais das rutinas de produción xornalística

1. O grao de elaboración propia de información sobre a prostitución é escaso e, ademais, desvela escasa iniciativa do medio á hora de abordar as problemáticas asociadas a este fenómeno social.
2. O discurso mediático sobre a prostitución encádrase fundamentalmente na práctica dun xornalismo de carácter informativo, de modo que apenas se atende a un xornalismo interpretativo e especializado na abordaxe deste fenómeno social.
3. O discurso xornalístico sobre a prostitución desvela a escasa atención á aplicación da perspectiva de xénero aos procesos de produción xornalística.

4. As fontes con maior presenza son aquelas de carácter institucional, o que postulamos tendo en conta: 1) que as fontes institucionais contan con gran lexitimidade para o xornal (Fagoaga, 1994); e 2) a escasa iniciativa do medio á hora de elaborar unha axenda diferenciada ao respecto, con fontes propias, especializadas e trasladándose aos espazos onde se desenvolve o feito ou se manifesta o fenómeno.

Relativas á actorialización

1. As persoas que exercen a prostitución son actoras sen voz (é dicir, son actoras, pero non fontes) no discurso informativo dos medios analizados. Sobre elas fálase, mais non se deixa que elas falen.
2. As reivindicacións das mulleres que exercen a prostitución chegan aos medios na medida en que a súa voz se faga escoitar a través ou de organizacións propias ou do discurso doutras organizacións (ONGs, asociacións feministas...) do tecido cívico.
3. Os compradores de sexo, malia a ser un dos tres vértices do triángulo da prostitución (conformado por proxenetas, mulleres que exercen a prostitución e aquelas persoas que consomen sexo de pago), están presentes en moita menor medida que proxenetas e prostitutas nos medios de comunicación. Están invisibilizados como actores mediáticos e os medios non adoitan reparar na súa responsabilidade á hora de manter en pé o triángulo da prostitución.

Relativas á referenciación

1. A construción mediática da prostitución amplifica a ollada estigmatizadora sobre quen se prostitúe, e obvia a causalidade estrutural (violencia estrutural económica e de xénero) na que a prostitución está inserida.
2. O discurso sobre a prostitución presente no xornal están en relación coa liña ideolóxica do xornal.
3. O discurso sobre a prostitución predominante no xornal está en consonancia cos marcos interpretativos dominantes nas políticas públicas e no contexto social do momento.

4.3. A SELECCIÓN DA MOSTRA

A análise de contido e do discurso son empregadas neste traballo para o estudo dun mesmo universo –a representación da prostitución en *El País* e ABC dende o 1975 até 2012– e integradas para o estudo dunha mesma mostra conformada por todos aqueles contidos redaccionais nos que a prostitución é tema central publicados nos anos 1977, 1987, 1997, 2007 e 2012. Foron analizados, en total, 415 unidades redaccionais de *El País* e 554 de ABC.

Optei por tal escolla temporal co fin de poder contar con datos de ao menos un ano completo de cada unha das décadas analizadas. Escollín o 1977 como punto de partida dado que me propuña analizar a representación da prostitución dende o final da ditadura franquista até a actualidade e en canto que 1977 era o primeiro ano que podía analizar enteiro en *El País*, que nacera no ano anterior. Malia a que Stempel indicaba en 1952 (citado por Wimmer e Dominick, 1996, 177) que mostras de máis aló de 12 exemplares anuais non incrementan significativamente a exactitude da medición, porén decidín

ampliar a mostra anual a todas aqueles contidos sobre prostitución publicados ao longo de cada un dos anos analizados, dada a escaseza de contidos redaccionais sobre prostitución nos medios que xa puidera a comprobar nunha investigación anterior, referida ao contexto galego, e elaborada con datos de 2009 (Álvarez Pousa (Dir.), 2010).

A procura hemerográfica fíxose a través dos arquivos dixitais de *El País* e ABC, dispoñible na súa totalidade e en rede de modo gratuíto no caso de ABC, e consultable só previo pago na versión pdf dos orixinais impresos no caso de *El País*. Así mesmo, para completar a consulta das edicións locais de *El País* foi preciso acudir ás sedes da Biblioteca Nacional en Madrid e en Alcalá de Henares.

Para localizar as informacions relacionadas con prostitución acudiuse, no caso de *El País*, a consulta de todas aquelas informacions categorizadas como "prostitución" no arquivo dixital, e fíxorose varias búsquedas, no caso de ABC, botando man do buscador da súa hemeroteca dixital, a partir dos conceptos "prostitución", "prostituta", "prostituto", "proxeneta", "explotación sexual", "trata" e "tráfico".

4.4. PARADIGMA: DO CONCEPTO E DAS CLASIFICACIÓNS

Delimitados os obxectivos e as hipótesis da investigación, cumpría fornecerme das ferramentas metodolóxicas máis adecuadas para levar a cabo a encomenda proposta. Iniciaba así un novo periplo nesta investigación, no que habían quedar determinadas as coordenadas de navegación. O primeiro: explicitar as cartas de navegación, o paradigma do que se parte.

Sobre a realidade social son moitas as olladas posibles e virán calibradas, en boa medida, polas lentes que decidamos empregar na nosa observación, pola perspectiva dende a que nos situemos, polos mapas dende os que nos guíemos, pola posición que adoptemos como suxeitos investigadores e polo sistema de valores e crenzas que adoptemos á hora de investigar. Porque toda investigación, como sintetiza a profesora Aimée Vega Montiel, é un "proceso reflexivo, sistemático, controlado e crítico que permite descubrir novos feitos nun campo específico de coñecemento e que require, en principio, de situar o sistema básico de crenzas que guíen a acción de investigar (Vega Montiel, 2001, p. 224). En definitiva, que require definir e explicitar o paradigma ao que nos adscribamos.

Do grego "para deigma" (exemplo, modelo), o concepto foi popularizado por T.S. Kuhn no eido da filosofía da ciencia para facer explícita esa perspectiva na que sempre se sitúa a ollada investigadora, e que leva consigo a batería de teorías, conceptos, problemas, solucións posibles e métodos que se adoptan como guías válidas para a abordaxe da tarefa científica. É, polo tanto, o modelo dende o que, como investigadores/as, decidimos achegarnos a un determinado fenómeno. Unha perspectiva que, como tal, pode variar, como a realidade observada a través dos papeis de cebola, canto que a comunidade científica decida descartar unhas teorías e ferramentas de investigación por outras que se consideran máis eficaces, o motor do que Kuhn conceptualizou como "revolucións científicas".

O paradigma abrangue, segundo Cook e Reichadt, as "xeneralizacións, supostos, valores, crenzas e exemplos correntemente compartidos do que constitúe o interese da disciplina" (Cook e Reichadt, 1986, p. 60). E permite determinar o marco en que os fenómenos obxecto do estudo poden ser identificados como existentes, os criterios epistemolóxicos que guíen a nosa achega ao coñecemento e as escolla de ferramentas para a investigación. Define, polo tanto, unha determinada visión ontolóxica (que se pregunta pola natureza da realidade social), epistemolóxica (que interroga sobre a forma de coñecela) e, tamén, metodolóxica. En verbas de Donna M. Mertens,

hai tres cuestións que determinan a nosa visión do mundo (Guba&Lincoln, 1994; Mertens, 1998). A cuestión ontolóxica pregúntase, “Cal é a natureza da realidade e, por extensión, a verdade?”. A cuestión epistemolóxica pregúntase, “Cal é a natureza do coñecemento e das relacións entre quen coñece e o que sería coñecido?”. A cuestión metodolóxica pregúntase, “Como pode quen coñece obter o desexado coñecemento e entendemento? (Mertens, 2003, p. 145).

A elas responden de maneira diversa os diferentes paradigmas. As clasificacións existentes ao respecto son diversas mais, como podemos ver de seguido, moitas delas coinciden en categorizar os paradigmas dominantes nas ciencias sociais ao longo do século XX en dous grandes grupos, nun esquema binario e dualista que establece dous polos opostos sen puntos de conexión. Así, autores, como Evert Gummerrsson ou José Ignacio Ruiz Olabúnaga reducen a clasificación de paradigmas en dous básicos: o positivista e o hermenéutico:

A diferenza entre ambos os paradigmas estriba en que o Positivismo baséase na análise estatística dos datos recolleitos por medio de estudos e experimentos descritivos e comparativos. Asume que só o coñecemento obtido a través de medidas e de identificacións obxectivas pode presumir de posuír a verdade. A hermenéutica, pola súa banda, representa unha reacción contra esta rixidez do positivismo respecto de certos tipos de problemas sociais. En lugar de explicar as relacións causais por medio de "feitos obxectivos" e análises estatísticas utiliza un proceso interpretativo máis persoal en orde a "comprender a realidade" (Ruiz Olabúnaga, 2007, pp. 12-13).

Este esquema binario, baseado na redución dos paradigmas a dous grandes grupos que determinan, ademais, o emprego dunha ou doutra metodoloxía (cuantitativa ou cualitativa) sustentou o que se deu en coñecer como “guerra de paradigmas” (Gage, 1989) —dos anos 70 aos primeiros 90 do século pasado—. Mentres o positivismo foi o paradigma dominante na investigación social durante a maior parte do século XX (asociado a metodoloxías baseadas na crenza en medidas “obxectivas”), as dúas últimas décadas do século foron testemuño da emerxencia dos métodos cualitativos, cunha visión do mundo asociada a outros paradigmas (construtivismo, interpretativismo, naturalismo), dos cales, tal e como apuntan Tashakkori e Teddlie, o construtivismo foi o máis popular (Tashakkori e Teddlie, 2003, p. 7).

Xa no ámbito das Ciencias da Comunicación, Orozco concreta catro grandes paradigmas: o positivista, o realista, o interaccionista e o hermenéutico. A clasificación é máis matizada mais redundante de novo no mesmo esquema binario. Os dous primeiros procuran verificar os feitos obxectivos. Os dous últimos, comprender a realidade social.

O paradigma positivista caracterízase pola cuantificación (o coñecemento válido é aquel que se pode medir), a predición (a través de hipóteses comprobábeis) e a obxectividade (o que determina a separación entre o suxeito e o obxecto de investigación, que en ningún modo ha de estar influído por quen o observa). O paradigma realista é unha derivación do primeiro, aínda que non pretende predicir senón que se limita a explicar os fenómenos sociais. E faino tamén, como o positivista, sen ter en conta o contexto no que se sitúa o obxecto investigado, empregando a medición como modo de achegamento á realidade social e decretando a obxectividade da investigación como a separación entre quen investiga e o que investiga. O paradigma interaccionista non busca chegar a coñecementos obxectivos senón comprender a realidade. E para acadar esa meta a cuantificación xa non é o funil polo que cómpre

captar a realidade social. O obxecto de investigación enténdese imbricado no seu contexto, no conxunto de factores que o afectan, e cuxas conexións é preciso pescudar.

O cuarto paradigma, o hermenéutico, é aquel no que me sitúo. A interpretación vira na pedra basal para apreender a realidade social, unha interpretación que, como tal, nunca é pechada, senón aberta e mellorable. A percepción da realidade como un todo configura unha visión holística dende a que o obxecto de estudo ha de ser estudado dende os diferentes factores que o inflúen. A dialéctica como modo de observar configura camiños de ida e volta dos conceptos e as teorías aos datos empíricos e articula un proceso de investigación continuamente aberto. O suxeito investigador enténdese así mesmo como parte da realidade que observa e mínase así a distancia entre quen observa e o que se observa que se establecera nos paradigmas de carácter e influencia positivista. Ademais, como sinala Aimée Vega, caracterízase pola flexibilidade á hora de permitirlle ao suxeito que investiga construír, crear e intervir:

Construír porque é o propio suxeito o que diseña os seus camiños para coñecer o social. Crear porque, aínda que a realidade social existe independente del, o suxeito é o inventor da súa propia praxe para facer esa realidade comprensible, intelixible. E intervir en tanto transcende para o investigador a posibilidade de coñecer a realidade social: ábreille a de transformar e a de cambiar as súas condicións (Veiga Montiel, 2001, p. 220).

4.4.1. Do paradigma e do método

Implica a adscrición a un ou outro paradigma o emprego dunha metodoloxía determinada? Situarse no paradigma hermenéutico leva consigo a renuncia a ferramentas cuantitativas? Supón adherirse a unha filosofía positivista ou pospositivista renunciar a maneiras de investigar cualitativas? Tales interrogantes non podían ser obviadas nesta investigación, na que, despois de non poucas reflexións, abordaxes e achegas ao obxecto de estudo, decidín acometelo, como logo explicarei máis polo miúdo, dende unha metodoloxía mixta e integradora que combinase o emprego de ferramentas cualitativas e cuantitativas.

Podemos encontrar, respecto á pregunta formulada ao inicio deste apartado, tres tipos de respostas. Por unha banda, aquelas que renuncian a calquera integración metodolóxica, e que callan nun determinado momento, como antes mencionei, no que se coñeceu como “guerra de paradigmas”. Autores como Guba e Lincoln sistematizaron no seu momento as diferenzas entre o paradigma positivista e o construtivista baseándose na incompatibilidade entre paradigmas. Tal e como recollen Tashakkori e Teddlie (2009), dende este punto de vista considérase que “é inapropiado mesturar métodos cuantitativos e cualitativos para fundamentar as diferenzas entre os paradigmas que subxacen a tales métodos”. Por outra, aquelas que consideran que, aínda que a convivencia de paradigmas non é posíbel, si é o uso conxunto de metodoloxías cuantitativas e cualitativas, de cara a unha achega máis completa e complexa ao obxecto de estudo. Nesta liña, Aimée Vega Montiel apunta que, malia as metodoloxías cuantitativa e cualitativa non seren opostas, si son epistemoloxicamente incompatibles: “Poden ser complementarias, si, en tanto que lle proporcionan ao investigador a posibilidade de obter visións distintas dun mesmo obxecto de estudo. Pero implican posicións epistemolóxicas distintas, é dicir, comprender niveis de involucramento distintos por parte do suxeito no proceso de investigación e na súa maneira de encarar a realidade social” (Vega Montiel, 2004, p. 221). Outras autoras e autores van máis alá, como veremos de seguido, e apostan pola convivencia de paradigmas, refutando polo tanto as argumentacións que defenden a incomensurabilidade e incompatibilidade entre os mesmos. Tal e como apunta Howe (1988), as teses que abundan na compatibilidade

entre paradigmas apostan pola combinación entre métodos cualitativos e cuantitativos e negan que tal ligazón sexa incoherente no nivel epistemolóxico.

Un dos principais problemas cos que se encontraron os métodos mixtos de investigación foi, precisamente, a súa fundamentación paradigmática. Un debate de fondo que foi abordado, polas e polos investigadores partidarios desta terceira vía metodolóxica (a integración entre o cualitativo e o cuantitativo), dende posicións diversas, que recollen Abbas Tashakkori e Charles Teddlie en *Handbook of Mixed Method in Social & Behavioral Research* (2003). Distinguen, ao respecto, as seguintes posturas:

- Teses aparadigmáticas: Métodos e paradigmas son independentes uns de outros. Non hai ligazón entre a adscrición a determinado paradigma e o emprego consecuente dunhas ou doutras ferramentas de investigación, do que se conclúe a posibilidade de mesturar os métodos.
- Teses baseadas na incomensurabilidade dos paradigmas, e na consecuente incompatibilidade dos métodos de investigación. A convivencia entre paradigmas non é posible, xa que logo, a investigación con métodos mixtos tampouco o é.
- As teses das forzas complementarias: Aínda que a mestura é posible, os métodos deben manterse separados para que non se perda a forza de cada posición paradigmática.
- A procura dun paradigma en concreto no que fundamentar o uso de métodos mixtos de investigación. Ao igual que os métodos cuantitativos se vincularon tradicionalmente ao positivismo, e os cualitativos a outros paradigmas como o construtivista, é preciso procurar, dende este punto de vista, un determinado paradigma no que poida ser sustentado o emprego de metodoloxías mixtas. Autores como Tashakkori e Teddlie, Maxcy, Bazeley, Rallis e Rossman, Forthofer ou Rocco, coidan o pragmatismo como paradigma basal para o emprego de metodoloxías mixtas de investigación, mentres outras investigadoras, como Mertens, postulan para tal papel o paradigma transformativo-emancipatorio.
- As posturas dialécticas. Non se defende o uso dun paradigma sobre outro senón que se ve o uso de métodos mixtos de investigación como unha engrenaxe intencionada de múltiples paradigmas e das súas asuncións. Dende este punto de vista, todos os paradigmas son válidos, pero só en parte. Cómpre, polo tanto, pensar dialecticamente, para examinar as tensións que xorden da xustaposición desas múltiples perspectivas. Así o explican Jennifer C. Green e Valerie J. Caracelli:

Múltiples métodos poden ser usados, e de feito son fortemente alentados, ao interior de moitos paradigmas. Rexeitamos tanto a continua procura dun paradigma mellor como a asunción da inconmensurabilidade de diferentes paradigmas como reliquia dunha era pasada. Estamos comprometidos, pola contra, coa aceptación da diferenza e a importancia de múltiples e diversas perspectivas. A complexidade e o pluralismo da noso mundo contemporáneo demanda tal responsabilidade” (Tashakkori e Teddlie, 2003, p. 95).

- As posicións multiparadigmáticas. Son varios os paradigmas dos que se pode botar man para fundamentar a investigación con métodos mixtos, mais sempre haberá un paradigma que sexa máis adecuado para un

determinado tipo de estudo. A escolla do paradigma dependerá, tal e como apuntan John W. Cresswell, Vicki L. Plano Clark, Michelle L. Gutmann e William. E. Hanson (Tashakkori e Teddlie (ed), 2003, 232) do tipo de estudo no que se estea a traballar, do deseño metodolóxico e do peso que nel teñan e o modo no que nel se integren métodos cuantitativos e cualitativos.

A investigación que sustenta esta tese doutoral comparte as asuncións da hermenéutica como paradigma e do emprego de métodos mixtos como base metodolóxica. Consideramos, polo tanto, que o uso dun determinado paradigma non implica necesariamente o emprego dunha metodoloxía determinada. A hermenéutica, como xa foi dito, potencia a creatividade de quen investiga, e tal liberdade calla nesta investigación nunha proposta metodolóxica mixta, baseada na combinación de métodos cuantitativos (a análise do contido) con ferramentas cualitativas (a análise crítica do discurso). Unha proposta que consideramos necesaria para construír unha achega máis complexa e completa ao obxecto de estudo que nos permita un maior e mellor coñecemento sobre o mesmo.

4.4.2. A miña escolla. O paradigma hermenéutico

Por que situarme no paradigma hermenéutico dende o emprego de ferramentas de investigación mixtas? Esta investigación foi, dende o principio, un camiño de ida e volta. Comezou intentando captar a realidade obxecto de estudo mediante un esquema de categorías e variables que me permitisen cuantificala e convertela así en coñecemento obxectivo. Unha perspectiva ontolóxica, epistemolóxica e metodolóxica, polo tanto, de influencia positivista. Mais os problemas non tardaron en aparecer.

O que pretendía aprehender desbordaba amplamente a rede paradigmática e metodolóxica que botara ás augas da realidade que ía investigar. E é que esta non me permitía captar o discurso, a malla de intereses que se agochan detrás del, a complexidade das influencias da ideoloxía sexista, da ollada androcéntrica e da estrutura patriarcal da sociedade. Codificar a realidade en números, procurando neles o coñecemento con estatus obxectivo e científico, non me deixaba coñecer o que quería dela. Non me permitía ir á complexidade das relacións entre o meu obxecto de estudo e o contexto (ideolóxico e estrutural) do que se alimenta. E non permitía tampouco garantir a obxectividade do coñecemento obtido porque no propio deseño da investigación, na mesma elección de variables e categorías, ía estar presente a miña influencia como suxeito investigador que determina diseccionar, e polo tanto, configurar e construír o coñecemento que se obteña dun ou doutro xeito.

Porque ademais, como persoa e investigadora, ía ser sempre un suxeito situado. Cuestión esta última que puiden comprender a partir da reflexión realizada ao respecto dende as teorías feministas e a súa crítica ao nesgo androcéntrico do pensamento científico ilustrado, que fai fincapé na imposibilidade de desligar os feitos que se analizan do seu contexto ideolóxico e o coñecemento de quen o constrúe (Vallejo Rubinstein, 2005, p. 103). A ilusión dun coñecemento científico neutral foi desbotada polas propias investigadoras feministas, que desvelaron os condicionamentos sobre o mesmo da ollada androcéntrica que, por naturalizada, pasaba desapercibida.

O paradigma hermenéutico enlaza ademais coas teorías feministas na concepción do coñecemento como vía para transformar a realidade, para modificar neste caso as relacións de poder baseadas nas estruturas patriarcais configuradas en función do xénero.

4.5. AS FERRAMENTAS DE NAVEGACIÓN: A ESCOLLA DO MÉTODO

4.5.1. O porqué dunha metodoloxía mixta

As ciencias sociais e, dentro delas, as Ciencias da Comunicación, estiveron durante anos atrapadas na dicotomía entre métodos de investigación cuantitativos e cualitativos, como se ambos os dous fosen auga e aceite, imposíbeis de emulsionar. Esta investigación, como xa dixeron, aposta polo que Tashakkori e Teddlie denominan “a terceira vía metodolóxica” (2003), o emprego de métodos mixtos de investigación, que se están a afianzar de maneira progresiva nas dúas últimas décadas como alternativa ao debate bipolar que sustentou a “guerra de paradigmas”.

O emprego de métodos mixtos de investigación, que ten como un dos seus principais antecedentes a aplicación ás ciencias sociais da estratexia da triangulación —introducida en 1959 Campbell e Fiske— abre as comportas que permitirán descubrir que ambas correntes metodolóxicas non só poden ser complementarias senón que, ademais, permítenos achegar, empregadas á par, con maior precisión e riqueza ao obxecto de estudo. Con maior precisión, canto que a validez dos resultados se afianza no uso de metodoloxías múltiples. Na mesma orixe do concepto triangulación, nun primeiro momento ligado a disciplinas como a topografía ou a navegación, se pon de manifesto ese carácter: “En todos estes ámbitos, o termo de triangulación adquire o mesmo significado: a utilización de múltiples puntos de referencia para lograr a posición exacta dun obxecto no espazo” (Aneiros, 2005, p. 193). E tamén con maior riqueza, porque permite descubrir novas dimensións do obxecto investigado, ao ser este abordado dende as diversas perspectivas que permiten o emprego de métodos múltiples de investigación. Tal e como explica Udo Kelle, ao definir os métodos mixtos de investigación:

Esta combinación pode servir para dous fins diferentes: para axudar a descubrir e manexar as ameazas para a validez derivados da utilización de indicadores cualitativos ou cuantitativos e ser utilizado para obter unha imaxe máis completa da realidade estudada (Johnson, Onwuegbuzie e Turner, 2007).

O emprego de métodos mixtos de investigación, seguindo a Tashakkori e Teddlie (2003), ten como principais vantaxes:

1. A resolución de preguntas de investigación que outros métodos non son quen de acometer.
2. A xeración de inferencias máis sólidas.
3. A presentación de puntos de vista diversos e/ou diverxentes.

O primeiro dos tres puntos que vimos de sinalar está en relación cunha das dicotomías tradicionais que se estableceron entre métodos cuantitativos e cualitativos, aquela que enfatiza que, mentres que os primeiros están guiados por preguntas de investigación confirmatorias —consideranse como tal aquelas que teñen como función confirmar postulados teóricos previos—, os segundos teñen como guía cuestións de carácter exploratorio —pretenden xerar información sobre aspectos descoñecidos dun fenómeno e, xa que logo, non teñen como obxectivo confirmar senón xerar teoría—. Segundo Tashakkori e Teddlie, os métodos mixtos de investigación poden resolver á vez ambos os dous tipos de cuestións.

A segunda das vantaxes exposta por Tashakkori e Teddlie aparece ben sintetizada por Johnson e Turner (2002) cando expoñen que os métodos poden ser mesturados de modo que as súas forzas se complementen e as súas debilidades non se solapen. Así, coa análise de contido cuantitativa podemos gañar en extensión e representatividade, mentres que a análise do discurso permítenos avanzar en profundidade. Autores como

Greene et al. establecen en cinco as funcións ás que poden servir as combinacións metodolóxicas con ingredientes á vez cuantitativos e cualitativos: triangulación, complementariedade, desenvolvemento, iniciación e expansión. As dúas primeiras, sinalan Tashakkori e Teddlie (2003, p. 16) fan referencia a que os métodos mixtos de investigación, como logo desenvolveremos máis polo miúdo, permiten chegar a conclusións que se confirman (incrementando así a validez das mesmas) ou se complementan (descubriendo diversos aspectos do obxecto investigado). As tres últimas refírense ao feito de que as conclusións ás que se cheguen nunha primeira fase da investigación poden dar pé a novas cuestións de investigación e/ou ao deseño dunha segunda fase.

A última das cuestións apuntadas por Tashakkori e Teddlie converte en vantaxe o que en principio puidera ser visto como un inconveniente. Que sucede cando, nunha investigación, o emprego de métodos cuantitativos e cualitativos nos conduce a conclusións diverxentes? Tal resultado pode deberse tanto a erros na recollida e/ou na análise dos datos ou á inadecuacións cos conceptos teóricos aplicados. Se non son detectadas deficiencias no metodolóxico, é obrigado unha revisión das asuncións teóricas e mesmo a configuración de hipóteses en principio non consideradas. É nese senso no que Deacon, Bryman e Fenton, en verbas recollidas no manual sobre os métodos mixtos editado por Tashakkori e Teddlie, afirman que:

en moitos casos a reavaliación e reanálise requirida pode colleitar gratificacións analíticas a longo prazo: alertándolle a quen investiga da posibilidade de que os problemas sexan máis multifacéticos do que en principio supuxeron, e ofrecéndolle a oportunidade de desenvolver explicacións mellores e máis convincentes dos procesos sociais que están sendo investigados (1998, p. 61).

Hai un último motivo que nos fixo decantar pola asunción de métodos mixtos de investigación: o seu emprego en investigacións de carácter feminista. O marco teórico feminista, e mais en concreto o ligado ao eido coñecido como Comunicación e Xénero, é un dos piares fundamentais desta investigación. Tanto Tashakori e Teddlie, en *Handbook of Mixed Methods in social and behavioral research* (2003), como J.W. Cresswell, en *Qualitative, quantitative and mixed methods approaches* (2003) ou, xa de modo pioneiro, Greene e Caracelli en 1997, deixan constancia da aplicación e utilidade desta terceira vía metodolóxica para investigacións marcadas por un alento emancipatorio e transformador. No manual de Tashakori e Teddlie, Donna M. Mertens alude ao emprego de métodos mixtos en diversas investigacións feministas recollidas baixo o paraugas do paradigma transformador-emancipatorio.⁴⁶ (Mertens, 2003, pp. 135-161). Cresswell, Plano Clark, Gutmann e Hanson, en 2003, consideran o uso de perspectivas teóricas cruzadas pola análise feminista e/ou de xénero, racial ou étnica como unha das maiores decisións que se debe adoptar na selección de estratexias metodolóxicas mixtas.

⁴⁶ O paradigma transformador-emancipatorio defende, no ontolóxico, existencia de numerosos puntos de vista e construcións da realidade social influenciados polos valores políticos, económicos, culturais, sociais e históricos do sistema e impele ao investigador ou investigadora a posicionarse a favor dos colectivos desempoderados, entre eles, as mulleres, mais tamén aqueles discriminados por cuestións étnicas ou raciais ou a poboación con diversidade funcional. No epistemolóxico, comparte os presupostos feministas que rexeitan a presunta obxectividade do coñecemento e anima ás e aos investigadores a involucrarse de maneira activa co seu obxecto de estudo, mentres que no metodolóxico admite tanto o emprego de métodos cuantitativos, como cualitativos ou mixtos.

4.5.2. Os métodos mixtos como contínuum entre o cuantitativo e o cualitativo

4.5.2.1. A dicotomía cuantitativo-cualitativo na súa bagaxe histórica

A tensión entre a metodoloxía cuantitativa e cualitativa tinguiuse de acritude entre os anos 70 e o inicio dos 90 da pasada centuria mais, dun ou doutro xeito, de maneira máis ou menos manifesta, cruzou todo o século pasado. Boa mostra é a oposición entre a escola funcionalista americana e a escola crítica europea, que máis tarde replicarían no debate entre as posturas positivas e hermenéuticas (Vega Montiel, 200, p. 222).

A maior parte do século XX estivo dominada por metodoloxías cuantitativas, caracterizadas polo intento de aplicación ás ciencias sociais dos patróns seguidos nas ciencias naturais. As últimas décadas do século testemuñaron, pola contra, a emerxencia dos métodos cualitativos, como reacción daqueles investigadores e investigadoras que renegaron do paradigma positivista, ao que consideraban “a tradición recibida”, a “orde establecida”, e que avogaron por unha investigación social e culturalmente máis sensible, así como un achegamento máis subxectivo, transformador e emancipatorio á investigación social (Tashakkori e Teddlie, 2003: p. ix). É esta emerxencia do cualitativo, da man do paradigma construtivista, o que recría as tensións e deriva no que se deu a coñecer como “guerra de paradigmas”, que ten como consecuencia o establecemento da incompatibilidade entre metodoloxías de carácter CUAN e CUAL⁴⁷. Se os paradigmas son incompatibles, considérase, tamén o han de ser as metodoloxías que tradicionalmente a eles se ligaron.

Este mesmo debate trasládase ao campo das ciencias da comunicación. Na década dos 30 e 40, calla na confrontación entre os teóricos da Escola de Francfort, refuxiados nos Estados Unidos debido ao ascenso nazi, e a corrente abandeirada por Paul L. Lazarsfeld e os seus colaboradores, que remataría por converterse en dominante na investigación sobre comunicación no país norteamericano. A hexemonía dos métodos cuantitativos, da man da escola funcionalista, mantívose até a década dos 60 grazas a varios factores, que apuntan N.W. Jankowski e Fred Wester: o desexo de crear unha ciencia “xenuína” da investigación social, moldeada sobre a base do positivismo e das ciencias físicas; os requirimentos para investigar o impacto da comunicación da propaganda trala II Guerra Mundial, que contou ademais con abondosos fondos, e a necesidade dun coñecemento sociocientífico que puidera aplicarse á industria e á planificación das institucións educativas e sociais (Jankowski e Wester, 1993, p. 58). Como sinala Gaye Tuchman, a investigación céntrase na época no estudo da noticia, focalízase no esquema “quen di que a quen en que canal e baixo que efectos” e abonda en análises de contido e en exames cuantitativos sobre as decisións dos “porteiros”. Métodos como a investigación participantes eran ou ben rexeitados ou situados nun contexto funcionalista (Tuchman, 1993, p.104).

Mais nos 60 comezan a cambiar as tornas. A metodoloxía cuantitativa volve rexurdir, en boa medida baixo o influxo das mobilizacións sociais que protagonizan a década. E é que, por tras do debate paradigmático e metodolóxico, subxacen no fondo diversas posicións políticas fronte ao obxecto de estudo, como ben analiza Vega Montiel (2004, p. 222). Por unha banda, a identificación da metodoloxía cuantitativa co ámbito institucional e, polo tanto, coa xeración de estudos representativos baseados no estatístico. Por outra, a ligazón da investigación cualitativa cunha visión máis humanista da realidade, con base na interpretación do social. A desilusión coa versión positivista das ciencias sociais, tal e como recollen Jankowski e Wester, (1993, pp. 64-65) comeza a facerse patente no entorno académico. Blumer critica nesta época a tendencia a “reducir a existencia social a variables”. Wright Mills contrapón a súa *Sociological*

⁴⁷ Abreviaturas derivadas dos termos “cuantitativo” e “cualitativo”. Adoptámolas da terminoloxía empregada por Abbas Tashakkori e Charles Teddlie dos seus manuais sobre os métodos mixtos de investigación.

Imagination, na que urxe ás e aos investigadores a converterse nos seus propios metodoloxistas, fronte ao empiricismo dominante e os intentos de Parsons de construír unha teoría de altos voos. Cara a finais dos 60, a supremacía da investigación cuantitativa fora definitivamente desafiada polos investigadores cualitativos.

Ao ámbito das Ciencias da Comunicación tamén chega o influxo das principais tendencias metodolóxicas da investigación social interpretativa, como o interaccionismo simbólico, a etnografía e a etnoloxía (Jankowski e Wester, 1993, pp. 66-71). Tuchman adoptará dun dos representantes do interaccionismo simbólico, Goffman, o concepto de “framing”. A comunicóloga, para quen a noticia é como a xanela que determina a nosa visión da realidade en función do grande ou pequena que sexa ou da súa nitidez ou opacidade, é quen inicia, en 1978, co seu *Making News: a Study in the Construction of Reality*, a aplicación ao eido da comunicación dos frames, dos marcos que constrúen a realidade reflectida nos medios. Se o interaccionismo postula que a xente actúa en función do significado que atribúe aos obxectos e situacións e que este se articula na interacción social, a teoría do framing poñerá o acento consecuentemente no papel dos medios como construtores da realidade social. Na etnometodoloxía, que ten a súa matriz en autores como Schultz ou Garfinken, beben tamén diversos estudos no eido da comunicación. A disciplina reacciona fronte aos postulados do estruturalismo que convertían ao individuo en marioneta das regras sociais e repara en como estas son adaptadas polas persoas na súa vida cotiá. Por iso é de especial utilidade para aqueles estudos que parten das noticias como comportamento intencionado –por exemplo, Molotch e Lester en 1974– ou sobre o funcionamento dos organismos de noticias, como Tuchman en 1978. Nas técnicas da etnografía, que analiza as formas culturais en sentido amplo e ten como principal instrumento de investigación a observación participante –abríndose ás posibilidades da triangulación para a recollida de datos a partir de métodos múltiples– inspiráronse⁴⁸ varios estudos do eido das Ciencias da Comunicación, con especial énfase no eido das audiencias. Ien Ang, de feito, reclama en 1991 no seu *Desperately Seeking the Audience*, máis estudos etnográficos fronte á análise das audiencias con ferramentas cuantitativas e descontextualizadas.

O rexurdir da metodoloxía cualitativa no campo da comunicación vai acompañado do desenvolvemento de técnicas como a observación participante, favorecida polo interese que auténticas convulsións políticas como a crise dos mísiles en Cuba, a Guerra do Vietnam ou o movemento polos dereitos civís, espertan sobre o modo en que os organismos de noticias constrúen a información con significados ideolóxicos implícitos. Mais tamén, fronte á análise de contido de carácter cuantitativo, nos anos 70 se introduce a semiótica na análise de noticias e, xa nos 80, se desenvolve, para a indagación nos significados ideolóxicos latentes no texto, a análise do discurso (Tuchman, 1993, p. 105).

Fronte ao debate, no ámbito das ciencias sociais, entre construtivismo e positivismo, entre metodoloxías cuantitativas e cualitativas, emerxen nos últimos vinte anos os métodos mixtos, como terceira vía metodolóxica e á procura de pontes. Xa Anderson observara, con referencia ás Ciencias da Comunicación, a existencia dun movemento cara á síntese das prácticas cualitativa e cuantitativa na investigación da comunicación social, tal e como recollen Jankowski e Wester (1993, p. 90)

Os métodos mixtos xorden fronte ao desgaste e canzazo da comunidade investigadora, nos 90, ante a “guerra de paradigmas”, como alternativa a dicotomía CUAN-CUAL, e aproveitando as achegas que de ámbalas dúas poidan aproveitar para a

⁴⁸ Empregamos a conciencia a forma verbal “inspíranse” pois autores como Lull (1988) e Braber (1989) critican que boa parte do que se considera como estudos etnográficos na comunicación se desvía do que a antropoloxía, a disciplina da que procede a etnografía, entende como tal.

mellor resolución das cuestións de investigación que se formulen en cada caso. A metodoloxía que se empregue, polo tanto, será aquela que mellor conveña aos fins do proxecto que se acomete. Son, en todo caso, e como defenden Tashakkori e Teddlie, máis que a suma de ingredientes cualitativos e cuantitativos. Estamos ante unha proposta metodolóxica separada que aposta pola comunicación entre métodos cuantitativos e cualitativos a todos os niveis, dende a recollida de datos, até a análise e as inferencias finais. De aí a súa definición como:

investigación na que, a/o investigador, recolle e analiza datos, integra os descubrimentos e debuxa inferencias usando tanto achegas ou métodos cualitativos como cuantitativos nun só estudo ou programa de investigación” (Tashakkory e Cresswell, 2007, p. 4).

Apostar polos métodos mixtos de investigación é confiar nas posibilidades dunha relación entre o cuantitativo e o cualitativo, partindo dunha concepción aberta e dinámica da ciencia. En verbas de Roberto Hernández Sampieri, Carlos Fernández-Collado e Pilar Baptista Lucio,

Se estamos abertos a novas metodoloxías, somos progresistas, cremos no cambio e a innovación, así como en que aínda hai moito que aprender e que a evolución da ciencia é permanente. Se procuramos ir máis aló das “guerras civís entre os cuantitativos e os cualitativos” e “os conflitos paradigmáticos”, estamos facendo unha primeira definición sobre o enfoque mixto: aceptalo é crer na posibilidade do matrimonio cuantitativo-cualitativo (relación que, como todo matrimonio, non é fácil (...)) (Hernández Sampieri, Fernández Collado e Baptista Lucio, 2006, p. 791).

Porén, e aínda que Tashakkori e Teddlie se amosan confiados en que se convertan no instrumento dominante na ciencia durante o século XXI, o certo é que, como eles mesmos recoñecen, esta terceira vía metodolóxica encóntrase aínda na súa adolescencia. Incrementáanse as publicacións e os estudos, tal e como documentan Ivankova e Kawamura, mais quedan aínda cuestións por asentar: entre elas a concreción de definicións e conceptualizacións; as bases paradigmáticas, do que falamos con anterioridade, ou outros aspectos referidos á integración das técnicas, por exemplo, o como analizar cualitativamente datos cuantitativos, tal e como apunta Miriam Grimaldo.⁴⁹ Ademais, fican restos da “guerra de paradigmas” no modo en se forman as e os investigadores máis novos, pois aprenden, porque lles ensinan, como indican Tashakkory e Teddlie, que se empregan datos numéricos nas súas investigación deben adscribirse á filosofía positivista, mais que se renegan deles ficarán automaticamente ligados ao marco interpretativo (Tashakkory e Cresswell, 2007, p. 16). Carencia, esta última, da que eu mesma padecín na miña formación investigadora, froito da escasa implantación desta vía metodolóxica no ámbito académico estatal e galego, e en especial, no eido das Ciencias da Comunicación.

4.5.2.2. As características das metodoloxías cuantitativa, cualitativa e mixta

Na discusión seminal entre os autores clásicos sobre cal ha ser o obxecto específico da Socioloxía e a metodoloxía, en consecuencia, máis apropiada para o estudo desta disciplina, podemos encontrar xa os trazos básicos que centraron a polarización entre o cuantitativo e o cualitativo. Ecoan nos argumentos encontrados dun Emile Durkeim que

⁴⁹ En “Aportes de los métodos mixtos en el proceso de investigación”, que se pode consultar on line en <http://issuu.com/www.ucv.edu.pe/docs/namecbe424>

avoga polos “feitos sociais” –en verbas do autor, “toda maneira de facer, fixada ou non, susceptíbel de exercer unha coacción exterior ao individuo” – e un Max Weber que considera como obxecto da Socioloxía a interpretación da “acción social” –tal e como a define, “unha acción na que o sentido mentado por un suxeito ou suxeitos está referido á conduta doutros, orientándose por esta no seu desenvolvemento”–. Durkeim, que considera o seu obxecto de estudo externo ás consciencias individuais, confía pois nunha metodoloxía que ten os seus piares na neutralidade, a obxectividade, a replicabilidade e a xeneralidade das ferramentas cuantitativas. Para Weber, que pon o foco no sentido que os suxeitos lle dan á acción, o significado, a particularidade, a situacionalidade e a carga de valor son fundamentais no estudo do social. Mentres Durkeim defende a estatística como método, Weber avoga polo “*verstehen*”, é dicir, a interpretación e comprensión (Ruiz Olabuénaga e Ispizua, 1989, pp. 32-35)

Os piares que asentán Weber e Durkeim serán común denominador á hora de diferenciar e caracterizar a metodoloxía cualitativa e a cuantitativa. Son moitos/as e os autores e autoras que se deteñen nesta distinción. Das súas achegas farei síntese de seguido para logo abundar en como a metodoloxía mixta concibe o cuantitativo e o cualitativo non como dicotómicos, non como polos irreconciliábeis, senón como os extremos dun contínuum no que nos situaremos en función de cales sexan os nosos obxectivos de investigación. A caracterización que segue parte das achegas de Guba e Lincoln (1989), María Antonia Izpica e José Ignacio Ruiz Olabuénaga (1993), María Luisa Humanes e Juan José Igartua (2004), Klaus B. Jensen (2002), Abbas Tashakkori e Charles Teddlie (1998 e 2003), John W. Cresswell (1994) e Joseph A. Maxwell e Diane M. Loomis (2003).

A diverxencia basal entre ámbalas dúas metodoloxías parte da súa concepción do mundo social. Para a metodoloxía cuantitativa, a realidade social é un sistema de regularidades empíricas e de obxectos observables que, polo tanto, pode ser medible e analizada mediante técnicas replicables e predicibles. A metodoloxía cualitativa, porén, ollada ao mundo social como unha construción de significados e símbolos en cuxo entramado cómpre somerxerse para poder investigalo. Para as e os investigadores CUAN, canto que entenden que o social está suxeito a determinadas regularidades básicas, os métodos máis axeitados para aprehendelo son aqueles de carácter estandarizado e/ou que permiten a actuación sobre mostras amplas (sondaxes, experimentos controlados...). Para quen investiga dende a ollada CUAL, as ferramentas máis útiles para o seu cometido, a procura dos significados que determinan a acción social, son aquelas que lle permitan entrar ao interior do proceso de construción social, describir os medios a través dos cales os suxeitos se embarcan en accións significativas e coñecen como se crea a estrutura básica da experiencia (Ruiz Olabuénaga e María Antonia Ispizua, 1993, pp. 28-29). Quedan así delimitados os obxectivos de ámbalas dúas, que Humanes e Igartua definen como a medición obxectiva da realidade, a demostración das relacións de causalidade e a procura de xeneralizacións, no caso da metodoloxía cuantitativa, e a descrición, comprensión e interpretación da acción humana, no que ten que ver coa cualitativa.⁵⁰ Deste xeito, fica condicionado o rol de quen investiga. Mentres que a metodoloxía cualitativa se basea na interacción do suxeito investigador co obxecto de estudo, a metodoloxía cuantitativa establece unha distancia entre ambos. Mentres que a primeira ten en conta que, quen investiga, é tamén un suxeito situado, no segundo caso, priorízase a obxectividade da/o investigador/a.

As disimilitudes tamén se estenden ao longo do proceso investigador. Dende os inicios, dende o mesmo momento en que se planifica e se configuran as preguntas de

⁵⁰ Pode consultarse a caracterización que Humanes e Igartua fan dos métodos cualitativos e cuantitativos en <http://www.portalcomunicacion.com/download/6.pdf>

investigación. De carácter indutivo e exploratorias para a metodoloxía cualitativa. Deductivas e confirmatorias no caso da cuantitativa, canto que parte dos datos para, a partir deles, xerar teoría. A metodoloxía cuantitativa busca no empírico a comprobación dos presupostos teóricos dos que parte. Confírmalos será a meta na que pescudarán resposta as preguntas das que parte a investigación. A metodoloxía cualitativa arrinca do empírico, dos propios datos, para a partir deles xerar teoría. As cuestións que o suxeito investigador se formula ao inicio do proceso son, pois, de carácter exploratorio, á procura de información que permita descubrir aspectos descoñecidos dun fenómeno (Cresswell, 1994; Tashakkori e Teddlie, 1998).⁵¹

Outra das diverxencias fundamentais estriba no que Mohr (1982), como recollen Maxwell e Loomis (2003, p. 248), conceptualizou na dicotomía entre “variance theory” e “process theory”. A primeira fai referencia á sistematización en variables e categorías nas que se basea a metodoloxía cuantitativa, cunha arquitectura baseada no modelo hipotético-dedutivo. As variables, explica Vega Montiel, son representacións empíricas dun concepto ou dunha construción, son medibles e subdivídense á súa vez en categorías. A “process theory”, pola súa banda, fundaméntase nos feitos e nos procesos que os conectan. A caracterización de Mohr e similar á que realiza Jensen (2002). Para o autor, sinala Vega Montiel, “concepto”, “construción”, “variable”, “hipótese”, “comprobación” e “validez” son termos que constitúen a receita básica na investigación cuantitativa. Pola súa banda, “significado”, “contextos naturais” e “suxeito interpretativo” (o/a investigador entendido como intérprete do significado das accións) constitúen termos esenciais na metodoloxía cuantitativa.

A recollida de información será estruturada e sistemática no caso da metodoloxía cuantitativa, e flexible –de cara a facilitar a interacción entre obxecto e suxeito de investigación– nos métodos cualitativos. As metodoloxías cualitativas priorizan así o contexto natural do obxecto que é investigado, cuestión que obvian as cuantitativas, ben xerando contextos experimentais artificiais ou impulsando a recolección de gran cantidade de datos esgazados das súas fonte e contextos orixinais. As técnicas CUAN –análise de contido, enquisas, sondaxes estatísticas...– están concibidas para a análise de macroprocesos. As CUAL –análise do discurso, observación participante, etnografía, entrevistas non estruturadas, grupos de discusión...– proporcionan unha análise menos extensa, pero máis profunda, dende unha visión de conxunto, holística, do obxecto estudo. Tal esixencia fai que se centre non en macro, senón en microprocesos.

As disparidades afectan, por outra banda, á propia natureza dos datos obtidos. As e os investigadores CUAN traballan con datos de carácter numérico, aos que reducen a información obtida das fontes orixinais. A metodoloxía CUAL manexa, pola contra, datos de carácter textual. A análise dos mesmos será, no primeiro caso, de carácter estatístico e, no segundo, de alento interpretativo. A elaboración de inferencias será coherente, na investigación cuantitativa, coa lóxica dedutiva que marcou o proceso investigador, así como coa fidelidade aos principios de obxectividade e neutralidade nos que cre, mentres que no segundo constituirá a culminación dun proceso de carácter indutivo e non refugará do recoñecemento do carácter subxectivo, envolto en valores e transformador, do proceso de investigación (Tashakkori e Teddlie, 1998, 2003).

As diverxencias alcanzan tamén o alcance dos resultados, que procurarán, na metodoloxía cuantitativa, a constatación de leis xerais que expliquen as regularidades

⁵¹ A dicotomía indución-dedución é, para Creswell, a diferenciación máis importante entre a metodoloxía cuantitativa e cualitativa. Tashakkori e Teddlie centran as diferencias en tres dimensións: o tipo de investigación (exploratoria ou confirmatoria); a compilación dos datos (cualitativa ou cuantitativa) e a análise e desenvolvemento de inherencias (cualitativa ou estadística).

que conforman o mundo social, e na cualitativa, a comprensión dos significados da natureza humana (Igartua e Humanes, 2004).

Os métodos mixtos sitúanse fronte a esta dicotomía ollando os dous polos que a constitúen como extremos dun contínuum, no que nos habemos situar segundo os intereses da investigación que emprendamos. Teddlie e Tashakkori sintetízano no seguinte gráfico:

Taboa 3. Métodos de investigación

	Métodos Cuantitativos	Métodos mixtos	Métodos cualitativos
Esfera dos conceptos, propósitos e cuestións	Cuestións dedutivas Propósitos obxectivos Neutralidade Neutralidade política	< ----- > < ----- > < ----- > < ----- >	Cuestións indutivas Propósitos subxectivos Involucración en valores Carácter transformador
Esfera experimental	Datos numéricos Proceso estruturado Análise estatística	< ----- > < ----- > < ----- >	Datos narrativos Proceso fluído Análise de significados
Esfera das inferencias	Lóxica dedutiva Inferencias obxectivas Neutralidade Neutralidade política	< ----- > < ----- > < ----- > < ----- >	Lóxica indutiva Inferencias subxectivas Involucración en valores Carácter transformador

Fonte: Tashakori e Teddlie, 2003

O punto do contínuum no que nos empracemos dependerá do marco paradigmático do que partamos, dos obxectivos do traballo que estamos a emprender, e do modelo e/ou deseño de investigación polo que optemos. Os dous primeiros aspectos foron xa definidos por min con anterioridade para a investigación que sustenta esta tese doutoral. Para o cometido que nos ocupa, o paradigma hermenéutico, polo que optamos, colócame como investigadora na posición de suxeito situado, un suxeito que, aínda que á procura en todo momento da calidade da investigación, da súa validez e fiabilidade, é consciente de que a obxectividade é utopía máis que posibilidade, canto que, como persoas, somos debedoras dunha determinada visión da realidade. Unha visión, neste caso, que vén determinada polos principios da teoría e do movemento feminista, así como pola aposta pola función que o xornalismo pode exercer como contrapoder, como motor de transformación social, que fan desta unha investigación non neutral, senón politicamente comprometida.

Canto aos obxectivos, e como xa foi explicado, precisamos da combinación de métodos mixtos para poder chegar a unha mellor comprensión dos problemas de investigación dos que partimos: a análise de contido non permite discernir o discurso sobre prostitución que axentes políticos e sociais manteñan ao longo do período analizado, cuxa análise é fundamental para un dos obxectivos desta investigación: a análise da influencia na axenda mediática da axenda político-institucional. E para iso, embarqueime nesta viaxe devalando do teórico ao empírico e do empírico ao teórico, entre o indutivo e o dedutivo. No que respecta ao deseño, á estratexia, que Eduardo Bericat define como “a arte de dispor dun conxunto de recursos para conseguir un

obxectivo determinado” (Bericat, 1998, p. 103) falaremos de seguido, mais antes é preciso facer referencia ás distintos deseños e modelos de métodos mixtos existentes.

Ao longo destas dúas últimas décadas nas que abrolla a aposta polos métodos mixtos de investigación, foron varias as iniciativas á procura dunha clasificación dos posibles deseños de investigación. Unha tarefa non sinxela –pola multiplicidade de posibilidades que ofrece a combinación entre métodos e modelos cuantitativos e cualitativos– e aínda aberta, canto que estamos a falar dunha vía aínda na súa adolescencia e, polo tanto, nun momento de progresivo cambio, de procura de identidade diferencial e de continuo desenvolvemento. A tipificación dos deseños mixtos de investigación foi acometida ao longo destes anos por diversos autores e autoras. Entre eles, Greene, Caracelli e Graham (1989); Steckler, Mcleroy, Goodman, Bird e McCormick (1992); de novo, Green e Caracelli (2003); Taschakkori e Teddlie (1998 e 2003) ou Cresswell, Plano Clark, Gutmann e Hanson (2003). Os criterios que sustentan estas clasificacións responden aos factores que, de maneira implícita, adoitan estar tras a elaboración dun deseño de investigación con metodoloxía mixta. Fundamentalmente catro, tal e como recollen Cresswell, Plano Clark, Gutmann e Hanson (2003, p. 215), p. 1) a orde na recollida dos datos; 2) a prioridade que se lle outorga aos datos cuantitativos e aos cualitativos; 3) o modo en que os datos son integrados, e 4) a existencia ou non dun carácter transformación ou dunha dimensión orientada á acción na investigación. Desenvolvémolos máis polo miúdo:

1. A orde na recollida dos datos. Caben dúas posibilidades. A compilación de datos cuantitativos e cualitativos pode ser realizada ao mesmo tempo ou de maneira secuencial: primeiro os datos cuantitativos e logo os cualitativos, ou viceversa. Cando os datos cualitativos preceden os cuantitativos, os primeiros permiten acometer de maneira aberta unha exploración inicial do obxecto de estudo, cuxas achegas nos valerán para desenvolver as ferramentas cuantitativas que aplicaremos a unha mostra máis ampla e así poder xeneralizar os resultados obtidos.⁵² Cando, pola contra, a fase cuantitativa vai primeiro, a utilización posterior da metodoloxía cualitativa adoita ter como finalidade ou contribuír a unha mellor interpretación dos datos obtidos na primeira fase ou incrementar a profundidade da investigación nalgún dos seus aspectos cunha mostra máis reducida.⁵³ O emprego simultáneo de dous métodos de investigación (cuantitativo e cualitativo) acostuma ter como fin comparar os resultados obtidos por ámbolos dous para encontrar achados congruentes. Morse distingue, de feito, entre triangulación simultánea e triangulación secuencial, mentres que Steckler, Mcleroy, Goodman, Bird e McCormick aplican este mesmo criterio temporal para diferenciar entre catro modelos: o uso de métodos cualitativos para desenvolver medidas cuantitativas; o uso de métodos cuantitativos para completar achados cuantitativos; a utilización de

⁵² No informe “A representación da prostitución nos medios de comunicación galegos”, elaborado para o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia por unha equipa de investigadoras e investigadores na que participei como coordinadora, aplicouse, para a análise dos anuncios de sexo de pago, un deseño secuencial no que a fase cualitativa (análise do discurso) precedeu á cuantitativa (análise de contido). Isto facilitou a configuración, a partir desa primeira etapa inicial, con maior precisión das variables e categorías nas que se basearía a análise de contido.

⁵³ No informe mencionado na nota a rodapé anterior, o estudo do tratamento da prostitución na información dos medios galegos seguiu un deseño secuencial no que a etapa cuantitativa precedeu á cualitativa. Deste xeito, a primeira aproximación a partir dunha análise de contido aplicada a unha mostra ampla (as informacións sobre prostitución publicadas ao longo dun mes polos medios de comunicación galegos) serviu de base para unha análise en maior profundidade, centrada no discurso, e aplicada a dous estudos de caso.

métodos cualitativos para explicar achados cuantitativos e o uso equitativo en paralelo de métodos cuantitativos e cualitativos.

2. A prioridade concedida ao cuantitativo e o cualitativo. Pode acontecer que, na investigación, os métodos cuantitativos e os cualitativos teñan o mesmo estatus ou que, pola contra, un deles asuma un carácter dominante.
3. O modo en que se integran as vertentes cualitativa e cuantitativa da investigación. Segundo Tashakkori e Teddlie, a integración entre o cualitativo e o cuantitativo pode ficar só na combinación de métodos (é o que os autores definen, en sentido estrito, como “Métodos Mixtos de Investigación”) ou tamén na integración noutras etapas do traballo investigador (elaboración das preguntas de investigación e dos obxectivos, recollida de datos, análise dos mesmos e elaboración de inferencias). Tashakkori e Teddlie conceptualizan os deseños incluídos nesta última alternativa como “Modelos Mixtos de Investigación”. Ademais, a integración de métodos pode darse a outros niveis. Bericat (1998, p. 105) distingue tres estratexias básicas: complementación (cada un dos métodos empregados procura botar luz sobre un aspecto distinto da realidade que se analiza, nun enfoque de carácter aditivo), combinación (os resultados obtidos polo método A serven para implementar algunha das fases ou compoñentes da fase realizada co método B) e triangulación (os dous métodos procuran a análise dun mesmo obxecto da realidade social, co fin de incrementar a veracidade dos resultados). Ao que habería que engadir outra posibilidade: a transformación de datos cuantitativos (numéricos) en cualitativos (narrativos), ou de datos cualitativos en cuantitativos.
4. O carácter comprometido e transformador. Os métodos mixtos de investigación poden estar cruzados, tal e como recoñecen Green e Caracelli, por unha lente orientada por determinados valores e dirixida á acción, ao cambio e á transformación social. Este filtro pode vir marcado por unha perspectiva de xénero (as teorías feministas e queer), cultural (as teorías que analizan a discriminación en función da orixe étnica ou racial), ou focalizada na análise das diferenzas en función de clase ou de estatus social. Tal lente determina tanto os propios propósitos e obxectivos da investigación (que poden estar orientadas a promover a equidade e a xustiza social ou para crear un determinado impacto persoal, social, institucional ou organizacional), como a relación que se establece coa poboación estudada (por exemplo mulleres, grupos marxinalizados, minorías étnicas...) e as propias conclusións do estudo, que chamarán ao cambio e a mellora social. Baseándose na integración deste criterio cos tres mencionados con anterioridade, Cresswell, Plano Clark, Gutmann e Hanson diferencian seis deseños posibles na metodoloxía mixta: deseño secuencial exploratorio (aquele no que os métodos cualitativos preceden os cuantitativos); deseño secuencial explicativo (os métodos cuantitativos preceden os cualitativos); deseño secuencial transformador; deseño de triangulación concorrente (os dous métodos son empregados de maneira paralela ou concorrente, co obxectivo de confirmar, validar corroborar resultados, así como minimizar as debilidades inherentes a cada método); deseño concorrente en niño (datos cuantitativos e cualitativos son recollidos de maneira simultánea mais un dos métodos é o predominante) e o deseño concorrente transformador.

4.5.2.3. A triangulación de métodos cualitativos e cuantitativos

A triangulación é, dende os anos 70, un dos conceptos máis populares no ámbito dos métodos mixtos de investigación. Foi empregado por vez primeira no eido das Ciencias Sociais por Campbell e Fiske en 1959, no seu artigo “Convergent and discriminant validation by multitrait-multimethod matriz”. Para eles, a triangulación era entendida como a recolla de datos múltiples, fundamentalmente cuantitativos, obtidos de varias fontes. Concibíase pois como fórmula de validación concorrente entre datos distintos mais complementarios (Hernández Sampieri, Fernández-Collado e Baptista Lucio, 2006, p. 789). Mais dende entón, foron moi diversas, e mesmo diverxentes, as definicións e as formas de entender e aplicar o concepto. Sintetizáreis de seguido, para logo concretarmos de que maneira concibimos e aplicamos nesta investigación tal concepto. O exercicio é conveniente e necesario tendo en conta a polisemia do termo e ambigüidade coa que na actualidade se utiliza, o que o pode converter nun concepto tan repetido e popular como baleiro.⁵⁴

A bibliografía sobre os métodos mixtos de investigación amosa que o que diversos autores e autoras entenden por triangulación pode variar en función de tres factores: a) a natureza dos datos e métodos que se fan camiñar da man (só cuantitativos, só cualitativos ou cualitativos e cuantitativos); b) a súa finalidade (validez e/ou complementariedade); e c) as fases, etapas, ámbitos e dimensións da combinación e integración.

Canto ao tipo de datos cos que se pretenda tecer a investigación, convén lembrar que a triangulación non é unha técnica exclusiva dos métodos mixtos. Foi manexada e impulsada, de feito, tanto na investigación cualitativa como pola cuantitativa a modo de estratexia para o emprego de métodos diversos para recadar datos, mais sempre da mesma natureza (numérica ou narrativa) segundo a vía metodolóxica á que se adscribira a investigación. Campbell e Fiske, en 1959, referíanse á triangulación basicamente de datos cuantitativos. Porén, da man dos métodos mixtos, o concepto cobrará novas dimensións. Foi en 1973 cando S. Sieber suxeriu a combinación de estudos de caso con enquisas, propondo así a integración de técnicas de natureza cuantitativa e cualitativa. Aposta na que se reafirmou en 1979 Jick, quen introduciu os conceptos básicos dos deseños mixtos (Hernández Sampieri, Fernández-Collado e Baptista Lucio, 2006: p. 789) Da man dos métodos mixtos de investigación, o concepto cobraría novas dimensións.

No que se refire á finalidade, difire notablemente aquela que se lle supuña nos ámbitos nos que foi empregado por primeira vez, os mundos da navegación e da topografía, cos significados que o concepto cobrou no eido das Ciencias Sociais. No seu senso orixinario, o termo é utilizado para denominar o cálculo dun punto espacial a partir doutros dous, mediante o emprego das leis da trigonometría. No seu traslado ás Ciencias Sociais, da man de Campbell e Fiske en 1959, o termo pasa a denominar o emprego de distintas operacións de medida para responder a unha pregunta de investigación, de modo que, mediante o logro de resultados similares a partir de técnicas diversas, se poida reafirmar a validez da investigación. O termo perde, pois, parte do seu significado orixinario. Mentres na navegación e na topografía, para triangular é imprescindible contar con outros dous puntos para a localización dun terceiro, nas

⁵⁴ Unha das debilidades actuais dos métodos mixtos de investigación é a aínda escasa consolidación dun aparello terminolóxico propio, diferenciado das tradicións cuantitativa e cualitativa, e consolidado canto a significantes e significados. Tal febleza ponse en evidencia ante a ambigüidade do concepto triangulación, que varía de maneira notable segundo os autores/as que se tomen como referencia.

ciencias sociais estes dous puntos de partida non son prerrequisito indispensable para chegar a un resultado senón que o que se pretende é chegar a ese resultado mediante dúas vías distintas, e así ratificar a súa validez.

Mais tal concepción do termo resultaría obxecto de críticas. Que a través de dous métodos cheguemos a similares resultados –considérase dende tales posicións– non é garantía de maior acerto porque os dous poden estar nesgados de maneira similar. A triangulación enténdese xa non tanto como unha estratexia para validar resultados senón como un modo de obter unha visión máis completa do obxecto de estudo mediante a súa observación a partir de diferentes puntos de vista. Pode engadir, polo tanto, “maior envergadura ou profundidade”, pero non necesariamente maior validez (Fielding e Fielding, 1986, p.33, citados por Christian Erzberger e Udo Kelle (2002, p. 461).

O fin que se lle atribúa á triangulación varía de modo notable a definición que se faga do concepto e a súa posición nas diversas clasificacións existentes sobre os métodos mixtos de investigación. Nas elaboradas por autores como Bericat (1998) ou Green, Caracelli e Graham (1989), a triangulación é identificada como unha estratexia específica que ten como fin a converxencia dos resultados.⁵⁵ Para Agustín Campos Arenas, todas as dimensións sinaladas se integran, sen conflito, no termo triangulación. O autor distingue, segundo a finalidade, distintos modelos de triangulación: 1) A triangulación entendida como validación, que procura a converxencia dos resultados obtidos dende diferentes métodos para incrementar así a súa validez; 2) A triangulación como complementación, que ten como fin achegar novos significados aos resultados xa obtidos por outros métodos, e 3) a triangulación como modelo trigonométrico, tal e como se emprega nos ámbitos da navegación, a topografía e a lóxica castrense (Campos Arenas, 2009, p. 14).

A ambigüidade maior do termo encóntrase nas dimensións e alcance da estratexia de combinación. Podemos así diferenciar:

- Aquelas definicións que van alén o metodolóxico. Enténdese que a triangulación pode ser: a) de datos (de distinta natureza, cuantitativa ou cualitativa; de distintas fontes, obtidos en distintos tempos ou de diversas bases de datos); b) de métodos; c) de investigadores, d) de teorías, e e) de ciencias e /ou disciplinas (Hernández Sampieri, Fernández-Collado e Baptista Lucio, 2006, p. 790).
- Aquelas definicións que entenden a triangulación cinguida ao ámbito metodolóxico, mais en senso amplo, como “combinación e comparación de múltiples fontes de datos, coleccións de datos e procesos de análise, métodos de investigación e das inferencias que se desenvolven ao final dun estudo” (Tashakkori e Teddlie (Ed), 2002, p. 717). É dicir, a triangulación sería empregada como sinónimo de toda estratexia de combinación de diferentes tipos de datos, métodos e inferencias, que se aplica ás diversas fases do proceso investigador, dende o traballo de campo, até as fases de análise e interpretación.
- As definicións que entenden a triangulación como unha estratexia específica de varias posibles para a combinación de datos cuantitativos e cualitativos. Xa

⁵⁵ Xa falamos de cómo Bericat distingue entre combinación (os resultados obtidos por un método sérvennos para poder desenvolver unha segunda fase da investigación, na que afonde en aspectos concretos mediante outro método), complementación (os dous métodos son empregados para captar distintas imaxes da realidade social que se analiza e o nivel de integración entre eles é mínimo) e triangulación (un mesmo obxecto da realidade é captado mediante dous métodos co mesmo propósito, o que incrementa a validez dos resultados). Green, Caracelli e Graham. diferencian tamén, e con significado similar, entre triangulación, complementariedade e desenvolvemento (equivalente ao que Bericat entende como combinación), ao que engaden outras dúas variedades: iniciación e expansión.

mencionamos as clasificacións de Bericat e mais de Green, Caracelli e Graham. Para Hernández Sampieri, Fernández-Collado e Baptista Lucio, a triangulación pode empregarse para denominar tanto o que eles denominan como deseños en paralelo como aos deseños mixtos complexos. Os autores diferencian, á hora de clasificar os métodos mixtos de investigación, entre deseños de enfoque dominante ou principal (aínda que se mesturen os enfoques cualitativo e cuantitativo, un predomina sobre o outro); deseños en paralelo (os dous métodos son empregados en paralelo e co mesmo peso) e deseños mixtos complexos (que supoñen o nivel máis alto de integración, mediante a combinación e interactividade dos enfoques cualitativos e cuantitativos ao longo de todo o proceso investigador). A triangulación denominaría, pois, unha técnica concreta dun monllo diverso que configuraría a diversidade de opcións dos métodos mixtos.

4.5.2.4. A triangulación aplicada ao meu deseño de investigación

Esta investigación aposta pola triangulación, como unha determinada técnica de combinación de datos e métodos cuantitativos e cualitativos, aquela que aplica os dous de maneira paralela e ao mesmo nivel sobre o mesmo obxecto de estudo, e cun fin: a obtención dunha imaxe máis completa do mesmo. As técnicas cualitativas e cuantitativas serán empregadas pois, con idéntico peso e importancia, e desenvoltas en paralelo no proceso de recollida e análise de datos. Un concepto de triangulación que coincide co que Hernández Sampieri, Fernández-Collado e Baptista Lucio denominan deseños en paralelo e co que Tashakkori e Teddlie denominan como Deseño Concorrente de Métodos Mixtos.

O emprego da estratexia trianguladora, tal e como recolle Agustín Campos Arenas (2009, p. 14) citando a Jick, ten como vantaxes a maior certeza dos resultados ao ser obtidos dende fontes diversas, a potenciación da creatividade na recolla dos datos, o incremento na riqueza dos mesmos, a súa capacidade para desvelar contradicións e debilidades no traballo que se está a realizar, a posibilidade de integrar teorías e o poder ser empregada como proba decisiva á hora de enfrontar teorías competidoras.

Neste traballo de investigación, o emprego da triangulación persegue, fundamentalmente, conseguir complementariedades entre as fortalezas de diversos métodos de investigación. En definitiva, poder chegar cun determinado método alí onde outro non pode chegar. Os métodos cuantitativos seranme útiles sobre todo nas hipóteses que teñen que ver coa valorización do fenómeno, a tematización, a análise das marcas textuais froito das rutinas xornalísticas e a actorialización. Porén, para o estudo dos procesos de reflexión, é dicir, a persistencia dos estigmas, o discurso ideolóxico do xornal e o discurso ideolóxico das e dos protagonistas das esferas político institucional e do tecido social organizado, así como das e dos axentes máis directamente involucrados no mundo da prostitución (como as propias prostitutas), a análise do discurso constitúe, para esta investigación, a ferramenta metodolóxica máis útil, canto que permite poñer o foco na maneira en que o discurso delata as relacións de poder entre os diferentes axentes e, así, poder sacar conclusións respecto á representación da prostitución que os medios fan.

A análise da representación mediática da prostitución será abordada mediante a triangulación dos datos obtidos na análise do discurso e na de contido, que será aplicada de modo conxunto á mostra obxecto de estudo. Unha aposta metodolóxica defendida por Miguel Vicente Mariño (2009) para as Ciencias da Comunicación como estratexia para integrar dúas técnicas profusamente empregadas polas e polos investigadores deste ámbito disciplinar, mais case sempre por separado, por seren consideradas bandeiras de

perspectivas teóricas e principios fundacionais –os enfoques dedutivo, no caso da análise de contido, e indutivo, no da análise do discurso– de signo oposto. As razóns argumentadas por Vicente Mariño son similares ás que fixeron evolucionar este traballo dende o enfoque cuantitativo inicial ao mixto actual: a incapacidade da análise do contido –que encorseta a realidade obxecto de análise en variables e categorías definidas con anterioridade, simplificándoa e desligándoa do seu contexto– para abordar o substrato ideolóxico por detrás do texto. Porén, o enfoque que defende non é o mesmo do que parte esta investigación. Mentres para Vicente Mariño, a análise do discurso é unha forma de completar as debilidades da análise de contido –como técnica complementaria para chegar alí onde a análise de contido non chega–, este traballo parte da consideración de ámbalas dúas técnicas a un mesmo nivel.

4.5.2.5. Moldeando as técnicas. A triangulación das análises de contido e do discurso

A miña proposta trianguladora ten, no que ao estudo das representacións se refire, dous ingredientes fundamentais. Por unha banda, a análise de contido, e mais en concreto, a análise hemerográfica diacrónica elaborada pola profesora Amparo Moreno, na que se inspira –aínda que non segue de maneira fiel– o meu deseño. Por outra, a análise crítica do discurso, tomando como punto de partida neste caso as recomendacións do profesor Theun Van Dijk. As dúas técnicas serán adaptadas para os propósitos específicos desta investigación, que pretenderá integralas de cara a sumar as fortalezas de ámbalas dúas e co fin explícito de conseguirmos un coñecemento máis profundo do obxecto de investigación. Asumimos, para facelo, dúas bandeiras: a liberdade creadora do suxeito investigador, que tomamos prestada do paradigma hermenéutico, e a priorización, ante todo, do obxecto de estudo e os fins da investigación, que adoptamos dos modelos mixtos de investigación, por riba de adscripcións estritas a escolas, correntes, metodoloxías ou dicotomías cuantitativas ou cualitativas, positivistas ou comprensivas. As técnicas que aquí se presentan son as que, despois dun proceso delongado de reflexión, de experimentación e de proba-erro, considero máis adecuadas para responder ás preguntas formuladas nun inicio, confeccionadas a medida para o mellor cumprimento dos meus propósitos investigadores e evitando que, de ningún modo, a metodoloxía sexa corsé senón retal de seda que, como tal, se adapte ao corpo da nosa investigación.

4.5.2.6 O contido explícito: A análise hemerográfica diacrónica

A técnica que empregamos para o estudo cuantitativo dos contidos inspírase na análise hemerográfica diacrónica, deseñada por Amparo Moreno a finais dos 70 e desenvolvida con amplitude e detalle nas décadas posteriores. Dita ferramenta metodolóxica é tomada como base e fonte de inspiración para a análise de contido que elaborei para esta tese doutoral, mais non é seguida fielmente, canto que foi adaptada aos obxectivos que me marquei para esta investigación.

A proposta de Moreno foi testada en diversos traballos de investigación e teses doutorais, en varios dos cales se aborda de maneira específica a representación das mulleres na prensa. A metodoloxía foi medrando e concretándose ao longo do tempo, así como adaptándose a fins específicos, nun intento de transferir as súas achegas alén mesmo o académico. Froito da mesma créase o test ADSH para a Avaliación da Amplitude, a Diversidade e a Sensibilidade Humana, que simplifica a análise hemerográfica diacrónica para convertela en ferramenta útil e práctica alén o ámbito investigador, para aquelas e aqueles profesionais e medios, ou mesmo lectores e

lectoras, que busquen un instrumento que lles permita unha observación crítica dos contidos mediáticos.

A proposta metodolóxica de Moreno de análise hemerográfica diacrónica ten como piares a resposta a catro preguntas chave: Quen enfoca? A que protagonistas? Facendo que? E en que escenarios? Á que logo, o test ADSH engadirá unha cuestión máis: Con que fontes? Estas interrogacións seminais asentan na concepción que Moreno ten do xornal como representación cartográfica da realidade na que certos espazos, ocupados por determinados actores sociais, son destacados mentres que outros son relegados a un segundo lugar ou obviados, deixando así na escuridade ou en penumbra a realidade na que viven a diversidade de colectivos humanos que neles habitan. As dificultades observadas por Amparo Moreno e o seu alumnado para a aplicación da análise de contidos a partir das categorías utilizadas habitualmente na prensa, tal é o caso dos criterios temáticos, lévaa a poñer o foco, nas e nos protagonistas (Rovetto, 2010, p. 134). Deste xeito, cada exemplar de periódico considérase,

non como unha colección de temas, senón como un conxunto de explicacións que fan referencia a distintos protagonistas que establecen relacións diversas entre si, persoais ou colectivas (Moreno, Rovetto e Buitrago, 2007, p. 26).

A autora pon o foco nas persoas, e mais en concreto nas e nos protagonistas da información, para así desvelar en quen os focos mediáticos centran a atención e a quen invisibilizan. É así como se pon de manifesto, tal e como evidencian investigacións diversas realizadas con esta metodoloxía polo grupo de investigación de Amparo Moreno, que:

a prensa considerada seria, ao igual que os textos académicos e políticos, falan pouco da maioría de mulleres e homes porque centran a súa atención nunhas minorías de varóns adultos que constitúen os colectivos que exercen o poder nos escenarios centrais, políticos, económicos e culturais” (Moreno, Rovetto e Buitrago, 2007, p. 18).

Esa minoría de varóns adultos e en espazos de poder correspóndese co que a autora definiu como o arquetipo viril masculino, que se identifica cos “varóns adultos dos grupos dominantes que representan papeis sociais vinculados ao exercicio do poder” (Moreno, 1998, p. 32). Un arquetipo que non só invisibiliza as mulleres, senón tamén a outros colectivos de homes que non se asimilan a ese modelo protagonista. Mais a responsabilidade dos medios non se limita só á dirección á que dirixen os seus focos, senón aos filtros dos que botan man para modular a luz que desprenden. É así como os medios constrúen en positivo a quen ten o poder, e en negativo a quen carece del (marcado, e discriminado, non só por razóns de xénero, senón tamén de clase social ou orixe étnica).

Certamente, a valoración positiva das actuacións dos varóns que participan no poder ou se enfrontan polo poder, como se foran superiores e cargadas de significado, *significativas*, sexa no terreo informativo, como no político, social, cultural etc., só se pode sustentar construíndo simbolicamente en negativo, como se fora inferior e *in-significante*, todo o que achegan ao funcionamento da sociedade a maioría de mulleres e homes que non forman parte deses colectivos” (Moreno, Rovetto e Buitrago, 2007, p. 19).

O feito de que a análise hemerográfica diacrónica puxera a atención nas persoas que son ou non obxecto de atención polos medios, que están no centro do feixe de luz ou, pola contra, ocultas ou distorsionadas nas súas marxes, e que ademais tal metodoloxía tivera sido empregada xa en diversas investigacións para analizar a representación diferenciada de mulleres e homes na prensa,⁵⁶ converteuse nunha das motivacións principais que me animou a servirme dela na miña investigación. Non foi, porén, a única. A análise hemerográfica diacrónica ten entre os seus fins explícitos, como explica o grupo de investigación dirixido por Amparo Moreno e como vimos de expor, “visibilizar o conxunto de suxeitos sociais e políticos presentados pola prensa, así como as súas accións e os escenarios nos que se desenvolven, dando conta do enfoque e tratamento da diversidade social”. Mais tamén pretende “permitir unha lectura comparada en termos cuanti e cualitativos dos relatos e explicacións, explícitos e latentes, que ofrece a prensa da realidade” e “promover unha análise social e política a partir da articulación entre os textos xornalísticos e publicitarios, e os contextos históricos nos que estes se producen, na medida en que os medios, ao rexistrar a memoria do sucedido, poden ser lidos como pautas historiográficas”. Ámbolos dous fins conectan con dúas inxerencias basais nesta investigación. A primeira, de carácter metodolóxico, en relación coa integración do cuantitativo e o cualitativo; a segunda, imbricada de maneira directa coa hipótese central deste traballo: o grao en que o medio responde, nos seus contidos, aos cambios contextuais que se producen na sociedade na que está enraizado.

Detereime neste apartado na citada en primeiro lugar, por manter estreita relación co capítulo metodolóxico que estamos enfiando. A análise hemerográfica diacrónica e o test ADSH, aínda que técnicas fundamentalmente cuantitativas, permiten tamén facer unha lectura non só cuantitativa senón tamén cualitativa dos datos que se obteñen. Os datos recóllense conservando a súa literalidade. Isto facilita volver de novo a vista cara a eles unha vez recompilados e realizar a súa categorización a posteriori, tal como se aplica en varios traballos do grupo fundado por Amparo Moreno, ou, como farei eu nesta investigación, establecendo en principio unha clasificación moi aberta de categorías e revisala unha vez feita a colleita de datos.

Por outra banda, o feito de que os datos sexan captados na súa literalidade —é dicir, que se transcriban, tal e como son mencionados na unidade redaccional analizada— posibilita tamén unha lectura cualitativa, e serve ademais de base para que outras e outros investigadores, ou eu mesma, poida revisar os resultados —o que permitiría contrastar e revisar a calidade e validez dos resultados obtidos— ou reaproveitalos para outros fins. Iso facilita a súa integración coa análise do discurso, que é a proposta metodolóxica que sustenta esta tese.

Como xa comentei, o deseño desta tese doutoral para a análise de contido non segue de maneira fiel a proposta deseñada por Amparo Moreno e o seu grupo de investigación, senón que a adapta aos propósitos desta investigación e tamén ás súas limitacións. En primeiro lugar, o suxeito de investigación, nesta tese doutoral, non está conformado por todas as persoas que protagonizan as unidades redaccionais analizadas, senón por todas aquelas persoas que, protagonistas ou non, aparezan como actores nas

⁵⁶ Entre elas, a investigación *La representación de las relaciones entre mujeres y hombres y del recambio generacional en la prensa, de 1974 a 2004*, financiada polo Instituto de la Mujer, e as teses doutorais de Núria Simelio (*Prensa de información general durante la transición política (1974-1984): pervivencias y representación de las relaciones sociales*), María Soledad Vargas (*Los dominicales durante los últimos 30 años (1974-2004): consolidación y desarrollo de la sociedad de consume en España*) e Florencia Rovetto (*La representación del trabajo de las mujeres en la prensa: Análisis comparativo y cualitativo de la información de actualidad*), así como o traballo que dá pé á publicación *¿De quién hablan las noticias? Guía para humanizar la información* (Moreno, Rovetto e Buitrago, 2007).

unidades redaccionais analizadas, que son só aquelas nas que o mundo da prostitución é protagonista. Hai unha segunda diferenza de raíz coa análise hemerográfica diacrónica: Aínda que a análise de actores e actoras da información é fundamental nesta investigación, non renuncio á análise temática, canto que a influencia da tematización da axenda política e do tecido cívico organizado nos medios estudados é unha das miñas principais hipóteses. Son consciente das dificultades que implica a categorización temática, e que levou a descartala no deseño orixinal da análise hemerográfica diacrónica elaborada por Amparo Moreno, mais para facelo coa máxima concreción, botarei man dunha revisión constante das categorías inicialmente establecidas, o que me permite a recollida literal dos datos.

Incorporo de seguido a ficha utilizada para a análise de contido, coa relación final de variables que foi utilizada, así como o libro de códigos coa definición das categorías empregadas.

Taboa 4. Ficha de análise

Número	Denominación da variable		Valores	Recompilación dos datos
V0	Diario	El País ABC	1 2	
V1	Data: mes e ano	-		Indícase a data en que é publicado o exemplar que se analiza
V2	Titular	-		Transcríbese de modo literal o titular, subtítulo e antetítulo da unidade redaccional (UR)
V3	Situación en páxina	Par Impar	1 2	
V4	Situación en páxina	Superior Inferior A toda páxina	1 2 3	
V5	Espazo en módulos	De 1 a 10 módulos De 11 a 25 módulos De 26 a 49 módulos A toda páxina Máis dunha páxina	1 2 3 4 5	
V6	Presenza de imaxe		SI NON 1 2	

V7	¿Aparece en portada?		SI 1	NON 2	
V8 V9 V10 V11 V12 V13 V14 V15 V16 V17 V18 V19 V20 V21	Área temática	Trata Tráfico Proxenetismo e explotación sexual Outros sucesos Xuízos Condições de exercizo Prostitución voluntaria Conflitos veciñais Compradores de sexo Debate político-legal Medios de comunicación Causalidade Repercusións Outros	1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1	2 2 2 2 2 2 2 2 2 2 2 2 2 2	As categorías non son excluíntes. A ficha permite a escollo de varias áreas temáticas para a mesma unidade redaccional.
V22 V23 V24 V25 V26 V27 V28 V29 V30 V31 V32 V33 V34 V35	Marcos de referencia	Sucesos Legal Laboral Crónica xudicial Político Económico Social Convivencia cívica Crónica Social Cultural Espectáculos Humano Ctífico. académico Outros	1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1 1	2 2 2 2 2 2 2 2 2 2 2 2 2 2	As categorías non son excluíntes. A ficha permite a escollo de varios marcos para a mesma unidade redaccional.
V36 V37 V38 V39 V40 V41 V42 V43 V44 V45 V46 V47	Actores/as	Prostitutas/os Proxenetas Compradores de sexo Actores xurídicos Forzas policiais Actores gobernamentais e político-institucionales Expertos/as Asociación asistencialistas Movemento feminista Veciñanza Medios Outras	1 1	2 2	Recóllese, de maneira literal, o nome dos actores que se analizan, a súa descrición e accións, e se desempeñan un rol activo ou pasivo (é dicir, se son axentes da acción ou pacientes da mesma). Indícase, así mesmo, se se trata dun actor/a principal ou secundario/a, e a súa nacionalidade.

	Protagonistas imaxe		SI	NON	
V48		Prostitutas	1	2	Describe-se ás ou aos protagonistas da foto e transcribese o pé de foto.
V49		Compradores	1	2	
V50		Proxenas	1	2	
V51		Actores político institucionales e gubernamentales	1	2	
V52		Actores policiais	1	2	
V53		Actores xurídicos	1	2	
V54		Expertos/as	1	2	
V55		Asociacións asistenciaisistas	1	2	
V56		Movimento feminista	1	2	
V57		Vecindario	1	2	
V58		Medios	1	2	
V59		Outras	1	2	
	Modalidades de prostitución		SI	NON	
V60		Rúa ou barrio	1	2	
V61		Club	1	2	
V62		Piso	1	2	
V63		Prostitución de luxo	1	2	
V64		Menores	1	2	
V65		Outros	1	2	
	Xénero de quen exerce a prostitución				
V66		Muller		1	
V67		Home		2	
V68		Muller transxénero		3	
V69		Home transxénero		4	
V70	Tratamento xornalístico	Información Interpretación Opinión		1 2 3	
	Fontes		SI	NON	Recóllese, de maneira literal, o nome das fontes que se analizan
V71		Prostitutas	1	2	
V72		Compradores	1	2	
V73		Proxenas	1	2	
V74		Veciños/as	1	2	
V75		Institucionais	1	2	
V76		Asociacións asistenciaisistas	1	2	
V77		Feministas	1	2	
V78		Expertas	1	2	
V79		Outras	1	2	

V80 V81 V82 V83 V84 V85 V86 V87 V88 V89 V90	Tipo de fontes institucionais	Parlamento Senado Organismos supraestatais Goberno estatal Goberno autonómico Goberno local Partidos Deputacións Fontes policiais Fontes xudiciais Outros		
V91 V92 V93 V94 V95 V96 V97	Tipo de fontes expertas	Ámbito legal Ámbito educativo Ámbito Sanitario Ámbito dos medios Ámbito psicolóxico Ámbito sociolóxico Outros ámbitos		
V98 V99 V100	Tipo de fontes asociativas	Feministas Asistenciais Outras		
V101	Autoría	Xornalista Articulista Redacción Axencias Sen asinar Outros	1 2 3 4 5 6	
V102	Xénero	Noticia Reportaxe Entrevista Crónica Artigo de opinión Crítica Editorial Cartas á ou ao director/a Perfil Outros	1 2 3 4 5 6 7 8 9 10	
V103	Orientación	Ao acontecemento Ao tema	1 2	

V104	Sección	<p>Sucesos</p> <p>Sociedade</p> <p>Local</p> <p>Estatal</p> <p>Internacional</p> <p>Xente</p> <p>Cultura</p> <p>Deportes</p> <p>Opinión</p> <p>Comunicación</p> <p>Contraportada</p> <p>Outros</p>	<p>1</p> <p>2</p> <p>3</p> <p>4</p> <p>5</p> <p>6</p> <p>7</p> <p>8</p> <p>9</p> <p>10</p> <p>11</p> <p>12</p>	
V105	Aplicación da perspectiva de Xénero		<p>SI 1</p> <p>NON 2</p>	
V106	Como se identifica a quen exerce a prostitución	<p>chicas, prostituta/o, vítima</p> <p>muller/home prostituído</p> <p>escrava sexual</p> <p>traballadora sexual</p> <p>puta e outros termos connotados negativamente</p> <p>termos eufemísticos (hetaira, hetera...)</p> <p>Chapero profesional</p> <p>Outros</p>	<p>1</p> <p>2</p> <p>3</p> <p>4</p> <p>5</p> <p>6</p> <p>7</p>	
V107	Como se describe a quen exerce a prostitución	-----		<p>Recollida literal do modo en que é identificado /a, como se describe, nacionalidade e as accións que desempeña</p>
V108	Como se identifica a quen se beneficia da prostitución allea	<p>empresario, dono, xerente</p> <p>proxeneta</p> <p>rufián</p> <p>redes e grupos organizados de trata e tráfico</p> <p>mafia</p> <p>chulo</p> <p>madame</p> <p>traficante</p> <p>outros</p>	<p>1</p> <p>2</p> <p>3</p> <p>4</p> <p>5</p> <p>6</p> <p>7</p> <p>8</p> <p>9</p>	
V109	Como se describe a quen se beneficia da prostitución allea	-----		<p>Recollida literal do modo en que é identificado /a, como se</p>

				describe, nacionalidade e as accións que desempeña
V110	Como se identifica a quen compra sexo	prostituidor cliente connotación negativa (putañeiro, putero...) outros	1 2 3 4	
V111	Como se describe a quen compra sexo	-----		Recollida literal do modo en que é identificado /a e das accións que desempeña

Fonte: Elaboración propia

As categorías obxecto de análise están descritas no seguinte libro de códigos elaborado para esta investigación:

4.5.2.6.1. Libro de códigos

VALORACIÓN. A valorización será medida a partir de dous indicadores: a atención e a relevancia. A atención será medida atendendo ao número de unidades redaccionais que, sobre prostitución, publica o medio de comunicación analizado, co fin de determinar a súa relevancia na axenda diaria do mesmo. A relevancia, pola súa banda, sopesarase en función das seguintes variables:

- **Espazo que se lle dedica á unidade redaccional**, medido en módulos. O dato ao respecto dos módulos que a información ocupa proporcionanos unha referencia que nos achega de modo rápido á relevancia que o xornal lle concede a dita unidade redaccional. Diferenciamos, ao respecto, unidades redaccionais de 5 módulos ou menos (por ser consideradas breves); unidades redaccionais de entre 6 e 25 módulos (polo tanto, de extensión superior á dun breve pero inferior á dunha media páxina); unidades redaccionais comprendidas entre os 26 e os 49 módulos (de extensión superior á media páxina pero inferior a unha páxina); unidades redaccionais a toda páxina, e unidades redaccionais superiores a unha páxina.
- **Situación en páxina.** Diferenciamos entre páxina par e e impar e entre emprazamento superior e inferior. Son as páxinas impares, así como aqueles elementos da páxina situados no seu extremo superior, os puntos aos que en primeiro lugar se dirixe a vista da ou do lector, tal e como sinalan as e os estudosos do deseño ao analizar as zonas de interese das páxinas do xornal (El-Mir, Lallana e Hernández, 1995, p. 48). Entendemos, polo tanto, que a aquelas informacións situadas en páxina

impar e na metade superior da páxina, as e os editores do xornal quixeron darlle maior relevancia.

- **Presenza de imaxe:** O acompañamento dos contidos redaccionais cunha imaxe (sexa esta fotografía, infografía ou ilustración) é unha das formas en que o xornal os destaca e lle dá relevo fronte ao resto da páxina. Por iso, a presenza ou non de imaxe xunto coa unidade redaccional é considerada neste estudo variable pertinente para medir a valorización que o medio fai de dito contido.
- **Presenza en portada.** Á portada do xornal lévanse só aquelas informacións ás que se lle quere dar un lugar máis destacado. Reúne, polo tanto, as novas do día que as e os editores consideran máis relevantes.
- **Sección.** Entendo sección como cada un dos apartados nos que o xornal organiza a información. As categorías nas que se subdivide esta variable atenderán a aquelas que o propio xornal diferencie.

TEMATIZACIÓN.

-**Temas.** Os temas foron definidos en función dunha serie de categorías baseadas no estudo *A representación da prostitución na prensa galega* (2010). Para tal estudo, fíxose unha relación inicial de categorías, non pechada, que foi completada ao longo do traballo de campo, sendo revisados todos os datos obtidos unha vez finalizado o traballo de campo e decidida unha relación definitiva de categorías. Dado que a adscrición dunha unidade redacción a un determinado ámbito temático é á forza unha decisión subxectiva (o tema non é unha característica intrínseca á unidade redaccional senón inferida pola persoa receptora a partir dos contidos e determinada en función de esquemas mentais propios), convén describir coa maior precisión cada un dos ámbitos temáticos diferenciados:

1. **Trata de seres humanos con fins de explotación sexual:** Partimos da definición da Organización das Nacións Unidas, e adoptada no Plan Integral de Loita contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual, aprobado en 2008 no Estado español. Segundo tal definición, enténdese como trata (en inglés, *trafficking in human beings*), o “recrutamento, transporte, embarque ou recepción de persoas, por medio de ameaza, uso da forza, coacción, fraude, engano abuso de poder ou de situacións de vulnerabilidade, ou mediante pago ou beneficio económico na obtención do consentimento dunha persoa para que ceda o control sobre outra co propósito da súa explotación. A explotación inclúe, como mínimo, a derivada da prostitución e doutras formas de explotación sexual, traballos ou servizos forzados, escravitude ou prácticas similares, servidume e extracción de órganos”.
2. **Tráfico de seres humanos con fins de explotación sexual:** Segundo a ONU, tráfico (en inglés, *smuggling of migrants*), é “o procedemento para obter, directa ou indirectamente un beneficio económico da entrada ilegal dunha persoa nun país do que non é nacional nin residente permanente”.

Ámbolos dous conceptos son adoito confundidos pois os dous se manifestan a través das canles de inmigración irregular. Segundo o Plan Integral de loita contra a explotación de seres humanos con fins de

explotación sexual, hai tres aspectos fundamentais que nos permiten diferenciar o que é trata do tráfico:

- O consentimento: O tráfico é consentido pola propia persoa que é traficada, que busca unha canle irregular de entrada a un país estranxeiro. A trata non é consentida ou, se o é, éo en todo caso mediando coacción, engano ou abuso.

- A explotación: Diferenciar entre trata e tráfico é, en parte, como distinguir entre os medios e os fins. Os beneficios de quen trafica cínguense aos derivados do transporte dunha persoa dun a outro punto do planeta. A trata, ademais do transporte, implica un fin posterior: a explotación desa persoa co fin de obter beneficios económicos.

- A transnacionalidade: O tráfico prodúcese sempre entre estados (o seu fin e burlar fronteiras interestatais), mentres que a trata pode ser tamén interna (é dicir, entre distintas zonas dun mesmo estado).

3. Proxenetismo e explotación sexual: Ligamos ambos conceptos dado que entendo que proxeneta é quen se beneficia da explotación sexual doutra persoa, conduta punible, tal e como se sinala no Código Penal nos seus artigos 187 e 188. A explotación sexual pode ser, tal e como vimos de indicar, un dos fins da trata. Tendo isto en conta, e para diferenciar esta categoría da anterior, incluiremos aquí todas aquelas unidades redaccionais que fagan referencia a proxenetismo e explotación sexual sen facer mención á problemática da trata. A efectos deste estudo, trata sempre levará consigo proxenetismo e explotación sexual (porque analizamos, lembremos, a trata con fins de explotación sexual), mais a explotación sexual non sempre irá ligada á trata. É nestes últimos casos, e mais en todas aquelas unidades redaccionais nas que non se faga mención á relación do delito de explotación sexual cunha problemática relacionada coa trata, cando as unidades redaccionais analizadas serán incluídas na categoría que estou a definir.
4. Outros sucesos: Aqueles que non se incardinan nalgún dos tres epígrafes reseñados con anterioridade.
5. Condicións de exercicio e problemáticas ligadas ou derivadas do mesmo. Incluímos nesta categoría aquelas unidades redaccionais nas que se aborden aquelas problemáticas que se manifestan no día a día do exercicio da prostitución (condicións hixiénico-sanitarias, situación económica de quen se prostitúe, precariedade laboral, vulneración dos dereitos humanos...).
6. Prostitución voluntaria. Cómpre distinguir entre prostitución forzada e prostitución voluntaria (tanto a decisión de prostituírse como de manterse no exercicio da prostitución é adoptada libremente pola persoa que ofrece ditos servizos sexuais). A esta última facemos referencia nesta categoría, que se centra naquelas unidades redaccionais que atenden á definición, descrición e reivindicación da prostitución como traballo e profesión, froito dunha decisión libre por parte de quen se prostitúe.
7. Conflitos coa veciñanza: O exercicio da prostitución —sobre todo daquela que se exerce na rúa, en espazos públicos— xera en ocasións conflitos coa veciñanza, que adoitan alegar cuestións de moralidade, intereses pecuniarios (efectos negativos sobre a recadación dos negocios ou o valor

de bens inmobles) e/ou relacionadas coa orde pública. Este é, de feito, segundo o estudo realizado por Concha Fagoaga en 2003, un dos principais factores que leva á prostitución a ser noticiable (aínda que isto non é observado na mostra de análise elaborada para o estudo realizado en 2010 por Álvarez Pousa et al. para o ámbito galego).

8. Compradores de sexo: Incluirei nesta categoría todas aquelas unidades relacionais centradas na figura de quen compra sexo (perfil, demandas, relación prostituta-cliente...).
9. Debate político-legal: O estatuto legal da prostitución é en España un debate aínda sen pechar, que mesmo provoca fortes disensos ao interior do propio movemento feminista. Catro son os posicionamentos principais sobre o estatuto legal da prostitución: o prohibicionismo (o exercicio da prostitución fica prohibido), tal e como acontece en USA en varios dos seus estados); o abolicionismo (o marco legal non castiga o exercicio da prostitución, mais si a quen dela se beneficie ou mesmo, nalgún caso como Suecia, a quen compra servizos sexuais); o legalicionismo (a prostitución ten estatuto legal e é recoñecida oficialmente como traballo), e o regulacionismo: o estado adopta un forte carácter intervencionista regulando as condicións nas que se exerce a prostitución (censos de persoas que exercen a prostitución, controis sanitarios...) tal e como acontecía, por exemplo, na España da posguerra.
10. Medios de comunicación: Darase acubillo, baixo esta etiqueta, a aquelas unidades redaccionais que fagan referencia á relación dos medios de comunicación coa prostitución (beneficios obtidos polos anuncios de sexo de pago, medidas políticas ao respecto, representación da prostitución nos seus contidos...).
11. Causalidade: Etiquetaranse baixo esta etiqueta as unidades redaccionais que teñan como tema principal a análise das causas que poden conducir a unha situación de prostitución, dende as de índole persoal até as de carácter estrutural, con base nas desigualdades inherentes ás propias estruturas sociais (por exemplo, as desigualdades económicas e os consecuentes movementos migratorios norte-sur provocados polo neoliberalismo, e as desigualdes entre mulleres e homes que teñen raíz nunha estrutura patriarcal).
12. Repercusións: O tema principal e a análise das repercusións que a prostitución ten ou pode ter.
13. Outros. Relegaremos a esta categoría todos aqueles contidos que non poidan ser abrangidos polas anteriores etiquetas. En caso de que emerxa, da análise de contido, algún outro posible tema non considerado nesta clasificación, será introducido nunha categoría a maiores.

Marcos de referencia. As unidades redaccionais serán, así mesmo, por min clasificadas en diferentes marcos de referencia que a ou o xornalista utiliza para encadrar a información. Os escasos estudos até o momento realizados sobre a representación da prostitución na prensa destacan a predominancia do patrón de sucesos na elaboración da información respecto a outros encadres. Porén, a prostitución, como calquera outro fenómeno social, pode ser visto e analizado dende múltiples perspectivas dado que así mesmo son múltiples os factores que nela inciden (culturais, económicos, políticos, legais, sociais...). Os marcos de referencia que distingo son:

1. **Sucesos:** Parto da definición que nos ofrece Concha Fagoaga nun dos seus estudos sobre a representación da violencia de xénero na prensa española (1994). Para Fagoaga, un suceso é "un corte sincrónico coa actualidade que non remite a ningunha formación social" e que non se inscribe nunha historicidade. Para lellos, indica Fagoaga, "non hai que coñecer nada do mundo, non remite formalmente a nada fóra de si mesmo (1994, pág. 75). Este corte sincrónico coa actualidade está referido a feitos de carácter delituoso e/ou ligados á crónica negra (asasinatos, homicidios, roubos, violencia física, casos de trata...)
2. **Crónica xudicial:** Nesta categoría inclúo aqueles procesos xudiciais nos que se diriman delitos ligados ao mundo da prostitución.
3. **Político:** Entendo que o marco de referencia é político naqueles casos nos que se fai referencia a políticas públicas relacionadas coa prostitución ou ás posicións dos partidos políticos ao respecto.
4. **Económico:** Categorizarei como económico o marco de referencia cando a prostitución sexa analizada dende o punto de vista das implicacións económicas que supón (beneficios do negocio da prostitución para os distintos axentes implicados nela, diñeiro que se move ao redor do tráfico de mulleres e da trata de mulleres con fins de explotación sexual, organigramas e estrutura do negocio da trata e do tráfico de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou da prostitución en si, así como axentes implicados no mesmo, presenza de diñeiro negro e branqueo de diñeiro...).
5. **Social:** Este será o marco de referencia cando a prostitución sexa enmarcada como problemática social, o que supón incardinala no contexto de causas, condicionantes e repercusións que implica o seu carácter estrutural.
6. **Crónica Social:** Categorizarei como tal aquelas unidades redaccionais que aborden cuestións relacionadas con eventos da vida social e coa prensa rosa e do corazón.
7. **Cultural:** Seguindo a categorización realizada por Luís Álvarez Pousa no seu proxecto docente (1999), información cultural é aquela relacionada con artes plásticas, letras, artes da representación, tendencias socioculturais e pensamento. Incluiremos, polo tanto, neste apartado, aqueles contidos que fagan referencia á prostitución en relación con algunha destas manifestacións culturais (libros ou exposicións sobre prostitución, por exemplo). Mais, nesta investigación, cultura será entendida, ademais, nun sentido máis amplo, ao modo en que o comprende Terry Eagleton (2001, p. 58), como "o conxunto de valores, costumes, crenzas e prácticas que constitúen a forma de vida dun grupo específico". É dicir, inclúo nesta categoría aqueles contidos nos que se aborde a prostitución como fenómeno cultural, incidindo en aspectos tales como os valores, prexuízos, crenzas, estereotipos e prácticas relacionados coa mesma.
8. **Espectáculos:** Se ben entendo en parte cultura, tal e como veño de explicar, atendendo ao seu significado orixinal, como actividade vinculada á xeración do coñecemento, os espectáculos, desde a miña concepción, estarán máis ligados ó lecer e á distracción. O carácter permanente da cultura opónse ó efémero do espectáculo. Inclúo neste apartado aqueles contidos que enfoquen a prostitución como espectáculo.

9. **Humano:** Baixo este paraugas incluirei aqueles contidos nos que se intente achegarlle ao público lector a realidade da prostitución mediante a análise de historias de vida particulares nas que se expoña e ou/se analicen as vivencias, experiencias e repercusións que a prostitución ten ou tivo nenas persoas.
10. **Científico-académico:** Incluío baixo esta categoría a informacións centradas naqueles estudos e investigacións de carácter científico elaborados sobre a prostitución, así como aqueles contidos baseados en fontes do ámbito científico académico.
11. **Legal:** A categoría abranguerá aquelas unidades redaccionais que estean enfocadas á información ou á análise do marco xurídico-legal da prostitución.
12. **Laboral:** Insiro nesta categoría aquelas unidades redaccionais baseadas na concepción da prostitución como traballo. Abranguerá contidos como demandas laborais, organización sindical, dereitos laborais...
13. **Convivencia cívica:** Incluío esta categoría todas aquelas informacións que fan referencia á convivencia da prostitución co resto do ecosistema urbano no que estea integrada. Teñen cabida, pois, informacións sobre conflitos veciñais ou políticas urbanas que afecten ao exercicio da prostitución no espazo público.
14. **Outros:** Aquelas unidades redaccionais que non puideran ser clasificadas nas anteriores categorías serán subsumidas baixo a etiqueta *outros*.

ACTORIZACIÓN. Actores e actoras dos contidos redaccionais

1. **Prostitutos/as:** Categorizamos como prostituto/a a aquela persoa que exerce a prostitución, entendendo como tal, e seguindo a definición do dicionario da Real Academia Galega, o “acto polo cal unha persoa mantén regularmente relacións sexuais con outras a cambio de diñeiro”.
2. **Proxenetas:** Como tal identificamos, a aquela persoa que obtén beneficio da prostitución doutra (chulos, membros de redes organizadas, donos/as de clubs, madames...).
3. **Compradores/as de sexo:** Definimos así a aquela persoa que paga por consumir sexo.
4. **Actores xurídicos:** Incluímos nesta etiqueta a todos aqueles suxeitos que participan de modo profesional nun procedemento xurídico (fiscais, xuíces e xuízas, avogados e avogadas...)
5. **Forzas e corpos de seguridade do Estado,** ben sexan policía nacional ou autonómica, gardas civís ou persoas integradas noutros corpos de seguridade.
6. **Actores político-institucionais.** Entenderase como tales a aqueles que ocupan un cargo de responsabilidade política, falan ou actúan como membros dunha organización política ou cumpren cunha determinada función na administración pública.
7. **Expertos/as:** Entendo como tal a aquelas persoas con coñecementos técnico-científicos especializados nunha determinada área do saber.
8. **Asociacións asistencialistas:** Organizacións sen ánimo de lucro que atenden no día a día ás problemáticas que afectan ás persoas que exercen a prostitución (por exemplo, Faraxa, Médicos do Mundo, Proxecto Esperanza...).

9. **Movementu feminista:** Asociacións e/ou redes asociativas, e persoas integradas nas mesmas ou con ideario feminista explícito, que asumen como unha das súas principais reivindicacións a defensa dos dereitos das mulleres.
10. **Veciñanza,** entendida para esta investigación como o conxunto de persoas que viven en espazos próximos a aqueles nos que se exerce a prostitución, ou a persoas relacionadas co exercicio da prostitución.
11. **Medios de comunicación:** Refírome con este termo a aqueles medios (televisión, radio, prensa escrita, internet...) a través dos cales unha mensaxe pode ser difundida a un grupo amplo de persoas.
12. **Outras:** Todos aqueles actores e actoras que non teñan cabida nas anteriores categorías serán incluídas nesta. Naqueles casos nos que un determinado grupo de actores e actoras teñan presenza frecuente no corpus analizado, e non poidan ser incluídos nalgunha das categorías previamente deseñadas, serán acubillados baixo unha nova etiqueta.

Actores e actoras das imaxes. Un determinado actor ou actora terá máis relevancia para o medio se este, ademais de ter presenza e/ou voz nos seus contidos redaccionais, tamén se converte en protagonista das imaxes que acompañan aos mesmos. É este o motivo polo que decidín introducir esta variable, dado que serve de índice para determinar a relevancia que, para o xornal, ten un determinado actor ou actora. As categorías diferenciadas son as mesmas que no apartado anterior: *prostitutos/as; proxenetas; compradores de sexo; forzas e corpos de seguridade do estado; actores xurídicos; actores/as políticos/as; expertos/as; movemento feminista; asociacións asistencialistas; veciñanza; medios de comunicación e outros.*

REFLEXIÓN. Neste apartado procurarei concretar que aspectos do fenómeno social coñecido como prostitución son reflectidos de modo destacado a través da lente dos medios e cales quedan en segundo lugar ou son invisibilizados. Serán analizadas varias dimensións ao respecto: os espazos e tipoloxías da prostitución; o xénero de quen se prostitúe; e a análise das causas e repercusións.

Espazos e tipoloxías da prostitución: Esta variable foi por min estruturada nas seguintes categorías: *prostitución de rúa e de barrio; prostitución de clube; prostitución de piso, prostitución de luxo e prostitución de menores.*

- Prostitución de rúa e de barrio: En ámbolos dous casos, a captación do comprador de sexo ten lugar ou ben en espazos públicos (rúas, xardíns, proximidades de zonas industriais...) ou ben nos coñecidos como *barrios chinoses*, aqueles barrios da cidade nos que tradicionalmente se exerceu a prostitución, que contan con pequenos locais nos que se mantén o contacto sexual.
- Prostitución de club: A compra venda de sexo ten lugar xa non no espazo público senón en clubs, negocios adoito situados nas aforas das vilas e cidades (en decadencia están aqueles pequenos clubs emprazados no propio núcleo urbano), anunciados con grandes carteis e/ou neóns. Están a cargo dun proxeneta que obtén beneficio ou ben cobrando unha determinada porcentaxe por consumición e contacto sexual xerado, ou ben cobrando pola praza, é dicir, por deixarlle un espazo no seu local durante un período determinado (polo xeral, tres semanas) á persoa que se

prostitúe para contactar cos clientes, ofrecerlles os seus servizos sexuais e mesmo para aloxarse e vivir durante ese tempo.

- Prostitución de piso: Exerceuse non en negocios públicos senón en vivendas privadas. Dificúltase así a vixilancia das forzas de seguridade do estado, pois, como tales vivendas, nelas non é posible actuar sen autorización xudicial previa. Non hai carteis nin neóns que anuncien que nese espazo se exerce a prostitución. Polo tanto, a forma de contacto co potencial comprador de sexo é a través dos espazos publicitarios que ofrecen os medios de comunicación: os popularmente coñecidos como anuncios de contactos.
- Prostitución de luxo: Neste traballo enténdese como prostitución de luxo aquela que está protagonizada polas coñecidas como *scorts* (termo inglés para denominar ás mozas de compañía). É unha prostitución de alto standing, non marxinal e minoritaria pola que se cobran elevadas tarifas. As persoas que se prostitúen, ademais do propio contacto sexual, poden desenvolver o rol de acompañante de quen compra o seu servizo en viaxes, acontecementos e/ou eventos públicos (de modo que as esixencias en canto aparencia externa e formación se incrementan).
- Prostitución de menores: Aquela exercida por por persoas con idade inferior a aquela na que, no Estado español, se establece a maioría de idade, os 18 anos.
- Outras. Relegarei a esta categoría todos aqueles contidos que non poidan ser abrangidos polas anteriores etiquetas. En caso de que emerxa, da análise de contido, algún outro posible tema non considerado nesta clasificación, será introducido nunha categoría a maiores.

Xénero de quen exerce a prostitución. Aínda que a prostitución feminina é aquela que ten máis presenza na sociedade, porén non podemos esquecer tamén a existencia de prostitución masculina, de mulleres transxénero (aquelas nadas homes pero que se senten, actúan e, nalgúns casos, se someten a tratamentos hormonais ou operacións cirúrxicas para adquirir características fisiolóxicas femininas) e homes transxénero (aqueles nados mulleres pero que se senten como homes). Considero importante ter en conta esta variable para poder analizar as posibles diferenzas entre a visibilidade mediática da prostitución dependendo de cal sexa o xénero de quen se prostitúe. Diferenciamos catro categorías:

- Mulleres: Aquelas persoas nadas bioloxicamente como mulleres, e que asumen (de modo crítico ou acrítico) os preceptos das construcións culturais que se articulan ao redor do sexo feminino.
- Homes: Aquelas persoas nadas bioloxicamente como homes, e que asumen (de modo crítico ou acrítico) os preceptos das construcións culturais que se articulan ao redor do sexo masculino.
- Mulleres transxénero: Aquelas persoas nadas homes pero que asumen os preceptos das construcións culturais que se articulan ao redor do sexo feminino. É o que Beatriz Preciado entende como tecnomuller, "a que se asigna muller a si mesma, usando técnicas para iso", en contraposición con biomuller, "a asignada muller ao nacer"⁵⁷.

⁵⁷ Entrevista con Beatriz Preciado en *La Vanguardia* (1 de abril de 2008). Dispoñible en http://www.sigla.org.ar/index.php?option=com_content&view=article&catid=88:contenido&id=302:preciado&Itemid=136

- Homes transxénero: Aquelas persoas nadas mulleres pero que asumen os preceptos das construcións culturais que se articulan ao redor do sexo masculino.

Análise das causas. Supón analizar se a prostitución é abordada como feito illado da realidade social, ao modo dun corte sincrónico na mesma, ou é tratada na súa historicidade, como fenómeno que se explica en función de determinadas causas de carácter estrutural, como poden ser as desiguais distribucións de poder en función do xénero, procedencia étnica, clase social ou orientación sexual determinadas por estruturas heteropatriarcais e neoliberais. Canto que fica reducida a un mero corte sincrónico de actualidade, a prostitución corre adoito o risco de ser lida de modo simplificado en base a aqueles patróns (prexuízos, estereotipos...) hexemónicos na sociedade, que centran as responsabilidades nas persoas que se prostitúen e obvian o seu contexto social.

Análise das repercusións. Entendo repercusión, tal e como define o dicionario da Real Academia Galega, como a acción e efecto de repercutir, é dicir, de causar un determinado efecto nunha persoa, cousa, fenómeno ou contexto. Refírese esta variable á análise das repercusións da prostitución ou nas propias persoas que a exercen, ou naquelas outras axentes e contextos a ela vinculados, así como das consecuencias que unha determinada acción e/ou realidade pode ter no propio fenómeno da prostitución.

Referenciación. Análise a operación discursiva que denomino como referenciación atendendo ao modo en que se denomina e describe aos principais axentes a ela vinculados (persoas que se prostitúen ou son prostituídas, proxenetas e compradores/as de sexo).

No que ten que ver coas denominacións empregadas para a persoa que se prostitúe ou é prostituída, diferencio as seguintes posibilidades: *chicas, prostituta/o, vítima, muller ou home prostituído, escrava/o sexual, traballadora sexual, puta e outros termos connotados negativamente, termos eufemísticos* (por exemplo, *hetaira, chapero, profesional, gigoló, scort, e outros*). Desta maneira, podo apreciar en que modo o xornal se vale de termos procedentes do abolicionismo (muller prostituída e escrava sexual) ou da terminoloxía pro-legalización (traballadora sexual), e se o fai por propia iniciativa ou como mero traslado das palabras empregadas polas fontes e da ideoloxía nelas implícita. Así mesmo, permitírame analizar se o medio se refire a quen se prostitúe de modo despectivo ou, pola contra, eufemístico.

Interésame observar, así mesmo, as connotacións implícitas por tras da terminoloxía empregada para denominar a quen se beneficia da prostitución allea. Existen, ao respecto, dous universos simbólicos principais: a identificación deste suxeito co universo do empresario (incluíriáanse neste abano as categorías *empresario, dono de club e xerente*); e a súa identificación como delincuente (abranguería as categorías *proxeneta, rufián, mafia e redes e grupos organizados de trata e tráfico*, legalmente castigadas). Así mesmo, teño en contra outros termos propios da xerga do ámbito como *chulo* ou *madame*.

O terceiro vértice do triángulo, a persoa que compra sexo, é denominada de diferente maneira segundo a perspectiva que se aplique ou que se traslade sexa abolicionista (para a que se emprega a categoría *prostituidor*); se cinga en exclusiva ao ámbito das transaccións mercantís (*cliente/a*); ou se empreguen termos de marcada connotación lingüística negativa (*putaño, putero...*). Tamén se inclúe a categoría *outros* para aqueles casos que non se poidan subsumir nos anteriores.

Afondarei na análise das connotacións e universos simbólicos que rodean tanto á prostitución como aos principais axentes nela involucrados (as persoas que se

prostitúen, aquelas que compran os seus servizos e as que se benefician da prostitución allea) abondando nas descrições empregadas para caracterizalas. Para iso, botarei man das ferramentas que me proporciona a análise do discurso.

Marcas textuais das rutinas e modos de produción xornalística. A análise das rutinas e modos de produción xornalística será realizada en función das seguintes variables:

- **Tratamento xornalístico:** Esta variable foi diseccionada nas seguintes categorías: *información*, *opinión* e *interpretación*. Con *información*, referímonos a aqueles relatos informativos que se cinguen á exposición dos feitos, incidindo en especial na resposta ás preguntas básicas do xornalismo (que, quen, cando, onde e como) e sen introducir elementos de valoración. En *opinión* incluimos aqueles relatos xornalísticos que se centran na valoración argumentada dos feitos ou temas noticiosos. En *interpretación* acollemos aqueles relatos xornalísticos que, ademais da exposición dos feitos, e da resposta ás 5W anteriormente mencionadas, introducen elementos contextuais, podendo afondar na explicación de factores causais e/ou na extrapolación de posibles repercusións.
- **Fontes:** Entendo fonte de información como aquela persoa ou institución que subministra aos medios de comunicación datos para elaborar o relato noticial. Seguindo a achega de Concha Fagoaga ao *Diccionario de Ciencias e Técnicas da Comunicación* (1991, pp. 606-615), a fonte nace da relación entre “xornalistas e actores ou axentes sociais ou suxeitos (...) entendendo por relación a unidade mínima de interacción”. Desprego esta variable nun abano conformado polas categorías que relaciono de seguido, e que xa foron definidas con anterioridade: *prostitutas/os*, *compradores de sexo*, *proxenetas*, *veciñanza*, *fontes institucionais e políticas*, *asociacións asistencialistas*, *movemento feminista*, *fontes expertas* e *outras*.

Dentro das fontes institucionais distinguirei entre *Parlamento*, *Senado*, *organismos supraestatais*; *gobierno estatal*; *gobierno autonómico*; *gobierno local*; *partidos*; *deputacións*; *fontes policiais*; *fontes xudiciais* e *outros*.

Canto ás fontes expertas, diferenciarei entre aquelas procedentes dos seguintes ámbitos: *legal*, *educativo*, *sanitario*, *mediático*, *psicolóxico*, *sociolóxico* e *outros*.

No que se refire ás fontes asociativas, distingo entre aquelas do ámbito feminista (non teñen por que ter a prostitución como principal tema de abordaxe mais si un ideario feminista explícito), asistencialistas (están focalizadas na atención ás persoas que se prostitúen) e *outras*.

- **Autoría redaccional:** Con esta variable pretendo medir en que grao a información é elaborada polo propio medio, ou dende fontes externas (axencias de información); así como a asunción do medio respecto ao escrito (contidos asinados ou sen asinar). Dotareime así de indicadores que me permitirán sopesar en que medida o xornal é quen de construír unha axenda propia e cunha elaboración diferenciada dos temas que se tratan. Despreguei esta variable nas categorías que seguen: *xornalista* (os contidos son asinados por unha ou un xornalista do medio); *articulista* (os contidos son elaborados por un colaborador ou colaboradora habitual do medio que non se encarga de contidos informativos, senón de textos

comprendidos nos xéneros de opinión, dado o peso e a relevancia da súa sinatura como persoeiro público que é); *redacción* (a asunción de responsabilidades é colectiva, e óbvias sinalar que persoa da redacción é a autora dese relato); *sen asinar* (non existe sinatura, nin colectiva nin individual); *axencias* (os contidos son elaborados por axencias de información) e *outros* (calquera outra posibilidade non considerada nas categorías anteriores).

- **Xénero xornalístico empregado:** Seguimos a definición de Rafael Yáñez Mesa, segundo a cal os xéneros periodísticos son “os distintos modelos de mensaxes periodísticos que encontramos na prensa, e que se distinguen pola súa estrutura formal, o seu estilo e os seus fins” (Yáñez Mesa, R (2004): p. 19). Esta variable inclúe as seguintes categorías:

Noticia: Segundo Rafael Yáñez Mesa, “texto redactado con brevidade, claridade e exactitude, que trata sobre asuntos de actualidade con interese xeral, e cuxo fin é informar con obxectividade” (Yáñez Mesa, R (2004), p. 49). Inclúo nesta categoría a noticia reportaxeada, que Yáñez Mesa define como “informacións que se publican con algunha pequena entrevista, artigo asinado, infografía ou esquema informativo que a fan asemellarse a unha reportaxe. Pero é unha noticia, xa que se trata de la información do ocorrido recentemente, e para publicarse non é necesaria unha investigación”.

Reportaxe: Relato xornalístico, máis libre que a noticia en canto a linguaxe e extensión, de estilo máis flexible e estruturas máis complexas. Ademais de información, a reportaxe pode achegar interpretación.

Entrevista: Segundo Rafael Yáñez Mesa, a entrevista, como xénero xornalístico, é o texto resultante da conversa entre entrevistador/a e entrevistado/a. Pode estar redactado en primeira persoa, con palabras textuais, ou como un artigo baseado nas declaracións dun determinado personaxe, o que Yáñez Mesa denomina entrevista creativa. Defínea como “un xénero do xornalismo informativo que reflicte as respostas dun personaxe, cuxas opinións, debido á súa relevancia social, ao cargo que ocupa, ou á súa implicación en feitos da actualidade informativa, son de interese xeral”. (Yáñez Mesa, R (2004).

Perfil: Segundo Rafael Yáñez, texto xornalístico no que se fai un repaso do currículo dunha ou dun protagonista dun acontecemento noticioso. É un percorrido polo currículo do personaxe noticioso sen máis aditamentos. Tal como indica o autor, non pode ser considerado un xénero xornalístico autónomo pois, ao igual que a semblanza, adoita servir de complemento informativo deste xénero, neste caso, cando un personaxe é protagonista dunha noticia.

Crónica: Relato axuizado dos feitos. Introduce elementos claros de interpretación por parte da ou do xornalista respecto ao feito que está a contar. Varios autores, como Víctor Rodríguez, Alberto Hernando Cuadrado, Juan Gutiérrez Palacio, Martínez Albertos ou José Javier Muñoz coinciden en caracterizalo como un xénero mixto. Ademais, as crónicas adoitan estar marcadas de modo

explícito pola pegada do propio estilo do autor ou autora. O que a diferenza da reportaxe, tal como indica Rafael Yañes (Yañes Mesa, R (2004), p. 180), é a narración dos feitos dende o lugar no que acontecen e a estrutura cronolóxica. Podemos distinguir entre crónicas informativas (nas que prevalece a base informativa sobre a interpretativa, sen que esta estea excluída) e interpretativas (nas que se lle dá maior peso á interpretación fronte á información, aínda que sen desestimar o elemento informativo pois, do contrario, tal como sinala Yañes Mesa (Yañes Mesa, R (2004): p. 192) estaríamos ante un artigo.

Artigo: Texto xornalístico que amosa a opinión do autor ou autora sobre asuntos de actualidade informativa. Caracterízase pola liberdade de expresión na forma e no fondo. Quen escribe o artigo non busca convencer mediante unha base científica, senón que o seu obxectivo é persuadir sen máis probas que a de xulgar sobre a aparencia, tal como indica Rafael Yañes Mesa (Yañes Mesa, R (2004), p. 180). Ben ao contrario do que acontece nos textos interpretativos, pois a interpretación, ao contrario da opinión, parte dunha base conformada por un traballo de recadación de datos previo, datos que sustentan a argumentación. Os artigos non están ligados a unha periodicidade e espazo fixo, a diferenza da columna. A autoría adoita recaer en colaboradores e colaboradoras externas de recoñecido prestixio ou xornalistas de peso dentro do cadro de persoal do xornal.

Crítica: Xénero baseado na explicación, análise e valoración dunha obra de creación exposta ó público. O seu autor ou autora acostuma a ser especialista da área na que se enmarca a obra que axuiza.

Editorial: Segundo Martínez Albertos, o editorial é un artigo xornalístico sen sinatura que explica, valora e xulga un feito noticioso de especial importancia, e explicita así o perfil ideolóxico do xornal.

Cartas ao/á director/a: Aínda que non é correcta a súa categorización como xénero xornalístico, incluímos as cartas ó director dentro deste apartado como integrante máis das distintas tipoloxías de textos que poden aparecer nun xornal. As cartas ó director son os textos nos que o público lector toma a iniciativa para expresar a súa opinión no xornal, un dos poucos espazos que rompe coa liña unidireccional que sigue o proceso comunicativo no caso da prensa escrita e permite o *feed back*.

- **Orientación:**

Ao acontecemento: Considero que unha unidade redaccional está orientada ao acontecemento cando se cingue a criterios de noticiabilidade enmarcados no contexto da actualidade, mediante os cales o medio decide converter un determinado acontecemento en noticia.

Ao tema: Coido, pola contra, que unha unidade redaccional está orientada ao tema cando o seu autor ou autora transcende o acontecemento de actualidade e o incardina nunha determina

estrutura semántica, é dicir, nun esquema ou marco que lle dá sentido, poñéndoo en relación con outros acontecementos similares do contexto social e involucrándoo na malla de factores estruturais que determinan un fenómeno social.

- **Aplicación da perspectiva de xénero:** Consideraremos que unha unidade redaccional conta con perspectiva de xénero cando, "se outorga significado ás diferenzas de xénero, estas se sinalan e se fan visibles as posicións diferentes que ocupan homes e mulleres na sociedade á que pertencen. Existe unha comparación entre os xéneros, xa sexa explícita ou implícita, que se produciría ao centrarse na situación concreta dun xénero ou doutro respecto a unha cuestión determinada, ou en aspectos específicos que afectan especialmente a un dos xéneros ou aos dous" (Gallego (dir), 2002, pp. 56-57). É dicir, estarían abordadas con perspectiva de xénero todas aquelas unidades nas que aborden as diferenzas entre a situación de mulleres e homes con respecto ao fenómeno da prostitución, ou aquelas problemáticas que lles afectan de maneira específica a unhas e a outros en función do seu xénero.

4.5.2.7. O contido implícito: a análise do discurso

A análise hemerográfica diacrónica é unha ferramenta de gran utilidade para o estudo e observación detallada do contido explícito das unidades redaccionais do xornal. Mais quédase no que de modo visible expresa o texto ou a fotografía que o acompaña, e faino así co fin de evitar interferencias derivadas da interpretación subxectiva de quen investiga. Porén, neste traballo de investigación consideramos necesario ir alén, aos significados implícitos, porque neles concéntrase con frecuencia unha intensa esencia de carácter ideolóxico ligada, no caso dos medios de comunicación masiva, ao seu papel como aparellos de reprodución das ideoloxías dominantes.

A análise hemerográfica diacrónica sérvenos de lente para a detección do androcentrismo, desa mirada sobre o mundo que considera ao masculino, e máis en concreto, a un determinado modelo de masculinidade –o arquetipo viril– como patrón universal. Á luz deste instrumento poderemos observar en que medida e en que casos o xornal lle concede protagonismo ao mundo da prostitución nos seus contidos, mais, para os obxectivos deste traballo, considereirei que isto non era suficiente. Decidín deste modo penetrar nun segundo extracto que obrigaba ir máis aló dos datos cuantitativos para afondar nas relacións de poder agochadas tralos discursos dos principais actores e actoras ligadas ao mundo da prostitución ou ben de maneira directa ou ben por capacidade de actuación e decisión respecto ao mesmo.

A ACD estuda a reprodución, a través do discurso, das ideoloxías nas que se sustenta o abuso de poder por parte dos grupos dominantes. En verbas de Ruth Wodak, a ACD é sinónimo de lingüística crítica e podería describirse como unha disciplina que "fundamentalmente se ocupa de analizar, xa sexan estas opacas ou transparentes, as relacións de dominación, discriminación, poder e control, tal como se manifestan a través da linguaxe" (Wodak e Meyer (eds.), 2003, p. 19). Unha definición que, en esencia, comparte Teun A. Van Dijk (2009, p. 149) ao referirse á ACD como unha caste de "investigación analítica sobre o discurso que estuda primariamente o modo en que o abuso de poder social, o dominio e a desigualdade son practicados, reproducidos, e ocasionalmente combatidos polos textos e a fala no contexto social e político".

A ACD toma partido de xeito explícito e comprométese na loita contra a desigualdade social. Esvaécese así a liña que separa a quen investiga do obxecto

investigado baixo a bandeira da obxectividade e a neutralidade investigadora. Toda investigación –considérase dende a ACD–, é política, só que nalgúns casos non se recoñece de modo aberto. A ACD vai alén, pois, dos parámetros metodolóxicos tradicionais ligados á análise de contido.

A ACD caracterízase esencialmente por ser un estudo oposicional das estruturas e as estratexias do discurso de elite e das súas condicións e consecuencias cognitivas e sociais, nas que se inclúe o discurso de resistencia a dita dominación. Nese sentido pódese dicir que vai máis aló dos criterios metodolóxicos tradicionais de adecuación observacional descritiva e explicativa” (Van Dijk, 1997, p. 17).

Para esta perspectiva de traballo, verbas como poder, abuso de poder, ideoloxía, control ou acceso, así como sociedade (en termos de Teun A. Van Dijk) ou historia, en termos de Ruth Wodak, constitúen o esquema conceptual básico de partida. As relacións de poder –especifica Van Dijk– poden ser lexítimas e mesmo positivas –por exemplo, as que, dunha forma saudábel, se poidan establecer entre as e os proxenitores e as súas crianzas para a educación das mesmas–. Mais tamén poden ser ilexítimas e derivar no abuso de poder –sinónimo de dominación na terminoloxía de autor holandés, que arraiga na violación de normas e valores fundamentais e das ideas de xustiza e equidade.

O poder social é entendido por Van Dijk como o control que exerce un grupo sobre os actos e as mentes das persoas pertencentes a outros grupos. Falamos, polo tanto, de construcións exercidas tanto de maneira directa –sobre as accións doutros– como de maneira indirecta e mesmo por veces imperceptible para quen está suxeito a ese dominio, porque actúan no terreo do simbólico. Para conseguilo –para facer que os grupos dominados observen o mundo cos mesmos ollos das elites en posicións de privilexio– é necesario o control do discurso, e mais en concreto, o acceso preferencial das elites ao discurso público. O poder asentou tradicionalmente na distribución desigual dos recursos materiais mais na sociedade contemporánea, na sociedade da información e do coñecemento, o poder está máis ca nunca en relación co acceso aos recursos simbólicos, co manexo do discurso público (Van Dijk, 2009, pp. 30-35). É así como se tece a hexemonía, mediante a cal as estruturas de poder se fan invisíbeis para os grupos dominados porque acaban por percibir como natural a ideoloxía que emanan das elites dominantes, por compartir os valores e as normas que dela zumegan. Os medios, cunha capacidade inmensa para penetrar nos fogares e nas vidas das persoas, para alimentar as súas necesidades de información e de ocio, convértense en pezas estratéxicas imprescindibles no artellamento dese veo, en eficaces mecanismos de reprodución ideolóxica.

Ideoloxía, para Van Dijk, son as “crenzas fundamentais que forman a base das representacións sociais dun grupo (2003, p. 76). Constitúena os esquemas que os grupos utilizan para fundamentar a súa visión do mundo e as súas prácticas sociais. Non é, para o holandés, un concepto en esencia negativo, ao modo en que entendían Marx e Engels, como falsa conciencia que deriva do sistema de crezas que os grupos dominantes usan en beneficio propio. Pode haber, e hai, ideoloxías positivas e liberadoras, como o feminismo e o antirracismo, mais aquelas que merecen especial atención para os estudos críticos do discurso, canto que se centran no abuso de poder, son as ideoloxías dominantes: as que utilizan os grupos privilexiados na reprodución ou lexitimación do seu dominio. Entre elas, o sexismo.

As ideoloxías obtéñense a través do discurso. E, “máis que calquera outra institución, a escola e os medios de comunicación levan a cabo ese rol, igual que no

pasado o facía a igrexa" (Van Dijk, 2003, p. 46). Porque os medios de comunicación son, xunto coa escola, as institucións ideolóxicas máis influentes da sociedade moderna. Podería ir incluso alén a afirmación do autor holandés. Os medios de comunicación exercen a súa influencia de modo máis eficaz que a escola porque actúan a través dos mecanismos do pracer e do entretemento, e no tempo do ocio, cando as defensas críticas do/a receptor/a están máis baixas. Non nos din de modo directo como debemos ser, ou que debemos saber ou coñecer –non o asumimos polo tanto como un discurso imposto, o que lle outorga maior efectividade– senón que nos insinúan o que debemos desexar ser e como conseguilo.

Os principios da ACD foron descritos por Fairclough e Wodak en 1994, nunha relación que asenta no carácter ideolóxico e histórico do discurso, e no compromiso social e político desta perspectiva de traballo. Velaí: 1) A ACD aborda problemas sociais; 2) As relacións de poder son discursivas; 3) O discurso constitúe a sociedade e a cultura; 4) O discurso fai un traballo ideolóxico; 5) O discurso é histórico; 6) O enlace entre o texto e a sociedade é mediato; 7) A análise do discurso é interpretativa e explicativa; 8) O discurso é unha forma de acción social. Relación que podemos completar coa caracterización que Van Dijk fai dos trazos adoito presentes na ACD, e que se recolle nos seguintes puntos (1997, pp. 15-17):

- A ACD diríxese máis aos problemas ou os temas que cara aos paradigmas. Calquera formulación teórica e metodolóxica é, pois, adecuada sempre que permita estudar eficazmente problemas sociais de relevo.
- A ACD non é unha escola, nin un campo ou disciplina, senón unha postura crítica no estudo do texto e da fala.
- O traballo da ACD é inter ou multidisciplinaria e céntrase na relación entre discurso e sociedade.
- Tanto histórica como sistematicamente, a ACD forma parte dun amplo espectro de estudos críticos.
- A ACD pode reparar en todos os niveis do discurso, dende os gramaticais, até os estilísticos, retóricos, pragmáticos ou outras dimensións semióticas alén o verbal (imaxes, música, xestos...).
- A ACD céntrase nas relacións de poder, dominación e desigualdade, na súa reprodución ou nas reaccións de oposición e resistencia a través do texto e da fala. Relacións, por outra banda, baseadas en categorías de clase, xénero, diferenzas étnicas e raciais, orientación sexual, relixiosas, de idade, nacionalidade, etc.
- Forma parte dos obxectivos da ACD o desvelar aquilo que está implícito ou non é inmediatamente obvio nas relacións de dominación discursiva. Polo tanto, a ACD repara con especial coidado nas estratexias de manipulación, lexitimación, creación de consenso e outros mecanismos que pretenden o control do pensamento, e en consecuencia, as accións dos grupos dominados.
- A ACD asume unha posición crítica contra aqueles grupos que abusan do seu poder, solidarízase cos grupos dominados e comprométese na articulación de propostas que poidan servir ao desenvolvemento dun contrapoder.

A Análise Crítica do Discurso non é pois un método, senón unha perspectiva crítica de traballo. Isto levará a Van Dijk, con posterioridade, a propor a substitución da etiqueta “Análise Crítica do Discurso” por Estudos Críticos do Discurso (ECD).

Calquera técnica, insiste, pode ser pertinente para conseguir os obxectivos da investigación a pesar de que, en gran medida, as ferramentas de traballo da ACD coincidan coas que se empregan polo xeral nos estudos do discurso. Non hai, pois, unha análise crítica do discurso como método, senón diferentes modos de estudar as estruturas e as estratexias do texto e a conversación (análise gramatical, análise pragmática, análise retórica, estilística, análise semiótica, análise da conversación, análise de xéneros e estruturas específicas como as noticias...). E aínda máis. Malia a que a maioría das veces, tales análises sexan de carácter cualitativo, tamén poden estar baseadas en descrições quantitativas, tal e como acontece na lingüística de corpus (Van Dijk, 2007, pp. 21-22). Vemos, pois, unha vez máis, como as fronteiras entre o cualitativo e o cuantitativo, se esvaecen. Se a análise hemerográfica diacrónica nos permitía, dentro do ámbito da análise de contido, entrar en dimensións cualitativas, tamén a análise do discurso pode botar man da cuantificación das descrições. Sinerxías, en todo caso, das que nutriremos a nosa proposta metodolóxica de triangulación.

A ACD é, pois, un enfoque que comprende baixo o mesmo feixe de luz manifestacións varias de carácter teórico e metodolóxico. De aí que Ruth Wodak e Michael Meyer procuraran facer compendio, en 2003, de tal diversidade de maneiras de ollar e facer en *Métodos de análisis crítico del discurso*.⁵⁸ No teórico, baixo o paraguas da ACD podemos viaxar dende aquelas teorías sobre a sociedade e o poder que son debedoras da tradición de Foucault (poñamos os casos de Jager, Fairclough e Wodak) até miradas de carácter microsociolóxico, como as que rubrican o traballo de Ron Scollon, pasando polas teorías do coñecemento social, de trazado psicosociolóxico, nas que se incardina Teun A. Van Dijk (Wodak e Meyer, 2003), e segundo as cales entre as estruturas sociais e as do discurso non existe unha relación directa senón mediada polo proceso cognitivo que se dá ao interior de cada persoa.

No metodolóxico, estas diversas maneiras de comprender a ACD marcan tamén modos distintos de facer. Entre eles, escollo, de cara á a súa aplicación e adaptación como ferramenta de traballo nesta investigación doutoral, adoptar elementos das propostas realizadas por Teun A. Van Dijk en *La noticia como discurso* e a proposta realizada por Jordi Bonet i Martí para a Análise Crítica do Discurso Feminista, que tiveron oportunidade de coñecer no curso impartido ao respecto polo SIMREF (O Seminario Interdisciplinar de Metodoloxía de Investigación Feminista) en febreiro de 2013 en Barcelona.

Van Dijk distingue diferentes niveis na análise do discurso: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico, semántico e pragmático, algúns dos cales poden ser analizados á súa vez dende unha perspectiva micro ou macro, ou no seu cruzamento co estilo, a retórica e a superestrutura do texto. O que, de modo esquemático, representa do seguinte xeito:

⁵⁸ A obra, editada por Wodak e Meyer, é un compendio de artigos nos que diversos autores e autoras, representativos de tendencias diversas no seo da ACD, explican os principios do seu traballo.

Taboa 5. Niveis na análise do discurso segundo Van Dijk

	Micro	Macro	Estilo	Retórica	Superestrutura
Fonoloxía	X		X	X	
Morfoloxía	X		X	X	
Sintaxe	X	(X)	X	X	
Semántica	X	X		X	X
Pragmática	X	X		X	X

Fonte: Van Dijk (1993, p.52)

Mais non todos estes niveis son empregados polo autor na análise das noticias. Para o caso do discurso informativo, Van Dijk detense fundamentalmente nas dimensións que relacionamos de seguido, e que aplicaremos á análise discursiva que empregaremos nesta investigación. En todas elas se encarnan estratexias ideolóxicas, de maneira máis ou menos manifesta.

1. A macroestrutura semántica, relativa ao significado global do discurso, é dicir ao seu tema principal así como aos secundarios que del se derivan, e que Van Dijk define como macroproposicións. Interesa, para os fins desta investigación, coñecer como no discurso se presentan e articulan aqueles asuntos que, en estreita relación coa poboación feminina (por exemplo, a violencia de xénero, o aborto, a desigualdade salarial, o movemento feminista,...) son destacados ou, pola contra, secundarizados, ocultados ou invisibilizados, así como a presenza neles de trazos propios da ideoloxía sexista. Tamén repararemos no modo en que as mulleres que forman parte do discurso informativo son postas en relación coas diferentes áreas temáticas que son obxecto de tratamento informativo.

2. A superestrutura do texto, é dicir, a sintaxe a nivel macro do texto, o esquema global segundo o cal se articula, e que varía en función do xénero que se estea a analizar. O discurso informativo en prensa está guiado por certas regras superestruturais básicas, como a lei de interese decrecente, que calla no esquema da pirámide invertida, e segundo a cal, o máis importante ha de ir condensado ao principio do texto. Convén, aos intereses da nosa investigación, sabermos como se presentan no discurso aqueles temas que son destacados como principais, así como aqueloutros que son deixados en segundo lugar.

3. A sintaxe da oración. Na construción activa ou pasiva do discurso, ou en estratexias como a nominalización, a topicalización ou a degradación tamén se poden poñer de manifesto intencións de carácter ideolóxico. É táctica recorrente, para mitigar as responsabilidades do grupo ao que se pertence, a construción pasiva da oración ocultando o axente da mesma. Utilízase adoito, de feito, nos titulares que encabezan as informacións sobre violencia de xénero en construcións do tipo “Unha morta máis por violencia de xénero”, nas que a muller é posta en primeiro lugar como vítima e o autor do delito é obviado. O emprazamento dunha palabra ao inicio da oración (topicalización) serve para realzar a acción dun actor determinado mentres que o pospoñela ao final da sentenza (degradación) ten o efecto contrario, a secundarización do mesmo.

4. A semántica local do texto: Tan importante é, no discurso, o que non se di como o que se deixa implícito ou se dá por suposto. Van Dijk utiliza, para ilustralo, a imaxe do iceberg: “só a información da parte superior é visible como información expresada no discurso mesmo. A maior parte da información restante compártese persoal ou socialmente e está cognitivamente representada polos usuarios da linguaxe e, en consecuencia, pode permanecer implícita no texto e presuposta polo falante. Con todo, esta información oculta pode sinalarse no texto” (1990, p. 96). Esta supón, como foi dito, unha das posibilidades da ACD que máis nos impulsou á súa utilización como ferramenta nesta investigación. A prospección na semántica local permítenos, pois, sondar nos diversos niveis do significado implícito somerxidos baixo a tona tanxible do texto. Entre eles:

- A análise das presuposicións, as vinculacións e implicacións, e mais as implicaturas. Van Dijk define as presuposicións como o conxunto de proposicións que a/o emisor supón que quen le a mensaxe debe coñecer; liga as vinculacións e implicacións a aquelas proposicións que poidan inferirse doutra, dado un conxunto de coñecementos compartidos, e fala de implicaturas cando as inferencias que podemos extraer dunha proposición non parten dese patrimonio de saberes comúns senón de bases máis subxectivas. Repara Van Dijk, ao igual que faremos neste traballo de investigación, en como as implicacións negativas son asociadas frecuentemente cos grupos esóxenos (aqueles aos que non pertencemos) mentres que as implicacións positivas adoitan ser empregadas polo/a emisor en relación aos seus grupos de pertenza.
- O emprego de diversas estratexias semánticas para a construción binómica que sitúa ao “nós” en positivo e ao elas en negativo. Unha artimaña discursiva da que a profesora Joana Gallego dá nutridos exemplos, que tentaremos contrastar nesta investigación, referidos ao discurso informativo e a como nel se constrúen os binomios nós (o masculino dende o que fala o xornal) / elas (mulleres); suxeito (masculino) / obxecto (feminino); acción / esencia (os homes destacados polo que fan, polos seus actos, protagonistas de sintagmas verbais, e as mulleres polo que son ou como son, adoito constrinxidas en sintagmas nominais), ou individuo (os homes noticiais polos seus logros individuais) / xénero (as mulleres valoradas non polos seus logros persoais senón polo feito de facelo aínda sendo mulleres ou por ser “as primeiras mulleres en...”) (Gallego, 2010). A construción binómica en polos positivos e negativos tamén se pode poñer de manifesto mediante outros recursos:
- O contraste: A explicitación do nós como positivo e do elas como negativo.
- A ilustración: A inclusión de exemplos que ilustran os actos positivos do nós e os negativos do grupo heteronominado.
- A negación: O “nós” dende o que se fala nega partir de pre-xuízos discriminatorios á hora de xulgar ao outro/a, ou mesmo lle recoñece aspectos positivos, mais a esa premisa inicial segue unha outra proposición que marca en negativo a ese outro/a. Van Dijk exemplifícao en diversas estratexias como a negación aparente (“Non teño nada en contra de..., pero...”), de concesión aparente (“Tal vez sexan elegantes pero...”) ou de culpabilización da vítima, na que os roles se inverten para exculpar ao culpable e acusar á vítima da acción do agresor, e que constitúe, de feito,

unha das artimañas discursivas máis denunciadas nos estudos sobre o tratamento mediático da violencia de xénero.

- O nivel de descrición: Van Dijk sinala, en relación co tratamento mediático do racismo, como en gran parte do discurso europeo, e en especial da prensa conservadora, se abonda en detalles sobre os delitos das minorías e apenas se afonda en descrições das manifestacións diarias de racismo a que son sometidas. Afondaremos nesta investigación no como, e con que nivel de detalle, se describe ás mulleres e ás súas accións.
- A sinonimia e a paráfrase: Tendo en conta que as relacións de sinonimia exacta non existen, cómpre analizar a escolla de determinados termos e non outros para referirse a unha realidade. O tratamento informativo da violencia de xénero ofrécenos diversos exemplos. Non é o mesmo, poñamos por caso, á hora de informar sobre o asasinato dunha muller a mans dun home, referirse ao mesmo como “crime pasional”, “malos tratos”, “violencia doméstica”, “violencia machista” ou “terrorismo machista”.
- As relacións de coherencia local: As proposicións que forman parte dun discurso dalgún xeito pertécense unhas a outras, permanecendo vinculadas mediante relacións de carácter condicional (por exemplo, relacións causa/efecto) ou funcional (poñamos por caso, a especificación, é dicir a introdución dunha proposición que explique máis polo miúdo unha proposición anterior de carácter máis xeral) (1990, pp. 99-100). A coherencia local non é unha propiedade intrínseca ao texto, senón que está en relación co seu contexto (Van Dijk, 2003, p. 62). Un conxunto de proposicións é coherente sempre en relación a unha realidade concreta e tamén ao conxunto de coñecementos compartidos e os modelos cognitivos dos que parten os suxeitos que participan dese acto comunicativo que o discurso é. A coherencia, indica Van Dijk, é, pois, “relativa e esta relatividade tamén ten unha dimensión ideolóxica”. O autor ilustra co seguinte exemplo: “Aínda que nixeriano, é un traballador moi bo”. A súa coherencia parte dunhas presuncións ideolóxicas moi concretas, nas que se presupón que, por ser inmigrante, ou máis en concreto, inmigrante oriúnda de determinados países, a túa capacidade laboral é, en principio, cuestionable.

5. O estilo e os recursos retóricos: Un mesmo significado pode ser expresado de maneiras moi distintas. Esas variantes determinan o estilo, definido, en verbas de Van Dijk, como “o conxunto total dos detalles estruturais variables e característicos do discurso que son indicación do contexto social e persoal do falante, dada unha invariante semántica, pragmática ou situacional”. Existe, tamén, un estilo propio do discurso en prensa, que o autor caracteriza por: 1. A ausencia do receptor/a (o discurso non se dirixe a un lector explícito); o seu carácter público (o feito de que se dirixa a un público amplo fai que nel se presupoña gran cantidade de coñecemento compartido); a súa impersonalidade (o discurso non é producido por un único individuo senón unha organización, a empresa mediática na que se inscribe); a comunicación formal (o que marca un estilo ríxido, en aparencia neutral, e sen coloquialismos); as posibles variacións estilísticas en función dos temas (a información sobre os espectáculos ou os deportes adoito é obxecto de maiores licencias estilísticas que a información sobre política ou economía) e a súa suxeición a unhas características moi determinadas de produción (como as limitacións de espazo e tempo).

A retórica ten que ver, ao igual co estilo, co como se din as cousas. Mais o seu fin é outro: non a adaptación, como no caso do estilo, á variante máis adecuada segundo o contexto, senón a comunicación máis eficaz da mensaxe, intentando non só que o significado sexa comprensible senón que, ademais, quen o recibe asuma e comparta os principios ideolóxicos da persoa que o emite. Nese senso, indica Van Dijk, e así o aplicaremos neste traballo, é necesario examinar os significados que organizan figuras tales como as hipérbolos, os eufemismos, as metáforas, os pleonasmos e outras para saber cáles son as súas implicacións ideolóxicas.

Ademais das figuras clásicas, cómpre ter en conta aquelas estratexias retóricas que lle son propias ao discurso mediático, e que teñen como fin subliñar a veracidade dos feitos e atraer ao público lector. De aí os diversos mecanismos discursivos que redundan na natureza factual dos acontecementos (descricións, inclusión de testemuños próximos, incorporación doutras fontes fiables, uso de datos e cifras diversas que manifesten a precisión da información ou o emprego de citas directas), a necesidade de construír unha estrutura relacional sólida para os feitos (introdución de antecedentes e elementos causais, emprego de estruturas ben coñecidas como as narrativas ou alusión a modelos situacionais que converten en familiares os novos acontecementos) e a incidencia nos factores actitudinais e emocionais (Van Dijk, 1990, pp. 124-127).

Bonet i Martí propón dez pasos para a realización da ACD, que se centrarían na análise de:

1. Os xéneros do discurso, que define Bonet como "uso particular da linguaxe que constitúe parte da práctica social (entrevista, anuncio televisivo, noticia xornalística,...), ligada a cada cultura e sociedade. É o que Van Dijk identifica como a superestrutura do texto.
2. A autoría, referida á persoa responsable do texto ou a quen este é atribuído.
3. A interacción comunicativa, entendida como a análise daquelas persoas, daquela audiencia, a quen o texto vai dirixido. En función da audiencia á que o texto vaia dirixida, o autor ou autora do texto, ou o seu enunciador ou enunciadora, adaptarao e acomodarao.
4. A multivocalidade, consistente na identificación das voces que aparecen no texto.
5. Axencia e suxeitos. Implica a análise dos suxeitos dos que se fala (que poden ou non ter voz propia) e da atribución ou non aos mesmos de axencia (é dicir, do recoñecemento e asunción de responsabilidades e accións, o que se manifesta na determinación do seu carácter activo ou pasivo con respecto ás mesmas).
6. Dispositivos retóricos de argumentación. Leva consigo a análise da construción argumental do texto, das estruturas narrativas, dos tropos, das figuras retóricas, das catacresis (lexicalización dun tropo) e das falacias lóxicas e lingüísticas.
7. Intertextualidade. Referencia ou relación do texto analizado con outros, o que implica: 1) por un lado, a análise do cotexto (é dicir, daqueles textos que enmarcan o texto obxecto de análise) e 2) daqueles outros textos aos que remite o texto analizado, tanto de maneira explícita como implícita.
8. Interdiscursividade, é dicir, a análise do diferentes discursos presentes no texto analizado.
9. Posicións no discurso, o que implica desvelar en que posición están situadas as voces e os suxeitos que están presentes no texto.
10. Ideoloxía e relacións de poder, o que implica analizar as ideoloxías que latexan por detrás do texto.

A ficha de análise do discurso que emprego bebe, en boa medida, do esquema elaborado por Bonet, ao que engado a análise da macroestrutura semántica tal e como a entende Van Dijk. Implica prestar atención ás macroproposicións, é dicir, aos temas principais e dos secundarios que del se derivan, que é unha das principais variables postas en xogo nesta investigación, canto que está presente en varias das hipóteses deseñadas.

Dada a dimensión da mostra de análise (que está preto das 1000 unidades redaccionais), non elaboro unha análise pormenorizada dos recursos retóricos, aínda que si reparo nas principais fórmulas utilizadas para denominar e marcar tamén semanticamente, á prostitución, a quen se prostitúe e ás persoas que dunha ou doutra maneira están ligadas á prostitución. Os aspectos tidos en conta para a elaboración da análise do discurso aplicada a esta investigación foron, xa que logo, os seguintes:

- Xéneros.
- Autoría.
- Multivocalidade.
- Axencia e suxeitos.
- Mecanismos retóricos referidos ao modo en que se define e describe a prostitución e a quen se prostitúa.
- Intertextualidade, que centrei, de cara aos intereses desta investigación, na análise do cotexto, canto que as unidades redaccionais se contaminan semanticamente daquelas que as rodean.
- Interdiscursividade.
- Posicións no discurso.
- Ideoloxía e relacións de poder.
- Análise das macroproposicións.

CAPÍTULO 5. O CONTEXTO DA PROSTITUCIÓN NO ESTADO ESPAÑOL DENDE 1977 ATÉ 2012

5.1. MODELOS DE ACTUACIÓN LEGAL FRONTE Á PROSTITUCIÓN

A abordaxe legal da prostitución pode clasificarse en catro grandes modelos que, á súa vez, beben de diferentes principios ideolóxicos: o prohibicionismo, o abolicionismo, o regulacionismo e a legalización. Estes catro modelos poden aparecer mesturados nun mesmo contexto sociopolítico, como se constata no caso español, fundamentalmente abolicionista até o momento no que esta tese se escribe no que ás políticas de rango estatal se refire, mais no que tamén podemos atopar medidas de carácter regulatorio ou mesmo prohibicionistas no ámbito local. Explico, de seguido, os trazos básicos de cada un dos modelos.

- a. Prohibicionista: Considera a prostitución como delito e sanciona tanto a quen a exerce como a quen se beneficia da prostitución allea e, nalgúns casos, a quen a consome, aínda que, segundo González del Río (2013, p. 11) os clientes adoitan quedar impunes. Nace a finais do século XIX e parte dunha concepción das mulleres en negativo, como "desviadas, depravadas, ruíns, delinquentes" (López e Mestre, 2006, p. 68). O modelo está influenciado nas súas orixes pola Criminoloxía Positivista, e máis en concreto por unha obra, *La donna delinquente, la prostituta e la donna normale* (1893), na que se considera que a prostitución é o equivalente, nas mulleres, á delincuencia nos homes. A Criminoloxía Positivista considera perigosas as mulleres que exercen a prostitución por seren foco de contaxio de enfermidades de transmisión sexual ou mesmo por consideren que a súa descendencia pode derivar en futuros criminais.
- b. Regulamentista: No regulamentismo non se prohibe a prostitución, senón que se regula a través do outorgamento de carnés, permisos, autorizacións, visados periódicos... Foi o modelo máis estendido a finais do século XIX e principios do XX (Osborne, 1989, citado por López e Mestre, 2006). Parte da concepción da prostitución como mal necesario para evitar outros danos maiores que derivan así mesmo da suposta incontinencia sexual masculina (a prostitución sería, pois, necesaria, para satisfacer a sexualidade masculina fóra do contrato matrimonial e para, así, evitar violacións e manter a virtude das outras mulleres). Dado que a prostitución é inevitable, correspóndelle á administración regulala, fundamentalmente con dous tipos de medidas: o control sanitario (o regulamentismo está moi ligado á preocupación hixienista) e a zonificación (para evitar problemas de orde pública derivada do exercicio da prostitución na rúa). Porén, cómpre distinguir entre ese regulamentismo decimonónico e o regulamentismo actual, como fan López e Mestre, aludindo á ordenanza da ordenanza local do Concello de Bilbao, do 12 de maio de 1999 e o Decreto da Generalitat de Cataluña 217/2002, nas que se estipulan determinadas normas que han de rexer os locais ligados ao exercicio da prostitución.

- c. **Abolicionista:** O abolicionismo entende que a prostitución constitúe un mal social, un ataque á dignidade das persoas, unha vulneración dos dereitos humanos e unha forma de violencia contra as mulleres. As mulleres que a exercen son consideradas vítimas, e polo tanto, non son sancionadas, mais si o é calquera actividade que a favoreza (nalgúns casos tamén a compra de sexo de pago, como acontece en Suecia) e toda explotación que dela se faga. A prostitución é vista como unha forma de violencia contra as mulleres, xa que son elas as que a maioritariamente a exercen e eles a gran maioría das persoas que a consomen. Non se diferencia entre prostitución forzada ou voluntaria e aposta pola combinación de actuacións policiais e programas sociais que apoiem as mulleres que queiran deixar a prostitución. Ten a súa orixe tamén no século XIX, ligado á primeira vaga do feminismo que representa o sufraguismo e, historicamente, está vinculado á figura de Josephine Butler, quen en 1869 fundou a asociación abolicionista Ladies' National Association (LNA). Esténdese no século XX, sobre todo a partir do Convenio das Nacións Unidas para a Represión da Trata de Persoas e da Explotación da Prostitución Allea, tamén coñecido como o Tratado de Lake Success, aprobado pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 2 de decembro de 1949, e ratificado por España en 1962, tralo seu ingreso na ONU.
- d. **Legalización:** É o máis recente dos modelos e propón o recoñecemento e regulación da prostitución como traballo. Non se concibe a prostitución como problema senón como realidade que cómpre regular. Ten a súa orixe en 1985, no International Committee for Prostitute's Rights. O modelo legalizador esixe a despenalización da prostitución voluntaria, defende os dereitos humanos e civís das persoas que exercen a prostitución, así como o pago de impostos ao seren recoñecidas como traballadoras, aposta por programas de concienciación que fomenten un cambio de actitude con respecto ás mesmas e rexeitan que a prostitución sexa necesariamente sinónimo de "escravitude sexual" (González del Río, 2013, p. 16-18). Seguen este modelo Holanda e Alemaña, onde a prostitución é recoñecida como traballo e as prostitutas contan con dereitos laborais, seguridade social e dereito a prestación por desemprego. O proxecto de lei promovido pola socialista Montserrat Tura no primeiro tripartito catalán, e logo apartado, recollía elementos deste modelo. O proxecto nacía dun dos puntos acordados no Pacte del Tinell en 2003, que sustentou a formación do tripartito, e que sinalaba no seu punto sexto que se "debe avanzar na regulación dos traballadores e traballadoras do sexo comercial, impulsando o recoñecemento xurídico e profesional das persoas para que dispoñan dunha cobertura social como traballadores por conta allea ou autónomos".

5.2. CONTEXTO LEGAL ESTATAL

No Estado español, a prostitución era legal e estaba regulada até 1935. Era aquel un regulamentismo herdado do século XIX, apuntalado polo hixienismo, no que as mulleres que exercían a prostitución estaban suxeitas a controis sanitarios e os servizos para a prevención das enfermidades venéreas eran financiados cos impostos existentes sobre a actividade prostitucional. Coa chegada da II República comezan a xestarse accións políticas acordas co movemento abolicionista, cada vez máis en voga no eido internacional, que rematarían por concretarse no decreto aprobado en 1935 polo que

quedaría eliminada toda regulamentación da prostitución (Guereña, 2003, p. 391). O primeiro franquismo, porén, volvería ao regulamentismo, pois non podía permitirse manter unha medida orixinada na República.

No momento en que foi iniciada esta análise, no ano 1977, o contexto legal da prostitución era o configurado durante a ditadura franquista. Durante un período inicial no que o primeiro franquismo retoma o regulacionismo (dende 1941 até 1956), que ten o seu espello nas casas de tolerancia, o Estado español vese obrigado a aceptar o ideario abolicionista tralo seu ingreso na ONU, que leva aparelado a asunción dos seus principais acordos e normativas, como o convenio de 1950 para a represión da trata de persoas e da explotación da prostitución allea. Porén, era este un abolicionismo imperfecto, como se explicará de seguido.

O abolicionismo supón a consideración das persoas que exercen a prostitución como vítimas. En consecuencia, o abolicionismo non castiga ás prostitutas, senón ao contexto que o fai posible, é dicir, a proxenetas e a compradores de sexo. O da España franquista era, pois, un abolicionismo só sobre o papel posto que a Lei 16/1970 sobre perigosidade e rehabilitación social consideraba ás persoas que exercen a prostitución como perigosas para a sociedade en caso de que produciran alteracións de transcendencia á comunidade e á moralidade pública e, en consecuencia, as prostitutas podían mesmo ser sancionadas coa perda de liberdade. Podían ser confinadas en centros especiais ou mesmo condenadas ao exilio interior, ao serlles prohibido habitar en determinados lugares. Os internamentos chegaban até os tres anos de privación de liberdade (González del Río, 2013, p. 53).

A Lei de perigosidade social non sería derogada por completo até 1995, malia a que, coa chegada da democracia, queda aparcada. É nese ano cando, coa aprobación dun novo código penal, se produce un importante xiro nas políticas españolas sobre a prostitución, de modo que o Estado abandona en boa medida o ideario abolicionista anterior. Despenalízanse o rufianismo (vivir, en todo ou en parte, das persoas que exercen a prostitución), o proxenetismo locativo (arrendamento ou cesión de locais para a prostitución) e a corrupción de menores (González del Río, 2013, p. 54). O castigo ao proxenetismo redúcese á prostitución de menores e persoas incapacitadas, e a aqueles casos nos que a prostitución non é voluntaria senón forzada.

Tal e como documenta Celia Valiente (2004, p. 110-113), as modificacións que afectan ao delito de proxenetismo de cara á súa despenalización apenas teñen presenza no debate parlamentario previo á aprobación do Código Penal, o que se pon de manifesto nas escasas emendas presentadas ao respecto. Os sectores feministas, tanto abolicionistas como pro-legalización, estarían ausentes do xa de por si minguado debate político ao respecto. O Partido Popular amosaría unha especial preocupación pola protección das e dos menores, que logo se manifestaría, unha vez no poder, coa reforma do Código Penal que leva a cabo en 1997 para a recuperación, no mesmo, do delito de corrupción de menores e o incremento da idade das vítimas de 12 a 13 anos.

Na etapa que vai de 1995 a 2003, cunha lexislación máis laxa canto á penalización do proxenetismo se refire, no eido local comezan a xurdir políticas pro-regulación no ámbito local. Tal é o caso da ordenanza local do Concello de Bilbao, do 12 de maio de 1999, que fixa distancias mínimas entre locais dedicados á prostitución e establece requisitos hixiénicos e sanitarios sobre os mesmos. Outro exemplo é o Decreto da Generalitat de Cataluña 217/2002, do 1 de agosto, que regula tamén os locais de pública concorrencia onde se exerce a prostitución. As medidas do goberno catalán dispararán o debate que, aínda hoxe en día se mantén, sobre a conveniencia ou non da regulamentación da prostitución, sobre todo, cando se exerce na rúa.

Dadas as críticas suscitadas pola desaparición como delito do lucro a partir da prostitución allea se é consentida pola propia persoa que se prostitúe, sendo esta maior de idade, pronto volve a haber novas reformas do Código Penal, que terán lugar en 1999 (Lei Orgánica 11/1999, de 30 de abril) e, sobre todo, en 2003. Neste último ano volve penalizarse o lucro a partir da prostitución allea en todos os casos, mesmo se a persoa que se prostitúe deu o seu consentimento e é maior de idade. O reformado artigo 188.1 do Código Penal así o establece:

O que determine, empregando violencia, intimidación ou engano, ou abusando dunha situación de superioridade ou de necesidade ou vulnerabilidade da vítima, a persoa maior de idade a exercer a prostitución ou a manterse nela, será castigado coas penas de prisión de dous a catro anos e multa de 12 a 24 meses.

Dende a reforma de 1999, as modificacións do Código Penal están na súa maioría en relación coa política de estranxeiría e, para López Precioso e Mestre i Mestre (2006), son unha materialización do enfoque trafiquista que adopta o Estado español. O trafiquismo implica, segundo as autoras, a asimilación ao concepto de tráfico de todo tipo de migracións realizadas á marxe dos instrumentos previstos e permitidos polo Estado de recepción, mesmo as que se realizan de maneira autónoma.

A redución da migración autónoma ao concepto de tráfico criminaliza as migracións e, á vez, permite lexitimar políticas restritivas de peche, pois temos vítimas que salvar mediante esta acción policial (Azize 1998 e 2004; Mestre, 2001 e 2005, citados en López e Mestre, 2006, p. 94).

Dende 2003, o abolicionismo impera no discurso das políticas estatais. En abril de 2006, infórmase na prensa de que, dende o Ministerio de Interior, se está a ultimar un plan de loita contra o tráfico de persoas con fins de explotación sexual. En marzo de 2007 é aprobado o Informe da ponencia sobre a situación da prostitución no noso país, no seo da Comisión Mixta dos Dereitos da Muller e da Igualdade de Oportunidades, que incide nesta liña, contemplando a prostitución no marco do Convenio das Nacións Unidas para a Represión da Trata de Persoas e da Explotación da Prostitución Allea, e da Resolución de 2006 do Parlamento Europeo que insta a loitar contra a identificación da prostitución con traballo. Considérase que trata e tráfico están "absolutamente" relacionados, canto que a maioría das mulleres en situación de prostitución, segundo se recolle nestas conclusións, son ou foron vítimas da "trata de persoas". E, como consecuencia, ínstase ao goberno do Estado a elaborar un plan para a súa abordaxe.

O Plan Integral Contra a Trata de Seres Humanos con Fins de Explotación Sexual foi aprobado o 12 de decembro de 2008. O plan, que estende o seu período de actuación do 2009 ao 2012, define "a trata de seres humanos como "un fenómeno de preocupantes dimensións" e baséase en catro piares: a perspectiva de xénero, a consideración da trata como violación dos seres humanos, a realidade transnacional do fenómeno e a súa consideración como delito que require, polo tanto, da intervención dos ámbitos policial e xudicial. A partir deles concreta, como obxectivos, a sensibilización social, a asistencia e protección ás vítimas, e a abordaxe integral, transversal e interdisciplinar, na que se teñan en conta tanto medidas de concienciación, como de investigación, educación, formación, protección ás vítimas, lexislativas, procedimentais, de coordinación e de cooperación (Álvarez Pousa et al., 2010).

Mentres as políticas estatais se afianzan no abolicionismo, no contexto local cobran forza políticas de trazos prohibicionistas en relación co exercicio da prostitución na rúa,

que sancionan ou a quen a exerce, ou ao comprador, ou a ambas as partes. Tal acontece en Barcelona, coa ordenanza do 23 de decembro de 2005, que prohibe ofrecer ou aceptar servizos sexuais na rúa, e que foi endurecida en 2012, ano no que se elimina o aviso previo e se pasa a aplicar directamente a multa. A ordenanza barcelonesa prevé medidas de reinserción para as mulleres que exercen a prostitución, que poderán conmutar a multa se participan nun curso con tal fin da Abits (a Axencia para a Abordaxe Integral do Traballo Sexual).

Tamén nas cidades de Málaga e Granada se sancionará tanto a quen ofrece como a quen compra servizos sexuais, no primeiro dos casos, a través da ordenanza para a "Garantía da Convivencia Cidadá e a Protección do Espazo Urbano", en vigor dende decembro de 2010, e no segundo a través da ordenanza municipal en vigor dende o 10 de novembro de 2009. Sevilla, porén, optará por sancionar só a quen compra sexo, mediante a ordenanza aprobada o 28 de xaneiro de 2011. E no concello balear de Calviá, as políticas represivas centraranse en quen ofrece servizos sexuais, mediante unha ordenanza, aprobada ao 20 de outubro de 2003, que non se refire de maneira explícita á prostitución, mais que lle afecta de maneira directa ao prohibirse nela o exercicio de actividades económicas sen licenza na rúa. O concello de Madrid, porén, non optou polas sancións, mais si por unha política de disuasión da práctica de prostitución na rúa (mediante a vixilancia e o control policial, ao que responden medidas como a colocación de cámaras de videovixilancia en rúas céntricas nas que se exerce a prostitución, como Montera) e de concienciación en contra da compra de sexo de pago, fío condutor da campaña "Porque tú pagas, existe la prostitución. No colabores en la explotación sexual de seres humanos" (González del Río, 2003, pp. 64-66).

A última de volta de folla no debate ao respecto das políticas sobre a prostitución veu da man da presentación ao público, en xuño de 2014, do informe da Organización Profesional de Inspectores de Facenda do Estado que leva por título *Reforma fiscal española y "agujeros negros" del fraude. Propuestas y recomendaciones*. Nel propónse a legalización da prostitución. Bótase man, por unha banda, do argumento económico (os beneficios que suporían para as arcas do estado a tributación de importantes cantidades do que hoxe en día e diñeiro negro) e, por outra, dos cambios no contexto europeo de avaliación do PIB. Canto ao primeiro dos argumentos, recupéranse cifras proporcionadas no seu momento por ANELA (a Asociación de Empresarios de Clubes de Alterne), e citadas no informe de 2007 a Comisión Mixta de Dereitos da Muller e Igualdade de Oportunidades. Segundo estas fontes, a prostitución movería 18.000 millóns de euros no Estado español, que a organización profesional de inspectores considera que, na súa maioría, non son declaradas ao fisco. Así mesmo, valora en 5.000 millóns de euros o que a Seguridade Social deixa de recadar dado que boa parte das traballadoras e traballadores do ámbito non están dados de alta. Canto ao contexto europeo, alude á decisión adoptada no marco do Sistema Europeo de Contas de incluír actividades ilícitas nas avaliacións do PIB, o que tamén implica á prostitución, e á consecuente incorporación no INE, a partir de outubro de 2014, de actividades económicas ilegais na súa información trimestral acerca do PIB español.

Este cambio metodolóxico e estatístico no cálculo da Contabilidade Nacional, que implica a introdución de actividades da economía ilegal (tráfico de drogas, contrabando de tabaco ou prostitución) faise efectivo en setembro de 2014, e eleva en 26.193 millóns de euros (un 2,5%) o PIB nominal de 2013 (Mayo e Amigot, 2013). Calcúlase que, de manterse dita alza en 2014, o Goberno tería un colchón de 2.000 millóns para cumprir co déficit do 5,5% do PIB comprometido con Bruxelas (Núñez, 2014).

5.3. AS POLÍTICAS SOBRE PROSTITUCIÓN E MEDIOS DE COMUNICACIÓN

A modificación do Código Penal en 2003, coa penalización da explotación sexual allea mesmo cando esta é consentida pola propia persoa que se prostitúe, é un dos factores que fai proliferar, segundo asociacións como Alecrín, a prostitución de piso, dado que este tipo de bordeis son máis invisibles (non hai neóns nin letreiros que os anuncien) e, ademais, en canto que se trata de vivendas particulares, á policía élle máis difícil o seu acceso a elas, pois precisa dunha orde xudicial para poder entrar. O auxe da prostitución de piso leva aparelada a consecuentemente proliferación dos anuncios de sexo de pago, que son intermediarios necesarios para esta modalidade de prostitución, caracterizada pola súa discreción.

En 2007, o *Informe da ponencia sobre a prostitución no noso país* (2007) aconsella “solicitar aos medios de comunicación que, no marco do seus códigos deontolóxicos, consideren a renuncia á publicidade relacionada co comercio sexual para impedir o negocio das organizacións mafiosas dedicadas ao comercio sexual”. En consecuencia, o Plan Integral de Loita contra a Trata de Seres Humanos con Fins de Explotación Sexual aprobado en 2008, proponse, como acción, “promover o control dos anuncios de contactos nos medios de comunicación”. O Goberno, tal e como se recoñece no II Informe sobre o estado da situación do Plan, de 2010, leva a cabo diversas xestións con responsables de xornais estatais para procurar que, no marco da autorregulación, eliminen das súas páxinas os anuncios de sexo de pago. Mais, porén, foron moi poucos xornais os que fixeron caso desta recomendación. Entre eles, *Xornal de Galicia*, *Público*, *Qué*, *Diario de Asturias* (que os eliminou ao entrar a formar parte do grupo Mediapubli, no que tamén estaba integrado Público), *Gaceta de los Negocios* e *La Razón*, que se viu impelido a facelo para poder distribuír con el o diario vaticano *L'Osservatore Romano*. Os xornais fundamentan a súa oposición á eliminación dos anuncios de sexo de pago en varios argumentos: 1) se a prostitución non é ilegal, non hai base para que se prohíba a súa publicitación; 2) a liberdade de expresión, e 3) motivos económicos (a crise económica afecta de modo especial á prensa, que ten na publicidade de sexo de pago unha importante fonte de ingresos).

Ante o escaso éxito do impulso autorregulador por parte do goberno estatal, o Executivo decide acudir ao Consello de Estado, o máximo órgano consultivo, para asesorarse sobre as posibilidades legais para a eliminación deste tipo de publicidade. No seu ditame, en 2011, o Consello concluírá a existencia de base legal para eliminala das páxinas da prensa. Os argumentos do organismo consultivo foron: a) o propio carácter da prostitución, canto que “en tanto simple actividade tolerada resulta adecuado restrinxir ou prohibir a súa difusión”; b) o feito de que, tralos anuncios, poidan agocharse actividades ilícitas como o proxenetismo; c) a protección das e dos menores e d) a desvalorización das mulleres, pois considera o Consello que, nos anuncios de prostitución feminina, a muller é equiparada a mercadoría (Álvarez Pousa et al., 2011)

En base ao argumentado polo Consello de Estado, o Goberno, presidido naquel momento polo socialista José Luís Rodríguez Zapatero, remitiulle ao Parlamento en 2011 unha proposta de modificación da Lei Xeral de Publicidade. Mais a derrota do PSOE nas eleccións estatais dese ano e a subida do Partido Popular ao goberno fai que a iniciativa quede aparcada. En xullo de 2012, o Partido Popular solicitoulle á Cámara Baixa a creación dunha subcomisión na que se abordarían os chamados anuncios de contacto, cuxa constitución foi anunciada nun primeiro momento para principios de 2013. O que se constituíu, finalmente, foi unha subcomisión xeral para a trata de seres humanos con fins de explotación sexual, que non chegaría a materializarse até o 25 de febreiro de 2014.

Hoxe en día, os anuncios de sexo de pago na prensa seguen a ser permitidos e publicados pola gran maioría das cabeceiras españolas.

5.4. ALGÚNS DATOS SOBRE A PROSTITUCIÓN NO ESTADO ESPAÑOL

A situación de alegalidade da prostitución fai que non existan datos fiables sobre o número de persoas, fundamentalmente mulleres, que a exercen no Estado. O "Informe da Ponencia sobre a prostitución no país" (2007) cuantificaba en 400.000 o número de prostitutas no ámbito estatal, unha por cada 38 homes. Porén, esta cita varía segundo as fontes, tal e como sinala Pedro Brufao (2011, p. 23).

Dada a súa situación á marxe da lei, é moi difícil asegurar unhas cifras sobre o número de persoas que se prostitúen en España. O número de mulleres prostituídas está, segundo diversas fontes, entre 300.000 e 400.000 (Pisano, 2005: 205 e ss.), outras fontes falan de 500.000 (Junta de Extremadura, 2005) e incluso chegan a considerar as 600.000 (Cadena SER, 2005).

O "Informe da Ponencia sobre a prostitución no noso país" inclúe, ademais, datos referidos ao volume de negocio e aos compradores de sexo. Bota man das cifras manexadas polos propietarios de clubs de alterne para calcular en 18.000 millóns de euros ao ano o negocio da prostitución no Estado. Concreta en 15 millóns o número de homes entre 16 e 64 anos potenciais clientes de prostitutas, que realizarían unha media de gasto de 100 euros ao mes. E sinala, así mesmo, que o 6% da poboación española é consumidora habitual de prostitución. Segundo a Enquisa de Saúde e Hábitos Sexuais, elaborado en 2003 polo INE en base ás respostas de 10.838 persoas, un 27,3% dos homes que algunha vez tiveron relacións sexuais, nalgunha ocasión acudiron á prostitución. España encabeza, segundo datos expostos por APRAMP na guía *La trata con fines de explotación sexual* (2011), a lista de países consumidores de prostitución, cun valor atípico en Europa (o 39% de homes). Porén, non se indica no citado informe as fontes das que procede o dato, nin o momento en que se obtivo, nin a metodoloxía empregada para achalo.

En datos do ex xefe de prensa de ANELA, Joan Cantarero, no seu libro *Los amos de la prostitución en España* (2007), a legalización da actividade suporía unha recadación de 2.880 millóns de euros ao ano e uns ingresos para a Seguridade Social duns 1.124 millóns de euros, tendo en conta a cota de 234 euros vixente en 2005 para as e os traballadores por conta propia e partindo da cifra de 400.000 prostitutas no Estado.

Sobre prostitución masculina apenas existen datos e menos aínda sobre prostitución de mulleres transxénero. No estudo *Trabajadores masculinos del sexo: Aproximación a la prostitución masculina en Madrid 2006*, non se fai unha contabilización da poboación total de homes que se prostitúen, nin no Estado, nin en Madrid, que é o ámbito de investigación, mais si se extrae un dato claro das enquisas realizadas aos 101 homes que participaron no estudo: a maior incidencia de VIH (cunha taxa do 19,8%) fronte ao 0,8% de prevalencia no caso da prostitución feminina.

Os estudos sobre a situación da prostitución sinalan, así mesmo, unha evolución destacada nas últimas décadas. No período no que se inicia este estudo a prostitución era exercida por mulleres maioritariamente autóctonas. Nos anos 80, incorpórase á prostitución o perfil da muller drogodependente e xa nos 90, a prostitución pasa a ser exercida fundamentalmente por mulleres migradas. Segundo o sinalado por Brufao (2011) e polo Instituto Andaluz de la Mujer (2005), os principais cambios observados no exercicio da prostitución son:

- A diminución da prostitución de rúa dentro dos núcleos urbanos (debido á presión veciñal e policial e ás propias transformacións urbanísticas e políticas de rehabilitación dalgún destes barrios considerado degradados). Isto leva parello o incremento doutras formas de prostitución, como aquela que ten lugar nas estradas e nos polígonos, nos clubs e nos pisos.
- A diminución da idade das mulleres que exercen a prostitución
- Incremento das mulleres vítimas de trata.
- Modernización dos lugares destinados á prostitución.
- Incremento da mobilidade xeográfica das mulleres (propiciada polo sistema de prazas, que logo explicarei).
- Desenvolvemento da Industria do Sexo e concepción da demanda como actividade de consumo e ocio comercial.

5.5. PROSTITUCIÓN, DISCRIMINACIÓN DE XÉNERO E GLOBALIZACIÓN NEOLIBERAL

A prostitución está cruzada, por unha banda, polo factor xénero, é dicir polas distintas posicións que a mulleres e a homes se lles destinan na sociedade, que explican que a maioría das persoas que se prostitúen sexan mulleres e que a gran maioría das persoas que compran sexo sexan homes. E, por outra banda, polas desigualdades derivadas da globalización neoliberal, que dan lugar a:

1. os grandes movementos poboacionais sur-norte protagonizados por persoas que abandonan os seus países de orixe á procura dun futuro mellor. Ás mulleres migradas, na súa dobre condición de mulleres e migradas, a sociedade de acollida reservoulles ámbitos laborais altamente precarizados, adoito sen as mínimas coberturas legais, ámbitos que foron abandonando as mulleres españolas: os servizos domésticos, o coidado de persoas dependentes, a agricultura e a prostitución. Segundo datos da Garda Civil, nun informe feito público en 2009, máis dun 95% das mulleres que exercen en Galicia son inmigrantes. Poré, a raíz da crise, cada vez máis españolas están volvendo á prostitución. O perfil das mulleres autóctonas que se incorporan é distinto. Se as mulleres españolas estaban até o de agora confinadas fundamentalmente á prostitución de barrio e a perfís moi marxinais, coa crise, incorpóranse á prostitución mulleres de vida normalizada que, por falta de recursos económicos, e ante unha situación de falta de ingresos e/ou perda de traballo, deciden acudir á compravenda de sexo de pago (Puñal Rama, en Méndez Lois, inédito). Mais tamén existe o outro extremo: mulleres acostumadas a un tren de vida acomodado que non están dispostas a perder o poder adquisitivo do que viñan gozando.

Aínda así, o perfil da persoa que exerce a prostitución segue sendo fundamentalmente o dunha muller migrada. Segundo datos da hoxe en día extinta asociación Alecrín de 2009, este perfil responde ao de mulleres con poucos recursos económicos, que contan con cargas familiares e están nunha franxa de idade comprendida, sobre todo, entre os 18 e os 35 anos. Emigran e optan pola prostitución ben para conseguir máis recursos para a súa familia, ben para mellorar a súa propia situación económica, é dicir, reunir por un tempo diñeiro suficiente para logo conseguir mellores expectativas vitais.

Encóntranse, pois, nunha situación de vulnerabilidade polo feito de estar nun país descoñecido, cuxas costumes, normas e dereitos non coñecen, o que se agrava de estaren en situación administrativa irregular, e as obriga a fuxir polo tanto da vixilancia policial. Agudizan a vulnerabilidade os condicionantes económicos: o feito de que a prostitución forme parte da economía somerxida, a urxencia de recursos económicos por parte de quen a exerce ou o teren que aforrar parte do seu diñeiro para poderlle enviar ás súas familias. Situación que se agrava no caso das vítimas de trata.

5.6. TIPOLOXÍA DA PROSTITUCIÓN

Os espazos onde tradicionalmente se exerceu a prostitución estaban confinados en zonas marxinais, como foron durante anos os cascos vellos e abandonados das cidades. Mais nos últimos esta realidade está a cambiar. A prostitución de rúa e barrio decaeu fronte á de club e a de piso. Acelerou este decaer da prostitución de barrio, ademais, o feito de que os espazos marxinais onde se exercía se convertesen en foco de actuación de políticas urbanísticas e de rehabilitación e as regulamentacións cívicas que, nalgúns concellos, como Barcelona, prohiben o exercicio na rúa.

5.6.1. A prostitución de barrio e rúa

Segundo APRAMP e a Fundación Mujeres, a prostitución de rúa é aquela que "se exerce en zonas delimitadas da cidade como poden ser os parques e as prazas públicas, os cascos antigos, "barrios chinoses" ou zonas portuarias, efectuándose o contacto sexual en pensións modestas das proximidades, nos parques ou nos vehículos dos clientes" (APRAMP, 2005). A eles cumpriría engadir outros espazos en aberto, como os polígonos industriais—en auxe, trala presión policial e veciñal que as expulsa dos tradicionais barrios onde exerceron (Guillá Girard (2005) (Dir.), pp. 207 e 208) ou as estradas.

A prostitución de barrio e rúa é a considerada máis marxinal (adoito é asociada a delincuencia, desorde pública e drogadicción, e é frecuente o rexeitamento por parte da veciñanza), a menos pagada e exercida ademais en precarias condicións hixiénicas, nos cuartos dos bares da zona, en lugares públicos, nos coches...). Ao que se lle engade a inseguridade e a desprotección da rúa, e o estaren expostas aos ollos da veciñanza. É neste tipo de prostitución onde adoita haber máis mulleres españolas, nalgúns casos, de idade xa avanzada, vida marxinal e con poucas posibilidades de traballo en clubs ou pisos. Mais tamén persoas que, pola súa cor, orixe ou condición sexual, son rexeitadas en clubs (como a prostitución de mulleres transxénero) e en pisos (como as mozas subsaharianas).

Porén, a prostitución de rúa tamén presenta vantaxes para as persoas que exercen, tal e como se pon de manifesto nas entrevistas realizadas a prostitutas barcelonesas en *Los pasos in(visibles) de la prostitución* (Arella et. al., 2007). Fundamentalmente, unha maior liberdade (sempre que non estean suxeitas a redes de trata) en canto a horarios, elección da clientela, e mobilidade.

Na prostitución de barrio, as mulleres captan aos seus clientes na rúa ou en bares da zona que contan con cuartos onde manteren o contacto sexual. Os barrios chinoses entran en decadencia tras un proceso de depauperación paulatino, polas políticas de rehabilitación efectuadas neles que expulsan dos mesmos ás persoas que tradicionalmente o habitaron, polos conflitos que xera coa veciñanza e por ordenanzas municipais, como as de Barcelona Lleida, Granada, Sevilla, Valencia, Castellón, Bilbao Calvià, El Ejido ou La Jonquera, que sancionan o seu exercicio, ademais de pola propia competencia entre modalidades de prostitución. Tal e como se recoñece no informe sobre a prostitución en Andalucía, o declive da prostitución de rúa ten que ver fundamentalmente con dous feitos:

"Por un lado coa presión urbanística, veciñal e policial, e por outro coa concorrencia interna que se dá entre as distintas formas de prostitución. Canto a isto último hai que recordar que a rúa ten unha seria dificultade en competir con outras formas cerradas de prostitución. O cal está en relación directa coa

presentación da oferta —é dicir a organización interna do *empresariado*—, e coa evolución da demanda, é dicir, os gustos sexuais e a forma en que se acode á prostitución" (Guillá Girard (2005) (Dir.), p. 207).

Tal presión fai que teñan que acudir a figuras de protección, e que, segundo o citado estudo, teñan máis posibilidades de caer en redes de trata de mulleres con fins de explotación sexual a nivel nacional (Guillá Girard (2005) (Dir.), pp. 207-208).

As cada vez máis frecuentes regulacións locais que pretenden a eliminación da prostitución na rúa son criticadas, por unha banda, polas contradicións en que incorren cunha política estatal que permite a prostitución e non a considera unha actividade ilegal, e que ademais está baseada en preceptos abolicionistas, que parten da sanción ao contexto da persoa que exerce a prostitución (cliente e proxeneta) mais non á propia prostituta. Por outra, achácaselle a este tipo de medidas unha dobre moral, canto que o que pretenden non é solucionar os problemas que rodean a prostitución, senón invisibilizala, de aí que non se toque á prostitución de piso ou de club. Ademais, na súa defensa, reivíndicase a rúa como espazo público, de todos e todas, tamén das persoas que exercen a prostitución, tal e como poñen de manifesto Arella et al. (2007), que fan explícito como institucións como o Síndic de Greuges de Catalunya decantan a balanza polos dereitos das e dos "cidadáns" fronte ao das persoas que exercen a prostitución (como se estas non foran cidadanía) e denuncian ademais o dobre discurso daquelas persoas que rexeitan o exercicio da prostitución na rúa:

En fin, topamos, unha vez máis, o dobre discurso. O politicamente correcto e o que, de maneira imperceptíbel para os entrevistados, flúe a través das súas propias argumentacións en forma de intolerancia e discriminación. Aínda podemos entrever que a prostitución segue ligada ao suxo, ao exhibicionismo, ao escándalo e ao indecente (Arella et al., 2007, p. 138).

Prexuízos tralos que latexa outro de fondo, aquel que historicamente sanciona a muller pública, a muller que transgride ao saír do espazo privado que a sociedade patriarcal lle ten reservado, de modo que, mentres o home público está altamente valorizado (por ser sinónimo de persoas cunha elevado estatus na esfera pública), a muller pública foi historicamente denigrada como sinónimo de prostituta.

5.6.2. Os clubs de prostitución

Situados polo xeral nas aforas das cidades e afastados de zonas residenciais, os clubs evitan así conflitos coa veciñanza (González Márquez, 2005, p. 39). Cataluña e Bilbao, como xa foi explicado, crearon normativa específica para regulalos, que implica a delimitación daqueles espazos onde poden estar situados, tratando de reducir, deste xeito, os problemas coa veciñanza.

Un dos principais cambios percibidos no mercado da prostitución dende os anos noventa foi a modernización dos clubs, o que ten que ver coa competencia doutras modalidades da industria do sexo menos estigmatizadas ligadas ao avance tecnolóxico (liñas eróticas, canles de televisión, internet...) (Guilló Girard, 2005, p. 211). Os clubs asumen así unha imaxe ligada a espazo de ocio, no que a compra venda de sexo se complementa con outros servizos, e amosan unha crecente preocupación diversificación e variedade de oferta (traducido en mulleres de diversas nacionalidades que, ademais, son renovadas cada pouco tempo para atraer, co gancho da novidade, ao cliente). O mercado do sexo suxéitase, así, aos preceptos da sociedade de consumo: "mercadoría diversa" e permanentemente renovada. Tal e como se explica no *Informe sobre el tráfico de mujeres y la prostitución en la Comunidad de Madrid* (2002, p. 57),

A imaxe clásica do club de estrada está destina a extinguirse. Por moi mala aparencia que poidan ter no exterior, o seu interior transformouse no que se denomina "discotecas do sexo. Supón sofisticar o ambiente destes lugares, aumentando o tipo de servizos: barra, baile, espectáculo, restaurante; e o tipo de mulleres segundo a súa procedencia e especialidades de servizo, melloras no mobiliario, os equipos de hixiene, a infraestrutura.

Xa non só falamos de clubs de estrada ou locais de alterne, como antano, senón de espazos máis amplos, con mellores instalacións e máis sofisticados. O summum, tal e como se indica no mencionado informe, serían os hotéis de praza, onde a muller paga a estadia, comida e obxectos de primeira necesidade, o que constitúe, xunto cos ingresos obtidos no bar, o principal beneficio do empresario.

Conviven, pois, clubs de pequeno tamaño (sobre todo, nos centros dos núcleos urbanos), con clubs de tamaño medio ou macroclubs, do que sería exemplo o aberto na Jonquera, preto da fronteira con Francia e cunha importante clientela francesa, que conseguiu gran repercusión mediática como o maior bordel de Europa. Para o caso galego, Laura Oso diferencia dende negocios pequenos, onde traballan un grupo reducido de mulleres (de 3 a 5), até locais de mediano tamaño (de 10 a 25 mulleres) e grandes clubs que empregan entre 50 e 100 mulleres (Oso, 2004, p. 33). O *Informe prostitución en Lugo* descríbennos así as diverxencias entre os locais máis pequenos (como os poucos que aínda sobreviven no centro das cidades) e os máis modernizados:

Clubs de alterne: Locais públicos situados na propia cidade e nas zonas interurbanas indistintamente, aínda que son estes últimos os máis numerosos podéndose denominar "de estrada" e que responden ao estilo de club "clásico" salvo tres excepcións: Tritón, Queens e Crixtal, máis modernizados. Os primeiros, de aparencia exterior deteriorada e con pouca infraestrutura, posúen, normalmente, unha zona de bar para as consumicións e a "exposición" das mulleres para os clientes-prostituidores e a zona "reservada" de habitacións para o consumo de servizos sexuais. Algúns tamén posúen zonas privadas comúns onde se dispón de comedor e roupeiro para as mulleres que viven no propio club. Os segundos, máis modernizados, responden a un modelo que podemos denominar de "discoteca do sexo" onde o "obxectivo principal é xerar unha oferta que enfatice o aspecto de ocio do lugar" con zonas de espectáculo (barra e streeptase), reservados para "bailes privados", etc. (Alecrín, 2006b, pp. 41).

Nos clubs máis pequenos, as condicións hixiénicas e a calidade das instalacións adoitan ser malas mais, onde peores son as condicións de traballo, segundo se sinala no informe sobre a prostitución en Madrid (2002, p. 57), é nos grandes clubs: horarios máis amplos de atención ao cliente, mesmo de 24 horas ao día; ritmo de actividade maior, menos horas de descanso, cun contacto case nulo co exterior (as propias compras son efectuadas no dispensario dos donos dos clubs)

As condicións de traballo das mulleres que exercen a prostitución en clubs dependen da rutina na que se inscriban, fundamentalmente dúas: o sistema de prazas (a muller comprométese a traballar 21 días seguidos –ciclo menstrual– no club, a cambio dunha cantidade diaria pola súa estadia) ou o pago dunha porcentaxe por servizo e polas copas. Poden estar suxeitas a multas por motivos varios (chegar tarde, pasar demasiado tempo no cuarto...). O perfil das mulleres que neles exercen tamén é distinto. Maiormente estranxeiras e mozas.

Os clubs están marcados pola mobilidade. Mobilidade porque o sistema de prazas, con estadias limitadas a un número determinado de semanas, así o fixa, o que, á custa

do desarraigo, para as mulleres, moitas delas inmigrantes irregulares, ten como vantaxe fuxir con maior facilidade das redadas policiais e maiores beneficios económicos. Tamén illamento, sobre todo no caso de mulleres estranxeiras que aterran directamente a un país que non coñecen e a locais afastados dos núcleos urbanos e poboacionais onde viven e traballan. Isto facilita que estean máis controladas polos donos do negocio e que conten con menos autonomía. O illamento provoca desinformación e descoñecemento dos seus dereitos e posibilidades. E créase ademais un lucrativo negocio ao redor dos servizos que se lle ofrecen no propio club (como a atención médica privada, consecución de papeis, perruquería...).

Nos clubs, o dono converteuse nunha figura afastada. Exerce o papel de empresario e ten intermediarios ou cabezas de turco que lle axudan a saír indemne de redadas policiais. Segundo se indica no informe sobre a situación da prostitución en Madrid (2002, p. 69), adoita ser dono de varios clubs, tece relacións empresariais con outros donos, así como circuitos de prostitución e intercambio de mulleres, e ten unha estreita relación cos traficantes, cos que contacta para que nutran os seus negocios de persoas que exercen a prostitución.

5.6.3. Pisos de contacto

Os pisos son unha modalidade da prostitución en auxe nos últimos anos. Os pisos fan da prostitución un negocio invisíbel. A forma de contacto co cliente, agora, establécese a partir da prensa e das súas páxinas de contactos, que tamén foron aumentando de modo parello ao asentamento desta modalidade de prostitución, ou a través de internet. Canto aos porqués deste auxe, a asociación Alecrín apunta ás dúas reformas do Código Penal acometidas nos últimos tempos á procura dunha penalización máis severa dos proxenetas: no ano 2003 (artigo 188, no que penaliza a "quen determine, empregando violencia, intimidación ou engano, ou abusando dunha situación de necesidade ou vulnerabilidade da vítima a persoa maior de idade a exercer a prostitución ou a manterse nela" e tamén a quen "se lucre explotando a prostitución doutra persoa, aínda co consentimento desta",⁵⁹ ou nas que se dea abuso dunha situación de superioridade, intimidación ou engano) e no ano 2004 (artigo 318 bis, que castiga a quen promove tráfico ilegal ou inmigración clandestina con fins de explotación sexual). Tamén poden ser apuntados outros factores, como o cambio de tendencias no mercado.

En todo caso, a invisibilidade do piso proporciona un espazo a salvo das redadas policiais, tanto para os proxenetas como para as persoas que exercen a prostitución, moitas delas migradas e en situación irregular que temen ser detidas e finalmente deportadas por tal motivo. Esta nova realidade, tal e como reconece a Policía Nacional no informe presentado en marzo de 2009, fai máis difícil aínda loitar contra as redes de trata que operan tralo negocio da prostitución, non só polo agocho que proporcionan senón porque, mesmo unha vez localizados, está prohibida a entrada a unha vivenda sen previa orde xudicial.

Nos pisos, as mulleres poden exercer por conta propia (un grupo decide establecer un pequeno negocio, que lle permita máis autonomía de movementos que no club) ou allea (o piso pode pertencer a un particular, a unha axencia ou mesmo estar integrado nunha rede de tráfico de mulleres (Servizo Galego de Igualdade, 2004, p. 51). Entre eles, tal e como apunta o informe sobre a prostitución en Lugo (Alecrín, 200, p. 66), as diferenzas son notables: mentres os primeiros son negocios pequenos e inestables no tempo (menos ganancias económicas), os segundos implican instalacións de maior

⁵⁹ O Código Penal de 1995 só perseguía o proxenetismo en casos de explotación de menores, persoas incapaces ou mediante intimidación, o que contribuíu, nos anos seguintes, ao auxe do negocio do sexo.

investimento económico, e tamén maior difusión e presenza nas páxinas de contactos dos medios.

O piso pode supor para as mulleres un espazo de autonomía maior, sobre todo, se son elas mesmas as que se organizan (teñen a posibilidade de dispor mellor do seu tempo e mesmo de ir traballar unhas horas determinadas), pero tamén implica riscos: as esixencias dos clientes son maiores, quizais incentivada a súa fantasía no imaxinario que alimentan as páxinas de contactos, e a posibilidade de que a muller faga saídas aos espazos dos propios clientes tamén supón un maior grao de inseguridade. Mais esta maior autonomía pode ser por completo inexistente en pisos por conta allea e en mans de redes.

5.7. AS VÍAS DE CHEGADA A ESPAÑA

As persoas migradas que exercen a prostitución poden chegar ao Estado español de forma autónoma, mediante redes informais (familiares ou persoas próximas que lles facilitan a chegada e o asentamento no país) ou a través de redes organizadas que fan da trata de seres humanos un lucrativo negocio a nivel mundial. O peso que unha ou outra teñan é difícil de valorar. Así, mentres para a exdirectora do Instituto de la Mujer, Laura Seara (Puñal Rama, 2010), o 90% das mulleres que exercen a prostitución en España son vítimas de trata, porén, outros estudos, dende o regulacionismo, subliñan que a maioría das mulleres chegan autonomamente ou mediante redes familiares ou informais. Así, no estudo da socióloga Laura Oso (2004), de 45 mulleres entrevistadas só dúas chegaron a España enganadas, ao redor da metade emigraron de maneira independente, grazas ao seu propio diñeiro, á obtención dun préstamo, a unha hipoteca..., e a outra metade tras contraer unha débeda, pero baixo un tráfico máis a pequena escala. Por exemplo, mulleres inmigrantes xa asentadas aquí que invisten en organizarlle a viaxe a outras persoas, ou donos de clubs. Parece haber coincidencia, segundo o que sinalan as propias asociacións en contacto con persoas que exercen a prostitución, en que a maioría das mulleres hoxe en día chegan a Galicia e a España sabendo a que veñen –é dicir, a prostitución é decisión propia– mais son enganadas canto ao prezo da débeda que han de pagar pola viaxe e a entrada no país, ou as condicións de exercicio.

Segundo Joan Cantarero (2007), as condicións nas que se exerce a prostitución, e as presións e controis a que se son sometidas as persoas que a exercen, varían dependendo da procedencia. O autor destaca a falta de liberdade e o sometemento a grupos mafiosos, que botan man da violencia física ou da coacción familiar, no caso das mulleres que proveñen de Romanía. Alude tamén á utilización de violencia e maxia negra para someter ás mulleres que proveñen de países africanos, que temen as consecuencias que poida ter a desobediencia e a ruptura do ritual ao que foron sometidas, así como a discriminación racista unha vez en España, que as relega á prostitución de rúa e as exclúe da prostitución de club. E expón outro tipo de métodos (fundamentalmente, o engano nas condicións en que se vai exercer, a promesa de adquisición de diñeiro fácil, e a contracción dunha débeda) no caso daquelas que proveñen de América Latina (2007, pp. 23-32).

5.8. AS REDES DE TRATA

A ONU define a trata de seres humanos como o “recrutamento, transporte, embarque ou recepción de persoas, por medio de ameaza, uso da forza, coacción, fraude, engano, abuso de poder ou de situacións de vulnerabilidade, ou mediando pago ou beneficio económico no consentimento dunha persoa para que ceda o control sobre outra co propósito da súa explotación”.

Cómpre diferenciar entre trata e tráfico, que é definido no Protocolo das Nacións Unidas contra o contrabando de inmigrantes por terra, mar e aire, como o "procedemento para obter directa ou indirectamente o beneficio económico da entrada ilegal dunha persoa nun país do que non é nacional nin residente permanente".

O tráfico conta, pois, co consentimento da persoa, mentres que a trata non é consentida, ou de selo, implica engano, coacción, abuso de poder ou de situacións de vulnerabilidade. O tráfico é necesariamente transnacional mentres que a trata pode ser tamén interna, naqueles casos nos que o recrutamento e traslado se produce dentro das fronteiras propio Estado. O tráfico ilegal remata coa chegada ao seu destino das persoas vítimas de tráfico. A trata implica unha posterior explotación da vítima coa finalidade de obter beneficios económicos.

A trata, tal e como sinala Pérez Freire (2013, p. 9), é "a actividade criminal de maior crecemento no mundo de entre todas as formas de delincuencia organizada". O contexto de globalización económica, a apertura de fronteiras interiores na Unión Europea e a demanda de man de obra barata no espazo Schengen, tal e como explica a autora, potenciou o tráfico de persoas, que pode (aínda que non necesariamente, como vimos de ver, levar consigo trata).

A trata está cruzada por un importante nesgo de xénero e, ademais, está fortemente ligada á explotación sexual que, aínda que non é o seu único destino, si é un dos principais. Segundo datos da Comisión Europea, nun comunicado de prensa do 19 de xuño de 2012, e referido por Silvia Pérez Freire (2013, p. 10), tres cuartas partes das vítimas de trata identificadas nos Estados membros da Unión Europea son explotadas sexualmente, o que coincide cos datos da ONU. Ademais, segundo a mesma fonte, mulleres e nenas son as principais vítimas de trata de seres humanos.

O Estado español, tal e como se indica no Plan Integral contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual (2009-2012) ten unha importancia alta como lugar de destino da trata, canto que recibe vítimas procedentes de países como Colombia, República Dominicana, Nixeria, Rusia, Ucraína, Romanía, Bulgaria, Brasil, Croacia, República Chega, Hungría, Marrocos ou Polonia.

Das mulleres vítimas das redes de trata con fins de explotación sexual, díseno no citado documento que son captadas polas redes aproveitando a súa situación persoal (carencia de recursos económicos, desemprego, baixos niveis educativos, dificultades para emigrar de maneira regular...). A organización adoita facilitar o financiamento da viaxe e os documentos precisos para entrar no Estado español, de modo que a vítima contrae a cambio unha débeda que, segundo se sinala no Plan "constitúe posteriormente unha coartada para a explotación, ao ser incrementada de forma arbitraria e complicarse enormemente a súa devolución". Unha vez que chegan ao seu destino, son sometidas a diferentes graos de control, que inclúen vixilancia, encerro e agresións.

Policía e Garda Civil coinciden co que veño de dicir á hora de definir o modus operandi das redes nos seus respectivos informes dados a coñecer en marzo de 2009 con respecto a Galicia (Unidade Policía Xudicial XVª Zona Garda Civil, 2009). As organizacións (as de orixe romanés e brasileiro son as que operan en Galicia naquela altura, segundo os datos da Policía Nacional) contan no país de saída con persoas que se encargan de captar as mulleres, xeralmente mozas en situación de vulnerabilidade por falta de recursos económicos e/ou cargas familiares. Ofrécenlles a posibilidade de conseguir diñeiro fácil mediante a prostitución en España –unha vía rápida para poder labrarse un futuro mellor– mais non lles indican as condicións nas que van exercer. A cambio de seren transportadas á Península, as mozas contraen unha débeda, que han pagar prostituíndose e que, no caso das organizacións brasileiras, mesmo se chega a triplicar unha vez aquí, segundo indica a Policía Nacional. Unha vez chegan a España,

descobren as condicións reais de traballo. No caso das organizacións brasileiras, por exemplo, que se deberán prostituír diariamente e sen percibir diñeiro algún mentres non paguen a débeda (as mozas romanesas perciben só unha pequena cantidade mentres non logran condonar o que deben), que serán multadas os días que non traballen ou mesmo por saír á rúa máis horas do permitido, que a documentación lles será retirada, que a súa familia correrá perigo se denuncian... En Galicia, mesmo a prensa chegou a dar nova da detención e condena de donos de clubs acusados de participar de ditas redes. En marzo de 2008, Aquilino González Iglesias, dono do club Las Ninfas de Maside, foi condenado en Brasil a 13 anos de cárcere. Segundo datos publicados por *La Región* (12 de marzo de 2008), a fiscalía recollía na súa denuncia que o club obtivera, entre os anos 2005 e 2006, unhas ganancias de 2.283.000 euros.

Canto ao contexto legislativo na loita contra a trata, é de destacar a Directiva 2011/36/CE, na que a posibilidade de concesión dun permiso de residencia temporal ás vítimas nacionais de terceiros estados en situación de extrema vulnerabilidade non se condiciona á cooperación coas autoridades. Supón un avance notable con respecto á Directiva 2004/81/CE, na que a cooperación era condición para a concesión dun permiso de residencia, sen ter en conta os diversos factores que poden facer desistir á vítima de tal cooperación (dende o medo ás mafias, até a falta de recursos económicos mentres o proceso xudicial se alonga). Esta directiva, no momento en que estas liñas se están a redactar (outubro de 2014) aínda non foi trasposta á lexislación española malia a que o prazo imposto pola Unión Europea para a súa incorporación ao dereito estatal rematara en abril de 2013. A Rede Española Contra a Trata de Persoas (RECTP) aconsella que se faga mediante a aprobación dunha lei integral.

No Estado español, segundo sinala Pérez Freire (2013, p. 15), citando á fiscal Patricia Fernández Olalla, a resposta normativa ás esixencias do dereito internacional foi tardía. O Plan integral de loita contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual para o período 2009-2012 intentou procurar solucións a esta situación. Incorpora así un período de reflexión de 30 días, que se lle proporciona ás mulleres para que decidan se formar parte do proceso como testemuña protexida ou volver ao seu país de orixe, e lles ofrece, en tal caso, a posibilidade de obter un permiso de residencia e de traballo, como recolle a Lei de Estranxeiría, reformada en decembro de 2009. Nos artigos 59 e 59 bis da lei contéplase que a vítima, se decide colaborar coas autoridades, poderá obter unha autorización de residencia e de traballo. En caso de non ser así, poderase valorar a autorización dun permiso de residencia por razóns humanitarias. Porén, tal e como se sinala no informe de Álvarez Pousa et al. (2010) falta nos medios reflexión, avaliación e seguimento do grao en que estas medidas están a funcionar. Cuestións tales como que é o que adoita acontecer se a vítima decide non colaborar non son abordadas.

En novembro de 2011 apróbase o Protocolo marco de protección das vítimas de trata, que ten como fin "estabelecer pautas de actuación para a detección, identificación, asistencia e protección das vítimas de trata de seres humanos, favorecer a coordinación das institucións implicadas en ditos procesos e definir os mecanismos de relación entre as administracións con responsabilidades na materia, así como os procesos de comunicación e cooperación con organizacións e entidades con experiencia acreditada na asistencia a vítimas de trata".

Porén, a protección das vítimas contra a trata é considerada insuficiente dende voces expertas e asociacións e entidades ligadas á abordaxe da problemática, tal é o caso da Red Española contra a Trata de Persoas ou do propio Defensor do Pobo no seu informe *La trata de seres humanos en España: víctimas invisibles*. O Proxecto Esperanza Adoratrices, membro da RECTP, denuncia no seu comunicado do 23 de

setembro de 2013 o incumprimento, por parte do Estado español, da transposición da mencionada directiva europea, así como o descenso no número de vítimas identificadas e dos períodos de restablecemento e reflexión ofrecidos e concedidos ás presuntas vítimas. Así mesmo, considera insuficiente o acceso á asistencia sanitaria, que se limita só a aquelas vítimas en situación irregular ás que se lle concedera período de reflexión, e o acceso a permisos de residencia e traballo, que se conceden a aquelas persoas que colaboren coas autoridades ou, en caso de non ser así, pola súa situación persoal, suposto, porén que non son definidos pola lexislación.

Pola súa banda, a necesidade da elaboración dun novo protocolo marco é destacada pola investigadora Carmen Pérez González, integrante do equipo de investigación que leva adiante o proxecto de investigación europeo "The fight against trafficking in human beings in the EU: promoting legal cooperation and victims' protection", no que participa a Universidade Carlos III de Madrid. Este novo protocolo marco debera contar tanto con medidas destinadas a previr e perseguir a trata, como a protexer, asistir e compensar ás súas vítimas. A investigación destaca a necesidade dunha abordaxe transnacional da trata, coa cooperación entre países de orixe, tránsito e destino, así como a revisión do delito no Código Penal, a comprobación do funcionamento dos CIE (Centro de Internamento de Estranxeiros) e dos pasos fronteirizos e a redacción dun manual de boas prácticas para os medios de comunicación.



CAPÍTULO 6. TRABAJO DE CAMPO


6.1. ANÁLISE DE CONTIDO

6.1.1. Número de pezas analizadas e evolución

Taboa 6. Número de pezas analizadas

XORNAL	1977	%	1987	%	1997	%	2007	%	2012	%	TOTAL
ABC	18	3,31	136	25	180	33,09	126	23,16	84	15,44	544
El País	19	4,60	75	18,16	117	28,33	143	34,62	59	14,29	413

Fonte: Elaboración propia



Fonte: Elaboración propia

O material redaccional que conformou a análise de contido e do discurso deste traballo de investigación compúxose finalmente de 544 pezas de ABC e de 413 pezas de *El País*, que comparten como denominador común o teren á prostitución como temática principal ou unha das súas temáticas principais. Estas case 1.000 pezas son as unidades redaccionais encontradas no conxunto de exemplares publicados nos cinco anos que analizamos (1977, 1987, 1997, 2007 e 2012) nas páxinas de *El País* e de ABC.

A prostitución apenas ten presenza na axenda de ambos os dous medios no ano 1977. As informacións localizadas ao longo de todo o ano, na nosa pescuda empírica, reducíronse a 18 en ABC e a 19 en *El País*. Mais na década dos oitenta, a súa presenza na grella informativa increméntase de modo notable (137 noticias en ABC e 75 en *El País*), co pulo, en ámbalas dúas cabeceiras, da información de sucesos e da crónica xudicial. Amplo tratamento informativo conseguen, en 1987, tanto o asasinato dunha prostituta (Rufina Sanz Cavieres), nun hotel de Madrid, a mans dun comprador de sexo norteamericano (David Baxter), como o xuízo por prostitución de menores que ten lugar na Audiencia Provincial de Valencia nese ano.

O pico, canto a número de pezas publicadas, acádase en 1997 no caso de ABC e en 2007 no de *El País*, coincidindo tanto con momentos destacados no debate político ao redor da prostitución como con xuízos de gran relevo público. Por unha banda, o xuízo en 1997 do coñecido como Caso Army (que colle especial relevo pola imputación de varios artistas famosos no ámbito estatal neste proceso ao redor da prostitución homosexual de menores no pub sevillano Army) e a crítica e posterior modificación, por parte do goberno estatal en mans do PP, da reforma do Código Penal efectuada en 1995 por parte do último executivo socialista por cuestións como a eliminación do delito de corrupción de menores (na que o ABC pon o punto de mira). Por outra, o debate en 2007 sobre a situación da prostitución en España, no seo da Comisión Mixta Congreso-Senado dos Dereitos da Muller e da Igualdade de Oportunidades que, despois de varios meses de traballo e da intervención de diversas entidades e persoas expertas, acorda no *Informe de la Ponencia sobre la situación actual de la prostitución en nuestro país* que toda prostitución é equiparable a violencia de xénero, en sintonía co argumentario abolicionista. Porén, ámbolos dous xornais ven reducida a presenza de unidades redaccionais coa prostitución como tema central no último dos anos analizados, o 2012.

6.1.2. Sección

6.1.2.1. ABC

Taboa 7. Seccións ABC

SECCIÓN	TOTAL	%	1977	%	1987	%	1997	%	2007	%	2012	%
AUTONOMÍAS/ LOCAL	201	36,95		0,0	17	12,50	41	22,78	92	73,0 2	51	60,71
SUCESOS	159	29,23	8	44,4	59	43,38	92	51,11		-		-
SOCIEDADE	53	9,74	2	11,1	27	19,85	18	10,00		-	6	7,14
ESTATAL	30	5,51		0,0	3	2,21	3	1,67	15	11,9 0	9	10,71
OPINIÓN	22	4,04		0,0	8	5,88	11	6,11	1	0,79	2	2,38
MUNDO	19	3,49		0,0		0,00	1	0,56	11	8,73	7	8,33
ACTUALIDADE GRÁFICA	15	2,76		0,0	10	7,35	5	2,78		-		-
DEPORTES	5	0,92		0,0		0,00	1	0,56		-	4	4,76
CINE	4	0,74	3	16,7	1	0,74		0,00		-		-
COMUNICACIÓN	3	0,55		0,0	1	0,74	1	0,56		-	1	1,19
ESPECTÁCULOS	3	0,55		0,0	1	0,74	2	1,11		-		-
LAS CARAS DE LA NOTICIA	3	0,55		0,0	3	2,21		0,00		-		-
XENTE	3	0,55		0,0		0,00	2	1,11		-	1	1,19
CIENCIA	2	0,37		0,0	1	0,74		0,00	1	0,79		-
CONTRA	2	0,37		0,0		0,00		0,00	2	1,59		-
RELIXIÓN	2	0,37		0,0	1	0,74	1	0,56		-		-
SUPLEMENTOS	2	0,37		0,0		0,00		0,00		-	2	2,38
LABORAL	1	0,18	1	5,6		0,00		0,00		-		-
SANIDADE	1	0,18		0,0	1	0,74		0,00		-		-
ÚLTIMA HORA	1	0,18	1	5,6		0,00		0,00		-		-
OUTRAS	13	2,39	3	16,7	3	2,21	2	1,11	4	3,17	1	1,19
TOTAL	544	100	18	100	136	100	180	100	126	100	84	100

Fonte: Elaboración propia

Sucesos é a sección do ABC na que máis información sobre prostitución se publica, malia a que, nos dous últimos anos analizados, esta sección xa non forma parte das

páxinas do xornal. Nas tres primeiras décadas estudadas (dos setenta aos noventa) é, con diferenza, a sección na que as novas sobre prostitución teñen máis presenza. En 2007 e en 2012, o ABC non ten xa sección de Sucesos, mais a información sobre prostitución dende a perspectiva da crónica negra non desaparece, senón que se traslada a outros apartados do xornal. Deste xeito, o marco interpretativo predominante, como veremos máis adiante, seguirá ligado ao mundo dos sucesos.

As informacións sobre Sucesos pasan a publicarse noutras seccións mais, en non poucas ocasións, o contexto articulado polo resto das informacións que a rodean, segue relacionado coa crónica negra, ao modo de páxinas de Sucesos encubertas. Isto mesmo xa fora detectado en anteriores investigacións nas que participei, tanto sobre o tratamento da prostitución (Álvarez Pousa et al., 2010) como sobre a abordaxe da violencia de xénero nos xornais galegos (Álvarez Pousa et al., 2007 e 2008). No caso de ABC, isto acontece fundamentalmente nos apartados de carácter autonómico e local, aínda que tamén, mais en casos contados, na sección España.

Do cruzamento entre as variables "Sección" e "Marco interpretativo", podemos extraer datos máis concretos. Até o 2007, apenas encontramos informacións sobre sucesos, en relación coa prostitución, nas seccións de carácter xeográfico, que atenden sobre todo a novas elaboradas dende marcos interpretativos de carácter político, social ou, sobre todo, no referente ás seccións autonómicas e locais, a conflitos coa veciñanza. A partir de 2007, a situación cambia de modo notable, e así nolo amosan os datos. Nese ano, das 54 pezas publicadas sobre prostitución nas seccións de ámbito máis local, 29 son elaboradas dende o marco interpretativo dos sucesos, e das 38 que se inclúen nas seccións autonómicas, 14 están tamén salpicadas de crónica negra (neste apartado, porén, as informacións predominantes seguen a ser as relacionadas con conflitos veciñais e o lugar que se lle ha de deixar á prostitución na ordenación urbana das cidades). En 2012, a situación é similar. Nas 17 pezas publicadas nas seccións autonómicas, 8 entran no marco interpretativo de Sucesos e 3 enmárcanse na crónica xudicial, mentres que, nos apartados locais, das 34 unidades redaccionais aquí incluídas, 12 están elaboradas dende o molde dos sucesos, e a crónica xudicial está presente até en 11.

A información de sucesos e de crónica xudicial tamén se volve maioritaria nas seccións estatal e internacional en 2007 e en 2012. Deste xeito, en 2007, das 15 unidades redaccionais sobre prostitución que se publican na sección España, 8 son de sucesos, mentres en que, en 2012, das 9 pezas que detectamos nesta mesma sección, 6 son de sucesos e 3 de crónica xudicial. No caso da sección internacional, das 11 pezas publicadas en 2007, até 5 están cruzadas polo marco interpretativo dos sucesos, mentres que, en 2012, do total de 7 informacións sobre prostitución en dito apartado que forman parte da mostra, catro están elaboradas dende a crónica xudicial e dúas, dende a fórmula propia dos sucesos.

A análise do cotexto confirma, ademais, o que antes avanzaba: a presenza de páxinas de sucesos encubertas. En 2007, até un total de 34 unidades redaccionais publicadas en seccións de carácter local e autonómico sono en páxinas conformadas en exclusiva, ou practicamente na súa totalidade, por outras informacións de sucesos ou de crónica xudicial. A información sobre prostitución contáxiase do marco que o rodea, que non é outro que o conformado por novas sobre cuestións tales como drogas, roubos, detencións policiais, tiroteos, asasinatos, accidentes de tráfico, estafas, desaloxos, falsificación de documentación, malos tratos a crianzas, acoso cibernético, corrupción de menores, violacións, incendios, criminalización da inmigración, ou agresións no

ámbito da parella. Na sección España, a presenza de páxinas encubertas de sucesos como marco da información sobre prostitución é menor. Detectámolo en oito ocasións. Destaca o feito de que, na metade destes casos, a información sobre prostitución apareza próxima doutra ligada á violencia de xénero (" Mata a cuchilladas a su mujer dos días después del divorcio", "Un joven estrangula a su novia y después se suicida en Tudela", "Muere una mujer y otra resulta herida en dos nuevos casos de violencia de género", "La violencia de género, en aumento, acaba con ocho vidas en cinco días" e "La víctima del incendio de Teruel fue acusado de violación por su vecina horas antes"). Forman tamén parte habitual do cotexto que rodea á prostitución na sección de España as informacións que criminalizan á inmigración ("Los ilegales asentados en el puerto de Ceuta provocan incendios en protesta por las detenciones policiales", "Cae una peligrosa red de rumanos que actuaba en Cádiz, Murcia y Alicante", "Llega otra patera a Baleares y uno de los pasajeros se vista de traje y corbata para huir"...)

A presenza de páxinas de sucesos encubertas, sobre todo nas seccións de ámbito local e autonómico, mantense en 2012, tal e como nos poñen de manifesto os datos extraídos da análise do cotexto. Deste xeito, atopamos até un total de 18 unidades redaccionais enmarcadas en páxinas tinguidas na súa totalidade, ou na súa maior parte, pola crónica negra. As temáticas que rodean á prostitución son similares ás xa detectadas en 2007 aínda que, nalgún caso puntual, observamos como, tamén na información de carácter local, a información sobre prostitución é acompañada por novas sobre diversas manifestacións da violencia de xénero (outras informacións sobre prostitución, agresións ou violencia no ámbito da parella). Incrementábase neste ano a abordaxe da prostitución en páxinas encubertas sobre crónica negra na sección de España. Até en oito casos sucede isto. O tipo de información que rodea aos titulares sobre prostitución lígase agora ou ben a temáticas como a criminalización da prostitución, ou a asuntos delituosos que, pola súa transcendencia, ou por implicar a persoas de relevo público, son difundidos para o público estatal (agresións neonazis, pagos en negro de políticos, transporte de inmigrantes ilegais, saqueos a famosos...).

Tras Sucesos, son as seccións de carácter local e autonómico aquelas nas que máis información sobre prostitución se publica (o que se observa, sobre todo, nas seccións locais, as de ámbito xeográfico menor), o que ten unha consecuencia non menor: unha parte importante das informacións sobre prostitución que analizamos non chegan a todo o público estatal, senón só a unha parte, de modo que se reduce considerablemente o impacto da nova e limita a súa relevancia na grella do medio, pois só chega aos lectores e lectoras dun ámbito xeográfico reducido. A non ser en 1977, ano no que a deslocalización da información aínda é escasa no ABC, no resto dos anos analizados, a información local e a autonómica constitúen, en conxunto, unha parte moi destacada do total de unidades redaccións que sobre prostitución se publican: 12,5% en 1987; 22,78 en 1997; 73,02% en 2007 e 60,71 en 2012. Ese incremento tan destacado na porcentaxe de unidades redaccionais sobre prostitución nas seccións local e autonómica débese a un motivo fundamental, que xa indiquei con anterioridade: a desaparición da sección Sucesos do xornal e o traspaso que se fai das informacións sobre prostitución fundamentalmente para as seccións locais.

O tratamento da prostitución en seccións xeográficas de ámbito maior (España e Internacional) é moito máis reducido (o 5,51% e o 3,49% das pezas analizadas), aínda que en 2007 e en 2012 se incrementa. A información sobre prostitución é incluída nestes apartados fundamentalmente por estes motivos: por tratarse de información especialmente elaborada, de carácter reportaxeado ("2x40... y un mini gratis", "Esposas de usar y de tirar"); polas dimensións do acontecido e o número de persoas afectadas

("Más de 700 detenidos en Italia por tráfico de personas y prostitución", "Desarticulada una red de explotación sexual que trajo a España a dos mil rusas", "Arrestan a 88 personas de una red de "trata de blancas"); pola súa carga morbosa ("El "asesino de Ipswich" permanecerá encarcelado hasta el 1 de mayo", "Comienza el juicio contra el posible mayor asesino en serie de Canadá", "Piden 18 años para dos prostitutas que mataron a un cliente a martillazos", "El cuerpo del delito, entre kilos de basura"); por formar parte da actualidade do debate político ("El Gobierno de Rodríguez Zapatero no es partidario de regular la prostitución", "IULV-CA pide "abolir" la prostitución") ou pola súa excepcionalidade ("Una red esclavizaba a travestis brasileños en pisos de alterne de Marbella y Sevilla. Un joven, enfermo de sida, fue obligado a trabajar hasta la muerte"). Así mesmo, destaca a presenza en Internacional de informacións que sitúan a prostitución como arma de guerra coa que atacar ao bando inimigo ("Abe niega que el Ejército japonés obligase a mujeres a prostituirse", "La prensa polaca revela la existencia de un burdel en Auschwitz", "Burdeles para presos, el último tabú del horror nazi").

Sociedade é a cuarta sección na que máis información sobre prostitución se introduce. Case o 10% do total de pezas analizadas (máis en concreto, o 9,74%) están enmarcadas nesta que é considerada unha sección "branda" do xornal (entendendo como tales aquelas seccións nas que se introduce aquela información que o xornal non considera prioritaria). Hai un dato, porén, que chama a atención, o notable descenso no número de pezas publicadas neste apartado nos dous últimos anos analizados (non hai, en 2007, ningunha peza incluída no mesmo), o que está en relación con outro dato que vimos de destacar: a maior preocupación de seccións como España ou Internacional (estas si consideradas seccións "duras") pola abordaxe da prostitución. Nos dous últimos anos que conforman a mostra, de feito, non se publica en ningún caso, na sección de Sociedade, información de carácter internacional, o que si acontece tanto en 1987 como en 1997. Do 1987, introdúcense en Sociedade informacións como "Los soviéticos piden desde el fusilamiento hasta el destierro para las prostitutas", "Campaña sueca contra el SIDA: prohibidas por ley las casas de masajes", "Primera condena judicial en la RFA por tentativa intencionada de contagiar SIDA" ou "Prostitutas y "camellos" acosan a los visitantes de La Habana". E ao 1997, á sección de Sociedade, corresponden estes titulares: "Los niños trabajadores, preocupados porque el mundo les empuje a la prostitución", "Siete pederastas franceses condenados hasta con 15 años de cárcel por "turismo sexual", "Las prostitutas de México deberán respetar un horario y un tipo de vestuario", "Los Quince acuerdan un "código de conducta" contra el turismo sexual y la pornografía infantil", "Kansas: la TV enseñará los rostros de los detenidos por prostitución", "Italia castigará a los pederastas como si fuesen esclavistas" e "Una conocida ex modelo sueca regentaba una red de alta prostitución desde París". Este tipo de información publícase, en 2007 e en 2012, na sección Internacional. Do 2007 son, de feito, estas pezas: "Hallan una fosa en los Urales con 30 niñas que eran forzadas a prostituirse", "Comienza el juicio contra el posible mayor asesino en serie de Canadá", "Más de 700 detenidos en Italia por tráfico de personas y prostitución", "La prensa polaca revela la existencia de un burdel en Auschwitz", "El "asesino de Ipswich" permanecerá encarcelado hasta el 1 de mayo", "Desmantelada en Austria una red de prostitución que usaba como "anzuelo" concursos de belleza", "Abe niega que el Ejército japonés obligase a mujeres a prostituirse", "Esposas de usar y de tirar", "Burdeles para presos, el último tabú del horror nazi". E do 2012, as que seguen: "Sin justicia para la madre coraje argentina", "Strauss-Kahn, imputado por proxenetismo",

"Strauss-Kahn, detenido por sus orgías con prostitutas", "Afganistán. Decapitan a una joven de veinte años por negarse a prostituirse" "Strauss-Khan declara por sus lazos con una red de proxenetismo. La Justicia de Lille quiere saber si el exdirector del FMI utilizó fondos públicos para pagar sus "veladas libertinas" en un hotel de la ciudad" e "Sigue el caso Ruby".

No resto das seccións, a porcentaxe de pezas sobre prostitución publicadas é inferior en todos os casos ao 5% do total. En apartados como Cine, Xente, Espectáculos Ciencia, Contracapa, Laboral, Última Hora ou Deportes é menor do 1%. En seccións como Economía, a abordaxe da prostitución é inexistente, malia a ser a trata e o tráfico de persoas con fins de explotación sexual un dos máis negocios máis rendibles a nivel internacional, comparables os seus beneficios cos do tráfico de armas e de drogas.

En Opinión publícanse ao redor do 4% das pezas analizadas, a maioría delas nos anos 1987 e 1997. En 1977, a abordaxe da prostitución nesta sección é inexistente, e en 2007 e 2012, en conxunto, límitase a tres unidades redaccionais. En 1987, son a prostitución infantil, que se liga á liberación sexual e á relaxación moral, e os perigos sanitarios da prostitución exercida por persoas transxénero (teñamos en conta que estamos en plena época de alarma social provocado polo Sida) os dous principais temas que constitúen o foco de atención nesta sección. En 1997, a pederastia e a prostitución infantil constitúen os principais ámbitos de atención da sección no que á prostitución se refire, sendo obxecto mesmo de editorialización por parte do xornal, o que está en relación coa posición manifesta do ABC a prol da modificación do Código Penal aprobado en 1995 polo goberno do PSOE, e do que acabaría por desaparecer, coa chegada do PP ao goberno estatal, ano o delito de corrupción de menores.

Curioso é o que acontece coa sección Laboral. Tan só foi localizada unha información nos cinco anos analizados. A peza detectada —"Se está constituyendo en Málaga el denominado sindicato unitario de 'trabajadoras del amor'" — é do 1977. Con similar situación nos encontraremos tamén en *El País*. Ás prostitutas recoñéceselle nese momento (pouco despois de rematar o franquismo e cunha democracia aínda embrionaria) unha voz como traballadoras que logo se lle furta.

A abordaxe da prostitución en Deportes ten lugar, en ABC, só no ano 2012, e están fundamentalmente ligados ás relacións (moitas veces tinguidas de escándalo) con prostitutas de deportistas coñecidos—Karim Benzema, Frank Ribéry, Rooney ou Balotelly—. É un tipo de información que, malia a estar publicada na sección Deportes, está fundamentalmente ligada á crónica social.

6.1.2.2. *El País*Taboa 8. Seccións *El País*

SECCIÓN	TOTAL	%	77	%	87	%	97	%	07	%	12	%
AUTONOMÍAS / LOCAL	161	38,98	9	47,37	27	36,00	29	24,79	85	59,44	11	18,64
SOCIEDADE	121	29,30	9	47,37	26	34,67	51	43,59	21	14,69	14	23,73
OPINIÓN	32	7,75		-	11	14,67	8	6,84	7	4,90	6	10,17
ESTATAL	31	7,51		-	3	4,00	9	7,69	11	7,69	8	13,56
MUNDO	25	6,05		-	5	6,67	6	5,13	7	4,90	7	11,86
XENTE	13	3,15		-		-	8	6,84	2	1,40	3	5,08
CONTRA	7	1,69		-	3	4,00	1	0,85	3	2,10		-
SUPLEMENTOS	6	1,45		-		-		-	4	2,80	2	3,39
COMUNICACIÓN	4	0,97		-		-	2	1,71	2	1,40		-
CULTURA	3	0,73	1	5,26		-	1	0,85		-	1	1,69
DEPORTES	3	0,73		-		-	2	1,71	1	0,70		-
OUTROS	7	1,69		-		-		-		-	7	11,86
	413	100	19	100	75	100	117	100	143	100	59	100

Fonte: Elaboración propia

En *El País* non existe a sección de Sucesos. A maior parte das informacións sobre prostitución (o 38,98%) publícanse nas seccións autonómicas e locais. Aquí temos pois, unha gran semellanza e unha gran diferenza co ABC. A información sobre prostitución non se publica na sección de Sucesos, dado que non existe, mais é moi frecuente a súa inclusión en seccións xeográficas de ámbito máis reducido, o que limita o seu impacto, dado que non chega a todo o público do xornal. E aínda hai un paralelismo máis co que acontecía no ABC: boa parte das informacións que se publican nas seccións de ámbito xeográfico máis reducido están ligadas á crónica negra. Confirmámolo ao cruzar as variables "sección" e marco de referencia. O 88,9% das pezas sobre prostitución publicadas nas seccións autonómicas en 1977 están realizadas dende o marco dos sucesos; en 1987, o 56%; en 1997, o 40,6; en 2007, o 24,7%, e en 2012, o 37,5%.

Sociedade é a seguinte sección na que máis atención informativa se lle presta á prostitución. O 29,3% das pezas que conforman a mostra desta investigación inclúense neste apartado. Porén, o marco das informacións que nesta sección se publican é notablemente diferente. A prostitución é tratada, en maior medida, como asunto político ou como problemática social. Os sucesos xa non son a perspectiva predominante, aínda que si seguen contando cunha importante presenza, sobre todo en 1987 e en 1997, posto que nos últimos anos analizados é a perspectiva política a que máis abonda nesta sección no que á abordaxe da prostitución se refire. O cruce entre as variables "Sección" e "Marco de referencia" ofrécenos, de novo, datos reveladores. En 1977, o 44,4% das pezas publicadas nesta sección están elaboradas dende un marco de referencia social, e o 33,3% dende un marco de referencia político. En 1987, a maioría das pezas están

elaboradas dende o marco referencial do suceso (o 31,3%), o 55,5%, dende a perspectiva social, e o 6,9%, dende a política. En 1997, o 38,8% das pezas publicadas nesta sección lígase á crónica negra; o 16,4%, ao marco social, e o 9,1%, ao político. En 2007, o 48% das pezas responden a un marco político; o 16% ofrecen unha perspectiva social, e outro 16% están ligadas á crónica negra. En 2012, o 43,7 están elaboradas dende o marco político; o 12,5% dende o social, e o 18,75% son redactadas como sucesos.

A sección Opinión é a terceira en importancia canto a número de pezas publicadas sobre prostitución, aínda que a distancia dos anteriores apartados. Supón, en total, o 7,75% sobre o conxunto da mostra, e no último dos anos analizados, o 2012, chega a superar o 10%. O tratamento da prostitución nesta sección é un dato que cómpre destacar canto que supón a abordaxe desta realidade social como tema e problemática de interese para o xornal que, ou ben se posiciona ao respecto nos editoriais ou ben deixa que sexan as e os seus articulistas, ou o propio público lector, os que se reflectan o seu parecer, con puntos de vista, porén, que adoitan ser coincidentes (a non ser en contadas excepcións) coa liña editorial do medio ao respecto.

O tratamento da prostitución nos editoriais do medio (que son a carta de presentación da súa liña editorial) ten lugar naqueles anos nos que esta problemática está de actualidade na axenda política: en 1987, coa abordaxe de temas como a prostitución de menores ou as medidas para a prevención da Sida, e en 2007 e 2012, anos nos que, coincidindo coa entrada do debate legalización-regulación-abolición na axenda política, a prostitución pasa a ocupar apartados destacados da sección de Opinión, como o propio editorial ou as páxinas de Tribuna, abertas á análise e valoracións de persoas expertas nun determinado tema.

A inclusión da prostitución na sección Internacional (o 6% do total da mostra), ten lugar, maiormente, en relación con informacións de carácter político, ou que afecten a políticos de relevo (tal como acontece co caso Ruby, que involucra ao ex xefe do goberno italiano, Silvio Berlusconi, nun caso de prostitución de menores, ou da imputación do ex responsable do Fondo Monetario Internacional, Dominique Strauss Kahn, nunha rede de tráfico de mulleres). Estes dous casos, precisamente, disparan a presenza de informacións sobre prostitución na sección Internacional no último dos anos analizados. Son exemplos do dito titulares como os que seguen: "Empleado belga de Unicef participa en una red de pornografía infantil" (1987), "Desarticulada en París una red de prostitución de lujo vinculada al emir de Qatar" (1997), "La dueña de un prostíbulo de lujo de Washington amenaza a la clase política" (2007), "El primer ministro Abe se disculpa ante las mujeres forzadas a prostituirse en la II Guerra Mundial" (2007), "Jaque a la justicia marroquí. Una prostituta logra la destitución de un juez por corrupción", "La policía interrogará a DSK en un caso de proxenetismo" (2012) ou " Berlusconi dilata el "caso Ruby"". Interesante é a abordaxe, sobre todo nos últimos anos analizados, da prostitución como consecuencia ou arma en conflitos bélicos, cuestión tamén abordada por ABC, o que podemos ver no caso da desculpa do primeiro ministro xaponés polo emprego de escravas sexuais por parte do exército nipón na II Guerra Mundial, ou a prostitución en Siria de refuxiadas iraquís movidas pola necesidade de soste as súas familias.

Á sección España, pola contra, transcenden informacións sobre todo ligadas á crónica de Sucesos, e mais en concreto, aos éxitos dos operativos policiais na loita contra as redes de trata e tráfico de persoas con fins de explotación sexual, a asasinatos coas prostitutas como vítimas ou a casos de corrupción policial. Non é habitual a abordaxe, nesta sección, de debates ou medidas políticas relacionadas coa prostitución, como pode ser o informe da Comisión Mixta Congreso-Senado dos Dereitos da Muller

e da Igualdade de Oportunidades sobre a situación da prostitución en España, en 2007, ou a adopción de medidas, en importantes cidades españolas, contra a prostitución de rúa (sobre todo, en 2012). Canto á evolución da presenza da prostitución nestas páxinas, destaca a ausencia por completo desta temática en 1977, seguida dunha tímida presenza en 1987, nalgún caso xustificada non en función da relevancia da noticia senón máis ben do morbo ou a curiosidade que — "Una mujer retenida en Murcia lanza un SOS en un bote de laca" —. En 1997, xunto ás habituais informacións sobre redadas policiais, tamén se aborda con frecuencia (aínda que non con tanta intensidade coma no caso do ABC), o escándalo ao redor do senador Piquer, alto cargo do PSOE aragonés, do que se descobre que pagou os servizos de prostitutas cunha tarxeta do grupo parlamentario. Tanto en 2007 como en 2012, as informacións que se inclúen nesta sección teñen que ver, fundamentalmente, con redadas ou con corrupción policial.

O tratamento da prostitución no resto das seccións é, en todos os casos, inferior ao 5%. Tan só localizamos tres informacións en Deportes nas que a prostitución está ligada de maneira tanxencial ou a grandes eventos deportivos ou a escándalos sexuais de deportistas — "El presidente portugués pide que se aclare la bacanal" (1997), "Fórmula 1. Gran premio de Bahrein. Menos extranjeros y prostitutas" (2007) e "Laberinto de denuncias" (2007), estas dúas últimas en relación cun escándalo no que se ven envoltos futbolitas do Oporto—.

Na mostra analizada, a abordaxe da prostitución na sección "Gente" (na que se inclúen ao redor do 3,15% das pezas analizadas) ten lugar a partir do 1997, nun momento no que se produce unha certa frivolización da información da prensa escrita á procura doutros públicos. Nela inclúense informacións anecdóticas e frívolas ou que teñen relación con persoeiros famosos. En 1997, as pezas sobre prostitución publicadas na sección "Gente" adoitan ter un formato e un estilo común: informacións breves, con titulares indicativos (non informativos) e que inciden na abordaxe dende o anecdótico dunha forma máis ben orientada a provocar a sorpresa ou a curiosidade no público. Abórdanse como anecdóticas cuestións de gran calado de fondo. Por tras da petición dunha xubilación por parte dunha prostituta sueca ao goberno do seu país, ou da demanda doutra prostituta contra un cliente por faltar a unha cita, hai un trasfondo relacionado coa ausencia de dereitos laborais que non se aborda porque a información fica na superficie do anecdótico. En 2007 e 2012, a información que se introduce neste apartado está ligada a escándalos en relación coa prostitución de persoeiros coñecidos (tal é o caso de políticos como Berlusconi, de futbolistas como Benzema e Lagerfeld, ou de actores como Hugh Grant).

Tan só en 1987, 1997 e 2007 foron localizadas pezas na contra. O marco dende o que están elaboradas difire notablemente dun a outro ano. En 1987, céntranse no tratamento da prostitución dende o frívolo e o anecdótico. Nunha delasponse en cuestión que a moza violada polo predicador pentecostista Jim Baker fose virxe, pois unha madame afirma que traballara nunha casa de citas antes de ser violada. Noutra, cóntaselle o sucedido a un veciño de Andosilla que, sorprendido pola Garda Civil, é levado ante o xuíz para testificar que nese local se practicaba a prostitución, declarou que o que dixera que o que declarara con tanterioridade fora que nese bar se practicaba a prostitución. En 2007 (unha vez que a prostitución entrou a formar parte da axenda política e, en consecuencia, da mediática), esta realidade social é abordada como tema, non como anécdota, en artigos de opinión de sinaturas coñecidas do xornal, como Rosa Montero ou Juan José Millás, que ofrecen a súa análise e valoración.

6.1.3. Marco interpretativo

6.1.3.1. ABC

Taboa 9. Marcos interpretativos en ABC

MARCO	77	%	87	%	97	%	07	%	12	%	TOTAL	%
SUCESOS	11	61,1	58	40,3	58	29,7	57	44,2	28	30,4	212	38,0
CRÓNICA XUDICIAL		-	33	22,9	64	32,8	12	9,3	22	23,9	131	23,7
POLÍTICO	1	5,6	6	4,2	26	13,3	19	14,7	19	20,7	71	13,0
CONVIVENCIA CIDADÁ		-	24	16,7	18	9,2	21	16,3	8	8,7	71	12,8
SOCIAL		-	14	9,7	10	5,1	12	9,3	6	6,5	42	7,7
LEGAL	1	5,6	2	1,4	12	6,2	2	1,6		-	17	3,1
CRÓNICA SOCIAL	1	5,6		-	2	1,0		-	3	3,3	6	1,1
CULTURAL	3	16,7	1	0,7	1	0,5		-		-	5	0,9
HUMANO		-		-		-	2	1,6	2	2,2	4	0,7
MEDIÁTICO		-	1	0,7	2	1,0		-	1	1,1	4	0,7
LABORAL	1	5,6	2	1,4		-		-		-	3	0,6
CTÍFICO.-ACADÉMICO		-	2	1,4		-		-		-	2	0,4
ESPECTÁCULOS		-	1	0,7	1	0,5		-		-	2	0,4
OUTROS		-		-	1	0,5	4	3,1	3	3,3	8	1,5

Fonte: Elaboración propia

*Hai unidades redaccionais con presenza de máis dun marco interpretativo. O tanto por cento está calculado en función do número total de unidades redaccionais que, sobre prostitución, se publican en ABC no ano analizado.

Os marcos interpretativos con máis presenza nas unidades redaccionais analizadas son os ligados aos sucesos e á crónica xudicial. En conxunto, superan o 50% en todos os anos estudados. Segue o marco político, dende o que se elaboran o 13% das unidades redaccionais estudadas. Apenas empregado na década dos 70 e dos 80, o seu uso faise maior a partir dos 90 e, sobre todo, na primeira década do século XXI, en especial, no último ano analizado. O terceiro marco máis empregado, case á par en porcentaxe co político, é o referido á convivencia cidadá, no que encadramos os conflitos veciñais e as políticas locais respecto ao emprazamento da prostitución en determinados espazos urbanos. A distancia, está o marco social, presente nun 7,7% das pezas do ABC que conforman a mostra.

A elevada presenza da crónica xudicial ten, sobre todo, relación con xuízos que conseguen grande cobertura mediática. Así acontece, en 1987, co proceso xudicial contra a prostitución infantil en Valencia, no que foron procesadas 34 persoas en relación cunha rede de corrupción de menores que prostituíra a varias nenas. Ao igual que, en 1997, con outro xuízo por prostitución de menores, o coñecido como caso Arny, no que son imputados non só responsables deste local sevillano no que se practicaba a prostitución homosexual, senón tamén varios persoeiros de gran relevo mediático como clientes de prostitución. Outro xuízo ao que se lle dá especial protagonismo como castigo exemplar é o que ten lugar en 2012 contra Ioan Camploru, coñecido como "Cabeza de Cerdo", ao que ABC cualifica de "o maior proxeneta".

A maior ou menor presenza do marco político ten que ver, fundamentalmente, con dous factores: a intensidade coa que a prostitución forme parte no debate político do momento e o grao en que esa demanda política conecte coa liña ideolóxica do xornal. En 1977, a abordaxe da prostitución dende este marco interpretativo é inexistente. Ese ano, as prostitutas maniféstanse contra a Lei de Perigosidade Social, pero en ABC non o

vemos tratado. En 1987, as unidades redaccionais elaboradas dende esta perspectiva están en relación, na súa maior parte, con dous temas que si tocan de preto o debate político do momento: a prostitución como ameaza sanitaria e en relación coas políticas fronte ao sida e, por outra banda, unha cuestión que estará presente, a partir de agora, en todos os anos analizados: as políticas públicas en relación coa regulación dos espazos nos que se exerce a prostitución de rúa. En 1997, ademais das políticas en relación coa regulación dos espazos da prostitución, o protagonismo recae na regulación da prostitución infantil dado que, como xa indicamos con anterioridade, ABC amosa unha postura firme a favor da modificación do código penal que, en 1995, fora aprobado polo goberno do PSOE e do que se excluía o delito de corrupción de menores. En 2007, a prostitución cobra maior peso no debate político grazas á comisión mixta Congreso Senado de Igualdade que presenta ese ano o informe sobre a situación da prostitución en España. Este ítem é abordado en varias pezas este ano xunto co debate político ao redor da prostitución de rúa en Madrid, no que, mesmo dentro do PP se sacan a relucir posicións enfrontadas. En 2012, o emprego da perspectiva política incrementábase de man, sobre todo, tanto das políticas estatais como das municipais que pretenden regular a prostitución. Este é o ano no que, dende o Ministerio de Interior, se propón multar ás prostitutas en estradas e rúas e no que, dende as políticas municipais de autonomías como Cataluña ou de cidades como Sevilla ou Barcelona, se impulsan medidas como as multas a compradores de sexo e prostitutas. Ademais, neste ano están candentes escándalos políticos como os protagonizados por Berlusconi ou Strauss-Kahn pola compra de sexo de pago.

O tratamento da prostitución dende a perspectiva do seu emprazamento nos espazos urbanos, e os conflitos xerados con sectores de poboación co que o comparten, ten tamén un importante peso na axenda do xornal todos os anos analizados, agás en 1977. É, sobre todo, abordado nas seccións autonómicas e locais e, en especial, aquelas relacionadas con Madrid. A prostitución de rúa na Casa de Campo, en Montera e noutras zonas céntricas, así como noutros barrios e polígonos da capital, está moi presente na mostra. En 1987, a prostitución de rúa practicada por mulleres transxénero, etiquetadas polo xornal como "travestis", colle particular relevancia. En 1997, o protagonismo será das propostas para regular a prostitución na Casa de Campo. Dez anos despois, Madrid segue a ter o protagonismo, co peche de Casa de Campo ao tráfico para diminuír a afluencia de compradores de sexo, e as iniciativas veciñais e políticas en relación coa videovixilancia como mecanismo de disuasión do mercado da prostitución. No último dos anos analizados, 2012, a oposición veciñal contra a prostitución é recollida, en ABC, en diversos puntos de Madrid, como Punta del Pañuelo, Arganzuela ou Colonia Marconi, así como en cidades como Barcelona e Córdoba.

Apenas aborda o ABC a prostitución dende unha perspectiva humana (só no 0,7% do total). Inferior ao 1% é o tratamento da prostitución dende marcos como o científico, o cultural, o laboral e o mediático, e tamén, dende marcos que se prestan a maior frivolidade, como a crónica social ou os espectáculos.

Só nos dous últimos anos detectamos, e en casos contados, a abordaxe da prostitución dende unha perspectiva humana. Aínda así, só en dúas pezas dalgún modo se humaniza á prostituta. Nunha delas fálase de Lei, unha das poucas mulleres utilizadas como escravas polo exército nipón que, en 2007, aínda estaban con vida. Na outra, unha carta de opinión, a persoa que escribe reclama medidas contra a trata para todas as vítimas, independentemente de que estean ou non en situación administrativa irregular. No resto dos casos, a información leva, ou ben a poñernos na pel da nai —referímonos á nai coraxe arxentina, que chega mesmo a facerse pasar por prostituta para descubrir ás persoas que secuestraran e prostituíran á súa filla ou mesmo do comprador de sexo.

Na contraportada titulada "Tenía ganas..." abórdase o caso dun home en cadeira de rodas que é sorprendido nunha autoestrada intentado chegar a un club de prostitución, mais faise dende a perspectiva do anecdótico, sen abordar a cuestión de fondo: os problemas das persoas con discapacidades severas para manter relacións sexuais e, en relación con isto, outra cuestión non exenta de polémica: o papel que aí poden xogar as relacións sexuais de pago.

6.2.3.2. *El País*

Taboa 10. Marcos interpretativos en *El País*

MARCOS	TOTAL	%	1977	%	1987	%	1997	%	2007	%	2012	%
SUCESOS	142	34,3	9	47,4	29	38,2	43	36,8	49	34,3	12	20,3
POLÍTICO	104	25,1	3	15,8	10	13,2	20	17,1	45	31,5	26	44,1
SOCIAL	76	18,4	4	21,1	14	18,4	26	22,2	23	16,1	9	15,3
CRÓNICA XUDICIAL	43	10,4		-	12	15,8	14	12,0	11	7,7	6	10,2
CONVIVENCIA CÍVICA	19	4,6		-	1	1,3	2	1,7	15	10,5	1	1,7
LEGAL	14	3,4		-	5	6,6	4	3,4	4	2,8	1	1,7
MEDIÁTICO	13	3,1		-	4	5,3	4	3,4	5	3,5		-
HUMANO	12	2,9	1	5,3	1	1,3	4	3,4	1	0,7	5	8,5
CRÓNICA SOCIAL	12	2,9		-	2	2,6	3	2,6	2	1,4	5	8,5
CULTURAL	9	2,2	2	10,5		-	1	0,9	6	4,2		-
ECONÓMICO	2	0,5		-		-		-		-	2	3,4
OUTROS	9	2,2		-	1	1,3	4	3,4	3	2,1	1	1,7

Fonte: Elaboración propia

*Hai unidades redaccionais con presenza de máis dun marco interpretativo. O tanto por cento está calculado en función do número total de unidades redaccionais que, sobre prostitución, se publican en ABC no ano analizado.

En *El País*, o marco interpretativo dominante é o vinculado á crónica negra, ao igual que acontece no ABC. A crónica xudicial, que está en estreita relación co marco interpretativo anterior, canto que tamén fai referencia a acontecementos delitivos, ten, porén, menos peso ca no diario conservador. Ao contrario que no ABC, o segundo marco interpretativo en importancia non é o xudicial, senón o político. A diferenza con ABC é, neste caso, importante. Unha cuarta parte das pezas analizadas teñen en conta este marco interpretativo, mentres que en ABC esta porcentaxe descende case á metade, ao 13%. O mesmo acontece co marco social, presente en *El País* nun 15,3% das pezas, e en el ABC, nun 7,7%. Tamén o tratamento da información dende unha perspectiva humana é maior: 8,5% en *El País* e 0,7% en ABC. O enfoque referido ás problemáticas urbanas de convivencia cidadá, aquel no que entran os conflitos veciñais, é, porén, moito maior en ABC: 12,8% sobre o total de pezas sobre prostitución publicadas polo xornal, fronte ao 4,6 en *El País*.

As unidades redaccionais elaboradas dende o marco político adoitan cumprir, ao igual que no caso de ABC, dúas condicións: atender aos temas candentes da axenda política do momento en relación coa prostitución e, en segundo lugar, entrar en conexión coa liña ideolóxica do xornal. Segundo o tema que se estea a debater concorde, ou non, coa mesma, será en maior ou menor medida obxecto de interese por parte do xornal. Así, en 1977 e en 1987, *El País* dálle entrada ás protestas das prostitutas fronte á Lei de Perigosidade Social, cuestión que en ABC non é tratada. Pola contra, en 1997, temas como a modificación do código penal aprobado en 1995 polo

gobierno do PSOE por parte do goberno do PP, ou a imputación do senador Carlos Piquer por ter empregado diñeiro do grupo parlamentario do PSOE en Aragón para uso propio e, máis en concreto, para pagar os servizos de prostitutas, son en maior medida abordados por ABC que por *El País*.

O marco político incrementábase de modo moi notable nos dous últimos analizados. En 2007 está presente até nun 31,5% das pezas analizadas, e en 2012 chega ao 44,1%, e convértese así no marco interpretativo dominante, mesmo por enriba da crónica negra (sucesos e crónica xudicial atravesan ese ano, en conxunto, un 30,5% das pezas).

En 2007, a prostitución forma parte das políticas de igualdade do Goberno estatal, entón en mans do PSOE. Ese é o ano no que a Comisión Mixta Congreso-Senado dos Dereitos da Muller e da Igualdade de Oportunidades presenta o informe sobre a situación da prostitución en España e decide non regulala. Como consecuencia do acordado por dita comisión, nese mesmo ano comézase a preparar o que será o Plan Integral contra a Trata de Seres Humanos con Fins de Explotación Sexual. Entendemos que, a causa desa incorporación da prostitución á axenda política, e máis en concreto, do rexurdir do debate legalización-abolición, a abordaxe deste tema dende tal marco interpretativo cobra máis forza na axenda mediática de *El País*, de liña ideolóxica afín ao goberno socialista. Están en efervescencia, nese momento, as políticas municipais que procuran regular os espazos da prostitución e, sobre todo, o exercicio da prostitución de rúa. *El País* faise eco, polo xeral, amosándose crítico coas adoptadas dende posturas conservadoras ou co contexto prostitucional en ámbitos gobernados polo PP, como as medidas relativas á Casa de Campo que baralla o goberno popular de Ruiz Gallardón—"El edil de Seguridad dice que el traslado de las prostitutas de la Casa de Campo no es su problema", "Si aquí no hay clientes, iremos a otros sitios", "Cruzada contra la prostitución callejera"; a situación da prostitución en Montera—"Más prostitutas que hace tres años" ou as presuntas irregularidades urbanísticas en relación cun club de alterne en Verín—La urbanización de un club de alterne en Verín desata un conflicto político—. Pola contra, o xornal amósase ou aséptico ou cun enfoque explícita ou implicitamente positivo coas aprobadas por gobernos locais socialistas, como é o caso de Sevilla, onde se decide multar aos clientes e eliminar a prostitución de rúa; Reus, onde se aposta por sancionar ao condutores que se paren xunto a prostitutas, e Barcelona, coa polémica ordenanza de civismo, que prohíbe a prostitución na rúa, e da que o xornal di, nun especial electoral, que "si hay que hacer caso a las encuestas municipales, tres de cada cuatro barceloneses juzgan "positiva" una ordenanza que persigue y sanciona la mendicidad organizada, o sea, la que se ejerce con coacción o utiliza a menores; que prohíbe la prostitución cerca de escuelas o cuando supone un acaparamiento del espacio público, y que prevé sanciones para vendedores ambulantes, trileros y todos aquellos que sean pillados en flagrante haciendo sus necesidades en la calle". (*El País*, 19 de maio de 2007). Máis complexa é a situación coa Generalitat de Cataluña, pois o proxecto da conselleira socialista, Montserrat Tura, de corte regulacionista, con medidas como a promoción da creación de cooperativas de prostitutas (o que implica unha liña ideolóxica e de actuación oposta ao goberno socialista estatal) queda no esquecemento co conselleiro de Interior que lle segue, o ecosocialista Joan Boada. Fronte a esta situación, que amosa contradicións internas nas políticas socialistas respecto á prostitución, *El País* opta por non facer leña da árbore caída. Explica o conflito pero sen incidir nunha carga valorativa crítica—"El Gobierno catalán aplaza regular la prostitución", "La ley de prostitución, aparcada"—.

Nun momento no que no Estado se está a debater a orientación das políticas sobre prostitución, *El País* presta atención ao que noutros países se está a facer—"Ámsterdam apaga la luz roja", "Ámsterdam saca a las prostitutas del "distrito rojo"", "Noruega

impone penas de cárcel a los clientes de prostitutas", "Suecia castiga a más de 200 clientes de la prostitución", "Bonos de prostitutas. Meretrices italianas compensan con un servicio gratuito a los clientes multados por la policía por contratarlas", "México endurece las penas contra la explotación sexual de menores", "Un vicealcade italiano pide una "limpieza étnica de maricones"...—.

En 2012, o tratamento da prostitución na axenda do medio dende a perspectiva política intensifícase, até o punto de converterse no marco interpretativo dominante. Moitas destas informacións recollen críticas ás políticas que se están a desenvolver con respecto á prostitución. Neste momento, xa o PSOE non ocupa o goberno central, nin cogoberna en ámbitos, como Cataluña ou a cidade de Barcelona, importantes focos informativos no que á prostitución respecta. As políticas municipais seguen, en Barcelona e en Cataluña, unha deriva prohibicionista, estela que recolle o Ministerio de Interior. A capital catalana endurece este ano a ordenanza de civismo, para prohibir o exercicio da prostitución na rúa; a Generalitat modifica a lei para prohibir a prostitución nas estradas, alegando que é un perigo para o tráfico, e o departamento de Interior do goberno estatal, que dirixe o ministro de Interior, Jorge Fernández Díaz, baralla prohibir a prostitución na vía pública e mesmo modificar o Código Penal. Así mesmo, e ao igual que acontece na axenda do ABC, o xornal presta especial atención, no eido internacional, aos escándalos protagonizados por Berlusconi e Dominique Strauss-Kahn como compradores de sexo.

O peso do marco social, o terceiro máis empregado por ABC, devala entre o 15% e o 22%. Está en estreita relación co marco político dominante en cada un dos períodos analizados por *El País* só que, mentres no marco político as voces protagonistas son as dos actores políticos, cando o que domina é o enfoque social adoitan ser ou as propias prostitutas ou as asociacións que as atenden as protagonistas. En moitas das unidades redaccionais analizadas, de feito, ámbolos dous marcos de referencia están presentes. Se facemos unha revisión das unidades redaccionais publicadas, ano a ano, podemos constatar tal relación. Así, en 1977, nun contexto no que, con base na Lei de perigosidade social, podían chegar a ser castigadas coa privación de liberdade, *El País* preséntaas con voz propia, como axente, atendendo ás súas reivindicacións como as tentativas por organizar un sindicato propio ou as protestas polo que consideran competencia desleal das prostitutas portuguesas. O xornal faino tratándoas con respecto e incidindo nas precarias condicións nas que exercen— esa liña insisten as dúas columnas de opinión de Francisco Umbral que nese ano localizamos sobre prostitución —.

En 1987, as prostitutas seguen a ser presentadas como un colectivo con voz e reivindicacións propias (que podemos escoitar, por exemplo, nas xornadas sobre prostitución que se organizan en Madrid e ás que *El País* lle dá ampla cobertura). A irrupción da SIDA, e de medidas políticas que intentan actuar sobre a prostitución como modo de propagación, tamén ten a súa pegada na mostra de análise ese ano. *El País* sitúase do lado das prostitutas, tamén e en especial da prostitución homosexual, fronte a propostas políticas que suxiren mesmo confinalas en burdeis, para evitar a propagación da enfermidade. Tanto é así que, nun editorial ao respecto, defende que os portadores do VIH na rúa non supoñen ningún risco sanitario (coa consecuente crítica dun profesional da medicina, que responde nunha carta ao director).

En 1997, o enfoque dende o que se ollan ás prostitutas nas unidades redaccionais con marco social, en certa maneira, cambia. As persoas que exercen a prostitución son, de modo metafórico, enfocadas dende arriba, en contrapicado, nunha posición de superioridade dende a cal, ou vemos vítimas de explotación e trata—"Cada año 10.000 adolescentes nepalíes son vendidas a burdeles de Bombay. Es el tráfico de esclavos más

activo del mundo, según las ONG, ou actoras marxinais, vinculadas a ámbitos como as drogodependencias—"Seis prostitutas toxicómanas se rán atendidas en un piso de acogida", "El gueto más sórdido de la ciudad, en la vieja fábrica Boetticher" precisadas de reinserción social—"Terapia de trabajo para prostitutas en Vietnam"—. Este proceso implica unha perda de axencia por parte das prostitutas, unha perda de voz e presenza como profesionais e como axente político, o que leva consigo, en consecuencia, unha perda de voz á hora tamén de reivindicar os seus dereitos na polis, no espazo público e compartido pola cidadanía, e tamén no ámbito laboral, respecto a aquelas cuestións que teñan que ver coas condicións nas que exercen.

En 2007, as unidades redaccionais encadradas no marco social danlle voz, fundamentalmente, aos axentes sociais que forman parte desa realidade sobre a que as políticas públicas pretenden actuar. Adoitan ser reportaxes, noticias cunha elaboración detida ou artigos de opinión, é dicir, xéneros que permiten unha abordaxe en maior profundidade da información, así como a súa contextualización e tratamento como tema, alén o acontecemento, e inciden fundamentalmente sobre dúas cuestións: a explotación sexual e a trata de persoas con fins de explotación sexual, e as políticas para limitar a prostitución de rúa. En ámbolos dous casos, dáselle voz ás prostitutas, pero en función dun argumento tecido previamente polo xornal. É dicir, na maioría dos casos as prostitutas non teñen voz por propia iniciativa, por accións que parten delas, senón por iniciativa do xornal. En ámbolos dous casos, o xornal solidarízase, de modo explícito ou implícito, coas prostitutas, que ocupan fundamentalmente o papel de vítimas.

En 2012, o marco social é empregado para constatar a ineficacia das políticas públicas e da acción dos poderes políticos. Acódese de novo aos axentes afectados (maiormente, as propias persoas que exercen a prostitución ou as asociacións que defenden os seus dereitos e/ou as asisten) para dar constancia da inadecuada actuación institucional contra a trata—"Víctimas de la trata, encerradas en los CIE"—, o mal funcionamento das forzas públicas e da xustiza na loita contra a mesma —en pezas como "Una "madre coraje" desolada" ou "La guerra por Marita" abórdase o caso dunha nai arxentina que decide buscar ela mesma aos culpables do secuestro e prostitución da súa filla—, e as medidas para a eliminación da prostitución de rúa—"La prostitución, mejor debajo de la alfombra", "La Generalitat crea un fichero para el control de prostitutas y de clientes"—.

O resto dos marcos de interpretación teñen unha presenza inferior ao 5% das pezas. Os conflitos veciñais son abordados en menor medida que en ABC, que se posicionaba de modo recorrente do lado da veciñanza e, pola contra, é máis abundosa ca no ABC a abordaxe dende unha perspectiva humana, que nos achega á realidade das persoas que exercen a prostitución e nos leva a solidarizarnos con elas. Destaca, así mesmo, o incremento da abordaxe da prostitución en informacións relacionadas con crónica social en 2012 (até chegar ao 8,5% do total de unidades redaccionais ese ano), o que desvela unha actuación ambivalente do xornal respecto á prostitución: por unha banda, lévanos a solidarizarnos coa realidade das persoas que se prostitúen mais, por outra, tamén emprega a prostitución como materia prima para noticias frívolas.

6.1.4. Temática

6.1.4.1. ABC

Taboa 10. Temática en ABC

TEMÁTICA	1977	%	87	%	97	%	07	%	12	%	TOTAL
PROXENETISMO E EXPLOTACIÓN SEXUAL	8	36,4	57	28,4	78	27,9	50	27,6	32	22,5	225
XUÍZOS		-	36	17,9	67	23,9	14	7,7	20	14,1	137
OUTROS SUCEOS	6	27,3	30	14,9	30	10,7	18	9,9	14	9,9	98
DEBATE POLÍTICO-LEGAL	2	9,1	11	5,5	30	10,7	28	15,5	14	9,9	85
CONFLICTOS COA VECIÑANZA		-	25	12,4	18	6,4	29	16,0	10	7,0	82
COMPRADORES		-	16	8,0	34	12,1	9	5,0	19	13,4	78
TRATA		-	13	6,5	14	5,0	18	9,9	26	18,3	71
CONDICIÓN DE EXERCICIO	2	9,1	6	3,0	2	0,7	8	4,4	6	4,2	24
TRÁFICO		-	-	-	1	0,4	2	1,1	-	-	3
PROSTITUCIÓN VOLUNTARIA	1	4,5	1	0,5	-	-	1	0,6	-	-	3
MEDIOS DE COMUNICACIÓN		-	-	-	2	0,7	-	-	1	0,7	3
CAUSAS		-	1	0,5	-	-	-	-	-	-	1
OUTROS	3	13,6	5	2,5	4	1,4	4	2,2	-	-	16

Fonte: Elaboración propia

*As porcentaxes están calculadas sobre o total de unidades redaccionais publicadas nese ano

En ABC son aquelas temáticas relacionadas coa crónica negra as que contan con maior presenza no xornal. Deste xeito, son as novas sobre proxenetismo e explotación sexual as máis abondosas, seguidas daquelas ligadas á cobertura de xuízos, e as relacionadas con outros sucesos que teñen lugar no ámbito da prostitución. O cuarto tema máis abordado é o relacionado co debate político-legal, cunha forte presenza sobre todo en 2007, o ano no que a Comisión Mixta Congreso-Senado dos Dereitos da Muller e da Igualdade de Oportunidades debate sobre o status legal da prostitución e no que numerosos municipios adoptan medidas propias para regular a prostitución. Seguen, de preto, os conflitos da veciñanza co ámbito da prostitución, fundamentalmente con aquela que se exerce na rúa.

A información sobre compradores de sexo é o seguinte tema con maior presenza, sobre todo en 1997 e en 2012, e nos dous, polo mesmo motivo: pola vinculación de persoeiros famosos como compradores ou supostos compradores de sexo de pago. No ano 1997, trátase de persoas do mundo do espectáculo imputadas no Caso Army. En 2012, dos escándalos protagonizados por Silvio Berlusconi e Dominique Strauss-Kahn.

A información sobre a trata de persoas con fins de explotación sexual e sobre as condicións nas que se exerce a prostitución incrementáase a partir de 2007, o que coincide co momento no que a prostitución entra con maior forza no debate político, da

man do marco interpretativo que defende o partido entón no goberno, o PSOE, para o que conta co respaldo do PP. Un marco interpretativo que supón a vinculación da prostitución coa trata, o rexeitamento a legalizar a prostitución, a adopción de argumentos propios do abolicionismo e a aposta política pola loita contra a trata.

Aínda que a información sobre a trata de persoas con fins de explotación sexual é abundosa, non acontece o mesmo co tráfico, que se limita ao favorecemento da entrada ilegal dunha persoa nun estado, mais que non implica a explotación sexual desa persoa.

Moi pouco frecuente é, así mesmo, a abordaxe da prostitución como unha práctica voluntaria, o que está en relación co marco interpretativo de tinguiduras abolicionistas nos que se move o xornal.

6.1.4.2. *El País*

Taboa 11. Temática *El País*

TEMÁTICA	1977	%	87	%	97	%	07	%	12	%	TOTAL
PROXENETISMO E EXPLOTACIÓN SEXUAL	6	25,0	27	21,6	62	40,8	50	24,2	25	27,5	170
DEBATE POLÍTICO-LEGAL	3	12,5	9	7,2	14	9,2	49	23,7	16	17,6	91
OUTROS SUCESOS	6	25,0	18	14,4	12	7,9	21	10,1	4	4,4	61
XUIZOS	1	4,2	22	17,6	16	10,5	10	4,8	8	8,8	57
TRATA	1	4,2	4	3,2	11	7,2	19	9,2	13	14,3	48
COMPRADORES		-	16	12,8	12	7,9	7	3,4	13	14,3	48
CONDICIÓN DE EXERCICIO	5	20,8	18	14,4	11	7,2	8	3,9	2	2,2	44
CONFLICTOS COA VECIÑANZA		-	3	2,4	2	1,3	18	8,7		-	23
MEDIOS DE COMUNICACIÓN		-	4	3,2	4	2,6	5	2,4	1	1,1	14
TRÁFICO		-		0	1	0,7	3	1,4	3	3,3	7
PROSTITUCIÓN VOLUNTARIA	1	4,2	1	0,8		-	1	0,5	1	1,1	4
CAUSAS		-	1	0,8		-	1	0,5	1	1,1	3
REPERCUSIÓN		-	1	0,8		-	1	0,5		-	2
OUTROS	1	4,2	1	0,8	7	4,6	14	6,8	4	4,4	27

Fonte: Elaboración propia

*As porcentaxes están calculadas sobre o total de unidades redaccionais publicadas nese ano

En *El País* é a información sobre os delitos ligados ao proxenetismo e explotación sexual a máis abundosa, ao igual que acontecía en el ABC mais, a diferenza do que acontece co diario conservador, o debate político legal ten moita maior presenza. É, de feito, a segunda temática na que máis se incide, o que se ve reforzado nos anos finais da mostra: 2007 (no que afecta a case un cuarto das unidades redaccionais publicadas, polos mesmos motivos que veño de indicar para o caso de ABC) e 2012.

El País non insiste tanto como fai o ABC na información sobre xuízos e sobre conflitos veciñais, o que ten relación cunha menor influencia do marco interpretativo ligado á crónica negra e ás tensións entre diferentes actores cidadás (veciñanza, empresas, comercios, colexios...) que comparten coa prostitución o mesmo espazo urbano. A elevada presenza dos conflitos coa veciñanza no ABC ten que ver co seu posicionamento, invariable ao longo da maior parte dos anos analizados, a carón da veciñanza e en contra de quen exerce a prostitución e do entorno que a rodea, o que o xornal sitúa na dicotomía que presenta ás prostitutas en negativo, como orixe e

xeradoras do problema, e á veciñanza en positivo, como vítima dos diversos problemas que coidan que a prostitución ocasiona (actividade delituosa, falta de hixiene, inseguridade sanitaria, falta de decoro no espazo público...). En *El País*, pola contra, obsérvase unha maior empatía ou, cando menos, un maior esforzo por comprender a situación de quen exerce a prostitución, o que xa detectei con anterioridade noutras variables, como a maior presenza neste xornal do enfoque humano.

A información sobre a trata de persoas con fins de explotación sexual incrementábase, ao igual que acontece no ABC, nos dous anos finais da mostra, 2007 e 2012, en coincidencia coa entrada, con maior peso, do debate ao redor do estatus político legal da prostitución, e as medidas que cómpre adoptar fronte a ela, na axenda política.

Coinciden *El País* e ABC na escasa abordaxe do tráfico de persoas e do exercicio voluntario da prostitución (o que se explica, ao igual que no caso de ABC, pola predominancia do marco interpretativo ligado ao abolicionismo). Así mesmo, son moi escasas as unidades redaccionais nas que a abordaxe das causas ou das consecuencias estean entre as temáticas principais.

6.1.5 Xénero xornalístico

6.1.5.1 ABC

Taboa 12. Xéneros xornalísticos en ABC

XÉNERO	77	%	87	%	97	%	07	%	12	%	TOTAL	
NOTICIA	13	72,2	96	70,6	140	77,8	99	78,6	60	60	408	75
CRÓNICA	1	5,6	20	14,7	14	7,8	1	0,8	13	13	49	9
REPORTAXE		-	8	5,9	10	5,6	21	16,7	7	7	46	8,5
ARTIGO DE OPINIÓN		-	2	1,5	4	2,2	3	2,4	2	2	11	2
EDITORIAL		-	3	2,2	6	3,3		-	0	0	9	1,7
CARTAS		-	3	2,2	4	2,2	1	0,8	1	1	9	1,7
ENTREVISTA	1	5,6	3	2,2	1	0,6		-	0	0	5	0,9
CRÍTICA	3	16,7	1	0,7	1	0,6		-	0	0	5	0,9
PERFIL		-		-		-		-	1	1	1	0,2
OUTROS		-		-		-	1	0,8		0	1	0,2
	18	100,0	136	100,0	180	100,0	126	100,0	84	84	544	100

Fonte: Elaboración propia

O emprego da noticia é maior en ABC ca en *El País*, como logo amosarei. Tres de cada catro unidades redaccionais analizadas foron encadradas, de feito, neste xénero. En consecuencia, a utilización de xéneros que implican interpretación (como a reportaxe e a crónica) ou opinión (como os artigos, os editoriais e as cartas ao director) é menor ca no xornal progresista. Fronte ao 15% en *El País*, a presenza de reportaxes redúcese, en ABC, ao 8,5%, e fronte ao 13% de unidades redaccionais clasificadas como xéneros de opinión no primeiro dos diarios, en ABC limitábase ao 6,3%. Coinciden ámbolos dous diarios, porén, no escaso recurso a outro tipo de xéneros, como a entrevista.

A reportaxe en ABC é empregada sobre todo para afondar naqueles temas que forman parte da axenda do xornal en relación coa prostitución, abordados dende a liña ideolóxica defendida polo mesmo. A prostitución de menores, a prostitución como

escravitude sexual ou as protestas da veciñanza contra a prostitución de rúa son temas recorrentes nas reportaxes desta cabeceira ao longo dos anos analizados. Así mesmo, as reportaxes tamén adoitan incidir naqueles temas que forman parte da axenda política do momento sobre a prostitución: tal é o caso da prostitución de menores en 1997, ou da explotación sexual e a trata de mulleres en 2007 e 2012. Obsérvase, por outra banda, unha evolución ao longo do período canto ás cuestións que son obxecto de interese por parte das reportaxes. Así, nos dous primeiros anos analizados, 1977 e 1987, os episodios de crónica negra son merecentes en ABC do tratamento máis amplo que este xénero achega, o que non acontece nos anos posteriores que forman parte da mostra. O 2007 é o ano no que máis reportaxes se publican e no que máis variados son os temas que as centran, que mesmo abordan cuestións que noutros anos pasan inadvertidas para este xénero, como os compradores de sexo ou as condicións nas que as prostitutas exercen.

Os temas máis socorridos nos artigos de opinión coinciden, así mesmo, con aqueles que forman parte daquelas cuestións sobre prostitución que máis presentes están na axenda do xornal: prostitución de menores, conflitos veciñais e asuntos de carácter político (nos que adoito se aproveita para facer crítica das políticas socialistas (a reforma do Código Penal de 1995, por exemplo), ou das actitudes e comportamentos dalgúns políticos socialistas, como o senador Carlos Piquer ou Dominique Strauss-Kahn en 2012.

Son os mesmos temas que centran tamén os editoriais, nos que, tal e como explicarei con posterioridade na análise do discurso, é explícita a postura moral do xornal, que está por tras do seu posicionamento político respecto á prostitución. En varios dos seus editoriais, a prostitución, sobre todo a de menores, ponse en relación coa relaxación moral da sociedade, o que se liga ás políticas promovidas dende as institucións. En 1987, en plena crise da SIDA, dous dos tres editoriais que entón publica sobre prostitución identifican a prostitución homosexual (tal vez porque, dende o punto de vista dunha moral católica poida resultar máis reprobable por implicar relacións entre persoas do mesmo sexo) como perigo sanitario, cando o perigo de difusión da SIDA está, non na prostitución homosexual de modo específico, senón nas relacións sexuais que teñen lugar sen as debidas medidas de prevención.

Boa parte das Cartas ao Director danlle voz ás queixas da veciñanza con respecto á práctica da prostitución na rúa. Nalgunha delas bótase man de argumentos conservadores, tradicionalistas, familistas e de base católica nos que a exhibición da prostitución en público é considerado un perigo para a moralidade (unha lectora mesmo manifesta a inquedaanza, na carta "En familia", publicada en 1987, de que a prostituta se converta nun modelo para a xuventude, ademais de un incordio para as familias, que non poden gozar como quixeran do espazo público.

As crónicas adoitan ser ou ben de sucesos, ou de xuízos con gran cobertura mediática (como o celebrado en Valencia por prostitución infantil en 1987 ou o Caso Arny en 1997) ou, e sobre todo no último dos anos analizados, de correspondentes que escriben dende o estranxeiro cun estilo persoal e propio, con elementos interpretativos.

Ás entrevistas acódesse en contadas ocasións (cinco, no conxunto da mostra analizada). Son, ou ben a forzas vivas con cuxo discurso o xornal entra en sintonía (o masculino non é xenérico senón real, pois fai referencia ao maxistrado Rico Lara, entrevistado en 1977, e a Monseñor Monti, entrevistado en 1987), ou ben a representantes políticos (o senador socialista Carlos Piquer, entrevistado en 1977) ou a protagonistas de informacións de Sucesos (tal é o caso de José Luis Larraya, en 1987, encarcerado durante once meses acusado dun crime que non cometera).

6.1.5.2. *El País*Taboa 13. Xéneros xornalísticos en *El País*

XÉNERO	77	%	87	%	97	%	07	%	12	%	TO-TAL	%
NOTICIA	15	78,9	48	64,0	78	66,7	82	57,3	27	45,8	250	60,5
REPORTAXE	1	5,3	4	5,3	11	9,4	38	26,6	8	13,6	62	15,0
CRÓNICA		-	10	13,3	11	9,4	1	0,7	12	20,3	34	8,2
ARTIGO DE OPINIÓN	2	10,5	3	4,0	9	7,7	12	8,4	4	6,8	30	7,3
CARTAS		-	6	8,0	6	5,1	5	3,5		-	17	4,1
EDITORIAL		-	3	4,0	1	0,9	1	0,7	2	3,4	7	1,7
CRÍTICA	1	5,3		-		-	3	2,1	1	1,7	5	1,2
ENTREVISTA		-		-	1	0,9		-	3	5,1	4	1,0
PERFIL		-		-		-		-	1	1,7	1	0,2
FOTONOTICIA		-	1	1,3		-		-		-	1	0,2
OUTROS		-		-		-	1	0,7	1	1,7	2	0,5
	19	100,0	75	100,0	117	100,0	143	100,0	59	100,0	413	100,0

Fonte: Elaboración propia

O xénero predominante en *El País* é a noticia (o 60%), seguida da reportaxe (o 15%), da crónica (8,2%) e dos xéneros de opinión—artigos, cartas ao director, editoriais e críticas, que en total supoñen un 13% do total de pezas analizadas. A utilización doutros xéneros é moi minoritaria e limitase fundamentalmente a entrevistas (un 1% do total, é dicir, só catro unidades redaccionais no conxunto da mostra). O emprego da noticia, porén, diminúe nos últimos anos analizados (2007 e 2012) a favor doutros xéneros máis axeitados para a introducción de elementos contextuais e interpretativos (en concreto, a crónica e a reportaxe).

A reportaxe, que implica unha elaboración maior da información, emprégase naquelas que constitúen cuestións de especial interese para o xornal e que, polo tanto, son tematizadas, tanto mediante o emprego de xéneros interpretativos como opinativos. É por iso que o seu emprego é maior nos últimos anos analizados, 2007 e 2012, nos que tamén hai unha preocupación máis acusada pola tematización da prostitución na axenda de *El País*. O enfoque, no caso dos xéneros interpretativos, e como veremos máis adiante na análise do discurso, coincidirá sempre coa liña editorial do xornal.

Os temas en maior medida obxecto de atención por parte de *El País* nas súas reportaxes xiran, tanto en 2007 como en 2012, ao redor da trata de mulleres e da escravitude sexual, como das políticas ao redor da regulación da prostitución de rúa nas principais cidades españolas. Outros cuestións como a corrupción policial, a prostitución transexual ou as políticas desenvolvidas noutros países, son tamén tema de reportaxe en *El País*.

Similares cuestións ocupan a atención dos xéneros de opinión. Os temas dos editoriais inciden, en todos os anos analizados, nas principais políticas que se están a debater ao redor da prostitución: en 1987, as políticas de protección das e dos menores e para combater a SIDA; en 1997, a modificación do Código Penal por parte do goberno do PP para volver incorporar o delito de corrupción de menores suprimido nos últimos meses da etapa socialista; en 2007, a decisión Comisión Mixta Congreso-Senado dos Dereitos da Muller e da Igualdade de Oportunidades de non legalizar a prostitución, e,

en 2012, a necesidade de acrecentar as medidas na loita contra a trata de mulleres con fins de explotación sexual e as políticas relacionadas coa regulación da prostitución de rúa. Tal e como veremos despois na análise do discurso, a liña editorial de *El País* sobre a abolición, legalización ou regularización da prostitución sufrirá unha modificación ao longo dos anos analizados: dende posturas próximas á legalización en 1987, e mesmo unha postura crítica coa decisión da Comisión Mixta de non regular, até visións máis afíns ao abolicionismo, sobre todo no que á loita contra a trata se refire, tal e como se amosa neste editorial de 2012:

La gran dificultad en la persecución de los graves delitos que se cometen en este ámbito está en la delimitación de la prostitución forzada de la libremente ejercida. Pero lo cierto es que esta última, según todos los expertos, es ya una actividad muy marginal frente a una explotación masiva y generalizada de la que cada día hay más pruebas (*El País*, 20 de febreiro de 2012).

Os mesmos temas (debate legalización-abolición, prostitución de rúa, prostitución de menores...) adoitan centrar a atención dos artigos de opinión, aínda que, neste caso, como veremos con posterioridade, se lle procurará dar cabida tamén a voces non sempre coincidentes coa liña editorial do xornal.

Canto ás crónicas que, ao igual que as reportaxes, tamén adoitan incorporar elementos de interpretación por parte da ou do xornalistas, adoitan ser de carácter xudicial (no caso de xuízos con gran relevancia pública como o do Arny), social (parella á frivolidade de temas como o caso Ruby) e/ou elaboradas por correspondentes que escriben dende o estranxeiro.

As entrevistas son escasas (só localicei catro no conxunto da mostra) e en todos os casos se dirixen a persoas con autoridade e/ou poder no ámbito político, xudicial ou cultural (Sònia Martínez, alcaldesa de La Jonquera; a fiscal Patricia Fernández Olalla, a relatora sueca contra a prostitución, Kajsa Wahlberg, e o escritor David Pallo).

6.1.6 Tratamiento xornalístico

6.1.6.1. ABC

Taboa 14. Tratamiento xornalístico ABC

TRATAMIENTO XORNALÍSTICO	1977	%	1987	%	1997	%	2007	%	2012	%	TO-TAL	%
INFORMACIÓN	14	77,8	117	86,0	148	82,2	106	84,1	64	76,2	449	82,5
INTERPRETACIÓN	1	5,6	10	7,4	19	10,6	16	12,7	17	20,2	63	11,6
OPINIÓN	3	16,7	9	6,6	13	7,2	4	3,2	3	3,6	32	5,9
	18	100,0	136	100,0	180	100,0	126	100,0	84	100	544	100,0

Fonte: Elaboración propia

A presenza de unidades redaccionais abordadas cun tratamento predominantemente informativo é maior en ABC ca en *El País*, como logo detallarei (o 82,5% fronte ao 72,2% no outro xornal analizado). Seguen as pezas interpretativas (o 11,6%) e, a distancia coas anteriores, os textos opinativos (o 5,9%, fronte ao 14,5% no diario do grupo Prisa).

A abordaxe predominantemente informativa é superior ao 75% en todos os anos analizados, e mesmo adoita sobrepasar o 80%, mais diminúe un chisco en 2012 (até 76,2%), a favor dos textos interpretativos (que supoñen, ese ano, o 20,2% do total).

6.1.6.2. *El País*Taboa 15. Tratamento xornalístico en *El País*

	1977	%	1987	%	1997	%	2007	%	2012		TOTAL	%
INFORMACIÓN	15	78,9	59	78,7	87	74,4	103	72,0	34	57,6	298	72,2
INTERPRETACIÓN	1	5,3	4	5,3	13	11,1	19	13,3	18	30,5	55	13,3
OPINIÓN	3	15,8	12	16,0	17	14,5	21	14,7	7	11,9	60	14,5
TOTAL	19	100,0	75	100,0	117	100,0	143	100,0	59	100	413	100,0

Fonte: Elaboración propia

En coherencia co sinalado con relación aos xéneros, a maior parte das unidades redaccionais de *El País* son tratadas de modo exclusivamente informativo. Seguen aquelas baseadas na opinión (o 14,5%) e a interpretación (o 13,3%).

O tratamento informativo, que se mantén até o 2007 incluído, no 70% das pezas, diminúe de modo notable en 2012 (até o 57,6%) a favor, fundamentalmente, dos xéneros interpretativos (que supoñen un 30,5%).

6.1.7 Orientación da información ao acontecemento ou ao tema

6.1.7.1. ABC

Taboa 16. Orientación da información en ABC

ORIENTACIÓN	1977	%	1987	%	1997	%	2007	%	2012	%	TOTAL	%
AO ACONTECEMENTO	14	77,8	120	88,2	157	87,2	104	82,5	72	85,7	467	85,8
AO TEMA	4	22,2	16	11,8	23	12,8	22	17,5	12	14,3	77	14,2
	18	100,0	136	100	180	100	126	100,0	84	100,0	544	100,0

Fonte: Elaboración propia

En ABC, o enfoque da prostitución dende o acontecemento non descende, senón que se incrementa lixeiramente ao longo destes 35 anos (dende o 77,8% en 1977 até o 85,7% en 2012). Cando maior é a abordaxe da prostitución como tema é, ao contrario ca en *El País*, no primeiro dos anos analizados, o 1977.

6.1.7.2. *El País*Taboa 17. Orientación da información en *El País*

ORIENTACIÓN	77	%	87	%	97	%	07	%	12	%	TO-TAL	%
AO ACONTECEMENTO	16	84,2	54	72	92	78,6	88	61,5	39	66,1	289	70,0
AO TEMA	3	15,8	21	28	25	21,4	55	38,5	20	33,9	124	30,0
	19	100,0	75	100	117	100,0	143	100,0	59	100,0	413	100,0

Fonte: Elaboración propia

A orientación ao acontecemento dos textos xornalísticos segue, polo xeral, unha tendencia á baixa ao longo do período estudado. Así, mentres en 1977 se sitúa no 84%, en 1977 descende ao 78,6%; en 2007, ao 61,5% e, en 2012, queda no 66,1%. A abordaxe da prostitución como tema duplícase, pola contra, dende o 15,8 en 1977, ao 33,9% en 2012. É, na primeira década deste milenio cando o tratamento da prostitución como tema é máis acusado. O maior pico acádase en 2007, cando un total do 38,5% das unidades redaccionais estudadas están orientadas ao tratamento desta problemática como tema e non como efémero e superficial acontecemento.

6.1.8 Autoría dos contidos redaccionais

6.1.8.1. ABC

Taboa 18. Autoría dos contidos en ABC

AUTORÍA	77	%	87	%	97	%	07	%	12	%	TO-TAL	%
XORNALISTA	3	16,7	55	41,0	115	63,9	65	51,6	61	72,6	299	55,0
SEN ASINAR	7	38,9	35	26,1	39	21,7	23	18,3	14	16,7	119	21,9
AXENCIAS	4	22,2	39	29,1	17	9,4	8	6,3	1	1,2	70	12,9
REDACCIÓN	4	22,2	-	-	-	-	27	21,4	5	6,0	36	6,6
ARTICULISTA	-	-	-	-	4	2,2	2	1,6	2	2,4	8	1,5
OUTROS	-	-	5	3,7	5	2,8	1	0,8	1	1,2	12	2,2
	18	100,0	134	100,0	180	100,0	126	100,0	84	100,0	544	100,0

Fonte: Elaboración propia

Ao redor de unha de cada dúas unidades redaccionais está asinada pola ou polo xornalista que a elabora. A cantidade de unidades redaccionais nas que a propia ou o propio redactor asume de modo explícito a súa autoría, coa súa sinatura, vai incrementándose de modo paulatino ano a ano. Deste xeito, mentres en 1977 tan só un 16,7% das pezas que conformaban a mostra estaban rubricadas, en 2012, esta porcentaxe chega até o 72,6%. De modo parello, o número de unidades redaccionais sen asinar ou atribuídas a axencias diminúe tamén de modo constante ao longo do período obxecto de estudo, o que amosa un descenso da información que non é elaborada polo propio xornal (as axencias) e da información que, pola súa escasa elaboración e lonxitude (tal é o caso dos breves, que supoñen o 82,9% do total de unidades redaccionais sen rubricar, en moitos casos ligados á información de sucesos), non é considerada merecente de ser asinada.

6.1.8.2. *El País*

Taboa 19. Autoría dos contidos en *El País*

AUTORÍA	1977	%	1987	%	1997	%	2007	%	2012	%	TOTAL	%
XORNALISTA	4	21,1	37	49,3	73	62,4	100	69,9	49	83,05	263	63,7
REDACCION	10	52,6	17	22,7	19	16,2	9	6,3	2	3,39	57	13,8
ARTICULISTA	2	10,5	3	4,0	9	7,7	15	10,5	1	1,69	30	7,3
AXENCIAS	-	-	5	6,7	9	7,7	13	9,1	-	-	27	6,5
SEN ASINAR	3	15,8	6	8,0	1	0,9	1	0,7	7	11,86	18	4,4
OUTROS	-	-	7	9,3	6	5,1	5	3,5	-	-	18	4,4
TOTAL	19	100,0	75	100,0	117	100,0	143	100,0	59	100,00	413	100,0

Fonte: Elaboración propia

A porcentaxe de unidades redaccionais asinadas pola ou polo xornalista é, en *El País*, superior ca en ABC. Fronte ao 55% de ABC, en *El País* chega ao 63,7%. Este dato vai parello a outros: a menor porcentaxe de pezas asinadas por axencias (6,5% en *El País* fronte ao 12,9% en ABC, e tamén sen asinar (4,4% no diario progresista fronte ao 21,9% no diario conservador). En *El País*, porén, é maior ca en ABC a porcentaxe de pezas asinadas por redacción (13,8%, fronte ao 6,6% en ABC) aínda que decrece de modo considerable ao longo do período analizado (do 52,6% en 1977, ao 3,39% en 2012).

Ámbolos dous xornais coinciden, de todos modos, no incremento paulatino e constante na porcentaxe de pezas con rúbrica da ou do redactor ao longo do período analizado, que en *El País* evoluciona dende o 21,1% en 1977 até o 83,05% en 2012.

As unidades redaccionais sen asinar adoitan ser breves aínda que, ao contrario ca en ABC, as temáticas que os centran non están maioritariamente relacionadas con Sucesos. Breves, e tamén ligadas a sucesos, acostuman ser tamén as pezas asinadas por axencias.

6.1.9. Aplicación da perspectiva de xénero

6.1.9.1. ABC

Aplican a perspectiva de xénero un 1,2% das unidades redaccionais, case todas, agás unha, localizadas nos dous últimos anos da mostra, e sobre todo en 2007. A perspectiva de xénero é utilizada en informacións e reportaxes, nunca nos xéneros de opinión. Pode ser aplicada de maneira central ou destacada na información, o que vemos nas reportaxes "La venta de mujeres en el mundo" (9 de agosto de 1987) ou "El 20% de los hombres que se prostituyen tiene VIH, frente al 0,8% de las mujeres" (16 de xuño de 2007).

A perspectiva de xénero tamén é empregada de maneira tanxencial nas unidades redaccionais, como acontece nas pezas "Uno de cada diez españoles conoce a turistas sexuales que abusan de niños" (18 de xaneiro de 2007), na que se indica que a percepción das mulleres é maior nas mulleres ca nos homes.

6.1.9.2. *El País*

En *El País* foi detectado o uso da perspectiva de xénero no 2,1% das pezas analizadas. En dúas terceiras partes das pezas, a perspectiva de xénero chega a través dos artigos de opinión, a través das e dos colaboradores externos que os asinan ou mesmo de persoas que lle escriben ao director, e que amosan unha clara conciencia feminista.

Este é o caso do artigo asinado pola escritora Gemma Lienas en 2012, "La pobreza alimenta la prostitución" (12 de setembro de 2012), nun relevante espazo da sección de opinión, a "Cuarta página". Nel, e ao contrario do que acontece na maioría dos casos, a perspectiva de xénero atravesada a peza de principio a fin. Dinos Lienas que un 80% das persoas que pasan polas redes de tráfico son mulleres, e apúntase como unha das causas fundamentais a feminización da pobreza, as desigualdades sociais e laborais entre mulleres e homes, e a existencia dunha abondosa demanda masculina para a que se propón medida de concienciación: "Cambiar el destino de estas mujeres pasa por transformar la mentalidad de esos varones, bien con escuelas de puteros que los eduquen, bien con multas que les quiten las ganas."

Non é o único caso no que a perspectiva de xénero nos chega a través dos xéneros de opinión. En "La muerte de una prostituta cualquiera", a autora, a raíz do cruel asasinato de Rufina Sainz, relaciona a prostitución con violencia de xénero:

En definitiva, la víctima es una mujer que ejerce la prostitución, un submundo que nos muestra ampliado y desorbitado, como a través de una lupa, lo que de hecho sucede en cualquier hogar normalmente constituido: las palizas, violaciones y ensañamientos con los cuerpos de las mujeres; sus cuerpos, lo único que la sociedad (de los varones) valora como suyo y que, como objeto de intercambio, les es arrebatado y concedido a la *libre y*, con frecuencia terrible, disposición de los varones. (13 de abril de 1987).

Tamén no artigo "El fiscal y la prostituta" (9 de novembro), o emprego da perspectiva de xénero, aínda que tanxencial, corre a cargo dunha persoa allea á

redacción, neste caso, dunha avogada, Alicia Herrera, que escribe unha carta ao director denunciando a laxitude da pena solicitada polo ministerio fiscal para un policía acusado de asasinar a unha prostituta.

Me gustaría formular una pregunta: ¿cómo se llama este miembro del ministerio fiscal que, a lo mejor, por no tener vagina, puede tener tanta comprensión con este acusado?- Abogada. (9 de novembro).

A perspectiva de xénero tamén é empregada polo xornal nun dos editoriais que está centrado na prostitución, no titulado "Las prostitutas condenadas", no que se fai referencia á inferiorización das mulleres no mundo do traballo:

Sin embargo, los perfiles de nuestra sociedad de hoy son precisamente adversos a esa imaginación, sobre todo en la primera parte: las clases sociales peor dotadas ofrecen un crecimiento de pobreza por el paro directo o por el número mayor de personas que tratan de depender de una sola actividad laboral, y de ahí sale la prostitución. Se incrementa con las condiciones permanentes de la inferiorización de la mujer en el trabajo y en la educación —aunque haya una creciente prostitución masculina de todas clases—(14 de agosto).

Nos contidos informativos, a perspectiva de xénero foi localizada só en tres casos: as reportaxes "De la guerra al prostíbulo" (30 de maio de 2007), sobre as mulleres refuxiadas iraquíes que se ven abocadas a exercer a prostitución en Siria, e "Suecia castiga a más de 200 clientes de prostitución" (25 de febreiro de 2007), así como na información "Aumenta el número de menores que son asistidos por abusos sexuales" (19 de xuño de 1997), na que se nos indica que, nun 80%, dos casos se trata de nenas.

6.1.10. Modalidades de prostitución referida

6.1.10.1. ABC

Taboa 20. Modalidades de prostitución referida en ABC

TIPOLOXÍA	1977	%	1987	%	1997	%	2007	%	2012	%	TOTAL	%
RÚA OU BARRIO		-	46	34,3	45	25,0	40	31,7	54	64,3	185	34,0
MENORES		-	45	33,6	70	38,9	15	11,9	15	17,9	145	26,7
CLUB	4	22,2	33	24,6	41	22,8	31	24,6	8	9,5	117	21,5
PISO		-		-	1	0,6	9	7,1	11	13,1	21	3,9
LUXO		-	1	0,7	2	1,1	2	1,6	10	11,9	15	2,8
OUTROS	1	5,6	16	11,9	2	1,1	2	1,6	2	2,4	23	4,2

Fonte: Elaboración propia

*As porcentaxes están calculadas sobre o total de unidades redaccionais publicadas nese ano

A atención aos diferentes tipos de prostitución que distinguimos nesta variable é, en boa medida, coincidente, tanto en ABC como en *El País*. En ámbolos dous casos, a prostitución de rúa ou barrio é a que ten máis presenza nos contidos xornalísticos, seguida da prostitución de menores e da de club. A prostitución de piso e de luxo é abordada en menos dun 10% das unidades redaccionais en ámbalas dúas cabaceiras, que, para o caso de ABC, se reduce mesmo a menos do 5%. Ámbalas dúas modalidades incrementan, porén, a súa presenza nos dous últimos anos analizados (2007 e 2012).

ABC presta gran atención, ao longo de todos os anos analizados, á prostitución de rúa ou barrio, e faino sobre todo dende tres enfoques: os sucesos, os conflitos veciñais e,

en estreita relación con este último, as medidas políticas adoptadas para satisfacer as demandas veciñais. É dicir, para ABC a prostitución é, en boa medida, noticia, en tanto en canto que forme parte da crónica negra; supoña unha molestia para as e os veciños, de cuxo lado se sitúa de maneira recorrente, ou salte á axenda política. É precisamente ese feito (que a prostitución supoña unha molestia no día a día do resto da cidadanía) un dos principais factores que explica que a prostitución de rúa sexa abordada en moita maior medida na axenda mediática e política ca a prostitución de club ou de piso (a prostitución de club ten lugar en instalacións alonxadas dos centros das cidades, mentres que a de piso se caracteriza pola súa discreción e invisibilidade, pois non hai ningún letreiro nin neón que a anuncie).

O tratamento da prostitución de rúa e barrio chega a estar presente, no último dos anos analizados, o 2012, mesmo no 64,3% das unidades redaccionais. Isto ten explicación no incremento de medidas políticas adoptadas para regulamentar a prostitución de rúa, iniciadas por gobernos de grandes cidades como Barcelona, e logo tomadas de exemplo mesmo para o anuncio de modificacións legislativas respecto á prostitución por parte do Goberno estatal. Medidas como as multas a compradores de sexo e a prostitutas e, en xeral, todas aquelas adoptadas para reducir a presenza da prostitución na rúa, son abordadas nun bo número de informacións sobre prostitución de rúa (no 27% do total de unidades redaccionais publicadas en 2012 sobre prostitución de rúa e barrio).

A prostitución de menores é a segunda modalidade con maior presenza en ABC, sobre todo, en dous anos, 1987 e en 1997, e en estreita relación con dous factores: a cobertura de xuízos de gran relevancia mediática, e con implicacións políticas, como o proceso por prostitución de menores que ten lugar en Valencia, en 1987, e no que se ve envolto un político socialista, e a reivindicación da reforma do Código Penal no que á prostitución de menores se refire, ítem recorrido unha e outra vez en 1997.

A de club é a terceira modalidade de prostitución con máis presenza en ABC. As unidades redaccionais que teñen como escenarios os clubs atenden, na maioría dos casos (en concreto, no 51% das unidades redaccionais que fan referencia á prostitución de club) a operacións policiais. É dicir, son noticia en tanto en canto as fontes policiais favorecen que así sexa. Abordan episodios concretos relacionados con redadas policiais que adoitan facer referencia a tres cuestións: por unha banda, a trata, a escravización e explotación de persoas con fins sexuais; en segundo lugar, delitos contra o dereito laboral (traballadoras sen contrato) e, por último, a detención de mulleres en clubs por estaren en situación administrativa irregular.

Segue a prostitución de piso, aínda que a distancia (co 3,9% das pezas analizadas). Esta modalidade está por completo ausente na mostra analizada tanto en 1977 coma en 1987, e tan só supón o 0,7% en 1997. É, xa neste século, cando comeza a ter certa presenza. O indicado polos datos correspóndese coa propia evolución do negocio da prostitución que, na primeira década deste século, abrolla na clandestinidade dos pisos, que están máis a salvo da vixilancia policial e nos que, ademais, non é posible entrar por parte das forzas de seguridade do Estado sen unha orde xudicial.

A prostitución de piso é, sobre todo, abordada en relación coa crónica negra ou tocada de maneira tanxencial en pezas nas que se fala de prostitución en xeral (tal é o caso, por exemplo, da titulada "Más de 10.000 mujeres ejercen la prostitución en Córdoba", do 4 de novembro de 2007). A prostitución homosexual (que ten nos pisos un dos seus principais espazos de traballo) tamén é abordada en relación con esta modalidade na información—"Me llamo José, 30 años, con idiomas: cobro 150 euros por cada servicio", do 16 de setembro de 2007.— Tan só foi localizada unha peza (unha reportaxe titulada "2x40 y un mini gratis) sobre os anuncios de prostitución na prensa,

que son intermediarios necesarios para a procura de clientela nun tipo de negocio encuberto que non conta con letreiros ou neóns para anunciarse.

A prostitución de luxo concéntrase sobre todo no último dos anos analizados, o 2012, e en relación cos escándalos de importantes persoeiros da esfera pública (como Dominique Strauss Kahn ou Berlusconi, na esfera política, ou os deportistas Benzema ou Ribéry), como compradores de sexo de pago.

6.1.10.2 *El País*

Taboa 21. Modalidades de prostitución referida en *El País*

TIPOLOXÍA	1977	%	1987	%	1997	%	2007	%	2012	%	TOTAL	%
RÚA OU BARRIO	13	68,4	34	45,3	32	27,4	55	38,5	22	37,3	156	37,8
MENORES		-	22	29,3	50	42,7	17	11,9	13	22,0	102	24,7
CLUB	2	10,5	15	20,0	18	15,4	46	32,2	19	32,2	100	24,2
LUXO	1	5,3		-	9	7,7	8	5,6	14	23,7	32	7,7
PISO		-	1	1,3	1	0,9	16	11,2	7	11,9	25	6,1
OUTROS	3	15,8	12	16,0	2	1,7	6	4,2	3	5,1	26	6,3

*As porcentaxes están calculadas sobre o total de unidades redaccionais publicadas nese ano

As conclusións que deitan os datos son similares ás extraídas para o caso de ABC. A prostitución de rúa ou barrio é a máis presente, co 37,8% do total de unidades redaccionais con referencia á modalidade de prostitución empregada. Séguelle a de menores (no 24,7%), a de club (no 24,2%), a de luxo (no 7,7%) e a de piso (no 6,1%).

A prostitución de rúa ou barrio chega á axenda do medio, ao igual que en ABC, cando é crónica negra ou cando se converte en obxecto de políticas públicas. Porén, hai unha diferenza esencial con ABC. A abordaxe da prostitución de rúa dende a vertente do conflito xerado coa veciñanza non é tan abondosa como no diario conservador e, ao contrario do que neste acontece, as prostitutas teñen voz. No primeiro dos anos analizados, o 1977, acódese á voz das prostitutas para recoller as súas demandas laborais e políticas. Dese ano son encabezados como "Siguen en Bilbao las protestas de las prostitutas" (13 de novembro de 1977), "Enfrentamiento entre agentes del orden y marginados en Bilbao" (17 de novembro de 1977), "Manifestación de prostitutas bilbaínas contra la ley de Peligrosidad Social" (12 de novembro de 1977), "Prostitutas madrileñas protestan por competencia desleal de las portuguesas" (20 de maio de 1977). Nos últimos anos analizados, acódese á voz das prostitutas, mais non xa como axentes políticos que reivindicaban os seus dereitos, senón como vítimas. Non adoitan aparecer no xornal reivindicando os seus dereitos cunha voz forte e organizada (a non ser cando asociacións como Hetaira falan no seu nome) senón que semella, máis ben, que a elas se acode para testemuñar as vicisitudes da súa supervivencia nun mundo marxinal e marxinalizado. Ao contrario do que acontece en ABC, *El País* solidarízase coa súa voz aínda que non coa autoridade do axente político na esfera pública senón máis ben cunha mirada de conmisericordia aos sectores máis desfavorecidos.

A prostitución de menores está presente na axenda do medio todos os anos revisados, agás en 1977. A súa presenza increméntase, ao igual que acontecía en ABC, en 1987 e en 1997 e tamén, pola proluxa cobertura informativa que se lle outorga a xuízos como o do caso Army, en 1997, ou o proceso contra a prostitución infantil en Valencia, en 1987, ou a escándalos como a descuberta dunha rede de pederastia en Unicef, tamén nese mesmo ano. Porén, ao contrario do que acontecía en ABC, e en

plena coherencia coas dispares liñas editoriais de ámbolos dous medios, apenas é abordado en *El País* a crítica e a consecuente reforma do goberno estatal en mans do PP do Código Penal aprobado en 1995 polo PSOE, co fin de volver a recuperar o delito de corrupción de menores. *El País* pronúnciase de modo explícito, iso si, nun editorial, "Corrupción de maiores", no que indica que as penas previstas no Código Penal vixente nese momento son suficientes e no que, en consecuencia, amosa a súa discordancia co proxecto do Ministerio de Xustiza de resucitar tal delito, polo risco que suporía de vulgar condutas que non atentan contra a liberdade sexual.

A prostitución de club está presente en todos os anos analizados e, en especial, nos dous últimos, 2007 e 2012, en relación con episodios de sucesos e, sobre todo, casos de trata e explotación sexual que, de modo implícito, xustifican a liña editorial do xornal a prol das políticas adoptadas polo goberno estatal en mans do PSOE, que opta por non tomar unha decisión firme no debate legalización-abolición, senón por centrarse na loita contra a trata), o que tamén é abordado en varias das unidades redaccionais.

Segue a prostitución de luxo, que acada porcentaxes maiores en *El País* ca en ABC (7,7% fronte ao 3,9%). A prostitución de luxo é abordada xa en 1977, nun artigo de Paco Umbral no que, con motivo da visita a España de Xaviera Hollander, autora do libro *La prostituta feliz* (6 de setembro de 1977), contrapón a visión da prostitución da autora coas precarias condicións nas que viven e traballan prostitutas que son mal pagadas e explotadas, e mesmo con realidades extremas como a prostitución de menores. Mesmo chega a cualificar a prostitución como vicio do capitalismo, cando di Umbral que "la democracia sin socialismo no hace sino potenciar los vicios del capitalismo".

Nos seguintes anos, a abordaxe da prostitución de luxo estará ligada a casos concretos que afectan a persoeiros relevantes na esfera pública, e sobre todo en dous ámbitos, a política e o fútbol. Sonado será, en 1997, o escándalo que afecta á selección portuguesa en relación coa "orgía con prostitutas en 1995 de algunos futbolistas del equipo nacional celebrada antes de un partido" (8 de maio de 1997), a descuberta dunha rede de prostitución de luxo da que en principio se di que está relacionada co emir de Qatar, ou o asasinato do modisto Versace por parte dun "chaperó" de luxo. O mesmo acontece, en 2007, coas revelacións da "madame" dun prostíbulo de Washington que ameaza con revelar a identidade de clientes con cargos influentes no mundo político ou, en 2012, cos escándalos que enzoufan a imaxe de Berlusconi e de Strauss-Kahn. Na maioría dos casos, pois, a prostitución de luxo chega a ser noticia pola relevancia pública dos compradores de sexo, e pouco sabemos das condicións nas que traballan as mulleres e os homes que exercen a prostitución de luxo, a non ser en 2007, na peza titulada "Mi novio me vendió por un Mercedes. Relato de una prostituta a la fuerza" (30 de novembro de 2007), no que se lle dá voz a unha muller que foi enganada polo seu mozo e vendida a unha rede que a dedicou á prostitución de luxo, con cuantiosos beneficios que repercutían na rede, mais apenas nela, á que se lle retribuía cunha ínfima cantidade do que gañaba.

A prostitución de piso é abordada nos dous últimos anos analizados, o 2007 e o 2012, ao igual que acontecía en ABC, e aínda así, en porcentaxes pequenas (o 11% das pezas fan referencia a esta modalidade nos dous anos) e, en moitos dos casos, sen que ocupe o peso principal da unidade redaccional. Acontece isto en pezas sobre sucesos ou nas que se aborda a prostitución en xeral e, de maneira específica, nalgún momento se da algún tipo de datos que aluden á prostitución de piso. Tal é o caso, por exemplo, do artigo de Gemma Lienas "La pobreza alimenta la prostitución" (12 de setembro de 2012) no que se di que "El 80% del millón aproximado de seres humanos que pasan por las redes de tráfico de personas son mujeres. Su destino son la carreteras, calles, pisos y

puticlubs de los países desarrollados y generan grandes beneficios". É, pois, a modalidade de prostitución máis invisible nos contidos xornalísticos tanto en ABC como en *El País*, a pesar da gran visibilidade que acada a través dos anuncios de sexo de pago nas páxinas de contactos.

O propio xornal describe, nalgunha das súas pezas, o cambio que se está producindo ao redor do mundo da prostitución e dálle cabida a voces que denuncian a prostitución de piso como un modo de invisibilizar a prostitución. Así, na peza titulada "Escapar de hacer la calle", do 7 de maio de 2007, dise que "Los prostíbulos han dado paso a clubes de alterne y a pisos camuflados; salas de fiestas; cabarés; barrio". E, en 2012, na información "Barcelona prohíbe la prostitución callejera", do 22 de marzo, en relación co impulso, por parte do concello de Barcelona, da prohibición total da prostitución de rúa, retrúcase: "Pero los locales y pisos en los que se ejerce son incontables. ¿Se prohíbe la callejera y se consiente la que no se ve? La respuesta que da el equipo de gobierno de CiU es que se ha empezado por la calle, pero con la intención de seguir en pisos y locales."

A prostitución de piso aparece tamén no trasfondo das pezas nas que se abordan os anuncios de contactos, unha de 1997 e outra de 2007, mais o cambio de enfoque é notable. En 1997, os anuncios de sexo de pago son abordados nun artigo de opinión publicado como Tribuna, no que se fai unha descrición frívola e anecdótica, ausente de crítica, dos anuncios de prostitución publicados en *El País Madrid* e mesmo se xustifica a súa necesidade—"De todos es sabido que la sexualidad puede practicarse a solas, aunque es innegable que se le saca más rendimiento cuando se intercambia con un congénere, algo que para mucha gente resulta bastante complicado. Y ahí surgen los anuncios de los periódicos". En 2007, introdúcense os anuncios de prostitución na axenda política, e o goberno do PSOE mesmo promove a súa eliminación, mais é esta unha cuestión da que *El País* non se fai eco, a non ser nunha carta ao director, do 26 de febreiro de 2007, na que precisamente se denuncia esta situación: "el PSOE insta a la supresión de los anuncios de prostitución en los periódicos, que con esos anuncios se convierten en el punto de encuentro del muy cotizado mercado del sexo. Ni PRISA, ni Vocento, ni Planeta ni el Grupo Godó han escuchado la sabia petición del Partido Socialista. Oídos sordos. El dios Dinero tiene mucho que decir en todo esto, pues estos anuncios de lugares de alterne y prostitutas suponen ingentes beneficios para los diarios".

Tamén se trata a prostitución de piso en relación coa prostitución homosexual, tal e como acontece tamén en ABC —vémolos na peza titulada "Prostitución homosexual inmigrante", do 27 de agosto de 2007—.

6.1.11 Actores e actoras da información

6.1.11.1. ABC

Taboa 22. Tipo de actores e actoras en ABC

TIPO DE ACTORES	1977	%	1987	%	1997	%	2007	%	2012	%	TOTAL	%
PROSTITUTA	27	21,4	201	22,0	276	21,2	206	23,0	175	28,8	885	23,0
PROXENETA	24	19,0	170	18,6	158	12,1	135	15,1	130	21,4	617	16,0
ACTORES GOBERNAMENTAIS E POLÍTICOS	3	2,4	52	5,7	150	11,5	131	14,6	67	11,0	403	10,5
COMPRADOR DE SEXO	6	4,8	92	10,1	171	13,1	63	7,0	57	9,4	389	10,1
ACTORES XURÍDICOS		-	84	9,2	170	13,0	54	6,0	41	6,7	349	9,1
FORZAS POLICIAIS	11	8,7	72	7,9	101	7,7	93	10,4	66	10,9	343	8,9
VECIÑANZA		-	49	5,4	46	3,5	106	11,8	18	3,0	219	5,7
ASOCIACIÓNS		-	19	2,1	19	1,5	34	3,8	11	1,8	83	2,2
MEDIOS DE COMUNICACIÓN	1	0,8	18	2,0	26	2,0	11	1,2	3	0,5	59	1,5
EXPERTOS/AS	1	0,8	17	1,9	2	0,2	13	1,4	4	0,7	37	1,0
MOVEMENTO FEMINISTA	1	0,8	4	0,4		-	3	0,3		-	8	0,2
OUTROS	52	41,3	134	14,7	185	14,2	48	5,4	36	5,9	455	11,8
	126	100	912	100,0	1304	100	897	100,0	608	100,0	3847	100

Fonte: Elaboración propia

Son as persoas que exercen a prostitución, na súa gran maioría mulleres, como logo veremos, as que en maior medida aparecen como actoras nas unidades redaccionais que conforman a mostra. Constitúen, de feito, o 23% do total de actoras e actores detectados nos textos analizados. Seguen os proxenetas (o 16% sobre o total de actores) cuxa presenza ten relación coa elevada porcentaxe de unidades redaccionais ligadas ao mundo do delito. Os actores gobernamentais e políticos son os terceiros con máis presenza, que se incrementa ao longo dos anos. Mentres en 1977 supoñían só o 2,4% do total de actores, en 2007 son xa o 14,6% e, en 2012, o 11%, o que está en relación coa introdución da prostitución na axenda política deses anos.

Ao contrario do concluído por outros autores e autoras (Dubois, 2006, e VV.AA., 2003) nesta investigación non se detecta unha invisibilización dos compradores de sexo. Supoñen un 10,1% do total de actores. A súa presenza acada os seus picos coincidindo con procesos xudiciais de gran transcendencia mediática (como a imputación do senador socialista Carlos Piquer, en 1997; o caso Army, en 2007, no que aparecían implicados persoeiros coñecidos da esfera pública; o Caso Ruby, no que Berlusconi é acusado por prostitución de menores), ou en relación, xa en 2012, coas políticas que se adoptan para disuadir da compra de sexo de pago. Os compradores de sexo aparecen, a non ser en moi contadas excepcións, ligados a acontecementos noticiosos concretos, mais non adoita haber unha abordaxe do perfil de quen compra sexo de pago ou das problemáticas a eles ligados. Son actores de acontecementos, mais non suxeitos de temas ou abordados como temas.

Os actores xurídicos e as forzas policiais están, tamén, entre os actores con máis peso na información. Constitúen, respectivamente, o 9,1% e o 8,9% sobre o conxunto de actores rexistrado na mostra. A súa presenza está en relación co importante peso que ten o mundo do delito á hora de incluír a prostitución na axenda do medio, e máis en concreto, con operativos policiais e procesos xudiciais.

A presenza da veciñanza, concepto baixo o que englobamos a aqueles sectores da poboación que viven ou traballan en zonas de prostitución, é dun 5% e, en coherencia

co xa indicado por outros datos referidos en apartados anteriores, é maior ca en *El País* (do 2,4%).

Actoras e actores expertos ou vinculados ao tecido cívico e asociativo son os que menos cabida teñen na abordaxe xornalística da prostitución. O movemento feminista, de feito, queda reducido a un 0,2% do total de actores. Non só a súa inclusión nos contidos xornalísticos é escasa senón que, ademais, diminúe ao longo dos anos. É, en 1977 precisamente, cando a porcentaxe que acadan sobre o total de actores, o 0,8%, é maior. Os actores expertos só supoñen o 1%, e aqueles ligados ao tecido cívico que se preocupa polo mundo da prostitución fican nun 2,2%.

6.1.11.2. *El País*

Taboa 23. Tipo de actores e actoras *El País*

TIPO DE ACTORES	1977	%	1987	%	1997	%	2007	%	2012	%	TOTAL	%
PROSTITUTA	32	34,8	154	22,1	166	16,5	263	22,1	112	19,9	727	20,6
ACTORES GOBERNAMENTAIS E POLÍTICOS		-	28	4,0	134	13,3	201	16,9	99	17,6	462	13,1
PROXENETA	12	13,0	108	15,5	138	13,7	135	11,3	63	11,2	456	12,9
FORZAS POLICIAIS	10	10,9	45	6,4	69	6,8	140	11,8	48	8,5	312	8,8
ACTORES XURÍDICOS	3	3,3	91	13,0	91	9,0	68	5,7	56	10,0	309	8,7
COMPRADOR DE SEXO	9	9,8	59	8,5	90	8,9	78	6,6	27	4,8	263	7,4
MEDIOS DE COMUNICACIÓN	2	2,2	38	5,4	30	3,0	39	3,3	21	3,7	130	3,7
VECÍÑANZA	1	1,1	11	1,6	19	1,9	51	4,3	3	0,5	85	2,4
ASOCIACIÓNS	1	1,1	13	1,9	31	3,1	43	3,6	25	4,4	100	2,8
EXPERTOS/AS		-	27	3,9	15	1,5	6	0,5	7	1,2	55	1,6
MOVEMENTO FEMINISTA		-	3	0,4		-	8	0,7	3	0,5	14	0,4
OUTROS	22	23,9	121	17,3	225	22,3	158	13,3	98	17,4	624	17,6
TOTAL	92	100	698	100	1008	100	1190	100	562	100	3537	100

Fonte: Elaboración propia

Os datos revélanos conclusións similares para o caso de *El País*. As persoas que exercen a prostitución son actoras predominantes (co 20,6% sobre o total de actoras e actores localizados). Moito menor é a presenza dos outros dous actores que completan o triángulo da prostitución: os compradores de sexo, co 7,4%, e os proxenetas, co 12,9%.

Os actores institucionais (gubernamentais e políticos, policiais e xurídicos) tamén están entre os máis abondosos. Os gubernamentais e políticos son, de feito, os segundos aos que máis se acode (co 13,1% sobre o total) e, tal e como acontecía en ABC, a súa presenza incrementase ao longo do período analizado. De estar por completo ausentes en 1977, chegan a acadar o 17,6% sobre o total de actores en 2012.

O recurso á veciñanza como actor, como xa antes indiquei, é menor en *El País*, case a metade ca en ABC. A presenza de expertos e expertas, do movemento feminista ou de asociacións ligadas á abordaxe da prostitución fica en porcentaxes pequenas. O movemento feminista é, de feito, o actor con menos presenza (co 0,4% sobre o total), seguido do ámbito experto (co 1,6%) e das asociacións e organizacións con relación co mundo da prostitución (co 2,8%).

6.1.11.3 Actores activos e pasivos

6.1.11.3.1. ABC

Taboa 24. Actores activos e pasivos ABC

TIPO DE ACTORES	ACTIV@/ PASIV@	1977	%	1987	%	1997	%	2007	%	2012	%	TOTAL	%
ACTORES GOBERNAMENTAIS E POLÍTICOS	ACTIV@	3	100	29	55,8	128	85,3	109	83,2	58	86,6	327	81,1
ACTORES GOBERNAMENTAIS E POLÍTICOS	PASIV@		0	23	44,2	22	14,7	22	16,8	9	13,4	76	18,9
ACTORES XURÍDICOS	ACTIV@			75	89,3	148	89,3	50	92,6	37	90,2	310	88,6
ACTORES XURÍDICOS	PASIV@			9	10,7	23	10,7	4	11,1	4	30,8	40	11,4
ASOCIACIÓNS	ACTIV@			18	94,7	18	94,7	32	94,1	9	81,8	77	92,8
ASOCIACIÓNS	PASIV@			1	5,3	1	1,3	2	8,3	2	6,7	6	3,5
COMPRADOR DE SEXO	ACTIV@	1	16,7	39	42,4	76	44,4	22	34,9	28	49,1	166	42,7
COMPRADOR DE SEXO	PASIV@	5	83,3	53	57,6	95	55,6	41	65,1	29	50,9	223	57,3
EXPERTOS/AS	ACTIV@	1	100	13	76,5	2	100	13	100	3	75	32	86,5
EXPERTOS/AS	PASIV@			4	23,5					1	25	5	13,5
FORZAS POLICIAIS	ACTIV@	11	100	64	88,9	85	88,9	68	73,1	51	77,3	279	81,3
FORZAS POLICIAIS	PASIV@			8	11,1	16	11,1	25	26,9	15	22,7	64	18,7
MEDIOS DE COMUNICACIÓN	ACTIV@	1	100	13	72,2	16	61,5	4	36,4	3	10	37	69,8
MEDIOS DE COMUNICACIÓN	PASIV@			5	27,8	10	38,5	7	63,6			22	41,5
MOVEMENTO FEMINISTA	ACTIV@	1	100	4	100			3	100			8	100
PROSTITUTA	ACTIV@	8	29,6	91	45,5	131	47,5	68	33,0	72	41,1	370	41,9
PROSTITUTA	PASIV@	19	70,4	109	54,5	145	60,9	138	67,0	103	58,9	514	58,1
PROXENETA	ACTIV@	10	41,7	77	45,6	93	58,1	75	55,6	86	66,2	341	55,2
PROXENETA	PASIV@	14	58,3	92	54,4	67	41,9	60	44,4	44	33,8	277	44,8
VECIÑANZA	ACTIV@			43	87,8	36	78,3	92	78,3	15	83,3	186	84,9
VECIÑANZA	PASIV@			6	12,2	10	21,7	14	21,7	3	16,7	33	15,1
OUTROS	ACTIV@	21	40,4	86	64,2	97	53,3	28	59,6	18	50	250	55,3
OUTROS	PASIV@	31	59,6	48	35,8	85	46,7	20	51,3	18	50	202	44,7

Fonte: Elaboración propia

As persoas que exercen a prostitución e os compradores de sexo son os únicos actores, de todos os categorizados nesta variable, que aparecen en maior medida como pacientes da acción ca como suxeitos da mesma. Sobre dous dos actores que están máis estreitamente vinculados ao contexto da venda de sexo de pago (máis en concreto, sobre

quen a exerce e sobre quen a compra), fálase máis do que sobre elas/eles se fai, sobre o como institucións políticas e xurídicas, as asociacións ou a veciñanza actúan sobre eles, ca sobre o que eles fan.

Actores gobernamentais e políticos, xurídicos, asociativos, voces expertas ou a propia veciñanza adoitan aparecer nun papel activo en máis dun 80% dos casos nos que están presentes. Mais isto non acontece en igual medida con aqueles actores que son protagonistas directos do mundo da prostitución, aqueles que o viven en primeira liña: as persoas que a exercen, as que a compran e as que se aproveitan da prostitución allea pois, neste último caso, aínda que aparecen nun maior número de ocasións desempeñando un papel activo (no 55,2% dos casos), tamén están presentes nunha elevada porcentaxe (o 44,8%) limitándose a un rol pasivo.

6.1.11.3.1.1 Análise das accións das que son suxeito ou obxecto as mulleres que exercen a prostitución

1977. En 1977, nun rol pasivo, as persoas que exercen a prostitución son detidas ou xulgadas—"La detención de dos "mujeres" que ejercían la prostitución en Barcelona"—; obrigadas a prostituírse—"Obligó a una muchacha de veintitrés años a ejercer la prostitución", "La muchacha se vio obligada por el aprehendido a trabajar en clubs"— e presentadas como vítimas—"Corrupción de menores", "El estrangulador de Los Ángeles añade otra mujer a su historial (...) Se trata de una joven prostituta", "El "protector", el tercerista que media en estas ilícitas actividades, quien induce a un menor a iniciarse en ellas", "su peligrosidad es evidente, porque entre esa clase de personas y las prostitutas se establece una relación de dominante-dominado", "una chica, víctima de la prostitución, y cuya dramática situación se acentúa con la presencia de su único hijo"—.

Cando aparecen nun papel activo é porque "ofrecen os seus favores" e as mulleres ofrecían sus "favores" a hombres de negocios, turistas adinerados y hasta jeques de emiratos árabes", "Una puritana reprimida declara en un juicio contra un proxeneta, descubriendo luego que su testimonio era erróneo y cobrando progresivo afecto hacia el chulo, hasta acabar casándose con él y haciendo la acera para su provecho", "En el club San Remo, autorizado como café bar con camareras, trabajaban chicas, entre ellas menores de edad y extranjeras sin legalizar, que por tres mil pesetas podían acudir con clientes a una pensión cercana—; protagonizan episodios delituosos ("María José era explotada por Ángel de las Pozas Jiménez, apodado "El Bruto", a quien decidieron eliminar de la manera más rápida"); ou son presentados en episodios amosados como hilarantes—"José Gómez Is asi, de veinticuatro años, y Julián Martínez Axiustre, de la misma edad, vestidos de mujer, procuraban así la búsqueda de clientes"—. Só nunha das informacións, as prostitutas son presentadas como suxeito reivindicativo: "Se está constituyendo en Málaga el denominado sindicato unitario de "trabajadoras del amor", que pretende agrupar a todas las trabajadoras que de una u otra forma ejercen la prostitución en la Costa del Sol").

1987. Na maior parte dos textos nos que as persoas que se prostitúen aparecen como obxecto dunha acción, esta ten carácter delitivo e sitúaaas na posición de vítimas, fundamentalmente, en casos de prostitución forzada, de prostitución de menores ou de crimes. As persoas que se prostitúen padecen, pois, accións relacionados con malos tratos, privación de liberdade e asasinatos (son enganadas, secuestradas, retidas, raptadas, ameazadas, asasinadas, estranguladas, mutiladas ou torturadas, por citar só algún dos verbos que se utilizan). Tamén é frecuente que aparezan como obxectos de accións de carácter mercantil (son, pois, transferidas, compradas, alugadas ou cedidas). Preséntanse, polo tanto, como vítimas, sobre as que recae unha acción, e cuxa situación

actual se explica en función de condicionantes como a desestruturación familiar (a fuga do fogar familiar é considerado como factor de risco para as menores acabar prostituíndose), as penurias económicas ("por hambre", indícase nalgunha ocasión) ou por padeceren os enganos dun terceiro que procura o seu interese propio a cambio da explotación sexual allea.

Sobre as persoas que exercen a prostitución tamén é frecuente que recaia, naqueles acontecementos noticiados polo xornal, a acción institucional, sobre todo en caso de controis e operativos policiais e, máis aínda, cando a prostitución é exercida por persoas que transgreden os patróns de xénero, tal é o caso de homosexuais e transexuais. Para o xornal, a prostitución por eles/elas exercida é presentada con patróns aínda máis negativos que a protagonizada por mulleres, o que pode ser explicable dada a ideoloxía de ABC e o factor de transgresión de xénero, condicionantes ámbolos dous contextualizados en plena crise da SIDA, na que as persoas con sexualidade non normativa son consideradas un factor de risco.

Sobre as persoas que exercen a prostitución emítense xuízos de valor tanto por parte do propio xornal, como das declaracións que recolle ou dos artigos que decide incluír na súa sección de opinión. Estes xuízos de valor, mesmo sendo elas as vítimas, contribúen a culpabilizalas diante da opinión pública. Deste xeito dise que "La joven que denunció su rapto llevó una vida azarosa" ou que "Un policía señaló que cuando se localizó en un club de carretera a una menor "iba pintada y bastante provocativa" y que "tenía desenvoltura, por lo que debía llevar tiempo".

Cando sobre elas se sinala algo positivo, faise dándolle un trato de excepcionalidade que mesmo leva tal calidade ao titular. Así acontece no caso de Rufina Sanz, asasinada nun hotel madrileño por un cidadán estadounidense, da que se destaca no encabezado da información que "era una chica limpia; tenía la habitación como los chorros del oro. Según los propietarios del hostel, era discreta y reservada".

As prostitutas son vinculadas, nun artigo de opinión publicado por ABC en familia", 1 de xuño de 1987, a características como a frustración ou a anormalidade: "Estas señoras hablaron desde su frustración ellas que son lo que hoy se presenta a la juventud como prototipo de libertad, no expresaban realmente alegría, ni descaro, y no lo hacían porque lo anormal seguirá siendo siempre anormal, porque no se puede decir que comerciar con el cuerpo es la felicidad"

A defensa da prostitución como traballo é recollida, non en boca do xornal, senón nas verbas dun crítico de cine ao falar da película "Chicas de Nueva York", de Lizzie Borden. Cando o crítico Pedro Crespo describe o argumento dinos que "Molly, la prostituta alrededor de la cual gira fundamentalmente el relato documental, acabará rebelándose contra un abuso "patronal", sin que para ello tenga, aparentemente, que ver la ética de su trabajo ni la materia prima— clientes en este caso— empleada". O crítico ve, no filme, a opción da prostitución como traballo nun mundo dominado por homes, argumento que nunca veremos asumido por ABC na súa parte informativa ou naqueles textos de opinión que amosen a súa liña editorial. Dinos Crespo de modo explícito: "Chicas de Nueva York" (...) es la sexualidad alterada de la prostitución vista desde el lado de la mujer, concediendo a ésta el uso de su cuerpo como una posibilidad laboral en un mundo dominado por los hombres"

As mulleres aparecen como testemuños en dúas situacións: ou ben cando son vítimas dun episodio delituoso e o xornal acode a elas para conseguir o seu parecer ("La joven de Elche obligada a prostituirse: "Un día más... y quizá me hubiese suicidado""; "Lucía Hortelano: "imposible acordarme de cuanto, ni siqueira de su cara ", respondió Lucía Hortelano") ou, e esta é a situación maioritaria este ano, cando a elas se acode para que expresen a súa opinión, non como vítimas, senón como axentes. Isto é así a

raíz das xornadas sobre prostitución organizadas en Madrid, cubertas informativamente por ABC, e nas que as prostitutas participan de maneira activa. Podemos, neste ano, escoitar a voz das prostitutas como colectivo, máis aló de dramáticos episodios individuais nos que asumen o rol de vítimas, mais isto non é así por propia iniciativa do xornal, polo seu propio interese á hora de afondar máis en tal realidade, senón a raíz dun evento institucional organizado.

As persoas que exercen a prostitución son presentadas, en varias ocasións, como suxeitos de accións negativas, vinculadas ao mundo do delito e ligadas a calidades como a ansia de vinganza. Isto é así, en especial, co colectivo homosexual ou transexual. Deste xeito, dun home infectado polo VIH que exerce a prostitución dise que "se vengaba del mal dando muerte a sus clientes homosexuales". As persoas que exercen a prostitución "invaden" as rúas e os espazos públicos e son cualificadas como unha "praga", que a veciñanza considera preciso "varrer" ("La prostitución de travestis se extiende, como una plaga, en una serie de zonas céntricas de la ciudad"; "Si la Administración no los barre, lo haremos nosotros" (declaracións de veciños de Chamberí en referencia á prostitución)). Son, así mesmo, consideradas un dano para a "moral pública, el descanso y la seguridad de los vecinos", ademais dun perigo sanitario. Tanto é así que mesmo nalgunha ocasión fálase delas como se de animais perigosos soltos se tratase ("Una prostituta con SIDA podría estar suelta en la ciudad, ya que se marchó del hospital después de haberse realizado el diagnóstico"). Esta asociación con accións negativas refórzase en titulares nos que son suxeito de asasinatos e doutros feitos delituosos ("Travestí detenido como presunto asesino de un "cliente", al que propinó cincuenta puñaladas"; "Muerto por una prostituta al filmar sus sesiones eróticas").

1997. Como xa indiquei con anterioridade á hora de expoñer os datos cuantitativos, en 1997 increméntase a presenza das persoas que exercen a prostitución como obxecto pasivo da acción doutros. Ao igual que acontecía no ano anterior, na maior parte dos casos nos que aparecen ocupando un rol pasivo, fano como vítimas.

Neste ano, o rol de vítimas das mulleres e homes que traballan na venda de sexo de pago segue estando ligado a supostos semellantes aos da década anterior: sucesos cruentos, redes de trata e prostitución de menores. Neste ano, vese incrementada a ligazón a asasinatos especialmente escabrosos, que non aforran en morbo. Poñamos algúns extractos entresacados das pezas analizadas neste ano: "los asesinatos de las tres prostitutas cuyos cadáveres esqueletizados fueron hallados en Villarreal"; "acusado de matar de navajazos a la joven Rosa María Palacios Beltrán, que ejercía habitualmente la prostitución, en la noche del 26 de febrero del pasado año"; "El 22 de enero de 1997, y en idénticas circunstancias, fue encontrado sólo el torso de Viviana Espíndola, quien había llegado de la provincia de Santa Fe para ejercer la prostitución en el balneario de la costa atlántica"; "hallan calcinada a una mujer, en otro crimen relacionado con la prostitución"; "los pies de esta tercera víctima (...) aparecieron en un camino de tierra", "Intenta matar a una prostituta a causa de su impotencia"; "El dueño de un bar de alterne de Zaragoza mata de una paliza a una prostituta"...

As vítimas de trata son presentadas como obxectos de accións ligadas ao secuestro, ao maltrato e ao engano: "Captaba a las jóvenes con la promesa de conducir las al éxito en la pasarela"; "De acuerdo con la información facilitada por la Policía la organización captaba a las mismas, todas ellas de bajo nivel cultural y social en sus países de origen, bajo engaños, a fin de traerlas hasta a España"; "Descubren en Madrid un nuevo caso de "esclavas del sexo"; "La Policía española ha desarticulado una red de trata de blancas que forzaba a la prostitución a mujeres, en su mayoría

colombianas, después de haberlas introducido en nuestro país con falsas promesas de trabajo"...

A abordaxe das e dos menores como vítimas directas dun suceso delituoso en concreto é menor este ano ca en 1987, pois naquel momento, a ampla cobertura do xuízo celebrado en Valencia a unha rede de prostitución infantil merecera non poucos titulares. Porén, será abundosa a abordaxe da actuación institucional sobre a prostitución de menores como problema social merecente dunha abordaxe legal máis punitiva.

Comprobamos, un ano máis, como, en non poucas ocasións, as persoas que exercen a prostitución son obxecto da actuación institucional. Porén, neste ano atopamos unha diferenza notable con respecto ao ano anterior. A prostitución problematízase como tema de actuación política. Debátense medidas como a expulsión da prostitución de rúa de zonas como a Casa de Campo. Dáselle luz a actuacións políticas que, noutros países, procuran regular a prostitución. Concédesele ampla cobertura á modificación do Código Penal aprobado en 1995 polo PSOE para volver incorporar o delito de corrupción de menores. E, aínda que non se pon se cuestión, si se explicita nalgún caso a aplicación, a persoas en situación irregular que exercen a prostitución, da Lei de Estranxeiría.

Na maior parte dos casos nos que as persoas que exercen a prostitución actúan como axentes fano en xuízos ou en colaboración coas forzas policiais. En 1997, a gran repercusión do xuízo do caso Arny, e o detalle co que se cobre e se expoñen, na prensa, as declaracións dos mozos que testifican no mesmo por se teren prostituído nalgún dos pubs implicados, fai que sexa abundosa a presenza de persoas que exercen a prostitución como axentes en procesos xudiciais.

Moito menos frecuente é escoitar a voz das persoas que se prostitúen noutros contextos alleos ao xudicial. Desaparece nesta década a súa voz como colectivo en demanda de dereitos propios. Agora quedan reducidas a testemuños de situacións específicas que ao xornal lle interesa cubrir, en especial, naquelas zonas nas que existen conflitos coa veciñanza, que se opón á convivencia diaria coa prostitución de rúa, ou naquelas outras nas que a acción institucional pretende eliminar a súa presenza.

Segue insistíndose, neste ano, na abordaxe da prostituta como unha molestia para as que o xornal semella considerar as e os cidadadáns "de ben", é dicir, aqueles que non exercen a prostitución e conviven con ela. Críticase, en especial, o exercicio da prostitución na rúa, por consideralo pouco decoroso e apropiado para a moral pública e, en especial, para as e os cativos: "mientras un coche de Policía espera camuflado en una curva insospechada comprobando si se rebasa el límite de velocidad establecido en 40 kilómetros/hora, los travestis y prostitutas (en su mayoría emigrantes ilegales) se pasean a su lado ofreciendo sus servicios en ropa interior con la mayor naturalidad —espectáculo, en mi opinión, poco recomendado para los más pequeños"; "Se trataba de que estos dos representantes explicaran a los mandos policiales de ambos Cuerpos los problemas que sufren a diario en su calle, como es el caso de la frecuente presencia de prostitutas que, una vez que llegan a un acuerdo con sus clientes en la plaza de la Alameda, mantienen todo tipo de relaciones sexuales con ellos en plena calle Becas", "Ayer pudo comprobar la presencia de prostitutas ya no sólo en el polígono industrial sino..."...

Así mesmo, en varios casos, as persoas que exercen a prostitución aparecen como suxeitos de sucesos cruentos e delitivos: "un tribunal juzga hoy el caso de una prostituta acusada de haber matado a un anciano con el que mantuvo relaciones sexuales y que no tenía dinero para pagar"; "Dos de los ataques fueron cometidos por prostitutas y sus proxenetas"; "Un empresario español, Carlos Elvira Rodríguez, apareció muerto ayer en un hotel de Lima. La Policía sospecha que pudo ser envenenado por una

prostituta para robarle"; "En cuanto a su presunto asesino, Andrew Cunanan, el senador filipino Blas Ople señaló ayer su oposición a que sea enterrado en Filipinas"...

2007. Como víctimas e ocupando un rol pasivo, as mulleres e homes que exercen a prostitución aparecen, neste ano, ligadas a sucesos delituosos, prostitución de menores e, sobre todo, a redes de trata de persoas con fins de explotación sexual. Ademais, son publicadas informacións que fan referencia á prostitución forzada como arma de guerra e violencia institucional: "Abe niega que el Ejército japonés obligase a mujeres a prostituirse"; "En este centro nazi de exterminio funcionaba un burdel en el que las presas ejercían la prostitución" e "El antiguo campo de mujeres de Ravensbrück documenta en una exposición la red de prostitución forzada que montaron los nazis a partir de 1942".

Canto ás vítimas de trata, xeneralízanse conceptos como o propio "explotación sexual", que é o empregado polo marco político-legal que se asenta de man do goberno socialista, e "esclavitude sexual", ao igual que todos aqueles verbos ligados ao exercicio obrigado da prostitución: "Detenidos por retener a una mujer y obligarla a prostituirse"; "La Brigada Provincial de Extranjería y Documentación de Madrid ha desmantelado una organización criminal dirigida por ecuatorianos y dedicada a la explotación sexual de mujeres"; "En un reciente informe elaborado por el PSOE y que será debatido en el Parlamento se pretende seguir con el criterio de las Naciones Unidas y contemplar la prostitución como una explotación sexual, aunque haya consentimiento de las víctimas"; "Las "esclavas del sexo" dijeron en comisaría que la mitad de sus ganancias eran para la organización"; "está acusado de la muerte de cinco prostitutas"; " La habían despojado, para explotarla sexualmente, de sus documentos"; "varias ONG dedicadas a resolver este problema calculan que en Italia hay más de 40.000 mujeres—en su gran mayoría extracomunitarias, y en buena parte menores de idade que exercen la prostitución callejera en condiciones de esclavitud"; "la Policía italiana arrestó ayer a 784 traficantes de seres humanos que mantenían en condición de esclavitud a miles de mujeres jóvenes, casi todas ellas de origen extracomunitario, forzadas a la prostitución callejera"; "Según los últimos datos de Unicef, en 2004 hubo 252 menores víctimas de delitos de explotación sexual en España: 70 eran obligados a prostituirse; 47 fueron víctimas de pornografía infantil y 135 estaban relacionados con corrupción de menores"...

Do mesmo xeito, ligado ás forzas de seguridade, comeza a empregarse o verbo "liberar": Liberada en Almería una joven secuestrada en Rumanía y obligada a ejercer la prostitución"

A actuación institucional sobre as mulleres que exercen a prostitución devala entre dous polos. Nun deles, son detidas por infrinxir a legalidade ao incumplir a Lei de Estranxeira, motivo que provoca detencións por parte das forzas policiais e mesmo expulsións. Ao contrario do que acontece noutros xornais, ABC si indica o motivo polo que se detén ás persoas que exercen a prostitución en redadas, pois o non facelo pode levar á idea errónea de que a prostitución é ilegal no Estado: "fueron detenidas en los clubes "Barrica" y "Glass", de Roquetas de Mar, otras 17 en el "Glamour" y 13 en el "Zambra", de El Ejido, todas ellas por estancia irregular en España"; "agentes del Cuerpo Nacional de Policía detuvieron en un conocido club de alterne, situado en la Nacional IV, a nueve mujeres que se encontraban en situación irregular en España"...

No polo oposto, as persoas que exercen a prostitución colócanse como beneficiarias da actuación política e legal. Neste ano, a prostitución entra no debate político. Como xa indicamos en reiteradas ocasións, apróbase o informe da Comisión Mixta Congreso-Senado dos Dereitos da Muller e da Igualdade de Oportunidades e contra a Trata de Seres Humanos con Fins de Explotación Sexual. Cidades, como Madrid, contan xa cos primeiros resultados do seu propio plan contra a trata: "El plan

integral elaborado por el Gobierno central contará con la participación de la UE y ayudas a la reinserción de prostitutas"; "El 90% de las mujeres que han intentado dejar la prostitución con la ayuda del Plan contra la Explotación Sexual lo han conseguido. Así lo aseguran fuentes de la concejalía de Familia y Asuntos Sociales"...

Ademais, en ABC son noticia as entidades non gobernamentais que atenden a persoas en situación de explotación: "El Ayuntamiento de Madrid ha abierto el Centro de Atención Integral a Mujeres Prostituidas, que ha atendido a unas 500 personas, y una unidad móvil de atención, que ha ayudado a unas 6.300 mujeres"...

As descrições das mulleres que exercen a prostitución, ben en boca da ou do xornalista ou das fontes ás que acode, inciden en trazos que son presentados de modo negativo, como a súa capacidade de iniciativa á hora de dirixirse á clientela potencial. Atribúenselle verbos relacionados coa falta de equilibrio ou de rumbo ("echadas en los portales", "sujetando los postes de luz", "deambulan"...). Son, ademais, despersonalizadas, co recurso á substantivación do adxectivo ("las rumanas", "las africanas"...): "Echadas en los portales, apoyadas en las vitrinas o sujetando los postes de luz, decenas de mujeres deambulan ayer de un lado a otro sonriendo y ofreciéndose al mejor postor"; "Son peores las africanas, que se echan encima de los coches o se abalanzan, o las rumanas, que no se cortan un pelo", dice Bartolo, trabajador del Selur", "Las de Europa del Este, en la acera de los impares, más cerca de la Red de San Luis. En frente, las latinas, y un poco más abajo, hacia Sol, las africanas, que despachan besos al aire a todo joven que se les pone por delante"; "La chica, con la falda y el "top" tan cortos como su edad, no le quita ojo al billete"...

Tan só nunha única peza—"El 20% de los hombres que se prostituyen tiene VIH, frente al 0,8% de las mujeres"— atopamos outro tipo de descripción máis formal, sen carga valorativa, baseada en datos de informes recompilados por entidades que traballan en contacto directo co mundo da prostitución, mesmo con mirada de xénero: "Para ellas es una actividad más o menos fija que se prolonga en el tiempo, pero no es así para ellos".

A presenza das persoas que se prostitúen como axentes ten que ver, este ano, sobre todo con aquelas que o fan voluntariamente "Las alrededor de 100 prostitutas que trabajaban para estos grupos lo hacían de manera voluntaria, a excepción de una"; "En contra de lo aprobado, se manifestó un grupo de prostitutas, apoyadas por el colectivo Hetaira, que defiende sus derechos. Mimi, Lulú, Vanesa... nombres ficticios para mujeres reales que aseguraban que ellas "sí ejercían voluntariamente", "La rectora de la Universidad de Cincinnati ejerce, en sus ratos libres, como prostituta de lujo". Tamén aparecen como suxeitos activos aquelas que forman parte dun proceso xudicial, ou que, sendo forzadas, deciden denunciar ou fuxir desa situación: "La denuncia de una atleta rusa propicia la desarticulación de una red de explotación sexual, "Desmantelan una red de prostitución de rumanas tras huir dos de ellas"... É destacada a animalización que se fai nunha das reportaxes, na que a persoa que redacta a información adopta un papel similar ao do observador externo que documenta a relación entre as especies do ecosistema que o rodea: "El otro bando (prostitutos) se sitúa rodeando la barra circular, junto a las paredes y mirando a sus presas".

As persoas que exercen a prostitución aparecen como fonte de enfrontamentos, tanto no rol de paciente como de axente, sobre todo en conflitos coa veciñanza das zonas que son escenario da prostitución de rúa e barrio. Porén, mentres a veciñanza aparece como axente de verbos que a caracterizan en positivo "Los vecinos de Marconi logran que las prostitutas dejen la zona de viviendas", "Los vecinos de Marconi se mostraron satisfechos por el resultado de la reunión", as persoas que traballan na venda de sexo de pago sono de accións marcadas en negativo, e que repercuten na

degradación do entorno—"La barriada Paz y Amistad, cercada por grupos de gamberros y por prostitutas", "la degradación es tan grande que las calles son el lugar elegido por prostitutas y travestis para realizar sus servicios y las calles amanecen llenas de preservativos en un estado de insalubridad alarmante"—.

As dicotomías non rematan aí. A veciñanza aparece como suxeito de verbos de fala, é dicir, é tratada polo xornal como suxeito político con voz: "Los vecinos de Marconi (...) solicitaron a los responsables políticos que, de cara al fin de verano, cuando las prostitutas que se encuentran trabajando en la costa regresen a la capital, 'estas chicas vean que el barrio no es un sitio ideal para hacer la calle'"; "Vecinos de El Arenal piden a la Policía Nacional que controle la prostitución"; "Emilio, vecino de la calle desde hace ocho años, señala que "el único cambio es el de nacionalidad de las jóvenes que se prostituyen, antes latinoamericanas y ahora del Este de Europa"; "Los residentes aseguran que hay nuevas meretrices y proxenetas muy violentos".... Porén, en raras ocasións, en situacións de conflito coa veciñanza, aparecen como suxeito con voz as persoas que exercen a prostitución. Detectámolo, porén, cando o xornal dá voz ás prostitutas que se manifiestan coa asociación Hetaira para reivindicar un espazo para o exercicio da prostitución—"Para nuestro trabajo, un espacio", piden las prostitutas en una cacerolada; "El Ayuntamiento cada verano se inventa algo para acosarnos(...)", explicaba la peruana Raiza— ou cando, nunha información sobre o peche da Casa de Campo ao tráfico, se recolle a opinión de prostitutas que alí traballan: "No sabemos qué vamos a hacer. Aquí estamos bien, no molestamos a nadie", indicaban ayer un grupo de prostitutas rumanas"; "La Casa de Campo ya no es lo que era y cada vez nos lo ponen más difícil", indicó ayer una de las meretrices; "El Ayuntamiento cada verano se inventa algo para acosarnos (...)", explicaba la peruana Raiza"...

2012. En 2012, a gran maioría das pezas nas que as as persoas que exercen a prostitución aparecen como obxecto da acción desencadeada por un outro asumen o rol de vítimas de redes de trata e de proxenetas. O xornal incide nos diferentes modos de engano, ameazas, torturas e malos tratos que sofren: "engañadas con la oferta de trabajar como asistentas o en hostelería"; "Máxima pena al capo rumano por obligar a cinco mujeres a prostituirse y a una menor, a abortar"; "Sahrah Gul, una adolescente que fue golpeada y encerrada en un baño durante cinco meses después de que se negara a prostituirse"; "Las obligaban a prostituirse a cambio de un bocadillo"; "aquellas que denunciaban su infierno ante las autoridades de su país se llevaban la terrible sorpresa a la salida de que la banda las esperaba"; "Secuestraron al hermano de una chica que huyó y cuando la localizaron la apalearon"; "Varias mujeres declararon a la Policía que el capo descuartizó a tres chicas"; "Mariana, otra de las víctimas, indicó que fue violada por dos personas en dos días diferentes por negarse a ir a la Casa de Campo"; "Otra chica, llamada Simona, se arrojó desde una ventana, enloquecida por la presión que sufría de la mafia"; "Para atemorizar a las chicas que aún seguían bajo su control y quitarles de la cabeza la idea de escapar, las amenazaba con descuartizarlas y tirarlas a los perros"; "Las víctimas de "Cabeza de cerdo" temían ser asesinadas"; "tanto mujeres como hombres—en algunos casos personas transexuales—, eran obligados a ejercer la prostitución con unas condiciones de exigencia desproporcionadas"...

Nas pezas publicadas polo xornal, as condicións nas que as mafias se prostitúen son tan extremas que levan ao asentamento de conceptos como "esclavitude" e explotación: "una forma de esclavitud que denigra a las mujeres hasta destruirlas para siempre"; "Cabeza de Cerdo esclavizó a 350 prostitutas"; "Parece imposible que la humillación hacia las mujeres explotadas (...) bata algún récord"; "explotaban a las víctimas en 27 pisos y vendían drogas"; " eran obligados a ejercer la prostitución con

unas condiciones de exigencia desproporcionadas". Así mesmo, bóntanse man de verbos que indican "obliga": "Las obligaban a prostituirse a cambio de un bocadillo". Segue a ser común o emprego de metáforas e verbos mercantís, que inciden na presentación de quen se prostitúe como obxecto de transacción, explícita en titulares como "Mujeres con dueños y "marca registrada"" ou "Viorela: prostituida y tatuada con un código de barras".

Aséntanse (e incrementase, con respecto a anos anteriores) o uso de verbos como "rescatar" ou "liberar" atribuídos á acción, presentada como salvífica, das forzas de seguridade do Estado: "Liberan a ocho jóvenes rumanas, una disminuida, prostitutas en Utrera"; "Las víctimas de la red, que fueron rescatadas en una operación policial en los locales donde ejercían la prostitución"; "consiguió liberar a un centenar de mujeres maltratadas, privadas de libertad, forzadas a drogarse y a convertirse en moneda de cambio para satisfacción de hombres sin escrúpulos"; "Una joven de tan sólo 19 años fue liberada por la Policía de su secuestro por una red de prostitución"; "liberadas junto a otras cuatro chicas procedentes de Rumanía en el transcurso de la operación"; "La reciente liberación de una mujer obligada a ejercer la prostitución"; "Una de ellas fue rescatada del piso donde la tenían encerrada")

A accións institucional, e mais en concreto, a acción política sobre quen a prostitución exerce, céntrase este ano nas medidas adoptadas para rematar coa prostitución de rúa, fundamentalmente as multas a clientes e prostitutas, e as reaccións e debate político que xeran: "Cobradas las dos primeras multas a clientes de prostitutas"; "las mujeres podrían commutar las multas por cursos de reinserción"; "la "invisibilidad" de unas prostitutas a las que los servicios sociales ya no podrán acceder"; "Las meretrices que ofrezcan sus servicios en plena calle serán sancionadas con multas de 100 a 300 euros"; "Ana Botella rechaza las multas a prostitutas anunciadas por Interior"...

Naqueles casos nos que as persoas que exercen a prostitución son obxecto de descrições por parte de quen redacta, estas adoito son feitas dende unha mirada externa e, en certo modo, situada dende unha perspectiva de superioridade, coma a do científico ou científica que intenta comprender coa súa razón o comportamento das especies animais que observa. E esta comparación non é casual, pois o xornal bota en ocasións man do recurso á animalización: "echan a correr campo a través como gacelas asustadas". É recorrente, tamén, a substantivación dos adxectivos (sobre todo, aqueles que fan referencia á nacionalidade), o que ten un efecto despersonalizador sobre quen na prostitución traballa: "también, junto a las nigerianas, suelen mostrar mayores dosis de violencia verbal y física"; ""luego la típica sudamericana que no habla italiano""; "Las latinas son las que más atadas en corto están"; "desplazando así a las habituales españolas desabaratadas por la adicción a las drogas"...

As persoas que exercen a prostitución son suxeitos da acción sobre todo nestes casos, que coinciden en boa medida co detectado en 2007: cando se trata de prostitución voluntaria (en especial, neste ano, a prostitución de luxo); cando escapan dunha situación de prostitución forzada, cando son partícipes dun proceso xudicial ou colaboran coas forzas policiais e, por último, cando o xornal introduce a súa voz, unha voz que, como acontecía en 2007, presenta sobre todo casos individuais que inciden no rol de quen se prostitúe como vítima (das mafias, polas condicións de explotación e precariedade nas que traballan, polos factores que as levaron a prostituírse...), cunha perspectiva que adoito leva á compaixón.

En ocasións, ao igual que acontecía en anos anteriores, o papel activo de quen se prostitúe vai ligado a unha caracterización en negativo. En varias información, as persoas que exercen a prostitución aparecen como antagonistas da veciñanza, e os

verbos utilizados ("tomar", "tener bajo control"...) semellan recrear como un campo de batalla o día a día da convivencia coas e cos residentes da zona na que prostitúen, ou mesmo situar a quen se prostitúe ao nivel dunha caste de praga: "las rumanas tienen bajo su control la Avenida Real de Pinto"; "Las prostitutas "toman" Villaverde"; "En estos 90 días de vigencia no se han registrado denuncias de la calle Santo Domingo de la Calzada, donde los vecinos lucharon mucho pues tenían a diario una veintena de prostitutas entre las 10 de la noche y la madrugada"... Quen se prostitúe tamén pode adoptar, na información, o rol delincuente ou asasino ("La Audiencia de Sevilla juzga hoy a dos jóvenes dedicados a la prostitución homosexual (...) por robar y asesinar a un sacerdote sevillano") ou mesmo de mala nai ("Multada por prostituirse con su bebé en las calles de Málaga") ou de maltratadoras ou controladoras das súas compañeiras de profesión ("Siempre en manos de personas de confianza, en ocasiones suelen ser otras prostitutas, más veteranas en el entramado y que funcionan de "machacas").



6.1.11.3.2. El País

6.1.11.3.2.1. Análise das accións das que son suxeito ou obxecto as persoas que exercen a prostitución en El País

Taboa 25. Actores activos e pasivos El País

		1977	%	1987	%	1997	%	2007	%	2012	%	TOTAL	%
ACTORES GOBERNAMENTAIS E POLÍTICOS	ACTIV@			20	71,4	100	74,6	179	89,9	90	88,2	389	84,0
ACTORES GOBERNAMENTAIS E POLÍTICOS	PASIV@			8	28,6	34	25,4	20	10,1	12	11,8	74	16,0
ACTORES XURÍDICOS	ACTIV@	3	100	82	90,1	68	74,7	62	91,2	48	85,7	263	85,1
ACTORES XURÍDICOS	PASIV@			9	9,9	23	25,3	6	8,8	8	14,3	46	14,9
ASOCIACIÓNS	ACTIV@	1	100	9	90	28	90,3	31	93,9	1	100	70	92,1
ASOCIACIÓNS	PASIV@			1	10	3	9,7	2	6,1			6	7,9
ASOCIACIÓNS	ACTIV@							9	90	22		31	91,2
ASOCIACIÓNS	PASIV@							1	10	2		3	8,8
COMPRADOR DE SEXO	ACTIV@	5	55,6	27	45,8	41		38	48,1	13		124	46,6
COMPRADOR DE SEXO	PASIV@	4	44,4	32	54,2	49		41	51,9	16		142	53,4
EXPERTOS/AS	ACTIV@			24	100	15		6	100	7		52	100,0
FORZAS POLICIAIS	ACTIV@	7	70	36	80	57		91	65	38		229	74,1
FORZAS POLICIAIS	PASIV@	3	30	9	20	12		49	35	7		80	25,9
MEDIOS DE COMUNICACIÓN	ACTIV@	1	50	27	71,1	23		29	74,4	16		96	73,8
MEDIOS DE COMUNICACIÓN	PASIV@	1	50	11	28,9	7		10	25,6	5		34	26,2
MOVEMENTO FEMINISTA	ACTIV@			2	66,6			6	85,7	1		9	69,2
MOVEMENTO FEMINISTA	PASIV@			1	33,3			1	14,3	2		4	30,8
PROSTITUTA	ACTIV@	18	58,1	86	55,8	72		133	50,4	58		367	50,5
PROSTITUTA	PASIV@	13	41,9	68	44,2	94		131	49,6	54		360	49,5
PROXENETA	ACTIV@	5	41,7	55	50,9	76		86	62,8	42		264	57,5
PROXENETA	PASIV@	7	58,3	53	49,1	62		51	37,2	22		195	42,5
VECÍÑANZA	ACTIV@			9	81,8	13		49	96,1	2		73	85,9
VECÍÑANZA	PASIV@	1	100	2	18,2	6		2	3,9	1		12	14,1
OUTROS	ACTIV@	14	66,7	72	60	113		111	68,5	67		377	60,2
OUTROS	PASIV@	7	33,3	48	40	112		51	31,5	31		249	39,8

Fonte: Elaboración propia

Ao igual que acontecía co ABC, todos os actores ocupan un rol fundamentalmente activo (os políticos, os xurídicos, os asociativos e a veciñanza son axentes de acción en máis dun 70 e dun 80% dos casos) a non ser aqueles que viven a prostitución en

primeiro plano (quen a exerce, quen a compra e quen se beneficia da prostitución de terceiras persoas), das que o xornal fala mais ás que (a non ser no caso das prostitutas, como veremos agora) non acode en primeira persoa e lles dá voz.

Hai, no caso das persoas que exercen a prostitución, unha diferenza notable con respecto co ABC: incrementase a porcentaxe en que son presentadas ocupando un rol activo (no 50,5% dos casos, fronte ao 41,9% en ABC). Como veremos de seguido, *El País* non só fala das persoas que exercen a prostitución, senón que, ademais, lles dá voz, con diversos motivos: para escoitar as súas reivindicacións de dereitos como colectivo, para visibilizar as súas experiencias de vida, para coñecer a súa reacción fronte a políticas públicas que lles afectan ou para completar, cos seus testemuños, descricións de ambiente.

1977. Cando as persoas que se prostitúen aparecen como pacientes da acción desenvolvida por un outro, ou fano adoptando o papel de vítimas ou como obxecto da actuación institucional. Fundamentalmente mulleres, poden aparecer na información como vítimas dun suceso cruento ou de trata (non de tráfico, pois o traslado e o comercio de persoas con fins de explotación sexual dáse nas fronteiras do propio Estado, dado que a incorporación maioritaria de mulleres inmigrantes á prostitución non terá lugar de maneira maioritaria até dúas décadas despois). Estes dous factores (vítimas dun suceso doloso ou da trata) tamén están presentes en ABC. Mais hai un terceiro factor vitimizador que no ABC non se ten en conta e que en *El País* é introducido, non pola redacción, non na axenda informativa, senón por un colaborador externo, o articulista Paco Umbral que, no seu artigo, "La prostituta feliz", sitúa ás prostitutas como vítimas dun determinado sistema político económico, o capitalista, que está sendo adoptado neses intres como modelo a seguir pola España en transición:

Hubiera querido hablarle a la prostituta feliz de las prostitutas que no son felices, ésas que andan por la calle de la Montera y la plaza del Carmen, algunas menores de edad, y casi todas menores de precio, porque la democracia sin socialismo no hace sino potenciar los vicios del capitalismo (*El País*, 6 de setembro de 1977).

A actuación institucional sobre as mulleres que exercen a prostitución está cinguida a detencións provocadas polo propio exercicio da prostitución. Cómpre lembrar que aínda está vixente a Lei de Perigosidade Social, aprobada polo goberno franquista en 1970 e, aínda que a práctica da prostitución non é ilegal, porén, si pode ser sancionada en virtude desta normativa. Varias noticias dan conta desta realidade en *El País*: "se detuvo a María Rubio Fernández, de 43 años, celestina, y a Nicolás Balbeto Ibáñez, de 44, domiciliado en Fuenlabrada, que enviaba los clientes y está acusado de abandono de familia, rufianismo y estafa; así como a dos súbditas argentinas acusadas de prostitución, junto a sus dos acompañantes"; "Un hombre de 66 años, Polonio Zarco, y dos mujeres, de veintiún y veintisiete años, fueron detenidos bajo la acusación de favorecer y de ejercer la prostitución, respectivamente"; "Diez mujeres fueron puestas a disposición judicial, anteayer, acusadas de ejercer la prostitución, y en cuatro de los casos regentar asimismo casas de citas en una céntrica calle madrileña"; "Por otra parte, también en la capital vasca la policía hizo en la madrugada de ayer una redada contra la prostitución y detuvo al menos a cuatro mujeres" e "Veinticinco mujeres han sido detenidas y acusadas de cometer escándalo público por ejercer la prostitución en la calle de la Montera, según una nota de la policía". Cando a presión institucional ten lugar sobre unha persoa que, ademais de prostituírse, transgride os roles de xénero, a información enfócase dende o anecdótico e mesmo dende certa frivolidade que semella querer chamar ao riso: "José G.I. de veinticuatro años y Julián M. A., de la misma edad,

han sido detenidos en Barcelona por ejercer la prostitución. Cuando, perfecta y encantadoramente femeninos, buscaban clientes, fueron detenidos por la policía, que ya en la comisaría los identificó como varones."

As persoas que exercen a prostitución tamén aparecen con voz, e cunha diferenza notable con respecto á axenda de ABC deste mesmo ano. As prostitutas son colectivo que actúa como suxeito político. Deixa constancia diso a cobertura que se fai das manifestacións de prostitutas en Bilbao contra a lei de Perigosidade Social e pola morte dunha compañeira de profesión en calabozo: "Después de que fueran cerrados todos los clubs y boites del barrio chino de la capital vizcaína asistieron al funeral de su compañera, María Isabel Gutiérrez. Al término de la ceremonia las asistentes protagonizaron una manifestación por las calles de Bilbao. En cabeza sostenían una pancarta que decía: «Isabel, la soledad, el olvido y la desesperación te acompañaron hasta el fin. No conociste ni la amnistía.» «Pedimos justicia», declaraba ayer en el hospital una compañera de la fallecida. «Exigimos que se aclare el presunto suicidio. No nos creemos la versión oficial, porque no explica que tuviese cerillas en una celda de castigo y que nadie la oyese gritar cuando se prendió fuego. De acuerdo, estaba loca y le daban ataques, pero precisamente por eso su lugar no era la cárcel por un hurto.»"

Mesmo se recollen discursos que identifican ás prostitutas como obreiras, e as súas propostas son realizadas coa solidariedade e en solidariedade con outros colectivos: "Mientras tanto, en el pabellón de otorrinolaringología del hospital de Basurto proseguía el encierro iniciado el viernes por la mañana, y en el que participaban prostitutas, miembros de los comités de apoyo a Copel y algunas enfermeras y estudiantes de Medicina."

As prostitutas tamén deixan escoitar a súa voz como colectivo profesional en reivindicación dos seus dereitos. Recóllese (ao igual que tamén fai o ABC) a información sobre a intención das prostitutas da Costa do Sol de montar un sindicato:

en la Costa del Sol podrán defender colectivamente sus intereses si se consolida, el Sindicato Unitario de Trabajadoras del Amor que se está constituyendo estos días en Málaga con la pretensión de agrupar, de una u otra forma, a todas las mujeres que ejercen el oficio más viejo del mundo en la Costa del Sol. De momento, una comisión gestora prepara la celebración de una asamblea constituyente

Así mesmo, tamén se recollen as protestas das españolas pola que consideran competencia desleal das compañeiras portuguesas.

A voz das prostitutas tamén é incorporada como suxeito cultural. Dous libros, escritos por prostitutas, son obxecto de senllos artigos de opinión, unha crítica e un artigo da sección "Diario de un snob" de Paco Umbral aproveita para contraponer a situación exposta por Xaviera Hollander, autora de "La prostituta feliz" e meretriz, coa das que cualifica como "prostitutas tristes", aquelas que exercen nas rúas españolas en condicións de precariedade ("La prostituta feliz", 6 de setembro). A crítica reflexiona tamén sobre outro libro, *Ulla* (Grijalvo, 1977), escrito por unha prostituta, e nela visibilízase de novo ás prostitutas como suxeito político que, nestes anos de transición, revolución e cambio, se posiciona e se manifesta ao igual ca outros suxeitos políticos:

La primera manifestación, en Portugal tras el 25 de abril, fue precisamente las de estas profesionales. Y en Barcelona, hace muy poco tiempo las putas organizaron el *follón*, no por reivindicaciones de tipo profesional, sino por la competencia ilícita de las extranjeras. (El País, 27 de febrero de 1977).

Ademais, a crítica emprega un marco interpretativo que *El País* retomará noutras ocasións e en anos vindeiros, como logo amosarei: "as prostitutas como vítimas do desprezo e da hipocrisía social".

Ulla nos cuenta en su libro (que, claro, no es una maravilla literaria ni sociológica, ni siquiera narrativa) algo que está dentro de ella y de todas sus compañeras: el desprecio social. La presión a que están sometidas simplemente porque la otra sociedad, la hipócrita, la que sabe que existen, la que las utiliza, y que no se lo cree, lo ordena.

1987. As persoas que exercen a prostitución aparecen como obxecto de accións que as vitimizan en relación, de novo, con sucesos delituosos e cruentos (como os asasinatos de Rufina Sanz ou Josefa Cantarero) ou como sufridoras dos enganos e malos tratos das redes de trata (que, neste momento, seguen sendo aínda fundamentalmente a nivel interno, dentro das fronteiras do propio estado). Mais, e ao igual que acontece no ABC, hai un tema que aparece neste momento con moita forza na axenda: a prostitución de menores. A cobertura do xuízo sobre prostitución infantil en Valencia será, ao respecto, o acontecemento que máis se aborde pero non o único. Será este caso, precisamente, o que sirva de base para o tratamento da prostitución de menores como tema, tanto nun editorial como nun artigo de Enrique Miret, publicado no apartado "Tribuna". As menores que son prostituídas aparecen pois:

- como vítimas sociais: "Nuestra sociedad es muy hipócrita: fomenta los vicios y luego pretende castigarlos. Pero esto último no lo hace eficazmente, sino de modo eventual y sin ir a la raíz de las cosas"; "algo está fallando en nuestra educación y responsabilidad como padres, como ciudadanos y como responsables cívicos" / "la prostituida o el prostituido es una víctima social consciente o inconscientemente" (extractos do artigo "La ineficacia de la hipocresía", de Enrique Miret Magdalena, publicado o 7 de outubro de 1987 como "Tribuna")

- como vítimas da desestruturación familiar:

La joven prostituida—o el joven— no han conocido por lo regular en sus ambientes el verdadero y desprendido amor que acoge: ahí está el caso de las call girls en EE UU analizado por Ira Reiss. Y ya no sabrán amar en el futuro, viendo el mundo nada más bajo el prisma de la explotación y la competencia. Y, por eso, se entregan al mejor postor; o la familia se deja llevar por el negocio que la sacará de sus apuros económicos; o algún listo, hábilmente, coacciona a la inexperta joven o al inexperto adolescente, para derivar a la fácil y remunerada vía de la prostitución. (extractos do artigo "La ineficacia de la hipocresía", de Enrique Miret Magdalena, publicado o 7 de outubro de 1987 como "Tribuna").

- como vítimas dunha situación na que participan os poderes políticos e económicos:

La utilización sexual de menores, con fines comerciales es tan vieja como lo son la miseria y la ignorancia que la hacen posible. La complicidad de los poderes políticos y económicos ha impedido que se haya puesto un remedio radical a esta grave tara. Ese caldo de cultivo encuentra en los niños a las víctimas más propicias para la explotación sexual con objetivos económicos (editorial "Menores en el prostíbulo", publicado o 26 de setembro de 1987).

A ello ha contribuido la expansión mundial del turismo, que en zonas de subdesarrollo no duda en utilizar el comercio sexual con menores para su promoción, o las necesidades de la creciente industria pornográfica, que para sobrevivir necesita ofrecer novedades de continuo (editorial "Menores en el prostíbulo", publicado o 26 de setembro de 1987).

hoy —por lo confuso de la legislación, por la inoperancia del mecanismo público y por falta de voluntad en el ciudadano ponemos los medios adecuados para combatir la prostitución infantil (extracto do artigo "La ineficacia de la hipocresía", de Enrique Miret Magdalena, publicado o 7 de outubro de 1987 como "Tribuna").

En ABC tamén a prostitución de menores é abordada como tema, mais só insiste o xornal na desestruturación familiar, as penurias económicas ou o engano dun terceiro como factor causal.

As responsabilidades da sociedade e dos axentes político-legais tamén se fan caer sobre a situación da prostitución en xeral, non só de menores. Tal é así que no editorial, "La última esclavitud" (12 de abril), o xornal volve incidir na hipocresía social —"Un grupo de seres humanos a los que la sociedad utiliza para su recreo y deposita luego en un rincón como un recuerdo inservible"—, pide responsabilidades políticas, critica a situación legal da prostitución e denuncia a violencia institucional (en concreto, a arbitrariedade coa que actúan as forzas de seguridade do Estado en función da aínda vixente Lei de Perigosidade Social). Chega a defender argumentos próximos á legalización:

Y aunque la prostitución es un hecho social al que se le ha adjudicado el récord de ser el oficio más antiguo del mundo, la sociedad moderna se sigue resistiendo a darle carácter de normalidad. De ese modo, ha convertido su práctica en un espectáculo pintoresco de las ciudades, arrojando a un gueto a quienes se someten a sus reglas. (...) Las prostitutas exigen—y han obtenido en algunos países, como Holanda— que la Seguridad Social las considere beneficiarias de sus servicios, que acabe el hostigamiento policial y que el ejercicio de su profesión se deje de considerar como una actividad a la que se le advierten siempre indicios de criminalidad. Tampoco quieren que se las tenga como víctimas, sino como personas normales, y a ese objetivo han dedicado en todo el mundo una frenética actividad asociativa que en España, de momento, no ha fructificado (*El País*, 12 de abril de 1987).

Neste rol de crítica das políticas públicas, *El País* volve posicionarse de novo fronte ás propostas institucionais cun editorial, "Las prostitutas condenadas", no que as traballadoras do sexo son consideradas de novo como vítimas da actuación política, neste caso, das propostas do alcalde de Manresa que, como medida para previr a expansión da SIDA, pretende, en verbas do xornal, "encerrarlas en un burdel municipal" (14 de agosto de 1987).

Neste rol da prostituta como vítima da actuación institucional tamén insiste a carta ao director titulada "El fiscal y la prostituta" (9 de novembro), de Alicia Herrera:

El 22 de octubre último lo leí en EL PAÍS: el ministerio fiscal solicitó una pena de siete meses para el policía que, por imprudencia temeraria con infracción del reglamento, causó la muerte de Ana María Riaga disparándole un tiro con su arma reglamentaria en la vagina (juego erótico). (...) acabará siendo felicitado por sus compañeros, que temieron por él y a lo mejor pensaron que podría perder su trabajo".

As persoas que se prostitúen tamén poden ser obxecto descriptivo do xornal, mais isto acontece sobre todo canto o xornal quere recalcar o exotismo, a rareza ou a excepcionalidade, como no caso da prostitución transexual:

Los aledaños de la Castellana se convierten durante la noche en el mercado callejero de la prostitución de travestidos. La mercancía se vende allí mismo, en el interior de un automóvil, en una calle poco transitada. Ellas son dinamita, divinas, guapísimas y promiscuas (...) Apostadas en las aceras están ellas, con sus pechos de silicona bien visibles y sus atributos masculinos escondidos entre las piernas ("La guerra de los travestidos", 15 de febreiro de 1987).

Platinados, resfriados, vistosos, los travestís eran el folklore cosmopolita de la calle Vitruvio, hasta que las lecheras de la pasma se han instalado allí y ahora no hay travestí que se menee ni vecina que lo cuente. Lástima, porque los travestidos no hacían daño a nadie (salvo a quienes pagan por ser dañados) y en cambio la noche ha perdido ("Vitruvio", 25 de abril de 1987).

Manolita de Jerez, un travestido de 50 años, está subida en el diminuto escenario del Nelson, una sala en la que se realizan espectáculos de transformistas, y cuenta uno de sus chistes ("La guerra de los travestidos", 15 de febreiro de 1987).

A. C., Reina, nombre con el que se hace llamar, soñaba de pequeñito con palacios y vestidos maravillosos. Esta especie de Sissi emperatriz nació en un pueblecito de Asturias y es el único hijo de una familia de mineros. Fue un niño hermoso y su infancia transcurrió entre los brazos de las mujeres y los insultos de sus amigos, que pronto empezaron a llamarle maricón. ("Hombre de día, mujer de noche", 15 de febreiro de 1987).

Como axentes da acción, cómpre destacar que as prostitutas, ao igual que acontecía en 1977, seguen aparecendo con voz como colectivo aínda que neste caso, a raíz dun acontecemento apoiado institucionalmente (as xornadas sobre prostitución celebradas en Madrid, en 1987), no que se conta coa presenza e participación de persoas que se prostitúen. As súas reivindicacións aparecen xa recollidas (que non necesariamente atendidas) dentro do sistema. Nestas xornadas, as prostitutas amosan as súas críticas contra a Lei de Perigosidade social, falan das súas condicións de traballo e expoñen a necesidade de asociarse.

Las prostitutas mostraron unánimemente el deseo de crear una asociación española para luchar por sus derechos civiles, similares a las que existen en otros países. Mientras que la mayoría de las profesionales señaló que su relación con el cliente les desagradaba profundamente, María—la prostituta que parecía tener una mayor profesionalidad— afirmó que respetaba profundamente al cliente ("Las jornadas sobre prostitución en Madrid reúnen por primera vez a profesionales, clientes y policías, 10 de abril de 1987).

"Las prostitutas piden la derogación de la ley de peligrosidad social" (12 de abril de 1987).

También se mostró partidaria del uso de preservativos María, una prostituta de la calle de la Montera, que aseguró, sin embargo, que los clientes se niegan a utilizarlos, pese a la tremenda psicosis de SIDA que existe en este sector ("Mejorar la situación de las prostitutas, objetivo del debate que se inicia hoy", 7 de abril de 1987").

A voz das persoas que se prostitúen tamén é requirida para coñecer as súas reaccións fronte a actuacións institucionais, como a proposta do alcalde de Manresa de crear unha caste de prostíbulo para recluír ás prostitutas e evitar a propagación da SIDA:

Si el alcalde quiere comprobarlo, que nos reúna y se lo diremos a la cara, muy cerquita", subraya una meretriz de 32 años, que afirma ser la más veterana de Manresa. (...) Las declaraciones del alcalde han tenido un efecto fulminante: "Ahora no nos comemos un rosco", afirma la treintañera ("Las prostitutas de Manresa reaccionan indignadas ante la propuesta del alcalde de agruparlas en un único burdel, 12 de agosto de 1987).

Á recollida de testemuños ou experiencias de vida individuais (moi frecuente en anos vindeiros, e tamén en ABC) acódesese este ano para explicar o caso dunha prostituta transexual:

Raquel trabajaba como mayordomo en casa del que fuera alcalde de Madrid, Juan de Arespachaga, pero lo dejó porque no le dejaban llevar el pelo como a ella le gustaba. Ahora se ha hormonado, tiene apariencia de mujer y se gana la vida en la calle. "En ningún sitio me dejarían trabajar con esta pinta, y lo mismo les pasa a las demás. Sólo podemos ser putas; no hay otra salida", asegura. ("La guerra de los travestidos, 15 de febreiro).

Ao igual que no resto dos anos analizados, ao igual que tamén acontece en ABC, é frecuente a presenza da voz das persoas que se prostitúen en xuízos e procesos xudiciais. Así mesmo, o seu rol como axente ten que ver coa súa colaboración coas forzas policiais (denuncias, peticións de socorro...).

Como unha caste de mal social, ou fonte de conflito, son abordadas sobre todo naqueles casos en que se tratan problemas coa veciñanza, e en boca dos propios veciños e veciñas, que empregan conceptos tales como "limpar" ("Vecinos de Chamberí piden que se 'limpie' el barrio de travestidos"), que teñen a súa correspondencia na equiparación da prostitución cunha especie de praga que se estende ("Según denunció un portavoz de los vecinos, 'los travestidos, prostitutas y proxenetas se han adueñado de las noches de Chamberí en los últimos tres años'"). Así mesmo, as persoas que se prostitúen tamén poden aparecer como suxeitos delituosos, por envelenar, roubar ou asasinar (en varias informacións se abordan os casos de prostitutas que desvalixan ás súas vítimas despois de envelenalas).

1997. A prostitución de menores, as agresións a quen se prostitúe e as redes de trata seguen a ser os principais contextos nos que, as persoas que traballan no sexo de pago, adoitan aparecer como vítimas. Porén, conséntase un cambio notable, que responde á propia evolución do negocio de sexo e das redes migratorias. Na década transcorrida dende 1987, España comeza a converterse nun estado receptor de inmigración e a prostitución vira nunha das saídas para as mulleres que aquí emigran. As redes de trata e tráfico, por outra banda, converten ao Estado español nun destino da prostitución forzada. As mulleres estranxeiras viran maioritarias no exercicio da prostitución, substituíndo ás españolas en situación de marxinalidade. Esta situación reflíctese na información, de modo que boa parte das pezas que amosan as persoas que exercen a prostitución como vítimas atenden ás redes de trata e tráfico de persoas con fins de explotación sexual e refiren o modus operandi das mesmas como unha narración que comeza coa captación no país de orixe, o engano, a retirada do pasaporte ao chegar a España, a privación de liberdade, os malos tratos, a explotación económica, a obriga de pagar unha débeda adquirido pola introdución en España ou as ameazas. Velaquí unha información prototípica:

La Policía ha dado un nuevo golpe a las redes internacionales que se dedican a la trata de mujeres con la detención de 19 miembros de una organización que traía hasta España a hispanoamericanas y africanas a las que obligaban a prostituirse en bares y clubes de carretera. (...) Las mujeres, cuidadosamente elegidas en sus países de origen por su belleza y buen aspecto físico, eran traídas hasta España bajo engaños y promesas de un buen puesto de trabajo, pero en cuanto entraban en el país eran retenidas y, bajo todo tipo de coacciones y amenazas, obligadas a prostituirse. Del régimen de "semiesclavitud" en que vivían da idea el hecho de que algunas de ellas fueron vendidas por unos clubes a otros por cantidades que rondan las 300.000 pesetas. (...) La forma de captar a las mujeres era la habitual en estas organizaciones: buscaban mujeres atractivas en ambientes humildes de países hispanoamericanos y les prometían un buen trabajo en España, para lo que les facilitaban un pasaporte, 3.000 dólares para pasar la frontera, billetes de avión y alojamiento en hoteles ("Desarticulada una red internacional de prostitución", 16 de setembro de 1997).

Comeza a asentarse o concepto "esclavitud sexual" e tamén unha relación triangular na que as mulleres migradas aparecen como vítimas; os homes migrados, como Outro ameazante (tanto para a seguridade da cidadanía española como para a das súas compatriotas, ás que trafican, explotan e maltratan, segundo os relatos noticiosos), e as forzas de seguridade do Estado adoptan un papel salvífico, a non ser en determinados casos nos que *El País* denuncia a violencia ou a corrupción institucional.

Dita violencia institucional está presente nas informacións de *El País*, en noticias como "El policía que mató a un "chapero" dice al juez que fue 'un hecho desgraciado'" (10 de maio), "La cuestión de las 'esclavas sexuales' enturbia la cumbre entre Tokio y Seúl" (26 de xaneiro) ou "La ONU denuncia la impunidad del tráfico de miles de mujeres", onde se fala de modo explícito da "violencia dos axentes do Estado":

Las prostitutas que llegan a los países de la Unión Europea, por ejemplo, se encuentran completamente desarmadas frente a la "violencia de los agentes del Estado", como las oficinas de policía o los servicios de inmigración. Frente a éstos las mujeres se encuentran frecuentemente sin documentación, no pueden expresarse en la lengua del país al que llegan y, evidentemente, no conocen los derechos a los cuales pueden acogerse (*El País*, 6 de abril de 1997).

Este triángulo está inscrito na circunferencia da pobreza. As situacións de maior precariedade, porén, aparecen en relatos sobre a prostitución en países foráneos empobrecidos:

Maya tenía sólo ocho años cuando su primo la vendió. "Me pusieron inyecciones de hormonas para que me crecieran los pechos". Un día, la madame abrió su habitación y comenzó a maquillarla. "Vino un hombre y me forzó a mantener relaciones sexuales con él", recuerda la niña. "Luché, pero cinco mujeres de la casa me inmovilizaron los brazos y las piernas". Ahora, con 13 años, Maya tiene el virus del sida. Su cólera brota brevemente: "¿Los hombres? Me gustaría matarles, cortarles el pene" ("Cada año 10.000 adolescentes nepalíes son vendidas a burdeles de Bombay, 23 de xaneiro de 1997).

La historia de Geeta, que ahora tiene unos 30 años, ilustra el odio y la desconfianza a la que deben enfrentarse estas muchachas al regresar. Víctima de la neumonía- y la diarrea derivadas del sida, Geeta estaba demasiado enferma para poder ofrecer sus servicios a los obreros y conductores de rickshaw (taxis empujados por hombres), sus clientes habituales. Fue despedida del burdel. En Katmandú, buscó al hombre que la había vendido para prostituirla cuando era una quinceañera y lo encontró, pero la policía

se negó a ayudarla. El chulo la golpeó y la dejó abandonada, medio muerta ("Cada año 10.000 adolescentes nepalíes son vendidas a burdeles de Bombay, 23 de xaneiro de 1997).

Das persoas que se prostitúen como obxecto da actuación institucional xa falei ao referir as informacións que abordan a violencia por parte dos axentes do Estado. Dado que a prostitución comeza a ser exercida maioritariamente por persoas migradas que en non poucos casos se encontran en situación irregular en España, a ameaza da aplicación da Lei de Estranxeiría, co conseguinte perigo de expulsión, faise explícita nalgunha das pezas analizadas. Ademais, neste ano, son varias as ocasións nas que o xornal aborda as medidas de regulación da prostitución de rúa, e máis en concreto, a proposta de expulsión das prostitutas da Casa de Campo.

Polémica resulta a noticia "Terapia de trabajo para prostitutas en Vietnam" que relata como prostitutas case adolescentes se "someten" ao que denominan como "terapia ocupación" en Vietnam, cando, e así se relata na información, nos meses precedentes foran varios os informes que acusaban directamente ás empresas estadounidenses de explotación laboral nas súas fábricas asiáticas. Tal información merece as protestas dunha lectora nunha carta ao director, polo que considera un mal uso do concepto "terapia ocupacional": "la idea de *someter* a prostitutas a trabajar a destajo en una fábrica textil nada tiene que ver con la terapia ocupacional, porque su fin no es la productividad, sino la rehabilitación" ("Terapia ocupacional", 9 de maio de 1997). A terapia ocupacional é definida, pola lectora, como unha especialidade da rehabilitación que pretende, tras unha valoración integral das deficiencias e capacidades da persoa, realizar un tratamento rehabilitador individualizado. Tendo en conta o significado do concepto cumpriría preguntarse tamén até que punto cabe considerar a quen se prostitúe como unha persoa con deficiencias que cómpre subsanar mediante un tratamento de rehabilitación.

As persoas que se prostitúen aparecen como axentes con voz sobre todo nos procesos xudiciais e, máis en concreto, este ano, na ampla cobertura mediática que merece o caso Arny.

A acción das mulleres que se prostitúen é presentada, nalgúns casos, dende a perspectiva do anecdótico:

Las chicas que trabajan en el club privado Karin, en la ciudad holandesa de Goes, han tenido una idea, cuando, menos original, para aportar su granito de arena a la lucha contra el sida. A iniciativa de su propietaria, Madame Eversdijk, todo lo que ganen trabajando hoy viernes será donado al fondo contra la enfermedad ("Donación sexual", 28 de novembro de 1997).

Camille es una joven de Estocolmo que anuncia en algunas revistas sus servicios como masajista y ha presentado una curiosa demanda en los tribunales contra un cliente que faltó a la cita. Tras haber reservado hora y acordado el precio para una sesión que incluía una amplia variedad de "especialidades de la casa", el cliente, que tuvo que dejar sus señas personales, no apareció según lo convenido. Camille, que se sabe al dedillo las reglas de la economía de mercado, sostiene que el cliente debe pagar de todos modos "la consulta", tal como ocurre cuando un paciente reserva hora en el médico, el dentista o el pedicuro y no comparece. Argumenta para ello no sólo que perdió la posibilidad de concertar otra cita, sino que empleó tiempo y gastó en prepararse adecuadamente para un encuentro íntimo. El tribunal dirá ahora la última palabra. ("Seriedad de negocio", 18 de marzo de 1997).

A prostituta mesmo é presentada como unha especie de serea que leva aos homes (sen vontade nin raciocinio propio, cal se animais fosen) a cruzar océanos:

Cada año son más los turistas –sobre todo españoles e italianos– que viajan solos o en manada a la isla atraídos por el canto de la jinetera, que en Cuba comenzó a sonar con fuerza a principios de los años noventa, cuando se agudizó la crisis y el Gobierno decidió abrir de par en par las puertas al turismo ("Las bodas entre españoles y cubanas se multiplican por 100 con la crisis", 16 de xuño de 1997).

A voz das prostitutas deixa de aparecer no xornal como a dun colectivo que é suxeito político e reivindica os seus dereitos. Agora (e será este un dato que se manterá nos seguintes anos analizados nesta investigación) acódesse a elas como individuos, á procura de testemuños, experiencias e historias de vida que encaixen no relato noticioso. Insírese o seu testemuño, por exemplo, nas pezas sobre a proposta de expulsión das prostitutas da Casa de Campo.

Cando a prostituta reivindica un dereito e o xornal se fai eco diso, abórdao, porén, dende o anecdótico, como neste exemplo, no que unha prostituta sueca lle solicita á ministra de Asuntos Sociais do seu país o poder gozar dunha xubilación á idade reglamentaria de 65 anos:

Marja, una prostituta de la ciudad sueca de Malmö, en el extremo sur del país, ha escrito una carta a la ministra de Asuntos Sociales, Margot Wallström, solicitando sus buenos oficios para que pueda jubilarse aun sin haber cumplido la edad reglamentaria de 65 años. ("Profesión exigente", 10 de febreiro de 1997).

2007. As persoas que exercen a prostitución, naquelas pezas xornalísticas nas que se lles asigna un rol pasivo, seguen a ser obxecto, fundamentalmente, ou da acción delituosa das redes de trata e dos proxenetas, ou da acción institucional.

En 2007, a gran maioría das pezas nas que as persoas que se prostitúen ou son prostituídas adoptan un rol pasivo fano como vítimas das redes de trata. A información sobre as redes, de feito, supón, con diferenza, a maior parte daquelas nas que, a quen se prostitúe se lle asigna o rol pasivo de vítima. Menos frecuente é a presenza doutros ítems que en anos anteriores conseguiran acadar destacada presenza, como a prostitución de menores ou os sucesos cruentos (asasinatos, crimes, roubos...) que teñen como vítima a quen se prostitúe. O patrón, que xa viamos definido en 1997, mantense: as vítimas, fundamentalmente mulleres, son captadas e enganadas polas redes no seu país e, unha vez en España, coaccionadas, obrigadas a prostituírse en condicións de escravitude, maltratadas e retidas contra a súa vontade. A muller inmigrante é, pois, vítima do home inmigrante, o Outro alleo e ameazante, que chega alén as nosas fronteiras ("la policía detuvo a dos ciudadanos rumanos acusados de obligar a prostituirse a un grupo de mujeres compatriotas", "mujeres de su misma nacionalidad a las que obligaba a prostituirse"). Un outro que aparece como antagonista do nós, "os españois" que, a través das nosas forzas de seguridade, liberamos ou rescatamos ás vítimas, asumindo pois o papel de heroes. As información adoitan incidir na violencia coa que actúan as mafias e e estenden conceptos como "explotación" ou "escravitude" sexual:

Los macarras del Este golpean con puño o mano abierta a sus chicas, y a veces hasta las muerden, dejando marca. ("La prostitución crece en segundo plano", 16 de abril)

Los arrestados amedrentaban a las chicas con amenazas y agresiones ("Una banda captó a 500 rumanas para prostituirlas en El Raval", 15 de maio)

"Japón pide perdón a las esclavas sexuales". (27 de marzo)

Un polígono industrial de Coslada era el lugar elegido por tres hombres, de entre 19 y 49 años, para obligar a prostituirse a tres mujeres, una de ellas menor de edad. La Policía Local ha detenido a los supuestos proxenetas, que vigilaban a las jóvenes desde una furgoneta, según informaron fuentes del caso. ("Detenidos tres hombres por obligar a prostituirse a una menor en Coslada", 22 de marzo)

Las atrayentes ofertas de trabajo creaban unas expectativas razonables en jóvenes rusas, que deseaban trabajar en el extranjero. Al llegar a Europa sufrían una gran frustración al ser recluidas en burdeles, en donde eran objeto de amenazas, coacciones y malos tratos. ("Desarticulada una red que traficó con 6.000 mujeres rusas", 18 de junio).

¿No sabe todo el mundo en qué condiciones de esclavitud se encuentran la mayoría de las mujeres que ofrecen sus servicios en los parques y las calles de cualquier ciudad? ¿No han oído hablar de las mafias que las extorsionan? ("Las cámaras no dicen la verdad", 26 de abril).

Las pistas condujeron a que este dinero estaba relacionado con la explotación de mujeres rusas, que eran captadas mediante "el engaño, el abuso de su vulnerabilidad y el fraude" por la banda. ("La policía detiene a 13 personas por traficar con mujeres en Almería", 20 de abril).

Las mujeres eran obligadas a prostituirse para saldar la deuda que habían contraído con la organización y quedaban sometidas a una estricta vigilancia y control para evitar que se escaparan. ("Desarticulada una red que explotaba sexualmente a mujeres brasileñas", 10 de junio).

Este é o marco interpretativo dominante na información. Neste marco, as persoas que exercen a prostitución vense abocadas a este modo de vida, ou ben polo engano das mafias, ou por necesidades económicas e de supervivencia. Os factores causais son, polo tanto, situacións extremas.

Las mujeres del tercer mundo vienen a nuestros países por la pobreza de los suyos. Vienen al primer mundo, alentadas o engañadas por las mafias de traficantes, para mejorar su vida y, sin embargo, terminan dentro de la prostitución como horizonte vital. La mayoría no salen de ese mundo también por la pobreza, porque tienen que mantener y cuidar a su familia, porque tienen que pagar deudas a quienes las están explotando ("¿La prostitución es un modo de vida deseable?", 21 de maio).

A su llegada no encontraron trabajo y el abuelo de Hiba desarrolló complicaciones en la diabetes que arrastraba. Desesperada, Umm Hiba (nombre familiar con el que se conoce a la madre de Hiba), siguió el consejo de un conocido iraquí y llevó a su hija a trabajar a un club nocturno, junto a una carretera en la que se ejerce la prostitución. ("De la guerra al prostíbulo", 30 de maio).

Só nunha peza podemos encontrar unha voz crítica con este enfoque centrado na prostitución forzada. Nela recóllese a opinión de Cristina Garaizábal, do colectivo Hetaira, prolegalización, fronte ao ditame do informe da Comisión Congreso-Senado que pide que non se legalice a prostitución.

Se manejan datos sobre mujeres obligadas a ejercer la prostitución que nadie sabe de dónde salen, porque lo cierto es que no hay ningún estudio serio al respecto ("No han escuchado a las prostitutas", 20 de febreiro)

O tratamento das persoas que exercen a prostitución como obxectos da actuación institucional vese acentuado este ano pola entrada do debate ao redor da situación legal da prostitución na axenda política e as medidas que, tanto dende o goberno estatal como dende algún goberno autonómico, e sobre todo municipal, se comezan a por en funcionamento. Nos contidos de *El País* abórdanse cuestións tales como o debate no seo da comisión mixta Congreso Senado sobre a prostitución e o posterior informe ao respecto, ou medidas como a proposta dende o goberno central para frear a expulsión de vítimas de trata, o peche da Casa de Campo ao tráfico ou as multas a compradores de sexo ás que algúns municipios se aferran na súa loita contra a prostitución de barrio e de rúa.

Ao redor de certas políticas, en concreto, as multas a prostitutas e compradores de sexo en Barcelona ou o peche da Casa de Campo en Madrid, recóllense voces críticas, fundamentalmente das prostitutas que exercen a pé de rúa. Tanto nunha como noutra cidade, o PSOE é oposición no goberno municipal. Mais tamén ao redor das conclusións da Comisión Mixta Congreso Senado, impulsada polo goberno socialista de Rodríguez Zapatero se incorpora algunha voz crítica, aínda que puntual, en dúas pezas, unha delas de opinión e, a outra, sobre as reaccións do colectivo Hetaira ao ditaminado pola Comisión.

Se le vino eso a la cabeza al oír la noticia de que las senadoras del PSOE, el PP y CiU se acababan de poner de acuerdo para evitar que la prostitución no sea regulada como trabajo y, en consecuencia, para que las personas, tanto mujeres como hombres, que ese mismo instante ofrecían sus servicios, a plena luz del día, a los clientes que iban a buscarlas, siguiesen siendo seres alegales./ La verdad es que no entendí nada, porque no le parecía que las personas que en ese momento veía venderse, medio desnudas, en las cunetas del parque fueran delincuentes, sino víctimas. ¿Se ayuda a las víctimas de lo que sea, y éstas lo son sin duda porque, en la mayoría de los casos, las mafias que controlan ese horror las engañan, raptan, violan, golpean y esclavizan, por el método de dejarlas al margen de la ley? ("La ley de la calle está fuera de la ley" (columna de opinión de Benjamín Prado, 15 de marzo de 2007)

No han escuchado a las prostitutas (...) Sostiene que el texto trata a las prostitutas "como menores de edad (...) El Estado las quiere proteger contra su voluntad (declaración de Cristina Garaizábal, do colectivo Hetaira, na información titulada "No han escuchado a las prostitutas", do 21 de febreiro de 2007).

O xornal non só está atento ao debate sobre a situación legal da prostitución no propio estado senón que tamén presta atención ao que se está a facer dende o goberno doutros países. Cuestións como as penas de cárcere a prostitutas en Noruega; a iniciativa, en Amsterdam, de sacar ás prostitututas do coñecido como "distrito vermello",o endurecemento das penas en México contra a explotación sexual de menores ou as polémicas declaracións do vicecalde de Trevisco contra a prostitución homosexual entran dentro do axenda do noticiable e noticiado en *El País*.

Tamén seguen a ser noticia, neste ano, os expedientes de expulsión a prostitutas por estadia irregular en España ou os casos de extorsión e corrupción policial.

Como axentes, as persoas que se prostitúen aparecen fundamentalmente en relación con accións relacionadas con:

- o propio exercicio no día a día da prostitución, sobre todo no que á prostitución de rúa ou de barrio se refire. Neste caso, a acción pode ir inserida ou acompañada de descripcións de escea que caen no morbo, os

tópicos e os lugares comúns ou en recursos como a animalización, situado o redactor ou redactora nunha ollada dende arriba, dende, en certo modo, unha perspectiva de superioridade.

- protestas contra as medidas adoptadas por parte das institucións, como o peche ao tráfico da Casa de Campo ou as multas a quen vende e compra sexo.
 - os conflitos coa veciñanza
 - a fuxida dunha situación de prostitución forzada
 - o exercicio non forzado da prostitución
 - os seus testemuños, a súa voz, as súas declaracións, que poden situarse en dous polos:
- a. declaracións puntuais que actúan como experiencias persoais e non articulan un discurso político, acompañadas por ou inseridas en descricións de ambiente que inciden nos tópicos, nos lugares comúns e no morboso.

Queremos estar seguras. No queremos problemas", dice una de ellas luciendo poco más que una braga blanca para cubrirse por debajo de la cintura y eludiendo mayores debates sobre movilidad. ("La Casa de Campo quiere ser Central Park", 5 de julio)

Cuando hay policía delante de estos portales, nos vamos a la calle Ballesta", explica una venezolana de 25 años. Ella insiste en que el problema es de las chicas del este. "Ellas van con las mafias. Las latinas trabajamos solas, no nos chulea nadie. Pero ellas van con esos tipos peligrosos. Y mira como van vestidas", dice señalando a un grupo de chicas del este que reclaman como pueden la atención de los peatones que pasan por delante de ellas. ("Youtube contra la degradación", 25 de abril)

Los polis son malos. No dejan trabajar. Nos molestan todo el rato", dice torciendo un poco la boca Lorena. Lleva tres meses en España. Tiene 18 años y un tanga de color azul. Lo que no tiene, según ella, es "amigo". Vive en un "hotel" y apuesta por aguantar "un poco" a ver si cede la presión policial. ¿Y si no cede? "Me voy a ir a un club de alterne, entonces, a ganar dinero y que me dejen en paz". Entre sus planes no está "ni limpiar, ni poner copas". No le parece buena idea. Tampoco contactar con ninguna asociación. "No me interesa lo que me van a decir. ("Liquidación por cierre de negocio", 21 de julio).

- b. declaracións que si responden a un discurso político enfiado, que adoita estar referido á crítica á actuación institucional e mesmo á reivindicación de dereitos como colectivo.

-Las prostitutas califican su expulsión del centro como una deriva intolerante ("Ámsterdam apaga la luz roja", 23 de diciembre).

-Declaracións de Meetje Blaak, voceira de O Fío Vermello, o sindicato que representa ás prostitutas en Ámsterdam: "Pero en lugar de volver a los años cincuenta, que limpien los negocios dudosos y persigan a los que abusan. El alcalde se equivoca al criminalizar a las mujeres. Las prostitutas, en especial extranjeras, acabarán trabajando a escondidas. El problema son los chulos" (Ámsterdam apaga la luz roja", 23 de diciembre)

-Declaracións de Carolina Hernández, presentada como "traballadora do sexo" de 32 anos: "Yo he escogido libremente lo que hago, y no hay nada indigno en la prostitución", afirma. "¿Quiénes son estas parlamentarias para decir algo así? Nadie puede cuestionar mi dignidad. Estamos cansadas de tanto paternalismo, de que hablen por nosotras, avergonzadas de estas conclusiones. Ni

siquiera se nos ha escuchado. Me parece muy bien que luchen contra el tráfico de mujeres, que lo combatan, pero que nos dejen a las demás vivir en libertad, hacer lo que queremos y que no nos nieguen derechos, ni nos manden a guetos que nos hacen vulnerables. Sólo pedimos que se respeten nuestros derechos fundamentales". ("Nadie puede cuestionar mi dignidad", 14 de marzo)

-Eso lo dices con la boca pequeña", le replicó Beatriz Espejo, transexual, quien reivindica sin tapujos "el derecho de ser puta". En su opinión, "cada persona tiene derecho a ejercer su sexualidad como quiera, pagando o cobrando. Otra cosa es poner mi sexo bajo el control del Estado", añadió. "Proxenetas y abolicionistas son caras opuestas de la misma moneda", sostiene. (...) "¿Dónde están las 250.000 mujeres que se dice que hay en España secuestradas para ejercer? ¿En un zulo o en locales? Pues que actúe la policía si es así", sugirió la transexual. ("¿Por qué no se quedan con nosotras?", 29 de septiembre)

-Esta barcelonesa no entiende las conclusiones de la ponencia Congreso-Senado: "Muchas personas toman decisiones sobre nuestras vidas sin tenernos en cuenta, como estas diputadas y senadoras. ¿Con cuántas prostitutas han hablado? Con ninguna. El Congreso nos trata como si fuéramos ineptas, como personas sin voz ni voto. Eso sí que es desprecio. Desde sus pedestales los políticos deciden la vida que quieren para nosotras. Ellos sí que no respetan mi libertad". ("El Congreso nos trata como ineptas", 14 de marzo)

-Margarita Carreras es prostituta desde los 18 años. "Porque me da la gana, porque éste es un país libre, porque me sale muy rentable, porque lo prefiero a limpiar y porque trabajo como quiero y cuando quiero", explica airada. "Y todo el mundo sabe a qué me dedico", añade. "No hay nada indigno en lo que hago. El trabajo no me dignifica, yo dignifico mi trabajo". ("El Congreso nos trata como ineptas", 14 de marzo)

-María es portuguesa, tiene 39 años y lleva 20 en España. Tiene dos hijos. Ejerce la prostitución desde hace unos seis años, cuando se separó de su marido. "Desde que empezaron los cortes en la Casa de Campo, nuestro trabajo ha ido de mal en peor. Hemos perdido muchos clientes", asegura con un acento característico. (...) "Lo que tendrían que hacer es legalizarnos. Hay hombres y chavales que no tienen pareja y necesitan estar con una mujer. Aquí ya saben a dónde pueden venir", concluye María. ("Si aquí no hay clientes, iremos a otros sitios", 9 de julio)

-Carolina, ecuatoriana de 32 años, lo explica: "La policía baja a los clientes del coche y los identifica; este país es, entre comillas, libre y democrático; así se restringen los derechos de todos". ("Cacerolada para ejercer la prostitución", 4 de julio)

-En la cabeza de la marcha, alta, elegante, con sandalias doradas y chaqueta roja, estaba Kristal, transexual que ejerce el trabajo más antiguo del mundo y que se hizo portavoz de esta protesta. En el gran día tuvo que contestar 30 veces a la pregunta: "¿Usted qué opina de las multas de Zanonato?". Y Kristal, incansable, repetía: "Nos están utilizando para encubrir los problemas reales de la ciudad, nos dan tres páginas en el diario y los muertos en el trabajo solo ocupan unas líneas". ("Bonos de prostitutas", 20 de maio).

-Margarita Carreras, Marga, lleva 22 años ejerciendo la prostitución en la calle. Y otros tantos reclamando el derecho a hacerlo de forma segura y protegida por la ley, como cualquier otro trabajador. Dice que la persecución policial y las multas que han llegado de la mano de la ordenanza no han servido para paliar un problema que considera "sólo la punta del iceberg de problemas sociales mucho más amplios". ("Margarita Carreras: la ordenanza no nos ha solucionado ningún problema", 18 de maio).

2012. Como obxectos da acción, as persoas que se prostitúen seguen a selo, fundamentalmente, das redes de trata, ao igual que acontecía en 2007. Os conceptos "esclavitude" e "explotación" continúan moi vixentes.

Este ano dáselle especial importancia ao castigo ás redes. Faise un amplo tratamento, de feito, de dous xuízos. Un deles é o de "Cabeza de Cerdo", un poderoso proxeneta que introduce mulleres en España para a súa conseguinte explotación (na que non faltan a violencia, os malos tratos, a explotación de menores ou os abortos forzados). O segundo ten lugar en Arxentina cos presuntos proxenetos de Marita Verón, moza desaparecida e prostituída anos atrás cuxa nai, coñecida como a "nai coraxe" non parou até levar aos supostos responsables a xuízo. A sentenza, exculpatória para cos proxenetos, é abordada en *El País* dende un marco interpretativo crítico.

Así mesmo, publícanse informacións que cuestionan as políticas públicas (naqueles casos nos que a responsabilidade é de gobernos non socialistas) como é o caso da reclusión nos CIE de mulleres vítimas de trata ou as medidas adoptadas contra a prostitución de rúa no contexto catalán:

El informe, elaborado entre 2010 y 2012 a partir de visitas a los CIE, entrevistas a 45 mujeres, a las organizaciones que las atienden y a la Administración pública, habla de 21 casos de víctimas de la trata no identificadas en estos centros. Lugares en los que las autoridades pueden recluir a inmigrantes en situación irregular durante un plazo de 60 días sólo por no tener papeles, hasta que se les expulsa del país. ("Víctimas de la trata, encerradas en los CIE", 30 de maio).

Cuando Ivie Okundaye, de 21 años, vio a la patrulla de los Mossos d'Esquadra, echó a correr. Era la noche de un 18 de septiembre de 2009. Por aquel entonces, el municipio de La Jonquera (Girona) había puesto en marcha una ordenanza que multaba a prostitutas y clientes. Okundaye confundió a los mossos, que hacían un control rutinario en un polígono, con la policía local. Por eso huyó. Estaba en la Nacional II. Un coche con matrícula francesa la atropelló, matándola, y se dio a la fuga. Todavía no se sabe quién conducía el vehículo. ("La prostitucion, mejor debajo de la alfombra", 31 de maio).

A explotación sexual de menores, así como delitos que se exercen sobre as persoas que se prostitúen (alén aqueles cometidos polos proxenetos) completan os contidos nos que aparecen como vítimas en *El País* neste ano.

A actuación institucional sobre as persoas que exercen a prostitución está presente, nos contidos de *El País*, sobre todo en informacións que abordan as medidas contra a prostitución de rúa e, en especial, as multas a clientes, aínda que tamén nalgún caso, como no de Barcelona, a prostitutas.

A presenza das persoas que se exercen a prostitución como axentes ten lugar fundamentalmente nestes casos:

- Na descripción dos propios escenarios da prostitución de rúa. Son retratos de ambiente que presentan a iniciativa sexual das persoas que se prostitúen, subliñando, en casos como o que agora reseñamos en primeiro lugar, o descaro:

-Las tres prostitutas, de origen subsahariano, con vaqueros y camisetas de colores vivos, se separan del árbol que les sirve de apoyo en sus noches de trabajo, enfrente de un sex shop en La Rambla de Barcelona. Un grupo de turistas borrachos se acerca. Las mujeres no dudan en abordarlos y los halagan con un

“hola, guapos”. Una de ellas pone la mano en la entrepierna a uno, mientras le dice “papi”. Tras una pequeña charla, los visitantes siguen su curso y ellas vuelven al árbol. (“El veto a la prostitución en Barcelona arranca sin denuncias”, 18 de agosto”).

-Ahora el prostíbulo trabaja a pleno rendimiento y en las calles, mujeres venidas de Rumanía o de Bulgaria se ofrecen a los clientes, vigiladas por los hombres que las explotan. (“Prostitución en la Jonquera, 26 de xuño”).

- como axentes nun proceso xudicial, acción que é presentada de modo positivo, recalcando nelas a valentía.
- "La condena a Cabeza de Cerdo ha sido posible por la declaración de cinco testigos protegidas. Aunque sólo dos de ellas testificaron en la vista oral. También hay testigos en el caso de La Jonquera" ("30 años de cárcel, condena ejemplar contra el proxeneta Cabeza de Cerdo", 20 de febreiro”).
- en relación coas protagonistas de casos de prostitución de luxo con gran repercusión este ano, e que implican a persoeiros moi coñecidos no espazo público, como, no ámbito político, Berlusconi, ou no deportivo, os futbolistas Ribéry e Benzema.
- como axentes con voz, nas seguintes situacións:

-na defensa do exercicio libre da prostitución e da súa legalización, o que só se rexistra nun caso: na información sobre Morgane Merteuil, a secretaria do sindicato francés de traballadores e traballadoras do sexo STRASS, que manifesta preferir prostituírse a traballar nunha fábrica.

-Mostrando a súa reacción, e adoito tamén indignación, coas medidas adoptadas contra a prostitución de rúa por parte dos poderes públicos.

-“A ver qué pasa en otoño. Me preocupa”, admitía otra, española, en la cercana calle de Robadors. (“El veto a la prostitución en Barcelona arranca sin denuncias”, 18 de agosto)

-“Yo estoy empadronada en este barrio, estoy afiliada a la Seguridad Social, pago mis impuestos. ¿Cómo van a demostrar que soy prostituta?”, preguntaba otra. (“El veto a la prostitución en Barcelona arranca sin denuncias”, 18 de agosto)

-“Lo que quieren es marginarnos, que nadie nos pueda hablar. ¿Cómo van a saber si estoy ayudando a un chico a encontrar una dirección?”, se mofaba una transexual latina, un poco más enterada sobre el cambio y que movía con efusividad su cabellera rubia. (“El veto a la prostitución en Barcelona arranca sin denuncias”, 18 de agosto)

-“En los últimos días todo ha sido igual; a mí nadie me ha explicado qué pasará ahora con lo del cambio”, aseguraba María, rumana, con una lata de bebida energizante en la mano. (“El veto a la prostitución en Barcelona arranca sin denuncias”, 18 de agosto)

-como testemuños dunha situación que as converte en vítimas.

-En una rotonda, dos chicas rumanas intentaban llamar la atención de los conductores hace poco más de una semana. Martínez (La Jonquera, 1973) se acercó para hablar con ellas. Mientras una se alejaba, la otra, rumana de 25 años, rompió a llorar al ver al fotógrafo. “¡Mi familia no sabe lo que hago aquí!”. (“Me siento impotente. No podemos atajar solos la prostitución”, 25 de junio).

-como protagonistas de casos de prostitución de luxo con persoeiros de relevo público:

6.1.12. Fontes

6.1.12.1. ABC

6.1.12.1.1. Tipo de fontes

Taboa 26. Tipos de fontes en ABC

TIPO DE FONTES	1977	%	1987	%	1997	%	2007	%	2012	%	TOTAL	%
INSTITUCIONAIS	13	92,9	70	33,2	154	47,7	118	46,1	86	57,3	441	46,2
PROSTITUTAS		-	18	8,5	35	10,8	13	5,1	23	15,3	89	9,3
VECIÑANZA		-	20	9,5	22	6,8	57	22,3	11	7,3	110	11,5
ASOCIACIÓN		-	12	5,7	8	2,5	25	9,8	8	5,3	53	5,6
MEDIOS		-	6	2,8	4	1,2	12	4,7	7	4,7	29	3,0
COMPRADOR/A		-	9	4,3	19	5,9	1	0,4	5	3,3	34	3,6
EXPERTAS	1	7,1	10	4,7	7	2,2	11	4,3	4	2,7	33	3,5
PROXENETAS		-	14	6,6	10	3,1	10	3,9	1	0,7	35	3,7
OUTRAS		-	52	24,6	64	19,8	9	3,5	5	3,3	130	13,6
	14	100	211	100	323	100	256	-	150	100	954	100

Fonte: Elaboración propia

As fontes institucionais son as máis empregadas, co 46% sobre o total de fontes consultadas. En 1977, o primeiro dos anos analizados, supoñen a práctica totalidade, o 92,9%. En 2012, o ano que pecha esta análise, chegan ao 57,3%.

A veciñanza é a seguinte fonte á que máis se lle consulta, co 11,5% sobre o total. Acódesse a ela como fonte en máis ocasións do que se fai coas persoas que exercen a prostitución, que supoñen un 9,3% do total. E é que, como xa avanzamos en anteriores apartados, no conflito entre a prostitución de rúa e outros sectores poboacionais cos que comparte espazo, o xornal posiciónase de modo recorrente a carón da veciñanza.

Menor presenza teñen o resto das fontes rexistradas. Como xa comentei, as persoas que exercen a prostitución supoñen o 9,3% do total de fontes consultadas. Na maioría das ocasións nas que o xornal deixa escoitar a súa voz, non acode a elas de maneira directa, non consulta de primeira man este tipo de fontes, senón que o fai trasladando o que declaran nun proceso xudicial. Así acontece no 57,57% dos casos nos que as persoas que se prostitúen ou son prostituídas actúan como fontes.

O tecido asociativo ligado á abordaxe do mundo da prostitución supón o 5,6% e as fontes expertas o 3,6%. Proxenetas e compradores/as constitúen, respectivamente, o 3,7% e o 3,6%. E a referencialidade entre medios de comunicación (a citación doutros medios como fonte) fica no 3%.

A voz de proxenetas e compradores déixase escoitar, sobre todo, naquelas informacións que fan referencia a procesos xudiciais, como o caso Arny, en 1997, ou o xuízo por prostitución infantil, en 1987. Ao igual que acontecía para coas persoas que exercen a prostitución, o xornal non acode directamente a este tipo de axente como

fontes, senón que, na maioría dos casos, límitase a reproducir o seu testemuño en xuízos. No que aos proxenetos se refire, tan só hai un ano, 2007, no que isto non é así pois, dado o debate político entón en auge ao redor da prostitución, en varias informacións dáselle cabida ao posicionamento ao respecto de ANELA (a Asociación Nacional de Locais de Alterne).

No que aos compradores se refire, acontece algo similar. As súas declaracións son, polo xeral, extraídas de xuízos, sobre todo nos anos 1987 e 1997 en relación aos dous procesos xudiciais de gran relevancia mediática que teñen entón lugar. En 2007 e en 2012, encontramos, porén, dous casos excepcionais nos que se lle dá voz ao comprador de sexo por ser o xornal quen acode directamente ao mesmo. Destacada é a cobertura que se fai en 2007 (e non só en ABC, senón tamén noutros medios) do caso dun home, en cadeira de rodas, que é detido en plena autoestrada cando intentaba chegar a un club de prostitución. En ABC é abordado a toda páxina, en contracapa e como reportaxe ("Tenía ganas...", 10 de maio) . Así mesmo, neste xornal recóllense en 2012, noutra reportaxe, as declaracións dun mozo afectado por unha ordenanza municipal en Sevilla que multa aos compradores de sexo.

6.1.12.1.2 Tipo de fontes institucionais

Taboa 27. Tipos de fontes institucionais ABC

TIPO DE FONTES	77	%	87	%	97	%	07	%	2012	%	TOTAL	%
Fontes policiais	10	76,9	38	54,3	55	35,7	44	37,3	36	41,9	183	41,5
Fontes xudiciais	1	7,7	17	24,3	33	21,4	23	19,5	20	23,3	94	21,3
Goberno autonómico		-		-	1	0,6	7	5,9	4	4,7	12	2,7
Goberno estatal	1	7,7	4	5,7	16	10,4	7	5,9	7	8,1	35	7,9
Goberno local		-	6	8,6	17	11,0	21	17,8	14	16,3	58	13,2
Organismos supraestatais		-		-	5	3,2	1	0,8	2	2,3	8	1,8
Parlamento	1	7,7	1	1,4	2	1,3		-		-	4	0,9
Partidos		-	2	2,9	18	11,7	13	11,0	1	1,2	34	7,7
Outras		-	2	2,9	7	4,5	2	1,7	2	2,3	13	2,9
	13	100,0	70	100,0	154	100,0	118	100,0	86	100,0	441	100,0

Fonte: Elaboración propia

As fontes institucionais máis empregadas son as de carácter policial, co 41,5% sobre o total, seguidas das xudiciais (o 21,3%); as gobernamentais, entre as que predominan, con diferenza, as de carácter local e municipal (o 13,2 % sobre o total) e, a distancia, as estatais (o 7,9%). As de carácter autonómico (o 2,7%) son, dentro das gobernamentais, as que menos se pronuncian respecto á prostitución.

A porcentaxe no emprego de fontes policiais, de todos os modos, descende de modo notable ao longo do período estudado, dende o 76,9% en 1977 ao 41,9% en 2012. As fontes institucionais de carácter xudicial mantéñense en porcentaxes que rodean o 20% ao longo de todo o período, a non ser en 1977, no que se reducen a un 7,7%. No que ás fontes gobernamentais respecta, aquelas que fan referencia ás institucións locais son cada vez máis utilizadas, sobre todo na última década obxecto do noso estudo,

debido ás diversas medidas que, dende os grandes municipios, son adoptadas respecto á prostitución de rúa e de barrio.

6.1.12.1.3 Tipo de fontes expertas

Taboa 28. Tipos de fontes expertas ABC

TIPO DE FONTES	1977	%	1987	%	1997	%	2007	%	2012	TOTAL	%	
Ámbito legal	1	100	0	0	1	14,3		-		0	2	6,1
Ámbito psicolóxico			0	0		-	1	9,1		0	1	3,0
Ámbito sanitario			7	70	5	71,4	1	9,1	1	25	14	42,4
Ámbito sociolóxico			1	10		-	1	9,1		0	2	6,1
Outros			2	20	1	14,3	8	72,7	3	75	14	42,4
	1	100	10	100	7	100,0	11	100,0	4	100	33	100,0

Fonte: Elaboración propia

É pouco habitual a utilización de fontes expertas e, dentro delas, as que máis abundan son as do ámbito sanitario, cuxa presenza é destacada sobre todo nos anos 1987 e 1997. En 1987, o dato está en relación á crise da SIDA, ao debate que se xera, e as medidas que se adoptan, ao redor da prostitución como mecanismo de expansión da enfermidade. En 1997, acódesse a fontes do ámbito sanitario fundamentalmente cando dan o seu testemuño en xuízos e sucesos ou en información presentadas máis ben cun carácter anecdótico, tal é o caso da titulada "Un prostíbulo rebaja precios para los pacientes de un psiquiátrico", do 3 de outubro de 1997.

Dentro da categoría "Outros", entran sobre todo aquelas fontes que se referencian como "expertas", de modo xenérico, sen concretar o ámbito en que o son: "el Consistorio ha preferido los informes de los expertos al diálogo con las prostitutas", "un mercado que, aseguran los expertos, fue una auténtica revolución", "expertos y asociaciones que han revelado algunos datos sobre este negocio".... Tamén foron introducidas, nesta categoría, fontes doutros ámbitos que aparecen de maneira puntual, como o histórico ou as novas tecnoloxías.

6.1.12.1.4 Tipo de fontes do tecido cívico

Taboa 29. Tipos de fontes do tecido cívico en ABC (%)

	1977 %	1987 %	1997 %	2007 %	2012 %	TOTAL %
ASOCIACIÓNS ASISTENCIAIS		77,8	100	22,7	71,4	52,3
FEMINISTAS		11,1		50,0	-	27,3
OUTRAS		11,1		27,3	28,6	20,5
TOTAL		100,0		100,0	100,0	100

Fonte: Elaboración propia

En ABC, a maioría de fontes do tecido asociativo que se consultan son de carácter asistencial (o 52,3%). O que as fontes do tecido cívico organizado teñen que dicir respecto á prostitución comeza a escoitarse por primeira vez, na mostra que analizamos, en 1987. En 1977 non atopamos, en ningún caso, a súa voz.

En 1987, as fontes asociativas de carácter asistencial supoñen mesmo o 77,8% e están protagonizadas fundamentalmente por Cáritas, unha ONG vinculada á Igrexa Católica, que denuncia nese ano a existencia dunha problemática de prostitución de

menores na localidade de Elda, á que ABC lle dá cobertura tendo precisamente á ONG como unha das súas fontes fundamentais.

"Cáritas de Elda denunció a la opinión pública, a través de un informe, el funcionamiento de esta red de prostitución que se nutría de jóvenes de la localidad, que los proxenetas compraban y vendían como cualquier mercancía"; "se ha hechado las manos a la cabeza cuando todos los medios de comunicación han tratado de indagar en los casos que Cáritas puso en conocimiento de las autoridades" (...) "El presidente de Cáritas Interparroquial de Elda, Joaquín Pérez, ha denunciado el caso de una joven de veinte años, con cuatro hijos, a la que su familia vendió por cuatrocientas mil pesetas para dedicarla a la prostitución" (...) "Según Cáritas, en el centro de esta situación, y siempre bajo la ley del silencio por medio a represalias, se encuentra la marginación y la miseria en que están muchas familias"; "María Teresa Martínez, asistente social de Cáritas de Elda, manifestaba a ABC que "hay que ir al fondo del asunto, ..."

En 1997, todas as fontes asociativas consultadas son de carácter asistencial. Como no ano anterior, seguen a estar ligadas primordialmente á defensa dos dereitos das e dos menores. Vexámolo:

El presidente de la Asociación para la Defensa de los Derechos del Niño y la Niña (Prodeni), José Luis Calvo, reclamó la reforma urgente, con el consenso de todos los partidos políticos, para que se vuelva a introducir en el Código Penal el delito de corrupción de menores. ("Jueces, políticos e instituciones sociales reclaman la reforma urgente del Código Penal", 30 de julio).

El presidente de Prodeni, José Luis Calvo, destacó la importancia que tiene la reforma legal aprobada ("El gobierno tipifica el delito de corrupción de menores y dobla las penas por pederastia", 11 de outubro).

La Asociación Pro Derechos Humanos, junto a representantes del Movimiento de Niños y Niñas de la Calle de Brasil, denunció ayer en Madrid que existe un mayor número de casos de pederastia, prostitución y violencia infantil en el mundo desarrollado que en el Tercer Mundo. ("La asociación Pro Derechos Humanos... (13 de agosto).

En 2007, o emprego de fontes de carácter asociativo está en relación directa coa entrada da situación político-legal da prostitución na axenda política. Dúas son as que teñen un protagonismo maior: Apramp, a Asociación para a prevención, reinserción e atención da muller prostituída, e o colectivo en defensa dos dereitos das traballadoras do sexo, Hetaira. Ámbalas dúas teñen un discurso oposto en relación á prostitución (para Apramp, é un realidade que debería ser prevista, e que, polo tanto, entendemos que non debería existir), e sobre todo en relación coa situación legal da prostitución (Apramp é abolicionista e Hetaira, pro-legalización). Enfocan, en consecuencia, as mulleres que se prostitúen de maneira dispar (no caso de Apramp, como vítimas e obxecto de medidas para a súa reinserción, mentres que, para Hetaira, son profesionais e suxeitas de dereitos). Mais ámbalas dúas entran nos contidos de ABC polo mesmo motivo, no que concordan: para denunciar as políticas municipais que neste ano se están a levar a cabo con respecto á prostitución de rúa.

Por primeira vez no período analizado atopamos, en ABC, o emprego de voces de carácter feminista. Tal é o caso de Hetaira, da Asociación de Mulleres Progresistas, do Lobby Europeo de Mujeres ou do Centro Egipcio para los Derechos de la Mujer. A elas acódesse ou por iniciativas que parten delas (campañas contra a prostitución ou informes dos que se poden extraer datos sobre a situación da prostitución) ou, por iniciativa do

xornal, para abordar as súas reaccións sobre unha determinada cuestión que afecte á prostitución ou para debuxar a situación da prostitución nun determinado contexto.

Mujeres inician una campaña para frenar la prostitución. Organizada por la Plataforma del Lobby Europeo de la Mujer está dirigida a colectivos sociales y vecinales.

"Algunas mujeres son forzadas a contraer este tipo de matrimonio por sus familias, que necesitan dinero y que reciben una dote y regalos del marido", explican desde el Centro Egipcio para los Derechos de la Mujer.

según un informe elaborado por la Asociación de Mujeres Progresistas de Andalucía.

El colectivo de ayuda a las prostitutas, Hetaira, exige al Ayuntamiento que, en los casos en los que la mujer quiera dejar la prostitución, se articulen "medidas más realistas.

En 2012, as fontes feministas volven desaparecer dos contidos de ABC. Neste ano, acódesese a dous tipos de fontes. Por unha banda, asociacións de carácter asistencialista como Apramp, Pro Derechos Humanos de Andalucía ou Cruz Vermella. Por outro, colectivos organizados de prostitutas e prolegalización (Aprosex). A voz de Cruz Vermella déixase escoitar para visibilizar a súa función asistencialista; Aprosex, para denunciar as medidas que se están a adoptar contra a prostitución de rúa; e Apramp, ou ben para denunciar a evolución in crescendo do mercado do sexo ou para valorar as medidas a respecto da prostitución en espazos públicos abertos.

Las asociaciones de prostitutas, en contra de las multas. "Les perjudica. Que paguen el cliente y el explotador" ("Las asociaciones de prostitutas, en contra de las multas", 15 de xuño).

Por su parte, Pro Derechos Humanos de Andalucía aboga por más políticas sociales para conocer la realidad de estas mujeres ("Los empresarios alertan del repunte de la prostitucion", 15 de outubro).

Cruz Roja intervino durante los seis primeros meses del año en más de diez pisos encubiertos, donde hizo entrega de material preventivo y de higiene.

La presidenta de Apramp alertó del incremento del mercado sexual en nuestro país... ("Empresarios de La Torrecila alertan de un repunte de la prostitución", 15 de outubro).

Asociaciones y entidades pro prostitución de toda España, que desde que se anunció la eforma de la medida se han posicionado en contra, mantienen su postura. Aprosex, la más joven de ellas, cree que más bien continúa la persecución de las trababajadoras. ("No necesitamos que nos reinserten", 18 de agosto de 2012).

6.1.12.2. *El País*6.1.12.2.1. *Tipo de fontes*

Taboa 30. Tipos de fontes El País

Tipo de fontes	1977	%	1987	%	1997	%	2007	%	2012	%	TOTAL	%
INSTITUCIONAIS	8	66,7	47	35,3	97	48,5	152	47,80	79	44,1	383	45,5
PROSTITUTAS	3	25,0	21	15,8	19	9,5	43	13,52	30	16,8	116	13,8
ASOCIACIÓN		-	7	5,3	14	7	35	11,01	16	8,9	72	8,6
EXPERTAS		-	10	7,5	12	6	9	2,83	9	5,0	40	4,8
VECIÑANZA		-	6	4,5	4	2	21	6,60	9	5,0	40	4,8
PROXENETAS		-	9	6,8	6	3	17	5,35	6	3,4	38	4,5
MEDIOS	1	8,3	5	3,8	10	5	2	0,63		-	18	2,1
COMPRADORES/AS		-	6	4,5	6	3	4	1,26		-	16	1,9
OUTRAS		-	22	16,5	32	16	35	11,01	30	16,8	119	14,1
	12	100	133	100	200	100	318	100	179	100	842	100

Fonte: Elaboración propia

Ao igual que acontecía en ABC, a porcentaxe de fontes institucionais case supón a metade das fontes, co 45% sobre o total neste caso. Así mesmo, o recurso a fontes expertas, ou a inclusión de voces moi directamente implicadas co mundo da prostitución, como son proxenetas e compradores/as, é inferior ao 5%.

A principal diferenza de *El País* con ABC, canto ao uso de fontes, está no recurso á veciñanza e ás propias persoas que se prostitúen, dado que en *El País* é máis frecuente acudir a quen se prostitúe para deixar escoitar a súa voz (supoñen o 13% do total de fontes, fronte ao 9,3% en ABC e, así mesmo, é tamén máis habitual acudir ao tecido cívico (as asociacións supoñen o 8,6% fronte ao 5,6% en ABC). Canto á inserción como fontes das persoas que se prostitúen, cómpre aclarar, ademais, que se fai acudindo de maneira directa ás mesmas en maior medida ca en ABC: mentres que no xornal conservador, máis da metade das declaracións que se recollen das persoas que se prostitúen corresponden a testemuños que se verquen nun xuízo, en *El País* esta porcentaxe límitase ao 30,35%, e é máis frecuente, polo tanto, que a ou o xornalista encargado da información acuda de maneira activa e de primeira man a quen se prostitúe.

A inclusión da voz de proxenetas e compradores de sexo é pouco habitual e, polo xeral, ten lugar cando se reproducen as súas declaracións en xuízos.

Os proxenetas supoñen un 4,8% do total de fontes. Tan só hai un ano, o 2007, ao igual que acontecía co ABC, no que as súas declaracións non están fundamentalmente ligadas a procesos xudiciais. Nese ano son varias as informacións nas que se acode a datos ou declaracións de asociacións de locais de alterne (ANELA e ACECA, o seu correspondente para Cataluña) co fin de saber da súa reacción fronte ás medidas políticas que se están a adoptar respecto á prostitución. En 1997 pódese encontrar tamén algún caso, aínda que excepcional, no que a voz dos proxenetas é recollida en ámbitos extraxudiciais. Faise deste modo tan só nun par de ocasións cun tratamento e dende unha perspectiva que roza máis ben o anecdótico: como o o caso da información sobre un prostíbulo holandés que é contratado por un psiquiátrico para atenderen aos seus pacientes, ou da nova sobre unha madame que decide facer un donativo para a loita

contra a SIDA: todo o que se gañe no seu prostíbulo ao longo dun día será donado con tal fin.

Canto aos compradores, a súa voz aparece recollida en tres dos cinco anos analizados (1987, 1997 e 2007). Tan só en dúas informacións podemos escoitala fóra do contexto de procesos xudiciais: en 1997, nunha reportaxe na que se recollen as declaracións dun comprador de sexo, e en 1987, cando se lle dá entrada aos mesmos nas xornadas sobre prostitución que se organizan en Madrid.

O recurso a outros medios de comunicación como fontes sitúase nunhas porcentaxes similares ás de ABC (o 2,1% fronte ao 3% en ABC).

6.1.12.2.2. Tipo de fontes institucionais

Taboa 31. Tipos de fontes institucionais en *El País*

FONTES OFICIAIS	1977	%	1987	%	1997	%	2007	%	2012	%	TOTAL	%
Fontes policiais	7	87,5	22	47,8	27	27,8	51	33,6	19	24,1	126	33,0
Goberno local		0	6	13,0	15	15,5	33	21,7	16	20,3	70	18,3
Fontes xudiciais	1	12,5	14	30,4	9	9,3	23	15,1	16	20,3	63	16,5
Goberno estatal		0	3	6,5	15	15,5	17	11,2	9	11,4	44	11,5
Partidos		0	-	-	15	15,5	12	7,9	4	5,1	31	8,1
Goberno autonómico		0	-	-	3	3,1	9	5,9	6	7,6	18	4,7
Parlamento		0	-	-	4	4,1	2	1,3	1	1,3	7	1,8
Organismos supraestatais		0	-	-	3	3,1	1	0,7	2	2,5	6	1,6
Senado		0	-	-	1	1,0	1	0,7	-	-	2	0,5
Outras		0	1	2,2	5	5,2	3	2,0	6	7,6	15	3,9

Fonte: Elaboración propia

Ao igual que acontecía en ABC, as fontes institucionais que máis se empregan son as policiais, aínda que en menor porcentaxe ca no diario conservador (33%, fronte ao 41%). Dentro das fontes gobernamentais, aquelas máis utilizadas (ao igual ca no ABC, son as municipais (no 18,3% sobre o total de fontes institucionais fronte ao 13,2% en ABC), seguidas das estatais (11,5% fronte ao 7,9% en ABC). As fontes xudiciais, pola contra, empréganse en menor medida ca no ABC (16,5% fronte ao 21,3%).

Hai, porén, un descenso importante na porcentaxe de emprego de fontes policiais sobre o total de fontes institucionais (do 87,5% en 1977 ao 24,1% en 2012). No último dos anos analizados, o abano de fontes institucionais é moito máis amplo, e inclúe tamén, en porcentaxes destacadas, as fontes que proveñen dos gobernos locais, das institucións xudiciais ou, en menor medida, do executivo estatal.

6.1.12.2.3. *Tipo de fontes expertas*

Taboa 32. Tipos de fontes expertas en *El País*

	1977	1987	%	1997	%	2007	%	2012	%	TOTAL	%
Ámbito educativo			0	-	-	-	-	3	33,3	3	7,5
Ámbito legal		2	20	-	-	3	33,3	4	44,4	9	22,5
Ámbito sanitario		5	50	10	83,3	-	-	-	-	15	37,5
Ámbito sociolóxico		2	20	-	-	1	11,1	1	11,1	4	10
Outros ámbitos		1	10	2	16,7	5	55,6	1	11,1	9	22,5
Total		10	100	12	100,0	9	100,0	9	100,0	40	100

Fonte: Elaboración propia

Ao igual que acontecía en ABC, o emprego de fontes expertas é escaso e centrado, fundamentalmente no recurso a fontes do ámbito sanitario, sobre todo no ano 1987, en plena crise da SIDA e polos mesmos motivos apuntados para o ABC (o posicionamento médico fronte ao papel da prostitución na extensión da SIDA).

As fontes expertas que ocupan o segundo lugar, canto á súa presenza en *El País*, son as legais, o que está en relación, sobre todo, co debate político-legal ao redor da situación da prostitución e as medidas que han ser adoptadas.

En "Outros ámbitos" recóllese tanto o recurso a fontes expertas en xeral, como a outro tipo de ámbitos que só son mencionados en ocasións moi contadas, como a antroploxía ou a fotografía.

6.1.12.2.4. *Tipo de fontes asociativas*

Taboa 33. Tipos de fontes asociativas en *El País*

	1977 %	1987 %	1997 %	2007 %	2012 %	TOTAL %
ASOCIACIÓNS ASISTENCIAIS		-	84,6	30,3	31,3	37,7
FEMINISTAS		28,6	7,7	36,4	62,5	36,2
OUTRAS		71,4	7,7	33,3	6,3	26,1
		100,0	100,0	100,0	100,0	100,0

Fonte: Elaboración propia

As asociacións de carácter feminista contan, en *El País*, cunha maior presenza como fontes ca no caso de ABC (o 36,2% sobre o total de fontes do tecido social, fronte ao 27,3% en ABC. Detéctase o seu uso, na mostra analizada, antes tamén ca en ABC. En 1987, aínda que nunha porcentaxe pequena (o 7,7%) sobre o total, *El País* insire fontes feministas nun par de pezas. O xornal recolle o seu posicionamento, aínda que de maneira moi puntual, en dous dos casos aos que se lles dá máis cobertura este ano: o asasinato da prostituta Rufina Sanz e o xuízo por prostitución de menores que se celebra en Valencia, na información titulada "Un grupo feminista pide la máxima pena en el

juicio por corrupción de menores", así no artigo de opinión "La muerte de una prostituta cualquiera" asinado pola comisión antiagresiones do Movemento Feminista de Madrid.

En 1997, a práctica totalidade das asociacións entran dentro da categoría "asistenciais", como é o caso de Médicos del Mundo, Apramp, Prodeni, asociacións de "apoio aos toxicómanos" ou comités cidadáns de loita contra a SIDA. Tan só nunha ocasión se fai referencia a un colectivo de carácter feminista, Hetaira, que asina unha carta ao director na que denuncia agresións, por parte da veciñanza da zona de Méndez Álvaro, en Madrid, cara ás prostitutas que alí exercen. Que sexa nunha carta ao director e non nos contidos informativos dá a ver que, se a voz dos colectivos feministas con respecto a prostitución se deixa escoitar, non é por iniciativa do propio medio senón da asociación.

Desde el mes de septiembre de 1996, las prostitutas de Méndez Álvaro vienen sufriendo agresiones por parte de los vecinos de la zona. Durante bastante tiempo fueron *acompañados* por miembros de la Policía Nacional, que en lugar de dispersarlos, hacían más la función de *escoltarlos*. Desde el Colectivo en Defensa de los Derechos de las Prostitutas (Hetaira) hemos llevado a cabo varias acciones para intentar acabar con esta situación. ("Agresiones", 7 de maio).

En 2007, os colectivos feministas supoñen o 36,4% do total de fontes asociativas e como tal aparecen nos propios contidos informativos. Trátase de asociacións como Hetaira (que é precisamente aquela á que máis se acode), Alecrín ou Mulleres Progresistas. A Hetaira dáselle voz en diversas ocasións para denunciar as políticas públicas polas que se decantan as institucións, que critican por pro abolicionistas. O xornal deixa escoitar a súa voz en cuestións como o ditame da comisión mixta Congreso-Senado, contra a legalización ou as diversas medidas adoptadas nese ano contra a prostitución de rúa.

En 2012, o emprego de fontes feministas é máis elevado ca en ningún dos anos anteriores. Supón, de feito, o 62,5% sobre o total de fontes asociativas empregadas. Os colectivos feministas son consultados en relación, sobre todo, con dúas cuestións: a loita contra a trata e, sobre todo, a denuncia das medidas que se están a adoptar por parte das administracións públicas contra a prostitución de rúa e de barrio. A organización que máis presenza ten, tamén este ano, segue a ser Hetaira:

La portavoz de Hetaira, Cristina Garizábal, lo comparte: "Es el colmo de la hipocresía, de la doble moral". La entidad, que defiende el derecho de las mujeres que se prostituyen, está a favor de la regulación ("El Ministerio de Interior estudia prohibir la prostitución en la vía pública", 12 de junio).

¿Cómo puede ser que multemos a las trabajadoras del sexo por ofrecer servicios sexuales que no son un delito? Raya la inconstitucionalidad", se queja Cristina Garizábal, de la organización Hetaira, que defiende a las "trabajadoras del sexo". ("La prostitución, mejor debajo de la alfombra", 31 de maio).

"Con toda la penalización y la criminalización, tememos que al final las escondan en pisos, en los que no se tenga acceso a ellas y eso las haga aún más vulnerables", avisa Helga Flamtermsky, del proyecto Mujer-Frontera. Eso dificultaría más el rescate de las mujeres en los casos de explotación sexual, que ya de por sí son complicados para la policía. ("La prostitución, mejor debajo de la alfombra", 31 de maio).

Viviana Waisman, directora de Women's Link Worldwide, sostiene que las ordenanzas ciudadanas violan, además, varios tratados internacionales " ("La prostitución, mejor debajo de la alfombra", 31 de maio).

“Nosotros, normalmente, ni siquiera damos los nombres de las personas a las que tratamos. Es una forma más de estigmatizar a las mujeres”, se queja Rocío Nieto, presidenta de la Asociación para la Prevención, Reinserción y Atención de la Mujer Prostituida. ("Cataluña crea un fichero para el control de prostitutas y clientes", 29 de maio).

“El tema se aborda como un problema para la seguridad vial, pero luego se recogen datos de otro tipo... Hay que tratarlo seriamente, desde una perspectiva de la problemática social”, se queja la portavoz de la entidad Genera, Clarisa Velocci. ("Cataluña crea un fichero para el control de prostitutas y clientes", 29 de maio).

“Lo que más nos preocupa es que con toda la penalización y la criminalización hacia las prostitutas, al final terminen escondiéndose o las metan en pisos cerrados, en los que no se tenga acceso a ellas y eso las haga aún más vulnerables”, sentencia Helga Flamtermesky, del proyecto Mujer-Frontera. ("Cataluña crea un fichero para el control de prostitutas y clientes", 29 de maio).

“Si las esconden en locales o pisos, ya no podremos intervenir”, apuntaba Paula Arce, del colectivo Genera, que trabaja con prostitutas. ("Barcelona impulsa la prohibición total de la prostitución", 22 de marzo).

6.1.13. Persoas que exercen a prostitución

6.1.13.1. ABC

6.1.13.1.1 Xénero

Taboa 34. Persoas que exercen a prostitución segundo o xénero en ABC

XÉNERO	1977	%	1987	%	1997	%	2007	%	2012	%	TOTAL	%
HOME	2	7,4	8	4,2	80	29,9	13	5,8	11	5,2	114	12,4
MULLER	22	81,5	150	78,9	150	56,0	200	88,9	191	90,1	716	77,7
MULLER TRANSXÉNERO	3	11,1	24	12,6	11	4,1	6	2,7	6	2,8	46	5,0
NON SE ESPECIFICA			8	4,2	27	10,1	6	2,7	4	1,9	46	5,0

Fonte: Elaboración propia

Son mulleres a gran maioría das persoas que exercen a prostitución nos contidos do xornal. Representan, de feito, o 77,7% do total, e esta porcentaxe mantense en niveis similares en todos os anos analizados, agás en 1997, onde a ampla cobertura que se fai do Caso Arny, que xira ao redor da prostitución homosexual de homes menores en determinados locais sevillanos, explica a elevada e inusual presenza que, nese período, ten a prostitución exercida por homes.

A prostitución de homes e, sobre todo, de mulleres transxénero, é a menos frecuente, aínda que se observa un pico no ano 1987, que ten que ver cun interese informativo até entón inusual neste sector da poboación por ser considerado un colectivo de risco para a expansión da SIDA.

En ningún caso, nos anos analizados, foron encontradas referencias a homes transxénero (persoas con corpo de muller que se senten como homes).

6.1.13.1.2 Denominación
a) para a muller que se prostitúe

Taboa 35. Denominación da muller que se prostitúe en ABC

	1977	%	1987	%	1997	%	2007	%	2012	%	TOTAL	%
PROSTITUTA	4	18,2	41	27,3	79	52,7	55	27,5	42	22,0	221	31,0
CHICAS	1	4,5	9	6,0	6	4,0	19	9,5	18	9,4	53	7,4
VÍTIMA	1	4,5	9	6,0	7	4,7	14	7	21	11,0	52	7,3
MULLER		-	2	1,3	8	5,3	14	7	27	14,1	51	7,1
MOZA	5	22,7	23	15,3	6	4,0	6	3	7	3,7	47	6,6
MULLER ESTRANXEIRA		-	1	0,7	8	5,3	25	12,5	8	4,2	42	5,9
MERETRIZ		-	1	0,7	1	0,7	21	10,5	8	4,2	31	4,3
MENOR		-	11	7,3	5	3,3	2	1	7	3,7	25	3,5
NENA		-	14	9,3	2	1,3	10	5		-	26	3,7
MULLER QUE EXERCE A PROSTITUCIÓN	6	27,3	1	0,7	2	1,3	6	3	2	1,0	17	2,4
MOZA ESTRANXEIRA		-	2	1,3		-	4	2	7	3,7	13	1,8
ES CRAVA/O SEXUAL		-		-	2	1,3	6	3	4	2,1	12	1,7
MULLER PROSTITUÍDA	1	4,5	1	0,7		-	2	1	5	2,6	9	1,3
TRABALLADOR A SEXUAL	1	4,5		-	1	0,7	3	1,5	3	1,6	8	1,1
PUTA E OUTROS TERMOS CONNOTADOS NEGATIVA- MENTE		-		-	6	4,0		0		-	6	0,8
PROFESIONAL		-	1	0,7	2	1,3		0	2	1,0	5	0,7
MULLER EXPLOTADA		-		-		-		0	2	1,0	2	0,3
MULLER OBRIGADA		-		-		-		0	1	0,5	1	0,1
MULLER QUE SE PROSTITÚE		-		-		-	1	0,5		-	1	0,1
PERSOA QUE EXERCE A PROSTITU- CIÓN		-		-		-		0	1	0,5	1	0,1
RAMERA		-	1	0,7		-		0		-	1	0,1
OUTROS	3	13,6	33	22,0	15	10,0	12	6	26	13,6	89	12,5
	22,0	100,0	150	100,0	150,0	100,0	200	100	191,0	100,0	713	100

Fonte: Elaboración propia

O termo máis empregado para denominar á muller que exerce a prostitución é "prostituta". Nunha de cada tres vez nas que aparecen, as mulleres que traballan na venda de sexo de pago son definidas como tales.

Despois de "prostitutas", é o termo "chicas" o que máis se utiliza, aínda que a distancia (con el denomínase ao 7,4% do total de mulleres que exercen a prostitución mencionadas nos contidos de ABC).

A utilización de termos que están connotados coa ideoloxía pro-legalización (profesional e traballadoa sexual) limítase ao 1,8%.

Máis abundosa é a utilización de termos que fan referencia á prostitución forzada (escrava sexual, muller prostituída, muller obrigada, muller explotada ou vítima). Supoñen, en total, o 10,7% do total de referencias a mulleres que exercen a prostitución. O seu emprego increméntase nos dous últimos anos analizados, o 2007 e o 2012.

O mesmo acontece co uso de termos que fan referencia a mulleres estranxeiras, que neste cadro foron englobados baixo esa etiqueta, e que inclúen conceptos como "compatriota" ou o propio "muller estranxeira" e construcións como muller+xentilicio, xentilio substantivizado e sen artigo, e artigo determinado ou indeterminado mais xentilicio.

Las de Europa del Este, en la acera de los impares, más cerca de la Red de San Luis. Enfrente, las latinas, y un poco más abajo, hacia Sol, las africanas, que despachan besos al aire a todo joven que se les pone por delante ("Más de 1.500 detenciones en Montera y Desengaño en los últimos tres años", 18 de xuño de 2007)

también, junto a las nigerianas, suelen mostrar mayores dosis de violencia verbal y física ("Las prostitutas 'toman' Villaverde", 19 de marzo de 2012)

Son peores las africanas, que se echan encima de los coches o se abalanzan, o las rumanas, que no se cortan un pelo", dice Bartolo, trabajador del Selur ("Las prostitutas de la Casa de campo se trasladan al polígono de Marconi", 15 de xuño de 2007)

Ese comercio humano lo protagonizan brasileñas que residen aquí ilegalmente (...) y, desde hace pocos años, filipinas que llegaban a Lisboa por vía aérea ("El control del tráfico de drogas y la prostitución, tras la matanza de Portugal. Uno de los criminales gritó a las víctimas: "¡Váis a morir todos fritos!", do 18 de abril de 1997)

"Desmantelan una red de prostitución de rumanas tras huir dos de ellas" (11 de febreiro de 2007)

Ambas latinoamericanas fueron seducidas a viajar a París con la oferta de ser fotografiadas por una agencia de modelos ("Desmantelada en Austria una red de prostitución que usaba como "anzuelo" concursos de belleza, 15 de decembro de 2007)

La Policía Nacional ha detenido a 16 personas de varias nacionalidades (españoles, rumanos y colombianos), vinculados a dos organizaciones que se dedicaban a la explotación sexual de mujeres rumanas y suramericanas ("La Policía detiene a 16 personas en dos operaciones contra la prostitución", 27 de abril de 2007)

"Un matrimonio chino acepta pena de cárcel por prostituir a compatriotas" (27 de febreiro de 2007)

A utilización de termos connotados negativamente como "putas" ou "busconas" concéntrase nunha reportaxe publicada en 1997 baixo o título "Las prostitutas de la Casa de Campo" (25 de setembro de 2007). O xénero xornalístico, a reportaxe, dálle licencia a quen a escribe para facer uso dun estilo máis persoal, dentro do cal teñen cabida estes termos que son excluídos dos xéneros puramente informativos:

"está el área del "escaparate", busconas de color, golfas blancas, jóvenes y talluditas, exhiben su piel de naranja, sus cejas pintarrajeadas y una lencería de saldo"

"la Policía increpó a un clérigo por pagar con un billete falso de mil los favores de una ramera"

"fulanas viejas se acomodan..."

Dentro da categoría "Outros", que supón o 12,5% das referencias a mulleres que se prostitúen, inclúense outras maneiras de mencionalas, como por exemplo o emprego en exclusiva do seu nome, sen sérenlles atribuídos aqueles conceptos que fan especificamente referencia á muller que se dedica á prostitución.

b) para o home que se prostitúe

Taboa 36. Denominación do home que se prostitúe en ABC

	1977	%	1987	%	1997	%	2007	%	2012	%	TOTAL	%
MENOR	1	50	0	14	17,5	2	15,4		-		17	14,9
MOZO	1	50	2	25	7	8,75	3	23,1		-	13	11,4
CHAPERO		0	1	12,5	4	5	1	7,7		-	6	5,3
HOME		0		0		0		-	4	36,4	4	3,5
PROSTITUTO		0		0	3	3,75	1	7,7		-	4	3,5
NENO		0	1	12,5	1	1,25	1	7,7		-	3	2,6
GIGOLÓ		0		0		0	1	7,7	1	9,1	2	1,8
MOZO QUE EXERCE A PROSTITUCIÓN HOMOSEXUAL		0	1	12,5		0		-	1	9,1	2	1,8
HOME PROSTITUÍDO		0		0	2	2,5		-		-	2	1,8
PROFESIONAL		0		0	2	2,5		-		-	2	1,8
HOME QUE SE PROSTITÚE		0		0		0	1	7,7		-	1	0,9
TRABALLADOR SEXUAL		0		0	1	1,25		-		-	1	0,9
OUTROS		0	3	37,5	46	57,5	3	23,1	5	45,5	57	50,0
	2	100	8	100	80	100	13	100,0	11	100,0	114	100,0

Fonte: Elaboración propia

Ao contrario do que acontece no caso das mulleres, é pouco habitual que se empreguen conceptos específicos para denominar ao home que se prostitúe. Polo xeral, aparecen mencionados polo seu nome (de aí que o 50% das referencias a homes que exercen a prostitución se inclúa nesta categoría) ou polos xenéricos "home", "mozo" ou neno se non se concreta a identidade.

Os conceptos que se utilizan para nomear ao home que se prostitúe son "chapero", "prostituto", "gigoló", "home prostituído" e "traballador sexual". O máis utilizado, "chapero", só é empregado en seis ocasións. "Prostituto" aparece en catro casos, "gigoló" en dous, ao igual que "home prostituído" e "profesional". Tan só nunha ocasión, ao longo de todo o período analizado, se fai referencia ao home que se prostitúe como "traballador sexual".

c) para a muller transxénero que se prostitúe

Taboa 37. Denominación da muller transxénero que se prostitúe en ABC

	1977	%	1987	%	1997	%	2007	%	2012	%	TOTAL
TRAVESTIDO		-	23	95,83	4	36,4		-		-	27
VÍTIMA		-		-	1	9,1	4	66,7		-	5
TRANSEXUAL		-		-		-		-	4	66,7	4
TRAVESTI		-	1	4,17	1	9,1	2	33,3	1	16,7	5
PROSTITUTA/O		-		-	4	36,4		-		-	4
MULLER PERSONA TRANSEXUAL	1	33,3		-		-		-		-	1
		-		-		-		-	1	16,7	1
OUTROS	2	66,7		-	1	9,1		-		-	3
	3	100	24,0	100	11	100	6,0	100	6	100	50

Fonte: Elaboración propia

O concepto máis empregado para denominar á muller transxénero que se prostitúe é "travestido". O termo é de uso frecuente sobre todo en 1987 pois, como xa expliquei, debido á crise da SIDA, a presenza deste colectivo é moito maior nese ano ca no resto dos analizados.

Segue o concepto "vítima", aínda que só o detectamos nos dous últimos dous anos (2007 e 2012), coa xeralización da terminoloxía de corte abolicionista que se estende dende as fontes oficiais.

Detectamos, así mesmo, unha certa evolución no emprego dos conceptos. No último ano analizado, termos como "travesti" apenas aparecen (de feito, tan só nunha ocasión) e abrollan outros termos como "transexual" ou "persoa transexual" (que non se emprega en ningún dos anos anteriores).

6.1.13.2. *El País*

6.1.13.2.1. *Xénero de quen se prostitúe*

Taboa 38. Persoas que exercen a prostitución segundo o xénero en *El País*

XÉNERO	1977	%	1987	%	1997	%	2007	%	2012	%	TOTAL	%
HOME	2	6,3	9	6,1	76	35,2	10	3,6	11	8,3	108	14,1
MULLER	28	87,5	117	79,6	114	52,8	246	89,8	117	88,0	622	81,4
MULLER TRANS- XÉNERO	2	6,3	13	8,8	6	2,8	10	3,6	2	1,5	33	4,3
HOME TRANS- XÉNERO	1						1	100			1	0,1
NON SE ESPECI- FICA		-	8	5,4	20	9,3	8	2,9	3	2,3	39	5,1
	33	100,0	147	100,0	216	100,0	275	100,0	133	100,0	764	100

Fonte: Elaboración propia

Os resultados son similares aos obtidos en ABC. As mulleres son, con diferenza, maioría entre as persoas que se prostitúen e que teñen presenza nos contidos de *El País*, co 81,4%. Os homes supoñen o 14,1% e as mulleres transxénero, o 4,3%.

Canto á prostitución masculina, ao igual que acontecía en ABC, detectase un pico en 1997 correspondente ao caso Army. Tamén, no caso da prostitución transxénero, os resultados son máis elevados cá media nun ano determinado, o 1987, o que se explica, ao igual ca en ABC, pola crise da SIDA e a vinculación que neste momento se fai deste segmento da poboación como colectivo de risco para a transmisión da enfermidade.

Tan só nun caso se detecta a referencia a homes transxénero, e límitase a unhas declaracións, dentro dunha información máis ampla ("Socialistas, populares y CiU acuerdan que no se regule la prostitución como trabajo", 14 de marzo de 2007). Este é un colectivo que, en ABC, está por completo ausente.

6.1.12.2.2. Denominación

a) Para a muller que exerce a prostitución

Taboa 39. Denominación da muller que se prostitúe en *El País*

	1977	%	1987	%	1997	%	2007	%	2012	%	TOTAL	%
PROSTITUTA/O	12	42,9	53	45,3	38	33,3	78	31,7	33	28,2	214	34,4
MULLER ESTRANXEIRA	2	7,1	-	-	15	13,2	24	9,8	7	6,0	48	7,7
MULLER	2	7,1	2	1,7	11	9,6	23	9,3	7	6,0	45	7,2
CHICAS	-	-	2	1,7	6	5,3	22	8,9	11	9,4	41	6,6
MENOR	-	-	16	13,7	1	0,9	7	2,8	6	5,1	30	4,8
MULLER QUE EXERCE A PROSTITUCIÓN	2	7,1	6	5,1	3	2,6	12	4,9	1	0,9	24	3,9
VÍTIMA	-	-	-	-	1	0,9	16	6,5	6	5,1	23	3,7
MERETRIZ	-	-	3	2,6	1	0,9	11	4,5	5	4,3	20	3,2
MOZA	3	10,7	4	3,4	4	3,5	3	1,2	4	3,4	18	2,9
PUTA E OUTROS TERMOS CONNOTADOS NEGATIVAMENTE	1	3,6	3	2,6	6	5,3	6	2,4	-	-	16	2,6
TRABALLADOR/A SEXUAL	-	-	-	-	-	-	9	3,7	5	4,3	14	2,3
ES CRAVA SEXUAL	-	-	-	-	2	1,8	4	1,6	5	4,3	11	1,8
MULLER PROSTITUIDA	-	-	2	1,7	1	0,9	3	1,2	5	4,3	11	1,8
NENA	-	-	8	6,8	1	0,9	2	0,8	-	-	11	1,8
MULLER OBRIGADA	-	-	2	1,7	1	0,9	3	1,2	1	0,9	7	1,1
MENOR PROSTITUÍDA	-	-	4	3,4	-	-	-	-	-	-	4	0,6
NENA PROSTITUÍDA	-	-	3	2,6	-	-	1	0,4	-	-	4	0,6
MOZA ESTRANXEIRA	-	-	-	-	-	-	2	0,8	1	0,9	3	0,5
MOZA OBRIGADA	1	3,6	1	0,9	-	-	1	0,4	-	-	3	0,5
MULLER TRAFICADA	-	-	-	-	-	-	2	0,8	-	-	2	0,3
PERSOA QUE EXERCE A PROSTITUCIÓN	-	-	-	-	-	-	1	0,4	1	0,9	2	0,3

MOZA EXPLOTADA		-	1	0,9		-	-		-	1	0,2	
MULLER EXPLOTADA		-		-		-	1	0,4		-	1	0,2
NENA OBRIGADA		-		-		-		-	1	0,9	1	0,2
PROFESIONAL		-		-		-	1	0,4		-	1	0,2
RAMERA		-		-	1	0,9		-		-	1	0,2
OUTROS	5	17,9	7	6,0	22	19,3	14	5,7	18	15,4	66	10,6
	28	100,0	117	100,0	114	100,0	246	100,0	117	100,0	622	100,0

Fonte: Elaboración propia

O que nos revelan os datos é similar, en liñas xerais, ao que xa foi detectado para o caso de ABC. O concepto "prostituta" é o máis utilizado (nun tercio dos casos, ao igual ca en ABC).

A segunda categoría con máis presenza é "muller estranxeira", co 7,7%, aínda que a distancia da categoría anterior. Baixo esta categoría, que comeza a ter maior presenza a partir de 1997, inclúo construcións como a substantivación do xentilicio ou a construción xentilicio+substantivo.

A substantivación do xentilicio non é, porén, tan frecuente como en ABC. O seu uso é máis habitual no primeiro dos anos nos que empeza a ter unha presenza relevante a prostitución de persoas migradas, 1997. Poñemos algúns exemplos do uso desta construción que encerra unha connotación negativa.

"Una banda captó a 500 rumanas para prostituirlas en el Raval" (15 de maio de 2007).

En un escenario muy similar se vio la rumana M. G. B., cuando fue sancionada el 23 de marzo del año pasado. ("400 prostitutas, en huelga de multas", 4 de febreiro de 2007).

Las nigerianas cercanas al puerto se han visto disminuidas en número ("La prostitución crece en segundo plano", 16 de abril de 2007).

Evelyn, una ecuatoriana de 27 años y cejas dibujadas que lleva ocho años en el mismo trozo de calle. ("La prostitución crece en segundo plano", 16 de abril de 2007).

redes portuguesas que no sólo comercian con mujeres de su propio país sino con brasileñas y africanas a las que engañan con supuestos trabajos decentes y acaban en locales de alterne disfrazados legalmente como pubs. ("La conexión española", 17 de abril de 1997).

Evelyn se refiere al anuncio que ayer hizo un grupo de vecinos de instalar cámaras de vídeo en los balcones de algunas casas. ("Youtube contra la degradación", 25 de abril de 2007"

Máis frecuente é, porén a utilización da construción artigo+substantivo+xentilicio:

"Desarticulada una red que traficaba con mujeres nigerianas" (29 de outubro de 2007).

F. D. B., la muchacha rumana que se ha convertido en la prostituta más castigada de toda Barcelona: en poco más de siete meses ha acumulado 11 multas, nueve en el tiempo récord de dos semanas. ("400 prostitutas, en huelga de multas", 4 de febreiro de 2007).

"Desarticulada una red que explotaba sexualmente a mujeres brasileñas" (10 de xuño de 2007).

Lo mismo sucede con la prostitución oriental, con abundantes mujeres chinas que se hacen pasar por japonesas para encender la sofocante imaginación del cliente (la policía ya ha desarticulado redes chinas en Alicante y Castellón)". ("La prostitución crece en segundo plano", 16 de abril de 2007)

Una pareja, él español de 55 años y ella brasileña de 46, han sido detenidos por la Guardia Civil acusados de introducir en España a mujeres de nacionalidad brasileña ("Dos detenidos por prostituir a mujeres de Brasil en Humanes", 20 de xullo de 2007).

En terceiro lugar, destaca o conxunto de conceptos que remiten á prostitución forzada, e que se estenden sobre todo a partir de 2007. Son construcións como "escrava sexual", "muller prostituída", "nena obrigada", "muller explotada", "muller traficada", que representan un 7,3% do total de referencias a mulleres que exercen a prostitución.

"Chicas" é tamén un dos conceptos máis utilizados, co 6,6% sobre o total.

Deteñámonos, agora, nos termos empregados con frecuencia menor:

O concepto "traballadora sexual" supón un 2,3% do total, e comeza a ser utilizado a partir de 2007. En moitos dos casos, este concepto é empregado porque se reproduce ou se adopta da fonte que se utiliza, por exemplo, en informacións que fan referencia a Hetaira ou Triángulo, entidade pro-legalización. O mesmo acontece nunha reportaxe, "Una india sin castas, aún lejana" (18 de outubro) publicada no suplemento do *The New York Times* que se difunde con *El País*, feita dende un enfoque por completo diferente ao predominante no xornal español, que nace dende a visión de quen se prostitúe por propia vontade ou conviccións.

"Putas" e outros conceptos connotados negativamente son empregados nun 2,6% do total de referencias a mulleres que exercen a prostitución. Polo xeral, empréganse en artigos de opinión, cun estilo máis libre, ou reproducindo as verbas doutra persoa. Nalgúns casos, o concepto emprégase despois da súa connotación negativa.

Tres años después, y con una legión de policías municipales tostando la calle, allí hay más putas que nunca ("El puticlub", 16 de xuño de 2007)

La esquina es también el sitio de trabajo de las putas ("El chaflán", 2 de marzo de 2007)

Tengo bastante mejor opinión de las putas que de los puteros. ("Fotofobia", 15 de novembro de 2007)

Todo esto lo digo por las putas: este poder, que tiene una de sus máximas representaciones filosóficas en el alcalde de Madrid, precisamente por su sencillez intelectual, se siente obligado a quitarlas de la Casa de Campo ("La ciudad de las putas", 26 de setembro de 1997).

Gail [Pheterson, representante do Comité Internacional para os Dereitos das Prostitutas]aseguró que el objetivo de su organización es conseguir dar voz y legitimidad a las putas, travestidos y transexuales ("El 80% de los hombres ha estado con prostitutas", 11 de abril de 1987)

b) Para o home que exerce a prostitución

Taboa 40. Denominación do home que se prostitúe en *El País*

COMO SE IDENTIFICA	1977	%	1987	%	1997	%	2007	%	2012	%	TOTAL	%
CHAPERO			1	11,1	3	3,9	1	10		0	5	4,6
PROSTITUTO				-	3	2,6		0		0	3	2,8
MULLER/HOME PROSTITUÍDO				-	2	2,6		0		0	2	1,9
PROFESIONAL				-	2	1,3		0		0	2	1,9
TRABALLADOR SEXUAL				-	1	85,5		0		0	1	0,9
OUTROS	2	10	8	88,9	65	100,0	9	90	11	100	95	88,0
	2	100	9	100	76	-	10	100	11	100	108	100

Fonte: Elaboración propia

Son exepcionais os casos nos que, ao home que exerce a prostitución, se lle denomina cun concepto creado para designar esta realidade, como chapero, prostituto, home prostituído, profesional, ou traballador sexual. O 88% das referencias analizadas encádrase na categoría "Outros", que abrangue o emprego doutros termos menos frecuentes ou á mención con nome, nome apelidos, apodo ou nome común, no caso de non ser identificada, da persoa que exerce a prostitución.

c) Muller transxénero

Taboa 41. Denominación da muller transxénero que se prostitúe en *El País*

	1977	%	1987	%	1997	%	2007	%	2012	%	TOTAL	%
TRAVESTIDO			5	38,5	4	66,7	2	20		0	11	33,3
TRAVESTI			1	7,7	1	16,7	2	20	1	50	5	15,2
TRANSEXUAL			2	15,4	1	16,7	5	50	1	50	9	27,3
MULLER ESTRANXEIRA			2	15,4		-		0		0	2	6,1
ES CRAVA/O SEXUAL				-		-	1	10		0	1	3,0
OUTROS	2	10	3	23,1		-		0		0	5	15,2
	2	10	13	100,0	6	100,0	10	10	2	100	33	100,0

Fonte: Elaboración propia

Travestido é o concepto que máis se utiliza (co 33,3% sobre o total), sobre todo nos primeiros anos analizados pois, no período final, e tal como tamén acontecía en *ABC*, o uso deste termo vai sendo desprazado por outro máis politicamente correcto: transexual.

d) Home transxénero**Taboa 42. Denominación do home transxénero que se prostitúe en El País**

XÉNERO	COMO SE IDENTIFICA	Total de Id	1977	1987	1997	2007	2012
HOME TRANSXÉNERO	TRABALLADOR/A SEXUAL	1				1	

Fonte: Elaboración propia

Tan só nunha ocasión, como antes adiantei, se fai mención desta realidade, aínda que non se recolle unha análise máis profunda. A referencia, no despece que leva por título "No me gusta dedicarme a esto" (14 de marzo), incluído na información "Socialistas, populares y CiU acuerdan que no se regule la prostitución como trabajo", limítase a recoller as valoracións respecto ás medidas que se están a adoptar contra a prostitución de rúa dun home transxénero, Mauro Pilaquina, que exerce como traballador sexual.

6.1.14 Persoas que compran sexo

6.1.14.1. ABC

Taboa 43. Denominación das persoas que compran sexo en ABC

XÉNERO		1977	%	1987	%	1997	%	2007	%	2012	%	TOTAL	%
HOME	Cliente	1	14,3	37	42,0	56	40,3	42	72,4	29	54,7	165	47,8
HOME	Outros	6	85,7	48	54,5	76	54,7	13	22,4	21	39,6	164	47,5
HOME	Putero e termos connotados en negativo	-	-	-	-	2	1,4	-	-	-	-	1	0,6
MULLER	Cliente	-	-	-	-	-	-	1	1,7	2	3,8	3	0,9
MULLER TRANSXÉNERO	Cliente	-	-	-	-	1	0,7	-	-	-	-	1	0,3
MULLER TRANSXÉNERO	Outros	-	-	-	-	1	0,7	-	-	-	-	1	0,3
NON SE ESPECIFICA	Outros	-	-	2	2,3	3	2,2	2	3,4	1	1,9	8	2,3
NON SE ESPECIFICA	Cliente	-	-	1	1,1	-	-	-	-	-	-	1	0,3
		7	100,0	88	100,0	139	100,0	58	100,0	53	100,0	345	100,0

Fonte: Elaboración propia

As persoas que compran sexo son, na práctica totalidade dos contidos analizados de ABC, homes. Tan só nun información encontramos unha referencia a unha cliente de prostitución masculina, cantidade mesmo inferior ao número de veces nas que se fala de clientas transxénero (dúas, en todo o período analizado).

A mención á compradora de sexo muller introdúcese na descripción do contexto no que ten lugar a entrevista a un mozo que exerce a prostitución:

se disculpa en varias ocasións, por las llamadas telefónicas que recibe de potenciales clientas ("Me llamo José, 30 años, con idiomas: cobro 150 euros por cada servicio", 16 de setembro de 2007).

As mencións ás compradoras de sexo transxénero faise destacando delas o extravagante:

La nota rocambolesca la puso uno de los clientes, Javier N.M. un travesti conocido como "La Mónica" y que acudió al juicio con aspecto de mujer y melena larga. ("Caso Army: El testigo número 6 se ratifica en sus acusaciones pero exculpa al ex juez de Menores", 10 de decembro de 1997).

Canto ao modo en que son identificadas as persoas que compran prostitución, destacarei, en primeiro lugar que, en ao redor da metade dos casos, non se emprega un concepto específico para denominalas. Nestes casos, a referencia a quen compra sexo pode vir dada por un nome propio que o identifique, ou por un nome común, co que se designa ou a unha persoa (sen explicitar a súa identidade) ou a un colectivo.

A elevada presenza de nomes propios explícase, en boa medida, porque boa parte dos compradores de sexo que chegan a ser noticia sono ou por tratarse, precisamente, de persoas cun nome e cun cargo público destacado, ou por estar implicados en sucesos delitivos ou xuízos nos que acaba trascendendo a súa identidade.

"Karim Benzema y Frank Ribéry, a juicio" ("Polémica. Karim Benzema y Frank Ribéry, a juicio", 16 de agosto de 2012)

Si Strauss-Kahn acaba teniendo que arrastrar consecuencias penales, no será por sus preferencias en lo sexual (29 de febreiro de 2012)

"Un enano es más objeto de deseo que Rooney y Balotelli" (16 de abril de 2012)

"Berlusconi quería cinco "tipos" de mujeres para sus fiestas" (27 de abril de 2012)

Balbino García Caurel, al que se le acusa de haber llevado a dos niñas en auto-stop ("Se reanudó en Valencia el juicio por prostitución infantil con los testimonios de varios clientes", 19 de setembro de 1987)

El juicio tenía como protagonista al joven de Rociana del Condado José Miguel Barrera, de 29 años, acusado de ser el presunto autor de la muerte, por arma blanca, de la prostituta Rosa María Palacios Beltrán" (2 de abril de 1997)

José Luis Cruz Lopez, de 30 años y presunto asesino de Patricia, fue detenido el pasado 5 de febrero y ha sido conducido esta mañana por agentes del Cuerpo Nacional de Policía de Almería, hasta el piso donde fue asesinada Patricia, de 33 años, en la plaza Ibiza de la capital. (20 de abril de 1997)

En varias das informacións, hai un contraste notable entre o modo en que se designa a quen se prostitúe e a quen compra os seus servizos, pois este último, non só non é categorizado como comprador de sexo, senón que, ademais, a el faise referencia en función do seu cargo ou profesión.

"Detenido un travestido por la muerte de un ingeniero" (13 de marzo de 1987)

Bellas muchachas ofrecían sus "favores" a hombres de negocios, turistas adinerados y hasta jeques de emiratos árabes (...) Los solitarios que llegaban a la capital italiana y carecían de compañía femenina podían dirigirse al "club" que contaba entre el personal "disponible" —según los anuncios publicitarios— con "actrices, fotomodelos, secretarias, intérpretes y hasta babysitters ("Bellas muchachas ofrecían sus "favores" a hombres de negocios, turistas adinerados y hasta a jeques de emiratos árabes", 25 de setembro de 1977).

un ex concejal del PSOE estuvo en una fiesta con las menores ("Juicio prostitución: un ex concejal del PSOE estuvo en una fiesta con las menores. Terminaron los interrogatorios de 32 de los procesados", 20 de setembro de 1987)

tres industriales de Burjasot (Valencia —Manuel Martínez Castillo, Enrique Aquilella Taberne y Vicente Vellver Roig—, acusados de organizar reuniones en

un chalet y en un apartamento con tres de las menores ("Se reanudó en Valencia el juicio por prostitución infantil con los testimonios de varios clientes", 19 de setembro de 1987)

Nos dous últimos anos, incorpórase tamén a mención aos compradores de sexo como colectivo, que se acostuma facer en relación con estudos nos que se delinea o seu perfil.

Se alerta además en ese informe sobre el incremento de la demanda entre los hombres jóvenes ("El PSOE y la prostitución", 9 de marzo de 2007)

presentaron ayer la campaña "Porque tú pagas existe la prostitución", cuyo lema es "No contribuyas a perpetuar la explotación de seres humanos ("Botella "exporta" a Palma su plan contra la prostitución callejera", 10 de marzo de 2007)

El INE calcula que el 32% de los hombres españoles han pagado alguna vez por obtener servicios sexuales ("Cataluña pide que la prostitución callejera sea infracción penal. La Generalitat multará a meretrices y clientes en las carreteras y crea un fichero con datos de los sancionados", 31 de maio de 2012)

Hai informacions, porén, nas que, malia a que non se utilizan etiquetas específicas para designar a quen compra sexo, as referencias son claramente negativas:

cualquier degenerado con una buena cartera: "las pequeñas, aunque sean deficientes mentales, para ejercer la prostitución con cualquier degenerado con una buena cartera ("Los barrios marginales de Elda, cantera inagotable para la prostitución infantil. Los menores llevan a la realidad la película "Perros callejeros", 25 de xaneiro de 1987)

los moros viejos que las prostitutas de Grenoble no se atreven a tener como clientes ("Silencio en un barrio para proteger a los treinta violadores de una mujer", 16 de marzo de 1987)

Un viejo desdentado, corvo y renco se arrima, la toca el cuerpo de pega con que se cubre la barriga y le dice cosas ("La delincuencia mata la esperanza en el centro", 19 de octubre de 1987)

moneda de cambio para satisfacción de hombres sin escrúpulos ("Sin justicia para la madre coraje argentina. Se hizo pasar por una prostituta para buscar a su hija, Marita Verón, pero no lo logró", 14 de decembro de 2012)

Tan só nunha ocasión, en todo o período analizado, o comprador de sexo é individualizado como protagonista da información e como tal comprador de sexo. Acontece isto en 1997, na reportaxe na que se entrevista a José Antonio Navarro, por ter sido detido pola Policía na autoestrada cando intentaba chegar, na súa cadeira de rodas, a un club de alterne.

Atado a una silla desde los cinco meses de edad, José Antonio Navarro, un ferrolano que ya cuenta 42 primaveras, contesta sin ningún pudor a quien le pregunta por el "encendido" incidente que protagonizó el pasado viernes ("Tenía ganas...", 10 de maio de 2007)

Cando se opta por empregar unha etiqueta, esta é, na práctica totalidade dos casos "cliente", un concepto sen carga valorativa que remite á linguaxe das transaccións mercantís. Tan só en dúas ocasións se utiliza un concepto con carga valorativa negativa: "putero" e "merluzo".

No primeiro dos casos, a etiqueta emprégase nunha reportaxe na que, quen escribe, fai uso da liberdade de estilo que lle permite o xénero para empregar todo tipo de conceptos (fundamentalmente, para nomear a quen se prostitúe) que non terían cabida

dentro do politicamente correcto nos xéneros informativos. A carga negativa do termo, porén, no caso do comprador de sexo, contrarréstase coa atribución do adxectivo "despistado", que en certo modo minguaría ou disculparía a responsabilidade de quen merca sexo de pago.

las suelen visitar, además de puteros despistados... ("Las prostitutas de la Casa de Campo", 25 de setembro de 1997"

No segundo dos casos, o concepto está empregado cunha intención claramente negativa que se reforza coa descrición que o acompaña:

El Gobierno declara ahora la guerra a los "merluzos" o clientes de esos servicios (...) Sigue habiendo individuos que sin respeto a la grave situación viven de manera promiscua y son un peligro para la sociedad ("Campaña sueca contra el SIDA: prohibidas por ley las casas de masajes. La infracción de la nueva legislación se pagará con la cárcel", 25 de marzo de 1987).

6.1.14.2. *El País*

Taboa 44. Denominación das persoas que compran sexo en *El País*

XÉNERO		TOTAL	%	1977	%	1987	%	1997	%	2007	%	2012	%
HOME	Cliente	146	49,2	7	77,8	32	56,1	30	34,5	52	53,1	25	54,3
HOME	Outros	124	41,8	2	22,2	20	35,1	49	56,3	37	37,8	16	34,8
HOME	Prostituídor	1	0,3	-	-	-	-	-	0,0	1	1,0	-	-
HOME	Putero e outros termos connotados negativamente	7	2,4	-	-	-	-	3	3,4	1	1,0	3	6,5
MULLER	Cliente	1	0,3	-	-	-	-	-	0,0	1	1,0	-	-
NON SE ESPECIFICA	Cliente	8	2,7	-	-	2	3,5	3	3,4	2	2,0	1	2,2
NON SE ESPECIFICA	Outros	10	3,4	-	-	3	5,3	2	2,3	4	4,1	1	2,2
		297	100	9	100	57	100	87	100	98	100	46	100,0

En todos os casos, agás un, as referencias a compradores de sexo en *El País* correspóndense con homes. A única referencia a compradoras de sexo muller insírese nunha información sobre prostitución masculina:

Hicieron creer a quienes llamaban que tenían todo un catálogo de clientas adineradas dispuestas a pagarles por su compañía ("El precio de querer ser 'gigoló'", 3 de novembro de 2007)

Ao igual que acontecía en ABC, en aproximadamente a metade dos casos nos que se fai referencia a persoas que compran sexo, non se emprega para denominalas un concepto específico, senón que se acode ao nome propio ou a un nome común (que pode aludir a un individuo ou a un colectivo).

O concepto máis habitual para designar a quen compra sexo, ao igual que en ABC, é o de cliente (presente no 54,3% dos casos). Porén, o uso que se fai doutros conceptos para designar tal realidade, como putero, é maior ca en ABC. Ademais, nunha ocasión

faise referencia a un concepto ("prostituidor"), ligado á ideoloxía abolicionista, que non aparece na mostra analizada de ABC.

Mentres en ABC, tan só nunha ocasión aparecía rexistrado o uso da palabra "putero", en *El País* isto acontece en 7 casos (o 6,5% sobre o total). Ao igual que en ABC, emprégase fundamentalmente en xéneros de opinión, onde a liberdade de estilo é maior, e nalgúns casos, cun marcado carácter crítico, como no artigo "La pobreza alimenta la prostitución" (12 de setembro de 2012), da escritora Gemma Lienas, onde se apunta aos compradores de sexo como unha das principais causas, ao igual que a pobreza, do comercio sexual (non existiría prostitución, se non existen compradores). Lienas cualifica a prostitución de lacra, e ao igual que apunta aos "puteros", como causa, tamén insiste en actuar sobre eles na procura de solucións: "Cambiar el destino de estas mujeres pasa por transformar la mentalidad de esos varones, bien con escuelas de puteros que los eduquen, bien con multas que les quiten las ganas."

Mais non é este, como dixemos, o único artigo no que se emprega o concepto. Fagamos un percorrido polo conxunto de mencións ao termo nos contidos de *El País*.

los puteros —que no clientes— son la tercera causa de esta lacra. Se calcula que en España entre un 27% y un 39% de varones ha recurrido al menos una vez en su vida a laprostitución. ("La pobreza alimenta la prostitución", 12 de setembro de 2012)

Una corte provinciana, masona, libertina y atrabiliaria que, según revelan las escuchas policiales (desde 2009), usa con soltura la jerga de la bofia y del submundo putero, viaja en primera clase, duerme (eufemismo) en suites con piscina, adora las parties fines (fiestas finas) e intercambiarse "el material" (las chicas), y todo lo hace en grupo, desde conspirar en los locales de la Gran Logia de Oriente hasta votar las mociones que quería aprobar el gran exjefe del socialismo caviar. ("El material del que están hechos los sueños del DSK", 26 de febrero de 2012)

Un lugar por el que desfilaba, y aún creo que desfila, la crême de los puteros de todo el país ("El 'puticlub'", 16 de xuño de 2007)

en la otra punta de la ciudad, bajo el puente de Méndez Álvaro (en la confluencia con la avenida del Planetario, en Arganzuela), los vecinos han pegado, como protesta por la presencia de prostitutas, las matrículas de 44 coches de supuestos clientes. Los números están encabezados por la palabra "puteros" ("IU y PSOE rechazan la creación de una zona para prostitutas", 25 de setembro de 1997)

O sea que, según IU, para resolver el problema de la prostitución, el alcalde habría de ser putero. O, mejor aún, mujer de la vida. Duro sino el de los alcaldes. ("Casa de Campo", 30 de setembro de 1997)

Nun caso, o emprego do concepto mesmo se leva a un xénero informativo, ao propio titular da nova: "Madrid se plantea si multar al putero" (17 de setembro de 2012)

Mais, nun 37% dos casos non se utiliza ningún concepto específico para designar a quen compra sexo. Adoitan ser:

- persoeiros de elevada posición social coñecidos ou polo seu nome (Berlusconi, Hugh Grant, Dominique Strauss Kahn) e/ou en posesión dunha profesión ou dun cargo de prestixio ou ben considerado ("un juez marroquí", "columnista de Washington Post", "un fiscal", "un joven sacerdote", "el senador", "general retirado", "el concejal acusado", "el ex teniente de alcalde", "el policía...")
- sectores da poboación aos que se fai referencia, en determinados casos, pola elaboración dalgún estudo específico sobre compra de prostitución:

"el 28% de los valencianos", "el número de hombres norteamericanos", "los guiris", "turistas sexuales", "empresarios y hombres de negocios,..."

- Como vítimas ou executores dun delito, polo xeral, tanto por asasinar como por ser asasinada a mans dunha persoa que se prostitúe.

Nalgún caso, a referencia é marcadamente negativa, como nesta noticia, na que as persoas que compran sexo son merecedoras de cualificativos como "viejo verde" ou "personajes abominables".

"Berlusconi; el poderoso viejo verde" (...) "con Berlusconi en el poder, se surtía de personajes abominables, protegidos por el poder de la más alta silla de la República y del dinero de uno de los hombres más ricos de Europa, hacían bailar al son de sus deseos a una corte de jóvenes como Ruby, algunas de ellas —según la fiscalía— en la frontera de los 18 años". ("Ruby vende su papel de madre para alejarse de Berlusconi", 13 de marzo de 2012).

6.1.15 Proxenetas

6.1.15.1. ABC

a) Proxenetas homes

Taboa 45. Denominación dos proxenetas homes en ABC

	1977	%	1987	%	1997	%	2007	%	2012	%	TOTAL	%
PROXENETA	4	16,0	27	29,0	19	17,3	16	18,2	22	29,3	88	22,5
EMPRESARIO, DONO, XERENTE...	3	12,0	8	8,6	40	36,4	15	17,0	4	5,3	70	17,9
CHULO	2	8,0	2	2,2	2	1,8	8	9,1	11	14,7	25	6,4
REDES E GRUPOS ORGANIZADOS		-	3	3,2	2	1,8	2	2,3		-	7	1,8
RUFÍAN	2	8,0		-		-		-		-	2	0,5
TRAFICANTE		-		-		-		-	1	1,3	1	0,3
OUTROS	14	56,0	53	57,0	47	42,7	47	53,4	37	49,3	198	50,6
	25	100,0	93	100,0	110	100,0	88	100,0	75	100,0	391	100,0

Fonte: Elaboración propia

Na metade dos casos (no 50,6%), aos homes que se benefician coa venda allea de sexo non se lles denomina cun concepto específico, senón cun nome propio, que adoita saír á luz en procesos xudiciais ou en operativos policiais.

O concepto específico máis empregado para nomear a esta figura é o de proxeneta, que provén da terminoloxía legal (no 22,5% dos casos) e está ligado ao mundo do delito, seguido doutro conxunto de termos cunhas connotación moi diferentes pois refírense ao home que se beneficia coa venda de sexo de pago, como se doutro empresario, propietario ou cargo ligado a unha empresa ou negocio, se tratase (no 17,9%).

Chulo só se emprega no 6,4% dos casos e rufián, no 0,5% (todos eles, en 1977).

En determinados casos, todos ligados á prostitución de menores, empréganse outro tipo de conceptos cargados con connotacións negativas e ligados ao mundo do delito, aínda que non específicos para denominar a quen se beneficia da venda allea do sexo de pago.

En Castellón, una joven logró escapar de los maleantes arrojándose en marcha de un vehículo ("La huida del hogar, caldo de cultivo de la prostitución de menores", do 20 de setembro de 1987).

en Valencia, donde la Policía dismanteló una importante red gracias a que una de las muchachas, que era sometida a trabajos sexuales en un club de alterne, pudo escapar de sus captores y denunciar el caso a las autoridades ("La huida del hogar, caldo de cultivo de la prostitución de menores", do 20 de setembro de 1987).

su raptor se encontraba confiada y tranquilamente tomando unas copas ("Una joven logra huir de los proxenetes que la raptaron para prostituirla", 29 de xaneiro de 1987).

b) Proxenetes mulleres

Taboa 46. Denominación das proxenetes mulleres en ABC

	1977	%	1987	%	1997	%	2007	%	2012	%	TOTAL	%
EMPRESARIA, DONA, XERENTA...			12	37,5	3	21,4	2	12,5	1	10	18	24,3
MADAME			2	6,3	4	28,6	0	0	3	30	9	12,2
PROXENETA	2	100	1	3,1	2	14,3	2	12,5		0	7	9,5
MAFIA				-		-		0	1	10	1	1,4
OUTROS			17	53,1	5	35,7	12	75	5	50	39	52,7
	2	100	32	100	14	100	16	100	10	100	74	100,0

Fonte: Elaboración propia

Cando a persoa que se beneficia da prostitución allea é muller, o emprego de conceptos connotados de modo negativo redúcese. De feito, en tan só o 9,5% dos casos se utiliza a verba proxeneta. Máis frecuente é referirse a elas con termos ligados ao ámbito empresarial (empresaria, dona...), que se utilizan en case un de cada catro referencias, ou tamén como "madame" (no 12,2%).

O máis habitual, porén, é que, como vimos no caso anterior, non se bote man dun termo específico senón dun nome común ou propio, que adoita saír á luz con motivo dun proceso xudicial ou dun operativo policial ligado a redes de trata, como xa vimos no caso dos proxenetes homes.

c) Non se especifica

Taboa 47. Proxenetas sen especificar o xénero ABC

	1977	%	1987	%	1997	%	2007	%	2012	%	TOTAL	%
REDES E GRUPOS ORGANIZADOS	2	50	2	5,6		-	2	5,9		-	88	64,2
MAFIA		0	7	19,4	4	15,4	6	17,6	2	5,4	16	11,7
PROXENETA	2	50		-	1	3,8	1	2,9	6	16,2	10	7,3
EMPRESARIO, DONO, XERENTE		0	27	75,0	21	80,8	18	52,9	20	54,1	4	2,9
OUTROS		0		-		-	7	20,6	9	24,3	19	13,9
	4	100	36	100,0	26	100,0	34	100,0	37	100,0	137	100,0

Fonte: Elaboración propia

Naqueles casos nos que non se especifica o xénero, adoita ser porque o beneficio da venda allea se lle atribúe a un colectivo organizado con fins delitivos, como é a trata e/ou o tráfico de persoas con fins de explotación sexual. Redes ou termos afíns son os conceptos máis utilizados (no 64,2% dos casos), seguido do concepto mafia.

6.1.15.2 *El País*

a) Proxenetas homes

Taboa 48. Denominación dos proxenetas homes en *El País*

	1977	%	1987	%	1997	%	2007	%	2012	%	TOTAL	%
EMPRESARIO, DONO, XERENTE	1	9,1	4	7,3	15	25,0	30	32,6	13	26,5	63	23,6
PROXENETA	1	9,1	6	10,9	9	15,0	18	19,6	11	22,4	45	16,9
CHULO	1	9,1	4	7,3	4	6,7	6	6,5	1	2,0	16	6,0
REDES E GRUPOS ORGANIZADOS		-		-		-	8	8,7	6	12,2	14	5,2
MAFIA		-		-		-		-	2	4,1	2	0,7
TRAFICANTE		-		-		-	1	1,1		-	1	0,4
OUTROS	8	72,7	41	74,5	32	53,3	29	31,5	16	32,7	126	47,2
	11	100,0	55	100,0	60	100,0	92	100,0	49	100,0	267	100,0

Fonte: Elaboración propia

O máis habitual en *El País* é non empregar un concepto específico para denominar ao home que se beneficia da venda de sexo alleo. Tal acontece no 47,2% dos casos, e na práctica totalidade fan referencia a persoas ligadas ao mundo do delito, cuxo nome sae á luz en xuízos ou tras accións policiais. Nos casos en que si se emprega un termo específico, adoita ter que ver co ámbito empresarial (no 23,6% de referencias), ao que lle segue a concepto proxeneta (no 16,9%). É dicir, é máis frecuente que as persoas que venden sexo alleo sexan identificadas cun concepto de valoración neutra (os ligados ao ámbito da empresa) que cun concepto connotado negativamente (proxeneta, que está vinculado ao mundo do delito).

O uso do concepto "chulo" responde a porcentaxes similares ás de ABC (6%). Ao contrario ca no diario conservador, en ningún caso se utiliza a palabra "rufián", e tan só nun caso se recorre á verba "traficante".

b) Proxenas mulleres

Taboa 49. Denominación das proxenas mulleres en *El País*

	1977	%	1987	%	1997	%	2007	%	2012	%	TOTAL	%
EMPRESARIO, DONO, XERENTE	1	50	5	21,7	5	20	5	15,6	1	16,7	17	19,3
MADAME			2	8,7	3	12	5	15,6		-	10	11,4
PROXENETA				-	2	8	1	3,1		-	3	3,4
REDES E GRUPOS ORGANIZADOS				-		0	2	6,3		-	2	2,3
OUTROS	1	50	16	69,6	15	60	19	59,4	5	83,3	56	63,6
	2	100	23	100,0	25	100	32	100,0	6	100	88	100

Fonte: Elaboración propia

Para o caso das mulleres que se benefician da venda allea de sexo de pago, a porcentaxe de referencias nas que non se utiliza ningún concepto específico incrementáase ao 63,6%. Ao igual que acontecía en ABC, o uso dun concepto connotado negativamente, en tanto que ligado ao mundo do delito, como é o de proxeneta, limitáase a unha porcentaxe moi baixa (o 3,4%). O máis frecuente é que se empreguen termos ligados ao mundo da empresa e dos negocios (no 19,3% dos casos), seguidos do concepto "madame" (no 11,4%).

c) Proxenas sen especificar xénero

Taboa 50. Denominación a proxenas sen especificar xénero en *El País*

COMO SE IDENTIFICA	1977	1987	%	1997	%	2007	%	2012	%	TOTAL	%
REDES E GRUPOS ORGANIZADOS		18	62,1	25	65,8	13	38,2	9	81,8	65	58,0
MAFIA		1	3,4	3	7,9	14	41,2	2	18,2	20	17,9
PROXENETA		3	10,3	1	2,6	3	8,8		-	7	6,3
EMPRESARIO, DO NO, XERENTE		1	3,4		-		-		-	1	0,9
EXPLOTADORES			-		-	1	2,9		-	1	0,9
OUTROS		6	20,7	9	23,7	3	8,8		-	18	16,1
		29	100,0	38	100,0	34	100,0	11	100,0	112	100

Fonte: Elaboración propia

Ao igual que acontecía en ABC, na maioría dos casos nos que non se especifica o xénero é porque é un suxeito colectivo o beneficiario da venda de sexo alleo, unha organización con fins delitivos, para a cal, o máis habitual é o emprego da palabra "rede". "Rede", "organización" ou termos afíns supoñen, de feito, o 58% dos casos. Séguelles o termo mafia, no 17,9%.

6.1.16 Relevancia dos contidos sobre prostitución para o medio

Para medir a relevancia que os contidos sobre prostitución teñen para o medio deseñei un sistema baseado no índice de valor elaborado por Richard Budd. Budd tiña en contra catro variables: tamaño (se o contido ocupa tres columnas ou máis concédeselle un punto; do contrario 0) , espazo (só se o contido ocupa tres cuartos de páxina ou máis se lle concede un punto), lugar que ocupa a información na páxina (valor 1 se está situado na parte superior) e emprazamento ou non nunha páxina especial (valor 1 se se insire na capa, en opinión ou nun especial).

Deses catro criterios, eliminei o referido a tamaño, por dous motivos: 1) Dado que a maqueta e o número de columnas por páxina de ABC e *El País* é diferente, os valores calculados para un e outro xornal non serían comparables. 2) A extensión do contido, da unidade redaccional, xa é valorado mediante a variable espazo. Porén, e aí tamén me alonxo de Budd, decidín darlle valor 1 cando a información ocupa máis de media páxina, sen necesesariamente chegar aos 3/4 de páxina, pois que o espazo sexa superior á media páxina convérteo en preponderante na mesma.

Ademais, decidín considerar unha variable máis, a presenza ou non de imaxe que acompañe aos contidos redaccionais, dada a importancia da fotografía e da infografía hoxe en día nos medios, moito maior á que puidera ter nos anos 60 cando foi elaborado o índice Budd.

Polo tanto, as variables que analicei e o sistema que seguí para valorar a relevancia das unidades redaccionais foi o seguinte:

- Espazo: Valor 1 se é superior a media páxina. Valor 0 se non chega a media páxina.
- Situación en páxina: Valor 1 se a unidade redaccional está emprazada na parte superior da páxina. Valor 0, en caso contrario.
- Emprazamento nunha páxina especial: Valor 1 se a ela se fai referencia na capa, ou se se insire nas seccións de Opinión ou dentro dun especial.
- Presenza de imaxe: Valor 1 se conta con imaxe. Valor 0, se non.
- Emprazamento en páxina par ou impar: Valor 1 se se sitúa en páxina impar. Valor 0, en caso de ser publicada en páxina par.

Fixei, polo tanto, unha escala de 0 a 5 na que:

- 0 e 1 denotan mínimo interese
- 1 indica interese baixo
- 2, interese baixo
- 3, interese medio
- 4, interese medio alto
- 5, interese alto.

6.1.16.1. ABC

Os resultados obtidos para ABC quedan reflectidos neste cadro:

Taboa 51. Nivel de relevancia das informacións sobre prostitución en ABC

ÍNDICE DE RELEVANCIA	1977	%	1987	%	1997	%	2007	%	2012	%	TOTAL	%
0-Mínimo interese	1	5,6	16	11,8	34	18,9	11	8,7	6	7,1	68	12,5
1-Mínimo interese	9	50,0	61	44,9	62	34,4	49	38,9	21	25,0	202	37,1
2-Interese baixo	4	22,2	48	35,3	50	27,8	25	19,8	29	34,5	156	28,7
3-Interese medio	3	16,7	9	6,6	27	15,0	23	18,3	19	22,6	81	14,9
4-Interese medio alto	1	5,6	2	1,5	7	3,9	18	14,3	8	9,5	36	6,6
5-Interese alto		-		-		-		-	1	1,2	1	0,2
	18	100	136	100	180	100	126	100	84	100	544	100

Fonte: Elaboración propia

Segundo nos amosan os datos recollidos no recadro, case un 40% das unidades redaccionais analizadas teñen mínimo interese para o xornal, é dicir, un índice de relevancia igual ou inferior a 1. Adoita tratarse de breves, de informacións de curta extensión e sen imaxe. Vemos, porén, que esa porcentaxe se reduce de modo notable ao longo do tempo, dun 56% en 1977 a un 32% en 2012. É dicir que, co paso dos anos, a prostitución vai gañando en relevancia no ABC.

Un 28% das unidades redaccionais analizadas foron valoradas cun 2, e cualificadas, polo tanto, como de interese baixo.

A medida que se incrementa o valor do índice de relevancia, diminúe o número de unidades redaccionais contidas no mesmo. Foron localizadas 81 unidades redaccionais de interese medio (o 14,9% sobre o total); 36 de interese medio alto (o 6,6% do total) e tan só unha de interese alto (o 0,2% sobre o conxunto de pezas analizadas).

Podemos detectar, tamén, unha evolución nos criterios que levan a darlle máis relevancia aos contidos sobre prostitución en ABC. Nos dous primeiros anos analizados (1977 e 1987) a presenza de pezas sobre prostitución cun interese alto é moi reducido. Só localizamos, de feito, tres pezas. Semellan ser os factores de noticiabilidade seguidos:

- o morbo : "Espeluznante muerte de una prostituta en la habitación de un hotel madrileño. Un norteamericano realizó con ella prácticas sadomasoquistas" (no que se destacan frases como "Además de abrirla en canal, le cortó los pechos, que aún no han sido encontrados" ("Espeluznante muerte de una prostituta en la habitación de un hotel madrileño", 4 de marzo de 1987)
- as dimensións do acontecido como tal suceso e o destaque do discurso da eficiencia policial: "Desarticulada una importante red delictiva internacional" (23 de outubro de 1977)
- o relevo que se lle quere dar a unha peza cun tratamento xornalístico de fondura maior ao que adoita aplicarse ao resto das das pezas. Tal é o caso do informe "La venta de mujeres en el mundo. Una práctica habitual" (9 de agosto de 1987), que abre a toda páxina e en cor.

En 1997, o interese político é predominante como criterio de noticiabilidade. A acusación do senador Piquer, por parte dunha prostituta, de incitación ao consumo de drogas e de ter aboado os seus servizos cunha tarxeta do grupo parlamentar socialista de Aragón, é obxecto dunha ampla cobertura por parte do xornal, á que se lle concede, ademais, unha gran relevancia. Das sete pezas con valor 4 publicadas nese ano, catro son sobre o caso Piquer. Das restantes, dúas delas tamén están determinadas polo interese político, e en ámbalas dúas o Partido Popular ten destacado protagonismo — "El Gobierno tipifica el delito de "corrupción de menores" y dobla las penas por pederastia" (11 de outubro de 1997) e "El Partido Popular deja solo al alcalde ante la prostitución y la delincuencia" (16 de novembro de 1997) —. A primeira é unha noticia que beneficia ao goberno do PP no Estado naquel momento. A segunda, porén, é crítica co mesmo eponse do lado do tamén popular Álvarez del Manzano, entón alcalde de Madrid. Esta última é unha peza reportaxeada, que acode a espazos de prostitución, ao igual que fai a restante peza nun lugar destacado este ano, "Las prostitutas de la Casa de Campo" (25 de setembro de 1997), onde o xornalista adopta unha actitude claramente despreciativa cara ás persoas que alí se prostitúen.

En 2007, o criterio de proximidade semella ser o predominante. Boa parte das pezas están centradas no ámbito local, e mais en concreto, no contexto da cidade de Madrid. A relevancia que se lle concede á información, pois, cómpre relativizala tendo en conta que chega só a un ámbito autonómico ou local. As medidas políticas respecto á prostitución e o conflito veciñanza-prostitución de rúa, no que o ABC adoita situarse do lado da veciñanza, son os principais motivos das unidades redaccionais que merecen valor 4. Das 18 pezas destacadas con tal valor, oito fan referencia, precisamente á prostitución de rúa, tanto ás medidas políticas coas que se quere atallar como ás protestas veciñais. Nunha delas, recóllese á voz das prostitutas, pois a súa protesta protagoniza a información, quizais pola excepcionalidade dunha manifestación pública protagonizada polas propias persoas que exercen a prostitución: "Para nuestro trabajo, un espacio, piden las prostitutas en una cacerolada " (4 de xullo de 2007). A voz das persoas que se benefician da venda de sexo alleo tamén está presente, aínda que non en relación co ámbito da prostitución de rúa, senón coa de club e, ademais, nunha sección de carácter autonómico: "Los empresarios demandan acabar con la situación "alegal" de los clubes de alterne. Denuncian el problema de inseguridad jurídica al que se enfrentan "siempre que las fuerzas de seguridad realizan redadas" (4 de novembro de 2007).

Tamén ten relevancia para ABC a prostitución forzada, á que se dedican catro das informacións con valor 4: "Arrestan a 88 personas de una red de "trata de blancas" (28 de xuño de 2007), "Burdeles para presos, el último tabú del horror nazi" (29 de xullo de 2007), "Golpe en Almería a una red que trajo 2.000 esclavas sexuales rusas" (20 de abril de 2007), "Detenidos 32 miembros de una red que explotaba sexualmente a mujeres. Entre las víctimas, de origen nigeriano, había menores de edad. Muchos de los arrestos se han producido en Madrid, Torrejón de Ardoz y Fuenlabrada" (29 de outubro de 2007).

O debate prostitución-legalización está presente, neste ano, entre as pezas con valor 4: "Tras casi tres años de debate, las Cortes ni legalizan ni prohíben la prostitución" (14 de marzo de 2007).

O resto das pezas destacadas con valor 4 podemos agrupalas en dous polos opostos: por un lado, a información de sucesos ("Treinta y cinco prostitutas escapan del fuego en su club de alterne de la A-6", do 18 de decembro de 2007), no que tamén podemos incluír as diversas pezas que neste ano fan referencia á detención de mafias. Por outra banda, aquelas nas que a prostitución é abordada como tema, e non como

acontecemento episódico: "El 20% de los hombres que se prostituyen tiene VIH, frente al 0,8% de las mujeres" (16 de xuño de 2007) e "Me llamo José, 30 años, con idiomas: cobro 150 euros por cada servicio" (16 de setembro de 2007). A excepcionalidade, derivada da abordaxe da realidade masculina fronte á máis habitual prostitución feminina, é aquí tamén importante criterio de noticiabilidade.

En 2012, o criterio de proximidade segue a ser fundamental para que á prostitución se lle dea relevancia (das nove pezas con valor 4, sete sitúanse no contexto local e autonómico). O debate político ao respecto das medidas a adoptar fronte á prostitución de rúa é protagonista, neste ano, nos contidos destacados con valor 4. Ana Botella é o actor político que máis presenza e relevancia ten nos titulares de ditas informacións ("Ana Botella rechaza las multas a prostitutas anunciadas por Interior" (15 de xuño de 2012), "Ofensiva contra el botellón, prostitución y mendicidad. Ana Botella unificará en una sola ordenanza de convivencia todas las normas existentes, para combatir los excesos" (18 de setembro de 2012); "Regular las zonas de prostitución esconde el problema, no lo solventa". Ana Botella recalca que su ejercicio "va contra la dignidad del ser humano" (1 de setembro de 2012). O xornal apoia o seu posicionamento, non multar ás persoas que exercen a prostitución na rúa, fronte ás posturas que se está a adoptar dende o concello de Barcelona (multas a compradoras de sexo e tamén a prostitutas): "Barcelona endurece su veto contra la prostitución callejera. Entra en vigor la nueva normativa que incrementa las multas a los clientes" (17 de agosto de 2012).

A prostitución forzada segue a ser outro dos ítems aos que maior relevancia se lle dá na información, en especial o xuízo exemplar ao proxeneta coñecido como "Cabeza de Cerdo": "30 años a "Cabeza de Cerdo" (21 de febreiro de 2012), "Así se fabrica un traficante de mujeres" (26 de febreiro de 2012) ou "El invierno de Viorela: prostituida y tatuada con un código de barras" (25 de marzo de 2012). A información sobre crónica negra tamén está presente noutras informacións destacadas—"Arranca el juicio por el asesinato de una prostituta en El Cerro" (20 de febreiro de 2012), así como segue a estalo a voz da veciñanza que protesta contra a prostitución de rúa: "Empresarios de La Torrequilla alertan de un repunte de la prostitución" (15 de outubro de 2012).

6.1.16.2. *El País*

Os resultados obtidos para *El País* quedan sintetizados no seguinte cadro:

Taboa 52. Nivel de relevancia das informacións sobre prostitución *El País*

ÍNDICE DE RELEVANCIA	1977	%	1987	%	1997	%	2007	%	2012	%	TOTAL	%
0-Mínimo interese	3	15,79	3	4,00	15	12,82	9	6,29	3	5,08	33	7,99
1-Mínimo interese	9	47,37	39	52,00	47	40,17	50	34,97	7	11,86	152	36,80
2-Interese baixo	6	31,58	25	33,33	38	32,48	51	35,66	23	38,98	143	34,62
3-Interese medio	1	5,26	8	10,67	15	12,82	24	16,78	12	20,34	60	14,53
4-Interese medio alto		-		-	1	0,85	9	6,29	7	11,86	17	4,12
5-Interese alto		-		-	1	0,85	0	-	7	11,86	8	1,94
	19	100	75	100	117	100	143	100	59	100	413	100

Fonte: Elaboración propia

En *El País*, ao igual que acontece en ABC, as pezas que máis abundan son as categorizadas como de "mínimo interese" para o xornal (índice de relevancia 0 e 1).

Supoñen, en total, case un 45% do total. Xunto con aquelas de interese baixo (índice de relevancia 2), son en total un 79,41%. É dicir, máis das tres cuartas partes das unidades redaccionais que o xornal publica sobre prostitución, segundo os datos rexistrados na mostra que conforma este traballo de campo, teñen para o xornal ou un interese mínimo ou baixo. Conseguen un interese medio o 14,53%, e un interese medio alto ou alto, o 6%. Os resultados para cada unha das categorías analizadas son moi similares aos recadados en ABC.

A porcentaxe de informacións que merecen un interese medio alto ou alto é mínima até iniciado o novo século. Nin en 1977 nin en 1987 se rexistra información algunha que reciba tal atención. En 1997, límitase ao 1,7% do total a porcentaxe de unidades redaccionais con índice de relevancia 4 ou 5. Porén, en 2007, prodúcese un salto importante. Acádano máis do 6% das pezas analizadas, e supera en 2012 o 23%.

No primeiro dos anos analizadas, a peza que consegue máis atención conta cun índice de relevancia 3 e non está dedicada en exclusiva á realidade da prostitución, canto que se trata dunha reportaxe ao redor de tres oficios de "supervivencia" en Madrid ("Sobrevivir en Madrid", do 7 de decembro). En 1987, as unidades que ocupan un espazo máis destacado non superan o índice de relevancia 3. Están en relación son sucesos que acadan este ano gran repercusión (como o asasinato de Rufina Sanz mentres exercía a prostitución), mais tamén coa crise da SIDA e cos casos de pederastia que se trasladan á esfera pública neste ano.

É en 1997 cando por primeira vez encontramos unha unidade redaccional con valor de relevancia 5, centrada no tema que focaliza a axenda política este ano, a pederastia: "Los pederastas detenidos en Barcelona vendían desde hace 10 años películas pornográficas". Séguelle, canto a relevancia a información ao redor do asasinado do modista Gianni Versace por un "chapero" de luxo, adiantando unha tendencia que veremos replicada en anos posteriores (a relevancia que se lle outorga a casos que ligan a persoeiros famosos co mundo da prostitución). Porén, a gran maioría das pezas que ocupan un lugar máis destacado fican no valor 3, segundo a miña adaptación do índice BUDD, e xiran ao redor da prostitución de menores (o xuízo do caso Army ocupa grandes titulares), de casos de pederastia, ou tamén, relacionados con persoeiros de relevancia pública (como acontece co socialista Carlos Piquer).

Os datos amosan, ao igual que en ABC, un incremento destacado do interese por esta realidade a partir do primeiro ano analizado do século XXI. Vén da man, ao igual que no outro xornal obxecto de estudo nesta tese, da entrada da prostitución como tema na axenda política en 2007, tanto polo debate entre abolición e legalización que se suscita a raíz do informe sobre a situación da prostitución que se elabora por aquel entón dende a Comisión Mixta Congreso-Senado dos Dereitos da Muller, como polas medidas que se discuten no ámbito das políticas locais ao redor da prostitución de rúa. En 2007, as informacións que conseguen relevancia maior (índice BUDD 4, ningunha acada o 5) están relacionadas, ou ben, co debate político ao redor da prostitución, ou con sucesos que conseguen, nas edicións locais, atención destacada. No primeiro dos casos encóntranse pezas como as tituladas "Socialistas, poulares y CiU acuerdan que no se regule la prostitución como trabajo" (14 de marzo), "Suecia castiga a más de 200 clientes de la prostitución" (25 de febreiro) ou "Youtube contra la degradación" (25 de febreiro). No segundo, as informacións sobre a trama de corrupción policial descuberta en Ronda, que merece ampla atención na edición de Andalucía de *El País*: "Los policías de la trama de Ronda vendían 'papeles' falsos a 1.800 euros" (20 de novembro), "El juez de la trama policial de Ronda investiga filtraciones a los imputados" (19 de xullo), "Los tres policías de Ronda encarcelados están imputados por una decena de delitos" (24 de febreiro)...

En 2012, a axenda política segue contar cun lugar destacado entre as unidades redaccionais ás que o xornal lle outorga maior importancia, mais xa non ao redor do debate legalización-abolición nas políticas estatais, que semella superado a favor desta última opción, senón en relación con outras dúas temáticas: a loita contra a trata de persoas con fins de explotación sexual e as políticas que se discuten e/ou se adoptan no ámbito local en relación coa prostitución de rúa. Nesa liña están as unidades redaccionais tituladas "Barcelona prohíbe la prostitución callejera" (18 de agosto), "El Gobierno de Mas se propone "abolir" la prostitución" (23 de marzo), "La prostitución, debajo de la alfombra" (1 de xuño), ou as incluídas na extensa cobertura que se lle dá ao xuízo, presentado como exemplar, ao proxeneta Ioan Clampanu, ou á loita da coñecida como "nai coraxe arxentina" por recuperar á súa filla, secuestrada polas redes de trata: "La fábrica de Cabeza de Cerdo". El juicio contra el capo de la prostitución desvela el infierno que padecieron cientos de mujeres" (5 de marzo), "Susana Trimarco 'Madre coraje' argentina que busca a su hija: 'Así como yo no tengo paz, tampoco ellos la van a tener'" (18 de marzo), "'Yo no quería abortar pero Ioan me obligó a hacerlo'" (1 de febreiro)...

Entre as unidades redaccionais con maior relevancia están, neste ano, aquelas que ligan a prostitución, a persoeiros con relevancia pública, tal é o caso de Dominique Strauss-Kahn: "El material del que están hechos lo sueños del DSK" (26 de febreiro) ou "Strauss-Kahn queda detenido en comisaría por proxenetismo" (22 de febreiro).

6.1.17 Presenza de ilustración

6.1.17.1. ABC

Taboa 53. Presenza de ilustracións nas informacións sobre prostitución ABC

	1977	%	1987	%	1997	%	2007	%	2012	%	TOTAL	%
PROSTITUTAS			4	18,2	7	20,0	32	46,4	24	44,4	67	35,6
COMPRADORES DE SEXO			1	4,5	9	25,7	6	8,7	6	11,1	22	11,7
POLICIAIS			2	9,1	2	5,7	5	7,2	9	16,7	18	9,6
ACTORES POLITICOINSTITUCIONAIS E GOBERNAMENTAIS			5	22,7	9	25,7	-	-	-	-	14	7,4
PROXENETAS			3	13,6	1	2,9	2	2,9	8	14,8	14	7,4
VECIÑANZA				-	1	2,9	6	8,7		-	7	3,7
XURÍDICOS			3	13,6	2	5,7	1	1,4	1	1,9	7	3,7
MEDIOS DE COMUNICACIÓN				-		-	1	1,4	1	1,9	2	1,1
MOVEMENTO FEMINISTA			1	4,5		-	1	1,4		-	2	1,1
ASOCIACIÓN ASISTENCIALISTAS				-		-	1	1,4		-	1	0,5
OUTRAS	8	100	3	13,6	4	11,4	14	20,3	5	9,3	34	18,1
	8	100	22	100,0	35	100,0	69	100,0	54	100	188	100

Fonte: Elaboración propia

*% sobre o total de actores presentes nas fotografías

Van acompañadas de imaxe ao redor dun terzo das unidades redaccionais analizadas (en concreto, o 34,6%, é dicir, 188 das 543 que compoñen esta mostra para o caso de ABC). O acompañamento gráfico incrementase, sen excepción, ao longo dos

anos analizados, en especial, nos dous últimos (2007 e o 2012), nos que a prostitución está máis presente, así mesmo, na axenda do xornal.

Canto ás persoas que protagonizan as imaxes, son aquelas que exercen a prostitución (e, case en exclusiva, as mulleres que exercen a prostitución), as que, de modo máis frecuente, son obxectivo das cámaras. Supoñen, de feito, máis dun terzo das e dos actores rexistrados nas fotografías que acompañan aos contidos analizados (en concreto, o 34,6% sobre o total). Moito menor é a presenza dos outros dous actores máis directamente implicados na venda de sexo de pago: os compradores (que fican no 11,7% do total), e os proxenetas (cuxa presenza se limita ao 7,4%).

6.1.17.1.1. Características da representación gráfica das persoas que exercen a prostitución

A representación gráfica das persoas que exercen a prostitución caracterízase por:

- O predominio dunha representación distanciada das persoas (na súa práctica totalidade mulleres), que exercen a prostitución. A distancia física dende a que o obxectivo enfoca a escena é indicio, tamén, dun distanciamento emocional. As imaxes, a non ser en casos excepcionais sobre os que logo abundarei, non crean empatía coas mulleres que se prostitúen, senón máis ben todo o contrario. Ao igual que non adoita haber un diálogo, na información, coas persoas que se prostitúen (sobre elas fálase pero, como xa vimos na análise de fontes, só en moi contadas ocasións se ten en conta o seu punto de vista), tampouco existe ese diálogo, esa proximidade, á hora de tomar a foto. Son imaxes, en moitos casos, probablemente roubadas, sen o consentimento das persoas que se fotografían. Cando o fotógrafo, a fotógrafa, se achega máis, a prostituta fai xestos claros de rexeitamento (ou intenta tapar o obxectivo da cámara, ou intenta ocultar o seu rostro).

Cercos a las redes de prostitución

▶ La delegada del Gobierno combatirá a los proxenetas como objetivo prioritario

M. J. ÁLVAREZ MADRID

«Que la Comunidad de Madrid no sea un territorio fácil donde se obligue a

mas que sufran estas vejaciones en cualquier circunstancia con el fin de favorecer su reinserción social, poniendo a su alcance todos los recursos asistenciales.

«La prostitución, considerada el oficio más viejo del mundo, es una actividad forzada, obligada y denigrante, de ahí que no se pueda hablar de un trabajo ni de regularla: es imposible y sería un disparate», aseveró.

Añadió que estas mujeres son vícti-



Una prostituta en el polígono Marconi de Villaverde

"Cercos a las redes de prostitución" (14 de febreiro de 2012, sección Madrid). Unha foto similar, coa mesma muller e o mesmo xesto, aparece no xornal noutra información publicada nun día distinto.



Publicada o 24 de febreiro de 2007 (sección Madrid).

- Presenza de estereotipos: Que a representación sexa distanciada non implica que sexa obxectiva. Non o pode ser canto que a cámara, ao igual ca quen informa, fai sempre unha selección daquilo que mira ou quere destacar. O que si leva consigo ese distanciamento é unha presenza elevada dos tópicos e estereotipos que acompañan á representación gráfica das mulleres que se prostitúen, cunha carga de morbosidade que se acentúa nos últimos anos. As imaxes inciden na representación da prostituta en minisaia e tacóns (seminúa, en varias ocasións, nos dous últimos anos analizados). A prostituta aparece como unha muller descarada, "buscona" (provocando e/ou abordando ao cliente), mesmo agresiva (nunha das informacións analizadas). A verba "buscona" é empregada mesmo nun pé de foto: "El espectáculo de las busconas en el centro de Madrid deja estupefactos a los turistas, que no comprenden cómo la Policía, junto a ellas, no puede hacer nada por retirar de la calle este comercio humano" (19 de outubro de 1997. Sección Madrid).



Especial resume de fin de ano, publicado o 31 de decembro de 1987

Las prostitutas de la Casa de Campo


Madrid. Virginia Ródenas
No reconocen a ningún portavoz, nadie les representa ni nadie tiene su amparo para hablar por ellos. Trabajan de forma aislada en la Casa de Campo y no quieren saber nada las unas de los otros. Son prostitutas de color, toxicómanas y viejas pelanduscas, chaperos –mayores y menores–, y travestidos. Cobran a tres mil

pesetas el servicio completo. Ahora el alcalde y su idea de llevarles a una zona acotada ha logrado el imposible de unirlos en un solo grito: «No nos moverán». ABC habló con ellos y con la Policía. Los primeros, a los que la presencia de los segundos no incomoda lo más mínimo, dicen que seguirán usando el parque público como les venga en gana; los agentes echan en falta otra ley.

Deberían ser sus piernas pero así, a simple vista, la cosa no encajaba. El tipo, con bigotito y ojos encendidos, miraba desde el asiento recostado del conductor. «Es que esas piernas no son las tuyas», explicaba el policía. «A ese le están haciendo un lavado de bajos». Desde luego, que de haber pertenecido esas dos rótulas a la cabecita visible, la contorsión hubiera sido de medalla circense. La suciedad se desparrama por el aparcamiento, a pocos metros del cartel que anuncia que ahí empieza el circuito para los corredores. Preservativos, pañuelos de papel... pero sobre todo grandes cantidades de profilácticos sobre la arena. Más allá, unos niños juegan al balón. «Hay que ver, qué valor traer a unos niños aquí», surge el comentario. «Señora –se responde de inmediato–, si es que esto es la Casa de Campo».

Junto a la boca de metro

Pero en esta «casa de todo el sexo a mil» –resultaría así más ajustada la denominación– no hay espacio real para los cubos y las palas infantiles. La boca de metro de Lago vomita a los viajeros al área restringida de las prostitutas ajadas por la droga. Toxicómanas en los huesos, despeinadas, desgarradas y despintadas hacen la calle frente por frente con sus chulos, traficantes de medio pelo de los Pitufos, cuyas furgonetas son interceptadas un día sí y otro también



Una prostituta de Liberia negocia con un cliente un servicio

tigo del recorrido: «aquí vienes, pobre ignorante, con tu mujer a pasear al niño y por un lado te violan los bujarrones, a ella la toman por lo que no es y el chico, con tanto preservativo por el suelo, nos coje un sida de órdago. ¡Cómo para venir despistado!».

Eso sí, que nadie tema en este paraje a los peligros que encierra la soledad de un descampado: aquí, además de lo concurrido del «escaparate», nada más cruzar la calle, hay una feria infantil, con sus caballitos y todo, que curiosamente siempre tiene incondicionales.

El billete falso

El paseo de los Plátanos, en donde hace unos meses la Policía increpó a un clérigo por pagar con un billete falso de mil los favores de una ramera, no es más que una prolongación del anterior expositor. Muchachas de color, la mayoría procedentes de Liberia, cambian detrás de los árboles la ropa con la que han llegado por bragas y sujetadores llamativos. La bota negra de tacón alto y plataforma se impone en este colectivo.

Luego, ya por el paseo del embarcadero, fulanas viejas se acomodan en los bolardos. La imagen más clásica de este entorno la protagoniza una buscona entradita en años con el pelo colorado, que

Reportaxe publicada o 25 de setembro de 1997. Sección Madrid




La Policía sólo puede identificar a estas mujeres y comprobar que tienen los papeles en regla

Reportaxe publicada o 25 de setembro de 1997. Sección Madrid



6 de setembro de 2007. Sección Madrid



18 de agosto de 2012. Sección Sociedade.

- A posición corporal na que se representa ás mulleres que exercen a prostitución réstalles autoridade e tamén dignidade. Predominan as liñas diagonais e inclinadas na representación gráfica do corpo de quen se prostitúe ou é prostituída, lonxe da autoridade que adoita connotar a posición erguida e as liñas verticais. As mulleres que exercen a prostitución aparecen, na maior parte dos casos, apoiadas (contra un coche, contra unha parede...) ou en posicións que connotan degradación e lle restan dignidade a quen se fotografía (así, podémolas ver sentadas coas pernas abertas, deitadas coas pernas en alto, cos ombros baixos e en actitude deixada...), o que delata unha perspectiva pouco respectuosa ou cunha ollada de superioridade por parte de quen fotografía e selecciona a imaxe.



Los vecinos del barrio han tomado fotos de prostitutas para denunciar la degradación de la zona

ABC

Una comisión judicial inspeccionará la instalación de cámaras en el Centro

27 de setembre de 2007, sección Madrid

Las prostitutas «toman» Villaverde

► Unas 250 mujeres hacen la calle cada noche en el polígono de El Gato, para eludir la presión policial de la colonia Marconi

CARLOS HIDALGO/ M. J. ÁLVAREZ
MADRID

«La gente no nos conoce como el polígono de Villaverde sino como el barrio de las putas». Es la queja de un empresario de este distrito del sur de la capital. Y no le falta razón, porque a la problemática de la colonia Marconi se ha unido desde hace meses la de otro polígono industrial: El Gato. Las meretrices toman cada noche esta fantasmagórica zona, empotrada entre la estación de Villaverde Alto y la Avenida Real de Pinto. Ellas y los conductores que acuden «a lavar allí el coche», que es como se conoce en el argot el sexo de pago en la calle.

Una señal de tráfico nos advierte, pasadas las 23 horas, de que Marconi es zona vedada para conductores has-

Rivalidad y competencia



Dorel, el capo rumano
Pasó de matón del Este a crear su ejército de meretrices. Se le considera el dueño de Marconi

Efectos de la crisis
- en relación co mundo do delito: Sucesos, operativos policiais e xuízos copan os titulares, como xa foi visto no apartado dedicado aos marcos interpretativos. Na maioría dos casos a prostituta aparece como vítima, polo xeral, de rapto, de prostitución forzada ou de asasinatos especialmente cruentos: "Identifican a una prostituta heroinómana como la decapitada de San Fernando de Henares" (28 de agosto), "Acusa a un hombre de violarla y obligarla a prostituirse" (29 de xullo), "Espeluznante muerte de una prostituta en la habitación de un hotel madrileño" (4 de marzo), "La joven de Elche obligada a prostituirse: 'Un día más... y quizá me hubiese suicidado'" (19 de marzo), "Dramático SOS de una joven, forzada al alterne en un club" (14 de marzo)...". Porén, hai tamén exemplos nos que a persoa que se prostitúe é a executora: "Muerto por una prostituta al filmar sus sesiones eróticas" (28 de xuño), "Cadena perpetua a un enfermo de SIDA que estranguló a tres compañeros de orgía. Se vengaba del mal dando muerte a sus clientes homosexuales" (12 de xullo), "Dos mujeres narcotizaban y robaban a sus víctimas" (29 de agosto), "Joven muerto en Madrid por el narcótico que una prostituta le mezcló con licor. La mujer captaba a la clientela en terrazas de la Castellana" (23 de setembro)...

A identificación como fonte de inseguridade pode ser mesmo directa, tal e como acontece no titular desta información do 11 de abril de 1987: "La Policía afirma que la prostitución es uno de los mayores focos de inseguridad ciudadana". Malia a que este discurso, posto en boca do comisario xefe da Brigada Central da Policía Xudicial, é o que aparece máis relegado no corpo do texto, no que se introducen as declaracións de varias e varios poñentes participantes nunha das sesións das xornadas sobre prostitución que se celebran en Madrid este ano, porén, este é o que se aproveita para levar ao titular. O discurso con máis peso no corpo da nova é máis complexo, favorable á legalización, e está protagonizado pola delegada do goberno, Ana Tutor, e pola avogada María de la Cruz Castejón, que pide a derogación da Lei de Perigosidade Social e afirma que é o hostigamento e a persecución da prostitución a que xera a inseguridade xurídica que propicia a inseguridade cidadá.

- en relación coas drogodependencias, en titulares como "Identifican a una prostituta heroinómana como la decapitada de San Fernando de Henares" (29 de agosto), "Hallan muerta por sobredosis de heroína a una prostituta de la Alameda" ou "Regente de un "pub" detenido con cocaína" (3 de setembro). As drogas son, este ano, un dos vértices do triángulo que completan a SIDA e a prostitución, que ocupa un lugar destacado na axenda do xornal como un perigo público.

Mais as drogas tamén serven para presentarnos como vítima a quen se prostitúe. Dentro deste marco interpretativo, apúntase ás drogas como unha das causas da entrada e da permanencia no mundo da prostitución, tal e como acontece nesta información, na que se recolle o discurso das relixiosas responsables dun centro de acollida a prostitutas:

Según los informes del equipo que colabora con Askabide, en Bilbao hay un millar de mujeres que ejercen la prostitución; muchas de ellas están también sometidas a la droga. De hecho, la mayoría de ellas se prostituyen para poder drogarse ("Religiosas abren un centro de acogida para prostitutas", 3 de agosto).

- en relación á desestruturación familiar (é dicir, á ruptura da estrutura familiar normativa dende a perspectiva católica). O abandono do fogar por parte de menores de idade ou a maternidade fóra do matrimonio son apuntados como factores estreitamente relacionados co exercicio da prostitución, mesmo causais. Esta é, de feito, a principal liña argumental da reportaxe "La huida del hogar, caldo de cultivo de la prostitución de menores", do 20 de setembro:

El noventa por ciento de las muchachas que abandonan su hogar lo hacen antes de cumplir los dieciocho años, lo que supone un importante caldo de cultivo para este tipo de prostitución, del que se aprovechan los proxenetas. La mayoría de estas jovencitas acaban encerradas en un mundo del que difícilmente volverán a salir. El aislamiento al que las mantienen sus "protectores" y la ausencia de denuncias favorecen el uso de la violencia para mantenerlas dentro de sus redes. Otros factores son la dependencia de la droga, en algunos casos, y el control que los proxenetas ejercen sobre la vida de sus hijos, ya que muchas de estas jóvenes son madres antes de la mayoría de edad.

A pertenza a estruturas familiares non convencionais, como as familias monoparentais, é destacada tamén entre os datos que se ofrecen (nese caso, sen ningún respecto pola intimidade da vítima) nunha información sobre a aparición, na rúa, dunha prostituta sen vida:

Diversas causas que rodearon el hallazgo y traslado del cadáver, así como las señales y hematomas que éste presentaba, hicieron pensar en un primer momento que la muerte de esta mujer, que tenía su domicilio en la residencia para madres solteras Villa Teresita, pudiera deberse a la intervención de una mano criminal (22 de outubro).

- en relación á transgresión das construcións tradicionais de xénero e, en especial, do binomio home-muller. En varias ocasións neste ano se denuncia o perigo sanitario que se considera que supón a prostitución de mulleres transxénero, como fonte de propagación de SIDA. Tal é así que mesmo nalgunha información se chega a considerar a prostitución de "travestidos" como "praga" que hai que "erradicar". Para referirse a ela empréganse conceptos como "invasión" ("aquellas zonas invadidas por los travestidos noctámbulos", no artigo "Barrio chino", do 8 de decembro). Non se chega nunca a explicar, porén, porqué a prostitución de persoas transxénero pode ser un factor de risco a maiores dos xa apuntados pola comunidade científica, como o mantemento de relacións sexuais sen protección. Vexámolo en exemplos:

La prostitución de travestidos se extiende, como una plaga, en una serie de zonas céntricas de la ciudad. Los vecinos de las mismas han reclamado su erradicación, hasta el momento, sin obtener demasiados resultados concretos a sus peticiones (31 de decembro de 1987).

La Policía Nacional y Municipal llevaron a cabo un notable despliegue en las calles de Vitruvio y Juan de la Cierva para erradicar la prostitución de travestidos ("Travestidos", 12 de abril d 1987).

As mulleres transxénero protagonizan, nese ano, titulares nos que aparecen como asasinas, o que reforza a imaxe das mesmas como un actor social perigoso, non só como elementos de transmisión da SIDA senón tamén polo perfil delitivo co que son caracterizadas:

"Travestí detenido como presunto asesino de un "cliente", al que propinó cincuenta puñaladas" (13 de marzo).

"Detenido un travestido por la muerte de un ingeniero" (13 de marzo).

A prostitución é tratada, pois, como anormalidade, ligada a colectivos que supoñen exogrupos con respecto ao ABC e, como tales exogrupos, acontece a habitual identificación dos mesmos como ameaza por parte do endogrupo. Neste ano, a prostitución é presentada como ameaza a varios niveis: a) sanitario; b) moral; c) para a imaxe urbana; d) ligado aos perigos asociados co mundo do delito. Todos estes marcos interpretativos aparecen con frecuencia nas numerosas noticias nas que se recollen as queixas da veciñanza, e son adoptados polo discurso do propio xornal.

A prostitución como perigo sanitario, e máis en concreto para a transmisión da SIDA, é unha constante ao longo deste ano, tal e como podemos ver de maneira manifesta no titular "La prostitución de travestidos, un peligro sanitario, según los vecinos de Vitruvio. En la zona existen un instituto y varias guarderías" (27 de febreiro). Neste clima de alarma a que o xornal contribúe, denúnciase, en varias

ocasións, a presenza de xeringas nas proximidades dos colexios e o perigo sanitario que isto supón para os nenos e para as nenas, como se manifesta de maneira explícita no titular "El SIDA amenaza a los niños en la zona de la calle Vitruvio" (16 de abril). Un discurso que mesmo chega a estar presente na sección Zigzag, na que podemos atopar pequenos textos de opinión sen asinar a modo de editoriais, poñendo en cuestión o posicionamento do virólogo Rafael Nájera ao respecto.

A mediados de febrero, representantes de la Asociación Popular de Vecinos Altos del Hipódromo de Madrid fueron recibidos por el doctor Nájera. Estos padres de familia le expusieron la preocupación por el contagio de SIDA y hepatitis B que corre la población infantil en la zona de la calle Vitruvio, debido al posible contagio infantil con jeringuillas, preservativos y otros detritus que habitualmente deja la prostitución de travestidos en aquella zona y en el interior de determinados colegios allí ubicados. Después de escucharlos atentamente, el doctor Nájera fue breve y lacónico en su respuesta: "Los niños –argumentó– no corren ningún peligro, ya que no son tan tontos como para coger y jugar con jeringuillas del suelo." Recientemente –y esto convendría que lo supiese el doctor Nájera–, en el colegio público Maestro José Regidor, de Huelva, varios niños se contagiaron de hepatitis B por jugar, precisamente, con jeringuillas usadas que se habían encontrado en la calle.

Nalgúns casos, mesmo se chega a tratar á prostituta afectada pola SIDA como un animal perigoso que cómpre atrapar:

Por otro lado, y según informa nuestro corresponsal en Alicante, Pastor Chilar, una prostituta con SIDA podría estar suelta en la ciudad, ya que se marchó del hospital después de habersele realizado el diagnóstico ("Veinte extranjeros, expulsados de la República Federal de Alemania por tener el virus del SIDA", 29 de marzo).

A ou o prostituto que exerce con SIDA é tratado non só como un perigo, senón tamén como un ser malintencionado que se vingará, nos demais, do mal que padece, como na información titulada "Cadena perpetua a un enfermo de SIDA que estrangulou a tres compañeiros de orgía. Se vengaba del mal dando muerte a sus clientes homosexuales" (12 de xullo de 1987).

O xornal faise eco, así mesmo, das medidas adoptadas en países estranxeiros para frear a expansión da SIDA a través da prostitución. Nalgún caso, chegan mesmo ao cárcere ou á expulsión do país: "Veinte extranjeros, expulsados de la República Federal de Alemania por tener el virus del SIDA", 29 de marzo), "Campaña sueca contra el SIDA: prohibidas por ley las casas de masajes. La infracción de la nueva legislación se pagará con la cárcel" (25 de marzo).

A prostitución é tamén abordada, en ABC, como perigo moral. Nesta liña argumental, que vemos explícita na sección Opinión do xornal, a prostitución é vista como espello do clima de liberdade sexual que se considera que se está a fomentar co apoio dos poderes públicos (como xa observamos na carta ao director titulada "En familia"). Nesta liña vai o artigo "Sexualidad" (28 de setembro de 1987), publicado na sección ZIGZAG, no que se lle dá resposta a un editorial publicado por *El País* neses días: "Menores en el prostíbulo" (26 de setembro de 1987). Nel, considéranse cómplices os poderes políticos (teñamos en conta que, entón, o goberno estatal era socialista) por incitar ao coñecemento e práctica prematura da sexualidade na educación, e polo fomento dun clima de permisibilidade en materia de sexualidade. Mesmo se pon como causa indirecta da prostitución de menores a difusión de *El libro rojo del cole* nos ambientes escolares, unha monografía de orixe danesa que foi traducida ao español e publicada de modo clandestino na Transición, e na que se abordaban temas como a

sexualidade xuvenil. Os poderes económicos, porén, son exculpados de toda responsabilidade para coa prostitución de menores, malia a ser a trata de mulleres un importante negocio e suculento motor de diñeiro negro no ámbito internacional.

La utilización sexual de menores con fines comerciales es tan vieja como lo son la miseria y la ignorancia que la hacen posible. La complicidad de los poderes públicos y económicos ha impedido que se haya puesto remedio radical a esta grave tara". De acuerdo. Pero como el párrafo comenta el juicio en Valencia contra los implicados en una red de prostitución infantil, haremos dos precisiones. La menos necesaria es que no sabemos qué complicidad pueda atribuirse a los poderes económicos. La más importante es que los poderes públicos tienen, sin duda, alguna responsabilidad, pues en ámbitos públicos se han producido divulgaciones como los libros rojos del cole y otras muchas incitando al conocimiento y práctica prematura de la sexualidad (28 de setembro).

En relación con ese enmarcado da prostitución como causa e/ou consecuencia da corrupción moral, do relaxamento de costumes, podemos situar a énfase que en varias informacións se fai no exercicio da prostitución de rúa en lugares polos que transitan as crianzas, como os parques públicos ou as proximidades dos colexios. É este un factor que adoita ocupar un lugar destacado nas queixas da veciñanza.

A prostitución é abordada tamén como perigo para a seguridade, a convivencia cidadá e para a imaxe urbana da cidade, con consecuencias mesmo económicas para os negocios locais. Vémosto nesta información:

Desde que existe este clima de inseguridad he llegado a perder hasta el ochenta por ciento de los ingresos de mi negocio". Con estas palabras, Luis Otero, propietario de una taberna, ilustra con un ejemplo la situación en la que viven varias zonas del barrio de Chamberí. Ruidos, ocupación de la vía pública, prostitución y delincuencia, son los principales problemas que, según los vecinos, necesitan de soluciones rápidas y drásticas ("Vecinos de Chamberí emprenden acciones para atajar el ruido y la prostitución. 'Si la administración no los barre, lo haremos nosotros'", 18 de novembro).

A posición do xornal, tamén no que se refire aos problemas de convivencia coa prostitución de rúa, é explícita a prol da veciñanza que verque as súas queixas pola práctica do comercio sexual nos seus barrios. Explícita é tamén a esixencia de responsabilidades políticas, como vemos neste outro Zigzag, referido a un escenario, a cidade de Madrid, gobernado entón por un alcalde socialista.

Los vecinos de Chamberí, especialmente los de aquellas zonas invadidas por los travestidos noctámbulos, han propuesto a la Junta Municipal la creación de un barrio chino que acote cualquier tipo de prostitución. La propuesta llega después de años de protestas a las autoridades municipales y gubernamentales para evitar el diario espectáculo de ver en las aceras de sus calles este mercado de la carne, inevitablemente acompañado del de la droga. Es la propuesta de la desesperación ante la pasividad de aquellos a los que corresponde buscar soluciones ("Barrio chino", 8 de decembro).

Un dos discursos máis presentes en 1987, ao igual ca en todo o período analizado, é o da crónica negra. Porén, a abordaxe que se fai este ano da información de sucesos destaca pola intensidade na inclusión de datos morbosos, entendendo como morbo, tal e como o fai o dicionario da Real Academia Galega, a "inclinación obsesiva a deleitarse en escenas ou en sentimentos desagradables". Indicativo é, ao respecto, o tratamento

que se lle dá ao asasinato dunha muller que exercía a prostitución en Madrid, que perde a vida a mans dun comprador de sexo. Os titulares son xa, de por si, abondo explícitos:

"Espeluznante muerte de una prostituta en la habitación de un hotel madrileño. Un norteamericano realizó con ella prácticas sadomasoquistas" (4 de marzo).

"Detenido un norteamericano como presunto autor del salvaje asesinato de una prostituta madrileña" (4 de marzo).

"Prostituta estrangulada, mutilada y arrojada al patio de un hotel de Madrid" (4 de marzo).

O corpo das informacións é xeneroso en detalles sobre o asasinato, o modo en que se executou e as feridas presentadas pola vítima:

Además de abrirla en canal, le cortó los pechos, que aún no han sido encontrados ("Espeluznante muerte de una prostituta en la habitación de un hotel madrileño", 4 de marzo). A frase aparece como destacado na información.

A morbosidade acrecéntase, na información, remitindo a outros asasinatos especialmente cruentos cos que se alimenta aínda máis a imaxinación da ou do lector:

De cualquier forma, y en el terreno de la especulación, conviene traer a colación el caso del japonés que descuartizó a una joven holandesa en un apartamento de París y después introdujo sus restos, minuciosamente cortados, en varias maletas que abandonaría en el Bosque de Bolonia. Días más tarde, la Policía gala descubriría que aquel joven estudiante nipón se había comido algunos trozos escogidos de su víctima, tras conservarlos en un congelador. Este hecho, evidentemente, no quiere decir que sea similar al ocurrido ayer en Madrid ("Espeluznante muerte de una prostituta en la habitación de un hotel madrileño", 4 de marzo).

O morbo non só está presente no texto, senón tamén na imaxe. Ante a ausencia de fotografías que visualicen o crime, o asasinato é recreado mediante a ilustración nunha das seccións gráficas do xornal:



(ABC, 4 de marzo de 1987, sección Actualidad Gráfica)

No intento de ampliar información, o xornal acode ao lugar onde vivía a vítima, Rufina Sanz, e entrevista á dona da pensión na que se aloxaba. A información resultante

é titulada "Rufina era una chica limpia; tenía la habitación como los chorros del oro. Según los propietarios del hostel, era discreta y reservada." (4 de marzo de 1987). O feito de que no titular dunha información, ao que se adoita levar aquilo máis destacado, sorprendente ou excepcional, se inclúa tal dato (a pulcritude da vítima) revela o estereotipo que o xornal pode ter das prostitutas. Queda implícito que, malia a ser prostituta, "Rufina era una chica limpia".

O discurso da prostituta como vítima, alén a información sobre crimes, está ligado este ano fundamentalmente a dúas realidades: a trata de mulleres é a explotación de menores. Os casos de trata que se abordan adoitan ser de carácter intraterritorial, nas fronteiras do propio estado, e acostuman referirse ao secuestro de mozas e mulleres para o exercicio da prostitución. O discurso da trata, ligado ao do tráfico, é dicir, o engano de mulleres estranxeiras que son traídas a España para exercer a prostitución contra a súa vontade ou en condicións distintas ás acordadas, será posterior, coa ondada migratoria que se producirá anos despois con destino ao Estado español.

O máis frecuente, porén, é que a muller apareza como vítima en casos de prostitución de menores. Convive no xornal un discurso ambivalente. Por unha banda, solidarízase coas vítimas, ás que adoita denominar, no caso, por exemplo, do xuízo de Valencia contra a prostitución, como "niñas". Mais, por outra banda, tamén recolle discursos que as culpabilizan ou que exculpan ao agresor, o que acontece, por exemplo, a través da difusión das declaracións no xuízo dalgunha das persoas que testifican. Datos como que as nenas parecían ter profesionalidade, que estaban vestidas de forma suxerente, ou que estaban moi medradas para a súa idade e parecían maiores, son recollidas polo xornal das declaracións que teñen lugar no proceso.

"Comenzó en Valencia el juicio contra los responsables de una red de prostitución infantil. Una de las procesadas afirma que las niñas 'tenían profesionalidad'" (titular da noticia, 15 de setembro)

Otro de los asuntos debatidos fue la apariencia de las jóvenes, en el sentido de si daban la impresión de menores, oyéndose frases como que "estaban muy hechas" y que "tenían bastante pecho y no se cortaban en nada", llegando a preguntar el abogado, Roque Gambaro, si ello era así "pese a que ahora las mujeres tienen menos pecho que antes", lo que provocó la hilaridad en la sala ("Procesados por delitos de prostitución infantil denuncian coacciones policiales", 16 de setembro de 1987).

un policía señaló que cuando se localizó en un club de carretera a la menor Rosa Ana Ribes, ésta "iba pintada y bastante provocativa", y en cuanto a su manera de actuar agregó que "tenía desenvoltura, por lo que debía llevar tiempo en este trabajo" (...) "otro concretó que la muchacha solamente vestía "unos pantys y unas bragas ("Juicio prostitución: un defensor renuncia a los interrogatorios en señal de protesta", 24 de setembro).

Outro dos factores que se emprega para culpabilizar á vítima é o ter levado unha "vida azarosa", o terse apartado do bo camiño, seguindo a metáfora da que se bota man nunha das informacións. Así o vemos no caso dunha menor presuntamente prostituída na localidade de Elda. Nun dos titulares sobre o caso dise, literalmente, que "La joven que denunció su rapto llevó una vida azarosa" (31 de xaneiro). No corpo da noticia coméntase que

"La Puri", como se conoce a la joven en los ambientes que viene frecuentando desde niña, ha protagonizado una vida tan independiente como azarosa. Sus padres hicieron lo humanamente posible por llevarla por el buen camino, lo que no consiguieron. Estuvo internada en un reformatorio, pero cuando salió del Centro continuó llevando el mismo género de vida. La hermana mayor de Purificación, de

veintitrés años, ha declarado que lamenta los últimos acontecimientos, "aunque no se podía esperar más que una cosa así".

Introdúcense tamén, nalgúnhas informacións, elementos que, de modo indirecto, contribúen a exculpar o agresor en base a factores como a enfermidade mental ou a defensa fronte a unha provocación. Nalgún caso, mesmo se leva a titular, sendo así asumido polo xornal o discurso da fonte da que se recolle tal información: "El americano que mató a una prostituta, enfermo mental" (28 de marzo de 1987). Neste caso, o xornal leva ao encabezado da información o discurso que recolle de fontes médicas, tal e como desenvolve no corpo da mesma:

El súbdito norteamericano David Baxter Noyes, presunto asesino de la prostituta Rufina Sanza Caviedes, "es un psicópata profundo y sufre graves transformos físicos", informaron fuentes médicas. David Noyes fue reconocido recientemente por los médicos forenses de los Juzgados números 2 y 12, doctores Arroyo y Alfonso Cabezas, respectivamente, quienes aconsejaron su ingreso en un psiquiátrico.

Que solucións se propoñen en ABC para abordar a realidade da prostitución? O discurso das solucións amosa trazos regulacionistas, a prol do control policial e do discurso punitivo, mais tamén a prol dun control de carácter tamén sanitario, que deriva en argumentos como a determinación de zonas para a reclusión do exercicio da prostitución.

O discurso punitivo evidénciase na información "La justicia británica permite a las prostitutas pagar multas con sentadas en los juzgados" (18 de xaneiro). O xornalista interpreta dende o principio da información, ao sinalar que "La Justicia en Birmingham vive una época de alta frivolidad", e destaca o mal funcionamento do sistema punitivo (sinala que "cunde la alarma ante la tendencia que puede transformar los juzgados en salas de fiestas") a partir da supresión da pena de prisión en 1982 e a súa substitución por multas.

La pena de prisión por esa dedicación [captación de clientes na vía pública] fue suprimida en el año 1982. Desde entonces no se ha encontrado ningún sistema punitivo eficaz, porque las multas pasan a ser una versión de carga fiscal, útil tan sólo para encarecer las prestaciones (8 de marzo).

A argumentación do xornalista é a que segue: Dende que a captación de clientes deixou de estar penada no Reino Unido con cárcere, o sistema é ineficaz para castigar tal comportamento, dado que é suficiente con que as prostitutas comparezan na sala do xulgado. O xornalista recréase nisto, levándoo á esaxeración e sinalando que os xulgados se van converter en salas de festas.

O discurso regulacionista é posto en boca de formacións políticas como o Partido Popular ou o Partido Demócrata. De Salarruyana, deputada do Grupo Popular, o ABC informa en breve da proposición non de lei que presenta a favor do control sanitario da prostitución en España, o que ten lugar trala publicación, nas semanas precedentes, de varias informacións relativas ás protestas de veciñas e veciños de barrios madrileños alegando problemas sanitarios. Do Partido Demócrata Popular recóllese, noutra información de carácter breve, a presentación no Congreso dunha proposición non de lei para a regulación do emprazamento da prostitución nas rúas ("Regular la prostitución", 8 de xuño).

O discurso do control policial é adoptado polo alcalde de Madrid naquel momento, o socialista Juan Barranco, quen promete máis vixilancia para evitar o problema

sanitario, tal e como se recolle na información titulada "Travestidos: La Policía Municipal vigilará más, garantiza Barranco" (14 de marzo).

Ao igual que acontece no resto dos anos, o discurso da eficiencia policial está moi presente, dado que boa parte das novas responden a operativos das forzas de seguridade: "El presunto autor de un rapto, detenido en Madrid" (12 de xuño), "Detenidos en Barcelona los explotadores de una red de prostitución de lujo" (28 de xaneiro), "La Guardia Civil investiga una red de trata de blancas en Valencia y Andalucía" (31 de xaneiro), "Desarticulada en Londres una importante red de prostitución infantil para ancianos" (3 de decembro), "Detenido un norteamericano como presunto autor del salvaje asesinato de una prostituta madrileña" (4 de marzo), "Desarticulan en Bélgica una importante red de pederastas" (12 de marzo)...

Ao mesmo tempo que hai unha presentación en positivo do discurso punitivo, e do control sanitario e policial, tamén se produce un desprestixio doutros discursos que propoñen solucións e medidas diferentes (as preventivas) de carácter non punitivo, como os que se poden escoitar nas xornadas sobre prostitución que se celebran en Madrid neste ano:

Sobre el asunto de la prostitución, en este caso femenina, parece que se había dicho casi todo; pero no es así. Ahora de lo que se trata es de realizar una campaña de solidaridad, según la doctora Pilar Estébanez, del Centro de Promoción de la Salud del distrito Centro de Madrid" (...) "de momento ya dijo el magistrado Joaquín Navarro durante su ponencia en la mañana de ayer que "la prostituta es una hermana a la que hay que dar la mano" (...) "Asistir a reuniones de este tipo no deja de tener sus sorpresas. ("Piden solidaridad para que los clientes de las prostitutas usen preservativos, 8 de abril").

O discurso feminista, presente tan só nunha información, aparece reducido á acción de "una comisión de mujeres que proferían gritos contra los acusados" na referencia que se fai á nova no apartado "Actualidad gráfica", que funciona a modo de avance ilustrado, coas imaxes do día máis destacadas, dos contidos do xornal. Hai que ir á noticia interior ("Prostitución: desalojada la sala de la Audiencia de Valencia", 26 de setembro) para saber do discurso por detrás dos berros: a petición de pena máxima contra os explotadores de mulleres, a dimisión dos cargos públicos implicados no proceso contra a prostitución infantil en Valencia, e a denuncia das redes de prostitución. O xornal deixa claro, en todo momento, que se trata dun discurso non propio:

Simultáneamente, eran lanzados en la sala varios folios firmados por una denominada "Comisión de Mujeres 8 de marzo", redactados en valenciano y en los que se denuncian las redes dedicadas a la explotación de la mujer que, según el texto, "son instituciones amparadas por hombres de negocios y políticos" (26 de setembro).

O discurso das mulleres que exercen a prostitución está presente, neste ano, de maneira directa, nun par de informacións nas que se lle dá voz ás súas reivindicacións laborais (a posibilidade de sindicárense) e as súas protestas contra as medidas propostas dende os poderes públicos (a creación de zonas fixas). De maneira indirecta, a reivindicación da prostitución como profesión é abordada nunha crítica de cine, xénero que, en máis dunha ocasión no ABC, e tal vez pola mestura de opinión e ficción, se amosa útil para a inclusión de discursos que non teñen cabida nin na parte informativa do xornal nin no resto dos xéneros de opinión, mais que, aínda así, aparecen matizados e relativizados por parte de quen redacta (neste caso, ligando feminismo a demagogia e

supoñendo da persoa espectadora, e de maneira implícita do propio crítico, a posición contraria, ao indicar que a película consegue sementar nel a dúbida).

"Chicas de Nueva York" (...) es la sexualidad alterada de la prostitución vista desde el lado de la mujer, concediendo a ésta el uso de su cuerpo como una posibilidad laboral en un mundo dominado por los hombres, donde no hay demasiadas oportunidades para ella. Lizzie Borden, siguiendo a Molly a su "puesto de trabajo", con sus "clientes", hace demagogia y feminismo, y no lo hace mal. A sus órdenes, el equipo de actrices ¿profesionales, semiprofesionales?—encabezado por la protagonista, Louise Smith, siembra la duda en el espectador, por su capacidad para transmitir autenticidad ("Chicas de Nueva York", de Lizzie Borden, 16 de setembro).

Os estereotipos de xénero tradicionais seguen estando presentes nas actitudes que a homes e a mulleres se lle adscriben. De modo moi evidente acontece isto na información titulada "La Justicia británica permite a las prostitutas pagar multas con sentadas en los juzgados", na que se liga o ideal de muller á virxe, á muller non liberada no sexual:

Sabido es que la ilusión del hombre es encontrar una mujer que no haya dado ningún traspies íntimo y que tenga temperamento de patinadora. Ante el espectáculo de determinadas salas de justicia se puede pensar que en ellas hay que buscar aquel ideal remoto (18 de xaneiro).

Aos estereotipos de xénero líganse os ligados á procedencia xeográfica no informe titulado "La venta de mujeres en el mundo. Una práctica habitual" (9 de agosto), no que se describe ás mulleres asiáticas como fermosas, serviciais e sumisas.

La mujer oriental, sumisa y sin apenas futuro en sus aldeas, iba o va en muchos casos engañada.

6.2.1.3. 1997

Xa non estamos nos momentos máis intensos da alarma social pola SIDA e, desaparece, polo tanto, do xornal, a estigmatización da prostitución como perigo sanitario e a súa identificación como praga que cómpre erradicar. Porén, o estigma segue aínda vivo, aínda que non vinculado á idea de risco sanitario, senón no reforzo da ligazón da prostitución cos exogrupos, os colectivos á marxe da orde social establecida e defendida por ABC: drogodependencias, delincuencia e inmigración, realidade esta última que incrementa de modo notable a súa presenza nos contidos informativos de ABC este ano, ligada ao delito e a desobediencia da lei. A inmigración e as drogodependencias son a outra cara da moeda da representación binómica prostitución-inseguridade. Podémolo ver explícito na entrada da reportaxe "La delincuencia mata la esperanza en el centro", publicada na sección Madrid.

Al centro le puede el cáncer de la desesperanza. Prostitutas, travestidos, carteristas, tironeros, "cogoteros", asaltadores, traficantes, chulos gamberros, vándalos, "inmigrantes-ilegales-profesionales-del-delito". Y miedo (19 de decembro).

A realidade da prostitución cambia e isto reflíctese nos contidos de ABC. De ser un traballo exercido por mulleres españolas en ámbitos marxinais pasa a estar protagonizada por mulleres estranxeiras que emigran a España. Faise cada vez máis presente a narrativa da prostitución como práctica forzada, ligada á trata, e da que son vítimas mulleres enganadas no seu país de orixe e traídas a España para exercer en condicións de escratividade. Consólidase a representación das mulleres migradas como

vítimas en boa parte dos casos de homes estranxeiros implicados nas redes de trata e de explotación sexual. O ABC fai sempre referencia ao mesmo tipo de engano: as mulleres ignoran que van exercer a prostitución en España. Óbviose, pois, outro tipo de fraude que acabaría por demostrarse a máis frecuente: saben que emigran para exercer a prostitución, pero consideran que o van facer noutras condicións.

Refórzase a imaxe negativa do exogrupo conformado neste caso polas persoas, e en particular homes, con nacionalidade diferente á española, o que artella unha moeda cunha cara en positivo, o "Nós" (a poboación española) e outra en negativo "O Outro" (a poboación inmigrante). O varón inmigrante identifícase con inseguridade, tal e como podemos ver na reportaxe "La delincuencia mata la esperanza en el centro".

Argelinos y marroquíes se han apoderado del corazón de la ciudad y defienden su territorio con navajas y cuchillas. En medio, vecinos, comerciantes, visitantes y gentes de paso están atenzados por una ley a la que acusan de no cubrirles las espaldas (...)
(19 de outubro).

Un perfil delitivo do que son vítimas, como comentabamos, mesmo as súas compatriotas:

Desde hace tres años, tal es la implantación de estos norteafricanos en el corazón de la capital que se han traído sus propias prostitutas, eso sí, muy tapadas, y las colocan a hacer la calle entre Tudescos y la Corredera Baja de San Pablo ("La delincuencia mata la esperanza en el centro", 19 de outubro).

Xeralízanse conceptos como "escravitude sexual" e "trata de brancas", que é a etiqueta que se emprega neste momento para denominar a trata de mulleres con fins de explotación sexual. A idea de escravitude sexual refórzase en ABC coa descrición, achegada polas fontes policiais, das condicións nas que son obrigadas a exercer: sustraída a súa documentación por parte das redes e dos proxenetas, retidas e obrigadas a pagar unha cuantiosa débeda pola súa viaxe a España. O perfil ao que se adoita facer referencia nas informacións é o dunha muller con problemas económicos, de países polo xeral empobrecidos ou en situación de conflito, que se ve impelida a probar sorte noutro país. Destas mulleres pouco máis se coñece que estes datos que achegan as fontes policiais, porque a elas non se acode para saber da súa situación. Este distanciamento maniféstase, ademais, na escolla léxica, pois é frecuente, como xa foi visto, sinalalas coa substantivación do xentilicio ou coa construción "determinante+xentilicio", obviando a dúa identificación como persoas ("Desmantelan una red que introducía a brasileñas en España para prostituirlas", "una red de tráfico de extranjeras", "aprovechaban la precaria situación de las búlgaras para ofrecerlas trabajo en España"...)

Estos grupos mafiosos suelen introducir a las mujeres en España con la promesa de facilitarles un trabajo. Una vez en nuestro país, les quitan los pasaportes y las obligan a ejercer la prostitución. Por supuesto, los responsables del grupo se quedan con la práctica totalidad del dinero que obtienen en el ejercicio de esa actividad.

Las mujeres son tratadas prácticamente como esclavas, las prohíben salir de los locales en los que trabajan y, a veces, son víctimas de malos tratos ("Desmantelan una red que introducía a brasileñas en España para prostituirlas" (15 de setembro).

La Policía española ha desarticulado una red de trata de blancas que forzaba a la prostitución a mujeres, en su mayoría colombianas, después de haberlas introducido en nuestro país con falsas promesas de trabajo ("La Policía española ha desarticulado...", 22 de maio).

La Policía ha detenido a 66 personas que formaban parte de una red de tráfico de extranjeras, a quienes obligaban a ejercer la prostitución en diferentes puntos de España. La investigación comenzó en el mes de marzo y ha concluido ahora con la desarticulación de la organización, compuesta por españoles y extranjeros, suramericanos y africanos ("Casi setenta detenidos en una nueva red de trata de blancas descubierta en Madrid, Badajoz y Murcia").

En este operativo fueron detenidos los dos máximos responsables de la organización (...). La Policía afirma que existen indicios de que su verdadera nacionalidad es búlgara. Los criminales aprovechaban la precaria situación de las búlgaras para ofrecerles trabajo en España, donde una vez que llegaban eran obligadas a prostituirse ("Descubren en Madrid un nuevo caso de "esclavas del sexo"", 1 de xuño).

La Policía detuvo ayer en Monforte de Lemos a un matrimonio propietario de un club de alterne, como presuntos organizadores de una red que introducía ilegalmente en el país a jóvenes sudamericanas, que, tras falsas promesas, eran obligadas a ejercer la prostitución.

La Delegación del Gobierno en Lugo informó de que esta mañana fueron detenidos el español J.A.C.A. y su esposa, la colombiana L.L.P. ("Detenido un matrimonio que introducía extranjeras para prostituir las", 20 de decembro)

Los funcionarios policiales del Grupo Tercero ya iban siguiendo, desde hace unos meses, la pista de Lin, por su presunta implicación en una red que se dedicaba a traer mujeres de los países del Este de Europa para, una vez aquí, obligarlas a ejercer la prostitución ("Detenido el responsable de una organización de inmigración ilegal", 30 de novembro).

O discurso da eficiencia policial segue moi presente este ano, precisamente, no papel das e dos efectivos das forzas de seguridade como "liberadores" de mulleres vítimas de trata. A súa eficiencia, porén, ponse en cuestión no que á prostitución de rúa se refire, posto que, como veremos máis adiante, o discurso punitivo (que implica demanda de maior control) está moi presente este ano.

A prostitución de menores está moi presente na axenda do ABC, e é así por dous motivos. Por unha banda, a ampla cobertura que, nos medios, ten o chamado Caso Arny e a descuberta dun caso de corrupción de menores en Barcelona, e, por outra, o traslado desta cuestión á axenda política do goberno estatal. Entre ámbolos dous existe, para o xornal, unha relación causa-consecuencia. Para o ABC, o código penal aprobado polo PSOE (dada a desaparición nel do delito de corrupción de menores) propicia un ambiente de liberdade, relaxación moral e impunidade que está por detrás de casos como os mencionados. Tal argumento é o piar deste editorial de ABC publicado o 18 de setembro de 1997, no que se critica que fora aclamado polos sectores de esquerda como progresista, así como do artigo de opinión do columnista Jaime Campmany, no que, de forma directa, se relaciona con "inmoralidade".

La sociedad española, indignada y alarmada con toda razón ante la proliferación de los delitos de abusos sexuales contra menores, incrementada este verano con nuevos casos especialmente repugnantes en los que algunos padres llegaban incluso a cobrar por la corrupción de sus hijos, exige la reforma del Código Penal aprobado por el Gobierno socialista, que entró en vigor en mayo de 1996, torpemente aclamado por la mayoría de la izquierda como emblema del progreso y pomposamente calificado como "código penal de la democracia", dada su notoria debilidad e inoperancia para castigar adecuadamente este tipo de crímenes.

Hace pocos días tuve que escribir en esta columna quejas de ese malhadado y desastroso Código Penal que hemos venido llamando "Código Belloch" para darle el nombre del insipiente penalista y calamitoso político Juan Alberto Belloch, que lo promovió. Perdón por los adjetivos, pero no se trata de lamentar un error dispensable.

Se trata de denunciar que se ha dejado inerme a la sociedad, quizás intencionada y conscientemente, para defenderse de una invasión de inmoralidad y degeneración. Así de claro y así de triste ("Los niños", 31 de xullo, na columna de opinión "Escenas políticas", de Jaime Campmany").

Preséntase, pois, unha dicotomía control-liberdade e progreso, na que se amosan os inconvincentes da segunda parte do binomio e as vantaxes da primeira. Sinala o articulista Jaime Campmany.

Eso es lo que estamos haciendo en España, en Europa, en el mundo rico y opulento, con el bien sagrado de la libertad y con la conquista jubilosa del Estado de Bienestar.

O reformado Código Penal do goberno popular eleva a idade das vítimas de corrupción de menores de doce a trece anos, e faise argumentando que a decisión de prostituírse non é libre para un ou unha menor, pois está condicionada por factores como a desestruturación familiar. Este é o argumento empregado pola secretaria de Asuntos Sociais, e recollido en ABC, que sinala que non se pode confundir a idade de consentemento sexual co que podería converterse nun "portillo" para a prostitución.

A crítica ao Código Penal de 1995 pode chegar mesmo ao sarcasmo, tal e como acontece na reportaxe "Las prostitutas de la Casa Campo en pie de guerra: "No nos moverán" ("5 de setembro):

el reformado Código Penal dice claramente que si un menor, a partir de los doce años da su consentimiento para el acto sexual, no podemos acusar a nadie de corrupción de menores. O sea, que los del "mariposero" son prostitutas menores de edad, que no merecen legalmente reproche alguno, igual que sus clientes.

En ABC criticábase en diversas ocasións a eliminación da tipificación da corrupción de menores no Código Penal, o que se fai de maneira constante até que, finalmente, o goberno estatal do PP leva a cabo a devandita reforma. O xornal apoia, e fornece de argumentos, nos meses previos á súa aprobación, para xustificar a súa necesidade. Argumentos que recolle das diversas fontes que consulta ao respecto, como o inspector xefe do GRUME, quen sinala un posible repunte deste tipo de delitos dende que a corrupción de menores deixou de estar tipificada, o presidente da Sala Segunda do Tribunal Supremo, que critica o Código Penal de 1995 por ter sido feito nun momento de crispación política, xusto antes das eleccións estatais, ou o Defensor do Menor, que considera que a inexistencia dun delito de corrupción "deixa a veces aos xuíces maniatados".

Na nova na que, finalmente, se informa da recuperación da tipificación do delito de corrupción de menores por parte do PP, o ABC apoia a decisión gobernamental cunha polifonía de voces que apuntalan de novo, coas súas valoracións en positivo, esta decisión política. De feito, o apartado da información encabezado co ladiño que leva por título "Reacciones" só recolle declaracións acordes coa reforma: a do Defensor do Menor da Comunidade de Madrid, Javier Urrea; a do presidente de Prodeni, José Luis Calvo, e a do presidente da Federación Española de Agencias de Viajes (FEAV), quen indica que "la reforma no provocará que se vendan menos viajes hacia los destinos donde el sexo puede ser un atractivo más, sino que lo que ocurrirá (...) es que la gente tendrá más cuidado que antes a la hora de saber la edad de la persona con la que pretende mantener una relación sexual" ("El Gobierno tipifica el delito de "corrupción de menores" y dobla las penas por pederastia (11 de outubro).

A prostitución entra a formar parte este ano, pois, do debate político, tanto de maneira directa (como problemática social sobre a que cómpre legislar) como de maneira indirecta (empregándoa como adubo para o escándalo e ferramenta arreboladiza contra a oposición, tal e como acontece co senador socialista Carlos Piquer). Ámbolos dous materiais noticiosos (a reforma do Código Penal de 1995 e a implicación de Piquer nun escándalo de prostitución) reciben ampla cobertura por parte de ABC, e en ámbolos dous a crítica ao principal partido de oposición, que viña de ser vencido nas últimas eleccións estatais, é clara, o que probablemente actúa de factor determinante á hora de outorgarlle tal relevancia nos contidos do xornal. ABC non só informa, senón que se posiciona de maneira explícita a través dos contidos de opinión. No editorial titulado "Algo huele a podrido", aplaude a decisión do PSOE aragonés de apartar e instar a Piquer a que abandone os seus cargos públicos.

Dada la gravedad de los hechos, la Comisión Ejecutiva Regional del PSOE ha decidido la suspensión cautelar de militancia de Piquer y le ha instado a que renuncie a sus cargos públicos, decisión que aplaudimos sin titubeos. Apartar de sus responsabilidades políticas a un supuesto malhechor no significa vulnerar la presunción de inocencia, porque un senador no es un ciudadano cualquiera (4 de xaneiro).

Mais a demanda de ABC non queda aí e, na sección "En baja" (apartado de Opinión do que entran a formar parte aqueles persoeiros públicos valorados negativamente polo xornal), pide que Piquer abandone o seu escano parlamentario.

Una encuesta reciente del CIS revela que los parlamentarios españoles no gozan de gran estima. Tampoco pasa un día sin que se hable de la reforma del Senado. Para empezar, sería conveniente que no ocupasen sus escaños personas como Carlos Piquer, presunto colaborador de una "mafia policial" dedicada a la prostitución y al narcotráfico ("Carlos Piquer", 5 de xaneiro de 1997).

O marco interpretativo da cobertura do caso Piquer queda, pois, situado na crítica ao partido do que forma parte, o PSOE, o que podemos ver de modo explícito na entrada da información titulada "El Grupo Socialista de Aragón expulsará hoy a Carlos Piquer, que se integrará en el Mixto" (13 de xaneiro).

El Grupo socialista solicitará hoy a la Mesa de las Cortes de Aragón la baja para su diputado Carlos Piquer, protagonista del último escándalo que sacude los cimientos de este partido.

A terminoloxía escollida ("orgías", "juergas"...), mesmo na propia información, reforza o enmarcado en negativo do socialista Carlos Piquer.

El diputado y senador aragonés, Carlos Piquer, inmerso en una investigación judicial que ha descubierto su presunta "afición" a orgías con prostitutas en las que, al parecer, invitaba a consumir cocaína a los asistentes, sin dar importancia las grandes sumas de dinero que se gastaba, se mantendrá como aforado (...) Si quedaban dudas sobre la renuncia de Carlos Piquer a unos cargos públicos que le garantizan un trato especial de la justicia, éstas desaparecieron después de que el PSOE hiciera público que pagó al menos dos de sus "juergas" con la Visa Oro del Grupo Socialista en el Parlamento aragonés ("El Grupo Socialista de Aragón expulsará hoy a Carlos Piquer, que se integrará en el Mixto", 13 de xaneiro).

Malia a que non é o habitual nas informacións que o ABC publica sobre prostitución, na cobertura que se fai do caso Piquer, si se fai extracción de posibles consecuencias, outorgándolle un nivel de fondura maior que toca no xornalismo interpretativo, é dicir, na exposición de argumentos baseados en datos cos que se lle transmite ao público lector unha determinada interpretación. Non se limita, por poñer un exemplo, a informar sobre a desaparición da testigo brasileira que implicou a Piquer, senón que, ademais, se adiantan as consecuencias que podería ter a súa non participación no proceso na información titulada "La desaparición de la testigo brasileña que implicó a Piquer pone en peligro la investigación contra el senador" (5 de xaneiro).

Abondando na esfera político institucional, tamén merece atención a diferente representación que se fai das relacións entre a veciñanza e os poderes político-institucionais dependendo de quen governe, do que é ilustrativo o contexto da cidade de Madrid, que en 1997 estaba rexida polo popular Álvarez del Manzano. Así, mentres dez anos atrás, cando na capital madrileña gobernaba o PSOE, as relacións entre alcalde e veciñanza eran amosadas como conflitivas (baixo unha narrativa que se podería sintetizar como "a veciñanza quéixase fronte a desatención das súas reivindicacións por parte de quen goberna", agora a incidencia no conflito desaparece eponse o acento en que o alcalde non pode facer máis sen modificacións legislativas de rango maior.

Mais esa defensa do alcalde, Álvarez del Manzano, non só se explica pola súa adscrición política, senón tamén polo discurso que defende, partidario de maior control penal da prostitución e da súa regulación. O ABC deixa patente, de feito, a súa crítica co goberno do Estado e da Comunidade de Madrid, tamén nese momento en mans do PP, por non incidir máis en medidas de control fronte á prostitución, como podemos ver na reportaxe titulada "El Partido Popular deja solo al alcalde ante la prostitución y la delincuencia" (16 de novembro), cuxa argumentación queda clara xa dende a entrada:

"El alcalde se ha quedado solo". Colaboradores del presidente de la Casa de la Villa dijeron a ABC que "a pesar de insistir una y otra vez al grupo del PP en el Parlamento nacional sobre una reforma del Código Penal y una regularización del ejercicio de la prostitución, todo son oídos sordos. Álvarez del Manzano ~~repite~~ se queda solo". Así las cosas, nadie se explica por qué los gobernantes no atienden a sus administrados.

Ao goberno estatal recrimínaselle non ter cumprido co discurso punitivo difundido en etapa electoral, actitude electoralista que tamén se critica do goberno da Comunidade de Madrid (emprégase mesmo o concepto "anzuelo" nun ladiño para facer referencia ás promesas incumpridas). Porén, co goberno local, esta actitude recriminatoria desaparece. "No puedo impedir la prostitución en la Casa de Campo" (7 de marzo), di Álvarez Manzano no titular dunha información na que o discurso do alcalde é presentado en positivo, deixándolle explicar as dificultades para a resolución do problema.

Ampla cobertura merecen as declaracións nas que a veciñanza amosa a súa decepción pola actitude do goberno estatal e autonómico:

"Nosotros ~~dice Javier González~~ confiábamos en el que el PP, cuyo estandarte había sido siempre la seguridad ciudadana, y por supuesto el mayor anzuelo electoral, iba a apoyar a los ciudadanos de bien frente a sus agresores, esos que se empeñan una y otra vez en quebrantar el espíritu de la ley en un Estado de Derecho. Sin embargo, por parte del Ministerio de Justicia nos hemos topado con un no rotundo a cambiar un Código Penal que no contempla la reincidencia y que apenas sí castiga los delitos callejeros más que con un arresto de fin de semana; una Policía que no tiene medios, un

alcalde que dice hacer todo lo que puede, que tampoco es como para tirar cohetes, y un presidente de la Comunidad, que debería velar por el interés de sus administrados, que no hace absolutamente nada ("La delincuencia mata la esperanza en el centro", 19 de outubro).

Entretanto, el alcalde, que tiene previsto invertir en los próximos tres años 1.115 millones en este parque, insistió ayer en que hay que buscar soluciones ("Las prostitutas de la Casa de Campo en pie de guerra: 'No nos moverán', 25 de setembro).

No conflito entre a veciñanza e as suxeitas e suxeitos ligados ao mundo da prostitución, as voces autorizadas para o xornal son, pois, as primeiras, ás que, como acontecía en anos anteriores, se acode en diversas ocasións e cuxos argumentos son recollidos con xenerosidade. Incide a veciñanza na vía punitiva, que tamén defende o ABC, e presenta a prostitución como unha ameaza para a seguridade, para a imaxe da cidade, económica e tamén moral.

La Asociación de Montera y Adyacentes advierten a los gobernantes que la degradación del Centro ha puesto en peligro 3.000 puestos de trabajo ("El Partido Popular deja solo al alcalde frente a la prostitución y la delincuencia", 16 de novembro)

El espectáculo de las busconas en el centro de Madrid deja estupefacto a los turistas, que no comprenden cómo la Policía, junto a ellas, no puede hacer nada por retirar de la calle este comercio humano ("La delincuencia mata la esperanza en el centro, 19 de outubro").

La contratación de un servicio de vigilancia que disuada del ejercicio de la prostitución en una zona por la que pasan anualmente más de un millón de visitantes -el 20 por ciento niños- y la mejora de la señalización del acceso al parque para que los vehículos entren por el Paseo de Extremadura, son otras sugerencias de los responsables del recinto (8 de xuño).

O polo antagonista constitúeno as prostitutas, e tamén prostitutos, das que se destaca o seu perfil marxinal, ás que se vincula coa degradación do espazo, e ás que se presentan como persoas con escaso sentido da convivencia cívica e da moralidade. Nunha das reportaxes antes mencionada, que segue unha estrutura que vai do individual ao xeral, comézase expondo o caso dunha prostituta da que se insinúa que se queda embarazada porque, en estado de xestación, pode cobrar máis.

Tripón desde luego tiene. O se la han hecho otra vez o que se la ha dado de sí de tanto hijo". Cinco, nada menos que cinco, repartidos hoy por los centros de acogida de la Comunidad. En la esquina de Jardines con Montera nadie da un duro porque esta fulana gorda, joven con la pintura de los ojos escurrida de días, no vaya alumbrar otro vástago de Dios sabe quién, "y todo porque preñada das más morbo y puedes subir las tarifas". Un viejo desdentado, corvo y renco se arrima, la toca el cuero de pega con que se cubre la barriga y le dice cosas ("La delincuencia mata la esperanza en el centro, 19 de outubro").

Suciedade, desorde, falta de hixiene e mala imaxe son destacadas noutras ocasións:

El trasiego entre los matorrales y la escena de señores que parecen estar orinando sobre los arbustos se repite a lo largo del camino. Más restos de preservativos, más pañuelos de papel... ("Las prostitutas de la Casa de Campo en pie de guerra: "No nos moverán", 25 de setembro).

As relacións conflitivas entre proxenetas e prostitutas, lonxe de ser analizadas como unha relación de poder con consecuencias en negativo para elas, é observada como un problema de imaxe e unha molestia para o vecindario.

La situación, según los vecinos, se hace insostenible de madrugada, debido a las peleas entre prostitutas y se agrava con los diferentes robos que hay en la zona ("Piden una solución a la inseguridad de las calles Santo Domingo de la Calzada y Luis de Morales", 14 de setembro)

Ás prostitutas só se lles dá autoridade, a través da súa voz, se o seu testemuño é coincidente coa argumentación defendida polo xornal: a necesidade dunha regulamentación da prostitución, que as saque das rúas. Acorde co dito, vemos, fronte á descrición en negativo das prostitutas de rúa, a descrición en positivo daquelas que exercen a súa actividade en burdeis e non no espazo público, das que mesmo se recolle o seu testemuño:

Lo que no se puede hacer es meternos a todas en la misma olla. Nosotras, las profesionales –explica una prostituta de medio siglo, rubia platino–, no queremos más que trabajar y no queremos saber nada ni de droga ni de quitarle la cartera a nadie. Nosotras no somos delincuentes ("El Partido Popular deja solo al alcalde, 16 de novembro de 1997).

Se se lle dá, pois, certa autoridade ás prostitutas de rúa, é para confirmar, co seu testemuño, a necesidade dunha regulamentación:

Carmina dice que es prostituta por su mala cabeza; con dos años de Magisterio perdió el rumbo por el peso del dinero abundante, como sus pechos, que deja casi al aire en la esquina de la Montera. "Con lo bien que estaba el carnet sanitario que nos daban cuando íbamos al centro de la calle Sandoval... Eso es lo que tendrían que volver a poner y lo que tendría que mirar la Policía o los inspectores municipales. Y todas en las casas, que vinieran los clientes aquí y no tener que estar en la calle; ero eso sólo lo queremos las de antes, a las de ahora les gusta mucho callejear ("El Partido Popular deja solo al alcalde, 16 de novembro de 1997).

Na mesma reportaxe volve insistirse nesa dicotomía entre as prostitutas de antes (non conflitivas, segundo os testemuños que recolle o ABC) e as de agora (que, eses mesmos testemuños ligan, para o caso da prostitución na rúa, a drogas e delincuencia), como podemos ver nestas declaracións do dono dun comercio na zona de Montera:

Este empresario, que nació aquí mismo, recuerda que "antes, claro que había prostitutas, pero no molestaban a nadie. Era otro tipo de prostitución, las chicas no eran como las de ahora, la mayoría drogadictas, sino más discretas. Ellas iban a lo suyo y nosotros a lo nuestro.

O ABC non está en contra, pois, da existencia da prostitución, senón da súa práctica no espazo público. Na reportaxe "El Partido Popular deja solo al alcalde" queda claro ese posicionamento regulamentista, a prol do confinamento da prostitución a burdeis e da súa retirada das rúas. É, de feito, unha das poucas veces que vemos que o ABC se despraza a outros espazos da prostitución alén a propia rúa, e faino para destacar as vantaxas dos burdeis fronte aos problemas que lle atribúe á prostitución exercida no espazo público. Subliña, a modo de contraswte, a limpeza e a orde do

prostíbulo (non só no que ao hixiénico se refire senón na ausencia de conflitos derivados do exercicio da prostitución).

Lejía y amoníaco, mucho amoníaco, y mucho desinfectante de marca comercial televisiva. Irene muestra con orgullo los canapés de las seis camas de la primera planta de su burdel de la calle Jardines" (...) "Irene se acaba de enfundar los guantes de goma color butano y se va hacia la habitación que se acaba de desocupar. Su obsesión son los olores. "En esta casa no huele a nada", asevera con la razón que le dan los desinfectantes. (...) Irene no coge a nadie con "malas pintas", suele dar la razón al cliente "porque casi siempre la tiene", y con mucha mano izquierda pone a las unas y a los otros firmes.

Como en anos anteriores, a información sobre prostitución segue estando moi ligada á crónica negra, a crónica de crimes que teñen ás prostitutas como vítimas, que destacan pola súa crueldade e dos que se escribe no xornal cun estilo que incide no morbo (nos detalles que revelan como o crime aconteceu e como o corpo foi encontrado) e cunha forma de relatar que recorda ao da novela negra.

Un año después de que los cadáveres esqueletizados de tres mujeres desnudas y con señales de muerte violenta aparecieran en una cantera de Villarreal (Castellón), un jienense de 50 años, vecino de Tarragona, ha sido detenido" (...) "Como se recordará, el sábado 27 de enero del año pasado, un hombre que buscaba espárragos encontró el cuerpo de la primera víctima, desnudo y con un pañuelo atado en el cuello. Unas muchachas que acudieron al lugar del macabro hallazgo para curiosear fueron las que localizaron el segundo cadáver, también desnudo y con el cuello roto. La tercera víctima fue descubierta por efectivos de la Guardia Civil el 2 de febrero a las nueve y cuarto de la mañana ("Un jienense cincuentón, acusado de los asesinatos de las prostitutas de Castellón", 21 de xaneiro).

Un centenar de policías de la ciudad argentina de Mar del Plata buscan a un nuevo asesino y descuartizador de mujeres, al que se culpa de la muerte de una feriante uruguaya y de tres prostitutas, a las que les seccionó partes del cuerpo, reservándose para si algunos "trofeos" ("Se busca un nuevo asesino y descuartizador de mujeres, ahora en tierras de Argentina", 18 de maio)

Doce personas muertas y trece heridos, nueve de ellos graves, es el espantoso resultado que arroja el salvaje incendio provocado, todo indica que por un ajuste de cuentas, en el bar de alterne 'Mea Culpa' (...) "rociaron con gasolina y prendieron luego fuego al pasillo, a los enseres del establecimiento, a una joven que murió tras arder como una tea y a uno de los propietarios del bar. ("Doce muertos en una matanza desatada por tres encapuchados en un club de alterne luso", 17 de abril).

Nalgún dos titulares queda explícito que as vítimas son prostitutas. Así é como se definen en primeiro termo, antes que como mulleres ou como persoas, en encabezados como "Un jienense cincuentón, acusado de los asesinatos de las prostitutas de Castellón" ou "Absuelto el acusado de matar a una prostituta en Granada" (23 de decembro).

Ao igual que en 1987, volvemos encontrarnos cun discurso que exculpa o agresor e culpabiliza a vítima nunha información, a titulada "Apuñala a la prostituta de la que se enamoró tras descubrir que le había estafado y robado" (31 de outubro), que podería ser considerado padrón da violencia de xénero no ámbito da parella, aínda que non apareza enmarcado como tal. Tal e como amosan diversos estudos, o enmarcado da violencia de xénero non comezará a estar presente na prensa até que o asasinato de Ana Orantes, a finais dese ano, provoque a aparición habitual da etiqueta violencia doméstica. Mais, en todo caso, tanto nesta como noutras investigacións nas que participei (Álvarez Pousa et

al., 2007 e 2008), obsérvase que a etiqueta "violencia de xénero" ou equivalentes é inusual para denominar a violencia exercida contra as mulleres cando estas son prostitutas. Na información citada, podemos encontrar os mesmos mecanismos exculpatorios do agresor e culpabilizadores da vítima que desvelaron diversas investigacións sobre a representación da violencia de xénero nos medios. O argumento central é o prototípico "matouna ou agrediuna por amor". Ela aparece como culpable do sucedido, por ter enganado ao agresor, malia ás atencións coas que, segundo se detalla con precisión na información, el a agasallaba:

Manuel P.H., de 57 anos, se enamoró de una prostituta, hasta el punto de cambiar su vida para atender sus deseos. Sin embargo, hace días la pareja se separó, y lo que es peor, el hombre descubrió que la mujer le había estafado y robado. Ayer, las disputas acabaron de forma dramática, al apuñalar el hombre a la joven en un edificio del centro de Madrid.

Mentres a versión do agresor é asumida por ABC, a versión da vítima é atribuída á propia vítima de forma explícita e mesmo posta en cuestión:

El sentimiento era tan fuerte que Manuel la llevó a vivir con él a su chalé: la sacó, o quiso sacarla, de la prostitución; le pagó viajes a la República Dominicana para que visitara a us padres, a los que además enviaba dinero y, en fin, la rodeó de todo el amor y atenciones que su situación le permitía" (...). Poco después se produjo la ruptura. Manuel, según Celeste, no lo aceptó, hasta el punto de que la acosaba y colocaba pasquines en las calles (...) El lunes la mujer denunció estos hechos en la Comisaría del Centro. Manuel fue citado por la Policía y el hombre se presentó sin dudar. Lo que contó a los agentes era algo muy distinto de lo manifestado por Celeste.

A veracidade do testemuño do agresor é refrendada pola Policía, o que reforza o apoio do ABC á versión do mesmo:

La Policía comprobó la veracidad de su relato y denunció a Celeste en un juzgado por estafa y robo. También recomendó a Manuel que no hiciera locuras, que ellos se encargarían de todo.

A agresión machista é, pois identificada, como unha locura, que o xornal considera, de maneira implícita, xustificable despois de todos os datos que antes nos proporciona (as atencións do agresor para coa vítima da que estaba namorado, o engano desta e a posta en cuestión da veracidade do seu testemuño): "Pero ayer el hombre perdió la cabeza. Fue a buscar a Celeste a la calle de Colón, 14".

A violencia de xénero contra as prostitutas é mesmo presentada, non como un problema do que elas sexan as vítimas, senón como un estorbo para o vecindario, afectado pola mala imaxe que poida dar, tal e como observamos na información "Piden una solución a la inseguridad de las calles Santo Domingo de la Calzada y Luis de Morales" (14 de setembro):

Otra de las zonas afectadas es el hotel, que ha servido en ocasiones de "refugio obligado" a las prostitutas que han recibido palizas de los que van con ellas. En uno de los últimos congresos, una prostituta entró ensangrentada al hotel al mismo tiempo que los congresistas, porque su compañero le había pegado. "Esto, lógicamente, dá una imagen mala", señala el director del hotel.

O sistema de valores de ABC, no que á prostitución se refire, está determinado polo ideario católico. Como xa vimos, hai un discurso de fondo que valora en negativo a liberdade sexual. A identificación de prostitución con vicio ou pecados tales como a ambición e a luxuria tamén está presente en varias pezas. No caso da pederastia, a identificación de prostitución con pecado é directa. "Es este seguramente un pecado de sociedades acomodadas y podridas, de pueblos decadentes, enfermos de vicio y engargenados de degeneración", dise no artigo de opinión "Los niños" (31 de xullo).

A relación ambición-prostitución (na medida en que a prostitución é empregada para obter diñeiro rápido) aparece tamén nalgunha das informacións. A titulada "Una conocida ex modelo sueca regentaba una red de alta prostitución desde París" semella, por veces, unha parábola coa ensinanza "a ambición rompe o saco" de fondo: "Captaba a las jóvenes con la promesa de conducir las al éxito en la pasarela" (3 de febreiro). O mesmo discurso podemos detectar detrás destas declaracións dunha prostituta de rúa: "Carmina dice que es prostituta por su mala cabeza; con dos años de Magisterio perdió el rumbo por el peso del dinero abundante, como sus pechos, que deja casi al aire en la esquina de la Montera" ("El Partido Popular deja solo al alcade, 16 de novembro de 1997).

A referencia á desestruturación familiar ou ás drogas son os dous factores máis destacados nos contidos de ABC como causa da prostitución, como xa vimos en anteriores exemplos xa expostos.

O discurso das solucións pasa, neste ano, polo control e a punición, o que se observa no apoio ao discurso do alcalde Álvarez del Manzano, na defensa do regulamentismo (e de medidas como o control sanitario ou a delimitación de espazos para o exercicio da prostitución) e na defensa da modificación do Código Penal.

As solucións mencionadas apuntan tamén á "erradicación", palabra que se emprega no contexto da prostitución de rúa: "Esta entidad se creará para intentar erradicar los problemas con los que se encuentran los que hacen su vida diaria en esta zona de Nervión" ("Piden una solución a la inseguridad de las calles Santo Domingo de la Calzada y Luis de Morales", 14 de setembro). O concepto "erradicar" adoita relacionarse na linguaxe cotiá coa solución a males de gran extensión, equiparables a pragas. E "invasión" é, precisamente, outro concepto que vemos utilizado neste artigo de opinión en relación coa prostitución de menores: "Se trata de denunciar que se ha dejado inermes a la sociedad, quizás intencionada y conscientemente, para defenderse de una invasión y inmoralidad y degeneración" (artigo de opinión "Los niños", publicado o 31 de xullo)

Só cando se traslada o discurso da Igrexa católica se fai referencia a causas estruturais que apuntan a desigualdades sociais, tal e como vemos neste editorial de ABC no que se reflicten os argumentos de Piero Manni, voceiro do Vaticano, que non só pide unha lexislación máis eficaz e unha maior vixilancia do seu cumprimento, senón que tamén acode ao discurso da xustiza social.

Pero el Vaticano no quiere poner el acento en las medidas restrictivas o en las penales. Considera que la mayor eficacia vendrá de solucionar las causas que hacen posible la prostitución infantil en su origen. Es decir, la miseria de grandes grupos de población en el Tercer Mundo que lleva a muchos padres a ofrecer a sus hijos como mercancía con tal de poder obtener algunos recursos económicos (editorial "La esclavitud del 2000", do 11 de xullo).

6.2.1.4. 2007

Refórzase neste ano unha representación da prostituta ambivalente. Por unha parte, encontramos unha representación empática para con aquelas ás que se considera

vítimas, sobre todo, as que o son de trata. Mais pola outra mantense, e de feito segue estando moi presente, unha representación en negativo, que amosa a prostitución e a quen a exerce como fonte de inseguridade, delincuencia, drogodependencias, conflitos veciñais e mala imaxe urbana.

A representación empática que ABC fai de quen se prostitúe move á compaixón, en discursos como o presente nesta crónica recollida na edición de Sevilla, con motivo da presentación na cidade do proxecto da ONG "New Light". Das mulleres "vítimas" de trata e de explotación sexual adoita explicitarse que foron arrastradas á prostitución por circunstancias económicas precarias, contextos de pobreza ou situacións de desestruturación familiar ("si tuvieran otra salida no elegirían ese trabajo", indícase na crónica mencionada) eliminando así vontade, responsabilidade ou axencia na decisión de prostituírense.

Una de sus tareas más importantes es la de dar cobijo y ayuda a los hijos de las prostitutas, así como intentar por todos sus medios alejar a las jóvenes de la calle, adonde, según la organización, "se ven arrastradas por sus circunstancias, si tuvieran otra salida no elegirían ese trabajo (...) Desde nuestro mundo acomodado a menudo nos resulta imposible que existan realidades tan crueles como esta, pero ahí están organizaciones como Nueva Luz para enseñarnos que no todos son tan afortunados ("Calcuta un poco más cerca", 21 de xullo).

A trata de persoas con fins de explotación sexual cobra peso, de feito, na axenda do medio este ano. Os contidos ao respecto inciden na empatía, na compaixón, cara a aquelas persoas, fundamentalmente mulleres, ás que se considera "vítimas" dunha nova versión da "esclavitude", enganadas e abocadas ao exercicio da prostitución por situacións de pobreza ou desestruturación familiar. Os titulares sobre a trata reforzan esta representación empática ao incidir naqueles aspectos que asentan o marco interpretativo da esclavitude sexual, das vexacións, malos tratos e vulneracións dos dereitos humanos a que son expostas.

Una red esclavizaba a travestis brasileños en pisos de alterne de Marbella y Sevilla. Un joven, enfermo de sida, fue obligado a trabajar hasta la muerte (18 de decembro).

"Detenidos 32 miembros de una red que explotaba sexualmente a mujeres. Entre las víctimas, de origen nigeriano, había menores de edad" (29 de outubro)

Pagaban a sus colaboradores dejándoles "probar" a las jóvenes que iban a dedicar a la prostitución (6 de setembro).

O ABC fai referencia a causas e a consecuencias da trata. A referencia ás causas, como xa comentamos, constrúe a imaxe de mulleres abocadas ao exercicio da prostitución polas súas circunstancias de partida, tanto económicas, familiares ou administrativas (estadía irregular no país), e é traslación do discurso proporcionado dende as propias fontes institucionais da investigación policial.

Según la investigación, la mayor parte de ellas se veían obligadas a ejercer la prostitución por necesidad o por carecer de documentación para permanecer en España ("Pagaban a sus colaboradores dejándoles 'probar' a las jóvenes que iban dedicar a la prostitución, 6 de setembro).

Cabe destacar al respecto que los investigadores pudieron comprobar que los miembros de esta red se encargaban de buscar a jóvenes en situación de gran dependencia económica y pocos familiares, con el fin de que nadie pudiese interesarse por su situación. De esta forma, el perfil de sus víctimas respondía a madres solteras o chicas huérfanas y provenientes de zonas económicamente deprimidas de Rusia ("La

denuncia de una atleta rusa propicia la desarticulación de una red de explotación sexual", 27 de xullo).

As consecuencias adoitan referirse ás pegadas da trata na saúde física e psíquica das vítimas de trata, e son reforzadas mesmo acudindo ao discurso experto.

Los expertos aseguran que, debido a la edad y las vejaciones a que se somete a estas menores, la curación suele ser difícil y larga en el tiempo ("Una niña, vendida por dos mil euros. El presunto delincuente, Sandu P., de origen rumano, acaba de ser detenido en Madrid", 20 de outubro).

A representación da trata segue a botar man, como xa viamos en 1997, do triángulo: Home inmigrante como ameaza-muller inmigrante como vítima-Nós (a poboación española e as súas institucións) nun rol salvador, do que da conta o emprego do verbo "liberar" en referencia á descuberta de redes de trata por parte das forzas de seguridade do Estado, encadrado no discurso que contribúe a reforzar a idea da eficacia das mesmas:

"Liberada en Almería una joven secuestrada en Rumanía y obligada a ejercer la prostitución" (15 de xullo).

"Liberación de mujeres. El objetivo, según Amato, es «combatir los grupos criminales que organizan el tráfico y devolver la libertad a estas muchachas»" ("Más de 700 detenidos en Italia por tráfico de personas y prostitución", 25 de xaneiro").

As informacións, ao igual que xa viamos en 1997, describen o proceso seguido pola trata de persoas dende o engano no país de orixe até a retención da documentación, a privación de liberdade e a usurpación dos beneficios obtidos coa prostitución no país de destino. Mais este ano o discurso do engano aparece máis elaborado. Xa non só se fai referencia ao engano total (persoas que chegan a España sen saber que van traballar na prostitución) senón tamén ao engano parcial (saben que se van prostituír, mais son enganadas en canto ás condicións en que o van facer).

O discurso que subxace á representación da trata no medio ten raíces abolicionistas, liga a trata á prostitución (insistindo en que unha non existiría sen a outra), centra as medidas represivas no entorno que a propicia (proxenetas e compradores de sexo) e protexe as mulleres como vítimas. É o discurso que bebe do Convenio para a represión da trata de persoas e da explotación sexual allea, adoptado pola Asemblea Xeral da ONU en 1949, e ratificado por España en 1963. Está explícito neste amplo artigo, "Terminemos con la esclavitud que perdura", de Terry Davis, o secretario xeral do Consello de Europa, que o xornal publica, no que di da convención presentada polo Consello de Europa en 2005 que está "destinada a reforzar la cooperación internacional, a prevenir la trata, a perseguir a los autores de tales negocios, a prestar ayuda a las víctimas y a establecer un mecanismo de control para asegurar que los gobiernos respeten lo que han firmado". Nela recoméndase "perseguir a quienes saben que pagan por tener relaciones sexuales con una víctima de la trata de seres humanos". Unha convención que, pide, España ratifique pois, a aquela altura, aínda non o fixera (faríao un ano despois, en 2008)

Este mesmo discurso está na base do informe, aprobado nese ano, pola Comisión Mixta dos Dereitos da Muller e da Igualdade de Oportunidades, apoiado tanto por PP como por PSOE, e tamén dos argumentos empregados por algún dos actores políticos máis referidos neste ano nos contidos sobre prostitución de ABC, tal é o caso de Ana Botella e Alberto Ruiz Gallardón, entón á fronte do goberno local madrileño.

La alcaldesa de Palma de Mallorca, la popular Catalina Cirer, y la concejal del Ayuntamiento de Madrid Ana Botella presentaron ayer la campaña «Porque tú pagas existe la prostitución», cuyo lema es «No contribuyas a perpetuar la explotación de seres humanos». (...) Esta campaña, pionera en Europa, fue puesta en marcha por el Ayuntamiento de Madrid el 29 de marzo de 2004, en el marco del Plan Municipal Contra la Explotación Sexual, y ahora el Consistorio madrileño ha cedido los derechos de la campaña al Ayuntamiento de Palma de Mallorca para que la pueda difundir en la capital balear ("Botella "exporta" a Palma su plan contra la prostitución callejera", 10 de marzo).

El alcalde de Madrid, Alberto Ruiz-Gallardón, ha reclamado al Gobierno central que apruebe una ley de persecución penal de las mafias que obligan a gran cantidad de mujeres a prostituirse, lo que permitiría establecer 'el punto claro de responsabilidad' de aquellos que «se benefician y se lucran económicamente' de este tipo de esclavitud contra las mujeres. (...) Para el alcalde, el principal problema de la prostitución no es, «ni muchísimo menos», el deterioro del espacio público y la convivencia que a veces conlleva esta actividad, y que tanto malestar causa entre los vecinos de las zonas afectadas, «sino la auténtica esclavitud sexual a la que se somete a las mujeres». ("Ruíz-Gallardón reclama al gobierno una ley de persecución de las mafias", 16 de marzo).

Existe, porén, unha contradición entre a defensa deste discurso de corte abolicionista, baseado na protección das persoas que se prostitúen, que son consideradas vítimas, e a posta en práctica de medidas que dificultan que exerzan a prostitución, cando do espazo público se trata, e contra as que as prostitutas se rebelan, tal e como recolle o ABC en boca da asociación Hetaira. Constrúese, pois, un discurso de protección e vitimización das prostitutas mais sen contar con elas, o que devén nun discurso de carácter paternalista, abolicionista na teoría mais que abriga prácticas regulamentistas na práctica, que atinxen á regulamentación dos espazos nos que se pode ou non se pode exercer a prostitución. ABC dálle entrada este ano (o que supón tamén un cambio cualitativo con respecto a anos anteriores) á voz organizadas de mulleres que exercen a prostitución a través do colectivo Hetaira, que acusa ao goberno de Ruiz Gallardón de dobre moral (dado que persigue a prostitución de rúa e non a de club) e de non ter en conta a vontade das prostitutas. Critican as medidas adoptadas polo goberno local madrileño, como o Plan contra a explotación sexual, por ineficaz e por falta de realismo nas axudas que se ofrecen para o abandono da prostitución (300 euros ao mes), así como o peche ao tráfico da Casa de Campo.

¿La solución? Pues Hetaira, IU y los propios vecinos de la colonia Marconi lo tienen claro: un lugar donde las prostitutas puedan ejercer sin molestar a nadie. «Lo que no es una solución es la doble moral que utiliza en este asunto el Ayuntamiento de Madrid -denuncia Hetaira-, que quiere quitar la prostitución de la calle, para que no se vea, pero no se preocupa por la situación que viven estas mujeres» ("Las prostitutas de Marconi dejarán la zona de pisos para ir a la industrial", 30 de xullo)

¿Qué piensan las afectadas de todo ello? El colectivo de ayuda a las prostitutas, Hetaira, exige al Ayuntamiento que, en los casos en los que la mujer quiera dejar la prostitución, se articulen «medidas más realistas». «No dan cifras concretas de a cuántas han ayudado, porque deben ser datos impresentables -explican en Hetaira-. No hay nadie que viva con 300 euros al mes, que es lo que ofrecen. Me parece una opción moral muy respetable, pero no que un Consistorio público quiera que todas las mujeres que ejercen en la calle la abandonen. Se saltan los principios de justicia e igualdad». Para Hetaira, el Ayuntamiento hace gala de «una doble moral». «¿Por qué sólo van a por las de la calle, y no contra las de los clubes?», recalca. ("Hetaira y Apramp exigen al Ayuntamiento que ponga en marcha medidas más realistas", 15 de xullo).

As declaracións de Hetaira son recollidas en informacións nas que tamén se insiren outras voces críticas coa actuación do goberno local madrileño fronte á prostitución, como a asociación abolicionista APRAMP ou os testemuños de prostitutas recollidos a pé de rúa. Cando, dende o goberno local madrileño, se decide o peche ao tráfico da Casa de Campo, e se producen, ao respecto, discrepancias entre este e o goberno da Comunidade de Madrid, á fronte do cal se encontraba Esperanza Aguirre, ABC insire tamén nas súas informacións declaracións que presentan en negativo a decisión de Ruiz Gallardón, entre elas, a propia Comunidade de Madrid, veciños e veciñas doutras zonas da cidade ás que a prostitución se traslada, a asociación Hetaira ou as propias prostitutas que alí exercen. O peche da Casa de Campo é, pois, aproveitado para reeditar o conflito político entre Esperanza Aguirre e Alberto Ruiz Gallardón, recolléndose, sobre as medidas adoptadas por este último, diversas voces críticas, do que é exemplo a nova titulada "Esperanza Aguirre pide que se replantee el corte al tráfico de la Casa de Campo. El alcalde de Pozuelo y la Comunidad encargan estudios jurídicos sobre la decisión del Ayuntamiento de Madrid", do 19 de xullo.

En 2007, o debate sobre a prostitución está presente na axenda política estatal, e tamén en ABC. En marzo dese ano, ten lugar o ditame da Comisión Mixta dos Dereitos da Muller do Congreso tras un longo período analizando a situación da prostitución en España. ABC anuncia a proximidade do ditame nunha información publicada en febreiro de 2007 na que adianta cal será o posicionamento do Executivo estatal: "El Gobierno de Rodríguez Zapatero no es partidario de regular la prostitución" (21 de febreiro). A noticia está redactada nun estilo neutro, sen un posicionamento explícito de ABC ao respecto. Un mes despois, cando se fai público o ditame da Comisión, a información de ABC recolle xa elementos de crítica. O titular destaca a contradicción entre o delongado dos debates e o resultado deles obtido: "Tras casi tres años de debate, las Cortes ni legalizan ni prohíben la prostitución" (14 de marzo). Ilústrase coa fotografía dunha moza, de imaxe e vestimenta infantilizada, que se resgarda baixo un paraugas á intemperie na Casa de Campo, á espera de compradores de sexo, e que en si connota fragilidade e desprotección. A entrada ofrece tamén unha lectura crítica: "Deja en el limbo jurídico una actividad que, según datos del Congreso, emplea a medio millón de mujeres y genera el equivalente al 4 por ciento de PIB". Ao longo da información, recóllense declaracións das representantes dos tres partidos políticos que apoiaron a aprobación do informe (PP, PSOE e CiU), que se contrasta con testemuños obtidos das propias prostitutas. As críticas das traballadoras do sexo ao informe, acusándoo de recoller xeneralidades e conclusións ideoloxizadas, así como de non distinguir entre prostitución voluntaria e forzada, son aproveitadas para pechar a nova.

Calificaron de "vergüenza" un informe que "sólo incluye generalidades, conclusiones ideologizadas, ninguna medida concreta y que se refiere a la prostitución como si sólo fuera un trabajo forzado", olvidando que la mayoría de las meretrices ejercen la profesión "voluntariamente, pero sin derechos ni seguridad" y exigieron "legalización"

Estes mesmos argumentos son defendidos, apenas uns días despois, por unha das articulistas do xornal, Irene Lozano, na propia contracapa, no artigo titulado "Trabajitos finos" (15 de marzo de 2007). Basea as súas críticas en tres puntais: o feito de que no Congreso, ao que denomina o "templo de la regulación", se decida non regular "tras muchos devaneos"; que as voceiras da Comisión fosen todas mulleres, como se se tratase dun asunto feminino "cuando es evidente que al menos la mitad de los participantes en una compra-venta sexual son hombres", e a non consideración da

prostitución como traballo, co consecuente baleiro legal, así como a confusión entre prostitución voluntaria e forzada. Considera a articulista que o informe e moralizante e amosa argumentos próximos ao discurso pro-legalización:

el informe de la comisión sostiene que la prostitución no reúne los requisitos básicos de dignidad para ser considerada un trabajo. Por tanto, se decide dejar a las meretrices en la marginación legal, sin derechos laborales, seguridad social o pensión. Cabía la opción de distinguir entre prostitución voluntaria y forzada, para regularizar la primera y perseguir la segunda. Sin embargo, han preferido refugiarse en el puritanismo y emprender la moralización de la sociedad.

Mentres dende o Congreso se decide non regular, e centrar a actuación na trata e nas mulleres como vítimas, no contexto das políticas locais os movementos van en sentido contrario. Prodúcese unha contradición non menor entre o discurso abolicionista das políticas estatais e o discurso regulamentista das políticas locais, explícita nas medidas que están a adoptar concellos como Barcelona ou Madrid respecto á prostitución de rúa. Este discurso dicotómico sobre a prostitución agocha tamén un discurso dicotómico sobre a prostituta: de vítima que ha ser protexida a mal que ha ser erradicado, aparelado a outros "males" como a delincuencia, as drogodependencias, a inmigración, os problemas de imaxe para a cidade ou o exemplo que se lle dá ás crianzas. Este último discurso está posto en boca da veciñanza, fonte á que o xornal lle dá voz de maneira habitual nas informacións sobre prostitución, sen contrastar en varios destes casos coa voz das prostitutas. Se no primeiro dos casos, o discurso move á compaixón, como amosei ao principio deste apartado, no segundo, as prostitutas son, por veces, tratadas nun ton despreciativo en boca da veciñanza ou mesmo nalgunha ocasión por parte do xornal (aínda que en moita menor medida que en anos anteriores), que emprega nunha das súas informacións a expresión "estas mujeres":

En estas batidas vecinales hay quien incluso baja a sus hijos a la zona de recreo durante un rato para que la presencia de menores intimide a estas mujeres para que no muestren su cuerpo y no se vendan ante ellos a posibles clientes. ("Vecinos de Méndez Álvaro patrullan de noche las calles contra las prostitutas", 13 de xullo).

Son peores las africanas, que se echan encima de los coches o se abalanzan, o las rumanas, que no se cortan un pelo», dice Bartolo, trabajador del Selur (...) «Y no se cortan un pelo. Algunas van desnudas. Las rumanas son muy descaradas. Las negritas se abalanzan y se echan encima de los coches; si no andas con ojo puedes atropellarlas, y encima la culpa será tuya...», dice Paco, otro residente del barrio ("Las prostitutas de la Casa de Campo se trasladan al Polígono de Marconi", 15 de xullo).

As relacións entre a veciñanza e a prostitución son descritas mediante expresións que reforzan a idea de enfrontamento, nun marco interpretativo no que a prostitución de rúa é amosada como unha especie de praga que é preciso combater. Así o podemos ver nos titulares "Vecinos de Méndez Álvaro patrullan de noche las calles contra las prostitutas" (13 de xullo), "Un barrio unido contra la prostitución" (2 de xaneiro) ou "La barriada Paz y Amistad, cercada por grupos de gamberros y por prostitutas" (16 de xullo).

Emerxe neste ano de maneira destacada o que denominarei como discurso da "punición social". A veciñanza, ante a desatención das súas reivindicacións por parte de instancias políticas, decide "tomar a xustiza pola súa conta" e pon en marcha as súas propias medidas para eliminar a prostitución dos barrios nos que viven. Unha das medidas máis destacadas neste ano, e que merece atención en diversas noticias da sección local de Madrid, consiste en avergonzar ao comprador de sexo, ou ás mulleres

que o exercen, mediante gravacións en vídeo do comercio sexual na rúa. A medida é ilegal, como destaca o propio xornal, organismos xudiciais, a Axencia de Protección de Datos e representantes políticos. Só os corpos policiais, e en ningún caso a veciñanza, lembra ABC, pode colocar cámaras na rúa, dado que quedan desprotexidos dereitos como a protección da intimidade. Mais o entón alcalde de Madrid, Ruíz Gallardón, tómalle a palabra ás e aos veciños e, en período preelectoral, promete a instalación de cámaras seguindo os preceptos marcados pola regulamentación vixente. Outra das medidas adoptadas pola veciñanza consiste en pasear, mesmo coas crianzas, polas zonas onde se exerce a prostitución.

Neste conflito que o ABC presenta por veces con vocabulario bélico, o xornal posiciónase do lado da veciñanza, ao igual que en anos anteriores. As accións desta son presentadas con termos con connotacións positivas—"Los vecinos de Marconi logran que las prostitutas dejen la zona de viviendas"— e trátase de facerlle entender ao público lector até que punto a situación é insoportable—"hartos de la presencia de prostitutas y de toda la delincuencia satélite que acarream"; "La situación que viven estos vecinos es tal, que han llegado a pasarse pacíficamente por las calles del barrio, ocupando espacios públicos, para evitar que las meretrices rondan por allí"; "¿Cómo se llega a este punto, después de dos años de aguntarse semejante problema en la misma puerta de sus casas?"—.

O xornal solidarízase coa veciñanza fronte á falta de atención do Concello: "En esa ocasión, los vecinos lamentaron que el Ayuntamiento hiciera "oídos sordos" a sus quejas, llegando a negar la evidencia de la presencia de nuevos focos de prostitución en la zona" e "En Marconi se hace poco a nada por acabar con esta situación, con medidas que no trascienden más allá de un titular de prensa o el puro maquillaje de una situación que dura ya mucho".

Os principais argumentos empregados pola veciñanza contra a presenza da prostitución de rúa son a súa vinculación con inseguridade, drogodependencias, falta de hixiene, imaxe pública da zona e presenza de nenos e nenas que tamén transitan por esas zonas (o que, de modo implícito, incide no discurso da prostituta como foco de contaminación moral).

A ligazón con inseguridade é reforzada polo propio xornal a través dos elementos máis visibles da nova, como o titular e a imaxe. Así acontece na información titulada "Vecinos de Gran Vía instalarán cámaras web contra la inseguridad" (26 de setembro), acompañada dunha foto protagonizada por prostitutas. Aínda que o motivo das queixas veciñais é a inseguridade en xeral, e en especial o tráfico de drogas (de feito recoñecen, no corpo da noticia, que a prostitución é un problema de baixa intensidade) entre o titular e a fotografía establécese unha relación que, de inmediato, vincula prostitución e inseguridade.

A veciñanza identifica prostitución con inseguridade e barrio e insalubridade na información "Un barrio unido contra la prostitución". Consideran que a situación na que se deixan as rúas é un delito contra a saúde pública. Saben que a prostitución non é ilegal, pero si o é o exhibicionismo. Non queren que os seus fillos se vexan acosados pola prostitución e as súas "indeseables secuelas". Din que non queren trasladar o problema a outro barrio, senón que se solucione o problema nunha zona moi visitada.

Os problemas de hixiene son presentados como se foran responsabilidade só das prostitutas, sen ter en conta aos compradores de sexo: "Añade que 'las zonas verdes quedan sembradas de preservativos y kleenex'"

A veciñanza destaca a desatención das autoridades e a ineficacia das forzas policiais, o que a leva a tomar medidas pola súa conta: "Si la policía no garantiza la seguridad, la tendremos que garantizar nosotros" (en "Vecinos de Gran Vía instalarán

cámaras web contra la inseguridad. Afirman que el Ayuntamiento no les ha comunicado cuando colocará sus cámaras", do 26 de setembro).

Para a veciñanza, as solucións pasan polo reforzo policial e a vixilancia, os controis en materia de estranxeiría e a loita contra os proxenetas (tal e como se pon de manifesto na información "Interior promete que habrá más coordinación entre las Policías en Marconi", do 7 de setembro). Dende as asociacións veciñais propóñense medidas como a legalización e a regulación de espazos. O presidente da asociación veciñal "Jardines de la Buhaira" afirma que non quere meter ás prostitutas no cárcere pero si buscar un lugar máis seguro para esta actividade na nova titulada "La nueva puerta Sur de Sevilla: el Cortijo de Cuarto" (12 de marzo). En Méndez Álvaro, en Madrid, pídesse a creación de "zonas rojas" ("Tres meses de patrullas en Méndez Álvaro", do 22 de setembro). Nalgún caso propóñense medidas de carácter prohibicionista. Así, a presidenta da asociación de veciños "El Arenal del Arcángel" asegura que a prostitución crea "una situación de inseguridad" e afirma que o seu obxectivo principal é que non exista a prostitución ou, se existe, que estea controlada.

Os motivos da veciñanza aparecen amplamente explicados nos contidos de ABC. E os das prostitutas? En ocasións, acódesse a Hetaira ou recóllense voces das prostitutas da rúa, pero a súa presenza e o desenvolvemento dos seus argumentos é menor do que acontece no caso das protestas veciñais. Na maioría das informacións, tense en conta o parecer da veciñanza pero non o das prostitutas, tal e como acontece nas que seguen: "Vecinos de Gran Vía instalarán cámaras web contra la inseguridad. Afirman que el Ayuntamiento no les ha comunicado cuando colocará sus cámaras" (26 de setembro), "Una comisión judicial inspeccionará la instalación de cámaras en el Centro. Los vecinos insisten en que instalarán sus "webcams" mientras no lo haga el Ayuntamiento." (27 de setembro), "Tres meses de patrullas en Méndez Álvaro" (22 de setembro), "Luz verde a la instalación de 31 cámaras de vigilancia en Montera y su entorno" (2 de outubro), "De las patrullas a "Youtube" (5 de outubro), "Interior promete que habrá más coordinación entre las Policías en Marconi" (7 de setembro)...

Ao contrario do que acontece coa veciñanza, ao contrario do que acontece tamén coas vítimas de trata, non hai para coas prostitutas da rúa, cando delas a veciñanza se queixa, unha posición empática por parte do xornal. Sabemos dos problemas da veciñanza e como os vive (é dicir, o xornal non só describe os seus argumentos senón que transmite as súas emocións, como o seu enoxo ou a súa frustración). Mais pouco sabemos dos problemas das persoas que se prostitúen na rúa, e moito menos de cómo os senten (de modo que, dificilmente, podemos solidarizarnos con elas).

O discurso máis elaborado respecto á situación das persoas que se prostitúen na rúa chéganos, sobre todo, a través de Hetaira (de tendencia pro-legalización) e nalgún caso tamén a través de Apramp (de corte abolicionista).

A presenza que se lle dá ao discurso das prostitutas a través de Hetaira é, tamén, unha das novidades con respecto a outros anos, e non menor, pois implica que o xornal consulta unha fonte cun discurso organizado e representativo, ao contrario do que acontecía noutros anos, nos que acudía a declaracións ocasionais de persoas que exercían na rúa, cunha intención máis testemuñal (mesmo de reforzo das propias argumentacións do xornal) ou de creación de ambiente, que de recollida dun discurso elaborado a través do cal visibilizar aquelas problemáticas que ás persoas que exercen a prostitución lles afectan. Este ano, as declaracións de Hetaira recóllense en varias informacións, que adoito se aproveitan para reforzar as críticas contra o goberno local da cidade de Madrid, ou contra políticas de carácter estatal (é o caso do informe sobre a prostitución proposto aprobado pola Comisión Mixta dos Dereitos da Muller e da

Igualdade de Oportunidades do Congreso). Hetaira incide nos seguintes fíos argumentais:

- Crítica da dobre moral por parte de institucións políticas, baseándose en que a adopción de medidas que combaten en exclusiva a prostitución de rúa mais non outro tipo de prostitución como a de club amosa que a finalidade é invisibilizar o problema, mais non solucionalo. Hetaira acusa ao concello de Madrid de non preocuparse pola situación na que viven as mulleres que exercen a prostitución.
- Crítica ás axudas proporcionadas dende instancias municipais (en concreto, o concello de Madrid) para o abandono da prostitución, por insuficientes (síñala que ninguén pode vivir con 300 euros ao mes)
- Crítica ás medidas regulamentistas que pretenden expulsar as prostitutas de espazos públicos concorridos ou próximos a vivendas e trasladalas a outros menos visibles, como os polígonos industriais. Denuncia a inseguridade que este tipo de medidas supón para as mulleres que exercen a prostitución.
- Crítica á instalación de cámaras de vixilancia, pola vulneración de dereitos fundamentais e dado que a prostitución non é ilegal nin, polo tanto, delito.
- A defensa da prostitución como profesión que se exerce voluntariamente, que ha de ser legalizada, así como han ser recoñecidos os dereitos das persoas que a exercen, e se debe separar entre prostitución libre e forzada.
- A demanda do fin das sancións a compradores de sexo, medida que considera puritana e baseada en "conceptos morales trasnochachos y retrógrados".

Apramp coincide con Hetaira na denuncia das medidas contra a prostitución de rúa que, nese ano, está a levar a cabo o goberno de Ruíz Gallardón. Denuncia o emprego de cámaras de vixilancia e considera que as medidas adoptadas para erradicar a prostitución en determinados emplacementsos, lonxe de solucionar o problema, só consegue trasladar a prostitución dun a outro espazo da cidade.

Non só as prostitutas de rúa son representadas en negativo, senón tamén as de club, cando non aparecen na información como vítimas de trata. As informacións sobre a prostitución de club adoito levan a titulares a detención de mulleres que exercen a prostitución por estaría irregular no país. Nalgún caso, a imaxe, como vimos no apartado sobre tratamento gráfico, contribúe a culpabilizalas, ao amosarnos a un grupo de mulleres detidas e intentando ocultar os seus rostros.

O modo en que se titula ás veces pode levar a confusións, cando no titular só se informa de que un certo número de mulleres foron detidas mais non os motivos da detención (a estaría irregular no país). Tal acontece nos seguintes casos: "Detenidas nueve rusas en un club de alterne" (18 de maio) ou "Cinco detenidas en un club que no reunía las condiciones sanitarias" (29 de setembro). Reprodúcese así a situación á que facía referencia, nun artigo, a desaparecida asociación Alecrín, aínda que, é preciso concretar, isto non é o habitual en ABC, pois na maioría dos casos si se informa da situación irregular das mulleres detidas.

se a nova na prensa escrita vai no apartado de "sucesos" seguramente responda a unha redada policial nos locais dos proxenetas que impunemente exercen a explotación sexual das maioritariamente mulleres inmigrantes irregulares que son detidas pola súa situación non regularizada no estado e que nada tén que ver co exercicio da prostitución. O resultado é que se criminaliza as vítimas e se invisibiliza o verdadeiro promotor desta situación, os proxenetas. Ó mesmo tempo, a opinión pública xera a idea de que a

prostitución está ilegalizada e que por iso as mulleres se ven perxudicadas (Alecrín, 2006).

As consecuencias que tal detención pode ter para as mulleres (a apertura dun expediente de expulsión ou a súa expulsión efectiva do Estado) non sempre son explicadas no corpo da noticia, nin tampouco é visibilizado sempre o proxeneta. O discurso fica na superficie, na detención policial, mais non chega a visibilizar porquês, a abordar causas ou consecuencias, nin a botar luz sobre as problemáticas que rodean a prostitución de club.

Trala invisibilización do proxeneta nas informacións sobre detencións policiais hai motivos que teñen que ver cos subterfuxios dos que bota man para saír impune, malia ao reforzo e extensión das penas ao proxenetismo dende a reforma ao Código Penal en 2005. Subterfuxios como o emprego de homes de palla (Alecrín, 2006), é dicir, intermediarios que actúan como cabezas visibles do negocio, ou a negación da relación de proxenetismo argüindo que a súa ligazón coas mulleres que se prostitúen no local da súa propiedade se limita ao aluguer dos cuartos.

O discurso policial que se traslada incide, de feito, na persecución da prostitución de menores ou do control da inmigración irregular, como obxectivos das redadas, mais non na persecución dos proxenetas. Así acontece na nova "Detenida una joven proxeneta en un club de Montemayor con 13 chicas", na que se di que "La investigación fue llevada a cabo en el marco de la campaña de inspección de "Club de Alterne", que la Guardia Civil desarrolla en la provincia con el objetivo de detectar la presencia de mujeres tanto en situación irregular, como menores de edad" (14 de xullo). Non é un obxectivo da devantida campaña a persecución do proxenetismo?

Ao proxeneta chega a dárselle tratamento de voz autorizada a través de ANELA, a Asociación Nacional de Locais de Alterne, cuxo discurso é exposto na información titulada "Los empresarios demandan acabar con la situación "alegal" de los clubes de alterne" (4 de novembro), onde botan man de argumentos pro-legalización (aplicación de IVE ás facturas e impostos aos locais de prostitución), como solución á situación de inseguridade xurídica na que se encontran os locais de alterne. Inciden, así mesmo, no bo trato aos clientes e ás mulleres que alí exercen, así como na garantía do cumprimento das condicións hixiénico-sanitarias esixidas. Animan as mulleres que exercen a prostitución a acudir á Seguridade Social para dárense de alta como autónomas.

Falamos da representación das prostitutas e da representación dos proxenetas, e cómpre falar tamén da representación dos compradores de sexo. Contrasta o discurso que ABC traslada en boca de representantes políticos (que pretenden atosígalos, segundo defende a entón concelleira de Familia e Servizos Sociais, na liña de ABC, ou reprobalos, mais non perseguilo, en verbas de Ruíz Gallardón) ou da propia veciñanza (que pide a adopción de medidas fronte aos clientes e mesmo mesmo bota man de iniciativas propias de punición social, como a gravación en vídeo das escenas de prostitución na rúa), con certa empatía ou a comprensión que podemos ver nalgún dos contidos do xornal, en concreto, a reportaxe "Tenía ganas..." (10 de maio) e o artigo de opinión "Con cámaras por Montero" (25 de abril).

No caso da reportaxe "Tenía ganas...", a información é destacada en contraportada, dado o seu carácter extraordinario: o feito de que se deteña a unha persoa cunha discapacidade, na súa cadeira motorizada, circulando por unha autovía, cando pretendía dirixirse a un lupanar. A información está redactada cunha certa perspectiva humana, mais resaltando o máis extraordinario e espectacular nos elementos destacados da mesma. A información, porén, queda no particular, e non se aproveita para abordar o

discurso ligado á problemática de fondo: as relacións sexuais das persoas con discapacidades físicas e o papel que a prostitución pode xogar neste eido.

No artigo "Con cámaras por Montera" deixa verse de novo esa certa solidariedade para co comprador. Trátase do discurso dun experto en novas tecnoloxías, que se pon no lugar do "cliente" que se poida atopar na "azarosa situación de andar por la calle la Montera a la caza de compañía femenina" e ser gravado.

Só en dúas informacións encontramos datos sobre o perfil dos clientes, e en ámbalas dúas ese perfil procede de fontes do tecido cívico. Nunha delas, "El 20% de los hombres que se prostituyen tiene VIH, frente al 0,8% de las mujeres" (19 de xuño), a información vén facilitada pola Fundación Triángulo, que destaca o feito de que, na prostitución homosexual, só un 50% use protección. Na outra—"Más de 10.000 mujeres ejercen la prostitución en Córdoba" (4 de novembro), a información é trasladada a través de Mujeres Progresistas, que indica que os clientes son de todas as clases sociais e idades. A información recolle tamén a opinión das prostitutas, que sinalan como peor o comportamento dos executivos que o dos transportistas.

A representación das persoas transexuais que exercen a prostitución cambia radicalmente neste ano. Mentres en anos anteriores se resaltaba o seu enmarcado como perigo sanitario ou personaxes extravagantes, este ano comezan a ser representados tamén como vítimas, o que vemos nas informacións tituladas "Una red esclavizaba a travestis brasileños en pisos de alterne de Marbella y Sevilla. Un joven, enfermo de sida, fue obligado a trabajar hasta la muerte" (18 de decembro) e "Forzaron a prostituirse a un travesti enfermo de sida hasta poco antes de su muerte" (18 de decembro).

A prostitución homosexual é pouco abordada, mais cando o é (na reportaxe titulada "El 20% de los hombres que se prostituyen tiene VIH, frente al 0,8% de las mujeres" (do 16 de xuño) faise en profundidade e dende o emprego da perspectiva de xénero (é, de feito, un dos casos excepcionais nos que se bota man dela). Dita reportaxe, porén, non é froito dun traballo de investigación do xornal, senón que xorde da traslación dos datos achegados polo estudo *Trabajadores masculinos del sexo: aproximación a la realidad en la Comunidad de Madrid*. A perspectiva de xénero é empregada para analizar as dificultades da prostitución masculina fronte á feminina (maior risco de contaxio do VIH), mais non atopamos, nos contidos de ABC, textos nos que se analicen as desvantaxes da prostitución feminina fronte á masculina (como os prezos máis baixos do servizo).

O discurso da crónica negra, tinguida de morbo, tamén segue a estar presente neste ano, como vemos nas informacións "Buscan a un cliente que degolló a una prostituta rusa en El Ejido" (13 de novembro), na que se describe como a muller foi asasinada ("Le cortó el cuello", "muerta en un charco de sangre"...). Unha vez máis, o discurso queda no superficial, no suceso, e non aborda as problemáticas de fondo: a inseguridade das mulleres no exercicio da prostitución, sobre todo cando se trasladan, como é o caso, ao lugar que o cliente lles propón.

Discurso amarelista é tamén o que encontramos na información titulada "El cuerpo del delito, entre kilos de basura", do 2 de xuño, onde se fai referencia a "el cadáver descuartizado" e "seccionado en dos y metido en dos bolsas". E o mesmo acontece coa nova titulada "Piden 18 años para dos prostitutas que mataron a un cliente a martillazos" (22 de maio), onde se levan a titular os datos máis morbosos.

O discurso familista, pola súa banda, segue estando presente á hora de expoñer, como un dos inconvenientes da prostitución de rúa, o feito de que comparta espazo con familias, nenos e nenas que viven ou transitan nesa mesma zona. Tamén se pode ver como ese discurso está presente de modo implícito cando se denuncia a transgresión do

ideal de familia do ABC, como acontece na inclusión en axenda da noticia "En libertad la mujer detenida por prostituirse con su hija de 15 años", do 31 de outubro.

Tan só nunha ocasión encontramos, neste ano, a abordaxe da prostitución en países do estranxeiro, en particular, daqueles cun sistema político-social diferente ao defendido por ABC. Así sucede coa reportaxe "Esposas de usar y de tirar" (22 de xullo), no que o xornal se sitúa do lado das rapazas que, no Cairo, se dedican á prostitución encuberta mediante un matrimonio de corta duración cun millonario árabe, unha fórmula que lle permite, ao cliente, compatibilizar a relixión musulmana coa compra de sexo de pago.

Así mesmo, bótase man da representación da prostitución como arma contra o inimigo naquelas informacións que fan referencia á explotación sexual de mulleres do bando inimigo, por parte do exército nipón, na Segunda Guerra Mundial, ou a prostitución, por parte do exército alemán, de mulleres recluídas nos campos de concentración nazis.

6.2.1.5. 2012

Consolidase neste ano a representación da prostituta como vítima. Mesmo naqueles casos nos que se considera un "problema" a combater (sobre todo na prostitución de rúa, dadas as protestas da veciñanza), a argumentación varía e matízase. A prostituta deixa de aparecer, pois, baixo o enmarcado en negativo habitual en anos anteriores, caracterizada como un mal para o seu entorno. A mirada desprázase, ou ao menos en aparencia, do desprezo á compasión.

Segue vixente a identificación da prostitución con submundo ou inframundo, mais agora a diferenza é que, no discurso mediático, as prostitutas se consideran como vítimas "abocadas" ao mesmo:

El frío de las noches de invierno, la crisis o la ordenanza municipal que les espanta clientes, dificultan el trabajo de las profesionales del sexo que ejercen en la calle pero no las hace salir de ese submundo en el que muchas están atrapadas para sobrevivir. ("Esquinas en resistencia", 28 de xaneiro).

Incluso para promover a prohibición ou regulación da prostitución no espazo público, xa non só se utilizan como argumento as incomodidades e problemas que supón para a veciñanza, senón que se sostén que as prostitutas son vítimas que hai que liberar da explotación a que son suxeitas. Deféndese para iso a idea de que a prostitución é maioritariamente forzada e adscrita a redes de trata. As voces a prol da regulación de espazos, e da prohibición da prostitución no espazo público, refórzanse neste ano, e o ABC sérvelles de eco, mais agora non só se xustifican en considerar tal medida un ben para a veciñanza, senón que tamén se argumenta que sería un ben para as mulleres que exercen a prostitución. Un discurso paternalista, que decide por elas, mais sen a súa opinión, o que é bo ou non para elas, e que podemos ver tanto na argumentación que seguen representantes políticos como veciñais. Este binomio (loita contra a trata e mais loita contra a prostitución de rúa) está presente na proposta dobre que fai o Ministro de Interior, Jorge Fernández Díaz, consistente en, por unha banda, multar as prostitutas que exercen en estradas e outros espazos públicos concorridos e, por outra, reformar o Código Penal para a loita contra a explotación sexual:

Jorge Fernández Díaz avanzó que el Gobierno «está estudiando» multar la prostitución en las carreteras, así como una reforma del Código Penal que permita luchar más eficazmente contra la explotación sexual de mujeres ("Interior quiere multar a las prostitutas en las carreteras y calles de las ciudades", 13 de xuño).

Tal é o discurso, tamén, da delegada de goberno en Madrid, Cristina Cifuentes. A intensificación da presenza e do control policial aparece como argumento da loita contra a trata cando, en realidade, é tamén empregado como un instrumento para a merma da prostitución de rúa, como reconece Cifuentes cando, ante a veciñanza de Marconi se compromete a mediar co concello para a desaparición da prostitución de rúa no que considera "zonas sensibles", empregando para iso maior control policial.

"La delegada del Gobierno, Cristina Cifuentes, se comprometió ayer a mediar ante el Ayuntamiento de la capital para que modifique sus ordenanzas de cara a prohibir el ejercicio de la prostitución callejera en el entorno de zonas sensibles, como las frecuentadas por menores y áreas residenciales" (...) "Así lo manifestó ayer a los representantes vecinales de la colonia Marconi (Villaverde), a quienes, además, prometió más presencia policial en el barrio" (...) "Cristina Cifuentes hizo hincapié en que también es preciso luchar contra las mafias organizadas de trata de blancas" ("Proyecto para eliminar la prostitución en zonas infantiles", 13 de marzo).

"Que la Comunidad de Madrid no sea un territorio fácil donde se obligue a las mujeres a ejercer la prostitución en contra de su voluntad». Esa es la intención de la delegada del Gobierno, Cristina Cifuentes, que ayer anunció su firme propósito de combatir este delito con todas las armas que estén en su mano y con la ayuda de todas las administraciones. (...) ¿Cómo piensa hacerlo? De un lado, potenciando la lucha contra las redes de proxenetas que se dedican a la trata de mujeres con fines de explotación sexual allí donde se produzcan. Y, de otro lado, realizando una labor de prevención, intensificando la presencia y el control policial en aquellos lugares donde eso suceda, al tratarse de una actividad que genera inquietud a la ciudadanía y provoca deterioro social, indicó."

Ese mesmo discurso que emprega a loita contra a trata e a explotación sexual para a eliminación da prostitución de rúa é empregado, como arriba comentei, polas e polos propios representantes veciñais. Así, na información titulada "Empresarios de La Torrecilla alertan de un repunte de la prostitución", a asociación de empresarios da zona, Apreama, amósase a favor de que se multe ás prostitutas argumentando, por unha banda, a explotación a "estas mujeres", para engadir, en segundo lugar, "la mala imagen a los polígonos".

Así lo puso de manifiesto a ABC el presidente del colectivo, Apreama, Francisco Pérez Cubero, que denunció "que se sigan explotando a mujeres y nadie haga nada para remediarlo. Además, esta realidad da mala imagen a los polígonos (15 de outubro).

Neste ano atopamos un discurso que en anos anteriores non localizamos: a compasión cara ás prostitutas de rúa, o que acontece en reportaxes nas que a persoa que redacta a información se traslada aos espazos de prostitución. Así, na reportaxe "Las prostitutas "toman Villaverde" (do 19 de marzo), a un titular e un comezo no que se implica ás prostitutas nunha metáfora bélica ("toman"), que as sitúa como unha ameaza, segue a inserción de testemuños en primeira persoa nos que elas explican a súa problemática, que se resume en dous puntos na información: a inseguridade e a figura dos "chulos".

Aquí también se deja sentir la crisis. Los precios han bajado una media de 5 euros. Nos lo confirma una prostituta española cuarentona: «¡Cómo no vamos a notar la crisis! Esto lo hago por que tengo dos hijos y tienen que comer. Estamos muy expuestas, pero hay que hacer de tripas corazón». Y se sube, a toda prisa, en el coche de un cliente.

Este problema, el de la seguridade, es uno de los máis graves. Pero el verdadeiro problema de esta lacra son las mafias, los «chulos» que explotan a su pequeno ejército de mujeres.

Esta actitude empática tamén está presente na reportaxe "Prostitutas, esquinas en resistencia" (28 de xaneiro), aínda que neste caso xa dende a argumentación inicial:

En la acera inmunda de un polígono industrial desierto, en una esquina cualquiera o apoyadas en el muro de una avenida. El frío de las noches de invierno, la crisis o la ordenanza municipal que les espanta clientes, dificultan el trabajo de las profesionales del sexo que ejercen en la calle pero no las hace salir de ese submundo en el que muchas están atrapadas para sobrevivir. Algunas mujeres son esclavizadas por mafias y proxenetas —especialmente las que vienen de países del Este—, otras abrazan el mercadeo del sexo como única puerta a la supervivencia procedentes de países donde no tenían nada y otras acaban en la prostitución como consecuencia de adicciones. Las razones son diversas, hay una historia detrás de cada mujer que afronta cada noche la indefensión y el riesgo aparejado a la prostitución.

A reportaxe impulsa a compasión do público lector mediante a referencia ás emocións e a través de discursos como o familista (a muller que se prostitúe para sacar adiante o seu fillo).

Augusta Clifford es de Sudán, tiene los ojos tristes y habla un español rudimentario pese a los tres años que lleva ya aquí. «Ahora no hay dinero, no hay clientes, vienen pocas chicas porque no vale la pena y hace frío», comenta esta madre de 26 años que vende pañuelos de día en los semáforos y de noche se prostituye para sacar a delante a su hijo que está a punto de cumplir cuatro años.

As consecuencias da crise para as persoas que exercen a prostitución, as difíciles condicións nas que se exerce ou os motivos que impulsan á prostitución (como a pobreza nos países de orixe das prostitutas) están tamén presentes nesta reportaxe.

En Rumanía era costurera. «Sabía perfectamente a lo que venía, allí no hay nada» y asegura que no tiene chulo. Cobra 30 euros por el completo y asegura que «no sabe de futuro, lo que quiera dios». Casualmente, al cabo de un rato a Erika le llega un cliente con la mala fortuna del paso del furgón policial en pleno trabajo.

Con todo, a representación máis dramática das mulleres que exercen a prostitución como vítimas ten lugar naquelas información que fan referencia á trata con fins de explotación sexual, onde a miúdo se destacan aqueles aspectos máis escabrosos que fan explícita a crueldade das mafias e a tortura á que son sometidas as mulleres utilizadas como escravas sexuais.

Los investigadores policiales constatan operación tras operación la creciente crueldad y falta de escrúpulos de las mafias de trata de mujeres del Este, especialmente las rumanas. La reciente liberación de una mujer obligada a ejercer la prostitución, secuestrada en un piso, encadenada a una estufa, con el cuerpo lleno de señales de latigazos, las cejas rapadas y un código de barras y los 2.000 euros de su deuda tatuados en la piel es un exponente. ("Se venden chicas a 3.000 euros. Las víctimas de las mafias rumanas, algunas menores, son torturadas o vendidas", 26 de marzo).

A incidencia no morboso fai que se empregue como ladiño "Tirada a trozos a los perros" ("Se venden chicas a 3.000 euros", 26 de marzo), un dato que revela unha das

mozas que testifican no xuízo a Ioan Clamplaru, Cabeza de Cerdo, (o asasinato dunha prostituta a mans do proxeneta, que logo a tirou aos cans), mais que non consta como comprobado.

Ao contrario que en anos anteriores, o relato da trata non só se fai en terceira persoa (a/o xornalista traslada os datos, polo xeral escasos, que ofrecen as fontes policiais), senón tamén en primeira persoa, pois son varias as ocasións nas que podemos escoitar o testemuño das vítimas de trata. Este relato non adoita ser resultado dunha procura activa da ou do xornalista en busca de fontes, senón que se traslada dos xuízos que este ano teñen lugar contra o proxenetismo, en particular, o xuízo ao proxeneta coñecido como "Cabeza de Cerdo", que é utilizado no eido mediático de modo exemplarizante, latente o discurso de que os proxenetes agora tamén poden chegar a ser castigados (fronte á impunidade da que se viñan beneficiando polas dificultades tanto para detelos como para condenalos).

La primera, con el nombre supuesto de Andrea, ofreció, entre lágrimas su testimonio. Explicó que llegó a España en junio de 2000 cuando tenía 17 años, porque se quedó embarazada y no se lo podía contar a su madre. "Un conocido me dijo que si quería tenía trabajo en España de camarera. Me pagaron el viaje y me dieron documentación falsa". (...) "Según su relato, "A los dos días de llegar a Madrid me llevaron a la Casa de Campo con otras chicas". "Te mato a ti o a tu familia si no haces lo que yo te digo", la amenazó el acusado, tras golpearla, cuando ella le dijo que la habían engañado. Agregó que cuando le comunicó a una de sus guardianas que estaba embarazada, "Ion me obligó a abortar y a los dos días de hacerlo me pusieron algodón en la vagina para que siguiera trabajando", dijo con un hilo de voz. Tras ello, tuvo que acudir a dos hospitales debido a la hemorragia que sufrió ("Juicio a Cabeza de Cerdo. Una menor, forzada a abortar, acusa al mayor proxeneta del mundo", 1 de febreiro).

No exemplo anterior, podemos ver de novo empregado o discurso familista (o aborto como parte da tortura á moza que é escravizada sexualmente), ao igual que observabamos anteriormente na referencia á prostitución como saída á que se ve abocada a nai que ha de sacar adiante o seu fillo.

O discurso do xornal é explicitamente comprometido contra a trata, o que se reflicte na actitude de denuncia fronte aos métodos utilizados polas mafias e fronte aos seus líderes. A Ioan Clamplaru, a quen se describe como o maior proxeneta de Europa e un dos máis grandes do mundo na información "Condenan a 30 años a "Cabeza de Cerdo", el mayor proxeneta" (21 de febreiro), refírese ABC tamén como "criminal" e "explotador de mujeres" na nova "'Cabeza de cerdo', en el banquillo" (30 de xaneiro). A peza acompáñase dun perfil no que se fai un paralelismo de Cabeza de Cerdo con algún dos nomes máis coñecidos do mundo da mafia.

El ídolo de este criminal, también conocido en su ambiente como «Papá», «El Padrino», y «Juan de Madrid», era Al Capone. Salvando las distancias, el rumano Ioan Clamplaru es acusado de ser uno de los mayores traficantes de seres humanos de Europa y máximo responsable de una red de explotación de prostitutas que trabajaban en España pero con conexión en países como Italia, Irlanda, Francia y Reino Unido. Clamplaru residía junto a su esposa en Boadilla del Monte y era, en su vida privada, un auténtico derrochador de dinero. Repartía billetes a puñados y era asiduo a fiestas privadas al más puro estilo gansteril ("Cabeza de cerdo', en el banquillo, 30 de xaneiro).

Fronte á prostituta tratada e migrada como vítima, configúrase como antagonista o home migrado. Os mozos migrados aparecen como unha ameaza para o Estado español

na información "Un violador a su víctima: 'Esto, de parte de los Hermanos Latinos'" (24 de febreiro).

Son muy jóvenes, anárquicos, violentos y con un sentimiento de rechazo a lo español, aunque algunos han nacido en nuestro país. Así actúa un grupo compuesto por una docena de inmigrantes inadaptados pertenecientes a la segunda generación, dedicados a asaltar pisos donde se ejerce la prostitución.

Nas informacións adoita ser destacada a violencia e a crueldade dos homes migrados. Deste xeito, na nova "Las menores prostitutas, a salvo de la "Brigada Negra" (24 de xuño), indícase que unha das rapazas, filla do cabecilla do clan Raducan, era prostituída pola súa propia familia. E o mesmo acontece en pezas como "Traían a compatriotas desde Rumanía para prostituirlas" (25 de setembro) ou as referidas a Ioan Clamparu, "Cabeza de Cerdo", tamén de nacionalidade rumana. Mesmo no caso de Clamparu e outros explotadores de mulleres romanesas, se responsabiliza en boa medida ao contexto político comunista que os aleitou, o que entra dentro desoutro discurso que xa vimos en anos anteriores, a utilización da prostitución para desacreditar sistemas políticos opostos ao defendido por ABC.

Los hay que surgieron al calor de la transición política del comunismo de Ceausescu al actual régimen, una endeble democracia. Promesas del deporte, como Ioan Clamparu, «Cabeza de Cerdo», que acabaron de matones de empresarios metidos luego a políticos. Alguno con escaño en el parlamento europeo de Bruselas. ("Se venden chicas a 3.000 euros", 26 de marzo).

En ocasións non só se identifica a nacionalidade, senón a etnia, coma neste caso no que se explicita a orixe xitana da familia acusada de explotar a dúas menores, unha delas filla.

Se hacían llamar la "Brigada Negra", por el color algo oscuro de su piel; de hecho, son rumanos gitanos de la zona de Buciumeni, Tecuci y Galati. ("La "Brigada Negra" obligaba a dos menores a prostituirse por 20 euros", 23 de xuño).

O triángulo, tamén neste ano, se completa coa figura do policía salvador, suxeito de verbos como "rescatar", do que as mulleres vítimas de trata son obxecto.

Una de ellas fue rescatada del piso donde la tenían encerrada. Estaba llena de latigazos y atada con cadenas a un aparato de calefacción. Además, sus cancerberos le habían tatuado un código de barras con la deuda que debía a la organización: 2000 euros. ("Cae una mafia que tatuó con códigos de barras a sus prostitutas", 25 de marzo)

Las víctimas de la red, que fueron rescatadas en una operación policial en los locales donde ejercían la prostitución, declararán en el juicio como testigos protegidos ("Piden 36 años a ocho acusados de prostituir nigerianas", 23 de setembro).

Cando a trata é abordada en artigos de opinión, é identificada con humillación e indignidade, como acontece no asinado por Ángel Expósito en relación coa operación policial na que se localiza a unha moza tatuada con un código de barras e atada a un calefactor. De modo indirecto, Expósito relaciona a trata coa desigualdade entre mulleres e homes.

Parece que vamos hacia atrás, como los cangrejos. Delante de nuestras narices hay chicas con códigos de barras o imanes musulmanes dando consejos sobre cómo y por

qué pegar a las mujeres; eso si, sin que se note ("Hacia atrás, como los cangrejos", 25 de marzo).

No apartado de Cartas ao Director, o texto asinado por María Amparo García Jiménez, "Una cuestión de humanidad", identifica trata con forma de escravitude denigrante (4 de outubro) e pide que o Goberno remate con "esta lacra", e ofrezca o seu apoio, "sin importar que estean en situación administrativa irregular". É este, porén, un discurso (o apoio ás mulleres vítimas de trata en situación administrativa irregular) que só vemos reflectido nesta ocasión, na sección de Opinión, e non nos contidos redactados dende o xornal ou polos seus colaboradores e colaboradoras, senón nunha carta que lle envía unha lectora.

Es terrible que en nuestra era, la era de los avances en los derechos humanos, pueda existir la esclavitud. Existe en el siglo XXI una forma de esclavitud que denigra a las mujeres hasta destruirlas para siempre: las redes mafiosas que se dedican a captar mujeres en países pobres como Nigeria, con la promesa de ofrecerles un trabajo, para luego obligarlas a prostiurse y pagar con ello una deuda contraída con esta red. ("Una cuestión de humanidad", 4 de outubro).

O discurso asistencialista está presente, na información, non só en boca de ONGs como Cruz Roja, que prestan axuda a persoas que exercen a prostitución, senón tamén no discurso político, o que é coherente coa liña argumental do abolicionismo (castigo aos actores que rodean a prostitución, proxenetas e clientes, e apoio ás persoas que a exercen). Este discurso infiltra-se nas argumentacións políticas a prol da eliminación da prostitución na rúa, como é o caso do goberno local de Sevilla (Zoido, o alcalde popular que goberna en 2012, fixera de tal medida unha promesa electoral). É dicir, por un lado procúrase a desaparición da prostitución nos espazos públicos, mediante o reforzo da vixilancia policial e as multas aos compradores de sexo e, por outra, practícase un discurso asistencialista cara ás persoas que queiran deixar a prostitución. A axuda institucional condiciónase, pois, ao abandono da prostitución. Mais hai preguntas que quedan no aire. Son estas axudas suficientes para poder vivir sen exercer a prostitución ou para que este abandono compense? É realmente o castigo aos compradores un apoio para as prostitutas ou unha maneira de dificultar o seu modo de subsistencia nun país estranxeiro e no, que, en non poucas ocasións, permanecen en situación administrativa irregular? Cales son as outras alternativas laborais que se lles ofrecen?

A representación das mulleres como vítima é a cruz dunha moeda que, neste ano, ten outra cara por completo oposta, a prostitución de luxo, que chega aos xornais de man dos escándalos protagonizados por homes en elevados cargos de poder, como Berlusconi ou Strauss-Kahn. Neste caso, a prostituta trasládase do discurso da crónica negra ao da prensa rosa. Así, no referido ao chamado "caso Ruby" encontramos este titular na sección "Gente": "Berlusconi quería cinco "tipos" de mujeres para sus fiestas" (27 de abril), que leva como destacado sobre fondo vermello: "Harén. Las buscaba "zorras", "serias", sudamericanas y madamas". Mesmo que o caso sexa tratado nunha sección dura, como Internacional, se coan recursos propios do estilo informal característicos da prensa rosa, tal e como vemos na información "Silvio Berlusconi, condenado e inhabilitado por fraude fiscal", que abre a sección Internacional a toda páxina o 27 de outubro. No ladiño "Sigue el caso Ruby", a protagonista é designada polo nome de pía ou alcume e fotografada en vestido de festa e posando.

A representación do comprador de sexo é ambivalente, mais nos dous casos, son enmarcados baixo o discurso da condena social. Temos, por unha banda, ao comprador de sexo coñecido, ao persoeiro de relevo na esfera pública. Trátase de persoas famos@s

e é por iso, precisamente, que o feito é noticia. Por outra banda, están os "clientes", denominados como nome común e plural que designa, en xeral, a quen compra sexo, mais que non se concreta en rostros. A representación iconográfica é significativa. Mesmo cando a información enmarca á prostituta dende a compasión e ao comprador de sexo dende a denuncia, quen aparece na fotografía é ela, en situacións nas que semella que é a muller a perseguida, mesmo cando non é así. Así acontece na reportaxe "Prostitutas, esquinas en resistencia" (28 de xaneiro), que se escribe a raíz da posta en funcionamento da normativa que, en Sevilla, multa ao comprador de sexo. Na fotografía, non aparece ningún, mais si prostitutas, unha delas xunto á Policía Local. Nalgún caso, mesmo que o pé de foto faga referencia ao comprador de sexo, na fotografía é practicamente imperceptible, como acontece na información "Cobradas las dos primeras multas a clientes de prostitutas" (6 de febreiro de 2012). Aínda que o pé de foto nos indica que o policía está a identificar ao cliente dunha prostituta, tan só conseguimos apreciar, do cliente, un pé, pois aparece por completo cuberto polo axente policial. Á prostituta, en tanga, podemos vela de corpo enteiro e de costas.

No que respecta aos políticos-consumidores de sexo de pago (Berlusconi e Strauss-Kahn, no ano analizado) a representación informativa que se fai difire entre un e mailo outro. Mentres o caso no que se ve involucrado Berlusconi é abordado, por veces, cun estilo que se contaxia da crónica rosa, a información sobre Strauss-Kahn, ex candidato socialista á República francesa e ex director do FMI non aparece contaminado por ese estilo máis frívolo, e é enfocado dende a crónica e a análise política.

A imputación por proxenetismo de Strauss-Kahn dá pé a un artigo de opinión, "El fin de un tiempo" (29 de febreiro), de Gabriel Albiac que ten como eixo argumentativo principal a separación entre o público e o privado, que apunta como un dos fundamentos da República Francesa e que considera en entredito trala defenestración da imaxe pública de Dominique Strauss-Kahn tras ser acusado de violación en Nova Iorque: "El blindaje entre lo público y lo privado está en los fundamentos de la República Francesa. Tanto como para que Saint-Just lo erija, hacia 1793, en garantía de no retorno al viejo régimen: 'la libertad de un pueblo está en su vida privada: no toquéis eso'". Porén, o articulista mete no mesmo saco da vida privada os *affaires* con amantes e as acusacións por delito, neste caso, por violación. Un discurso que se contrapón ao erixido polos feminismos e sintetizado na máxima de Kate Millet "O persoal é político".

O discurso político-institucional xira, este ano, ao redor da regulación ou prohibición da prostitución nos espazos públicos. En 2012, como xa vimos, este debate traspasa o contexto municipal, no que até entón se viña desenvolvendo, e chega ao autonómico e estatal, da man do goberno autonómico catalán e do Ministerio de Interior, como mostra dunha sinerxia entre PP (á fronte do goberno estatal) e CiU (á fronte do catalán) que, como veremos posteriormente, tamén se manifesta nas medidas contra a prostitución de rúa que adopta o goberno local barcelonés.

O 13 de xuño, o xornal fai públicas as intencións do ministro de Interior de eliminar a prostitución nas estradas. Jorge Fernández Díaz é partidario de multar as prostitutas e de facer cambios no Código Penal no que respecta á explotación sexual. A proposta é presentada como reacción ás declaracións que tan só uns días antes fixera o conselleiro de Interior catalán indicando que o Ministerio estaba polo labor de eliminar a prostitución da vía pública. Con anterioridade, a consellería de Interior catalá solicitáralle ao goberno estatal, no mes de maio, que, nunha futura reforma do Código Penal, se considerase infracción penal a prostitución na vía pública.

A proposta da Generalitat, publicada na edición catalana de ABC na información "Cataluña pide que la prostitución callejera sea infracción penal" (31 de maio) é recollida en tono neutro e sen explicitación de críticas ao seu redor. Dise da Generalitat

que "abandera la lucha contra la prostitución en la vía pública (...) A finales del año pasado la Generalitat modificó su ley de carreteras y otorgó a su Servicio Catalán de Tráfico (SCT) la potestad de sancionar administrativamente a las prostitutas y sus clientes por realizar estas prácticas en las carreteras". Afirmase, na redacción desta noticia, que a medida do goberno catalán é un atallo, ante a ausencia de tipificación penal que castigue esa práctica na vía pública.

Se, como comentei, a proposta do goberno catalán é elaborada informativamente sen ter en conta as críticas, cando o goberno estatal recolle a luva, ABC si dá conta do debate que se desata, deixando constancia das voces en contra: dende as forzas de seguridade do Estado ligadas á abordaxe da prostitución (que a critican por criminalizar as prostitutas) até a asociación Apramp, as asociacións de xuíces (Jueces por la Democracia considera que a medida criminaliza as prostitutas e a pobreza, e se basea no populismo punitivo) ou, dentro do Partido Popular, Ana Botella, entón concelleira na cidade de Madrid.

Fronte ás propostas do Ministro de Interior, a edición Madrid de ABC expón en positivo os argumentos de Ana Botella, aos que presenta como un modelo oposto. A favor do modelo sueco, Botella afirma que a maioría da prostitución é forzada e considera que a regulación esconde o problema, mais non o soluciona ("Regular las zonas de prostitución esconde el problema, no lo solventa". Ana Botella recalca que su ejercicio "va contra la dignidad del ser humano", 1 de setembro de 2012). Nesa liña, amósase partidaria de non multar nin a compradores de sexo nin a prostitutas, e cinguir a actuación á identificación dos compradores, o que no fondo, aínda que non se recoñeza explicitamente, ten o mesmo fin: eliminar o exercicio da prostitución na rúa, tal e como se recolle nesta información, cando fala de "combatir el mercado carnal en la calle".

En ningún caso se mostra partidaria de multar a las víctimas, ya que "son traficadas por bandas y deben ser ayudadas por las administraciones para salir de este infierno ya que el 90% no son libres". En algunas ciudades españolas ya se sanciona tanto a meretrices como a clientes.

Con todo, reconoció que combatir el mercado carnal en la calle sería más eficaz si existiese una legislación nacional (Ofensiva contra el botellón, prostitución y mendicidad", 18 de setembro).

Sevilla, Barcelona e Cataluña son os contextos de regulación da prostitución de rúa aos que ABC presta atención neste ano, segundo os datos recompilados nesta investigación.

A modificación da ordenanza de civismo é aprobada o día 21 de xullo polo concello de Barcelona e entra en vigor a mediados de agosto. Conta co apoio de CiU (no goberno) e do PP, impulsor da iniciativa, e endurece as medidas que xa, dende a ordenanza aprobada en 2006, prohibían a demanda ou ofrecemento de servizos sexuais nos espazos públicos. Incrementáanse as multas aos compradores de sexo e establécense multas para as prostitutas entre 100 e 750 euros, conmutables pola participación nun curso de "reinserción social" da Axencia pola Abordaxe Integral do Traballo Sexual.

Nun primeiro momento, cando a modificación da ordenanza é aprobada en comisión (o 18 de xullo), ABC faise eco das críticas, tamén presentes noutros medios, polo emprego do concepto de cliente potencial, ao que considera "algo ambiguo", e recolle de modo breve, e en estilo indirecto, o parecer da Síndica de Barcelona e de partidos de esquerda, que a critican por considerar que favorecerá o proxenetismo, ao invisibilizar a prostitución e facer máis difícil a actuación policial e a acción dos servizos sociais.

La película de ciencia ficción "Minority Report" (2002) pinta un futuro sin crímenes, donde un sofisticado sistema de anticipación permite que los potenciales delincuentes sean detenidos antes ni siquiera de desenfundar la pistola o sacar la navaja. Ese mismo concepto, el de delincuente potencial, es el que ha adoptado el Ayuntamiento de Barcelona en la modificación de la Ordenanza de Civismo para endurecer la prohibición de la prostitución callejera.

La normativa, que sale adelante con los votos de CiU y del PP, introduce la figura del "cliente potencial", como elemento susceptible de ser multado, una definición algo ambigua y que dejará a criterio de la Guardia Urbana, y de una futura orden interna que lo aclare, quién puede ser o no sancionado (ABC, 19 de xullo).

A entrada en vigor da modificación normativa é recollida un mes despois na peza "Barcelona endurece su veto contra la prostitución callejera", do 17 de agosto, unha información sen voces críticas (reservaranse para outra nova, ao día seguinte) que se limita a explicar en detalle as sancións e ofrecer o contexto e os antecedentes políticos (dende a ordenanza de convivencia de 2006, que prohíbe o ofrecemento e demanda de servizos públicos na rúa até a actual modificación, que apoia CiU "espoleado por el grupo municipal del PP"). As posturas críticas, como xa comentamos, déixanse para o día seguinte, 18 de agosto, nunha información ("No necesitamos que nos reinserten") na que a fonte protagonista é a asociación de profesionais do sexo Aproxex, quen considera que esta medida é só unha forma de recadar cartos. Argumenta a entidade que tal modificación da norma afecta as prostitutas canto que as aboca a ocultarse en pisos clandestinos e clubs que se levan a maior parte das ganancias. Defende, ademais, que a mellor forma de loitar contra as mafias non é esta, senón unha normalización do oficio que lles permita, ás traballadoras do sexo, cotizar.

O concello sevillano tamén fai bandeira este ano da eliminación da prostitución na rúa. As medidas, neste caso, limítanse a multar aos compradores de sexo e a identificar as prostitutas, que non son multadas. O 28 de xaneiro publicanse, na sección Sevilla, dúas pezas con motivo do cobro das primeiras multas a clientes. Por unha banda, a información "La mitad de las denuncias a clientes serán firmes la próxima semana", na que se alaban os resultados da medida e se recollen as opinións en positivo da Policía local e da veciñanza, e da que ofrezco un extracto.

La normativa municipal, pese a llevar únicamente tres meses vigente y a la dificultad para imponer la sanción pues hay que coger al cliente en el momento justo, está contribuyendo a que en zonas donde la prostitución callejera había convertido en un infierno las rutinas vecinales —como la calle Santo Domingo de la Calzada en Nervión o la avenida Emilio Lemos en Sevilla Este— se hable ahora de un problema casi resuelto, con tintes de ocasionalidad.

Por outra, a reportaxe "Prostitutas, esquinas en resistencia", tamén publicada nese mesmo día na edición Sevilla, recolle as voces das mulleres que exercen a prostitución nas rúas sevillanas, que son presentadas como vítimas, ou ben de mafias e proxenetas ou ben de circunstancias vitais (como a falta de recursos económicos ou as drogodependencias) que as abocan ao exercicio da prostitución. A xornalista fala coas prostitutas, que explican as razóns que as levaron á prostitución e recolle as súas queixas pola falta de clientela e o control policial, ou pola ausencia doutras alternativas, como reconece unha prostituta transexual que expón as dificultades que se encontra unha muller transxénero para entrar no mercado laboral: "pido al Ayuntamiento que nos de trabajo o que nos facilite el acceso. Somos personas, con sentimientos y tenemos que comer".

A reportaxe, porén, incide no enfoque humano e non abonda na problemática política de fondo. A crítica ás medidas políticas é máis ben implícita, aínda que se apunta de maneira algo máis aberta nunha das frases iniciais, suavizada xunto a outros factores que dificultan o exercicio da prostitución na rúa, como o frío ou a crise: "El frío de las noches de invierno, la crisis o la ordenanza municipal que les espanta clientes, dificultan el trabajo de las profesionales del sexo que ejercen en la calle pero no las hace salir de ese submundo en el que muchas están atrapadas para sobrevivir".

A reportaxe emprega terminoloxía pro-legalización ("profesionales del sexo") pero incide, exclusivamente na prostitución forzada (ou ben por mafias, ou ben por circunstancias vitais).

Avanzado o ano, na sección local do ABC en Sevilla volve a retomarse o tema, e faise para falar dos resultados, en cifras que presentan en positivo as medidas políticas sobre a prostitución de rúa ("La Policía denuncia a 143 clientes de prostitución en el último año", do 29 de outubro).

O discurso da veciñanza está moito menos presente este ano. O fío argumental "a veciñanza reclama" semella substituído por esoutro: "o goberno actúa". As medidas políticas neste ano van na liña do populismo punitivo que bebe do discurso da punición social propiciado pola veciñanza. O xornal segue a carón da veciñanza naqueles casos nos que se recollen as súas protestas contra a prostitución de rúa. Vémosto na ampla cobertura que merecen as protestas do empresariado do polígono cordobés de La Torrecilla, así como na presentación en positivo da acción da veciñanza (a modo de persistente loita), que vemos na información "Drogas y prostitución en el Pico del Pañuelo" (7 de marzo): "La asociación de vecinos de Nudo Sur lleva desde 2009 luchando para erradicar los problemas de la droga en la zona (...).

A veciñanza presenta un discurso máis matizado, como xa comentamos con anterioridade. O ataque á prostitución de rúa non se amosa como un ataque directo ás prostitutas, no discursivo, senón que se lle dá unha reviravolta: as prostitutas aparecen como vítimas e, polo tanto, cómpre eliminar a prostitución. Que se reivindicue a súa eliminación só nos espazos públicos, nas rúas, apunta a que en realidade, hai outros motivos. Apúntase en primeiro lugar como motivo a loita contra a explotación sexual cando o que causa maior malestar entre a veciñanza son aqueles que lles afectan máis directamente, como os problemas de imaxe, tal e como podemos ver nas informacións sobre as queixas do empresariado do polígono de La Torrecilla.

Así mesmo, este ano observamos como, dentro da veciñanza, se poden chegar a recoller pareceres distintos (até o de agora, a voz veciñal era monocolor e sen discrepancias). Vémosto na información "No necesitamos que nos reinserten", onde se recollen dous testemuños veciñais dispares. Un deles está a favor do endurecemento das multas a prostitutas e compradores de sexo por parte do concello de Barcelona. O outro insiste en que hai que diferenciar entre prostitución voluntaria e forzada.

A asociación á delincuencia con ese submundo que no xornal se considera a prostitución segue vixente na trama discursiva deste ano. Porén, cada vez é menor a súa vinculación coas drogodependencias (aínda que a podemos atopar nalgunha nova como a antes citada, "Drogas y prostitución en el Pico del Pañuelo") e faise dominante a súa representación en relación co proxenetismo e as redes de trata a gran escala, que á súa vez aparecen vencelladas ao binomio inmigración-delicto.

Nesa identificación de prostitución con submundo, hai discursos que van máis aló, e opoñen o nós "civilizado" a un "espectáculo" que se considera incivilizado, é dicir, fóra da civilización. Ese é o discurso do ministro de Interior, cando afirma que "A ninguna persona civilizada le gusta ese espectáculo, y tenemos que acabar con él" ("Interior quiere multar a las prostitutas en carreteras y calles de las ciudades", 13 de

xuño). E tamén nesa consideración da prostitución como inframundo, podemos encadrar o discurso da "reinserción" (é dicir, a volta ao "mundo" do Nós que se considera civilizado, do que ficaron excluídas as prostitutas), moi presente naqueles representantes políticos que usan a verba aplicada a axudas ou realización de cursos (como acontece no caso do concello barcelonés) para a "reinserción" das prostitutas.

A prostitución e o proxenetismo en ningún caso aparecen identificados como violencia de xénero de forma directa, aínda que nalgunha das informacións si se complementa con datos ligados á violencia de xénero (mais non como a mesma realidade, senón como unha realidade próxima. Así acontece na nova titulada "La Policía denuncia a 143 clientes de prostitución en el último año", do 29 de outubro: "De igual modo, este año se han abierto 898 expedientes, 458 referidos a violencia de género, y se han atendido seis nuevos casos de mujeres víctimas de explotación sexual".

O que si é frecuente neste ano é a descripción das agresións machistas, aínda que non se identifiquen como tales, que sofren as prostitutas a mans dos seus proxenetas, como violacións ou malos tratos. Detectamos, tamén, un paralelismo na representación que se fai das vítimas da violencia de xénero e as da explotación sexual: a culpabilización implícita por non ter denunciado, sen explicar os motivos polos que non se chega a expoñer este tipo de situacións ante a Policía: "Fuentes policiales aseguran que a las chicas se les pide la documentación para comprobar que está todo en regla, 'pero si ellas no denuncian, no podemos hacer nada' ("Empresarios de La Torrecilla alertan de un repunte de la prostitución", 15 de outubro).

A loucura ou a defensa propia como mecanismos de exculpación do agresor volven aparecer este ano na información "El acusado de matar a una meretriz dice que ella le atacó con el cuchillo" (21 de febreiro), mais neste caso, ao contrario do que viamos nunha información analizada en anos anteriores, estes argumentos de exculpación parten do propio agresor (máis en concreto, nas súas declaracións no xuízo) e a persoa que elabora a información distánciase deles e réstalles credibilidade, destacando as contradicións nas que incorre:

"El anciano asegura ahora que no la apuñaló y que estaba "como alocado" (...) "La explicación que dio al tribunal acerca de por qué cogió una cartilla de ahorros cuando logró entrar en su casa -con el cadáver de Antonia aún en su interior- fue inverosímil".

Porén, a descrición referida á vítima é desvalorizadora e vincúlala á drogadicción e á desestruturación familiar:

La víctima tenía cinco hijos, cuatro de ellos se encuentran acogidos por familiares de la mujer y uno fue adoptado en marzo de 2011. No se conocían otros ingresos que los derivados del ejercicio de la prostitución, los cuales destinaba principalmente a su subsistencia y a adquirir las drogas tóxicas, estupefacientes y sustancias psicotrópicas a las que era adicta, según la Fiscalía.

Podemos detectar, ao igual ca en anos anteriores, un discurso familista, presente na incidencia—cu n discurso baseado no testemuño dramático en primeira persoa no aborto forzado como unha das moitas agresións cometidas pola rede proxeneta de Ioan Clampanu. A valentía da moza que ofrece ese testemuño é levado a titular: "Juicio a "Cabeza de Cerdo". Una menor, forzada a abortar, acusa al mayor proxeneta del mundo", do 2 de febreiro). Tamén se pode observar a presenza de tal discurso familista na inclusión en axenda do caso dunha nai que se prostitúe na rúa mentres coida do seu bebé ("Sucesos. Multada por prostituirse con su bebé en las calles de Málaga", do 2 de febreiro). O xornal tacha de inconsciente a actitude da moza que se prostitúe co seu

bebé, mais non se explican os motivos dela, os que a levaron a esa situación. Para reforzar a inconsciencia da moza empréganse expresións como "La habían visto vender su cuerpo por las calles de los polígonos a pesar de su avanzado embarazo. Pero jamás hubiesen imaginado que iba a cruzar la línea de la inconsciencia". Que é máis inconsciente, poderíamonos preguntar: prostituírse estando embarazada, co risco de transmisión de enfermidades sexuais ao feto, ou unha vez o bebé nace? Se se considera máis grave o segundo, por parte do xornal, non é en base a un argumento de risco sanitario, senón de carácter moral (prostituírse diante do bebé).

Diminúen de modo destacado este ano, en comparación co 2007, os titulares de novas protagonizadas por mulleres que exercen a prostitución en clubs detidas por estadía irregular no Estado. Neles seguimos a observar a criminalización subxacente da prostituta, explícita neste titular "Actuación contra la prostitución. La Policía detiene a dos mujeres en una redada en La Torrecilla. Además, ha arrestado a otras siete en clubs de alterne de La Carlota y Palma" (17 de outubro). Hai, neste encabezado, unha contradicción de fondo. En España, a prostitución non está castigada, polo tanto non pode haber unha actuación policial contra a prostitución. O que se fai neste caso é arrestar a mulleres que exercen a prostitución por estar en situación irregular no Estado. Para afondar máis na contradicción, a propia Policía afirma que "esta no ha sido la única actuación contra la explotación sexual", en si unha falacia, pois non se actúa contra a explotación sexual senón contra quen a exerce por estar en situación irregular no Estado.

Son moi escasas as informacións protagonizadas por homes ou mulleres transxénero que exercen a prostitución. O trato cara ás mulleres transxénero é moito máis respetuoso ca en anos anteriores, ao igual que o é a comprensión da súa realidade. Así, na reportaxe "Las prostitutas "toman" Villaverde" (19 de marzo), recóllese o testemuño de Mariana, á que en primeiro lugar se presenta como "una joven brasileña de 21 años", e da que só despois se especifica que "es transexual".

En 15 minutos, Mariana hace dos felaciones; después de cada una sube corriendo a una Unidad de Atención a la Mujer del Ayuntamiento a por un condón. «La mayoría de los clientes quieren sexo a pelo, pero yo no estoy por la labor», explica esta una joven brasileña de 21 años. No para: es transexual y, por ello, de las más demandadas. «Para nosotros no es fácil el mundo laboral y ésta es de las pocas salidas».

Noutra reportaxe, a titulada "Esquinas en resistencia" (28 de xaneiro) recóllese o testemuño doutra prostituta transxénero, que denuncia a discriminación laboral que sofre como tal e como, en tal situación, a prostitución é unha das poucas saídas factibles.

«La barbi», así conocen a esta transexual que tiene unas piernas infinitas y sólo lleva puesto un body de raso y un tanga de encaje. «Este negocio está muerto». Se enfada, en un principio no quiere hablar, luego se arranca. «Si con la crisis que hay no le dan trabajo a hombres ni mujeres, imagina a nosotros los transexuales que siempre hemos estado discriminados y la única salida que nos queda es la prostitución», dice muy enojada y sigue «pido al Ayuntamiento que nos de trabajo o que nos facilite el acceso. Somos personas, con sentimientos, y tenemos que comer».

6.2.2. El País

6.2.2.1. 1977

Estamos en plena transición e a prostitución, tal e como se afirma en *El País*, comeza a saír á luz, a ser recoñecida como realidade que existe. A visibilidade da voz e das demandas das prostitutas é, entendida, no xornal, como síntoma de liberdade, tal e como se explicita nesta crítica do libro *Ulla, la prostituta* (27 de febreiro).

La rebelión de las putas llega en cuanto se respiran aires de libertad y en cuanto la sociedad empieza a admitir -¡oh!- que existen. Pues sí. Existen. Se llaman putas. Están por la calle o por las casas. Lo sabe todo el mundo a escala de tertulia, pero no a escala de despacho.

Unha realidade que tamén comeza a ter visibilidade nos medios de comunicación, tal e como expón Paco Umbral na súa columna de opinión "Diario de un Snob", malia a que, cumpriría matizar, en pequena medida, segundo temos visto no apartado cuantitativo do traballo de campo elaborado para esta investigación.

Ahora empiezan a publicarse chismes, noticias, cosas, sobre la prostitución en España, en Madrid, durante cuarenta años, que son los que tiene mi entrañable Maripi, la cual, como ella dice, empezó la carrera con un señor de Abastos y la está terminando con un ex subsecretario relámpago de aquellos que entraban y salían vertiginosamente en los últimos años de Franco. ("Las respetuosas", 12 de marzo).

Non está presente en *El País* ese discurso que, no mesmo ano, detectabamos en ABC, que identificaba a prostitución con anormalidade e vicio. *El País* si recoñece que existe esa división entre o Nós que se considera integrado no que poderíamos denominar a "normalidade social", e @s @outros, no que entrarían todas aquelas persoas situadas á marxe, entre elas, as prostitutas. Recoñéceo e críticao, tachando a sociedade de hipócrita por utilizar ás prostitutas, ao mesmo tempo que as agocha e as estigmatiza.

Ulla nos cuenta en su libro (que, claro, no es una maravilla literaria ni sociológica, ni siquiera narrativa) algo que está dentro de ella y de todas sus compañeras: el desprecio social. La presión a que están sometidas simplemente porque la otra sociedad, la hipócrita, la que sabe que existen, la que las utiliza, y que no se lo cree, lo ordena ("Ulla, la prostituta", 27 de febreiro).

Paco Umbral revélanos nos seus artigos que altos cargos do réxime franquista acudían á compra de sexo de pago e afirma que "un sistema cerradamente puritano necesita la cloaca de la prostitución como la belleza de Venecia necesita la podredumbre de sus canales": "Ha sido una realidad pornopolítica del largo régimen que hemos vivido: los políticos constitucionalmente más católicos del mundo, son los que mejor vida les han dado a las profesionales del sentimiento." ("Las respetuosas", 12 de marzo).

En 1977, nese xornal que entón apenas iniciaba o seu percorrido, *El País*, teñen gran peso as fontes dese tecido cívico que reclama, que se manifesta, que pide que se poña fin á herdanza do réxime franquista, sexan sindicatos, sexan asociacións, ou as propias prostitutas, que por aquel entón tiñan unha autoridade como actrices sociais que logo perderían, cando pasaron a ser tratadas fundamentalmente como vítimas, no período final da mostra que constitúe esta investigación. Este ano vemos as prostitutas reclamando os seus dereitos laborais, protestando fronte ás problemáticas que lles

afectan (como, naquel momento, a competencia que para as españolas supoñen as prostitutas estranxeiras) e manifestándose contra unha lei, a de perigosidade social, que se caracterizaba pola súa discrecionalidade e que as podía castigar con penas de cárcere ou de reclusión en centros de reinserción. Este último aspecto, as protestas contra a Lei de Perigosidade Social, non aparece recollido en ABC, que se limita a amosarnos, na ampla entrevista que lle fai ao maxistrado de Perigosidade Social, Manuel Rico, a versión institucional, mais non os problemas que dela se derivan.

O suposto suicidio no cárcere dunha prostituta en Bilbao nunha cela de castigo, que non aparece incluído nos contidos de ABC analizados, merece, pola contra, o interese de *El País*. Segundo a versión oficial, María Isabel Gutiérrez queimárase “ao bonzo” nunha cela de castigo. As súas compañeiras cuestionan o relato institucional —“Exigimos que se aclare el presunto suicidio. No nos creemos la versión oficial, porque no explica que tuviese cerillas en una celda de castigo y que nadie la oyese gritar cuando se prendió fuego” e, a raíz do sucedido, súmanse ás protestas da Copel, a Coordinadora dos Presos en Loita, voceira das demandas dos presos sociais, e reclaman a abolición da Lei de Perigosidade Social.

Más de cincuenta prostitutas se encerraron ayer por la tarde en un pabellón del Hospital Civil de la capital vizcaína para pedir la abolición de la ley de Peligrosidad Social y exigir que se aclaren las circunstancias que rodearon la muerte de su compañera María Isabel Gutiérrez, que se prendió fuego a lo bonzo, la noche del pasado martes, en su celda de la cárcel de Basauri (Vizcaya). (“Manifestación de prostitutas bilbaínas contra la ley de Peligrosidad Social”, 12 de novembro).

As prostitutas piden xustiza e denuncian o rexeitamento e a hipocrisía social.

Exigimos que se aclare el presunto suicidio. No nos creemos la versión oficial, porque no explica que tuviese cerillas en una celda de castigo y que nadie la oyese gritar cuando se prendió fuego. De acuerdo, estaba loca y le daban ataques, pero precisamente por eso su lugar no era la cárcel por un hurto.»

‘Estamos dispuestas a todo –declaraba otra– y no cesaremos hasta aclarar esta muerte. Pediremos justicia a todos los niveles. No hacía ningún mal y si tanto nos desprecia la sociedad, que nos den empleo para alimentar a nuestros hijos’. (“Manifestación de prostitutas bilbaínas contra la ley de Peligrosidad Social”, 12 de novembro).

Aínda que o que fan as prostitutas bilbaínas é sumarse ás accións xa promovidas con anterioridade pola Copel a prol das e dos presos sociais, porén, o que o titular destaca en titular é precisamente a protesta das profesionais do sexo de pago (“Siguen en Bilbao las protestas de las prostitutas, 13 de novembro). Nas protestas, nas que tamén participa a CNT, as prostitutas son recoñecidas como *obreras*, cualificativo que *El País* pon en cursiva, para recalcar que o uso do termo non é propio senón allea.

A mediodía, doce hombres y tres mujeres se encadenaron al puente de la Victoria reclamando la libertad de los presos sociales. Asimismo se pedía el apoyo a las prostitutas, que son también *obreras*, como rezaba un cartel. (“Siguen en Bilbao las protestas de las prostitutas”, 13 de novembro).

As demandas e protestas das prostitutas son recollidas noutras dúas informacións: “Las mujeres que ejerzan la prostitución” (10 de abril de 1977) e “Prostitutas madrileñas protestan por competencia desleal de las portuguesas” (20 de maio de 1977). A primeira das informacións é un breve no que se informa dos traballos

de constitución dun sindicato de prostitutas na Costa do Sol. Aparece recollido na sección Gente, enmarcado polo tanto na parte máis frívola da área social, ao contrario que ABC, que tamén se fai eco desta información, pero na sección Laboral. Similares son os datos transmitidos por ambas as dúas cabeceiras, o que pode ser debido a que se trate dunha información inducida, non buscada polo xornal. A información é recollida seguindo os preceptos de estilo da neutralidade informativa, sen elementos de valoración.

Este non é o caso, porén, da segunda das pezas á que fixemos referencia, "Prostitutas madrileñas protestan por competencia desleal de las portuguesas", redactada nun estilo por veces próximo ao frívolo. A noticia é inserida tamén na sección Gente, e afástase, en consecuencia, dun enmarcado de carácter máis político ou laboral. O emprego das aspas en verbas como "trabajan" ou "competencia desleal", ou de expresións como "el primer conato de asamblea o manifestación de prostitutas", poñen en cuestión de maneira subliminar, e dalgunha maneira fan burla, da prostitución como traballo. As prostitutas son designadas coa construción "adxectivo+xentilicio", que deixa en segundo lugar a súa consideración como persoas ou como mulleres ("El motivo ha radicado en la competencia desleal que, a juicio de las españolas, practican las portuguesas"). E son caracterizadas cunha cualidade vinculada ao estereotipo tradicional da femineidade: a frivolidade: "De momento, a nuestras compatriotas no les preocupan otros temas".

As detencións a prostitutas practicadas en base á Lei de Perigosidade Social tamén están presentes noutras informacións sobre operativos policiais. Vémosto en fragmentos como os que seguen, pertencentes a informacións que adoito se quedan en breves:

Diez mujeres fueron puestas a disposición judicial, anteayer, acusadas de ejercer la prostitución, y en cuatro de los casos regentar asimismo casas de citas en una céntrica calle madrileña. Las detenidas, de edades comprendidas entre los veinticuatro y los 69 años, actuaban, al parecer, en el citado bloque de inmuebles desde hacía bastante tiempo. Dos de las más jóvenes, de veinticuatro y veintiseis años, eran buscadas por la Jefatura Superior de Policía de Madrid y por un juzgado de Palma de Mallorca. ("Acusadas de ejercer la prostitución", 10 de xuño).

Un hombre de 66 años, Polonio Zarco, y dos mujeres, de veintiún y veintisiete años, fueron detenidos bajo la acusación de favorecer y de ejercer la prostitución, respectivamente. ("Acusados de prostitución", 25 de xuño)

Ha sido descubierta por la Policía en un céntrico edificio de nuestra ciudad, se detuvo a María Rubio Fernández, de 43 años, *celestina*, y a Nicolás Balbeto Ibáñez, de 44, domiciliado en Fuenlabrada, que enviaba los clientes y está acusado de abandono de familia, rufianismo y estafa; así como a dos súbditas argentinas acusadas de prostitución, junto a sus dos acompañantes. ("Una casa de citas", 5 de agosto).

Veinticinco mujeres han sido detenidas y acusadas de cometer escándalo público por ejercer la prostitución en la calle de la Montera, según una nota de la policía. La mayor parte de las detenidas tienen edades comprendidas entre los veinte y los 47 años y proceden de diversas regiones españolas.

La detención se efectuó a raíz, de una redada efectuada por la policía motivada por las denuncias de los industriales de la zona. ("Detenidas por escándalo público", 20 de decembro).

Isto é proba da contradición que, respecto a prostitución, manifesta o Estado español nese momento: na teoría, é abolicionista, é polo, tanto, castígase ao entorno que rodea á prostituta agás á propia prostituta, pois a prostitución non está prohibida. Mais na práctica, e baixo o paraugas da Lei de Perigosidade Social, a prostituta é castigada, detida e mesmo condenada, o que é máis propio dun estado prohibicionista.

Atopamos tamén a representación das prostitutas como vítimas (de rufiáns e proxenetas ou das problemáticas que afrontan no exercicio da prostitución), sen axencia, mais este non é o marco interpretativo dominante. Significativo é, ao respecto, o artigo de Paco Umbral "La prostituta feliz" no que o autor aproveita a visita de Xaviera Hollander, meretriz autora de *La prostituta feliz*, para contrapoñer esa prostitución de alto *standing* coa realidade das prostitutas que están mal pagadas e explotadas. Umbral denuncia mesmo a prostitución de menores, un discurso que non aparece aínda elaborado este ano na información e que cobraría peso a partir de 1987, tal e como puidemos observar nesta investigación. E aproveita o autor para facer unha lectura política, que relaciona esta situación cos vicios do capitalismo potenciados por unha democracia sen socialismo.

Hubiera querido hablarle a *la prostituta feliz* de las prostitutas que no son felices, ésas que andan por la calle de la Montera y la plaza del Carmen, algunas menores de edad, y casi todas menores de precio, porque la democracia sin socialismo no hace sino potenciar los vicios del capitalismo. ("La prostituta feliz", 6 de setembro).

Encontramos, neste ano, informacións nas que as persoas que exercen a prostitución son menores, mais non existe aínda un discurso que enmarque a problemática da prostitución de menores, ao contrario do que si acontece no seguinte ano que é obxecto da nosa análise, o 1987.

José A. Alonso, de veinticuatro años, ha sido detenido como presunto autor de un delito de rapto en la persona de S. R. R., joven natural de Soria, de dieciséis años de edad, a la que trajo a Madrid y la obligó a ejercer la prostitución en varios clubs de las calles Ballesta y Loreto Chicote. Las investigaciones permitieron comprobar que otras dos personas, Félix, hermano del anterior, de veinte años, y Manuel Anuncibay, de 17, vivían con otras dos jóvenes, también menores de edad, a las que tenían trabajando en los mismos clubs. ("Un detenido acusado de rapto", 12 de xuño).

José Manuel Heredia, de veintitrés años y Pedro Pérez Hernández, de diecinueve, fueron puestos ayer a disposición judicial acusados de un delito de rufianismo. Según la acusación vivían a costa de una joven, de dieciséis años, hermana del segundo de los citados, que se dedicaba a la prostitución. ("Acusados de rufianismo", 30 de abril).

Neste tipo de informacións, é corrente o uso de termos como "maleantes" ou "rufián", que deixarían de utilizarse en anos posteriores, tal e como queda de manifesto nesta investigación, e que beben da propia terminoloxía empregada pola Lei de Perigosidade Social.

Tan só nunha peza encontramos representada a prostitución masculina, ao igual que acontece coa prostitución de mulleres transxénero neste ano. A abordaxe de ambas as dúas, porén, e por completo diferente. Mentres que a prostitución masculina aparece como parte dunha reportaxe na que, a partir do testemuño dun mozo, se visibilizan as problemáticas que lle afectan a esta realidade, a prostitución de mulleres transxénero é referida nun breve, traslación dunha nota policial, e nun estilo que move ao riso, o que acentúa a visión do transxénero como extra-ordinario, convertida a transgresión xenérica en motivo de velada burla.

A reportaxe na que se trata a prostitución masculina, "Sobrevivir en Madrid. Descargar en Legazpi, vender a domicilio o prostituírse, tres formas de ganar dinero" (7 de decembro), está elaborada dende unha actitude de empatía e de comprensión cara ao mozo prostituto que serve de testemuño e a súa condición sexual.

Actualmente M. J. A. es un muchacho crepuscular, que intenta reprimir a toda costa las actitudes femeninas, porque sabe que casi todos los posibles clientes prefieren virilidad. A pesar de ello, ha entrado en un país cuyos componentes tienen un léxico, un vestuario, unos gestos distintos, y del que sólo forma parte por horas. Considera muy difícil aceptar un ritmo de trabajo habitual, sabe que sus tarifas son directamente proporcionarles a la edad del que está junto a él y duda entre dos opciones: huir a la antigua rutina o *entender* para siempre unas palabras, unas costumbres y una atmósfera que todavía es obligado respirar furtivamente. Ayer le ofrecieron un puesto como bailarín del *music-hall* por su buena figura; probablemente aceptará.

O tonos empregados na información titulada "José G. I." é por completo diferente. Trátase dun breve na sección de Gente. Nel, ao igual que sucede en ABC, relátase a confusión da Policía, que primeiro detivo como mulleres a dúas persoas que estaban a exercer a prostitución e logo, unha vez en comisaría, descubriu que eran homes.

José G. I., de veinticuatro años y *Julián M. A.*, de la misma edad, han sido detenidos en Barcelona por ejercer la prostitución. Cuando, perfecta y encantadoramente femeninos, buscaban clientes, fueron detenidos por la policía, que ya en la comisaría los identificó como varones (20 de maio de 1977).

Na información sobre agresións a prostitutas—"Detenido el presunto asesino de una prostituta" (15 de outubro)— detectamos mecanismos que exculpan ao agresor e culpabilizan á vítima. Nela detállase que a agresión foi provocada pola escasa atención prestada pola prostituta, Alfonsa Gurumeta, a un dos seus clientes, Antonio Aparicio. Del dise que "ante su mayor potencia física, le causó las lesiones que le produjeron la muerte", o que de maneira velada o exculpa ao atribuírle parte da responsabilidade á constitución corporal do agresor e ao responsabilizalo, máis que da morte da vítima, das agresións que tal provocarían, a través da perífrase "lesiones que le produjeron la muerte".

6.2.2.2. 1987

A análise do discurso sobre a prostitución en *El País* en 1987 explicita a polarización dos posicionamentos sobre esta realidade entre as dúas cabeceiras obxecto desta investigación. A abordaxe da prostitución neste ano está marcada pola crise da SIDA e a alarma social causada sobre a extensión da enfermidade, canto que unha das vías de transmisión é a sexual se non se adoptan as precaucións pertinentes. Tal contexto reforza en ABC a estigmatización da prostituta ao ser enmarcada como perigo sanitario. Unha ameaza, en definitiva, para o endogrupo que para o ABC constituiría esa normalidade social da que estarían excluídos aqueles grupos considerados marxinais. Como tal ameaza, as solucións polas que se avoga son a regularización, consistente no control sanitario e a expulsión dos espazos nos que poida supor un perigo para ese Nós, e as medidas de carácter punitivo. *El País* difire de tal enmarcado. Fronte á exclusión social da prostituta avoga por reforzar a súa voz como cidadá con dereitos e actora política e social, o que se observa na ampla cobertura que merecen as xornadas sobre prostitución que teñen lugar en Madrid nese ano, e defende así mesmo o asociacionismo no sector. Fronte á regularización e a punición, defende argumentos próximos á legalización. Fronte á consideración da prostituta como perigo sanitario, subliña a necesidade de medidas de prevención da enfermidade e incide na responsabilidade do comprador, que é quen esixe sexo sen protección. E vai incluso máis aló, acudindo a argumentos de voces expertas para poñer en cuestión a transmisión do virus vía sexual

(o que merecerá a crítica airada doutros expertos sanitarios) e confrontar así a estigmatización da prostituta como perigo sanitario.

O xornal reclama, de modo explícito, estatus de normalidade para a prostitución e dereitos como cidadás ás persoas que a exercen nun dos editoriais que publica neste ano ao respecto, "La última esclavitud" (12 de abril). Considera que, xa que a prostitución é unha actividade por completo integrada na vida civil (o que reafirma nun dos datos achegados nas xornadas de Madrid, que indica que o 80% dos homes no mundo estivo con prostitutas), ha de ser sacada do gueto e dárselle carácter de normalidade.

El 80% de los hombres de todo el mundo ha estado alguna vez en su vida con prostitutas, se ha dicho en el reciente congreso sobre la prostitución en Madrid. Es, pues, la de la prostitución, al margen de cualquier otra consideración, una actividad social integrada en la vida civil. Lo que no obsta para que esta misma sociedad se obstine, por razones puritanas, en marginar ese mundo y a sus protagonistas hasta extremos que permiten incluirlas entre las modernas encarnaciones de la esclavitud, según hacen algunas organizaciones dedicadas a la defensa de los derechos humanos. Es evidente que la mitificación del comercio sexual degenera en consideraciones sin sentido. Y aunque la prostitución es un hecho social al que se le ha adjudicado el récord de ser el oficio más antiguo del mundo, la sociedad moderna se sigue resistiendo a darle carácter de normalidad. De ese modo, ha convertido su práctica en un espectáculo pintoresco de las ciudades, arrojando a un gueto a quienes se someten a sus reglas.

Que non se faga así, que non se aposte pola normalización da prostitución, indícase, é responsabilidade do puritanismo social e redundante na marxinação de quen exerce a prostitución e na existencia de situacións de escravitude sexual. Un argumento que, como teremos oportunidade de ver, variará de modo notable nos últimos anos da mostra que conforma esta investigación, pois deixará de empregarse a normalización social (argumento que pertence ao abano argumentativo da legalización) como o antídoto máis eficaz na loita contra a trata e a explotación sexual, e será Suecia, e non Holanda (como se refire neste editorial) o exemplo que se destaque.

Las prostitutas exigen —y han obtenido en algunos países, como Holanda— que la Seguridad Social las considere beneficiarias de sus servicios, que acabe el hostigamiento policial y que el ejercicio de su profesión se deje de considerar como una actividad a la que se le advierten siempre indicios de criminalidad. Tampoco quieren que se las tenga como víctimas, sino como personas normales, y a ese objetivo han dedicado en todo el mundo una frenética actividad asociativa que en España, de momento, no ha fructificado.

A eliminación da figura do proxeneta e a adopción de medidas de apoio social son considerados como os chanzos a dar para o recoñecemento das prostitutas como cidadás.

Cualquier paso que se dé para la eliminación de la figura del *chulo*, tantas veces confundida con la del policía, y la protección social y civil de las prostitutas españolas será sin duda un escalón más en el reconocimiento de su condición de ciudadanas.

Noutro editorial, publicado meses despois, o 14 de agosto, *El País* posiciónase explicitamente contra a estigmatización das prostitutas como perigo sanitario. O titular, "Las prostitutas condenadas", fai referencia a esa condena social e política coa que o xornal identifica a estigmatización das prostitutas como portadoras do VIH e as

medidas reguladoras a prol de recluílas en espazos específicos aos que cualifica como guetos. O editorial é escrito a raíz da postura adoptada polo alcalde de Manresa, de CiU, respecto á prostitución na súa cidade, pois acusa ás mulleres que a exercen de ser portadoras do virus, e propón como alternativa a residencia obrigatoria para as prostitutas. Fronte ao argumento sanitario, o xornal argúe que "la presencia de portadores de anticuerpos del SIDA —si lo son— en las calles no representa ningún riesgo". Fronte á proposta política de carácter regulatorio, di que a medida xa foi adoptada noutros tempos e noutros países co fracaso como resultado. A maior liberdade no terreo do sexual (que en ABC é interpretada de maneira problemática e crítica, como xa vimos na análise do discurso correspondente a este xornal), para *El País*, porén, debería ter a súa aplicación na desestigmatización da prostitución. A sociedade, considera *El País*, debe axudar a mitigar "este problema", argumentación que se aparta dos posicionamentos que pretenden afastar a prostitución de modo que non resultase molesta ao endogrupo.

La sociedad en sí debe ayudar a mitigar este problema que la atañe con una nueva comprensión, con otra forma de aproximarse a este problema. Los puntos de vista de nuestro tiempo con respecto al sexo y a la libertad de cada uno tienen también su aplicación a la prostitución, en tanto no se llegue a una solución absoluta: que no parece ser de este tiempo.

O discurso sanitario de *El País* neste editorial (en concreto, o argumento de que a presenza de portadores de anticorpos da SIDA na rúa non representa ameaza) será motivo de crítica nunha carta ao director na que un adxunto de medicina interna do hospital Virgen del Camino, botando man dos recursos de autoridade propios do discurso sanitario, acusa ao editorialista de ter desinformado e cometido unha irresponsabilidade:

las personas que mantienen contactos sexuales con pacientes seropositivos (es decir, que presentan estos anticuerpos) tienen un riesgo real, pero aún no cuantificado, de contraer la infección por el virus, incluso con el uso de preservativo, y por extensión, de padecer el SIDA, ya que entre el 6,4% y el 34% de personas infectadas con el virus desarrollan el SIDA.

Por otra parte, las prostitutas, debido al consumo frecuente de drogas por vía parenteral y la promiscuidad sexual inherente a su profesión, presentan factores de riesgo para contraer la infección. Dejando esto al margen, y volviendo a su desafortunada frase, desde un punto de vista médico-preventivo la única actividad sexual recomendada para eliminar el riesgo de contraer la infección cuando un *partner* es seropositivo es la masturbación. Y para disminuir el riesgo: a) la monogamia absoluta; b) el empleo de condón durante cualquier actividad sexual, y c) la abstinencia de coito anal." (21 de agosto).

El País insire o discurso da prevención tamén nos contidos informativos. Tal é o caso da cobertura que se fai das xornadas celebradas en Madrid sobre prostitución, na que se recollen voces expertas do ámbito sanitario que afortalan o discurso preventivo.

El 66% de las prostitutas declaran tener una mala información sexual y el 90% no goza con el cliente, según un estudio realizado con 100 prostitutas madrileñas por el psicólogo Enrique García Huete (...) En el debate no podía faltar el SIDA, que fue analizado por la doctora Asia de la Loma, microbióloga, quien disertó sobre medidas de prevención y formas de contagio y no contagio. El doctor Francisco Castro, del hospital de La Paz, además de proponer una campaña de vacunación de la hepatitis B, afirmó

que el real decreto que existe en torno a esta enfermedad debe contemplar como grupo de riesgo a las prostitutas, además de otros que no están incluidos. ("El 66% de las prostitutas afirman que están mal informadas sexualmente, 9 de abril).

Cando as medidas de prevención fallan, *El País* recalca a responsabilidade do comprador de sexo na transmisión da enfermidade, pola súa preferencia pola non utilización de métodos de prevención. Un discurso, este, que en ABC, no mesmo ano, non detectei.

Los clientes desechan los preservativos y prefieren pagar una suma extra por un coito sin condón, de acuerdo con las declaraciones del asistente social Olle Karlsson, del grupo de la administración social que atiende el problema de las prostitutas. No tienen en cuenta que entre el 10% y el 15% de las prostitutas que frecuentan las calles céntricas de Estocolmo y que las autoridades estiman en unas 200, son portadoras del virus. ("Fracasa la campaña para prevenir el SIDA entre las prostitutas suecas", 3 de agosto de 1987).

O discurso da responsabilidade do comprador de sexo refórzase a través, tanto de voces expertas como das demandas das prostitutas.

De los análisis realizados a 80 prostitutas, no toxicómanas, del distrito de Centro se desprende que ninguna de estas tiene anticuerpos del SIDA, según la misma fuente. "Las prostitutas", dijo, deberían exigir el uso de preservativos a los clientes, puesto que ellas, al menos las que no se drogan, no tienen la enfermedad". También se mostró partidaria del uso de preservativos María, una prostituta de la calle de la Montera, que aseguró, sin embargo, que los clientes se niegan a utilizarlos, pese a la tremenda psicosis de SIDA que existe en este sector. "Las prostitutas", dijo, "no tenemos miedo a la sífilis, pero estamos aterradas con el SIDA". ("Mejorar la situación de las prostitutas, objetivo del debate que se inicia hoy).

Pía, que participó ayer en Madrid en unas jornadas sobre prostitución, explicó que, en su país, las putas facilitan a los usuarios que requieren sus servicios un folleto en el que se recomienda el uso de preservativos para prevenir contagios. Es contraria al uso de carné de salud, porque "los responsables de las enfermedades venéreas son los hombres" asegura. "Son ellos los que deben someterse a revisiones médicas. No sirve de nada que nosotras vayamos al médico si ellos nos contagian después. Animaré a mis compañeras españolas para que eduquen a los clientes a usar profilácticos". ("Pía Covre. Es la secretaria general de las prostitutas italianas", 11 de abril).

As prostitutas, como xa podemos ver nos exemplos expostos, teñen voz como axente político. Nas xornadas de prostitución de Madrid, participan representantes de prostitutas italianas e francesas, e *El País* faise eco dos seus discursos, non para descualificalos senón outorgándolles autoridade. Recólleos tanto dos testemuños presentados polas mesmas nas xornadas como acudindo de maneira activa á fonte, tal é o caso da entrevista que lle fai a Pía Covre, a quen presenta como secretaria xeral das prostitutas italianas. Nas súas intervencións, as prostitutas falan con voz propia de problemáticas que lles afectan de maneira directa, como a SIDA, as drogodependencias ou a inseguridade xurídica, abordan a relación co cliente e amósanse a favor da creación dunha asociación española para a loita polos seus dereitos civís. A través de Pía Covre, que é entrevistada na última páxina do xornal, expónsenos o exemplo italiano, onde as prostitutas contaban con pensións de xubilación (aínda que pequenas) e xa tiñan solicitado oficialmente o pago de impostos, e onde, ademais, dende 1982, existía unha asociación para a defensa dos seus dereitos civís.

En la Asociación para los Derechos Civiles de las Prostitutas Italianas, fundada en 1982, hay más de 1.000 meretrices, entre las que se cuentan muy pocas toxicómanas. En el mismo organismo participan travestidos transexuales y homosexuales. También son miembros de la asociación intelectuales, abogados y periodistas. Pía se compromete, si el Ayuntamiento le paga la estancia, a montar la asociación de prostitutas madrileñas en un mes. ("Pía Covre. Es la secretaria general de las prostitutas italianas", 11 de abril).

El País xa recollera na véspera o desexo das prostitutas españolas de crear unha asociación propia: "Las prostitutas mostraron unánimemente el deseo de crear una asociación española para luchar por sus derechos civiles, similares a las que existen en otros países" (10 de abril)

Con motivo das xornadas de Madrid, o xornal dálle entrada a un discurso influenciado polo argumentario pro-legalización, tanto nos discursos externos que recolle, como o da secretaria xeral das prostitutas italianas, Pía Covre, ou o de Pilar Estébanez (directora do Centro de Promoción da Saúde do distrito Centro), como no seu propio (tal e como vimos no editorial "La última esclavitud"). Así mesmo, alude á intervención nas xornadas de Gail Pheterson, un referente na defensa dos dereitos das prostitutas e no discurso pro-legalización, que organizara a mediados dos oitenta os dous primeiros congresos mundiais de prostitutas, en Ámsterdam e en Bruselas. Porén, o seu discurso non aparece desenvolvido, senón só apuntado de modo breve.

Un 80% de los hombres ha estado alguna vez en su vida con una prostituta, un 40% ha repetido y un 2,01% lo hace habitualmente". En estos términos se expresó ayer, durante las jornadas sobre prostitución en Madrid, Gail Pheterson, representante del Comité Internacional para los Derechos de las Prostitutas. Gail aseguró que el objetivo de su organización es conseguir dar voz y legitimidad a las putas, travestidos y transexuales. ("El 80% de los hombres ha estado con prostitutas", 11 de abril).

Meses despois, nun outro editorial de *El País*, o posicionamento respecto á situación legal da prostitución aparece moito máis difuso. O xornal límitase a expoñer as alternativas existentes e a indicar, máis que aquilo co que se posiciona a favor, o que en ningún caso considera que se debe defender (en referencia ao discurso pro-regulación de zonificación e a favor da reclusión das prostitutas nun burdel do alcalde de CiU en Manresa). Esta indefinición parte do argumento de que a prostitución é un debate irresolto no seo social.

Hay dudas éticas sobre el tratamiento que la sociedad debe dar a la prostitución. Una parte entiende que debe ser profesionalizada y regulada de forma que pudiera gozar de los beneficios —Seguridad Social, pensiones— que tienen otros trabajadores, con la inclusión de la visita médica obligatoria; otros entienden que eso sería volver a los tiempos del *carnet amarillo* o de los *picos pardos*, que ataban de por vida a una mujer a un oficio considerado como infame por la sociedad: censadas y titulares de una licencia especial, sus antecedentes saltarían a cada paso. Un cierto idealismo supone que la prostitución desaparecerá el día que nadie tenga que ejercerla por penuria económica y nadie tenga que acudir a su lenitivo por soledad, por represión o por insociabilidad". ("Las prostitutas condenadas", 14 de agosto).

O xornal amósase crítico, no editorial "La última esclavitud", coa actuación de control que, sobre as prostitutas, exerce a policía en base á ambigüidade legal e ao concepto de escándalo público e recolle voces a prol da reforma do Código Penal e da eliminación da Lei de Perigosidade Social. Faise eco do testemuño do maxistrado

Joaquín Navarro, nas xornadas de Madrid, a prol dunha reforma do Código Penal que elimine a inseguridade xurídica respecto aos colectivos que exercen a prostitución e garanta a súa liberdade e seguridade, e tamén as demandas das prostitutas que, ao igual que acontecía en 1977, seguen a reclamar a derogación da Lei de Perigosidade Social: "El viernes se clausuraron las jornadas de prostitución en Madrid con unas conclusiones entre las que destaca la petición de derogación de la ley de peligrosidad social" ("Las prostitutas piden la derogación de la ley de peligrosidad social", 12 de abril).

O discurso da veciñanza non está tan presente nin tan elaborado como en ABC, e sópésase co discurso das persoas que exercen a prostitución na rúa. Son fonte única só nunha das novas que forman parte da nosa mostra de análise, a titulada "Vecinos de Chamberí piden que se "limpie" el barrio de travestidos" (11 de decembro) e aparecen tamén utilizadas como fonte noutras informacións nas que a súa voz é contrastada con outras fontes (tal é o caso da reportaxe "La guerra de los travestidos" (15 de febreiro) ou "Las prostitutas de Manresa reaccionan indignadas ante la propuesta del alcalde de agruparlas en un único burdel" (12 de agosto). As queixas da veciñanza teñen que ver con argumentos fundamentalmente de carácter hixiénico e sanitario (risco de transmisión de VIH e hepatite, aínda que tamén se argúen problemas relacionados co ruído ou coa seguridade).

Según denunció un portavoz de los vecinos, "los travestidos, prostitutas y proxenetas se han adueñado de las noches de Chamberí en los últimos tres años" (...) "Los porteros se niegan a limpiar los portales porque amanecen llenos de jeringuillas, preservativos usados y *klínex* con sangre. ("Vecinos de Chamberí piden que se "limpie" el barrio de travestidos", 11 de decembro).

Cerca de 4.500 escolares, según la asociación de vecinos del Alto del Hipódromo y la asociación de padres del Ramiro de Maeztu, se dirigen a las guarderías y a los colegios a esa hora. Los padres aseguran que "existe un peligro sanitario muy alto. Entendemos que los travestidos tienen un alto índice de riesgo de ser potenciales portadores de SIDA y hepatitis" ("La guerra de los travestidos", 15 de febreiro).

Los vecinos acusan a estas trabajadoras del amor de "miccionar y defecar en calles, jardines y cabinas de teléfono. Los patios de los colegios y los portales aparecen llenos de preservativos, *kleenex* y jeringuillas ensangrentadas". ("La guerra de los travestidos", 15 de febreiro).

Además de los problemas de higiene, los vecinos aseguran que no pueden dormir. "Con frecuencia se producen atracos y se originan grandes peleas", dicen. La última reyerta fue en la madrugada del pasado día 12, alrededor de las seis de la mañana, cuando se presentaron problemas con un cliente. Los vecinos escucharon una vez más los gritos de "puta" y los lamentos del travestido al que le han destrozado la cara. ("La guerra de los travestidos", 15 de febreiro).

Non se bota man de argumentos de índole moral ou económica, como acontecía en ABC, malia a que se recolla o testemuño de sectores onde é frecuente este tipo de discurso. Na reportaxe "Las prostitutas de Manresa reaccionan indignadas ante la propuesta del alcalde de agruparlas en un único burdel" (12 de agosto), recóllese o testemuño dun párroco da zona que defende que, desde o punto de vista moral, a prostitución "es algo personal y, en el barrio, tampoco constituye un escándalo". Nesa mesma reportaxe, recóllese o testemuño de Agustí Cler, presidente da asociación local de comerciantes, que lle resta importancia aos perxuicios económicos:

"Coincido plenamente con el alcalde cuando dice que las prostitutas deben ser controladas desde el punto de vista sanitario", comenta Agustí Cler, presidente de la asociación local de comerciantes. "De todas formas, no sé si un burdel es la mejor

solución. De hecho, al menos desde el punto de vista comercial, donde están ahora no perjudican demasiado ya que en las calles donde trabajan no hay tiendas", concluye.

O xornal tamén alude, aínda que de forma moi sintética e nun breve da sección local, á promesa de reforzo policial que o alcalde de Madrid, o socialista Juan Barranco, lle fai á asociación veciñal de Altos del Hipódromo e á asociación de pais de alumnos de Ramiro de Maeztu. A medida non é coherente co discurso mantido polo xornal ou co propio goberno de Madrid, como quedou de manifesto na organización das xornadas sobre prostitución que teñen lugar nesa cidade e de aí, quizais, o reducido da extensión que se lle dedica.

O control policial practicado en Madrid é tamén motivo de reflexión nun dos artigos de opinión de Paco Umbral, "Vitruvio", barrio de prostitución transxénero. Umbral sae en defensa das prostitutas transxénero, mais á vez quítalle ferro ao control policial ordenado polo goberno de Barranco, indicando que é fundamentalmente disuasorio. Deste modo, conséguese conciliar o discurso progresista sobre a prostitución coa medida adoptada por Barranco.

Platinados, resfriados, vistosos, los travestís eran el folklore cosmopolita de la calle Vitruvio, hasta que las lecheras de la pasma se han instalado allí y ahora no hay travestí que se menee ni vecina que lo cuente. Lástima, porque los travestidos no hacían daño a nadie (salvo a quienes pagan por ser dañados) y en cambio la noche ha perdido color, sabor, olor. Vitruvio era ya nuestro barrio de Santa Cruz, nuestro patio de doña Elvira, pero en maricona. Bien es verdad que la actuación de los maderos ha sido más disuasoria que cruenta (Barranco sabe hacer las cosas). ("Vitruvio", 25 de abril).

Umbral volve a defender, no artigo, as políticas sobre prostitución do goberno local madrileño cando fala das medidas que se están a adoptar en materia de prevención.

Pero de lo que trata el Ayuntamiento, más que de hacer un Museo del Travestí en Vitruvio (que no sería mala idea para turistas y *Madridvisión*), es de mejorar la situación de las meretrices, quienes, entre otras cosas, exigen el uso oficial y obligatorio de preservativos, aunque Cela diga que el preservativo es cosa de ingleses. ("Vitruvio", 25 de abril).

Remata o artigo Paco Umbral coa defensa conxunta da liberdade no sexual e da prevención.

De modo que lo más aconsejable es mejorar lo que tenemos, véase Vitruvio, darles a los travestís un folleto contra el SIDA y permitir que las parejas que quieran triplrar con un hermafrodita triplen a su gusto, que sólo es un fin de semana. ("Vitruvio", 25 de abril).

A versión das prostitutas transxénero tamén está recollida nos contidos de carácter informativo, sobre todo naquelas que se cinguen ao xénero reportaxe. A través destas pezas dáselle a coñecer ao público lector as súas problemáticas, dende a prostitución como única saída laboral viábel, até a ameaza da SIDA ou o rexeitamento social.

Raquel trabajaba como mayordomo en casa del que fuera alcalde de Madrid, Juan de Arespachoga, pero lo dejó porque no le dejaban llevar el pelo como a ella le gustaba. Ahora se ha hormonado, tiene apariencia de mujer y se gana la vida en la calle. "En ningún sitio me dejarían trabajar con esta pinta, y lo mismo les pasa a las demás. Sólo podemos ser putas; no hay otra salida", asegura. Tiene 34 años y le preocupa la

jubilación. "En la calle, como mucho, podré estar hasta los 50, pero a partir de ahí, ¿que?", se pregunta, al tiempo que incita a sus amigas a formar un sindicato y afiliarse a la Seguridad Social. ("La guerra de los travestidos, 15 de febreiro).

Ademais, o xornal dálles voz para explicar a súa identidade sexual, que non ten cabida no corsé xenérico de carácter binómico "home-muller".

De sus relaciones con las mujeres ha aprendido a comportarse como tal. No es una *loca*. Por aceptarse como travestido se empezó a hormonar: "Al verme desnudo frente al espejo pensé que me faltaban tetas y empecé a inyectarme por una cuestión estética, pero luego paré porque hormonarse es definirse, y aún no estoy muy segura si quiero ser hombre o mujer. Quizá cuando encuentre al rey lo decida" ("Hombre de día, mujer de noche", 15 de febreiro).

A voz das prostitutas é tamén protagonista na peza titulada "Las prostitutas de Manresa reaccionan indignadas ante la propuesta del alcalde de agruparlas en un único burdel". Quen redacta trasládase ao barrio no que se exerce a prostitución para facerse coas reaccións das profesionais do sexo fronte ás declaracións do alcalde de Manresa. De man delas, sabemos da baixada de clientela provocada polas afirmacións do rexedor e os consecuentes efectos económicos para elas, e coñecemos das prevencións que adoptan. ("Las prostitutas de Manresa reaccionan indignadas ante la propuesta del alcalde de agruparlas en un único burdel", 12 de agosto).

Vamos al médico cada mes, unas aquí, en Manresa, y otras a Barcelona, y todas tenemos nuestro certificado para acreditar que estamos bien", afirma. "Y, con los clientes, siempre tomamos precauciones", asegura, y extiende sobre el mostrador incontables preservativos que extrae de su bolso. "El alcalde les ha quitado el pan a nuestros hijos y eso no puede quedar así; tendremos que hacer algo", concluye sin llegar a concretar.

Ao igual que acontece en ABC, a prostitución de menores é unha das cuestións máis abordadas na axenda de *El País* sobre a prostitución. En *El País* apúntanse, como factores causais, fundamentalmente tres: a desestruturación familiar, as desigualdades económicas e as consecuencias dos valores da sociedade de consumo no desenvolvemento da industria do sexo e a demanda de sexo de pago, así como en determinados tipos de turismo con fins sexuais.

A mediados de los años setenta, el fiscal norteamericano Robert Kendall afirmaba, refiriéndose a las *novedades* de la industria "de lo sexual": "Ahora estamos viviendo una moda especialmente grave: los niños", de los que la mayor parte pertenece a comunidades marginadas por el color de la piel o por su condición de inmigrantes (...) A ello ha contribuido la expansión mundial del turismo, que en zonas de subdesarrollo no duda en utilizar el comercio sexual con menores para su promoción (...) Detrás de todo ello, siempre el mismo fondo: el hambre, la pobreza y la marginación. Y con frecuencia, la pasividad de los poderes públicos y la complicidad y la corrupción administrativa y policial (editorial "Menores en el prostíbulo", 26 de setembro).

Empréganse, tamén, como factores causais, argumentos de tipo moral, que teñen que ver coa hipocresía social e co que Enrique Miret denomina como o fomento de vicios sociais. Non aparece, como si se utilizaba en ABC, o clima de liberdade e a educación progresista como factor causal de tipo moral.

Nuestra sociedad es muy hipócrita: fomenta los vicios y luego pretende castigarlos. Pero esto último no lo hace eficazmente, sino de modo eventual y sin ir a la raíz de las cosas. Y esto pasa en todos los países. Ahora está interesada la opinión pública en el caso de prostitución de unas menores en Valencia. Bien está. Pero que no se quede el incidente sólo en eso: en una anécdota que hoy escandaliza y mañana se olvida, sin haber hecho nada decisivo para evitar no sólo que se repita, sino que continúe, porque el problema está ahí. En España existe la prostitución infantil y no se hace nada definitivo para erradicarla. En Madrid —y en otras grandes ciudades— todo el mundo sabe de céntricas calles y zonas donde de día o de noche pululan adolescentes y jóvenes que se venden al ocasional postor. ("La ineficacia de la hipocresía", 7 de outubro).

As solucións que se indican apuntan á modificación do Código Penal, actualizándoo (pois a lexislación do momento sobre menores era do período franquista) e endurecendo as medidas contra as persoas que se aproveitaran da prostitución infantil. Mais, tamén se indica en *El País*, tanto no editorial "Menores en el prostíbulo", do 26 de setembro, como no artigo de opinión "La ineficacia de la hipocresía", do 7 de outubro, que isto non é suficiente, pois cómpre abordar a parte estrutural do problema: as desigualdades sociais e económicas, e mesmo a incultura.

La protección penal de la que gozan los menores en España frente a quienes les utilizan sexualmente en su provecho es muy pequeña: la pena prevista llega a un máximo de seis años de cárcel. La legislación existente para amparar los derechos del menor está desfasada y exige una revisión de acuerdo con las nuevas pautas sociales. España debe asumir los convenios internacionales, que contienen una minuciosa legislación. (...) Pero, como en otros aspectos de la actividad humana, la legislación —con ser necesaria, y cuanto más perfecta, mejor— de poco sirve para evitar la explotación del menor, sea sexual, laboral o de otro tipo, si no existe una política que ataque las bolsas de marginación social o de incultura (editorial "Menores en el prostíbulo", do 26 de setembro)

Se trata, antes que nada, de percatarse de la magnitud del mal y ponerle el remedio social que corresponde. ¿Sabemos que en el mundo hay 100 millones de niños abandonados por sus padres o huidos de sus casas, que engrosan el ejército de *los niños de la calle*? (...) Hemos de poner al día nuestra legislación, pero ante todo informar a la opinión pública, inquietarla constantemente, para que el ciudadano tenga medios de colaborar a la erradicación de este mal conociéndolo mejor. ("La ineficacia de la hipocresía", 7 de outubro).

No ámbito da modificación legal, Enrique Miret propón ir máis aló do punitivo: á protección do menor e dos seus dereitos.

Y no sólo hacer una ley penal del menor para el que comete delitos, sino ante todo habilitar una ley de protección del menor y de sus derechos, que quedan siempre en las nubes de las declaraciones internacionales aceptadas en nuestra Constitución (artículo 39.4), pero inoperantes al no venir desarrolladas por ninguna ley concreta ("La ineficacia de la hipocresía", 7 de outubro).

O xuízo sobre prostitución de menores en Valencia é amplamente cuberto tanto en *El País* como en *ABC*. Os dous manteñen unha actitude de condena cara aos explotadores de menores, os dous fan referencia ao conflito entre a liberdade de expresión do xornal e o respecto á presunción de inocencia, manifesto nos intentos por parte da prensa de captar e publicar o rostro das persoas que están a ser xulgadas e as protestas e a oposición destas e dos seus abogados. Un conflito que, anos despois, veremos reproducido na cobertura de casos de violencia de xénero no ámbito do fogar,

cando esta pasa a formar parte habitual da axenda dos medios de comunicación (reproducir a imaxe do agresor, aínda cando non foi sentenciado, a modo de condena social previa, ou respectar o dereito á presunción de inocencia, tal e como apuntan os códigos deontolóxicos no mundo do xornalismo). Nesta información, recóllense as denuncias dos abogados defensores argüíndo un proceso paralelo por parte da prensa.

"Gran parte de los abogados que defienden a los procesados en Valencia por corrupción de menores acusaron a la Prensa de protagonizar "un proceso paralelo con una sentencia condenatoria". (...) Algunos defensores, en sus informes, criticaron a los medios informativos de crear "un clima de presión externa" sobre el tribunal, de alentar "el griterío de la calle" y de "jugar con la doble moralidad de la sociedad valenciana".

Incluso el fiscal ha calificado de "desmesurada" la publicidad del juicio. Algunos de los letrados han afirmado que las informaciones publicadas "han puesto en peligro el derecho a la presunción de inocencia de todos los procesados en cuanto ciudadanos". ("Letrados por el juicio por corrupción infantil critican el proceso paralelo de la Prensa", 1 de outubro).

Outra das críticas empregadas contra a cobertura que se está a realizar por parte dos medios incide no feito de que un goberno socialista permita que se fagan públicas as caras das rexentes das casas de citas. De modo implícito, estase a identificar prostitución con liberdade sexual e esta coa ideoloxía progresista que ha de caracterizar a un goberno socialista.

Al igual que el primer día, no fueron permitidas cámaras fotográficas y de televisión en la sala. Los procesados volvieron a increpar a los periodistas y una de las regentes de casas de citas dijo: "Parece mentira que un Gobierno socialista permita que nos fotografien, ni que hubiéramos cometido un crimen. Con Franco no pasaba esto". ("El padre de una niña que fue prostituida dice que ha sido secuestrada para que no declare", 16 de setembro).

As protestas das e dos xornalistas son recollidas, así mesmo, en varias novas.

Fotógrafos y redactores protagonizaron una *sentada* en la puerta de la sala en señal de protesta por las agresiones y los obstáculos que dificultan su tarea informativa. Ningún periodista entró en la sala durante la primera hora de la vista. La Asociación Nacional de Informadores Gráficos ha solicitado "facilidades" para los fotógrafos acreditados en el juicio. La fotógrafa de este periódico Pepa García fue escoltada por dos policías durante la sesión de ayer. ("El ex concejal socialista procesado por corrupción de menores afirma que su "único delito es el de haber sido cargo público", 20 de setembro).

O propio xornal pronúnciase respecto á polémica no editorial "Menores en el prostíbulo" (26 de setembro). O editorial recalca a importancia de que este tipo de delitos se publiciten porque os medios desempeñan, ao respecto, unha función "socialmente reparadora".

Las largas sesiones del juicio que se celebra en Valencia contra los implicados en una red de prostitución infantil están sirviendo para que salga a la luz algo de la miseria moral y social que habita en ese mundo. En este tipo de casos es donde brilla con más fuerza la función socialmente reparadora, al margen de la propiamente penal, que tiene la publicidad de las actuaciones judiciales. Eso es lo que ha llevado a algunos de los implicados en el juicio a iniciar una ofensiva en toda regla para que los medios de comunicación silenciaran tan graves y repugnantes sucesos ("Menores en el prostíbulo" 26 de setembro).

Hemos de poner al día nuestra legislación, pero ante todo informar a la opinión pública, inquietarla constantemente, para que el ciudadano tenga medios de colaborar a la erradicación de este mal conociéndolo mejor, y, además, sepa cómo hacerlo. ("La ineficacia de la hipocresía", 7 de outubro).

O papel da prensa está no foco de atención e, así, a alusión de *El País* á corrupción policial como un dos factores que inciden na problemática da prostitución de menores, recibe resposta nunha carta ao director que retruca acusando tamén á prensa de corrupción.

El editorial de EL PAÍS del pasado día 26 de septiembre sobre la prostitución de los menores analiza las causas que contribuyen a aumentar tan repugnante lacra. Entre esas causas incluye —¡cómo no!— la corrupción policial. Dejando a un lado lo anecdótico de la aversión, casi patológica, de ese periódico a la policía, parece deducirse de la lectura cotidiana de la Prensa que aquí los únicos inmunes al virus de la corrupción son los periodistas. (...) Para nadie es un secreto que existen medios de comunicación que defienden bastardos intereses de poderosos grupos de presión (léase Iglesia, mundo empresarial, turbios mecenazgos yanquis, etcétera). Curiosamente, los mensajeros de esos medios son los profesionales de la información. ¿No cree usted, señor director, que todos esos periodistas *independientes* están ya corrompidos cuando tan dócilmente se dedican a pastar sin hacer ningún asco al pesebre de sus amos? "Periodistas y corrupción", de Ramón Velasco Ratón, 11 de outubro).

Ao papel da prensa, a dobre moral que se manifesta coa condena da explotación sexual nos contidos informativos e a publicitación, ao mesmo tempo, do comercio sexual nas páxinas de anuncios por palabras, fan referencia inculpados e defensores do proceso de Valencia nas súas declaracións, aludindo así á responsabilidade dos medios á hora de normalizar o comercio de sexo de pago.

Otro de los dientes inculpados señaló: "No creía que fuera un delito, porque todos los días se anuncia en la Prensa la prostitución infantil". ("Los clientes de la red de prostitución infantil niegan que sea delito su relación con las niñas, 19 de setembro)

Gámbaro defiende a uno de los clientes procesados y ha venido manteniendo que la policía desarticuló esta red y no otras muchas que incluso se anuncian diariamente en la prensa ("Aparece la agenda extraviada en el juicio por prostitución infantil y no aporta novedades", 24 de setembro).

Nos argumentos que as defensas utilizan para exculpar aos compradores de sexo bótase man do discurso da normalidade da compra de sexo de pago como forma de ocio masculina, o que se observa neste titular: "La defensa del concejal acusado de corrupción de menores dice que se limitó a ir con mujeres" (3 de outubro). Puntal da defensa é a incidencia en que as menores semellaban ter máis idade, mais este aspecto aparece apuntado nun estilo informativo e neutro. Non se recollen as declaracións textuais das persoas que están a ser xulgadas nin se dan detalles sobre a aparencia física das menores, o que fai que tal argumento non sexa encuberto do envoltorio morbos que observabamos nos contidos de ABC. Recóllese, así mesmo, o contraargumento do fiscal, que sinala que, en tal caso, correspóndelle aos compradores de sexo comprobar que as mulleres que exercen a prostitución son maiores de idade.

El fiscal, que pide 262 años para el principal encausado, citó abundante jurisprudencia del Tribunal Supremo para fundamentar su informe. Recordó una sentencia del alto tribunal según la cual en un caso de corrupción de menores corresponde probar a los clientes que las prostitutas se hacen pasar por mayores.

Algunos defensores han venido insinuando que sus patrocinados "no iban a pedirles el carné de identidad" a las niñas, mientras que otros abogados han insistido en que las menores aparentaban tener mucha más edad que la real. ("El defensor del principal procesado por corrupción de menores pide su absolución", 30 de setembro).

O discurso das vítimas de explotación sexual está presente no testemuño das menores que declaran no xuízo de Valencia. É dicir, non hai un papel activo do medio á hora de procurar persoas nesta situación, senón que se limita a reproducir o que as vítimas declaran no xuízo: malos tratos, violacións, ameazas e indución á prostitución a idades moi temperás, o que move a empatizar e solidarizarnos con elas.

"Nunca me enamoré de él. Me pegaba y me encerraba en el cuarto. Me llevó a casas de citas para que ejerciera la prostitución y el dinero se lo quedaba él". La menor acusó también a otros procesados de maltratarla. "En aquella época tenía la cara siempre marcada", señaló. Asimismo, algunas de las otras seis niñas rescatadas fueron golpeadas por los hermanos Carrasco y por el también procesado Olegario Ballesteros, explicó R. R. N. "Dos látigos, *samurais*, porras y una pistola" eran, según la niña, algunos de los utensilios empleados por los hermanos Carrasco para intimidar a las menores. "En una ocasión yo misma curé a Bibí" [otra de las menores], declaró R. R. N. ("Una de las menores que fue prostituida declara que fue maltratada y pedía auxilio, "pero nadie hacía caso", 22 de setembro).

O discurso informativo de *El País* leva implícito a reprobación e a deslexitimación do discurso dos proxenetas da trama de Valencia, ao recalcar as súas contradicións e incoherencias.

Arturo Carrasco, para quien el fiscal pide 31 años de prisión, fue el primero en declarar. Demostró una memoria prodigiosa para fechas y nombres. Sin embargo, fue incapaz de recordar quién le produjo hematomas en todo el cuerpo a una de las niñas que convivía con él. La policía cuando lo apresó tuvo que llevar a la menor a la Casa de Socorro para ser atendida médicamente. Carrasco sí recordaba tener en su poder un látigo "que era sólo un motivo decorativo del coche", según dijo. ("Los procesados por corrupción de menores afirman que se limitaban a "dar cobijo" a las niñas, 15 de setembro").

O discurso da muller que exerce a prostitución como vítima está protagonizado fundamentalmente por menores neste ano, a non ser en casos de asasinatos ou do que, por aquel entón, o xornal denomina como "trata de brancas".

A trata de persoas con fins de explotación sexual ten, en 1987, un peso na axenda moito menor do que acadará en anos posteriores. As características dos casos de trata que a prensa refire son distintos dos que protagonizarán a información a partir dos anos 90. A trata, nestes anos, é interna, é dicir, dáse nas fronteiras do propio estado. Os fluxos migratorio cara ás cidades ou a capital, Madrid, á procura dunha vida mellor, está presente como relato de fondo.

La investigación, realizada por inspectores de la comisaría del distrito de Arganzuela, se inició el pasado día 5, cuando la hermana de Milagros Martínez Calles, de 28 años, denunció su desaparición. Milagros Martínez había salido de su casa del paseo de la Chopera el 30 de noviembre para ir a trabajar a un club de Valdemoro. Los funcionarios supieron después que a Benedicta Rodríguez Mediavilla, de 29 años, le había sucedido algo similar. Días más tarde, Milagros fue localizada en un local nocturno de Tarancón (Cuenca) y al ser liberada relató que ella y su amiga Benedicta fueron invitadas por tres hombres el pasado día 1 a visitar unos clubs de su propiedad,

con la promesa de que después las trasladarían a Madrid. ("La policía desarticula una red de trata de blancas", 27 de decembro).

A Policía, como se pode observar no exemplo citado, aparece no rol de "liberadora" en relación coa desarticulación de casos de trata.

Canto á abordaxe das mulleres como vítimas en informacións sobre crónica negra e, máis en concreto, en relación con asasinatos, pódese observar como a muller que exerce a prostitución é tratada primeiro como prostituta (o que adoita ser sinalado xa en titular) antes que como muller ou como persoa. Unha revisión dos titulares así o permite concluír:

"Se confirma que la mujer decapitada era una prostituta", 29 de agosto

"Detenido un norteamericano como supuesto autor de la mutilación y asesinato de una prostituta", 4 de marzo.

"Baxter niega ser el asesino de la prostituta mutilada", 5 de marzo.

"El norteamericano que descuartizó a una prostituta sufría un trastorno mental transitorio, según el fiscal", 13 de octubre.

O discurso de *El País* e de *ABC* é coincidente no destaque do morboso na cobertura de crimes dos que as prostitutas son vítimas. O morbo é visible en titulares e en informacións como a titulada "Hallados dos pezones":

La policía ha encontrado en el desagüe del hotel Miguel Ángel los dos pezones del cuerpo de Rufina Sanz Cavieres, prostituta asesinada en el citado hotel madrileño. Los pezones presentaban señales de quemaduras. ("Hallados dos pezones", 14 de abril).

Da vítima adoita destacarse a súa pertenza a ambientes marxinais. Do agresor, porén, no caso de Rufina Sáenz, resáltase a súa formación, a súa profesión, o seu status, e mesmo se recollen declaracións de persoas do seu entorno que falan del en positivo, tal e como detectan os numerosos estudos que, anos despois, analizarán a abordaxe da violencia de xénero na prensa.

Baxter estaba conceptualizado en la multinacional norteamericana para la que trabaja como "un empleado modelo" y se le consideraba como un "joven con gran porvenir en la empresa", según fuentes de McDonnell Douglas. ("Baxter niega ser el asesino de la prostituta mutilada").

Os propios titulares reflicten a disparidade no tratamento que se lle dispensa a unha (reducida á etiqueta "prostituta mutilada") e ao outro (nomeado polo apelido, Baxter). Coinciden, porén, os modos en que se designa a asasino e vítima na revelación da identidade. Non se preserva a intimidade da vítima e, en consecuencia, da súa familia, nin a presunción de inocencia do presunto asasino.

A dicotomía entre agresor e vítima maniféstase tamén nos discursos latentes á presentación que se fai de cada un deles. Ela, persoa marxinal, habitante do que o propio xornal identifica nalgunha ocasión como submundo da prostitución e da que, de maneira implícita, se sobreentende que non sorprenden finais funestos. El, persoa si integrada no "mundo" do que se considera "normal" e cuxa acción se intenta explicar como unha fuxida puntual dese mundo, como "trastorno mental transitorio", tal e como defende o fiscal do caso.

Tamén no caso de Paula Martínez Rodríguez, asasinada e decapitada, se rebelaba a identidade e se sacan á luz, ademais, datos da súa vida persoal, da que se destaca a

drogodependencia e os problemas familiares, que abrollan a raíz da morte do seu marido.

Paula, que estaba casada y tenía tres hijos, llevaba una vida normal hasta que falleció su marido en un accidente de coche, hace cinco años. Dos de sus hijos viven con su suegra y el tercero fue adoptado.

A raíz de la muerte de su marido, comenzó su adicción al *caballo* y empezó a trabajar como prostituta. La joven, que era conocida por los alias de *Meli* y *Ana*, estuvo empleada en clubes de Torrejón y Coslada. ("Se confirma que la mujer decapitada era una prostituta", 29 de agosto).

O alcume para designar ás mulleres que exercen a prostitución é empregado tanto por *El País* como ABC neste ano, e reforza a caracterización das mulleres como personaxes dun mundo marxinal.

La Guardia Civil de Alicante realiza investigaciones sobre la existencia de una red de prostitución de menores, a raíz de la denuncia formulada por P. R. G., de 17 años, casada y con un hijo, natural de Elda (Alicante), según fuentes de la propia Guardia Civil alicantina. P. R. G., más conocida como La Puri, escapó hace una semana y contó su situación, lo que dio lugar al inicio de una investigación oficial sobre la presunta red de trata de blancas. ("Descubierta en Alicante una red de prostitución de menores", 30 de xaneiro).

O discurso feminista que aparece en dúas ocasións recollido en xéneros de opinión (o artigo "La muerte de una prostituta cualquiera", do 13 de abril, asinado pola Comisión Antiagresións do Movemento Feminista de Madrid, e a carta ao director titulada "El fiscal y la prostituta", do 9 de novembro, e asinada por unha abogada que non desvela o seu nome) ofrécenos unha lectura de fondo que non ten lugar no discurso informativo, ligada á discriminación das mulleres na sociedade, a desigualdade entre xéneros e a violencia contra as mulleres.

O primeiro dos artigos, "La muerte de una prostituta cualquiera", está escrito a raíz do asasinato de dúas mulleres nas semanas anteriores, Rufina Sanz, a muller asasinada nun hotel madrileño polo seu cliente, e Ángeles Díez Gil, "una modelo adicta a la heroína", e fai unha reflexión sobre o tratamento informativo en casos de violencia machista cando as vítimas son mulleres de ámbitos considerados marxinais. A Comisión Antiagresións do Movemento Feminista de Madrid denuncia o tratamento dispar que merecen asasino e vítima, ao que antes faciamos referencia:

Una prostituta y una heroinómana: palabras malditas que pretenden definir íntegramente la personalidad de quienes designan. Estas dos marcas, casi demoniacas, y el hecho de que su muerte se produjese con un ensañamiento poco habitual han cargado a estas noticias de un morbo inusual.

Sin duda, sus verdugos tienen una fácil catalogación: mentes enfermas y perturbadas, acompañadas de recriminales costumbres sádicas: el ejecutivo que lleva en su maletín un arsenal de instrumentos dignos de un inquisidor. ("La muerte de una prostituta cualquiera", do 13 de abril).

O artigo tamén reflexiona sobre a invisibilidade social das agresións ás mulleres. Considérase que, de tan habituais, a sociedade remata por non sorprenderse ante elas, e de feito, nesa época, como amosan diversos estudos sobre violencia de xénero, apenas chegan a ser noticia a menos que teñan resultado de morte.

Sabemos que no son casos aislados, aunque a una paliza o a una humillante violación estamos tan acostumbrados que ya no nos mueven a sorpresa; hace falta que haya muerte de por medio para acudir al horror y/o a un leve parpadeo, quizá para incitar a ciertas reflexiones, y puede que ni aún así.

A sociedade, dese no artigo do Movemento Feminista de Madrid, inscríbeas na periferia da marxinalidade, nun submundo alleo á integración social e do que, polo tanto, se espera que dea lugar a finais funestos.

Estamos hablando, en los dos asesinatos considerados anteriormente, de personas ya de antemano inscritas en el infierno de lo asocial; se esperan, por tanto, de ellas reacciones sensacionales y, por qué no, muertes luctuosas.

Las víctimas, estas dos mujeres, se encuentran fuera del círculo mágico de la integración social, donde la aureola de lo maldito prepara funestos finales. Nadie se sorprende ni se rasga las vestiduras ante la violación o la agresión que pueda sufrir una prostituta. ("La muerte de una prostituta cualquiera", do 13 de abril).

A prostitución é presentada como unha imaxe ampliada da violencia de xénero. Intégrase, polo tanto, a prostitución na realidade da violencia contra as mulleres, da violencia que sofren as mulleres polo só feito de selo.

En definitiva, la víctima es una mujer que ejerce la prostitución, un submundo que nos muestra ampliado y desorbitado, como a través de una lupa, lo que de hecho sucede en cualquier hogar normalmente constituido: las palizas, violaciones y ensañamientos con los cuerpos de las mujeres; sus cuerpos, lo único que la sociedad (de los varones) valora como suyo y que, como objeto de intercambio, les es arrebatado y concedido a la libre y, con frecuencia terrible, disposición de los varones. ("La muerte de una prostituta cualquiera", do 13 de abril).

Recoñécese, no artigo, a discriminación de xénero, polo simple feito de ser muller, como factor de marxinalidade.

A ambos asesinatos se les puede dar una explicación en clave de marginalidad: las vidas de estas mujeres se movían dentro de grupos muy definidos y donde el hecho de ser mujer (sobre todo en el caso de la prostitución) no es una marginación añadida, sino la explicación de su causa. ("La muerte de una prostituta cualquiera", do 13 de abril).

No artigo abórdase, tamén, o estigma que sofre a prostituta, canto que, nunha sociedade de valores patriarcais, feita á medida do home, a lascivia feminina que as prostitutas simbolizan é emparentada co mal.

Las prostitutas encarnan la lascivia femenina emparentada con el mal, inventada por los hombres, en su afán de construir mitos alejados de la realidad sexual y psicológica de las mujeres, con el claro propósito de justificar su conducta y perpetuar su predominio. ("La muerte de una prostituta cualquiera", do 13 de abril).

Outro asasinato que ten como vítima a unha muller que exercía a prostitución e que perde a vida a mans dun policía, é o motivo da carta ao director titulada "El fiscal y la prostituta". A solicitude que o fiscal fai de tan só seis meses para o policía por infracción do regulamento provoca unha reflexión da autora, avogada, sobre o modo en que as desigualdades sociais, e en particular, as desigualdades de xénero, se manifestan no ámbito da xustiza. Remata coa seguinte pregunta: " ¿cómo se llama este miembro del

ministerio fiscal que, a lo mejor, por no tener vagina, puede tener tanta comprensión con este acusado?" (9 de novembro).

Só nun caso encontramos o discurso feminista recollido na información ("Un grupo feminista pide la máxima pena en el inicio del juicio por corrupción de menores", do 26 de setembro. Porén, é colocado en posición de descrédito, polo modo en que as feministas fan oír a súa voz, o que provoca que sexan desaloxadas, baixo ordes do presidente do tribunal. As demandas do colectivo feminista son recollidas, mais non se lle dá voz de maneira directa ás integrantes do mesmo, dado que o xornal se limita a transcribir partes dos panfletos que lanzan entre as persoas asistentes. A Comisión de Dones Vult de Març mantén un discurso punitivo, e solicita para os "explotadores de mulleres" a pena máxima. A comisión feminista denuncia a hipocresía e o cinismo das leis, ao mesmo tempo que a indefensión e marxinação das prostitutas, e tamén a convivencia, coas redes de prostitución, de homes do mundo dos negocios e da política, aos que denomina "escoria".

"Los proxenetes las prefieren jóvenes. Las redes de prostitución son instituciones amparadas por hombres de negocios, políticos... escoria", asegura el grupo feminista en el comunicado que lanzó ayer. El panfleto explica: "Denunciamos la hipocresía y el cinismo de las leyes y la indefensión y marginación que sufren la prostitutas".

O discurso da comisión feminista aparece tamén desprestixiado en boca dun dos defensores das persoas que están a ser a ser xulgadas, que non só critica a acción deste colectivo en defensa dos dereitos das mulleres senón que acusa tamén ás mulleres, e máis en concreto, a aquelas que abandonan ás súas fillas, de ser causa da prostitución de menores. As mulleres pasan, pois, nun so embate dialéctico, de vítimas a culpables.

En su informe, Sancho-Tello criticó la actitud de un grupo feminista que el pasado viernes desplegó una pancarta en el interior de la sala y pidió "la pena máxima" para los procesados. Según este abogado, hubiera sido más conveniente pedir "la máxima pena para aquellas mujeres que han abandonado a sus hijas".

A prostitución aparece, en certas informacións, envolta nun discurso frivolidador, que pretende chamar ao riso, procurado a partir do paradoxo ou a confusión. Mesmo se chega a frivolidar nun caso de violación, ao poñer en dúbida se a vítima era virxe ou non cando foi abusada. Esta abordaxe de carácter frivolidador foi detectada en tres informacións de extensión breve ("Jessica Hahn,", do 9 de decembro; "Lucio E.", do 3 de febreiro, e "Madame Cyn' no lo hacía por dinero", do 13 de febreiro. Dúas delas ("Lucio E." e "Jessica Hahn,") son publicadas na sección de contraportada, a onde se destinan os contidos de carácter máis frívolo e lixeiro. A terceira é inserida na sección Internacional aínda que o xénero, a fotonoticia, favorece esa abordaxe máis lixeira.

Jessica Hahn, la secretaria de 27 años que fue violada en 1980 por el predicador pentecostalista Jim Baker, famoso en EE UU por sus programas en un canal de televisión religioso, está envuelta en una fuerte disputa entre las revistas *Playboy* y *Penthouse*. Mientras que Jessica Hahn ha asegurado en *Playboy* que era virgen cuando fue violada por Baker en Florida, *Penthouse* publicará en enero unas declaraciones de una *madame*, Roxanne Dacus, que afirma que la joven trabajó en su casa de citas durante dos años, en 1977 y 1978, donde recibía una media de 40 clientes diarios. "Difícilmente podía ser virgen en su encuentro con Baker", señaló la *madame*. ("Jessica Hahn,", 9 de decembro)

Lucio E., vecino de Andosilla (Navarra), tiene un extraño concepto de la Constitución. Lucio fue sorprendido por la Guardia Civil en un bar de chicas de Olite, el Bellavista. Los civiles le advirtieron que tendría que comparecer ante el juez como testigo de que en aquel bar "se practicaba la prostitución", y Lucio E. se mostró de acuerdo. Sin embargo, el pasado viernes, durante el juicio, el declarante matizó sus palabras al juez: "mire, yo, en realidad, no dije que en aquel local se practicara la prostitución, sino la Constitución". El fiscal, interesado, requirió entonces más detalles sobre cómo se podía ejercer la carta magna en el Bellavista, a lo que el testigo contestó que no lo sabía. ("Lucio E.", 3 de febreiro).

Canto á ligazón da prostitución co Outro en acontecementos delitivos, cando ese Outro é unha persoa doutra etnia ou nacionalidade diferente a aquela á que maioritariamente se dirixe o xornal, observamos en *El País*, un tratamento dicotómico. Por unha banda, maniféstase certo coidado á hora de preservar a identificación da orixe étnica. Así, mentres en ABC, se identifica a orixe xitana dunha moza vítima dunha rede de prostitución de menores, en *El País*, na cobertura de dita información, non se ofrece tal dato. Porén, si se liga en *El País*, nun par de pezas, a problemática en concreto da prostitución de menores con comunidades de inmigrantes ou de diferente cor de pel.

Nun dos casos, o editorial "Menores en el prostíbulo", 26 de setembro, tal ligazón faise para sinalar a vinculación entre prostitución de menores e comunidades discriminadas.

A mediados de los años setenta, el fiscal norteamericano Robert Kendall afirmaba, refiriéndose a las *novedades* de la industria "de lo sexual": "Ahora estamos viviendo una moda especialmente grave: los niños", de los que la mayor parte pertenece a comunidades marginadas por el color de la piel o por su condición de inmigrantes. ("Menores en el prostíbulo", 26 de setembro).

No outro caso no que se amosa tal relación, publicado en portada ("Un empleado de Unicef y un funcionario belga implicados en una red de pornografía infantil", 12 de marzo), a ligazón pode ter consecuencias estigmatizadoras, canto que se termina a información sinalando que a maioría dos nenos eran de orixe magrebí e fillos de familias de inmigrantes que aceptaban alugalos para gañar un sobresoldo.

La Prensa belga informa que algunos niños eran europeos, pero que la mayoría eran de origen magrebí, probablemente hijos de inmigrantes, que aceptaban alquilarlos para sacar un sobresueldo. Sólo media docena han sido identificados hasta ahora y los padres de dos de ellos han sido detenidos ya."

6.2.2.3.1997

A axenda sobre prostitución este ano está protagonizada pola que ten por obxecto a menores, ao igual que acontecía en ABC, e polos mesmos motivos. Por unha banda, a axenda da crónica negra e xudicial: a ampla cobertura que se fai do caso Arny, por un lado e, por outro, a descuberta dun caso de prostitución de menores e dunha rede de pederastia en Barcelona. Unha segunda razón está na axenda política: a reforma do Código Penal impulsada polo PP, agora no goberno do Estado, para a recuperación do delito de corrupción de menores. O concepto, como xa foi comentado, fora eliminado do Código Penal aprobado en 1995 pouco antes de que a lexislatura socialista presidida por Felipe González chegara ao seu fin. Os casos de pederastia que se descubren en 1997, obxecto de ampla cobertura por parte da prensa, así como o turismo sexual (que tamén forma parte da axenda mediática do ano) están entre os principais motivos aos que o goberno do PP alude para promover a súa reforma.

Contra tal modificación pronúnciase *El País*. E faino tanto de forma directa, en editorial, como de forma indirecta, incluíndo no discurso informativo voces que se opoñen á mesma, as mesmas estratexias utilizadas por ABC para defendela (posicionamento explícito na liña editorial e reforzo da mesma con polifonía de voces a prol de tal argumentación no discurso informativo). *El País* considera en perigo o valor da liberdade sexual, un valor que, para ABC, como xa foi visto, pode resultar perigoso canto que propicio para unha relaxación moral da sociedade. É isto, o posicionamento sobre a liberdade sexual, o que está no fondo do debate discursivo entre *El País* e ABC. O posicionamento de *El País* aparece explícito na principal liña argumental do editorial que publica o 1 de agosto.

La corrupción de menores, un delito indefinido que se ha utilizado en ocasiones para sancionar prácticas sexuales que no atentaban contra la libertad sexual, no es el mejor mecanismo para sancionar las conductas de unos adultos que, si se confirman los indicios, han abusado sexualmente de niños de 12 años o menos, y los han prostituido y utilizado para producir pornografía (editorial "Corrupción de mayores", 1 de agosto).

El País considera que, para casos de prostitución de menores, como o descuberto en Barcelona, xa se contemplan penas no Código Penal vixente consistentes en prisión de un a catro anos de cárcere. Deixa a porta aberta á opción de endurecer as penas, aínda que non considera o máis conveniente legislar segundo os ritmos marcados pola actualidade: "Certo es que algunas penas podrían ajustarse o endurecerse, aunque es peligroso parchear de reformas el texto punitivo a golpe de actualidad"(...) (editorial "Corrupción de mayores", 1 de agosto).

Unha vez a reforma do Código Penal é aprobada, *El País* dá a noticia levando ao titular, en clave metafórica, un verbo, "resucitar", con connotacións cristiás, unha maneira simbólica de ligar a reforma á ideoloxía católico-conservadora: "La reforma del Código Penal castiga el turismo sexual y "resucita" la corrupción de menores" (11 de outubro). Este enmarcado crítico tamén se manifesta nun dos ladiños da información, titulado "Pena a la precocidad sexual", en referencia á definición do reincorporado concepto de "corrupción de menores" ao Código Penal.

La reintroducción del delito de corrupción de menores que el CGPJ estimó descrito con "generalidad e imprecisión", se realiza mediante una definición que vincula tal delito con aquellos actos encaminados a iniciar o mantener a los menores o incapaces en una vida sexual precoz o prematura, así como los actos de naturaleza sexual cuya intensidad, persistencia o continuidad puedan alterar el proceso normal de formación o desarrollo de la personalidad de aquellos. Castiga este delito con prisión de dos a cuatro años y multa de hasta 36 millones de pesetas. ("La reforma del Código Penal castiga el turismo sexual y "resucita" la corrupción de menores", 11 de outubro).

As voces do Consello Superior do Poder Xudicial e do fiscal xeral do Estado, recollidas nos contidos informativos de *El País*, asentan o argumentario en contra da reforma do Código Penal. En ámbolos dous casos se prefire o discurso preventivo ao punitivo.

El fiscal general del Estado, Jesús Cardenal estimó ayer preferible potenciar las medidas preventivas para impedir los abusos sexuales contra menores al endurecimiento de las penas a los pederastas. En esa misma línea se pronunció el Consejo General del Poder Judicial (CGPJ), en un informe favorable a "las políticas educativas y sociales". En un curso de verano de la Universidad Complutense en San Lorenzo de El Escorial, Cardenal subrayó: "La sanción es el último remedio contra los abusos sexuales; antes

están las medidas de carácter preventivo, como la familia y la educación", informa Juan Francés. El fiscal concluyó: "Hay que potenciar la familia y la educación como medidas de carácter preventivo con el objetivo final de erradicar esas conductas ("El CGPJ cree que la prevención es más efectiva que una ley más dura", 31 de xullo).

Contra a reforma do Código Penal, mais a favor dun endurecemento das penas, posiciónase a conselleira de Xustiza catalá, Núria de Gispert:

La consejera de Justicia de Catalaluña, Núria de Gispert, contraria a una reforma del Código Penal, se mostró en cambio partidaria de "un incremento de las penas" para los casos de pederastia. "Estoy convencida", declaró ayer, "de que con el Código Penal en la mano y con la situación de esta red descubierta en Barcelona, los jueces y fiscales pueden trabajar, porque hay una tipificación clara". Añadió que "quizá lo que se debería hacer es un endurecimiento de las penas, pero no crear ningún otro tipo penal. ("El CGPJ cree que la prevención es más efectiva que una ley más dura", 31 de xullo).

En relación coa descuberta dunha rede de pederastia en Barcelona, que agudiza o debate sobre a reintrodución do delito de corrupción de menores en *El País*, o xornal advirte, así mesmo, da improcedencia de actitudes como a vulneración da presunción de inocencia, e a estigmatización de barrios como o Raval, de colectivos con determinadas preferencias sexuais (referencia implícita ao colectivo homosexual) e de institucións de asistencia, como o centro infantil do Raval. Faino, de novo, tanto a través do seu posicionamento explícito en editorial, como no enmarcado dos contidos informativos. Dise no editorial titulado "Corrupción de mayores" que

Resultan improcedentes las actitudes que tienden al linchamiento mediático de los sospechosos y al quebrantamiento de la presunción de inocencia, y que extienden un velo de culpabilidad sobre colectivos de ciudadanos por su preferencia sexual, sobre instituciones de asistencia, sobre barrios como el Raval de Barcelona o tecnologías como Internet, en cuya maraña también se localizan hechos infamantes. De nada sirve que al calor del escándalo se produzcan propuestas precipitadas e irreflexivas de reformas legales, cuyos efectos pueden ser a veces peores que la enfermedad que pretenden curar. ("Corrupción de mayores", 1 de agosto).

O xornal sae en defensa do centro de menores de El Raval na información titulada "Todos han venido a trabajar esta mañana" (30 de xullo) na que emprega, como testemuño principal, a versión da directora do centro, Roser Balaguer, respaldado polo testemuño dun veciño, empregado para cerrar a peza, que destaca a función social do mesmo.

Es un joven ciudadano el que deja oír su voz, tranquila y firme, junto a la puerta: "Yo no sé si hay o no una red de niños. Pero sin este local, sin el trabajo de esta gente, habría cincuenta redes".

A Roser Balaguer se le vino ayer el mundo abajo. Dirige el centro infantil del barrio del Raval de Barcelona y algunas informaciones periodísticas señalaban, apenas oblicuamente, la responsabilidad de ese centro en la red de pederastia desarticulada. Su desolación era compartida por el resto de los compañeros. Hay unos veinte educadores trabajando en el centro de una manera constante. Y luego, un número indeterminado, varias decenas, de objetores y de personal voluntario.

O propio xornalista deixa escoitar a súa voz na información, mediante a inserción dun parágrafo de carácter interpretativo no que respalda a función do centro.

Es probable que algunas de las víctimas de la red hayan pasado por este centro. Aquí se lucha por la vida. La pederastia es una más de las zonas de sombra. Una más e incomparable con los estragos del alcohol o de las drogas. Aunque, desde luego, Roser Balaguer se ha encontrado con más de un indicio de abusos. Y ha aprendido a verlos. De pronto, una mañana, un niño llega haciendo sonar su bolsillo derecho o deja en el perchero una insólita ropa de marca. A partir del indicio, empieza un recorrido muy sinuoso y muy triste.

A nova da detención dunha parella que "alugaba" ao seu fillo de dez anos a un pederasta as fins de semana tamén introduce, por parte do xornalista, elementos explicitamente valorativos que consideran o sucedido contra a moral natural. En coherencia con este argumento de partida (a existencia dunha moral natural), atribúeselle á nai e ao pai do neno o adxectivo de "desnaturalizados". Malia o discurso antiestigmatización presente no editorial "Corrupción de maiores", esta nova, publicada tan só mes e medio antes, inclúe elementos de estigmatización tanto para con colectivos como as mulleres que exercen a prostitución, as persoas drogodependentes ou as persoas sen emprego, como para con determinadas zonas urbanas, como a Ciutat Vella de Barcelona.

El menor tenía todos los números: es hijo único de una familia desestructurada y con los valores de la moral natural totalmente subvertidos: el padre, de 39 años, hace mucho que no trabaja; la madre, de 34 años, ejerce la prostitución ocasionalmente; y el niño hace vida en la calle, en pleno corazón de Ciutat Vella, una zona degradada de Barcelona, en la que la droga y la prostitución callejera campan a sus anchas. ("Detenida una pareja que "alquilaba" a su hijo de diez años a un pederasta los fines de semana", 18 de xuño).

Este discurso dalle paso, porén, ao día seguinte, a outro de carácter máis reflexivo, que deixa en lugar secundario o acontecemento para poñer o foco no tema, na problemática de fondo, os abusos sexuais a menores. Na información "Aumenta el número de menores que son asistidos por abusos sexuales" (19 de xuño), as dúas xornalistas que o elaboran (Blanca Cia e Milagros Pérez Oliva) insiren o testemuño de voces expertas do ámbito sanitario, como a psicóloga responsable do Grupo de Pequeña Infancia do Colexio de Psicólogos de Barcelona ou o xefe de servizo de Pediatría do hospital Sant Joan de Déu, onde se abordan casos de abuso infantil. Este discurso experto é aproveitado para achegar datos que dan conta da magnitude do problema, para incorporar a perspectiva de xénero (dísenos que o 80% dos menores atendidos na unidade de pediatría de dito hospital, por abuso sexual, son nenas) e para explicar as súas repercusións para o cativo ou cativa que é obxecto de abusos.

Otro acontecemento que contribúe a afianzar na axenda a prostitución de menores é o coñecido como Caso Army, xuízo de gran repercusión mediática pola imputación no mesmo de varias persoas con relevancia pública, como o xuíz de menores Manuel Rico Lara, o marqués de Sotohermoso ou os artistas Javier Gurruchaga, Jesús Vázquez ou Jorge Cadaval. *El País* réstalle crédito ás acusacións dos menores, tanto polas contradicións nas que incorren como pola venda pública que fan do seu testemuño algúns deles. De modo implícito, solidarízase cos supostos compradores de sexo implicados, ao procurar evidenciar a falta de fundamento das acusacións.

Los testigos del *caso Army* sufren severos problemas de memoria. Los hay que ya no se acuerdan si realmente se acostaron 15 veces con el imputado al que acusaron en la fase sumarial y otros que alegan que los turgurios eran tan oscuros que apenas pueden

recordar una cara. ("Cuatro jóvenes reconocen ante el tribunal que mintieron a los clientes del Army sobre cuál era su edad", 2 de decembro).

O xornal fai referencia, así mesmo, á desaparición no Código Penal do delito de corrupción de menores, polo que son acusados os imputados, co que contribúe a reforzar os argumentos a prol da falta de solidez das motivacións para o xuízo.

Muchas cosas han cambiado desde que la policía de Sevilla reventara en la noche del 28 de octubre de 1995 el pub Army, un bar donde supuestamente se prostituían menores. Uno de los denunciantes, el llamado testigo número 1, ya es mayor de edad y vive ahora con el principal acusado y el nuevo Código Penal ha eliminado la figura de la corrupción de menores.

La cuestión que ahora tendrá que resolver la Sección Tercera de la Audiencia, presidida por Agustín del Río, es si la corrupción de menores existe o si, como sostiene una de las acusaciones de menores, los clientes no pueden ser acusados.

La duda surge por el artículo 187 del Código Penal que entró en vigor en mayo de 1996. Éste elimina la frase "corrupción de menores" y mantiene sólo "prostitución de menores". La sala tendrá que inclinarse por una de las dos interpretaciones radicalmente opuestas que sobre el asunto ha hecho el Tribunal Supremo: la de José Augusto de Vega, que la considera desaparecida del nuevo texto, o la de Carlos Granados, que sostiene que lo que antes era corrupción ahora se engloba en la prostitución de menores. ("Los 49 acusados del "caso Army" se enfrentan a una petición de 629 años", 29 de setembro).

El País decántase pola recreación dun certo ambiente de vodevil nalgunha das crónicas do xuízo:

Lo de ayer fue vuelta a empezar. La escandalera del público y parte de la prensa cuando llegaron los famosos se repitió, al igual que el disfraz de ninja-nazareno de Luis Miguel Rodríguez Pueyo, supuesto cliente del pub Army y testigo del *caso Nani*. ("Las defensas de los famosos del "caso Army" piden juicio público para evitar puntos oscuros", 7 de outubro).

La entrada de los juzgados tuvo el punto de espectáculo que se esperaba: el dueño del Army, Carlos Saldaña, llegaba "ilusionado" al juicio; su encargado, José Antonio González Losada, se desfiguraba la cara con una máscara casi de cera; el citado Rodríguez-Pueyo, además, arribó en coche de caballos; Jesús Vázquez y Jorge Cadaval, coreados por sus fans. ("Suspendido el juicio del "caso Army" por el ataque de histeria de un acusado", 2 de octubre).

Algúns dos testemuños que recollen explicitan a estigmatización que a cobertura mediática do xuízo está a facer do colectivo así como as dificultades coas que se encuentran as persoas homosexuais para establecer relacións con fins sexuais, e os motivos para acudir á prostitución en locais como o Army.

El fiscal jefe aseguró que es necesario despejar con público, luz y taquígrafos cuatro puntos oscuros del caso, ya que "la sociedad debe saber estas cuestiones para no opinar gratuitamente". Flores cree que debe quedar perfectamente claro cómo comenzó el caso y cómo se llegó a los acusados; si hubo una prolongación innecesaria de las investigaciones; si se trató de un delito provocado por la policía y, finalmente, si la sociedad recibió y trató el caso "con doble moral", criminalizando la homosexualidad. ("Las defensas de los famosos del "caso Army" piden juicio público para evitar puntos oscuros", 7 de outubro)

El publicista Marcos Camacho, uno de los imputados en el caso *Army*, reconoció ayer que frecuentaba el bar sevillano para mantener en su interior relaciones con

homosexuales "con seguridad, higiene y tranquilidad". El acusado describió cómo las personas con sexualidad "diferente" se ven obligadas a buscar contactos con cierta clandestinidad o a acudir a locales de este tipo. (Un cliente dice que en el Arny buscaba sexo seguro e higiénico", 31 de outubro).

A denuncia da estigmatización da homosexualidade masculina mediante a cobertura do caso Arny tamén é posta de manifesto polo escritor Eduardo Haro Tecglen, nun artigo publicado na sección "Tribuna" de *El País*. ("La ciudad de las putas", 26 de setembro)

Dentro de unos días comparecerán en vista oral los acusados del caso Arny, de Sevilla: una burda farsa de intereses cruzados, una manera de desprestigiar a personas que son como todas las demás, y una vía para buscarles las vueltas a la homosexualidad masculina, que ahora está protegida.

O turismo sexual é outro dos factores que reforzan a presenza da prostitución de menores na axenda do xornal este ano. O discurso ao respecto é similar ao defendido por ABC: incremento de medidas punitivas mediante a incorporación do concepto de extraterritorialidade (de modo que unha persoa poida ser xulgada no seu país de orixe por delitos relacionados co turismo sexual no estranxeiro) e a acción coordinada dos estados que conforman a UE. O que varía é o modo en que se achega este discurso, o que en ABC se fai resaltando a acción do goberno ao respecto (modificación do Código Penal para o establecemento do concepto de extraterritorialidade), mentres que en *El País* (onde tamén se informa da acción goberamental, como acontece coa reforma do Código Penal) se destacan, ademais, as iniciativas socialistas para abordar a problemática, como a proposta que a socialista Anna Terrón eleva ao Parlamento Europeo para pedirle aos estados que promulguen disposicións legais con efectos extraterritoriais que permitan "investigar, procesar y castigar a las personas que sean culpables de haber practicado la explotación sexual de niños, en el extranjero" ("Propuesta a la UE para que se juzgue en cada país el turismo sexual infantil, 6 de setembro).

Porén, tamén se introduce en *El País*, a través do escritor Haro Tecglen, un discurso que relativiza a presentación da ou do menor como vítima, crítica o emprego deste discurso para limitar liberdades e dálle entrada, ademais, á axencia sexual da ou do menor: "El hecho principal es quitarlas de la vista de los niños, el gran pretexto –para todo– de nuestros días. Quitarse un enemigo de encima es llamarle paidófilo." ("La ciudad de las putas", 26 de setembro). Nun artigo anterior, "La maldad sexual", afirma o articulista de *El País* que "conviene ahora, por el desarrollo puritano del mundo occidental, explicar que el sexo es siempre malo", en relación coa fuga dunhas menores do seu fogar, na localidade de Carabanchel.

El admirable eufemismo de este periódico (...) dice que las niñas no sufren daños físicos". Deja lugar a morbosas especulaciones. ¿Es un daño físico la pérdida de la virginidad? ¿O se refieren a moraduras, piel arrancada por el látigo, mordeduras de oreja? No habiendo daño, no se puede decir qué clase de daño no hay. Sin duda, conviene ahora, por el desarrollo puritano del mundo occidental, explicar que el sexo es siempre malo. Una jovencita escapó un día de su casa, en Tánger; reaparecida, la policía marroquí la interrogó acerca de su virginidad. "No voy a hablar de eso", dijo la niña. Dijeron al padre que la obligase a contestar, y el padre dijo: "No quiero". Le pidieron que la dejara sola, y accedió. Cuando terminó el interrogatorio, salieron y dijeron: "No confiesa". El padre la besó por su entereza. ("La maldad sexual", 11 de agosto).

Esta liña argumental é refutada e criticada nunha carta ao director con motivo das verbas do autor sobre a tolerancia sexual de Tánger que, segundo quen escribe a misiva, só agocha as desigualdades entre o Norte rico e unha zona, o norte de África, empobrecida, manifestas na prostitución de menores por parte de familias orientais para satisfacer a homes occidentais.

Literatura aparte, la *tolerancia sexual* del Tánger colonial a la que alude Haro Tecglen, en contraposición –según él– a la actual persecución de la pedofilia, quiere decir esto –en aquella fecha no había ONG que se alarmaran por el turismo sexual, al sistema judicial de la época le daba lo mismo y, en términos generales, los ricos y sofisticados de Europa y Norteamérica estaban muy autorizados a sodomizar a niños del norte de África a *piacere*–. O sea, que Tánger era el Raval de Europa y Norteamérica. A partir de ello se escribió muy bonita literatura en lenguas inglesa y francesa. Algo me dice que es una corriente literaria unilateral porque, en realidad, los sodomizados y sus padres usualmente no sabían ni firmar. No conoceremos jamás sus puntos de vista sobre la dorada *tolerancia* de aquellos tiempos. ("La tolerancia de Tánger", 17 de agosto).

Pasando a outra cuestión, aséntase este ano a dicotomía entre a muller prostituída como vítima de trata e/ ou prostitución forzada e a muller prostituta (axente e non paciente ou vítima) caracterizada en negativo ou en informacións enmarcadas como anecdóticas. Vexámolo polo miúdo.

A realidade da prostitución varía de maneira notable na última década. Así, se en 1987 as mulleres que protagonizaban as informacións sobre prostitución adoitaban encadrarse no perfil de españolas en situación marxinal (ligadas a problemas económicos, de drogodependencias ou desestruturación familiar), agora toman o relevo as mulleres estranxeiras, que chegan a España á procura dunha vida mellor enganadas, total ou parcialmente, por redes mafiosas. As informacións beben de fontes policiais e reiteran unha e outra vez o modus operandi das redes descrito dende tales fontes.

Xeneralízase a metáfora "rede", en referencia neste caso a organizacións mafiosas con tentáculos en varios países que "captan" (outro dos verbos que neste ano se estenden) as vítimas (mulleres) no seu país de orixe e as traen a España para exercer en condicións de "semiescravidade" (termo tamén de uso común neste ano), condicións que pasan pola retirada da documentación nada máis chegar ao Estado español, a reclusión baixo vixilancia para evitar fuxidas e a obrigaición de exercer a prostitución, entregando as mulleres todo o diñeiro obtido aos proxenetas mentres non quede saldada a débeda que contraeron coa organización para entrar en España. As informacións que abordan a trata con fins de explotación sexual adoitan ser de pequena extensión, e nelas a principal fonte é a policial. En ningún caso escoitamos o testemuño das mulleres tratadas ou unha descrición máis pormenorizada das redes e dos proxenetas. Velaquí un exemplo tipo:

Las mujeres habían sido captadas en Bulgaria aprovechando su difícil situación económica. Con la promesa de un trabajo fácil y bien remunerado, los miembros de la organización les facilitaban los documentos para viajar sin problemas a España. Una vez aquí, los responsables de la red ilegal les retiraban el pasaporte para evitar que las mujeres huyeran, y las obligaban a trabajar, durante al menos tres meses, en locales de alterne. Las búlgaras, que se alojaban en un piso de la calle de Camarena, entregaban todo el dinero que recaudaban. Siempre eran vigiladas por alguno de los colaboradores de la organización. ("Detenida una red que forzaba a mujeres búlgaras a prostituirse", 1 de xuño).

Ao igual que acontecía en ABC, está xeneralizado o emprego da construción determinante+xentilicio para designar as mulleres doutros países que veñen ou son

traídas a España para exercer a prostitución. Unha construción que contribúe a xerar distanciamento, a non empatizar con elas, en canto se pon por diante a súa condición de migradas antes que a de persoas ou mulleres.

Las búlgaras, que se alojaban en un piso de la calle de Camarena, entregaban todo el dinero que recaudaban ("Detenida una red que forzaba a mujeres búlgaras a prostituirse", 1 de xuño).

Cinco suramericanas, que trabajan en el *Tabarín*, se hallaban ilegalmente en España, por lo que se les aplicará la Ley de Extranjería. ("Detenidos 66 integrantes de una red de prostitución en Madrid, Murcia y Badajoz", 22 de xuño)

Están acusados de haber introducido en España a seis colombianas de entre 20 y 25 años a las que obligaron a prostituirse a cambio de alojamiento y manutención y como pago del billete de avión que las había traído desde el distrito colombiano de Palmira Valle, de donde proceden todas. ("Descubierta en Córdoba una red internacional de trata de blancas", 17 de agosto).

Nas informacións sobre redadas policiais é frecuente indicar o número de mulleres e homes detidos, nas que, polo xeral, se especifica o motivo polo que o son (estadía irregular no caso das mulleres que exercen a prostitución). Porén, tamén hai excepcións, como na noticia que agora nos servirá de exemplo, o que pode provocar equívocos, ao levar ao público lector á idea errónea de que son detidas por seren prostitutas, cando a prostitución non é ilegal en España.

La policía ha desmantelado una red de trata de blancas, con ramificaciones en Madrid, Badajoz y Murcia, tras la detención de 55 extranjeras y 11 presuntos organizadores de varios clubes de prostitución. ("Detenidas 66 integrantes de una red de prostitución en Madrid, Murcia y Badajoz", 22 de xuño).

A significación da metáfora "rede" é obxecto de reflexión no artigo de Juan José Millás "Arañas y moscas", do 4 de maio, que desenvolve a metáfora falando das vítimas que son captadas e atrapadas e das arañas-mafias-compradores que as degluten.

Siempre que oigo la palabra red veo dentro de mi cabeza una araña, e inmediatamente, en una pirueta asociativa, me acuerdo de Patricia Highsmith, de quien un crítico decía que hablaba de los seres humanos como una araña hablaría de las moscas. (...) De hecho, al mismo tiempo que la policía desarticulaba esta red, nos enterábase de que en 1995 habían sido vendidas en el mercado de la prostitución de la UE 150.000 mujeres. El informe de la Organización Integral para las Migraciones no especificaba cuántas habían tocado a esta ciudad, pero dadas las telas de araña o clubes de carretera que uno encuentra en el fondo de las noches oscuras del alma hay que suponer que bastantes, todas ellas procedentes de los mismos países del Este a donde van a parar nuestros coches de lujo previamente manipulados por una red de polacos que miran a sus compatriotas como una araña miraría a las moscas.

Tanto neste artigo como na información titulada "La ONU denuncia la impunidad del tráfico de miles de mujeres", do 6 de abril, vaise máis aló da abordaxe da trata de mulleres como nota policial (o tratamento maioritario este ano), e trátase a problemática como tema e non só como acontecemento. En ambos os dous casos, as fontes das que bebe este discurso que tematiza, e que é aínda incipiente este ano, son de carácter internacional (a ONU, a Comisión Europea e a Organización Internacional das Migracións). Haberá que agardar até 2007 para que, no traballo de campo que conforma

esta investigación, se vexa este discurso en boca de fontes governamentais de carácter estatal, o que contribuirá a asentalo na axenda mediática.

No discurso recollido por estas fontes, a trata é equiparada con escravitude, ou con semiescravitude, no caso da Comisión Europea, eufemismo que merece as críticas de Juan José Millás, autor de "Arañas y moscas".

Pero la Comisión Europea prefiere hablar de "semiesclavitud", que es lo mismo que si habláramos de semirrobo para referirnos a los automóviles de la famosa red desmantelada, si ello fuera posible. No importa, el caso es que esas semiesclavas son observadas luego por nosotros, bien en los suburbios de la Gran Vía, bien en el culo de los callejones iluminados con neón, como una araña observaría a las moscas antes de comenzar a deglutirlas por el abdomen, que es la parte más blanda. ("Arañas y moscas", 4 de maio).

A ONU incorpora, ademais, a trata no discurso da violencia contra as mulleres. O testemuño da relatora especial de Nacións Unidas encargada da violencia contra as mulleres é o que se introduce tal marco interpretativo en *El País*.

"Son golpeadas, obligadas, secuestradas, vendidas y hasta forzadas a vivir y a trabajar en condiciones equiparables a las de un esclavo. Esa es la condición de las prostitutas, empleadas domésticas, esposas o trabajadoras clandestinas", escribe en su texto Radhika Coomaraswamy. La funcionaria de la ONU atribuye esta lacra a la pobreza, el racismo, el sexismo, la industria turística y la complacencia de muchos Estados.

Este discurso enlaza cos argumentos abolicionistas, promovidos pola ONU no "Convenio para a represión da trata de persoas e da explotación allea" (en vigor dende 1951) no que se liga de modo explícito prostitución e trata, cando no preámbulo se fala da "prostitución" e o "mal que a acompaña", a trata de persoas para fins de prostitución.

O discurso abolicionista é tamén o defendido pola presidenta de Médicos do Mundo-España, no artigo "¿Problema ético-estético?", do 24 de decembro, publicado no apartado Tribuna de *El País*, no que avoga pola abolición de todo tipo de regulamentación ao mesmo tempo que se incide na defensa dos dereitos humanos das persoas que exercen a prostitución.

Hasta ahora, las medidas diseñadas para abordar el problema de la prostitución se han basado en la ilegalización de esta actividad (tendencia prohibicionista) o en la legalización pero apartada en guetos (tendencia reglamentacionista).

En España, hasta hoy, se ha seguido una tercera tendencia: la que podría llamarse "abolicionista", es decir, la que preconiza la abolición de toda reglamentación. Creemos que ésta es la actitud que debería mantenerse, añadiendo un nuevo punto de vista: el de los derechos humanos ; es decir, frente a la *guetización* o la prohibición, son muchos los que creen que nadie puede juzgar a una persona por ganarse la vida a su manera, especialmente cuando en la mayoría de los casos no se les ofrece otra salida.

O discurso pro-legalización está posto en boca do goberno holandés, na nova "El gobierno holandés intenta de nuevo legalizar la prostitución", partindo do recoñecemento da prostitución como realidade que o Estado non debe ignorar, e botando man dun argumento, porén, de carácter regulacionista: o poder exercer un mellor control sobre tal realidade. É dicir, deféndese a legalización non a prol da defensa dos dereitos de quen a exerce senón como estratexia para o Estado poder realizar un mellor control sobre a mesma.

Según los términos del proyecto de ley, los municipios tendrán competencia para regularla y controlarla. Ellos impondrían las reglas para conseguir la autorización de explotación (espacio mínimo del lugar de trabajo, puertas de seguridad), ubicación, normas de higiene (agua corriente, uso obligatorio de preservativos), estatuto de las prostitutas (protección de su integridad física y psíquica, permiso de residencia y prohibición de prostitución de menores). ("El Gobierno holandés intenta de nuevo legalizar la prostitución", 2 de xullo).

A defensa dos dereitos das prostitutas aparece abordada nunha carta ao director do colectivo Hetaira ("Agresiones", 7 de maio), na que se denuncian as agresións acometidas por parte das veciñanza. Mais tal defensa non forma parte dos contidos informativos a non ser en discursos vinculados ao anecdótico, ao episódico, cun trato case humorístico, sen concederlle autoridade a quen o defende, senón máis ben ligándoo ao extravagante ou extraordinario, tal e como acontece nas informacións "Profesión exigente" e "Seriedade de negocio". Este carácter frivolidador refórzase incardinando tales pezas na sección "Gente". O cuestionamento da prostitución como prostitución por parte de quen elabora a información é explicitada mediante o emprego das aspas para incorporar o concepto "profesión".

Marja, una prostituta de la ciudad sueca de Malmö, en el extremo sur del país, ha escrito una carta a la ministra de Asuntos Sociales, Margot Wallström, solicitando sus buenos oficios para que pueda jubilarse aun sin haber cumplido la edad reglamentaria de 65 años. Marja señala a la ministra que el ejercicio de su "profesión" ha empeorado en Suecia en los últimos tiempos, ya que la mayoría de sus clientes fijos han muerto y además por la competencia juvenil. "Personalmente, escribe, pienso que a los 50 años una está terminada en esta profesión". Con 58 años cumplidos, Marja ha sobrepasado ese límite. "He preguntado a la Caja de Seguros", dice, "si me podría jubilar, y la respuesta fue que para ello habría que cambiar la ley". Por ello apela a la ministra y le pregunta si un acuerdo con los demás países de la Unión Europea no ayudaría a resolver la cuestión. Marja, que ejerce su oficio desde los 16 años, adquirió notoriedad en 1982 cuando las autoridades fiscales le exigieron que pagara impuestos. Para poder pagar a su abogado debió seguir ejerciendo su profesión, aunque ya no estaba en edad de hacerlo. "El Estado no puede convertirse en chulo", dijo en esa oportunidad. ("Profesión exigente", 10 de febreiro)

Camille es una joven de Estocolmo que anuncia en algunas revistas sus servicios como masajista y ha presentado una curiosa demanda en los tribunales contra un cliente que faltó a la cita. Tras haber reservado hora y acordado el precio para una sesión que incluía una amplia variedad de "especialidades de la casa", el cliente, que tuvo que dejar sus señas personales, no apareció según lo convenido. Camille, que se sabe al dedillo las reglas de la economía de mercado, sostiene que el cliente debe pagar de todos modos "la consulta", tal como ocurre cuando un paciente reserva hora en el médico, el dentista o el pedicuro y no comparece. Argumenta para ello no sólo que perdió la posibilidad de concertar otra cita, sino que empleó tiempo y gastó en prepararse adecuadamente para un encuentro íntimo. El tribunal dirá ahora la última palabra. ("Seriedad de negocio", 18 de marzo)

O debate de fondo sobre a necesidade da prostitución está implícito na nova "Un psiquiátrico holandés contrata a prostitutas como terapia para sus pacientes" (4 de outubro), como forma de diminuír o "desagradable tráfico sexual e os abusos e agresións deste tipo entre os enfermos que a miúdo se dan nestes centros". O discurso de Aan de Stegge, membro da dirección do centro psiquiátrico, parte de que a

insatisfacción das necesidades sexuais causa agresividade nos enfermos e mesmo é motivo de violacións ás súas compañeiras de centro. A necesidade da prostitución xustifícase en base a outros dous discursos de fondo, a insaciabilidade sexual masculina e a atención sexual a persoas con discapacidades físicas ou enfermidades mentais. O primeiro destes discursos aparece contrarrestado polo doutros directores de centros psiquiátricos do país. O segundo é apuntalado polas declaracións doutro experto, o sexólogo W. Gianotte.

Pero la mayoría de los directores de otros centros del país ha criticado la idea. "En la vida normal hay suficientes prostitutas y esto no implica una disminución de las violaciones", ha declarado Van Ewijk, director del centro psiquiátrico Vogelenzang, que recientemente saltó a las páginas de los periódicos por una explosión de delitos sexuales: cuatro violaciones y dos denuncias por abusos deshonestos. Aunque casi todos los directores reconocen los ataques sexuales como un problema generalizado en los centros, insisten en continuar con las políticas más tradicionales de información a pacientes y enfermeros, y programas especiales de prevención y estímulo de las denuncias.

Un poco más de esperanza sobre el éxito de la iniciativa tiene el sexólogo, W. Gianotte, del hospital universitario de Utrecht, quien recuerda que hace algunos años se creó un servicio de ayuda social sexual para los enfermos mentales, semejante al que se presta a los impedidos físicos. Según este médico, ese servicio logró que los pacientes estuvieran más tranquilos y se pudiera reducir notablemente el uso de medicinas. La falta de dinero dio al traste con el proyecto.

O posicionamento sobre a prostitución que aparece cun enmarcado máis crítico en *El País* é o regulacionismo. Porén, a postura do xornal ao respecto non está definida. De feito, a posición do xornal sobre a situación legal da prostitución non está presente en ningún dos editoriais analizados neste ano. Podémola extrapolar, en todo caso, do enmarcado que en *El País* se fai sobre cada un dos posicionamentos mais aínda así, a veces, como xa puidemos ver, conviven enmarcados diferentes.

Canto ao regulacionismo, as críticas están centradas máis nas iniciativas de zonificación do alcalde de Madrid, Álvarez del Manzano, sobre a prostitución na Casa de Campo, que ao posicionamento regulacionista en si. E isto vémosto nas voces recollidas tanto nos contidos informativos como nos xéneros de opinión. De feito, nun primeiro momento *El País* leva a titular a proposta do PSOE madrileño de expulsar ás prostitutas da Casa de Campo ("EL PSOE propone expulsar a las prostitutas de la Casa de Campo", 11 de setembro) e, días despois, presenta ao goberno popular madrileño recollendo a pedra que foi tirada no seu tellado ("El gobierno del PP, dispuesto a discutir sobre la prostitución). Porén, cando dende o Executivo madrileño se fai unha proposta concreta (non a expulsión, senón o establecemento dunha zona na Casa de Campo onde o exercicio da prostitución resulte menos molesto ás e aos viandantes), os titulares do xornal volven ser encabezados co rexeitamento dos grupos de oposición á proposta, acusándoa de guetización ("IU y PSOE rechazan la creación de una zona para prostitutas", 25 de setembro).

O xornal leva ás súas páxinas de opinión o debate suscitado con respecto á proposta do alcalde madrileño. Faino no seu apartado "Tribuna", reforzando así a imaxe de debate aberto, no que publicará tres artigos de opinión con posicionamentos diferentes: "¿Problema ético estético?", de Pilar Estébanez, de Médicos del Mundo, contra a creación de guetos e en defensa do modelo abolicionista; "Lumis", de Ricardo Cantalapiedra, contra a guetización mais, curiosamente, a prol dun modelo de regulación como o establecido na época de Felipe II (casas de mancebía e controis sanitarios), e "Casa de Campo", de Joaquín Vidal, no que se presenta a prostitución

como natural e inevitable ("Afirma la sabiduría popular que la cuestión de la jodienda no tiene enmienda y ésta es una de las pocas verdades incontrovertibles que ha conocido la humanidad. Desde Adán y Eva hasta la fecha, el que sentía arderle las ganas no paró nunca hasta encontrar quien le quitara el "cuidao", o al revés") e cun enmarcado que se decanta máis por expoñer as contradiccions existentes que por propoñer alternativas claras.

frente a la guetización o la prohibición, son muchos los que creen que nadie puede juzgar a una persona por ganarse la vida a su manera, especialmente cuando en la mayoría de los casos no se les ofrece otra salida. ("¿Problema ético estético?", de Pilar Estébanez, 24 de decembro).

A las lumis de la Casa de Campo les están buscando un rincón donde ejercer su oficio sin escandalizar a la infancia y a las señoras de edad. Más o menos pretenden meterlas en una jaula de los arrabales del zoo, como especie necesaria pero vergonzante. ("Lumis", de Ricardo Cantalapiedra, 28 de setembro).

Colectivos progresistas y grupos políticos se oponen a las dos iniciativas porque —aducen— supondría recluir a las prostitutas en un gueto. Pero también esto es discutible, pues los conceptos dependen con frecuencia de las palabras con que se denominen. (...) La pregunta es si la prostitución está prohibida. Parece ser que no y, en tal caso, toda medida prohibicionista sería anticonstitucional y toda descalificación una cínica actitud. (...) Dícese de los agentes de la autoridad que no se puede intervenir, salvo que haya delito, pero no es muy seguro que sea preciso tanto. Porque los coches que paran en medio de la carretera o los que se meten por la foresta y los grupos ocupando la calzada transgreden las ordenanzas municipales. Y no está muy claro que sea lícito efectuar lucrativas prestaciones de servicios sin recibo detallado de la transacción, sin NIF y sin cargo de IVA. ("Casa de Campo", de Joaquín Vidal, 30 de setembro).

O ton, porén, no que está elaborado o artigo de Pilar Estébanez, que escribe como experta e voz do tecido cívico, e os dos dous articulistas, Ricardo Cantalapiedra e Joaquín Vidal, é moi diferente. Pilar Estébanez fala dende a solidariedade coas mulleres que exercen a prostitución, nunha actitude asistencialista que parte dunha concepción das mesmas como vítimas. Denuncia que preocupe máis da prostitución a molestia que supón para a veciñanza que os problemas que han afrontar as persoas que a exercen. Fai explícita a estigmatización e a marxinação ás que están sometidas e afonda nos factores que levan ao exercicio da prostitución. Cantalapiedra e Vidal, pola contra, abordan a problemática nun tono frivolidador, que se amosa tanto na escolla terminolóxica (putas, mancebas, ramerás, lumis...) como no emprego de recursos que levan ao humor:

El alcalde de Madrid probablemente no esté en estos casos, a juzgar por lo que han dicho los concejales de IU: que carece de competencia profesional para abordar el problema. O sea que, según IU, para resolver el problema de la prostitución, el alcalde habría de ser putero. O, mejor aún, mujer de la vida. Duro sino el de los alcaldes. ("Casa de Campo", 30 de setembro).

En ámbolos dous casos se presenta á prostitución como inevitable e/ou actividade normalizada, acudindo para iso ao exemplo ou ao testemuño do comprador de sexo.

Ir de putas constituyó siempre una actividad social de primer orden. Unos iban de putas para meterse en juerga y echaban allí la noche; a otros, dos cachetes bastaban para darles puerta, y se sabe de gentes de alcurnia que tenían abono. Un histórico ministro acudía todas las tardes de cuatro a cinco a una casa de lenocinio cerca de la plaza de Manuel Becerra y allí tomaba café con una mujer de la vida que le contaba sus penas y le hacía un currito. Un famoso científico iba a otra de la calle de Alcántara, donde por el

exceso de clientela había de guardar comedor y provocaba altercados. ("Casa de Campo", 30 de setembro).

Un viejo cliente del negocio algo cansado ya afirma: "No, si a mí las putas me siguen gustando. Lo que no aguanto es su entorno, apestado de yonquis y cocainómanos. Las chicas, por lo general, son buenas, pero algo tontas o demasiado amarradas a diversas drogas. Las listas no están tiradas por ahí a media noche. Las listas pululan por las discotecas de moda y los cócteles de la gente guapa. Hay mucha infiltrada en el oficio. Y los travestis ganan cada vez más terreno". ("Lumis, 28 de setembro).

As prostitutas son presentadas como personaxes de ambientes marxinais descritas en clave de esperpento, a modo de imaxe deformada da realidade, olladas dende arriba, cunha mirada entre o despreciativo e o compasivo.

Espantar a las putas, sin embargo, no es asunto fácil. La Gran Vía se trazó con la ilusa idea de acabar por lo sano con las callejuelas más representativas del lenocinio castizo y temerario. Medio siglo después, las ramera más típicas siguen ahí, inasequibles al desaliento y a la *pasma*. Éstas de la Casa de Campo bastante lejos han ido a menearse, las pobres. Porque es cosa notoria que a las mancebas siempre les ha gustado merodear por el bullicio del centro. ("Lumis, 28 de setembro).

Cierto que verlo a muchos ciudadanos les repele. En realidad la Casa de Campo, con todo ese puterío en el que no faltan chulos ni tampoco mirones, da asco. Parte de la Casa de Campo se ha convertido en un inmenso burdel al aire libre. De ahí debió venir la denominación de "mujeres de vida airada" que antiguamente se daba a las de lance. ("Casa de Campo", 30 de setembro).

A imaxe da prostituta é, pois ambivalente: entre a vítima que merece compasión e o marxinal, que é ollado con desprezo e superioridade, caracterizado en clave negativa, como na nova "Dos prostitutas, detenidas por supuestos malos tratos a un bebé" (22 de xaneiro):

Dos hermanas, prostitutas de la calle de la Montera (Centro), fueron detenidas el lunes pasado por supuestos malos tratos al hijo de una de ellas, de un año. La denuncia que desencadenó el arresto partió, según la policía, de la dueña de una pensión situada en el número 16 de la calle de Fuencarral. (...) Francisca Gutiérrez lamentó lo ocurrido. "Son mujeres que van de una pensión a otra; no es modo de tener un niño. Yo le dije a la madre que llevase al crío a un centro o a un asistente social, pero ella no quería separarse del pequeño".

Neste enmarcado en negativo, as prostitutas son descritas en ambientes sórdidos e en relación coas drogodependencias, sen voz ou, cando se lle dá, sen autoridade e sen criterio propio (como se amosa na reportaxe titulada "¿Quién nos echará de aquí?" que destaca en subtítulo a indiferencia das prostitutas da Casa de Campo coas que se acode a falar.

A María, una prostituta *yonqui* de 44 años, separada, embarazada de tres meses, y cuyas tres hijas (de 26, 20 y 17 años) no quieren ni oír su voz por teléfono, poco le preocupa que los políticos quieran ponerle puertas al bosque ("¿Quién nos echará de aquí?", 26 de setembro).

Ella y su hermana Pilar (con 36 años y tres hijas) son vallecanas. Sólo trabajan de día porque de noche pasan mucho miedo. Les da igual lo que digan los políticos. ("¿Quién nos echará de aquí?", 26 de setembro).

Las prostitutas nigerianas y liberianas son aún más ajenas a la polémica. Increíblemente, ni siquiera entienden por qué la policía les pregunta si tienen un "amigo al que dan dinero". ("¿Quién nos echará de aquí?", 26 de setembro).

O ambiente de sordidez e de gueto é posto de relevo na reportaxe "El gueto más sórdido de la ciudad, en la vieja fábrica Boetticher" (13 de xaneiro de 1997).

El negocio mafioso es perfecto para quienes llevan la droga a este infame reducto. Tiene a su disposición a un grupo de desesperados dispuestos a lo que sea: los hombres a trapichear y a *chulear* a las mujeres, y ellas a prostituirse a cambio de papelinas en las peores condiciones posibles.

A actitude despreciativa e a obxectualización obsérvase tamén na comparanza entre as prostitutas españolas e as procedentes do estranxeiro, que se manifesta neste parágrafo co que se remata a reportaxe "¿Quién nos echará de aquí?".

María y dos amigas también toxicómanas con las que charla al borde del lago dicen que para abandonar su sinvivir sólo necesitan metadona. Quizá se sentirían más seguras si se acotase una zona para su trabajo. No les conmueve la tristísima situación de las inmigrantes. "Se van por 500 o 600 pesetas, lo que les den". Ellas cobran 2.000 como mínimo. Y la competencia no sólo es desleal por los precios. Cualquiera que tenga ojos ve que entre las prostitutas negras abundan más las carnes prietas, los tipos esculturales y las ropas provocativas.

Tanto se se trata dun home como dunha muller, a persoa que exerce a prostitución é identificada, en primeiro lugar como "prostituta" (ou como "chapero", no caso da prostitución masculina), antes que como home ou muller, persoa ou vítima. Isto, porén, non se cumpre no caso da prostitución de mulleres transxénero, das que sempre se destaca, en primeiro lugar, a súa condición xenérica. Explicítano os titulares "Detenido el presunto asesino de una prostituta que se anunciaba en Internet" (7 de febreiro), "Petición de 15 años de cárcel a un policía por la muerte de un 'chapero'" (23 de outubro) e "El policía que mato a un 'chapero' dice al juez que fue 'un hecho desgraciado'" (10 de maio), así como o extracto da noticia "Más suerte que Hugh" (5 de maio): "El actor estadounidense Eddie Murphy, conocido por comedias como *Superdetective en Hollywood*, fue parado por la policía cuando conducía junto a un transexual, que fue arrestado en el acto por prostitución."

A representación do comprador de sexo devala entre a normalización (co discurso implícito da insaciabilidade sexual masculina e a inevitabilidade da prostitución), a condena (máis só cando de turismo sexual e prostitución de menores se trata, ou de figuras con transcendencia pública, como o senador socialista Carlos Piquer) e a crónica social (en relación con persoeiros famosos, como é o caso, para este ano, de Eddie Murphy, que se ven implicados en escándalos relacionados coa prostitución).

A compra de sexo de pago como elemento de socialización masculina e iniciación á sexualidade, transmitido de pais a fillos, é mesmo ollado con certa melancolía: "Se ha perdido aquello de que los padres llevaban a iniciarse a los hijos al cumplir 18 años", indícase na entrevista ao escritor David Pallo, titulada "Para una prostituta callejera, Madrid es más duro que Nueva York" (30 de decembro).

A condena ao comprador pode darse tanto por motivos morais (prostitución de menores) como sanitarios (transmisión de enfermidades, perigo que se resalta sobre todo no caso do turismo sexual). Os perigos sanitarios son levados mesmo a titular: "El turismo sexual dispara las patologías venéreas" (24 de marzo).

A abordaxe da compra de sexo de pago como escándalo está en relación con persoeiros famosos, como Eddie Murphy, a quen a policía sorprende no interior dun coche cunha prostituta transxénero; o senador socialista Carlos Piquer ou os xogadores da selección nacional portuguesa, acusados de participar nunha "orxía" con prostitutas, con drogas, alcohol e violencia contra as mulleres (dúas delas remataron no hospital) en vésperas dun partido. Porén, neste último caso, o enmarcado da información céntrase nos xogadores e no escándalo que supón o que o xornal define como "bacanal", e só menciona as acusacións dunha das prostitutas, que fai referencia a violencia de xénero.

O enmarcado co que se segue o caso Piquer difire de moto notable do empregado por ABC. Mentres ABC pon o foco en pedir responsabilidades ao PSOE pola acción do senador, a quen se lle acusa de ter pagado os servizos de prostitutas cunha tarxeta do grupo parlamentario socialista en Aragón, e pon o caso como exemplo das dificultades que está a atravesar o partido socialista, *El País* resalta en todo momento o rexeitamento socialista á actuación do senador e destaca as accións que se están adoptando para esixirlle responsabilidades, o que se observa nos titulares "El PSOE suspende de militancia al senador aragonés Carlos Piquer" (8 de xaneiro) e "El PSOE exige a Piquer el dinero que presuntamente gastó en prostitutas" (11 de xaneiro)

En casos de violencia de xénero que teñen como vítimas a quen exerce a prostitución e como agresor a quen a compra volvemos detectar elementos de xustificación. Tal acontece na información "Detenido el presunto asesino de una prostituta que se anunciaba en Internet" (7 de febreiro), que se presenta como un crime pasional, concepto que é adoptado da propia fonte policial consultada. Dísenos na información que o cliente se namorara da muller á que lle compraba os seus servizos sexuais, e á que decide asasinar ante as esixencias económicas dela e a frustración dos desexos del, que quería atención en exclusiva.

La relación estrictamente profesional de Patricia y José Luis, un agricultor soltero que trabajaba en los invernaderos de Campohermoso (Níjar), desembocó en una buena amistad entre ambos, que acabaría alimentando una aventura sentimental desigual. El cliente se enamoró, confesó a la policía, "de la dulzura" de Patricia, a la que reclamaba una dedicación exclusiva. Esta demanda, unida a las exigencias económicas de la prostituta, fraguaron la tragedia del 24 de agosto. El padre de la mujer encontró el cadáver medio descompuesto una semana después.

El é presentado como un home namorado, e ela como unha muller sofisticada, unha prostituta de "posibles" que se relacionaba con persoeiros importantes da provincia. O modo en que a vítima é descrita non nos leva á compaixón senón a alimentar o morbo sobre a súa vida e a súa morte. Unha vez máis a vítima é etiquetada como prostituta antes que como muller ou como persoa, unha etiqueta que, neste caso se amplía co feito de que se anunciase en internet. A vítima convértese pois na prostituta que se anunciaba en internet, un factor que o xornal destaca non como elemento contextual do que tirar claves interpretativas (como, por exemplo, unha posible maior exposición a situación de risco de prostitutas que exercen pola súa conta en vivendas particulares ou trasladándose ao espazo do cliente), senón como factor circunstancial co que alimentar o interese e o morbo da audiencia. En ningún momento o acontecido é presentado dende a perespectiva da violencia contra as mulleres (en 1997, na información aínda non estaba establecido tal marco interpretativo). Do asasino, malia ser confeso, presérvase en parte a identidade, ao facer públicos del só o nome e as siglas dos apelidos. A identidade da vítima é, porén, exposta por completo (dela sabemos nome e mais apelidos).

Patricia, una prostituta tan familiarizada con la tecnología y la realidad virtual que anunciaba sus servicios a través de Internet, sufrió una muerte primitiva y salvaje bastante alejada de la sofisticación que creó alrededor de su trabajo. El cuerpo esbelto de la mujer recibió 33 puñaladas, asestadas con un cuchillo de su propiedad, el pasado 24 de agosto en su propio domicilio de Almería. Un agricultor sin antecedentes, que se negó a aceptar el fin de la atípica relación sentimental que habían mantenido, apuñaló a Patricia, el nombre profesional que ocultaba la identidad de María del Carmen Río Colubí, de 30 años. José Luis C. L. no navegó por Internet para dar con ella. Hace ahora un año que contactó con Patricia, una prostituta de posibles que también anunciaba sus servicios en periódicos almerienses y se codeaba con próceres locales.

6.2.2.4.2007

En 2007, os contidos sobre prostitución en *El País* están protagonizados polo debate sobre a situación legal da mesma, a raíz das conclusións da Comisión Mixta Congreso-Senado dos Dereitos da Muller e da Igualdade de Oportunidades, un debate no que *El País* non amosará unha postura definida. O xornal adéntrase no mesmo tanto a través dos contidos informativos como dos opinativos. Canto á información, non só cobre as conclusións da Comisión, senón que tamén introduce contidos noticiosos sobre estados tanto a prol de medidas abolicionistas, como Suecia ou Noruega, como daqueles que son exemplo en sentido contrario, tal é o caso de Holanda. No que se refire á opinión, ao longo do ano publícanse artigos tanto pro-legalización como pro-abolición, asinados tanto por columnistas do medio como por expertas convidadas a participar no mesmo, tal é o caso da filósofa Amelia Valcárcel.

A postura de *El País* é crítica coa decisión da Comisión de seguir a manter a prostitución na alegalidade. Mais, porén, non hai no xornal un posicionamento explícito a favor de medidas pro-legalización ou pro-abolición. Así o podemos ver no único editorial encontrado no ano sobre a prostitución, de título "Prostitución sin ley", publicado o 26 de febreiro, tras coñecerse o posicionamento que ía adoptar a Comisión Mixta Congreso-Senado.

Ni regulación ni abolición. De momento, el intenso debate que ha enfrentado dos formas de luchar contra la prostitución se ha saldado en tablas, que es lo mismo que decir que las cosas se quedan más o menos como están. Es decir, mal.

O xornal bota man do contraste para poñer o foco no desaxeitado das conclusións: contraste entre o elevado número de fontes expertas consultadas e as conclusións ás que se chegaron; contraste entre non legalizar nin tampouco avanzar en fórmulas abolicionistas (entendo que o concepto abolicionismo é utilizado, en realidade para referirse ao prohibicionismo), contraste tamén entre a consideración que a Comisión fai da prostitución como un traballo indigno e o feito de que non legalizar supoña negarlles dereitos laborais.

El borrador de la resolución que prepara la comisión considera que la prostitución no es una actividad digna de ser regulada, con lo que las prostitutas seguirán desprotegidas frente a los abusos y no tendrán reconocido ninguno de los derechos sociales asociados a la actividad laboral. Pero tampoco avanza hacia un planteamiento abolicionista, prohibiendo los espacios y actividades que la hacen posible o sancionando a quienes compran servicios sexuales.

Porén, libera de responsabilidade ao ámbito político, e máis en concreto á Comisión, ao indicar que a súa decisión só é unha mostra da división que subxace na

sociedade, e que se manifesta tanto no propio movemento feminista, como no PSOE, que alberga tanto posicións pro-abolición como pro-regulación.

Si la comisión no se ha atrevido a ir más allá de unas bienintencionadas campañas de sensibilización es porque la sociedad está confusa y dividida, y en este caso, dividida más allá de las habituales líneas ideológicas: dividido está el movimiento feminista y dividido está también el Gobierno llamado a tomar las decisiones, pues socialista era la consejera de Justicia de Cataluña que lanzó la iniciativa de regulación, y socialistas son las voces que con más encono la han combatido.

Tal división social sérvelle a *El País* para xustificar, de modo implícito, a permanencia nas súas páxinas de anuncios de sexo de pago, partindo dun razoamento —"Se a prostitución non é ilegal, por que han de selo os anuncios de sexo de pago?" — que estará moi presente no argumentario dos editores españois, en anos posteriores, fronte ás tentativas do goberno estatal de fomentar a autorregulación e, despois, prohibir, os anuncios de sexo de pago nos xornais.

Pero las contradicciones siguen ahí: por ejemplo, si la prostitución no se considera una actividad digna de ser regulada, ¿debería prohibirse como actividad ilícita? ¿Y debería afectar la prohibición a la publicidad de contactos sexuales, o no? Los medios de comunicación estamos en el centro de un debate que también pone a prueba nuestra capacidad para gestionar las contradicciones del complejo mundo en que vivimos.

A pluralidade de posicionamentos está tamén presente na cobertura que se fai das conclusións da Comisión Mixta, tal e como se pode ver na información titulada "Socialistas, populares y CiU acuerdan que no se regule la prostitución como trabajo", no que se contrastan os argumentos dos grupos que apoiaron a decisión de non regular na Comisión (PP, PSOE e CiU) cos daqueles que si estaban a favor (IU-ICV e Esquerra Republicana), con colectivos de defensa das prostitutas a prol da legalización (Hetaira) e co de voces particulares de prostitutas que amosan a súa oposición ao ditaminado pola Comisión.

Os principais piares do debate (a liberdade sexual defendida polas voces pro-legalización fronte á escravitude, a trata e, en definitiva, a prostitución forzada, que as voces pro-abolición consideran maioritaria) aparecen expostos na reportaxe "Libertad o esclavitud", do 2 de marzo. Nela fanse visibles os diferentes posicionamentos presentes na xornada "Prostitución: un negocio sin regulación", desenvolvida en Bilbao e con presenza de voces expertas. Así, o catedrático de Dereito Penal, Josep María Tamarit, defende o "recoñecemento legal da validez da relación sexual comercial", insiste en diferenciar entre prostitución libre e non libre e anima a avaliar os modelos de regulación seguidos por Alemaña e Holanda. Na cara oposta da moeda sitúase Eva Engan, representante da Cooperación Báltica contra o Tráfico Sexual, que defende o argumento de que a prostitución é unha forma de violencia contra as mulleres.

A través das diferentes voces que *El País* recolle nos seus contidos informativos e opinativos podemos visualizar os principais argumentos pro-abolición e pro-legalización, que paso a detallar de seguido.

A prol de non regular, con argumentos de corte abolicionista, sitúanse, como xa dixemos, PP, PSOE e CiU, representantes políticas de países abolicionistas, como a sueca Agneta Borg, así como voces expertas recollidas nos xéneros de opinión, como a da filósofa feminista Amelia Valcárcel, ou a da columnista Rosa Solbes. Para fundamentar a postura abolicionista, explícanse, nos contidos do xornal, os seguintes argumentos:

1. A prostitución está ligada á trata de mulleres con fins de explotación sexual.
3. A prostitución asenta na desigualdade de xénero e é violencia contra as mulleres.
4. A prostitución non é unha actividade digna.
5. A prostitución non é unha actividade voluntaria.

Vexamos máis polo miúdo como cada un deles se desenvolve.

1. A prostitución está ligada á trata de mulleres con fins de explotación sexual. Considérase que ambas realidades están relacionadas de modo estreito e que unha non existiría sen a outra. Expóñense datos, aínda que non se indica nunca a orixe institucional, científica ou académica dos mesmos, que indican que máis do 85 ou o 90% das mulleres que exercen a prostitución (os datos varían dependendo da información) son tratadas ou traficadas (tampouco se aclara cal é a diferenza entre o que se considera trata e o que se considera tráfico, diferenza que sería importante explicitar canto o tráfico pode ser co consentemento da propia muller que busca nas redes unha forma de entrar en España irregularmente).

PSOE, Partido Popular y Convergencia i Unió votaron a favor de un informe que sostiene que la prostitución está íntimamente ligada al tráfico de mujeres y a la explotación sexual, y que no cumple los requisitos de dignidad básicos para ser considerada un trabajo. No proponen prohibirla ni penalizar a los clientes, sino fomentar medidas que hagan disminuir el ejercicio de la actividad. ("Socialistas, populares y CiU acuerdan que no se regule la prostitución como trabajo", 14 de marzo)

Lourdes Muñoz, portavoz socialista en la ponencia, explica que el informe da prioridad a la lucha contra el tráfico de mujeres, "que es la situación del 90% de las que se dedican a esta actividad en España", a las campañas de educación y de sensibilización contra la prostitución y a las medidas de atención y apoyo a las víctimas. ("Socialistas, populares y CiU acuerdan que no se regule la prostitución como trabajo", 14 de marzo)

"El tráfico y la prostitución van ligados. Si no hubiera demanda, no habría ni uno ni otro" (...) "La prostitución no es una cuestión de moral, sino de igualdad, de derechos humanos", zanja." ("Suecia castiga a más de 200 clientes de prostitución", 25 de febreiro)

"La prostitución se ha convertido en un lucrativo negocio que está bajo el control de mafias criminales de ámbito transnacional que trafican con mujeres de la misma forma que lo hacen con armas o drogas. La relación entre tráfico y prostitución es muy estrecha", dice el informe aprobado ayer por el PSOE, PP, CiU, PNV y Entesa Catalana de Progrés, y rechazado por ERC, IU-ICV y Grupo Mixto. ("El Parlamento rechaza regular la prostitución al ligarla al tráfico de personas", 18 de abril)

También la prostitución es el modo de vida de las mafias que trafican con mujeres. Es un hecho que prostitución, trata y tráfico de mujeres están íntimamente relacionados. Los datos son persistentes y dan cuenta de cuál es el mapa de origen y social de esas mujeres: en España más del 90% de las mujeres dedicadas a la prostitución son inmigrantes en situación irregular; más de medio millón de mujeres y niñas son víctimas de este fenómeno. Este único dato, el volumen de tráfico de seres humanos, sirve para desbaratar cualquier pretensión de "honorabilidad" para traficantes y "empresarios del sexo". Hoy sabemos que sin tráfico de mujeres la prostitución en España no sería un negocio. ("¿La prostitución es un modo de vida deseable", de Amelia Valcárcel, 21 de maio).

2. A prostitución asenta na desigualdade entre mulleres e é, ademais, considerada, violencia contra as mulleres, tanto física (polas propias agresións e malos tratos que as prostitutas son susceptibles de sufrir no seu exercicio) como a nivel estrutural (polas desigualdades nas que asenta).

A prostitución é considerada unha mostra máis da desigualdade entre mulleres e homes, con diversas manifestacións: dende a obxectualización que supón das mulleres até a feminización da pobreza, que se considera unha das principais causas que conduce á prostitución á maioría de mulleres que chegan a España para exercer a prostitución.

A prostitución é identificada como unha práctica de sometemento polo que se considera que, regulala, sería lexitimar a violencia contra as mulleres. A identificación de prostitución con violencia de xénero está presente tanto no discurso das institucións (dende representantes políticos suecos, até o conselleiro de Interior da Generalitat ou deputadas do Parlamento español e membros da Comisión Mixta), como de entidades abolicionistas do tecido cívico (tal é o caso de Médicos del Mundo) como no propio público lector, tal e como podemos ver na carta ao director asinada por Ana Ovejero, na que se critica que, sendo a prostitución unha vulneración dos dereitos humanos e unha manifestación da violencia de xénero, o seu consumo estea normalizado na sociedade e a súa publicitación, nos medios.

Uno de los debates más intensos fue el protagonizado por Juana María Santana, de Médicos del Mundo, que rechazó sin paliativos la regularización de la prostitución porque entiende que es una legalización de una práctica de sometimiento de la mujer que encierra además riesgos para la salud y dista del concepto de trabajo digno ("Mujeres en defensa propia", 2 de decembro).

"La prostitución no es una cuestión de moral, sino de igualdad, de derechos humanos", zanja. ("Suecia castiga a más de 200 clientes de prostitución", 25 de febreiro)

Convenimos que no hay prostitución elegida, que nada más se trata de una estrategia de supervivencia. Legitimarla sólo "ayuda" a las víctimas a seguir sometidas a una de las peores y más humillantes formas de violencia masculina. El burdel no protege: explota y esclaviza (ved lo que se destapa en las "redadas"). La prostituida trabaja sufriendo, sintiéndose forzada, llena de remordimientos, con mala imagen de sí misma. ("Incitadores, explotadores y cómplices", artigo de Rosa Solbes, do 21 de setembro)

"Regular la prostitución es legitimar la violencia contra las mujeres". Ésa era la frase contundente que presidía la entrada a la sala de actos. ("¿Por qué no se quedan con nosotras?", 29 de setembro)

También el centro se está transformando. Conscientes de que se enfrentan a nuevos perfiles de mujeres prostituidas (entre el 87% y el 90% son extranjeras, según distintos informes), la prevención y la sensibilización, dirigidas con frecuencia a los clientes potenciales o no, se está convirtiendo en una labor importante para transmitir sus principios: "La prostitución es una forma de violencia de género". ("Sevilla cuenta con el único centro municipal para atender prostitutas", 25 de maio)

Saura dijo que no permanecerá "impasible" ante esta lacra y anunció que la atención se extenderá "a todas las mujeres que sufren violencia machista". Eso incluye, entre otros supuestos, las agresiones sexuales, la prostitución forzosa, la ablación de clítoris y los casos de acoso laboral. Además, el consejero avanzó que la policía preparará protocolos para mejorar el trato a mujeres inmigrantes, discapacitadas o menores de edad. "La policía ha detenido a casi 5.000 supuestos maltratadores en 2007", 22 de novembro)

El pasado 25 de noviembre celebramos el día internacional contra la violencia machista, y el 10 de diciembre, el de los derechos humanos. Con motivo de esas dos fechas, quisiera hacer una reflexión en torno a la prostitución. Cada cierto tiempo, los

medios de comunicación nos informan de que se ha desarticulado una red de trata de blancas. Vemos a un montón de chicas asustadas, vejadas y humilladas, que han sido engañadas y obligadas a prostituirse. El 85% de las prostitutas que ejercen su "profesión" en España lo hacen forzadas por las mafias. Más de medio millón de mujeres y niñas son víctimas de este fenómeno. ("Violencia machista y prostitución", 16 de decembro)

3. A prostitución non é traballo, senón unha actividade, considerada "indigna". A definición de prostitución como actividade, e non como traballo, está explícita no discurso das deputadas Mercè Pigem, de CiU, e Lourdes Muñoz (PSC): "La prostitución no es un trabajo, es una actividad, coincidieron también Pigem y Muñoz, antes de afirmar que la consideran una manifestación del tráfico y explotación de personas." ("¿Por qué no se quedan con nosotras?", 29 de setembro). A filósofa feminista Amelia Valcárcel desenvolve de modo amplo, no apartado de Tribuna do xornal, a argumentación que a leva a concluir que a prostitución non é traballo, que ten como pilar a consideración da prostitución como un modo de vida non desexable. Mesmo que sexa consentida, nega que poida ser considerada como tal, por dous factores fundamentais: por atentar contra a igualdade entre mulleres e homes (incide Valcárcel na relación entre prostitución e feminización da pobreza) e por ir contra os dereitos laborais.

La esclavitud fue abolida y cuando esto sucedió muchos esclavos lloraron. No siempre consentir o incluso querer legitima lo que se hace ni a quién lo hace. El consentimiento no convierte en trabajos a una gran variedad de actividades. La prostitución no es ningún buen modelo de relación laboral, ni de relación entre hombres y mujeres. ("La prostitución es un modo de vida deseable?", 21 de maio).

Así mesmo, forma parte do argumentario habitual abolicionista que se explicita nos contidos do xornal a súa identificación con actividade non digna. É este, de feito, un dos argumentos empregados pola Comisión Mixta de Igualdade:

PSOE, Partido Popular y Convergencia i Unió votaron a favor de un informe que sostiene que la prostitución está íntimamente ligada al tráfico de mujeres y a la explotación sexual, y que no cumple los requisitos de dignidad básicos para ser considerada un trabajo. ("Socialistas, populares y CiU acuerdan que no se regule la prostitución como trabajo", 14 de marzo).

4. Non existe prostitución voluntaria: Négase, ou non se ten en consideración, a existencia de prostitución voluntaria, pois pártese da idea de que a prostitución ou é forzada de maneira directa (mediante a violencia e o engano) ou de maneira indirecta (circunstancias vitais, económicas e contextuais que abocan ao seu exercicio a modo de estratexia de supervivencia). Nesta liña, para a articulista Rosa Solbes a prostitución só é unha estratexia de supervivencia.

Convenimos que no hay prostitución elegida, que nada más se trata de una estrategia de supervivencia. ("Incitadores, explotadores y cómplices", artigo de Rosa Solbes, do 21 de setembro).

Considérase que só a desesperación pode levar á prostitución, a alugar o corpo, tal e como se fai nun dos argumentos empregados nesta carta ao director asinada por Juan Martínez Otero (19 de abril):

Supone parar los pies a todos aquellos que se están haciendo de oro con la desesperación de otras personas (sólo la desesperación puede llevar a alquilar tu cuerpo y tu intimidad). Muchas mujeres, gracias a esta decisión, se librarán de este "trabajo", indigno de todo ser humano.

A prol da legalización, *El País* recolle, nos contidos informativos, os argumentos de prostitutas tanto a nivel particular como organizado (Hetaira no caso de España e sindicatos como El Hilo Rojo, no caso de Holanda). Nos xéneros de opinión, os argumentos pro-legalización están en boca de columnistas como Maruja Torres ou Benjamín Prado, ou nas cartas ao director, nas misivas asinadas por Daniel Borrillo e Sara Lafuente. Os argumentos pro-legalización que visibiliza *El País* nas súas páxinas son:

1. Non toda prostitución é forzada. Existe a prostitución voluntaria e, polo tanto, ha de ter carta de legalidade.
2. A prostitución é traballo e, polo tanto, han de estar regulados os seus dereitos laborais.
4. A prostitución é un traballo digno. Refútanse, xa que logo, os argumentos que rexeitan a prostitución por considerala indigna.
5. A prostitución é, ademais, un traballo que pode reportar máis beneficios económicos ca outros traballos, como o servizo doméstico, aos que se ven abocadas as mulleres e, en especial, as mulleres inmigrantes en situación irregular.
6. As persoas que se prostitúen son suxeitos con capacidade de decisión e axencia e, polo tanto, o Estado non ha de decidir sobre elas.
7. O exercicio voluntario da prostitución é unha manifestación máis da liberdade sexual e de decisión sobre o propio corpo.
8. A mellor forma de loitar contra a trata é legalizar a prostitución voluntaria.
9. O discurso abolicionista é moralista é incoherente.

Desenvólvoos máis polo miúdo:

1. Non toda prostitución é forzada. Dende o discurso pro-legalización refútase o argumento abolicionista que liga prostitución e trata e pon en cuestión así mesmo os datos que se empregan para asegurar que a maioría da prostitución é forzada. Rexeitando esta afirmación, atácase ao argumento abolicionista que considera esta relación unha das principais razóns polas que ha de abolirse toda regulación.

"¿Dónde están las 250.000 mujeres que se dice que hay en España secuestradas para ejercer? ¿En un *zulo* o en locales? Pues que actúe la policía si es así", sugirió la transexual. (declaracións da prostituta Beatriz Espejo, na información "¿Por qué no se quedan con nosotras", refutando os argumentos abolicionistas das deputadas Lourdes Muñoz e Mercè Pigem".

Insístese nesta división entre prostitución voluntaria e prostitución forzada nos artigos de opinión con discurso pro-legalización. Así, Maruja Torres, que de modo implícito considera ao feminismo abolicionista de "extra radical atravesado" e integrista, clarifica en primeiro lugar a súa posición contra a prostitución forzada, tanto por mafias como por outros condicionantes socio-económicos, para despois facer unha defensa da prostitución voluntaria:

Ahora viene el momento de aclarar bien alto, bien sonoro y con fragor de timbales, cual soflama patriótica, que tanto mi conocido como yo estamos en contra de: la prostitución como red de delincuencia organizada y controlada por las mafias con la colaboración de funcionarios corruptos; la prostitución como única salida a la pobreza, que sume a las mujeres en la esclavitud y en el averno de las drogas; la figura del chulo o proxeneta –ese tipo que, si celebrara elecciones, tanto se parecería a algún político portavoz–; la prostitución como única vía de la práctica sexual compartida puesta al alcance de los hombres por culpa del puritanismo imperante en las sociedades más retrógradas... Y, sobre todo, estamos en contra de la hipocresía de las autoridades, que pasan de considerar como trabajadoras reguladas, con derechos y deberes, a las profesionales del sexo, y además no persiguen con mayor saña a quienes las utilizan. (...).

Dicho lo cual, insisto: a mi conocido y a mí nos chifla “Irma la Dulce”, que es una de las películas más sanas y tiernas que se han creado nunca sobre el asunto. Aparte de que creemos a pies juntillas en el eslogan feminista “Mi cuerpo es mío”. Y ello incluye que lo puedas dedicar a los negocios, precisamente si te lo pide el cuerpo. (“De putas”, 2 de decembro).

Dende o discurso pro-legalización, ha de diferenciarse entre prostitución forzada e prostitución voluntaria. A primeira ha de ser perseguida. A segunda, legalizada. Considérase que a legalización é, ademais, a mellor fórmula para loitar contra as mafias de explotación sexual, tal e como defende o colectivo Hetaira:

"La lucha eficaz contra la trata de mujeres con fines del comercio sexual sólo es posible si se diferencia claramente la prostitución voluntaria, que debe ser reconocida legalmente, de la prostitución forzada que debe ser perseguida", señalan. Cuatro prostitutas del colectivo, que aseguraron ejercer voluntariamente esta actividad, reclamaron su derecho a ser escuchadas." ("Socialistas, populares y CiU acuerdan que no se regule la prostitución como trabajo", 14 de marzo).

2. A prostitución é un traballo e, polo tanto, ha de contar con dereitos laborais. Que non se faga así, destácase, sitúa ás persoas que exercen a prostitución nunha situación de vulnerabilidade. Deféndese que non é coherente non considerar á prostitución digna de ser traballo por identificala con explotación, cando a explotación laboral está presente en outros moitos traballos, mesmo peor remunerados.

"Me parece muy bien que luchen contra el tráfico de mujeres, que lo combatan, pero que nos dejen a las demás vivir en libertad, hacer lo que queremos y que no nos nieguen derechos, ni nos manden a guetos que nos hacen vulnerables. Sólo pedimos que se respeten nuestros derechos fundamentales." (declaracións de Carolina Hernández, traballadora do sexo, protestando contra a decisión da Comisión Mixta de Igualdade, na información "Socialistas, populares y CiU acuerdan que no se regule la prostitución como trabajo", 14 de marzo).

3. A prostitución é traballo digno. Un dos principais argumentos do abolicionismo para negarse á legalización da prostitución é a súa consideración como traballo non digno. Nos testemuños recollidos polo xornal, as prostitutas que manifestan un discurso pro-legalización adoitan insistir na dignidade do seu traballo. "No hay nada indigno en lo que hago. El trabajo no me dignifica, yo dignifico mi trabajo", di Margarita Carreras, prostituta, na información na que se dan a coñecer as conclusións da Comisión Mixta Congreso-Senado dos Dereitos da Muller. O articulista Benjamín Prado, considera que

non recoñecer a prostitución traballo, por non consideralo digno, é tratar ás prostitutas como delincuentes, cando en realidade son vítimas.

La explicación que daban las políticas era que al estar ligada la prostitución al tráfico de mujeres y otros delitos, no tenía las garantías de dignidad necesarias para poder darle la categoría de oficio, tal vez pensando que eso sería como considerar un profesional a un tahúr, un timador o un atracador. La verdad es que no entendió nada, porque no le parecía que las personas que en ese momento veía venderse, medio desnudas, en las cunetas del parque fueran delincuentes, sino víctimas. ¿Se ayuda a las víctimas de lo que sea, y éstas lo son sin duda porque, en la mayoría de los casos, las mafias que controlan ese horror las engañan, raptan, violan, golpean y esclavizan, por el método de dejarlas al margen de la ley? ("La ley de la calle está fuera de la ley", 15 de marzo).

4. O exercicio da prostitución está ligado á liberdade sobre o propio corpo. O Estado, dise nesta carta ao director enviada por Daniel Borrillo, debe garantir o exercicio das liberdades individuais, entre as que se encontra a liberdade de dispor libremente do propio corpo.

Combatir la explotación sexual es una obligación del Estado democrático. Al mismo tiempo, el Estado debe ser garante del ejercicio de las libertades individuales entre las cuales encontramos la libertad de disponer libremente del propio cuerpo. La lucha feminista por el derecho a la contracepción y al aborto han constituido un ejemplo de la afirmación de la libre disposición de sí mismo. Las condiciones deplorables en las que se ejerce la prostitución en España no debe confundir el objetivo de las políticas públicas en la materia. A nadie se le ocurriría prohibir los oficios de costurera, camarero o jornalero debido a las condiciones de explotación económica en los que se desarrollan. Que se hayan utilizado históricamente esclavos en la agricultura no ha convertido a la misma en una actividad intrínsecamente ilícita. Del mismo modo que la mayoría de las prostitutas sean explotadas por mafias no convierte a la libre disposición del cuerpo en algo inmoral o ilícito. ("El derecho a prostituirse", 21 de abril)

No mesmo senso se manifesta Maruja Torres no artigo titulado "De putas" (2 de decembro)

Aparte de que creemos a pies juntillas en el eslogan feminista "Mi cuerpo es mío". Y ello incluye que lo puedas dedicar a los negocios, precisamente si te lo pide el cuerpo.

O dereito á libre disposición do corpo tamén está presente no argumentario das prostitutas consultadas como elemento de contraste ao discurso político pro-abolicionista nos contidos informativos.

Margarita Carreras es prostituta desde los 18 años. "Porque me da la gana, porque este es un país libre, porque me sale muy rentable, porque lo prefiero a limpiar y porque trabajo como quiero y cuando quiero", explica airada. ("Socialistas, populares y CiU acuerdan que no se regule la prostitución como trabajo", 14 de marzo).

5. As prostitutas teñen capacidade de decisión e axencia. Indícase que o estado debe escoitalas e non decidir por elas, de modo paternalista.

Esta barcelonesa no entiende las conclusiones de la ponencia Congreso-Senado: "Muchas personas toman decisiones sobre nuestras vidas sin tenernos en cuenta, como estas diputadas y senadoras. ¿Con cuántas prostitutas han hablado? Con ninguna. El

Congreso nos trata como si fuéramos ineptas, como personas sin voz ni voto. Eso sí que es desprecio. Desde sus pedestales los políticos deciden la vida que quieren para nosotras. Ellos sí que no respetan mi libertad" ("Socialistas, populares y CiU acuerdan que no se regule la prostitución como trabajo", 14 de marzo).

6. A mellor forma de loitar contra a trata é legalizar a prostitución voluntaria. Este é un dos principais argumentos empregado polo colectivo Hetaira para rexeitar as conclusións da Comisión Mixta Congreso Senado de Igualdade, dado que están fundamentadas na relación entre trata e prostitución.

"La lucha eficaz contra la trata de mujeres con fines del comercio sexual sólo es posible si se diferencia claramente la prostitución voluntaria, que debe ser reconocida legalmente, de la prostitución forzada que debe ser perseguida", señalan." ("Socialistas, populares y CiU acuerdan que no se regule la prostitución como trabajo", 14 de marzo).

7. O discurso abolicionista é moralista é incoherente. O discurso abolicionista é descalificado por consideralo moralista, coincidente con posicións conservadoras e incoherente, polo tanto, cun discurso progresista.

Georgina Oliva de ERC, Carme García de IU-ICV y Juan Ramón Urrutia del Grupo Mixto, que votaron en contra del texto, criticaron que la Comisión haya "perdido la oportunidad" de regular la situación de aquellas mujeres que se prostituyen de forma "voluntaria", a causa de un "moralismo de derechas" o "por un feminismo mal entendido". ("El Parlamento rechaza regular la prostitución al ligarla al tráfico de personas", 18 de abril).

8. O discurso abolicionista é tamén considerado incoherente en canto que considera a prostitución unha actividade indigna, ligada ás mafias e exercida por mulleres forzadas, mais non é consecuente na práctica con esa liña argumentativa canto que, se así fora, o lóxico sería prohibir a prostitución.

"Ha sido una oportunidad perdida, estamos absolutamente decepcionados", señaló ayer Carme García, portavoz de IU-ICV, "No han querido hablar de prostitución libre, que existe, sino que defienden que todo es tráfico de mujeres. Sin embargo, no son coherentes con esta idea. Todo son medias tintas. Si todas las mujeres que se prostituyen son víctimas y están explotadas sexualmente, ¿Cómo no se penaliza a los clientes? ¿Por qué no se prohíbe? Por otro lado, el informe no contempla prestaciones y subsidios concretos y dignos que ayuden a las mujeres que lo deseen a dejar la prostitución", añade. ("Socialistas, populares y CiU acuerdan que no se regule la prostitución como trabajo", 14 de marzo).

Neste ano, ao igual que acontecía en ABC, teñen gran peso nos contidos sobre prostitución aqueles referidos a políticas regulacionistas. Varios dos principais concellos españois, entre eles Madrid e Barcelona, adoptan medidas para intentar frear a prostitución na rúa e o xornal farase eco. Trasladará ás súas páxinas a axenda política, aínda que non limitará o seu discurso ao institucional, en canto que o contrasta coas voces da veciñanza, de expertos, das prostitutas (tanto a nivel colectivo como individual) e de entidades que desempeñan con elas unha función asistencialista, como APRAMP.

El País ten en común con ABC o discurso do conflito. En ambos os dous casos, a información sobre prostitución de rúa e a súa regulación se presenta como unha loita entre veciñanza, prostitutas e institucións. De feito, *El País* emprega a etiqueta "lucha

contra la prostitución" en varias das súas informacións. En ambos os dous casos, tanto en *El País* como en el *ABC*, se parte do conflito e non da negociación. Para haber negociación todas as voces terían que estar situadas ao mesmo nivel, e non o están. O institucional é un discurso organizado, o discurso ademais que leva a iniciativa, que fai posible a inclusión dese tema nas páxinas dos xornais. O veciñal tamén é un discurso organizado, a través das asociacións e colectivos veciñais, e, en ocasións, tamén consegue levar a iniciativa, como no caso da proposta de Nuevos Vecinos de Montera consistente en gravar a prostitutas e clientes na rúa con webcams. Mais o discurso das persoas que exercen a prostitución non é un discurso organizado. A voz das prostitutas é recollida a nivel particular, como voces testemuñais recollidas en reportaxes a pé de rúa con marcado carácter de ambiente. A única fonte organizada coa que contan é o colectivo Hetaira que si aparece en varias ocasións, tanto en *El País* como en el *ABC*, que acoden á asociación como representación da voz das prostitutas.

Alén o discurso do conflito, os enmarcados de *ABC* e *El País* difiren de modo notable. En *ABC*, a prostitución de rúa aparece identificada como unha lacra e, nese conflito aberto entre veciñanza e as persoas que exercen a prostitución, sitúase de modo inequívoco coa primeira. En *El País*, non hai un posicionamento explícito cun ou con outro bando do conflito aberto ao redor da prostitución de rúa. Nunca se bota man da identificación con lacra, e si está presente outro enmarcado inexistente en *ABC*: a identificación das medidas regulatorias contra a prostitución de rúa como unha "cruzada". A idea de cruzada remite ao "moral", á loita contra a prostitución por motivos morais de fondo, e emprégase, nestas dúas informacións, en referencia ás medidas regulatorias tanto en Barcelona como en Madrid que parten de gobernos de dereitas: "Cruzada contra la prostitución callejera. La Casa de Campo se cierra hoy al tráfico y 31 cámaras vigilarán el entorno de la Gran Vía"(6 de xullo) e "400 prostitutas, en huelga de multas" (4 de febreiro), que se inicia do seguinte modo: "La cruzada sexual emprendida por la Guardia Urbana de Barcelona amenaza con desbordarse".

El País desvela así mesmo a dobre intencionalidade das medidas adoptadas polo goberno local madrileño, que non son explicitamente regulatorias da prostitución de rúa mais que, de modo indirecto e buscado, por parte das institucións, cumpren con esa función. En Madrid non se multa, como si se fai en Barcelona, ao cliente ou á prostituta, nin tampouco se regulan mediante normativa os espazos para a prostitución. Óptase por un discurso en aparencia abolicionista (protexer á persoa que exerce a prostitución por considerala vítima) mais, no fondo, con tintes regulacionistas. Son razóns ambientais as que se empregan para xustificar o peche ao tráfico da Casa de Campo, e de seguridade, as que se utilizan para a instalación de videocámaras en Montera, mais por tras das dúas medidas está a loita contra a prostitución de rúa. *El País* faino explícito.

La prostitución, una actividad que no está tipificada en el Código Penal, no justificaría la instalación de los aparatos. Además, de ser ése el motivo, podría contravenir con el derecho a la intimidad de los ciudadanos. Pero el argumento, explicó el alcalde, lo sostiene el aumento ingente de delitos en esa zona. Según las estadísticas municipales, la ratio de denuncias por habitantes en la zona de la Montera fue entre los meses de enero y mayo de este año de 593 por cada 1.000 habitantes y en la plaza Soledad Torres Acosta, de 704. 15 veces más que en el resto de la ciudad.

Sin embargo, una vez aceptado el proyecto, el Consistorio tiene la esperanza de que las cámaras sirvan para disuadir a los clientes que acuden en busca de prostitutas. ("Cruzada contra la prostitución callejera", 6 de xullo).

Pero la medida, que venía prometiendo el PP desde 2003 y que agrada a muchos por sus tintes medioambientales, forma parte también de una "cruzada" del Ayuntamiento contra la prostitución callejera. No contra las prostitutas, dicen sus

responsables, sino a favor de que no se produzca la explotación de la que son víctimas, según el Consistorio, la mayoría de mujeres que ejercen este trabajo en la capital. ("Cruzada contra la prostitución callejera", 6 de xullo).

El País mesmo busca fontes que desvelan o discurso oculto do goberno local:

Según el alcalde, los cortes no están relacionados con su interés en eliminar la prostitución. Sus policías lo desmienten. Tanto de palabra, aunque recuerdan que "las putas son legales", como de obra: no dejan escapar ningún vehículo sin hacer pasar a su conductor por un rato embarazoso. ("Liquidación por cierre de negocio", 21 de xullo).

Observamos, porén, contradiccions en *El País* con respecto ás medidas de carácter regulatorio. Mentres en varias informacions fai un enmarcado de carácter crítico daquelas que se adoptan en Madrid, gobernado polo PP, e en Barcelona, gobernado por CiU, porén cambia de discurso cando é o PSOE o que defende medidas de control, como acontece en Benidorm:

La prostitución se ejerce en los parques del entorno de las calles de turismo inglés, conocida popularmente como *zona guiri*. Fuentes de la concejalía de Seguridad Ciudadana explicaron que conocen el problema, al que prefieren no dar publicidad, y están intentando encontrar una solución. Sin embargo, el PSPV fue el blanco de todas las críticas del PP cuando en la campaña electoral y, con el fin de modificar esta situación, pactó con los empresarios de la zona la creación de un retén de policía. ("Chicas a la caza del "guiri" en Benidorm, 27 de agosto).

El País recolle o discurso de institucións, veciñanza e persoas que exercen a prostitución de rúa. O discurso das institucións liga prostitución con delincuencia e con incivismo e mala imaxe para o espazo urbano. Ese discurso é de carácter regulamentista no caso do goberno local barcelonés, e abolicionista, canto que une a loita contra a prostitución de rúa coa loita contra a explotación sexual, mais tamén regulamentista na práctica, no caso do goberno local madrileño.

El País amósase crítico tanto coas medidas adoptadas polo goberno local barcelonés como co madrileño, e faino non só enmarcando as súas accións con etiquetas como "cruzada moral", e mesmo xogando coas palabras (do goberno local madrileño di que se fai o suco, en alusión ao modelo abolicionista do país nórdico), senón tamén dándolle entrada a voces críticas, tanto de persoas que exercen a prostitución, como de colectivos (Hetaira ou Apramp), como da veciñanza, fontes expertas e articulistas.

Nuevo varapalo al equipo de gobierno municipal. El Tribunal Superior de Justicia de Madrid ha dado la razón al grupo socialista y mantiene en una reciente sentencia que los cortes nocturnos en la Colonia Marconi (Villaverde) impuestos por el Ayuntamiento son "nulos". ("Los jueces reiteran la nulidad del cierre al tráfico en Marconi", 1 de outubro).

Vecinos, asociaciones de meretrices y comerciantes de Montera califican de fracaso el Plan contra la Explotación Sexual del Ayuntamiento. 110 mujeres trabajan a diario en esa calle ("Más prostitutas que hace tres años", 26 de abril).

"Un espacio para mi trabajo, ¡carajo!", decía la pancarta que agitaba ayer Selena. Esta prostituta ecuatoriana y una treintena de sus compañeras reunidas por el colectivo Hetaira se juntaron ayer ante la sede del Ayuntamiento para pedir que cambie la política municipal hacia ellas. Las mujeres y transexuales, en su mayoría inmigrantes suramericanas, gritaron sus consignas, pitaron y le dieron a la cacerola. ("Cacerolada para ejercer la prostitución", 4 de xullo)

Cristina Garaizábal, la presidenta del colectivo, calificó la política de "acoso" de "puritana y moralista" y criticó a Concepción Dancausa, nueva concejal de Servicios Sociales. Ésta aseguró ayer por la mañana que seguirá la política de su antecesora, Ana Botella, en la lucha contra la prostitución y ofrecerá una alternativa a las mujeres que quieran salir de ella. ("Cacerolada para ejercer la prostitución", 4 de xullo).

No se sabe cuándo ni cómo. Pero la Casa de Campo se cerrará al tráfico seguro. Lo anunció el miércoles el concejal de Seguridad, Pedro Calvo, mientras un grupo de prostitutas se manifestaba en la puerta del Ayuntamiento para pedir justo lo contrario. O eso, o un sitio tranquilo donde poder trabajar, porque desde que en 2003 comenzaron los cortes de diferentes vías, han tenido que desplazarse a la calle de Montera o a la Colonia Marconi. Pero parece que el consistorio no está por la labor. ("La Casa de Campo quiere ser Central Park", 5 de xullo).

As críticas das prostitutas refírense ao acoso policial na rúa e á reivindicación dun espazo propio para poder exercer. Non adoitan ser recollidas na información como un discurso elaborado, senón a modo de crónica de ambiente, onde, quen realiza a información, se traslada aos espazos da prostitución para confirmar os efectos das políticas municipais. É un discurso case cinematográfico, elaborado dende o punto de vista do observador externo que observa con curiosidade a escena e se adentra momentaneamente nela.

Hace tres años eran 1.000, ahora un jueves de madrugada ya sólo quedan cuatro prostitutas en la Casa de Campo.

"Los polis son malos. No dejan trabajar. Nos molestan todo el rato", dice torciendo un poco la boca Lorena. Lleva tres meses en España. Tiene 18 años y un tanga de color azul. Lo que no tiene, según ella, es "amigo". Vive en un "hotel" y apuesta por aguantar "un poco" a ver si cede la presión policial. ¿Y si no cede? "Me voy a ir a un club de alterne, entonces, a ganar dinero y que me dejen en paz". Entre sus planes no está "ni limpiar, ni poner copas". No le parece buena idea. Tampoco contactar con ninguna asociación. "No me interesa lo que me van a decir". ("Liquidación por cierre de negocio", 21 de xullo).

O colectivo Hetaira é quen un ofrece un discurso máis elaborado sobre as reivindicacións das prostitutas que exercen na rúa. Este ano, o colectivo consolídase como fonte habitual á hora de contrastar a información e buscar reaccións ás medidas institucionais tanto en *El País* como en ABC. En Hetaira mesmo chegan a utilizar como estratexia a organización de actos que atraían a atención mediática, como a "cacerolada" que congrega a prostitutas diante do concello en reivindicación dun espazo para poder exercer. Hetaira acusa de moralistas as políticas do goberno local madrileño e reivindica espazos e dereitos para as prostitutas poderen traballar. Defenden dende Hetaira a prostitución de rúa, por considerala aquela na que as persoas que a exercen son máis autónomas, e denuncian a hipocresía das políticas institucionais que se xustifican na loita contra a explotación sexual mais que non perseguen outro tipo de prostitución, menos molesta para a cidadanía, como aquela que se exerce en clubs e pisos. O colectivo denuncia, así mesmo, o fracaso do plan contra a explotación sexual iniciativa de Ana Botella e considérao causa da creación de pequenas mafias constituídas por protectores aos que as prostitutas acoden para resgardarse do acoso policial.

El País, ao igual que fai ABC, emprega tamén, como fonte, outro colectivo, Apramp, que lle permite contar co posicionamento dun colectivo abolicionista. Apramp (aínda que ideoloxicamente, nas antipodas de Hetaira) adoita coincidir con este colectivo nas críticas ás políticas institucionais que se están a levar a cabo nas rúas

madrileñas e na denuncia do fracaso do plan de explotación sexual. A aposta do colectivo é por políticas sociais fortes que supoñan unha alternativa real á prostitución.

El País coincide con ABC no protagonismo que lle outorga este ano ao discurso da punición social, aquel que, dende o tecido cívico, pretende levar a cabo accións que avergoncen ao consumidor de prostitución e o disuadan da compra de sexo de pago. O discurso da punición social é o que está presente na asociación Nuevos Vecinos de Montera, que decide instalar cámaras webs nos balcóns para gravar a prostitutas e compradores de sexo. A iniciativa deste colectivo, cuxos membros, segundo reconece nas súas páxinas *El País*, se definen como "jóvenes de izquierda", merece gran atención por parte deste xornal. A cabeceira recolle os seus argumentos: a degradación do barrio, a crítica á pasividade institucional ou a insuficiencia das medidas adoptadas polo concello (instalación de videocámaras) mentres non se adoptan outras como o peche dos prostíbulo que aínda funcionan na zona. O colectivo amosa un dobre discurso: liga a prostitución de rúa coa loita contra a explotación sexual mais, en realidade, no que máis incide, é na degradación do barrio e nas molestias á veciñanza. Así, ante a multa que lles impón a Axencia de Protección de Datos pola difusión destas imaxes en internet, afirman que:

subieron las grabaciones porque estaban "hartos de la situación de degradación y de explotación en su calle". Opinan que la multa sólo servirá para "favorecer la explotación sexual" de las mujeres que ejercen la prostitución y consideran que "la sanción administrativa" es recurrible, opción que están estudiando. ("Protección de Datos impone su primera multa por grabar y subir vídeos a Youtube", 22 de xullo).

Porén, *El País* tamén se amosa crítico coa iniciativa ao por de manifesto a súa posible ilegalidade. Faino tanto nos seus contidos informativos como nos de opinión.

El *Gran Hermano* que tienen pensado organizar algunos vecinos de Montera en las aceras de su calle no parece que vaya a contar con los permisos necesarios. La Agencia Española de Protección de Datos se pronunció ayer sobre el asunto. Y dijo que es ilegal. Así que se acabó el *reality* de prostitución callejera. "Filmar a terceras personas en la vía pública, a los efectos incluso de posterior inserción en una *web*, es ilegal", advierte su director, Artemi Rallo. ("Protección de Datos perseguirá a los vecinos que pongan cámaras", 26 de abril)

En segundo lugar, en España la prostitución no es un delito, y quienes van a buscar los servicios de una prostituta no tienen por qué ser castigados, filmados y expuestas sus imágenes para que las vea quien quiera a través de Internet, de modo que hacer eso sería vulnerar de manera gravísima sus derechos." ("Las cámaras no dicen la verdad", columna de Benjamín Prado, 26 de abril).

A voz da veciñanza está máis presente en 2007 ca nos anteriores anos da mostra. A ligazón entre delincuencia e prostitución é explícita no seu discurso:

"Nuestras calles se llenan de prostitutas y travestís que provocan mucho jaleo, insultos a estas personas, venta de droga e incluso auténticas batallas campales. En muchas ocasiones, es insoportable" ("Sevilla eliminará la prostitución en la calle y multará a los clientes", 20 de decembro).

A dicotomía entre a prostitución de rúa, ligada pola veciñanza ao incivismo e a delincuencia, e a trata, na que as mulleres que exercen a prostitución son enfocadas como vítimas, está tamén presente en *El País*, aínda que, ao contrario do que acontece en ABC, non se observa por parte do xornal un enmarcado en negativo tan incisivo da

persoa que exerce a prostitución na rúa. Coinciden, porén, ambas as dúas cabeceiras no enmarcado como vítimas das prostitutas que sofren trata, e na presenza habitual na axenda de contidos sobre prostitución forzada neste ano.

A información sobre trata adoita estar ligada ao discurso de sucesos e da eficiencia policial, no que a policía é presentada como liberadora. Mais, tamén neste ano, observamos, por parte de *El País*, un enmarcado dende un enfoque humano, presente en informacións de carácter máis elaborado que son presentadas polo xornal como reportaxes. Este é o caso das tituladas "Mi novio me vendió por un Mercedes" (30 de novembro), "Fui vendida por 1.500 dólares como esclava sexual" (20 de marzo) e "El rescate de la mariposa" (22 de marzo), nas que se narra, de modo épico, e baixo o discurso da loita contra a adversidade, a escravización e a explotación, a historia das protagonistas.

As reportaxes "Fui vendida por 1.500 dólares como esclava sexual" (20 de marzo) e "El rescate de la mariposa" (22 de marzo) relatan a historia de Veasna Chan, unha moza camboiana que foi quen de escapar das mafias de prostitución ás que fora vendida de adolescente e de refacer a súa vida axudando a outros nenos e nenas que caeran tamén nas redes das mafias e dos explotadores sexuais. A protagonista aparece como axente. Subvirte os roles de xénero tradicionais facendo gala da súa capacidade de acción para rescatarse a si mesma. Esta historia, porén, non é froito dunha procura activa do xornal, senón dun evento organizado: a presentación do documental "Mariposas del Mekong", elaborado por dous xornalistas españois. Coincide, ademais, coa decisión da Comisión Mixta de non regular a prostitución, que tivera lugar apenas unha semana antes, o 13 de marzo, co cal cumpre coa función implícita de reafirmar o que fora o principal argumento da Comisión: a ligazón de trata con prostitución. Tal argumento aparece de maneira explícita nunha das fontes que se recollen á hora de cubrir a información: Ana Míguez, da extinta Alecrín, unha asociación de carácter abolicionista.

"No se puede separar prostitución de tráfico", destacou la directora de Alecrín, Ana Míguez, que acompañó a Chan en la presentación del documental realizado por los periodistas españoles. En Galicia, la responsable del colectivo feminista calcula que hay unas 12.000 mujeres forzadas a prostituirse." ("El rescate de la mariposa", 22 de marzo).

Obsérvase, unha vez máis, a confusión entre trata e tráfico, dous conceptos que non aparecen delimitados con claridade na información. Lembremos que "tráfico", segundo a ONU, fai referencia en exclusiva ao procedemento mediante o cal se obtén un beneficio económico da entrada ilegal dunha persoa nun país do que non é nacional nin residente permanente. O tráfico non leva implícito o fin desa entrada irregular nun estado (sexa explotación sexual ou calquera outro tipo de explotación); a trata, si. O emprego de "trata", e non "tráfico", segundo o indicado, sería máis adecuado en informacións como "La Policía detiene a 13 personas por traficar con mujeres rusas en Almería" (20 de abril):

La operación Zarpa ha desarticulado una banda de tráfico de mujeres muy consolidada y que mantenía "en condiciones de esclavitud" a multitud de jóvenes rusas, según los investigadores.

Malia a que a Policía é enmarcada como liberadora, importante é, porén, a inclusion, nas informacións sobre redadas, da apertura de expedientes e de ordes de expulsión a aquelas prostitutas en situación irregular no estado. O dato simplemente é apuntado nalgunha das informacións sobre redadas. Porén, non existe, a partir del, unha

reflexión sobre o que as redadas, en principio "liberadoras", poden supor para as mulleres localizadas polas forzas de seguridade.

La operación Zarpa ha desarticulado una banda de tráfico de mujeres muy consolidada y que mantenía "en condiciones de esclavitud" a multitud de jóvenes rusas, según los investigadores. Tras identificar a 150, hasta 47 de ellas fueron detenidas por estancia irregular en los clubs de alterne Zambra, Montecarlo y Glamour de El Ejido, y La Barrica y Glass de Roquetas de Mar, así como en nueve domicilios de dichas localidades. ("La Policía detiene a 13 personas por traficar con mujeres rusas en Almería", 20 de abril).

Los 21 detenidos que ya han sido puestos a disposición judicial se enfrentan hasta a 10 años de cárcel. Mientras, las chicas han sido internadas en los Centros de Internamiento para Extranjeros de Valencia y Algeciras, al carecer de documentación. La operación sigue abierta en Rusia, donde las autoridades trabajan para localizar a los responsables de la captación de estas mujeres.

Las 67 jóvenes trabajaban en tres locales de alterne ubicados en El Ejido y Vócar y estaban consideradas prostitutas de "alto nivel", según fuentes de la investigación. Algunas de ellas vivían hacinadas en pisos de dos dormitorios que eran compartidos hasta por nueve mujeres y cuyo inmueble era proporcionado por los miembros de la red y dueños de los establecimientos. Dentro de los clubs eran obligadas a estar semidesnudas a la espera de la llegada de clientes." ("Desarticulada una red que traficó con 6.000 mujeres rusas, 28 de xuño).

É explícito o enmarcado das mulleres como vítimas da acción das mafias, mais é inexistente o seu enmarcado como vítimas da acción institucional, das consecuencias que, as redadas, poden ter sobre as que están en situación administrativa irregular. A reflexión ao respecto non se apunta até que, dende o discurso institucional, se comezan a deseñar solucións, tal e como podemos ver nunha ampla información, de título "El Gobierno frena la expulsión de mujeres explotadas por mafias", publicada o 30 de novembro. A nova está centrada no plan contra a trata que se está a elaborar, do que xa se falaba a modo de recomendación nas conclusións do informe da Comisión Mixta Congreso-Senado de Igualdade, e que figuraba ademais como esixencia dunha directiva do Consello da Unión Europea cuxo prazo de incorporación ao dereito español xa expirara.

"Las víctimas de la trata son, en el momento en que los cuerpos de seguridad del Estado desarticulan la red que las explotaba, inmigrantes sin papeles. Son detenidas por estancia irregular, expulsadas y repatriadas. Sólo si denuncian a sus explotadores pueden acceder a una "autorización de residencia temporal por circunstancias excepcionales", según el reglamento de la Ley de Extranjería.

Muy pocas lo hacen. No se atreven a acudir a las comisarías, precisamente por su situación de irregularidad y porque los explotadores se encargan a conciencia de que no hablen amenazándolas con represalias contra sus familias. De modo que en la práctica, la ley se aplica antes a las víctimas que a sus traficantes.

El Gobierno ultima un plan que puede animarlas a dar el paso. El Plan de Acción Nacional contra la Trata con fines de explotación sexual, en el que participan los Ministerios de Interior, Trabajo y Asuntos Sociales y Justicia, impedirá la expulsión inmediata de las víctimas sin papeles estableciendo un "periodo de reflexión" de no menos de 30 días para que reciban asistencia médica, apoyo psicológico y asesoramiento jurídico y decidan entonces si quieren denunciar. Algo que ya exigía una directiva del Consejo de la Unión Europea cuyo plazo de incorporación al derecho español expiró en agosto del año pasado."

Na cara oposta á consideración das mulleres como vítimas, está o que podemos denominar o discurso da "pretty woman", por estar protagonizado por mulleres que atopan na prostitución unha vía para acadar diñeiro, sona, e amor, cal o zapato de Cincenta. Adoita estar ligado á prostitución de luxo. Vemólo na información sobre a serie televisiva "Luna" ("Antena 3 comienza el rodaje de la serie dramática "Dos lunas") e mais na reportaxe de vida social "Gracias, Hugh Grant. La prostituta pillada con el actor relata cómo se ha enriquecido".

A Divine Brown la noche del 27 de junio de 1995 le cambió la vida. Cobró 50 dólares por practicar una felación en Sunset Boulevard, Los Ángeles. Lo que no sabía es que el hombre que reclamó sus servicios a bordo de un flamante BMW era el actor británico Hugh Grant. Doce años después, Divine Brown ha decidido explicar por primera vez cómo se ha convertido en millonaria. ("Gracias, Hugh Grant. La prostituta pillada con el actor relata cómo se ha enriquecido", 8 de xullo)

Luna es una joven de provincias que se traslada a Madrid después de sorprender a su hermana, Mireia (Gemma Giménez), en brazos de su prometido, Manuel (Iago González). Él sigue los pasos de la chica, que acaba con la cara marcada, y un amigo, Gonzalo (Cristóbal Suárez), en coma. Para pagar los cuidados médicos de éste, Luna se adentra en el mundo de la prostitución de lujo, donde vuelve a encontrar el amor. ("Antena 3 comienza el rodaje de la serie dramática "Dos lunas", 5 de setembro).

Falamos, até o momento, de prostitución fundamentalmente feminina. A presenza de prostitución masculina é, en *El País*, moi inferior, e máis aínda a prostitución tranxénero. A prostitución masculina, porén, aparece abordada, en profundidade, nas reportaxes "La doble vida de David y Daniel", do 16 de xuño, e "Prostitución homosexual inmigrante", do 27 de agosto. En ambos os dous casos se combina a introducción de fontes expertas (os dous fan referencia á Fundación Triángulo, que presenta en 2007 un informe sobre a prostitución masculina en Madrid) coa observación a pé de campo e o testemuño de mozos que exercen a prostitución. As reportaxes apuntan as principais problemáticas e características ligadas a este tipo de prostitución: elevadas porcentaxes de VIH, precariedade e baixos prezos (no que á prostitución de rúa se refire), invisibilidade e desatención social, que se vinculan a aquelas derivadas da condición de migrados de boa parte dos homes que exercen a prostitución. Empréganse, ademais, datos desagregados por sexo para concluír a maior incidencia do VIH nos homes ca nas mulleres que exercen a prostitución. "En conxunto conclúese na reportaxe "Prostitución homosexual inmigrante" — un panorama que hace pensar en que la supuesta invisibilidad de este segmento de la prostitución no debe evitar que su situación sea atendida de algún modo."

A prostitución tranxénero está aínda máis invisibilizada. Non é o centro de ningunha das informacións e dos contidos analizados. As problemáticas a elas asociadas abórdanse, de maneira tanxencial, nas declaracións que se recollen de Mauro Pilaquina, que se presenta como "traballador do sexo transexual", na información na que se da conta das conclusións da Comisión Mixta de Igualdade. O seu testemuño destaca polo seu carácter excepcional, dado que é a única ocasión en toda a mostra analizada tanto en *El País* como en *ABC* que nos encontramos co punto de vista dun home tranxénero (un home con corpo de muller e nacido muller). Mauro Pilaquina denuncia as dificultades de inserción laboral que se encontran todas aquelas persoas cuxo nome non coincide coa súa aparencia física, e reclama axudas sociais para poder abandonar a prostitución.

Mauro Pilaquina es ecuatoriano. Lleva en España desde 2000. Desde entonces se prostituye. "Porque no tenía papeles me tocó hacer esto", dice, resignado. Tiene cuerpo de mujer pero se siente hombre, y como tal vive. Mauro no comparte el punto de vista de las compañeras que mantienen que desean ejercer la prostitución, que lo prefieren a otros trabajos. "A mí no me gusta dedicarme a esto. Los clientes me tratan mal, me humillan, no me pagan. Quiero dejarlo, por mí, por mi familia, pero no puedo. Intento encontrar otro trabajo, pero nadie me da una oportunidad".

Muchos transexuales se ven forzados a ejercer la prostitución. La falta de concordancia entre papeles y aspecto retrae a muchos empresarios a la hora de contratarlos. Mauro exige del Gobierno ayudas económicas. "A ver si es verdad que me ayudan a salir de esto, que me ayudan a encontrar un empleo. Porque cada vez que voy a pedir trabajo y me ven con este nombre, esta voz y estas tetas, no hay manera". Pero también defiende que se garanticen los derechos de quien libremente quiera ejercer la prostitución. ("No me gusta dedicarme a esto", 14 de marzo).

Tampoco é frecuente que se fale de prostitución masculina dirixida a mulleres. Só nunha ocasión foi localizada unha nova ao respecto, que se centra máis no anecdótico, sen aspirar a contextualización, a análise de causas, e abordaxe como tema deste tipo de prostitución. A prostitución masculina aparece, na reportaxe "El precio de querer ser "gigoló", como unha especie de soño para o imaxinario do home, como algo desexable e tentador. ("El precio de querer ser "gigoló", 3 de novembro).

"Se solicitan caballeros para contactos con señoras. Trabajos remunerados". Este sencillo anuncio, publicado en la sección de clasificados de numerosos periódicos, ha costado cerca de 150.000 euros a 68 hombres que aspiraban a convertirse en acompañantes masculinos. Se trata de una estafa con más de una década de antigüedad, pero que continúa funcionando porque conjuga a la perfección dos de las mayores debilidades humanas: el dinero y el sexo."

Referímonos até o de agora ás voces de quen exerce a prostitución. Mais, en que medida está presente o discurso de proxenetas e compradores de sexo? A súa voz non aparece nos contidos informativos, nos que son enfocados cun enmarcado en negativo. Mais, nos xéneros de opinión, si se dá cabida a outro tipo de discursos, á marxe do discurso dominante neste momento no discurso informativo e tamén político para con proxenetas e clientes. Maruja Torres, no seu artigo "De putas", sae en defensa do comprador de sexo.

Comentábamos la prohibición en Irán de "Memoria de mis putas tristes", de García Márquez, y mi interlocutor, que tiene unos 50 años, me miró, súbitamente compungido.

"Cómo me gustaría volver a ir de putas" – musitó. Y siguió clavando en mí sus ojitos, que eran ya los de un san bernardo que humildemente se presenta a rescatar a los exploradores después de haber vaciado por su cuenta el barrilillo que contenía el licor salvador.

"Te entiendo"–repliqué–. Si algo lamento de no ser hombre, es haberme perdido el ir de putas, en especial por la conversación, las copas, las confidencias, esos ratos en la barra. Pero tuve la suerte de crecer entre ellas. ("De putas, 2 de diciembre).

Así mesmo, na columna de opinión de Carmelo Encinas, titulada "El puticlub" (16 de xuño), fáisenos unha descrición do proxeneta moi afastada da figura das mafias, mesmo contraria. O proxeneta, ou ao menos o proxeneta que Encinas nos presenta, é un "tipo educado", un home "culto, elegante e refinado", dono dun dos máis selectos clubs de prostitución de Madrid.

Aquel compañero de nado me explicou que en su local no había sexo ni drogas; sólo mujeres guapas que inducían a sus clientes a beber unas copas. En lo que hicieran fuera –aseguró– él no entraba. Estudié al personaje tratando de averiguar cómo convivía con los principios éticos un tipo de su formación. Me lo explicó la mañana en que me dijo que putas hubo y habrá siempre, y que al menos en su negocio eran personas y no permitía que las explotaran los chulos ni corrían los riesgos de la calle o la Casa de Campo.

Encinas respalda a postura destes "empresarios", os donos de clubes de alterne, respecto ás conclusións da Comisión Mixta, que cualifican de "cobardía política", e comparte a opinión deste sector a prol da regularización.

En España se calcula que hay 350.000 mujeres ejerciendo la prostitución sin asistirles derecho alguno. Son cifras de la patronal de los clubes de alterne, cuyos miembros dicen cumplir con sus obligaciones económicas y trabajar dentro de la legalidad. Estos empresarios no son precisamente mis héroes, pero tienen razón cuando califican de "cobardía política" el no abordar la normalización de una actividad antigua como la humanidad y que, nos guste o no, seguirá existiendo hasta un segundo antes del apocalipsis.

Non son as únicas cuestións que, excluídas da liña editorial da que beben os contidos informativos, si se lle dá entrada nos xéneros de opinión. O mesmo acontece co debate sobre a publicación de anuncios de sexo de pago, que é abordado nos xéneros de opinión, tanto no único editorial que *El País* publica sobre a prostitución este ano, , como nunha carta ao director e en textos de articulistas. A posición editorial de *El País* xustifica, de modo implícito, a publicación de anuncios de sexo de pago nas súas páxinas indicando que a situación legal da prostitución é un debate sen resolver tanto a nivel social como político e que, se a prostitución non está prohibida, tampouco o teñen por que estar os anuncios de sexo de pago. No apartado de análise televisiva "A la parrilla", de Juan Cueto, este fai crítica da estrea do programa de Telecinco *La Noria*, e en especial, fixa a atención na reportaxe dedicada aos anuncios de sexo de pago na prensa española. Porén, entre os contidos de opinión publicados por *El País* tamén podemos encontrar críticas directas á publicación de anuncios de sexo de pago na prensa, baseándose en razóns morais e na que se considera ligazón maioritaria entre prostitución e trata.

Hasta ahora sólo el gratuito *20 Minutos* ha atendido el ruego de las autoridades. Ni siquiera aquellos que en sus editoriales condenan el comercio del sexo han renunciado a los beneficios de la prostitución. Tampoco los que editan suplementos religiosos y cuyos columnistas hablan de Dios con la confianza con la que usted y yo hablamos de nuestro cuñado. Todos los editores continúan en la esquina, con su bolso de piel marrón, meneando el abanico. Ello me sume en un desconcierto a ratos moral y a ratos urbanístico. Me declaro, en lo urbanístico, partidario del chaflán. En los temas de conciencia, en cambio, prefiero la esquina. Pero yo soy un particular desorientado. Las instituciones deberían estar más achaflanadas. ("El chaflán", de Juan José Millás, 2 de marzo).

Ni PRISA, ni Vocento, ni Planeta ni el Grupo Godó han escuchado la sabia petición del Partido Socialista. Oídos sordos. El dios Dinero tiene mucho que decir en todo esto, pues estos anuncios de lugares de alterne y prostitutas suponen ingentes beneficios para los diarios. Y, en definitiva, mientras los últimos informes de la policía estiman que cerca del 85% de las mujeres que ejercen la prostitución son forzadas a ello, nuestros diarios de mayor difusión sirven de plataforma publicitaria a estos

proxenetas. ("Suprimir los anuncios de prostitución", carta ao director publicada por Jorge Mira Vallet o 26 de febreiro).

Non é o predominante, mais neste ano encontramos tamén o discurso da crónica negra, que se caracteriza por afondar en detalles macabros que incitan a curiosidade morbosa. Podémolo atopar en informacións como "El descuartizador de Vancouver. Un granjero canadiense confiesa haber matado a decenas de prostitutas drogadictas" (24 de xaneiro), "El estrangulador estrangulado. El camionero alemán que asesinó a varias prostitutas en España y Francia se colgó en su celda del soporte de la televisión" (8 de xullo), "Un hombre admite que mató a su madre y vivió 14 meses con el cadáver" (18 de setembro) ou "Un detenido por el crimen del prostíbulo de Pedreguer" (2 de novembro).

Después abundó en que la madre le había "destrozado" la vida, porque siendo joven le obligó a participar en orgías. El juez le pidió que evitase los detalles, pero no fue así. "Al principio el cadáver olía y tiré ambientador, pero luego eché unos sacos de cal porque no había manera", dijo. ("Un hombre admite que mató a su madre y vivió 14 meses con el cadáver", 18 de setembro).

O discurso de sucesos caracterízase por ser abondoso nos datos que describen ao acontecemento en si, mais en non reparar na problemática de fondo que dá lugar a tal acontecemento, como se este fose casual, e non causal. Tal acontece coa prostitución. As reportaxes "El descuartizador de Vancouver"(24 de xaneiro) e "El estrangulador estrangulado" (8 de xullo) refírense ao asasinato de mulleres que exercen a prostitución na rúa, mais en ningún dos dous casos se alude á problemática de fondo: a inseguridade e a marxinalidade que rodea a quen exerce no espazo público. Seguimos a ver que características como que a muller sexa prostituta ou drogodependente son levadas a titulares, como se de algún modo fosen explicación do sucedido.

En 2007, ao igual que en anteriores anos da mostra, e ao igual tamén do que acontece en ABC, adoita ser frecuente o discurso da eficiencia policial. A policía é presentada como "liberadora" de mulleres que sofren explotación sexual e son a principal fonte nas abondosas noticias sobre detencións e desartellamento de mafias e redes. Respecto ás mulleres que son localizadas en situación irregular infórmase nos, en ocasións, da apertura de ordes de expulsións ou envíos a centros de internamento para poboación estranxeira, pero non se abonda nesta problemática.

Porén, o discurso da eficiencia policial ten o seu contrapeso nas informacións que inciden na corrupción de axentes de forzas de seguridade do Estado. A cobertura da descuberta da trama de corrupción na comisaría de Ronda recibe ampla cobertura, mesmo en seccións de ámbito estatal. O discurso que late é o da mazá corrompida que acaba pudrindo a aquelas que a rodean, mesmo que se caractericen pola súa rectitude e corrupción, botando man da tentación para caer no "delito-pecado". As prostitutas aparecen, pois, como tentación. Este discurso é o que a *El País* lle é transmitido dende as fontes policiais das que obtén información.

Fuentes policiales aseguran que se trata de un grupo de policías corruptos que, en los últimos cuatro años, se había hecho con el dominio de los bajos fondos de la ciudad, de unos 35.000 habitantes, la prostitución y el tráfico de droga. Era tal su poder que llegaron a corromper en menos de un año al nuevo inspector jefe al que, aseguran, invitaban con frecuencia a prostíbulos. ("Los tres policías de Ronda encarcelados están imputados por una decena de delitos", 24 de febreiro).

Un agente de escala básica resume la forma habitual de trabajar de los dos cabecillas: "Cada vez que llegaba alguien nuevo a la comisaría lo estudiaban durante una temporada. Trataban de descubrir sus gustos y debilidades y después se los proporcionaban para sumarlo a su causa".

Esta fue, probablemente, la trampa que tendieron a Juan Antonio Rodríguez, de 50 años, el inspector jefe con fama de hiperdisciplinado y reglamentista, trasladado hace año y medio a Ronda para poner orden en la comisaría y que también ha terminado en prisión, acusado de ocho cargos, entre ellos abusos sexuales y detención ilegal. Según fuentes del caso, los dos policías, sabedores de la debilidad de Rodríguez por el sexo femenino, le invitaban con frecuencia a prostíbulos. ("Los caciques de la comisaría, 26 de febreiro).

Tamén son publicadas en 2007, nas páxinas de *El País*, diversas informacións sobre casos concretos de explotación sexual de menores. Porén, non hai unha tematización ao respecto, como acontecía en anos anterioremente analizados, porque a prostitución de menores xa non forma parte do discurso político. As novas adoitan estar relacionadas coa cobertura de xuízos, nos que, quen elabora a información, destaca mediante a escolla léxica (sobre todo a adxectivación) o horrendo do acontecido. A cobertura da resolución dos xuízos, e da condena a quen prostitúe a menores, serve, de modo implícito a modo de condenas exemplares.

El juicio contra el hombre de 77 años y el matrimonio acusado de prostituir a sus hijos, disminuidos psíquicos, está deparando relatos sobrecogedores. ("Vecinos de los niños prostituidos por sus padres denunciaron cinco veces los hechos", 19 de abril).

Los menores –un chico y una chica de 11 y 14 años– han declarado al tribunal, a través de videoconferencia, que sus padres, de acuerdo con el vecino de 77 años, les forzaron a realizar prácticas sexuales aberrantes –por ejemplo, el llamado *tren sexual*– ("Vecinos de los niños prostituidos por sus padres denunciaron cinco veces los hechos", 19 de abril).

Na cobertura dos xuízos tamén podemos escoitar o discurso xustificatorio das persoas acusadas de prostitución de menores, que adoita basearse na culpabilización das menores ou na vitimización do presunto agresor.

Éste ha negado haber abusado de los hermanos y asegura que son las niñas de su pueblo las que se lanzan sobre él en la calle. Incluso quiso bajarse ante el tribunal los pantalones para demostrar que él es incapaz de hacer nada porque su pene "es muy pequeño" y no tiene erecciones. ("Vecinos de los niños prostituidos por sus padres denunciaron cinco veces los hechos", 19 de abril).

Ao igual que en ABC, neste ano a prostitución salta á sección internacional da man de informacións nas que se aborda como arma de guerra —é dicir, como modo en que o bando inimigo mina a moral do contrario atacando ás súas mulleres e obrigándoas á prostitución—, ou como consecuencia do empobrecemento derivado das guerras. Tal acontece nas informacións "De la guerra al prostíbulo. Refugiadas iraquíes se prostituyen en Siria para sostener a sus familias" (30 de maio) e "Japón pide perdón a las esclavas sexuales" (27 de marzo).

6.2.2.5.2012

Asenta neste 2012 en *El País* o discurso abolicionista, baseado na consideración da prostitución como maioritariamente forzada, o que implica, tamén, unha representación da persoa que exerce a prostitución sobre todo como vítima, sen capacidade de axencia

e sen voz máis aló da súa condición de vítima e do seu testemuño como tal. A visión da prostitución como unha actividade, na maior parte dos casos forzada aparece explícita no único dos editoriais detectados este ano, titulado "Mujeres en el infierno", do 20 de febreiro, que remata do seguinte xeito:

La gran dificultad en la persecución de los graves delitos que se cometen en este ámbito está en la delimitación de la prostitución forzada de la libremente ejercida. Pero lo cierto es que esta última, según todos los expertos, es ya una actividad muy marginal frente a una explotación masiva y generalizada de la que cada día hay más pruebas.

Este argumento implica relegar á prostitución voluntaria como unha actividade marxinal que, polo tanto, non merece o interese do xornal. A prostitución voluntaria, como desenvolverei máis adiante, non se abordará nos contidos de *El País* este ano a non ser en contextos extra estatais.

O debate entre abolición e legalización desaparece da axenda política e, en consecuencia, tamén da mediática. Agora, o debate político ao redor da prostitución sitúa o punto de mira noutro aspecto (a pertinencia ou non da prohibición da prostitución de rúa) e, xa que logo, o debate mediático sofre o consecuente desprazamento. Actúan como detonante as medidas adoptadas pola Generalitat, que introduce modificacións na súa Lei de estradas para prohibir nelas a compra-venta de sexo de pago, e tamén por parte do goberno local barcelonés (que endurece as multas a compradores de sexo e a prostitutas que exerzan na rúa), así como a declaración de intencións do Ministerio de Interior, nun momento no que está a considerar a modificación do Código Penal para eliminar a prostitución de calquera vía pública, rúa ou estrada.

El País é crítico, nos seus contidos, con tales propostas. Respalda os seus argumentos tanto asumíndoos como propios en xéneros de opinión de carácter editorializante como a través da recollida de voces expertas e do tecido cívico. Empréganse como principais razóns deste posicionamento:

1. A invisibilización da prostitución: A eliminación da prostitución de rúa non fará desaparecer a prostitución, senón que a trasladará a ámbitos máis invisibles, como os clubs ou os pisos. Este argumento é defendido por colectivos como APRAMP e asumida por *El País*, no artigo "Calles "limpias" de prostitutas" (24 de marzo), publicado na sección de opinión, no apartado "El acento" (de carácter editorializante, canto que non leva sinatura e suponse que é o xornal o que emite a súa opinión):

Plantearse la abolición de la prostitución parece un objetivo loable. El problema es que la mera prohibición de que se ejerza en la calle no implica necesariamente avanzar hacia la erradicación, algo que requeriría un valor político que hasta ahora no se ha demostrado. Al contrario. Según cómo se planteen esos pasos intermedios, en lugar de erradicar esta cruel forma de esclavitud, lo que se conseguirá es contribuir a ocultarla y a que se ejerza en condiciones todavía más penosas. ("Calles "limpias" de prostitutas", do 24 de marzo).

Su crítica es compartida por la mayoría de las asociaciones que defienden los derechos de las mujeres, como APRAMP (Asociación para la Prevención, Reinserción y Atención de la Mujer Prostituida). Y temen, además, que la presión lleve a los proxenetes a esconder a las meretrices en pisos, lo que las invisibilizaría. ("Interior estudia prohibir la prostitución en la vía pública", 13 de xuño).

A prostitución atende a causas estruturais, como a feminización da pobreza e a discriminación de xénero, e a problemáticas de fondo calado como a trata. Así, a relatora sueca contra a prostitución, Kajsa Wahlberg, identifica de modo explícito prostitución con violencia de xénero e afirma, que, se se multa ás mulleres, dificultarase a loita contra as mafias pois non se atreverán a denunciar. ("Si se multa a las mujeres no denunciarán a las mafias", 1 de xuño). A solución, pois, non está na súa invisibilización senón en medidas de xustiza social, tal e como defende a escritora Gemma Lienas, no seu artigo "La pobreza alimenta la prostitución" (12 de setembro).

Cambiar el destino de estas mujeres en situación de prostitución no pasa por ponerles multas como ha anunciado que hará el ministro del Interior para evitar el "lamentable espectáculo" a las mentes bienpensantes.

Cambiar el destino de estas mujeres pasa por plantear un sistema económico justo y sostenible que incorpore en igualdad a ambos sexos.

Cambiar el destino de estas mujeres pasa por perseguir a las mafias y no favorecer su instalación en nuestro país con leyes permisivas y con modelos económicos basados en el ladrillo o en Eurovegas.

Cambiar el destino de estas mujeres pasa por transformar la mentalidad de esos varones, bien con escuelas de puteros que los eduquen, bien con multas que les quiten las ganas.

Cambiar el destino de estas mujeres pasa porque los derechos de las mujeres dejen de ser derechos de segunda y pasen a formar parte de verdad de los derechos humanos.

2. O dereito á intimidade: A creación dun ficheiro onde se recollan os datos tanto de quen vende sexo como de quen o compra na vía pública, medida estipulada polo goberno catalán, é criticada pola vulneración do dereito á intimidade. Nesa liña se manifestan, tanto o avogado Pedro Brufau, autor do libro *Las miserias del sexo. Prostitución y políticas públicas* (Catarata), un dos expertos consultados por *El País*, como colectivos moi próximos á realidade da prostitución, como Apramp, Genera, e Mujer Frontera.

A Brufau le preocupan también medidas aparejadas a las sanciones, como el fichero en el que se recogen los datos de prostitutas y clientes que son multados por los mossos (nombre y apellidos, el DNI, la dirección, la fecha de nacimiento, la nacionalidad). "¿Qué pasará con eso? ¿Acabaremos con fotos de prostitutas y clientes?", se pregunta. El archivo está avalado por la Autoridad Catalana de Protección de Datos y es indispensable para poder sancionar. ("Interior estudia prohibir la prostitución en la vía pública", 13 de xuño).

O propio xornal incide nas contradicións da administración. Recolle, así, parte dun informe da Autoridade Catalana de Protección de Datos (APDAT), que respalda a decisión da Generalitat de crear un ficheiro, no que se admite que a compilación de datos sobre o perfil sexual da persoa pode supoñer unha ameaza para a mesma e que só razóns de "interese xeral" xustifican tal medida. A APDAT acabará respaldando a proposta de elaboración dun ficheiro por parte da Generalitat, por considerar a seguridade vial, o motivo alegado polo goberno catalán, razón de interese xeral suficiente como para adoptala. Segue a incidir *El País* nas

contradicións da APDAT ao lembrar, nesta nova, que polo mesmo motivo (a compilación de datos de persoas que compran e venden sexo), o goberno local barcelonés fora expedientado tempo atrás.

3. A estigmatización e criminalización das persoas que se prostitúen, tal e como defenden nas páxinas de *El País* os colectivos APRAMP (a Asociación para a Prevención, Reinserción e Atención da Muller Prostituída) e Genera, e respalda, así mesmo, Pedro Brufau, quen considera que a prohibición na vía pública supón "estigmatizar a las víctimas de la prostitución". Brufau sitúase en argumentos propiamente abolicionistas, ao defender que só se multe ao comprador de sexo, mais non a quen o vende.
4. O carácter moralizante da medida. Considérase que iniciativas, como as levadas a cabo polo goberno local barcelonés (con CiU á fronte, apoiada polo PP), son unha chiscadela ao electorado conservador e encerran un discurso moral. Na información sobre a aprobación do endurecemento da norma de civismo en Barcelona, publicada o 22 de marzo baixo o título "Barcelona impulsa la prohibición total de la prostitución callejera", dise que CiU é prisioneiro dos votos do PP: "La propuesta la ha presentado el Partido Popular, y el Gobierno de Xavier Trias (CiU), defensor de la tesis prohibicionista y prisionero de los votos del PP, la ha asumido como propia". No artigo "Calles limpias" (24 de marzo) de finalidade editorializante, incídese na mesma idea: "Tal como está planteada, la medida puede quedar en un simple guiño al electorado conservador, una forma de pasar una cortina para quitar de la vista una realidad que se prefiere ignorar". *El País* acode a voces expertas e do tecido cívico para apuntalar o carácter moralizante da medida, tal é o caso do catedrático de Dereito Penal, Joan Queralt, e da asociación Hetaira: "La prostitución como tal no es un delito en España. Ni ofrecerse, ni comprar servicios", constata Joan Queralt, catedrático en Dereito Penal de la Universidad de Barcelona. "¿Qué bien jurídico se quiere proteger con la prohibición? Solo la moral sexual", afirma. La portavoz de Hetaira, Cristina Garizábal, lo comparte: "Es el colmo de la hipocresía, de la doble moral" ("El Ministerio de Interior estudia prohibir la prostitución en la vía pública", 12 de xuño).

Hai, por detrás da crítica ás medidas prohibicionistas en Barcelona e Cataluña, un contexto político de fondo. Ambas as dúas son levadas a cabo por gobernos de CiU, en sintonía co PP. De feito, nunha das informacións, como xa indicamos, resáltase que CiU actúa prisioneiro do PP, autor da proposta de prohibición total da prostitución das rúas barcelonesas. A iniciativa da Generalitat de prohibir a prostitución nas estradas conta tamén co respaldo popular, como se indica en *El País*, e a sintonía é clara cando o propio ministro de Interior, Jorge Fernández Díaz, anuncia que está a considerar tamén medidas prohibicionistas.

El País non é crítico co obxectivo final que propón CiU, a eliminación total da prostitución (dise, no artigo "Calles limpias", que a súa erradicación "requeriría un valor político que hasta ahora no se ha demostrado), mais si cos pasos intermedios para conseguilo, como a prohibición da prostitución de rúa. De feito, o citado artigo, de carácter editorializante, subtítulase: "Barcelona quiere ocultar la prostitución, lo que no supone abolirla ni iniciar un debate serio sobre el tema".

Plantearse la abolición de la prostitución parece un objetivo loable. El problema es que la mera prohibición de que se ejerza en la calle no implica necesariamente avanzar hacia la erradicación, algo que requeriría un valor político que hasta ahora no se ha demostrado. Al contrario. Según cómo se planteen esos pasos intermedios, en lugar de erradicar esta cruel forma de esclavitud, lo que se conseguirá es contribuir a ocultarla y a que se ejerza en condiciones todavía más penosas."

Neste artigo, enmárcase en positivo, ao igual que xa *El País* facía en 2007, a capacidade de decisión dun estado para regular ou prohibir totalmente a práctica da prostitución, mais o texto amósase máis próximo á segunda das opcións. Adóptase como propio un dos principais argumentos do abolicionismo, a identificación da prostitución con escravitude, e considérase que semella obxectivo loable a abolición da prostitución.

Subxace, porén, no artigo unha certa confusión terminolóxica. Fálase de abolicionismo como se fose sinónimo de prohibición absoluta da prostitución, cando en realidade o abolicionismo non prohibe o exercicio da prostitución por parte de quen se prostitúe, senón que castiga o seu entorno, proxenetas e clientes. Así mesmo, faise referencia á regulación máis ben como sinónimo de legalización, pois medidas regulacionistas, como a ordenación do exercicio da prostitución nos espazos públicos, son criticadas polo xornal.

Tal como está planteada, la medida puede quedar en un simple guiño al electorado conservador, una forma de pasar una cortina para quitar de la vista una realidad que se prefiere ignorar. Es posible que la ciudad luzca más sin prostitutas en las calles, pero si sólo se pretende eso, que no se vista con ropajes grandilocuentes. El problema de la prostitución es un asunto muy grave y algunos países lo han abordado con decisión, unos regulando su práctica, otros prohibiéndola totalmente. Ese, y no otro, es el meollo del debate. ("Calles "limpias" de prostitutas, 24 de marzo).'

El País atende tamén ao debate xerado por medidas regulacionistas no estranxeiro, en países como en Grecia. Tal acontece na nova "La publicación de fotos de prostitutas con sida desata la polémica en Grecia" (6 de maio), onde se recollen as reaccións suscitadas á medida adoptada pola policía en Atenas. As críticas consideran a medida de estigmatizadora para coas mulleres que exercen a prostitución, fascista, e vulneradora dos dereitos humanos e do segredo médico.

Só en informacións que remiten ao estranxeiro, a contextos como Francia ou Holanda, se lle dá marxe á exposición de argumentos pro-legalización e a un feminismo diferente ao abolicionista e institucional, máis próximo a posicións postfeministas. Tal acontece na nova "Antes prostituta que trabajando en una fábrica. Una meretriz atiza el debate sobre la situación de la prostitución en Francia" (6 de setembro), que parte da publicación do ensaio-manifesto *Libérez le féminisme!* ("Liberade o feminismo") por parte de Morgane Merteuil, prostituta a domicilio e secretaria xeral de STRAUSS, sindicato francés de traballadoras e traballadores sexuais. A nova ofrece o contexto de partida, a deriva abolicionista das políticas institucionais francesas e a reacción das traballadoras do sexo ás mesmas, e céntrase na presentación dos argumentos defendidos por Morgane Merteuil. A secretaria de STRAUSS refuta a visión abolicionista da prostitución, denuncia o acoso policial froito da deriva política abolicionista e defende o dereito a facer uso do propio corpo para a prostitución, ao igual que defende a prostitución como opción válida tan válida como outras. Merteuil insire, ademais, este debate noutro máis amplo, referido a posicións dialécticas diverxentes ao interior dos feminismos, entre o feminismo institucional e os posfeminismos, nos que están

presentes cuestións relacionadas coa interculturalidade, a heteronormatividade ou a transgresión do binomio home-muller cando se recoñece a diversidade de xéneros, e tamén de sexos, alén tal dicotomía.

La portavoz de STRASS se enfrenta a asociaciones como Ni Putas Ni Sumisas, a las que acusa de “imponer una imagen mainstream y burguesa de la mujer”. “No son ni emancipadoras ni creadoras, salvo para las que buscan un trampolín hacia el Gobierno”, escribe. Además, acusa al feminismo francés de “estigmatizar a las mujeres que llevan velo con su pensamiento poscolonial que cree que los que son distintos están atrasados”; rechaza la idea de “una sociedad binaria, que opone a hombres y mujeres, porque las relaciones de dominación son más complejas y se sobreponen varias opresiones”, y defiende la libertad de elección de trabajadores y clientes. (“Antes prostituta que trabajando en una fábrica. Una meretriz atiza el debate sobre la situación de la prostitución en Francia” (6 de setembro).

Porén, o modo en que se presenta tanto á secretaria de STRAUSS (que, no titular, aparece identificada simplemente como "una meretriz") como a maneira en que se cualifica o seu manifesto (ao que *El País* se refire como panfleto) réstalle autoridade ao seu discurso.

El País tamén abordará o debate sobre a prostitución no contexto holandés, dada a intención do alcalde de Ámsterdam, Jon Cohen, de expulsar ás meretrices do centro histórico ("Ámsterdam apaga la luz roja", 23 de decembro). De novo se lle dá entrada á voz organizada das prostitutas, e faise a través de Meetje Blaak, voceira do sindicato que as representa en Ámsterdam, e de Mariska Majoor, ex prostituta. Deixan, en primeiro lugar, clara a súa posición contra as mafias e os proxenetes, os argumentos dos que botan man rebaten os empregados polo goberno local, e coinciden en boas medidas cos utilizados para rebater posicións abolicionistas. Identifican con intolerancia e conservadurismo a medida e apuntan a intereses urbanísticos. Rexeitan a consideración da prostitución como maioritariamente forzada e a consecuente vitimización de quen exerce a prostitución. Consideran que, dende o goberno local da cidade, se está a criminalizar ás prostitutas, en especial ás estranxeiras, e denuncian o efecto invisibilizador que pode ter esta medida sobre a prostitución de rúa. Recalcan, así mesmo que non foron escoitadas polo concello, cuxa decisión está baseada só en informes de voces consideradas expertas.

Blaak y Majoor comparten el esfuerzo oficial de luchar contra el tráfico de mujeres y el blanqueo de dinero. "Pero en lugar de volver a los años cincuenta, que limpien los negocios dudosos y persigan a los que abusan. El alcalde se equivoca al criminalizar a las mujeres. Las prostitutas, en especial extranjeras, acabarán trabajando a escondidas. El problema son los chulos", asegura Meetje Blaak. Ni ella ni Mariska Majoor se explican por qué el Consistorio ha preferido los informes de los expertos al diálogo con las prostitutas. "Tal vez sea una cuestión de imagen y de grandes sumas. Hay edificios históricos y varias cadenas comerciales apoyan al Ayuntamiento". Para ella, lo peor es la percepción de las prostitutas sólo como víctimas. "Un 20% pueden trabajar a la fuerza en Ámsterdam. Otras muchas no. Es un problema de aceptación del oficio", concluye.

Porén, a voz das prostitutas de rúa, que si é escoitada polo xornal cando o contexto e foráneo, apenas se ten en conta no contexto estatal. Na reportaxe, "El barrio que quiere ser Soho", sobre Ballesta, recóllense os testemuños do arquitecto impulsor do proxecto Triball, que pretende a transformación urbanística do barrio; de comerciantes da zona tanto a favor como en contra do proxecto, de veciñas que valoran en positivo a repercusión do proxecto de cara á desaparición da prostitución de rúa, á que identifican

con inseguridade, mais non se visibiliza o discurso das prostitutas. Só unha, que se amosa indiferente, aparece como fonte: "Yoana, una veterana de Desengaño, se encoge de hombros cuando se le pregunta por la transformación. "A mí me da igual", resume con desprecio".

O discurso marioritario, aquel ao que o xornal se adscribe, é o que considera a prostitución maioritariamente forzada. Un discurso de carácter fundamentalmente abolicionista, que liga a prostitución, de modo estreito, á trata. O xornal describe o proceso da trata: o engano (total ou parcial) no país de orixe, a entrada (irregular, no caso das mulleres extracomunitarias), a débeda adquirida para coa organización, a sustración dos beneficios obtidos polas prostitutas, a reclusión, as ameazas, os malos tratos... Prodúcese, pois, unha vitimización da prostituta en canto que aquelas ás que se fai referencia nas páxinas do xornal son, sobre todo, mulleres forzadas. O xornal emprega, para con elas, etiquetas como "mulleres prostituídas" (termo de uso común no abolicionismo), "as escravizadas" ou e escravas sexuais, e bota man, adoito, do "inferno" como metáfora para referirse á situación de explotación, violencia e malos tratos de que son obxecto por parte de mafias e de proxenetas.

Andrea vivió un infierno. Dos días después de haber sido obligada a interrumpir su embarazo, fue obligada a prostituirse de nuevo. "Y me dijeron que me pusiera un algodón en la vagina para no sangrar", relató entre sollozos durante el juicio. Otra de las testigos llegó a asegurar que tras negarse a abortar recibió un puñetazo en el vientre. "Entonces me llevaron al hospital, donde me dijeron que había abortado", declaró. ("Condena ejemplar de 30 años para Cabeza de Cerdo", 21 de febreiro).

"El juicio contra el capo de la prostitución destapa el infierno que padecieron cientos de mujeres" (5 de febreiro).

Son tamén frecuentes as metáforas obxectualizadoras, coas que, quen elabora a información, alude ao tratamento como mercadoría que, das mulleres, fan os proxenetas, ou os compradores de sexo. Deste xeito, identifícase ás mulleres tratadas como "xénero" para "abastecer" os mercados, fálese da "fabricación" de prostitutas, explícase que son controladas como se fosen "gando" e dise que hai homes para quen consumir o corpo dunha muller é igual a consumir unha cervexa.

La declaración de cinco testigos protegidos ha sido clave. Controlaba como si fuera "ganado" a un centenar de mujeres, dice la policía. ("Condena ejemplar de 30 años para Cabeza de Cerdo", 21 de febreiro).

En un local Clamparu reconocía el *género* que había llegado de Rumanía. En esa ocasión eran unas 20 mujeres, que Clamparu alineó. Para evitar rencillas entre sus lugartenientes ("El juicio contra el capo de la prostitución destapa el infierno que padecieron cientos de mujeres", 5 de febreiro).

Él aseguró a los policías que había sido piloto del Ejército ruso. Pero desde hace años se dedicaba a manejar supuestamente una extensa red que abastecía de mujeres a prostíbulos de España, Emiratos Árabes, Bahreim, Malta, Chipre e Italia. ("El líder de la red acusada de introducir 8.000 prostitutas rusas en España vivía con sobriedad en Granada, tenía 16 alias y casi nadie le había visto", 24 de novembro).

El País, ao igual que ABC no mesmo ano, dálle ampla cobertura ao testemuño das vítimas de trata que declaran no xuízo contra Ioan Camplaru, coñecido como "Cabeza de Cerdo". Non é un testemuño, porén, buscado, froito do traballo de investigación do propio xornal (que non encontramos na mostra neste ano) senón obtido no propio transcurso do proceso xudicial. O xornal incide nas partes máis duras da declaración destas mozas, aquelas que mellor delatan o "inferno", en verbas de *El País*, que sufriron,

no que a prostitución forzada era acompañada de agresións, violacións, ameazas e abortos inducidos. A ollada é de conmisericación para quen por esta situación pasou.

Las mujeres recibían una oferta de trabajo en el sector de la hostelería en su país de origen, pero al llegar a España eran obligadas a prostituirse. Los miembros de la organización criminal de Clamparu les quitaban el pasaporte. Clamparu asignaba a cada una de estas mujeres a uno de sus lugartenientes, que abusaban sexualmente de ellas. Las jóvenes tenían que entregar todo el dinero que ganaban mientras se prostituían en la Casa de Campo de Madrid. Una de ellas denunció que fue obligada a prostituirse un día después de haber abortado, por lo que tuvo que introducirse un algodón en la vagina para cortar las hemorragias. ("El Supremo confirma los 30 años de condena para Cabeza de Cerdo", 15 de novembro).

A outra cara da moeda son os proxenetas. O xornal describe con amplitude o perfil de dous dos máis destacados líderes de mafias de explotación sexual detidos este ano, Ioan Clamparu ("El juicio contra el capo de la prostitución destapa el infierno que padecieron cientos de mujeres", 5 de febreiro) e Igor Chernavsky, que é definido como "el capo que viajaba en autobús" ("El líder de la red acusada de introducir 8.000 prostitutas rusas en España vivía con sobriedad en Granada, tenía 16 alias y casi nadie le había visto", 24 de novembro). De Clamparu destaca a frialdade, a impasibilidade e a súa crueldade, así como os seus antecedentes delitivos en Rumanía. Non relaciona, porén, a súa deriva delitiva, coa última fase do réxime comunista de Ceausescu, como si fai ABC. De Chernavsky, a súa invisibilidade, a súa discreción e o emprego de estratexias case militares para introducir ás mulleres en España burlando sen ser detectado. De ambos os dous fai unha identificación clara, publicando fotografía dos mesmos xunto á información, de modo que se contribúe á condena social do proxeneta. En ámbolos dous casos, tamén se describen as complexas redes de intermediarios (que dificultan o desartellamento das mafias e a detención dos seus líderes) e se fai mención dos métodos de coacción empregados (violencia física, no caso de Clamparu, e escolla de mulleres en situación económica e familiar vulnerable, que dificultara o seu abandono da prostitución, no caso de Chernavsky).

Ioan Clamparu, de 43 años y de apodo *Cabeza de Cerdo*, apenas parpadeó durante las ocho horas que duró el juicio esta semana en la Audiencia Provincial de Madrid. Solo frunció el ceño cuando el secretario del tribunal leyó las declaraciones en las que una de las mujeres explicaba que tenía miedo de él porque había descuartizado a una compañera. Nada más. ("El juicio contra el capo de la prostitución destapa el infierno que padecieron cientos de mujeres", 5 de febreiro)

Él no usaba la violencia con las víctimas, pero se valía de otros métodos de coacción. En una conversación, grabada por la policía, el dueño de un club de alterne de Lleida y los hombres de Chernavskiy hablaban de la opción de traer a España a dos chicas, una muy guapa y joven, y otra mayor y menos agraciada, pero con cargas familiares. "El marido de esta había muerto de cáncer y ella tenía que mantener a su hijo", según fuentes policiales. Optaron por la segunda. "Buscaban a personas con graves apuros económicos porque sabían que así difícilmente dejarían la prostitución", añaden. ("El líder de la red acusada de introducir 8.000 prostitutas rusas en España vivía con sobriedad en Granada, tenía 16 alias y casi nadie le había visto", 24 de novembro).

Está moi presente este ano o discurso da punición e da condena exemplar. No único editorial que encontramos en *El País* este ano, centrado precisamente na trata ("Mujeres en el infierno", 20 de febreiro) pídesse unha persecución máis firme das mafias: "Las evidencias sobre las redes de explotación sexual requieren una persecución máis firme",

dísenos a raíz do inicio do xuízo contra unha mafia de prostitución arxentina, desvelada por Susana Trimarco, coñecida como a "nai coraxe", cuxa filla desaparecera anos atrás en man das redes de explotación sexual.

El País insiste na idea de condena exemplar. Como tal cualifícase a que sentenza a Ioan Clampanu a 30 anos de cárcere. *El País* resalta a excepcionalidade deste tipo de condenas e xustifica a súa necesidade tendo en conta a situación de impunidade para cos explotadores sexuais, debido ás dificultades para demostrar o delito, o medo das vítimas a declarar e as estratexias diversas (como o uso de mandos intermedios) utilizadas por parte dos cabezas das mafias.

La Audiencia Provincial de Madrid le condenó a 30 años de prisión y el Tribunal Supremo ha confirmado ahora esta condena, ejemplar en un delito difícil de probar que suele acabar con la absolución de los acusados, especialmente si se trata de grandes jefes que dirigen el negocio a través de múltiples mandos medios. ("El Supremo confirma los 30 años de condena para Cabeza de Cerdo", 16 de novembro).

La tolerancia con la prostitución forzada empieza a resquebrajarse. Los tribunales dieron ayer un gran varapalo a las redes de explotación sexual al dictar una sentencia ejemplar para Cabeza de Cerdo, considerado uno de los grandes proxenetas de Europa. Ioan Clampanu, como se llama el hombre que llegó a controlar a la mayoría de las mujeres prostituidas en la Casa de Campo de Madrid, fue condenado a 30 años de prisión. ("Mazazo judicial al proxenetismo", 21 de febreiro).

O testemuño das vítimas de trata que declararon contra Camplaru é destacado, en consecuencia, pola súa valentía.

Y en ambos se ha vencido uno de los principales obstáculos a la hora de perseguir estos delitos: el silencio de las víctimas. Estas, la mayoría mujeres, no suelen denunciar ni declarar contra sus explotadores por temor a su seguridad. La condena a Cabeza de Cerdo ha sido posible por la declaración de cinco testigos protegidas. Aunque sólo dos de ellas testificaron en la vista oral. También hay testigos en el caso de La Jonquera. ("Mazazo judicial al proxenetismo", 21 de febreiro).

Os éxitos na persecución das mafias son contextualizados en *El País* no marco da reforma penal de 2010 (que desliga o delito de trata e explotación sexual do tráfico de persoas, o que implica recoñecer que a trata tamén se pode dar nas fronteiras do propio Estado) e da elaboración do Plan contra a trata de persoas con fins de explotación sexual de 2008, durante a última lexislatura socialista. Tal encadre faise consultando a fontes expertas. Así o vemos na entrevista á fiscalía Patricia Fernández Olalla, que forma parte da información, a case dúas páxinas, sobre a condena de 30 anos a Ioan Clampanu. Fernández Olalla cualifica de "gran avance" para a persecución das mafias a modificación da lei.

Con la reforma del Código Penal se penaliza por primera vez en este país el delito de trata de seres humanos, que comprende una de las principales modalidades: la trata con fines de explotación sexual. Esto permite perseguir conductas que antes quedaban fuera de la persecución penal. Además, se ha modificado la ley de extranjería para proteger a las víctimas de trata. ("Hace falta una legislación de protección de víctimas y testigos", 21 de febreiro).

Esta fiscalía, especializada en estranxeiría, reclama unha lexislación que protexa as vítimas, de modo que non se absteñan de denunciar ou declarar por medo (problemática

á que se fai referencia en máis informacións, tal e como vimos), dado que o seu testemuño é, en España, fundamental para chegar a demostrar o delito.

En España, la mayor parte de las ocasiones se considera que la prueba fundamental en estos casos es la declaración de la víctima. Tanto las normas de la Unión Europea como el Consejo de Europa insisten en que hay que cambiar eso para tratar de buscar pruebas al margen de la declaración de las víctimas y no sustentar en ellas la base del juicio. Pero hoy en día todavía lo son. Y lograr que denuncien y declaren no es tan fácil, por eso para conseguir que lo hagan hay que darles un entorno de protección. ("Hace falta una legislación de protección de víctimas y testigos", 21 de febreiro).

As deficiencias na loita contra a trata son achacadas, porén, á insuficiente aplicación do plan aprobado polo goberno socialista en 2008. Díse no editorial "Mujeres en el infierno" que

lo más llamativo de este infame negocio no es solo su dimensión, sino la falta de una respuesta contundente a nivel social y político. España, que se dotó hace tres años de un plan contra la trata de seres humanos para su explotación sexual, ha hecho avances, pero son insuficientes. ("Mujeres en el infierno", 20 de febreiro).

De modo máis explícito, na información "Vítimas de la trata, encerradas en los CIE", denuncia o mal funcionamento das políticas que se estaban a levar a cabo nese momento, en 2012, o que atribúe a unha mala posta en práctica do Plan aprobado en 2008 polo goberno do PSOE. Na nova, dáselle voz á organización de protección de dereitos humanos "Women's Link Worldwide" que, no día anterior, entregara un informe á Defensora do Pobo sobre a situación das mulleres nos Centros de Internamento de Estranxeiros, e a presenza, nos mesmos, de vítimas de trata.

El Gobierno aprobó a finales de 2008 un plan integral de lucha contra esta lacra, en el que se incluyen medidas para asistir e identificar a las víctimas. Sin embargo, según las organizaciones, no todas las mujeres que han llegado a España esclavizadas y que son detectadas por la policía son identificadas como víctimas potenciales. Eso les priva del periodo de reflexión de 30 días que marca la ley para identificar a sus verdugos y de la asistencia económica y legal especializada.

Los responsables del ministerio del Interior y de Sanidad, Asuntos Sociales e Igualdad, responsables del plan contra la trata, rehusaron ayer valorar el informe. También aclarar si el reglamento que prepara Interior para los CIE incluirá referencias a las posibles víctimas de trata. ("Vítimas de trata, encerradas en los CIE", 30 de maio).

Obsérvase, en 2012, unha humanización do discurso sobre a trata. As vítimas non son só meras referencias dunha nota policial. O xornal expón casos concretos e historias de vida, como as das vítimas de "Cabeza de Cerdo" que o denuncian ante a xustiza, ou a loita da "nai coraxe" arxentina, Susana Trimarco, que chega a disfrazarse de prostituta para conseguir dar cos captores da súa filla, o que é enmarcado como unha odisea:

María de los Ángeles Verón Trimarco (Marita) tenía 23 años aquel 3 de abril de 2002 en que desapareció en San Miguel de Tucumán. Lo que vino después fue una odisea que sirvió para que la sociedad argentina descubriera las condiciones de esclavitud que padecen hoy en día las mujeres en cientos de prostíbulos. Daniel Verón, su padre, fue víctima de una depresión que ya le perseguiría hasta la muerte, en 2010. La madre siguió luchando por sentar a los sospechosos en el banquillo. ("Acaba sin culpables el juicio impulsado en Argentina por una mujer que perdió a su hija en redes de prostitución", 13 de decembro).

El País dálle ampla cobertura ao xuízo tanto no seu inicio, en febreiro de 2012, como na súa conclusión (o proceso remata coa absolución das persoas acusadas). É, coincidindo co comezo do xuízo, cando publica o editorial "Mujeres en el infierno". A historia de Susana Trimarco e da súa filla desaparecida nas redes de trata, Marita Verón, conmove e é empregada de base para un discurso punitivo, que implique maior persecución contra as mafias. A "nai coraxe" abrolla como un símbolo de dor e de loita, que está en relación coa concepción da maternidade no noso contexto cultural, unha concepción segundo a cal nai só hai unha, unha nai ha de dalo todo polos seus fillos e fillas, e a súa perda é a máxima dor para ela. Recursos como as enumeracións e as gradacións reforzan a intensidade da traxedia. A escolla léxica (a utilización de verbas como lograr, como no titular "Susana Trimarco, la "madre coraje" argentina, ha logrado llevar a juicio a una red de raptos de chicas para su prostitución", reforza as dimensións da odisea, e as dimensións tamén da decepción trala resolución xudicial ("La madre coraje argentina, Susana Trimarco, sufrió en la noche del martes un revés descomunal", na nova "Una madre coraje desolada", do 13 de decembro).

El País destaca a importancia da loita de Susana Trimarco, reforzando en titulares os seus logros, tanto no que se refire ao número de mozas liberadas ("La madre coraje argentina pierde el caso frente a los presuntos secuestradores de su hija, pero ha liberado a más de cien esclavas sexuales", do 15 de decembro) como no propio feito de terlle dado visibilidade á trata de mulleres en Arxentina ("El empeño de una mujer lleva a juicio a una mafia en Argentina y muestra una realidad oculta", do 16 de febreiro). Neste último titular, a magnitude do conseguido refórzase mediante a referencia a Susana Trimarco como "una mujer", sen maior identificación, e a súa contraposición co concepto de mafia, o que ten por detrás a idea de debilidade asociada ao feminino, que reforza as dimensións do logro.

Predomina, na cobertura do caso de Susana Trimarco, un tratamento xornalístico de carácter interpretativo, que incide en causas, consecuencias e contexto. Como causa da impiedade da que se benefician as mafias de trata apúntase ao respaldo político, xudicial e policial. As consecuencias que sofren as vítimas de trata, mesmo unha vez liberadas, tamén son referidas (drogadiccións, dificultades para recompoñer a súa vida...). O contexto está enmarcado, a nivel local, nun país, Arxentina, do que se nos di que a trata non só era invisible senón tamén un delito impune e, a nivel internacional, na transnacionalidade das redes de trata, que poñen en contacto mesmo Arxentina con España (Susana Trimarco chega a buscar á súa filla en Burgos e Bilbao).

Os relatos, non só o referido a Marita Verón, senón a outras vítimas de mafias, inciden na crueldade dos métodos empregados e nas agresións sufridas polas vítimas. Descártase a posibilidade de que algunha das mulleres "liberadas" puideran ter exercido voluntariamente.

Ante la posibilidad de que algunas de esas mujeres "rescatadas" trabajaran en los prostíbulos por voluntad propia, Susana Trimarco se muestra tajante: "En absoluto. Muchas de esas chicas eran menores de edad. Una de ellas, Danila, tenía 15 años cuando la secuestraron. Y salió ya mayor de edad. Sus padres la buscaban en dirección a Brasil y ella estaba en el otro lado, en La Rioja, en el oeste de Argentina. Pero Danila no sabía ni dónde estaba. Ella veía cómo esos delincuentes hablaban con la policía, con los jueces y decía: '¿Cómo voy a denunciar nada a esa gente?'. Si es que eran los mismos que acudían al prostíbulo a acostarse con ellas. Danila vio matar a chicas ahí adentro. Son esclavas. ("Susana Trimarco, la 'madre coraje' argentina, ha logrado llevar a juicio a una red de raptos de chicas para su prostitución", 17 de marzo).

Non escoitamos porén, nas informacións analizadas neste ano, a voz e as historias de vida das prostitutas de rúa. Non hai, para con elas, esa aproximación empática que amosa o xornal para coas vítimas de trata. Obsérvase unha actitude ambivalente por parte da cabeceira. *El País*, aínda que é crítico coas medidas que propoñen CiU e PP este ano para a prohibición total da prostitución de rúa, tamén o é para coa prostitución de rúa en si, como vemos no artigo "Calles "limpias" de prostitutas", no apartado "El acento", de carácter editorializante, onde a liga á degradación, lembrando as fotografías publicadas por *El País* en 2009 sobre o exercicio explícito da prostitución na Ciutat Vella catalana.

La calle es de todos y hay muchas cosas que no se pueden hacer en ella. Las imágenes publicadas hace un tiempo por este diario de prostitutas ejerciendo en rincones y portales de Ciutat Vella mostraron un nivel de degradación que no debe tolerarse.

Criticase en *El País* o endurecemento das multas a prostitutas e compradores de sexo nas rúa barcelonesas, mais non as multas en si, froito dunha ordenanza de civismo aprobada polo goberno tripartito conformado por PSC, ERC e ICV. "Es ese marco, aprobado por el anterior gobierno tripartito de la ciudad, el que ahora se quiere endurecer", relátasenos na información "Barcelona impulsa la prohibición total de la prostitución callejera", do 22 de marzo, onde se recollen diversas voces críticas con tal endurecemento, como o colectivo Genera, o Colexio de Abogados de Barcelona ou, xa ao interior do propio concello, os servizos técnicos da área de Prevención e de Seguridade.

Esa imaxe de degradación, e non só, senón tamén de inseguridade (tanto para as prostitutas como para o resto da veciñanza, ataque á dignidade da muller e mala imaxe para a cidade) está moi presente na representación da prostitución de rúa, da que son paradigmáticas as informacións sobre o auxe da prostitución no concello fronteirizo de La Jonquera. Exemplo do dito é a entrevista "Me siento impotente. No podemos atajar solos la prostitución" a Sònia Martínez, alcaldesa de La Jonquera (Girona)" (25 de xuño), a favor da erradicación da prostitución de rúa a través do Código Penal.

"En la vía pública hay que prohibirla por la vía penal. Y no solo porque da mala imagen, sino porque debemos preservar la dignidad de la mujer y su seguridad. Cuando se suben a un coche, no podemos controlar quién va dentro."

A representación ligada á inseguridade esténdese á prostitución de club na abordaxe informativa que se fai sobre o macroprostíbulo aberto en La Jonquera, que consegue especial atención mediática, tamén de *El País*. O xornal destaca a condena que recae sobre o seu dono por transporte ilegal de mulleres desde Brasil para a súa prostitución, e retrata as loitas entre mafias na nova sobre a colocación dun artefacto explosivo diante do local.

Los investigadores sospechan que este y los anteriores ataques están relacionados con un ajuste de cuentas entre los amos de la prostitución en una zona muy disputada, que cada fin de semana acoge la llegada de cientos de clientes, la mayoría franceses. Los episodios de violencia preocupan a los vecinos y a la policía, que teme la irrupción de grupos organizados y armados en la pugna por el control del negocio del sexo. ("Asedio al mayor burdel de Europa", 25 de decembro).

Porén, o feito de que o dono do macropostíbulo Paradise estea condenado non impide que *El País* lle dea voz na súa información sobre o sucedido, presentándoo ademais, non como proxeneta, senón como "empresario" do prostitución.

El empresario de la prostitución afirma que no sabe quién está detrás de los ataques. Pero admite que la apertura de su local ha mermado los ingresos de otros pequeños burdeles de la zona. "Dicen que el pez grande se come al pequeño y sé que la competencia lo ha notado, porque mi local es grande, hay muy buen ambiente y muchas chicas y somos los que más trabajamos de la zona. Sé que es un sector donde hay mucha competencia pero yo no le he hecho daño a nadie, las chicas van donde hay trabajo". ("Asedio al mayor burdel de Europa", 25 de decembro).

Este ano, a representación da prostituta como vítima, predominante, ten o seu oposto na prostituta de luxo, que aparece rodeada dun discurso que etiquetarei como o da "pretty woman", en alusión ao filme estadounidense: a prostituta que, a través do comprador de sexo, consegue o éxito. Tal é a representación que se fai de Zahia Dehar, a moza que colle sona en Francia tras desvelar terse prostituído cos futbolistas Ribéry e Benzema, da selección gala, sendo menor de idade. Dehar é protagonista, en *El País*, de dúas reportaxes ("De Benzema a Lagerfeld", do 30 de xaneiro, e "Y la cortesana puso Francia sus pies", do 25 de agosto), nas que aparece rodeada dun entorno de "glamour" e éxito. Reconvertida en deseñadora, cunha exitosa incursión no mundo da moda apadriñada por modistos como Lagerfeld, Zahia Dehar é representada como unha cortesana moderna, rodeada dos valores da seducción e a feminidade, segundo os cánones tradicionais do que por tal se entende. Aparece identificada con dous símbolos da feminidade segundo os estereotipos tradicionais de xénero: a Cincenta (a princesa que acada felicidade e riqueza grazas ao príncipe) e a Barbie (a muller como corpo, como obxecto de desexo a ollos masculinos, cinguida a determinados cánones de beleza estipulados socialmente).

Ella explicaba al diario *Libération* que su cuento favorito de pequeña era *La Cenicienta*. Cuando conocía a alguien, lo primero que le preguntaba era si sabía la historia. Con 20 años, puede presumir de haber vivido su propio cuento. ("Y la cortesana puso Francia a sus pies", 25 de agosto).

Ella misma salió de una enorme caja de muñeca Barbie luciendo un vestido transparente cubierto con pétalos y cristales que apenas esconden las partes más íntimas, y que la actriz Vanessa Paradis se ha atrevido a lucir en un reciente reportaje. ("Y la cortesana puso Francia a sus pies", 25 de agosto).

Os dous titulares dedicados a Zahia Dehar sintetizan esta representación ligada a conceptos vinculados á feminidade tradicional. O titular "Y la cortesana puso Francia a sus pies" bota man da idea da seducción como "arma de muller", cun poder tal que, con ela, Dehar é quen de poñer a todo un país, Francia, aos seus pés. O segundo dos titulares "De Benzema a Lagerfeld" ten por detrás a idea do home como titorizador, salvador ou chave do éxito da muller. Se Zahia Dehar chega a ser o que é, vén a dicírsenos, é, debido en boa medida a homes como o futbolista Benzema, grazas ao cal sae da súa anterior vida, e o modisto Lagerfeld, que a apadriña na súa nova etapa vital, ligada ao mundo da moda. En definitiva, indícasenos que o éxito de Zahia Dehar está ligado tanto á súa relación cos homes como ao uso das súas "armas de muller".

Ao igual que no caso de Zahia Dehar, en Italia, Karima El Mahroug, coñecida como "Ruby", salta á fama por ter participado nas festas sexuais organizadas por Silvio Berlusconi cando ela era menor e el ocupaba o cargo de primeiro ministro. O asunto é

abordado, en *El País*, entre a crónica rosa, na forma, e a crónica política, no fondo. Aínda que hai unha clara vontade de interpretación política na información, porén, en varios casos as pezas son publicadas na sección Gente, encabezadas por titulares que inciden en aspectos persoais de El Mahroug ("Ruby vende su papel de madre para alejarse de Berlusconi", do 9 de marzo) ou acompañadas de posados seus.

Contra esa imaxe glamurosa da prostitución pronúnciase a escritora Gemma Lienas, no seu artigo "La pobreza alimenta la prostitución" (12 de setembro), recollido no apartado "La cuarta página", da sección de Opinión, no que a pobreza, e mais en concreto, a feminización da pobreza (pois o artigo está vertebrado en base á perspectiva de xénero), e mais a trata, son recollidos como principais factores causais da prostitución. O artigo está influenciado polo discurso abolicionista en canto que fai referencia fundamentalmente á prostitución forzada, á que considera maioritaria, tanto de maneira directa (trata) como de maneira indirecta (pobreza). Lienas bota man de termos de influencia abolicionista como "mujeres en situación de prostitución. A súa presenza nun relevante apartado da sección de Opinión, "La cuarta página" (a cuarta páxina da sección) e, unha vez máis, mostra da importancia que o discurso abolicionista ten en *El País* este ano. A escritora procura desmontar, cos argumentos referidos, o discurso da "pretty woman", ao que antes aludimos:

Pero antes, si a usted le viene a la cabeza el recuerdo de una mujer bien vestida y con cierto barniz cultural apareciendo en un plató de televisión para presentar su último libro donde cuenta cómo se ha hecho rica ejerciendo de meretriz, borre esa imagen ya que poco tiene que ver con la que ha fotografiado Salvans, que es, en cambio, paradigmática de quienes ejercen la prostitución. Si por casualidad recuerda aquella estupenda Julia Roberts en la tramposísima película que es *Pretty Woman*, olvídelas también; las mujeres como Soledad no acostumbaban a hospedarse en una suite del Palace, con un tipo que está como un queso y cuya visa no se funde nunca. ("La pobreza alimenta la prostitución", 12 de setembro).

A figura da prostituta de luxo ten o seu correlato no comprador de sexo con destacada presenza pública e, en casos como o de Berlusconi e Strauss-Kahn, con elevadas responsabilidades políticas. Tanto na abordaxe mediática dos escándalos de Berlusconi en relación coa prostitución como nos ligados a Dominique Strauss Kahn, o xornal acomete unha abordaxe contextualizadora e interpretativas. No caso Ruby, fai crítica da cortina de fume que a prensa do corazón está a tecer e apunta á gravidade da actuación de Berlusconi ("El caso Ruby es un asunto muy sucio, por mucho que la prensa rosa italiana se empeñe en lavarle la cara con agua y jabón", en "Ruby vende su papel de madre para lejarse de Berlusconi", do 9 de marzo). No que respecta a Dominique Strauss Kahn, nas súas crónicas políticas, *El País* analiza as repercusións tanto para a carreira política ao que fora candidato á presidencia da República como para o devalar da vida política francesa e, máis en concreto, de cara ás eleccións presidenciais. Porén, e ao igual que en ABC, na cobertura deste caso e, ao contrario do que acontece co caso Ruby, a crónica política non se mestura coa crónica rosa, do que é representativo o feito de que as informacións sobre Dominique Strauss Khan sexan inseridas na sección Internacional, e non en Gente. A lectura política, porén, é diferente da de ABC, pois faise referencia á utilización política do caso para desbancar ao socialista Hollande na loita pola presidencia da República francesa.

"¿Justicia lenta? ¿Mera coincidencia? ¿Cortina de humo? ¿Poder mediático mediatizado por el Elíseo? Imposible saberlo, pero lo que hoy parece evidente es que si

los socialistas vuelven a la presidencia de la República 17 años después, le deberán una buena parte del triunfo a Nafisatou Diallo.

Ironías del destino, si aquello fue una trampa como sostiene DSK, el beneficiario no será Sarkozy, sino Hollande, su actual rival. ("El material del que están hechos los sueños de DSK", 26 de febreiro)."

Porén, en ambos os dous casos, a figura do comprador de sexo é abordada con ton crítico e cun enmarcado en negativo. Así, a Berlusconi faise referencia nunha información de *El País* como "el poderoso viejo verde" e Dominique Strauss Kahn é descrito, con sarcasmo, como "el gran exjefe del socialismo caviar", ao igual que o é o grupo de persoas (empresarios, directivos de hotel, un xefe de policía, un avogado e un proxeneta dono de varios burdeis), aos que o xornal se refire como o "selecto círculo de citas y amistades que el prestigioso economista frecuentó con fervor y ahinco" e "una corte provinciana, masona, libertina y atrabiliaria que, según revelan las escuchas policiales (desde 2009), usa con soltura la jerga de la bofia y del submundo putero" ("El material del que están hechos los sueños de DSK", 26 de febreiro). Neste enmarcado en negativo, destácase o discurso cousificador do suposto comprador de sexo e das persoas que lles facilitan o acceso a prostitutas de luxo. Nos fragmentos que *El País* reproduce das conversas que son interceptadas pola policía, as mulleres que exercen a prostitución son identificadas como "material" ou "regalo". *El País* leva, así mesmo, ao encabezado dunha das informacións o que describe como "trato bastante violento" cara ás prostitutas e que, tal e como se desenvolve no corpo da información, podería ser identificado como violación. Que non o sexa, que nin sequera sexa identificado como agresión sexual, ten por detrás a concepción implícita de que, na compra venda de sexo de pago non existen as violacións, porque en canto á prostituta se lle paga, hai licencia libre para calquera tipo de práctica.

Una de ellas, Marion, incluso explicó a la policía belga que trató en vano de oponerse a una práctica impuesta por DSK en diciembre de 2010 en Washington y que fue el empresario David Roquet, otro de los imputados, quien la retuvo agarrándola por las muñecas. El servicio de escort no es la prostitución de 30 euros. Es raro encontrar personas que falten al respeto, como lo hicieron DSK y Roquet”, declaró Marion. “Nunca hubo relaciones forzadas o impuestas”, se defendió DSK. ("Las fiestas salvajes de Straush-Kahn", do 29 de marzo).

Porén, esta cautela terminolóxica non existe cando a información se refire a persoas de clase social baixa que incorren no mundo do delito. Así sucede na información "Dos bandas atacan clubes de alterne y abusan brutalmente de las mujeres" (20 de febreiro).

En al menos una ocasión alguna de las chicas tuvo que ser intervenida quirúrgicamente por la brutalidad que utilizaron los asaltantes en las violaciones, según el relato de un afectado. “Las dejaron en la cocina y luego les hicieron de todo. Las chicas tan solo llevaban sujetadores y tansas”, añade este afectado, que pide mantener el anonimato".

Na cobertura que, sobre a prostitución, fai *El País* este ano, tamén se lle dá entrada a informacións sobre corrupción policial, o que podemos ver nas novas "El salto de Jordi al lado oscuro", 6 de abril, "Readmitido un policía que se enfrenta a 44 años de cárcel", do 23 de agosto, "Un policía municipal de Madrid, detenido por dirigir una red de prostitución" (14 de abril) e "La corrupción que nació en un burdel" (29 de setembro). A abordaxe céntrase nos casos particulares, nos motivos que conduciron á corrupción a determinados cargos policiaais, atendendo en boa medida ás propias fontes

policiais, que apuntan a factores causais externos que levan a que policías de conduta profesionalmente correcta se pasen a prácticas corruptos. Son factores como a tentación do diñeiro fácil, a ambición e as malas influencias, tanto doutros compañeiros do corpo corruptos como das propias mulleres. A muller como tentación está presente na información "Un policía municipal de Madrid, detenido por dirigir una red de prostitución" (14 de abril), na que se alude a unha muller prostituta, de quen se nos indica a súa nacionalidade, ao ser identificada como "la paraguaya Esther Rotela", de modo que a tentación que leva á caída no delito non é só asociada a unha muller senón tamén a unha muller estranxeira. Porén, en ningún caso se chega a unha análise máis ampla sobre a problemática de corrupción policial ligada á prostitución.

“Era un buen trabajador que nunca llamaba la atención y que hacía su trabajo de forma normal, sin causar problemas”, señalaron fuentes sindicales. “Parece que fue la mujer la que le metió en este negocio de la prostitución y que él la siguió”, añadieron. ("Un policía municipal de Madrid, detenido por dirigir una red de prostitución", 14 de abril).

O discurso da prensa de sucesos perde fol este ano, a prol dunha información máis reflexiva, interpretativa e volcada cara á axenda política. Nela, a atribución explícita do rol delictivo a persoas de nacionalidade estranxeira (en especial homes, que fan das mulleres, tamén estranxeiras e nalgún casos compatriotas, vítimas) segue estando vixente. Tal puiden comprobar xa na cobertura da detención e xuízo de capos da mafia, como "Cabeza de Cerdo", de orixe rumana, e tal podemos ver na nova "Dos bandas asaltan clubes de alterne y abusan brutalmente de las mujeres" (21 de febreiro):

Las mujeres han podido identificar el origen de los ladrones a través de sus acentos y al color de su tez. Aseguran que los dos grupos están compuestos por ecuatorianos, dominicanos y colombianos, entre otros.

Non aparece, porén, o discurso explícito en ABC con relación a unha nova similar: o carácter anti-español das bandas inmigrantes que estaban a asaltar burdeis ("Un violador a su víctima: "Esto, de parte de los Hermanos Latinos", ABC, 24 de febreiro).

A prostitución masculina ou transxénero apenas ten presenza este ano e non encontramos, polo tanto, un discurso elaborado ao redor da mesma, a non ser en declaracións tanxenciais en informacións centradas noutros temas, como acontece coas que realiza Susana Trimarco, no relato da súa incursión no mundo da prostitución para localizar á súa filla. O seu é un discurso empático para coas persoas transxénero que exercen a prostitución e no que se apuntan, ademais, os abusos do que son obxecto.

La madeja de datos que fue enhebrando Trimarco para sentar a esas 13 personas en el banquillo fue a base de ganarse la confianza de quienes habían sido compañeras de su hija. “Me ayudaron mucho unos travestis con los que conviví en [la provincia argentina de] La Rioja. Pude ver el maltrato físico y psicológico que los proxenetas, hombres y mujeres, que también las hay, hacen a estas personas. Las obligan a drogarse, las golpean, las endeudan para que nunca puedan salir de ahí, les roban su documento de identidad...”. ("Así como yo no tengo paz, tampoco ellos la van a tener", 17 de marzo).

CAPÍTULO 7. CONCLUSIONES

Chega o momento de, tras unha longa travesía, afastarse do bosque para poder facer síntese dos achados alí atopados e concluír, no seu dobre sentido, o que implica volver ao principio deste periplo investigador para facer síntese e poder pechar. Mirar ao retrovisor implica, neste caso, recuperar as hipóteses de investigación, que foron piar e guieiro do traballo de campo, para comprobar en que medida este nos permitiu comprobalas ou refutalas.

7.1. A VALORACIÓN DO FENÓMENO

Hipótese nº1, en relación coa valoración do fenómeno: A presenza de informacións sobre prostitución na axenda do medio e a relevancia das mesmas incrementáse cando, dende as políticas públicas, existe unha liña de traballo constante e definida, é dicir, cando a prostitución forma parte da axenda política.

É preciso determinar, en primeiro lugar, en que grao a prostitución forma parte da axenda en cada un dos períodos analizados, e como isto inflúe na presenza de informacións ao respecto na prensa, de cara a comprobar se existe unha correlación entre axenda política e axenda mediática. Os resultados amosan que tal correlación existe, aínda que con matizacións. Os anos con máis pezas publicadas tanto en *El País* como en ABC coinciden con momentos de actuacións políticas importantes ao respecto. Así, a recuperación do concepto de corrupción de menores no Código Penal reformulado polo PP en 1987 coincide co ano en que ABC publica máis unidades redaccionais sobre prostitución, así como a aprobación do Plan contra a trata de persoas con fins de explotación sexual, en 2007, e por parte do goberno socialista, é coincidente co período en que *El País* lle dá máis cobertura mediática ao comercio sexual.

Porén, cómpre ter en conta que non é este aspecto (a influencia da axenda política na mediática) o único que determina unha maior presenza da prostitución na axenda mediática, dado o peso que, en ambas as dúas cabeceiras, ten a crónica negra e a crónica xudicial, así como a influencia de factores externos, como a redución do número de páxinas motivada polo contexto de crise económica dos últimos anos. Polo tanto, non podemos establecer unha correlación lineal entre maior presenza da prostitución na axenda política e maior visibilidade tamén na mediática. En segundo lugar, a presenza da prostitución na axenda política non inflúe tanto no aumento do número de pezas publicadas como en: 1) a relevancia que se lle dá, que si se incrementa nos dous últimos anos analizados; 2) a abordaxe que se fai das mesmas, dende unha perspectiva máis reflexiva e interpretativa, con cabida para o debate, informacións amplas e xéneros como a reportaxe, dende o 2007 para acó, así como na introdución na axenda mediática de maneira estable de temas que veñen marcados dende a axenda política, como acontece, de modo claro, coa trata de mulleres con fins de explotación sexual.

Como comentaba ao principio, para analizar a correlación entre a axenda política e a axenda mediática cómpre concretar, en primeiro lugar, a evolución da primeira delas ao longo dos anos analizados, para logo determinar a pegada deixada na cobertura mediática da prostitución.

No primeiro dos anos revisados, o 1977, a prostitución non forma parte dunha axenda política que, neste momento, está en construción, en pleno proceso de transición política. A prostitución está lonxe de ser unha prioridade no debate político. Ademais, a invisibilización a que fora suxeita durante o franquismo está en correlación coa escasa visibilidade que consegue ese ano nos dous xornais analizados, *El País* e ABC. Lembremos que, tras o decreto de 1956, que elimina as casas de tolerancia, e a adscripción do Estado español, aínda que de maneira imperfecta (canto que persisten as sancións ás prostitutas), ás teses abolicionistas da ONU, a prostitución adopta formas máis clandestinas (González del Río, p. 52). En 1977, sabemos das problemáticas relacionadas co contexto político legal da prostitución a través das propias persoas que exercen a prostitución (cuxas voces son recollidas por *El País*) que poñen o foco na Lei de Perigosidade Social, en virtude da cal poden ser sancionadas mesmo con prisión. ABC referirase a tal contexto nunha única peza, na que ofrece a versión oficial a través dunha entrevista ao maxistrado de Perigosidade Social, Manuel Rico. En todo caso, a iniciativa de informar sobre o contexto político-legal relacionado coa prostitución non parte das fontes institucionais, senón do propio xornal que, dependendo da súa postura político-ideolóxica, aborda ou ben o tecido cívico (no caso de *El País*) ou ben as institucións do Estado (como acontece con ABC).

Dez anos despois, a presenza da prostitución na prensa aumenta exponencialmente. Este incremento non está conducido pola axenda política, senón fundamentalmente por outros dous factores: a crónica negra e as protestas veciñais xurdidas da alarma social xerada a partir da crise da SIDA, á que os medios contribúen. A actitude política é reactiva. O estamento político-institucional reacciona a tal alarma social máis con propostas ca con medidas pechadas, que inciden nunha perspectiva regulatoria que abonda en aspectos que nos remiten ao contexto do primeiro franquismo, como a zonificación ou as revisións sanitarias. A prostitución é obxecto de interese político, pois, na medida en que supoña unha ameaza para o que se considera o Nós normalizado, e obxecto de interese do xornal tanto nese caso como cando, ademais, se pode incardinar no enmarcado da crónica negra ou implique a menores.

É en 1997 cando, por primeira vez, percibimos unha presenza continuada, e non puntual, da prostitución na axenda do debate e a acción política. Xa non estamos ante propostas reactivas senón ante unha estratexia político-institucional. O obxecto de interese, neste caso, é a corrupción de menores, e a reforma que, co fin de recuperar esta figura, o goberno do PP á fronte do Estado pretende facer do Código Penal aprobado en 1995 nos últimos meses da anterior executiva socialista. Este incremento da atención á prostitución de menores nos medios reflíctese tanto naquelas informacións que, de modo directo, abordan a medida política, como na cobertura que se fai de casos concretos, como o descuberto ese ano en Barcelona en relación coa corrupción de menores, ou nun xuízo de gran transcendencia mediática como o Caso Army. En ABC, que amosa un claro apoio á medida que pretende adoptar, e que finalmente adoptará, o goberno popular no Estado, este é, de feito, como xa comentei, o ano no que máis información sobre prostitución pública. En ambos os dous xornais, a preocupación pola prostitución de menores na axenda política vai parella a un incremento da abordaxe xornalística deste tipo de prostitución. Así, en ABC, a prostitución de menores está presente no 38,9% do total de pezas en 1987, fronte a unha porcentaxe tamén alta aínda que lixeiramente inferior en 1987 (o 33,6%), e un descenso moi notable en 2007 (o 11,9%). Parella é a evolución en *El País* (dun 29,3% en 1997, sóbese ao 42,5% en 1997 e báixase até o 11,9% en 2007).

O Código Penal de 1995 só transcenderá aos medios, porén, no referido á prostitución en relación coa desaparición no mesmo da corrupción de menores. Non hai debate político, ou non transcende á prensa, sobre o que tal Código Penal supón para a prostitución no seu conxunto, malia a que, en 1995, tal reforma penal implica un afastamento do abolicionismo cunha medida de transcendencia tal como a despenalización do proxenetismo a non ser naqueles casos nos que implique prostitución de menores ou de persoas incapaces. Celia Valiente (2004) dá conta da escasa transcendencia que tal modificación tivo no debate parlamentario previo á aprobación do novo Código Penal, alén a preocupación amosada dende o PP pola protección das e dos menores, e tamén da pouca permeabilidade da area política ás propostas que lles foran chegadas dende o movemento feminista abolicionista. Tal e como acontecía en 1987, non hai unha preocupación política pola prostitución en si a non ser que vaia ligada a aspectos considerados especialmente sensibles, como a protección das e dos menores.

É en 2007 cando, por primeira vez, se detecta nesta investigación que a presenza da prostitución en si, en conxunto, forma parte da axenda de debate e acción política. A Comisión Mixta Congreso-Senado dos Dereitos da Muller e da Igualdade de Oportunidades aproba o informe da ponencia sobre a situación da prostitución no país, de corte abolicionista, e nese mesmo ano anúnciase a elaboración dun plan integral contra a trata. Tanto *El País* como ABC comezan a contaxiarse do discurso abolicionista que asenta no goberno estatal, á fronte do cal está o PSOE, e conta co apoio do principal partido da oposición, o PP. Á súa axenda incorporan a trata de persoas con fins de explotación sexual, que é o foco no que o goberno decide centrar as políticas contra a prostitución, deixando de lado a resolución do debate político-legal sobre a mesma. É este ano, como adiantei con anterioridade, no que se detectan os valores máximos, canto a número de pezas publicadas, en *El País*, que traslada ás súas páxinas o debate político-legal suscitado polo goberno socialista.

En 2012, o discurso abolicionista aparece plenamente incorporado aos dous medios analizados. Xa non é obxecto de discusión, como acontecía en 2007, ano no que, tanto en *El País* como en ABC, e sobre todo con motivo da resolución da Comisión Mixta, se lle deron entrada a voces con posicións enfrontadas sobre a situación político-legal da prostitución, tanto de corte abolicionista como pro-legalización. En 2012 ese debate semella superado a prol do abolicionismo. A acción política céntrase agora no ámbito local e nas medidas regulamentistas de zonificación. Porén, observamos neste ano un descenso notable da cantidade de informacións publicadas sobre prostitución, que vinculo fundamentalmente á redución no número de páxinas de ambos os dous xornais, dado que o interese ao redor da problemática se segue a amosar nunha abordaxe en maior profundidade.

Os datos confirman os cambios na relevancia, na abordaxe xornalística, e mesmo nos marcos interpretativos (e tamén no discurso, aínda que este será un aspecto que desenvolverei polo miúdo máis adiante).

Canto á relevancia da información, segundo a clasificación elaborada para este estudo e baseada no índice de relevancia BUDD, tanto en *El País* como en ABC, nos primeiros anos da mostra (1977 e 1987), apenas existen pezas que consigan un interese medio-alto, e en ningún caso, amosan para o xornal un interese alto. A introdución da prostitución de maneira destacada nos contidos chega da man, fundamentalmente, a partir de 2007, a partir da introdución do debate ao redor da prostitución na axenda política e do seu traslado á mediática..

No que se refire á abordaxe da información, nos dous últimos anos analizados gaña peso o marco interpretativo relacionado co debate político-legal, que chega a supor o 20,7% sobre o total en ABC en 2012, e o 44,1% en *El País* no mesmo ano. Canto ás temáticas abordadas, tanto en *El País* como en ABC se observa un incremento das categorizadas como debate político-legal e trata de persoas con fins de explotación sexual. Fronte ao 10,7% do total en 1997, o debate político-legal supón en ABC o 15,5% en 2007, e descende ao 9,9% en 2012. No caso da abordaxe da trata como tema, e no mesmo xornal, obsérvase unha evolución dende o 5% en 1997 ao 9,9% en 2007 e o 18,3% en 2012. En *El País*, a presenza do debate político legal como tema increméntase do 9,2% en 1997 ao 23,7% en 2007 e, descende, ao igual ca sucedía en ABC en 2012, neste caso ao 17,6%. A trata de seres humanos con fins de explotación sexual é abordado como tema en *El País* no 9,2% dos casos en 2007 e o 14,3% en 2012, fronte ao 7,2 en 1997.

Así mesmo, increméntase nos dous últimos anos da mostra a abordaxe como tema das informacións, é dicir, transcendendo o mero acontecemento para chegar á análise das problemáticas de fondo. Así, en ABC pásase dun 12,8% de pezas, en 1997, cunha abordaxe alén o acontecemento, ao 17,5% en 2007 e ao 14,3% en 2012. En *El País* o incremento é do 21,4% en 1997, ao 38,5% en 2007 e ao 33,9% en 2012. Este cambio na abordaxe xornalística ten o seu correlato nos xéneros empregados. Increméntase, pois, o emprego da reportaxe, que permite un nivel de afondamento e contextualización maior: En *El País*, do 9,4% en 1997 ao 26,6% en 2007 e ao 13,6% en 2012, e en ABC, do 5,6% en 1997, ao 16,7% en 2007.

7.2. A TEMATIZACIÓN E A CONSTRUCCIÓN DE MARCOS INTERPRETATIVOS

Hipótese nº 2. A construción mediática da prostitución caracterízase por un discurso simplificador reducido a marcos interpretativos ligados maioritariamente ao suceso, que non recolle a complexidade e a diversidade de circunstancias e problemáticas asociadas á mesma e de carácter multidisciplinar (económicas, políticas, legais, culturais...).

Os datos así o corroboraron, tanto en *El País* como en ABC. En ambos os dous xornais, o marco interpretativo dominante é o relacionado cos sucesos, que supón, en *El País*, o 34,3% do total de pezas no conxunto dos anos analizadas, e en ABC, o 38%. Reforza esta ligazón mediática da prostitución co mundo do delito a elevada presenza de pezas elaboradas dende a perspectiva da crónica xudicial, que é o segundo marco interpretativo máis abondoso en ABC, co 23,7% sobre o total, e o cuarto en *El País*, co 10,4%. Porén, como xa foi indicado no anterior apartado, nos últimos anos analizados (2007 e 2012) e, en consonancia coa incorporación da prostitución á axenda política e a preocupación institucional, este marco interpretativo colle peso en ambos os dous xornais, mais sobre todo en *El País*, onde se chega a converter no marco interpretativo dominante en 2012 (ano no que acada ao 44,1% das pezas analizadas).

A presenza doutros marcos interpretativos está moi determinada pola postura ideolóxica do xornal con respecto á prostitución. Deste xeito, en ABC ten maior presenza ca en *El País* o marco interpretativo que denominamos "convivencia cidadá", no que fundamentalmente se abordan as protestas xeradas dende a veciñanza pola presenza de prostitución de rúa nos lugares nos que habitan. ABC sitúase, sempre, do lado da veciñanza, e presenta ás prostitutas como o Outro, o inimigo que cómpre combater. En *El País*, este marco interpretativo supón o 4,6% do total de pezas

analizadas, fronte ao 12,8% en ABC, case o triplo. Porén, a perspectiva social e a humana teñen unha presenza moito maior en *El País* (do 15,3% fronte ao 7,7% ca en ABC para o primeiro dos casos, e do 8,5% fronte ao 0,7% en ABC, no segundo). No marco social, adoitan ser as propias prostitutas ou as asociacións que as atenden as que falan ao servizo dun tratamento xornalístico que pretende facer análise sobre as problemáticas que lles afectan. No humano, as problemáticas ligadas á prostitución cobran forma de historias de vida particulares.

Apenas se aborda a información dende marcos interpretativos ligados a outras disciplinas de especialización, como a económica, a legal, a cultural, a laboral ou a mediática. Apenas ten presenza, tampouco o marco de referencia ligado ao ámbito científico-académico, é dicir, a estudos e investigacións científicas.

Incúmprese, así, unhas das condicións precisas para a abordaxe de calquera realidade social en profundidade e dende o enfoque dun xornalismo especializado, a interdisciplinariedade. Máis no caso dunha realidade social como a prostitución tan complexa e así mesmo tan estigmatizada e simplificada no tratamento mediático. Tal e como apunta Puñal (2007), na súa proposta de recomendacións para a mellora da abordaxe mediática da prostitución, "A prostitución, como calquera realidade, é un crisol no que conflúen múltiples perspectivas. E todas elas han de ser abordadas dende os medios de comunicación para entender a situación actual" (2007, p. 149). Perspectivas como a xurídica, indica, axudariánnos a entender cuestións como as consecuencias da actual situación de alegalidade na que se desenvolve o exercicio da prostitución, a falta de concreción do sistema xurídico no referido á figura dos proxenetas, os subterfuxios legais dos que se valen para evadir a lei, ou as causas que fan que vítimas de trata, tráfico e explotación sexual non se atrevan a denunciar, ou as consecuencias que para elas pode ter o ser, en principio, "liberadas" pola policía se se encontran en situación irregular. Perspectivas como a económica permitirían indagar nos beneficios que reporta a prostitución ao mercado negro e en que persoas e organizacións repercute, analizar así mesmo os beneficios pecuniarios que supón para a prensa, ou reflexionar sobre cuestións como a feminización da pobreza e a súa influencia na evolución do perfil da persoa que se prostitúe. A perspectiva de xénero facilítanos o comprender as relacións de poder entre mulleres e homes, que marcan a prostitución como un espazo altamente estigmatizado e fundamentalmente exercido por mulleres ou por homes e mulleres transxénero que rachan cos roles de xénero impostos dende unha sociedade heteropatriarcal (tal é o caso daqueles homes que se dedican á prostitución de clientela masculina ou daquelas persoas que, nadas varóns, se senten mulleres ou non se consideran incluídas nalgún dos dous xéneros que establece a diferenciación binómica home-muller).

Hipótese nº 3. A tematización mediática da prostitución está en relación, así mesmo, coa tematización que, ao respecto, se faga dende as políticas públicas. É dicir, serán aqueles aspectos que, sobre este fenómeno social, estean máis presentes na axenda política, os que, así mesmo, formarán parte en maior medida da axenda dos medios analizados.

Isto é así só en parte. En 1977, a prostitución está ausente do debate político e é atendida na medida en que, por parte do xornal, haxa vontade de facelo. A iniciativa é, pois, do medio. En 1987, a influencia dáse en sentido contrario. Os medios xeran unha alarma social sobre a SIDA e o papel que pode xogar a prostitución (en particular, a de rúa, e sobre todo a exercida por mulleres transxénero), que fai que as respostas da

administración se dean de maneira vaga e reactiva, pois prodúcense baixo a urxencia provocada por tal alarma social. As medidas propostas polas administracións van na liña, de feito, das reclamadas polos colectivos veciñais e son, polo tanto, de marcado carácter regulatorio.

É en 1997 cando o discurso político institucional colle a iniciativa, mais faino en relación cunha vertente moi concreta da prostitución, a de menores. O debate ao redor da recuperación do delito de corrupción de menores no Código Penal trasládase aos medios, con posturas distintas en *El País* e en ABC. O debate sobre a situación político-legal da prostitución está ausente tanto do debate político, malia á viraxe que tal Código Penal implica ao respecto coa despenalización de varios dos supostos de proxenetismo, como do debate mediático. Para entendela, habemos de remitirnos ao diferente peso do discurso institucional e do feminista en ambos os dous xornais. Tal debate si se produce no seo dos feminismos, aínda que con intensidade escasa, mais estes non son quen de trasladalo á area política. Dado que as fontes político institucionais son as máis empregadas, e dada a escasa influencia dos feminismos como fonte, este debate non chega á prensa, ou ao menos, non se reflicte nela en 1997. Porén, a abordaxe da prostitución de menores, como xa indicamos en relación coa hipótese número 1, si se incrementa neste ano, o que poñemos en relación coa súa presenza no debate político.

A influencia da tematización realizada pola axenda política na mediática é clara nos dous últimos anos analizados na mostra. É a axenda política (o debate no seo da Comisión Mixta sobre a situación político legal da prostitución) a que fai que este debate abrolle tamén na axenda mediática, e é a liña de acción aberta polo goberno na loita contra a trata a que fai que esta sexa máis abordada polos medios, cun discurso que calca en moitos casos o ofrecido polas fontes oficiais, e que é trasladado en pezas noticiosas que trasladan así mesmo a actuación das forzas de seguridade do Estado, impulsada por esa liña de acción goberamental. Así mesmo, o discurso abolicionista, que guía as medidas adoptadas polo goberno estatal co PSOE á fronte, termina por asentarse nos medios como indiscutido en 2012.

7.3. AS MARCAS TEXTUAIS DAS RUTINAS DE PRODUCCIÓN XORNALÍSTICA

Hipótese nº 4. O grao de elaboración propia de información sobre a prostitución é reducido e, ademais, desvela escasa iniciativa do medio á hora de abordar as problemáticas asociadas a este fenómeno social.

A variable empregada para contrastar esta hipótese foi a sinatura. Nunha investigación anterior (Álvarez Pousa et al., 2010), os resultados amosaban que un 26% da información (unha cuarta parte) estaba extraída de axencias, e un 28% aparecía sen asinar. Partindo dese resultado, elaboramos esta hipótese. Aquela investigación, porén, tiña como obxecto de estudo os medios locais (en concreto, os xornais galegos que se publicaban no ano 2009, e mais a radio e a televisión públicas galegas). O feito de que unha parte da información fora de carácter estatal ou se desenvolvera noutros puntos do estado, ou mesmo noutros puntos de Galicia afastados do ámbito de influencia do xornal, e as propias limitacións dos recursos a disposición do medio, poderían explicar o resultado. Mais estas circunstancias non son aplicables a *El País* e ABC. En ambas as dúas cabeceiras, de feito, a porcentaxe de unidades redaccionais asinadas é superior ao 50% (o 55% en ABC e o 63,7% en *El País*) e increméntase de modo notable ao longo do período analizado: en 1977, as pezas rubricadas limitábase ao 16,7% en ABC e ao 21,1 en *El País*.

O recurso a axencias é, pois, en ambas as dúas cabeceiras, baixo. Limitase ao 12,9% en ABC e descende á metade en *El País*, co 6,5%. En ABC descende do 22,2% en 1977 ao 1,2% en 2012. En *El País*, o recurso a axencias é inexistente tanto no primeiro como no último dos anos analizados e chega ao seu pico en 2007, co 9,1% sobre o total de pezas analizadas. A porcentaxe de pezas sen asinar é, porén, moito máis elevada en ABC (o 21,9% sobre o total) ca en *El País* (o 6,5%).

Hipótese nº 5. O discurso mediático sobre a prostitución encádrase fundamentalmente na práctica dun xornalismo de carácter informativo, de modo que apenas se atende a un xornalismo interpretativo e especializado na abordaxe deste fenómeno social.

O xornalismo informativo é aquel que se cingue á resposta ás 5Ws básicas para a exposición do acontecido (que, quen, cando, como e onde). O xornalismo interpretativo, porén, atende tamén aos porqués, á análise do contexto, das causas e das repercusións. A análise da presenza dun ou doutro tratamento xornalístico, xunto co estudo doutras variables, como o tipo de xéneros empregados, a orientación ao tema ou ao acontecemento e as fontes, axudará a dilucidar en que medida ambos os dous xornais apostan por un xornalismo de significación, que non só expoña o acontecido senón que tamén lle dea sentido, e en que grao isto permite avanzar cara a unha abordaxe dende unha xornalismo especializado, e máis en concreto, especializado e cruzado pola perspectiva de xénero, polo que apostei na elaboración dos piares teóricos desta investigación.

Tanto en *El País* como en ABC, a abordaxe xornalística predominante, respecto á prostitución, é a informativa. Entran nesta categoría, de feito, o 72,2% das unidades redaccionais analizadas en *El País* e o 82,5% das que conforman a mostra de análise empregada para o ABC. O recurso a xéneros interpretativos é, non obstante, baixo en ambas as dúas cabeceiras: o 11,6% sobre o total da mostra en ABC, e o 13,3% en *El País*. A diferenza entre ambas as dúas cabeceiras é, porén, máis marcada no que ten que ver co emprego dos xéneros de opinión, que en *El País* (co 14,5%) é case o triplo ca en ABC (o 5,9%).

En consecuencia co dito, o xénero predominante en ambas as dúas cabeceiras é a noticia, que en *El País* é do 60,5% e en ABC acada o 75%. Aqueles xéneros, como a crónica e a noticia, máis apropiados para un xornalismo de significación polo nivel de afondamento que permiten, teñen moita menor presenza. A reportaxe supón o 8,5% do total de pezas analizadas en ABC e o 13,6% en *El País*, e a crónica, o 8,2% en *El País* e o 9% en ABC. En ambos os dous casos, o emprego da reportaxe afiánzase a partir de 2007, no que a prostitución entra a formar parte da axenda política e, polo tanto, da mediática. E, en ambos os dous casos, o marco interpretativo adoptado na mesma será coherente coa liña ideolóxica do xornal respecto á prostitución. O recurso á entrevista é pouco frecuente en ambas as dúas cabeceiras (ao redor do 1% en ambos os dous casos), a pesar da súa utilidade para o desenvolvemento elaborado do discurso da fonte.

A procura de significados non se consegue tanto a partir do emprego dun tratamento xornalístico interpretativo como a partir do recurso a xéneros de opinión. Ambos os dous xornais editorializan sobre aquelas cuestións que, nos anos analizados, marcan a axenda sobre prostitución, e que xiran ao redor de temas como as medidas regulamentistas que se propoñen a raíz da alarma xeral suscitada pola crise da SIDA (en 1987), a prostitución e a corrupción de menores (en 1997), a trata de persoas con fins de explotación sexual (a partir de 2007) e, de novo en 2012, as políticas de

regulamentación da prostitución de rúa. Ademais, en ambos os dous se bota man da voz de articulistas e/ou persoas expertas, aínda que o recurso ao artigo de opinión é moito maior en *El País* (que o utiliza mesmo para incorporar voces non coincidentes coa súa liña editorial) ca en ABC. Así, os artigos de opinión supoñen só o 2% do total de pezas analizadas en ABC, e o 7,3% das recollidas en *El País*.

Se o xornalismo interpretativo se caracteriza polo seu esforzo explicativo á hora de abordar a realidade social sobre a que informa, o xornalismo especializado, que tamén ten nesa procura de significado a súa razón de ser, achega algo máis, a súa capacidade de tematización, de facer visibles realidades que permanecían ocultas, para o cal se acode a metodoloxías próximas ao xornalismo de investigación, a unha abordaxe multidisciplinar da realidade sobre a que se quere informar (sobre o que xa abondei ao falar dos marcos de interpretación), e que leva a transcender os límites das seccións estancas, e polo recurso a fontes expertas, ás que se acode para facer accesible o discurso do coñecemento especializado.

A abordaxe xornalística da realidade social da prostitución como tema (alén o acontecemento puntual e poñendo o foco nas problemáticas de fondo), é do 30% en *El País*, fronte ao 14,2% en ABC. En ambos os dous casos, a abordaxe como tema adoita ir ligada a cuestións que, sobre todo, forman parte da axenda política do momento (como a trata de persoas con fins de explotación sexual) ou de preocupacións que xeran alarma social (como a prostitución de rúa vista como ameaza sanitaria e para a seguridade) e non tanto a realidades novas, ou perspectivas novas desa realidade, canto que alleas aos focos mediáticos. Observamos, nos dous medios analizados, unha falta de tematización propia con respecto á prostitución, de descuberta de novos temas e perspectivas sobre a prostitución alén os suscitados pola axenda política ou polas protestas cidadás.

En ao redor da metade dos casos, a orientación ao tema vai ligada aos xéneros de opinión, non aos propiamente xornalísticos. Iso é así no 47,2% das pezas orientadas ao tema en *El País* e no 39,5 en ABC. É nos xéneros de opinión nos que podemos ver o recurso a fontes expertas, máis que naqueles baseados nunha abordaxe xornalística da información, e no que estas voces poderían ser contrastadas, contextualizadas e, en definitiva, suxeitas ao filtro da ou do xornalista como mediador, cun papel fundamental na ordenación e síntese da información.

O escaso uso de fontes expertas nos contidos informativos, que poderemos comprobar de seguido, impide un tratamento xornalístico especializado da información. Os datos dan a ver como o uso do xornalismo interpretativo no que á prostitución se refire se incrementa nos últimos anos da mostra. Falta, porén, ese salto cara a un xornalismo especializado, que viría facilitado por unha pluralización das fontes, pola incorporación de fontes expertas e polo emprego, no ámbito metodolóxico, do xornalismo de investigación, tanto máis necesario nunha realidade, como a prostitución, tan descoñecida a ollos da sociedade, o que non fai senón afianzar o estigma que a rodea.

Hipótese nº 6. As fontes con maior presenza son aquelas de carácter institucional, o que postulamos tendo en conta: 1) que as fontes institucionais contan con gran lexitimidade para o xornal (Fagoaga, 1994); e 2) a escasa iniciativa do medio á hora de elaborar unha axenda diferenciada ao respecto, con fontes propias, especializadas e trasladándose aos espazos onde se desenvolve o feito ou se manifesta o fenómeno.

En efecto, os datos así o demostran. En *El País*, o 45% do total de fontes consultadas son de carácter institucional, porcentaxe similar á detectada en ABC, co 42%. As fontes gobernamentais son, dentro das institucionais, as máis empregadas por *El País*, mentres que as policiais e as xudiciais son aquelas, de carácter institucional, das que o ABC bota man en maior medida.

En ambos os dous xornais, porén, contan con gran peso as fontes policiais, que supoñen o 41,5% do total de fontes institucionais en ABC e o 33% en *El País*, o que está en relación coa cobertura de informacións de sucesos e sobre operativos policiais. As fontes xudiciais supoñen o 21,3% do total de fontes institucionais en ABC, e o 16,5% en *El País*, o que é acorde coa importancia que ambas as dúas cabeceiras lle outorgan á cobertura de xuízos. As fontes gobernamentais acadan o 34% en *El País* e o 23,8% en ABC.

O emprego de fontes expertas é moi escaso. En ABC só supón o 3,5% e en *El País*, o 4,8%. En ambos os dous casos, as máis frecuentes son as procedentes do ámbito sanitario, o que ten que ver coa alarma social que detectamos en 1987, xerada pola crise da SIDA.

Pouco citadas son tamén as fontes asociativas, fundamentais para a aproximación á realidade da prostitución, dado que estamos a falar de entidades do tecido cívico en moitas ocasións cun coñecemento moi próximo da prostitución, e/ou polo seu carácter asistencialista ou polo seu carácter feminista. Supoñen, en ABC, o 5,6% do total, en *El País*, un chisco máis, o 8,6%.

O escaso recurso a fontes asociativas e expertas é sintomático da práctica dun xornalismo máis reactivo (a aquelas cuestións que están no debate político ou que alimentan a alarma social) que con iniciativa propia e con vontade por descubrir. De feito, tanto ás fontes expertas como ás asociativas adoita acudirse á procura de reaccións que teñen que ver cun determinado acontecemento, non á procura de realidades ou de perspectivas novas da prostitución que permanecen invisibles aos focos mediáticos.

Si localizamos, porén, unha maior presenza das voces dos axentes directamente implicados na prostitución, e sobre todo, das persoas que a exercen, que é recollida tanto do seu testemuño en procesos xudiciais, como naqueles casos no que se practica un xornalismo de campo, é dicir, nos que a ou o xornalista se despraza aos lugares de prostitución. Porén, as informacións elaboradas sobre o terreo, sobre os espazos de prostitución, pretenden, en boa parte dos casos, máis a recreación de ambiente, a achega dunha perspectiva humana ou o labor de contraste da información, que a xeración de coñecemento dende unha perspectiva analítica e non só emocional ou descritiva.

Hipótese nº 7. O discurso xornalístico sobre a prostitución desvela a escasa atención á aplicación da perspectiva de xénero aos procesos de produción xornalística.

Avogamos, nesta investigación, non só pola aplicación do xornalismo especializado como estratexia para afondar na realidade, senón tamén polo seu emprego cruzado dende unha perspectiva de xénero, tanto máis no que á problemática que se refire nos ocupa, a prostitución, pois está afectada de raíz polas desiguais relacións de poder entre homes e mulleres, que fan que sexan precisamente mulleres a maior parte das persoas que exercen nun dos ámbitos máis socialmente estigmatizados. Entendemos, para esta investigación, que unha unidade redaccional conta con perspectiva de xénero cando nela se abordan as diferenzas entre a situación de mulleres

e homes con respecto ao fenómeno da prostitución, ou aquelas problemáticas que lles afectan de maneira específica a unhas e a outros en función do seu xénero.

En *El País*, tan só detectamos a perspectiva de xénero no 2,1% das pezas analizadas. En ABC, no 1,2% das unidades redaccionais. O emprego da perspectiva de xénero, tanto en *El País* coma en ABC, é escaso, e en varios casos, no que a *El País* se refire, chega a través das e dos colaboradores externos que asinan os artigos de opinión, ou mesmo de persoas que lle escriben ao director, e que amosan unha clara conciencia feminista. Isto acontece en *El País* nun terzo das pezas con perspectiva de xénero localizadas. En ABC, o emprego da perspectiva de xénero é menor e ten que ver tanto cunha escasa utilización da mesma por parte da redacción, como polo feito de que, nas súas páxinas de opinión, as voces feministas non teñan entrada, como si acontece en *El País*.

7.4. A ACTORIALIZACIÓN

Hipótese nº 8. As persoas que exercen a prostitución son actrices sen voz (é dicir, son actrices, pero non fontes) no discurso informativo dos medios analizados. Sobre elas fálase mais apenas se deixa que falen.

Tanto en *El País* como en ABC, a presenza das persoas que exercen a prostitución como actores (como actores pasivos en case a metade dos casos) é superior á súa presenza como fontes. En ambas as dúas cabeceiras, as persoas que exercen a prostitución son actores e actrices maioritarias nos contidos da información, mais isto non ten o seu correlato na súa presenza como fontes, pois son, con gran diferenza, as fontes institucionais (que, como xa comentamos, superan o 40% sobre o total de fontes en ambas as dúas cabeceiras) e non as persoas que exercen a prostitución, as máis presentes. Vexámolo en datos. En ABC, as persoas que exercen a prostitución supoñen o 26% do total de actores e o 9,3% das fontes. En *El País*, porén, esta diferenza é menor, posto que ás prostitutas se lles dá voz en máis ocasións. Son, en total, o 20,6% do total de actrices e actores rexistrados nas unidades redaccionais que conforman a mostra e o 13,8% das fontes.

O feito de que, en *El País* esta diferenza sexa menor ten que ver coa maior presenza das mulleres que exercen a prostitución como suxeito político nos dous primeiros anos da mostra, unha condición, porén, que posteriormente perderán cando, no papel predominante de vítimas, deixen de ser tratadas como suxeitos con voz propia, e moito menos cunha voz colectiva. En *El País*, o ano no que, en maior porcentaxe, son empregadas como fontes, é o 1977. O xornal cobre as accións de protesta das prostitutas en Bilbao pola morte dunha compañeira nunha cela de castigo e a prol da abolición da Lei de perigosidade social. En 1987, a presenza das prostitutas como fontes cae ao 15%, mais aínda podemos seguir a escoitar a súa voz como suxeito colectivo, cunha diferenza non menor: agora, esta voz como suxeito colectivo é propiciada por un espazo institucional. Non as escoitaríamos, de feito, como tal suxeito colectivo, se non fora polas xornadas organizadas ese mesmo ano en Madrid, nas que se debate a situación política, legal e social da prostitución en España, cunha visión afín en boa medida á legalización. Nos 90, o seu emprego como fontes cae en picado (só representarán o 9,5% do total de fontes) e en 2007 e 2012 (co 13,5 e o 16,8% respectivamente, sobre o total de fontes) volven recuperar en certo modo a voz, mais non como suxeito político á procura dos seus dereitos colectivos, senón como vítimas e ofrecendo testemuños individuais, polo xeral, ao servizo do discurso que ofrece o xornal.

En ABC, porén, non contarán con tal voz como suxeito colectivo. Non a terán na Transición, onde en ningún caso, en ningunha das pezas analizadas, aparecen como fonte. E co paso dos anos, a súa voz será escoitada sobre todo como vítimas ou como suxeitos marxinais, ese Outro que causa o descontento do que para o ABC é o Nós normalizado. En 1987, representan o 8,5% do total de fontes; o 10,8% en 1997; o 5,1% en 2007 e o 15,3% en 2012. Mostra desa elevada presenza como vítimas é que en máis do 57% dos casos, a súa voz é recollida a través dos seus testemuños en xuízos, o que implica, ademais, que a elas o xornal non acode como fontes de maneira directa, senón a través das súas declaracións nun espazo institucional.

Das persoas que exercen a prostitución, como se indica na hipótese, fálase máis apenas se deixe que falen. Que, sobre elas, sobre todo se fale, ten aínda outra repercusión: o feito de que, en ao redor da metade dos casos nos que aparezan como actoras teñan un papel pasivo e non activo. En ABC, ás persoas que exercen a prostitución adxudícaselle un rol pasivo no 58,1% dos casos en que aparecen como actoras, que se reduce lixeiramente en *El País* ao 49,%. As persoas que exercen a prostitución son, pois, obxecto da acción institucional (que ou ben as vitimiza ou as criminaliza) e da acción dun Outro delituoso e/ou criminal, que as maltrata, as vexa, as converte en mercadoría e mesmo as asasina e que, a partir de 1997, se materializará na figura do home inmigrante que é representado como ameaza, non só para as mulleres da súa mesma orixe étnica, xeográfica ou nacional senón para a sociedade do Estado ao que migran.

Cando as persoas que se prostitúen son axentes, e non pacientes, a súa representación é ambivalente. Ou pode ser marcada en positivo, naqueles casos, por exemplo, nos que se subliña a súa colaboración coas institucións do Estado (por exemplo, nos xuízos contra as redes de trata), ou en negativo. Isto último acontece, por exemplo, na súa caracterización como criminais, en relación coa súa capacidade de iniciativa no sexual e a súa presenza no espazo público, que se vincula á degradación do mesmo e que en ABC mesmo é asociado a verbos como "invadir" ou a substantivos como praga, que reforzan a súa representación como ameaza e a construción dos conflitos coa veciñanza como un auténtico campo de batalla.

O que apenas ten cabida é o exercicio voluntario da prostitución, como unha opción escollida, e non como un espazo de vitimización. É máis, en 1997 e en *El País*, observamos mesmo como se presentan dende o anecdótico e nun ton frívolo e que procura o riso, informacións sobre as reivindicacións dos seus dereitos. A representación do exercicio voluntario da prostitución ten lugar, sobre todo, en dous momentos. Por unha banda, en 1977, en *El País*, ano no que as prostitutas aparecen defendendo os seus dereitos laborais e políticos e no que se lle dá voz a Xaviera Hollander, a autora de *La prostituta feliz*, exemplo do exercicio da prostitución realizado voluntariamente e como trampolín para o éxito. Por outra, en 2007, tanto en *El País* como en ABC, e por dous motivos: por unha banda, o traslado do debate sobre a situación política da prostitución suscitado a raíz das conclusións ás que chega a Comisión Mixta ás páxinas dos xornais, e no que, mesmo en ABC, podemos encontrar voces que, na súa crítica ás citadas conclusións, chegan a amosar unha actitude próxima á legalización. Por outra, a recollida do testemuño das prostitutas que exercen na rúa, en relación coas políticas regulatorias e de zonificación que se están a estender polas principais cidades españolas.

Hipótese 9: As reivindicacións das mulleres que exercen a prostitución chegan aos medios na medida en que a súa voz se faga escoitar a través ou de

organizacións propias ou do discurso doutras organizacións (ONGs, asociacións feministas...) do tecido cívico.

Vimos nos apartados anteriores que o recurso ás persoas que exercen a prostitución como fonte non só é escaso, senón que, ademais, adoita facerse enfocándolas non como suxeitos políticos, senón como testemuños de vida, canto que as súas declaracións non acostuman ir máis aló da súa experiencia individual e adoitan ir enfiadas nun discurso previamente establecido polo xornal, que á súa vez, está determinado polo discurso político e centrado naqueles espazos nos que tal discurso pon o punto de mira. Ademais, ambos os dous xornais acoden directamente ás persoas que exercen a prostitución polo xeral nun espazo moi determinado da prostitución: a que ten lugar na rúa. Apenas vemos testemuños de persoas que exerzan a prostitución en clubs ou en pisos, porque estes non son espazos tan accesibles como o pode ser a rúa (en todo caso, tampouco son inaccesibles, mais acudir a eles suporía un esforzo maior por parte de quen elabora a información) e, ademais, non están no centro do debate político.

É así que, en ambos os dous xornais, as problemáticas das persoas que exercen a prostitución, as situacións que lles afectan como colectivo, a súa voz, en definitiva, chéganos en diferido, a través daquelas asociacións que traballan con elas. Isto ten outro efecto. Debido á división ideolóxica existente con respecto á situación político-legal da prostitución, as informacións que, a través destas entidades recibimos, están condicionadas pola súa postura ideolóxica. As asociacións abolicionistas defenderán que a maior parte da prostitución é forzada, cuestión que se negará dende aquelas que falen adoptando unha postura pro-legalización. O baile de cifras pode chegar a ser, polo tanto, notable.

O emprego, como fontes, dos colectivos que traballan con persoas que exercen a prostitución, é constatado nesta investigación a partir de 2007. A entrada da prostitución na axenda política, tanto na estatal (co informe da Comisión Mixta Congreso-Senado dos Dereitos da Muller e da Igualdade de Oportunidades) como na local (coas medidas regulatorias propostas polos gobernos de importantes cidades do territorio estatal como Barcelona) fai que os xornais teñan a necesidade de saber como esas medidas poden afectar e, polo tanto, son recibidas, por parte das persoas que exercen a prostitución. É preciso unha voz que fale, non dende as experiencias individuais, senón dende o colectivo, e iso faise a través das asociacións que con el traballan. En 2007, serán Hetaira, dende unha visión pro-legalización, e Apramp, dende unha postura abolicionista, as que teñan máis presenza. En 2012, o abano é un chisco máis amplo, e atopamos tamén voces como as de Genera, a Women's Link Worldwide, ou o proxecto Mujer-Prontera. Tan só nunha ocasión (nunha información en ABC, que titula precisamente coas súas declaracións, "No necesitamos que nos reinserten", do 18 de agosto) se acode a un colectivo en exclusiva de traballadoras do sexo, Aprosex.

É a través dos informes e estudos elaborados dende estes colectivos como na axenda se introducen realidades que adoitan estar á sombra dos focos mediáticos das cabeceiras analizadas. Así sucede en 2007, por exemplo, a raíz do informe elaborado pola asociación Triángulo sobre as condicións nas que se desenvolve a prostitución masculina.

Até 2007, porén, o recurso a entidades que traballan coa prostitución é escaso. En 1977, de feito, é inexistente. En 1987, ABC bota man de Cáritas como fonte de información dun caso de prostitución de menores na localidade de Elda do que ofrece ampla información. Ese mesmo ano, *El País* dálle voz a colectivos de prostitutas estranxeiros, tal é o caso da Asociación polos Dereitos Cívís das Prostitutas Italianas,

aproveitando a súa presenza nas xornadas que nese ano se organizan en Madrid, nas que animan a que en España xurdan colectivos similares que lles permitan ás prostitutas autoorganizarse. En 1997, o recurso a colectivos é practicamente inexistente, tanto en *El País* como en ABC. Localizámolo tan só nunha ocasión, na nova "El escándalo de las zapatillas" (2 de setembro, en *El País*) nun enmarcado de carácter anecdótico, frecuente no tratamento da prostitución neste xornal este ano. Nel acódese de novo á Asociación polos Dereitos Civís das Prostitutas Italianas, mais desta vez non para falar das problemáticas que lles afectan como colectivo, senón para recoller as súas valoracións respecto dun anuncio da multinacional Nike protagonizado por unha prostituta.

Hipótese 10: Os compradores de sexo, malia a ser un dos tres vértices do triángulo da prostitución (conformado por proxenetas, mulleres que exercen a prostitución e aquelas persoas que consomen sexo de pago), están presentes en moita menor medida que proxenetas e prostitutas nos medios de comunicación. Están invisibilizados como actores mediáticos e os medios non adoitan reparar na súa responsabilidade á hora de manter en pé o triángulo da prostitución.

Os datos ratifican o apuntado na hipótese: os compradores de sexo son o vértice menos visible do triángulo que completan proxenetas e persoas que exercen a prostitución. En ABC, os compradores de sexo representan o 10,5% do total de actores/as rexistrados, fronte ao 16%, que supoñen os proxenetas, e o 23% acadado polas persoas que exercen a prostitución. En *El País*, fronte ao 20,6%, sobre o total de actores/as, que supoñen as prostitutas e o 12,9% de proxenetas, os compradores de sexo son o 7,4%.

A súa presenza é aínda inferior como fontes. En ABC supoñen o 3,5% do total de fontes, fronte ao 9,3% representado que acadan as persoas que exercen a prostitución e o 3,7% de proxenetas. En *El País*, son o 1,9% do total de fontes, fronte ao 13,8% que supoñen as persoas que exercen a prostitución e o 4,5% de proxenetas.

Imos agora á segunda parte desta hipótese: "os medios non adoitan reparar na súa responsabilidade á hora de manter en pé o triángulo da prostitución". Neste punto, si atopamos diverxencias entre *El País* e ABC. Ambos os dous coinciden en representar con trazos negativos o comprador de sexo, sobre todo nos últimos anos analizados, a medida que asenta na axenda política e na mediática o discurso abolicionista. Porén en *El País* faise maior fincapé no papel dos compradores de sexo tanto na propia existencia da prostitución e de realidades delituosas relacionadas coa mesma (tal é o caso da trata de mulleres con fins de explotación sexual) como na súa responsabilidade na transmisión de enfermidades de transmisión sexual dada a súa resistencia ao emprego de medidas de prevención. Vexámolo máis polo miúdo.

É en 1977 cando ambos os dous xornais presentan unha imaxe máis en positivo dos compradores sexuais, que contrasta coa marxinalidade que adoita ser frecuente na representación das prostitutas. Nas informacións aparecen clientes polo xeral acomodados, tal e como podemos ver nestes extractos: "En realidade su película es una historia de este tipo, centrada sobre un ejecutivo y un muchacho de baja extracción social" ("Los placeres ocultos", crítica publicada en ABC o 19 de marzo) ou "Bellas muchachas ofrecían sus "favores" a hombres de negocios, turistas adinerados y hasta jeques de emiratos árabes" ("Descubierto en Roma un club de "amables azafatas", 25 de setembro). En *El País*, ese carácter normalizado e integrado socialmente do cliente é presentado cun ton crítico nas pezas de opinión de Francisco Umbral, que falan de altos

cargos do réxime franquista como clientes habituais de prostitución e nas que se relaciona á prostitución cos vicios do sistema capitalista.

En 1987, as persoas que exercen a prostitución son o centro da alarma social xerada a raíz da crise da SIDA. Nelasponse o punto de mira en ABC, e non no comprador, que aparece máis ben como vítima. A referencia á responsabilidade do cliente vén de man dunha fonte experta, no marco dun espazo de debate organizado pola iniciativa institucional, as xornadas de Madrid sobre prostitución. A diferente cobertura que se fai en *El País* e ABC da conferencia da doutora Pilar Estébanez, que fala da necesidade do uso de preservativo por parte dos clientes como medida de prevención, dá conta das diferenzas na perspectiva con que en ambos os dous xornais se enfoca a cuestión. En ABC, o enmarcado da información, titulada "Piden solidaridad para que los clientes de las prostitutas usen preservativos" (8 de abril), vén determinado polos comentarios de quen redacta a información xa dende a propia entradía, que poñen en cuestión, de maneira implícita, a seriedade e credibilidade do que din as fontes:

Sobre el asunto de la prostitución, en este caso femenina, parece que se había dicho casi todo; pero no es así. Ahora de lo que se trata es de realizar una campaña de solidaridad, según la doctora Pilar Estébanez, del Centro de Promoción de la Salud del distrito Centro de Madrid, entre los clientes de las prostitutas para que no renieguen de los profilácticos. "Que no se quede una prostituta sin usuario porque no lleve preservativo", dijo.

O testemuño de María, unha das prostitutas presentes no debate, é cuestionado tamén dende o primeiro momento por querer cobrar polo mesmo:

"Asistir a reuniones de este tipo no deja de tener sus sorpresas. Para empezar avisan las responsables de la organización que la prostituta llamada María, única que se ha dejado ver por estos lares, trabajadora de la madrileña calle de la Montera, cobrará a los distintos medios si estos quieren declaraciones suyas.

En *El País*, baixo o título "Mejorar la situación de las prostitutas, objetivo del debate que se inicia hoy" (7 de abril de 1987), desenvólvense os datos expostos na súa conferencia pola médica, que refutan o estigma das persoas que exercen a prostitución como transmisoras de SIDA acudindo aos datos das análises realizadas a prostitutas non toxicómanas do distrito Centro de Madrid, que amosan que ningunha ten anticorpos de SIDA. Así mesmo, a figura de María, a prostituta que declara para os medios, non é cuestionada e o seu testemuño está recuberto, pois, de maior autoridade.

"Las prostitutas", dijo, deberían exigir el uso de preservativos a los clientes, puesto que ellas, al menos las que no se drogan, no tienen la enfermedad. También se mostró partidaria del uso de preservativos María, una prostituta de la calle de la Montera, que aseguró, sin embargo, que los clientes se niegan a utilizarlos, pese a la tremenda psicosis de SIDA que existe en este sector. "Las prostitutas", dijo, "no tenemos miedo a la sífilis, pero estamos aterradas con el SIDA".

En 1997, pasada xa a alarma social xerada pola SIDA, o foco, no que aos compradores de sexo se refire,ponse nos que o son de prostitución infantil, dos pederastas. Ambos os dous xornais coinciden na súa sanción. Porén, as diferenzas xorden á hora de buscar solucións ao problema. ABC é partidario da proposta do PP no

gobierno de reformar o Código Penal para incrementar os castigos, unha reforma que en *El País*, ao igual que fai o PSOE, se rexeita.

Nos dous últimos anos analizados, asenta en ambos os dous xornais o discurso abolicionista, que considera ao comprador de sexo responsable da existencia da prostitución. Ambos os dous xornais trasladan, nas súas informacións, as políticas regulamentistas adoptadas por varios concellos co fin de, ou reprender (Madrid), ou directamente sancionar (Barcelona e Sevilla) ao comprador de sexo. A diferenza, neste caso, é a recollida de voces, na sección de opinión de *El País*, que valoran o rol do comprador. Son voces, polo xeral, críticas, que inciden na súa responsabilidade na existencia do negocio do sexo de pago. Tal acontece no mencionado artigo de opinión da escritora Gemma Lienas, no que se apunta aos compradores de sexo, aos que se identifica como "puteros" como un dos principais responsables da trata de persoas. Porén, tamén en *El País* e na sección de opinión, podemos encontrar a posición contraria, normalizadora da figura do comprador, no artigo asinado por Maruja Torres, "De putas" (2 de decembro de 2007), onde se diferencia a compra de sexo de pago cando median trata e situación de explotacións, co seu exercicio voluntario, cunha postura a prol da normalización da figura do comprador de sexo neste último caso:

Chismorreaba de literatura con un conocido mío, sentados los dos al amparo de la lluvia junto al ventanal de una cafetería del centro de Barcelona. Comentábamos la prohibición en Irán de *Memoria de mis putas tristes*, de García Márquez, y mi interlocutor, que tiene unos 50 años, me miró, súbitamente compungido.

"Cómo me gustaría volver a ir de putas"- musitó. Y siguió clavando en mí sus ojitos, que eran ya los de un San Bernardo que humildemente se presenta a rescatar a los exploradores después de haber vaciado por su cuenta el barrilillo que contenía el licor salvador.

"Te entiendo" -repliqué-. Si algo lamento de no ser hombre, es haberme perdido el ir de putas, en especial por la conversación, las copas, las confianzas, esos ratos en la barra. Pero tuve la suerte de crecer entre ellas.

Ahora viene el momento de aclarar bien alto, bien sonoro y con fragor de timbales, cual soflama patriótica, que tanto mi conocido como yo estamos en contra de: la prostitución como red de delincuencia organizada. (...)"

7.5. A REFERENCIACIÓN

Hipótese 11: A construción mediática da prostitución amplifica a ollada estigmatizadora sobre quen se prostitúe, e obvia a causalidade estrutural (violencia estrutural, económica e de xénero) na que a prostitución está inserida.

A prostitución como estigma é abordada, socialmente, como unha marca indeleble. "Quien ha sido puta siempre lo será", independentemente de que se produza un cambio de actividade, sinalan López Precioso e Mestre i Mestre (2006, p. 47), aludindo a Petherson (2000). O estigma pégame á pel como unha marca de identidade, a marca coa que o Nós normalizado, integrado socialmente, cre preciso identificar a esa persoa, dado que, como integrante dun determinado colectivo, lle atribúe determinadas características das que se considera que ese Nós debe estar advertido, ou subliña certa posición nunha relación de poder, ao igual que, na Alemaña nazi era marcada a poboación xudía, ou na Grecia clásica se gravaba á poboación escrava. Isto fai que, na información, a persoa que exerce a prostitución sexa prostituta antes que persoa, ao

igual que a muller migrada é inmigrante antes ca muller, o que se amosa na construción (artigo+xentilicio substantivizado).

Se unha muller que exerce a prostitución é asasinada, é moi probable, á luz do que nos amosan os contidos analizados, que sexa identificada nos titulares antes como prostituta ca como muller, a non ser que se dean as seguintes circunstancias: que tal persoa sexa menor de idade; que fora forzada a prostituírse (circunstancia esta última que se acrecenta nos últimos anos da mostra) ou que a ese estigma se lle superpoña outro tanto ou máis marcado en negativo, como o que lle afecta ás mulleres transxénero. De aí que, nas informacións analizadas, sobre todo nos primeiros anos, se faga referencia ao binomio "prostitutas e travestís". Mesmo que as mulleres transxénero exerzan a prostitución, existe a necesidade de identificalas cunha categoría aparte, o que tamén é indicio de que se asimila a condición de travestí á de prostituta (como se se dera por suposto que, por ser muller transxénero se ha exercer necesariamente a prostitución).

A construción do estigma, tal e como se destila da análise do discurso realizada para ambos os dous xornais, está fundamentalmente asociada á representación da persoa que exerce a prostitución: a) en relación co mundo do delito; b) como transmisora de enfermidades; c) baixo a etiqueta da prostitución como vicio; d) como degradación moral; e) como degradación urbana e cívica, e f) como vítima. Ademais, ao estigma de "prostituta" superpóñense outros estigmas, como os que arrastran, ante ese Nós "normalizado", as persoas migradas, as vinculadas a determinadas etnias como a xitana, aquelas que sofren unha drogodependencia, ou as desvalorizacións que teñen que ver con outras categorías como clase social ou de xénero (como veremos, a prostitución masculina, en especial a dirixida a clientela feminina non sofre o estigma co que carga a prostitución feminina, nin moito menos o estigma dobre asociado á prostitución de mulleres transxénero).

A construción mediática do estigma non segue os mesmos parámetros en *El País* e en ABC, o que ten que ver coas diferentes ideoloxías de partida de ambas as dúas cabeceiras. Nas décadas dos 70 e dos 80 observamos en ABC unha identificación da prostitución como vicio que non se observa en *El País*. Así mesmo, *El País* defenderá de maneira explícita o valor da liberdade sexual, que ABC considera perigoso para a preservación moral da sociedade. ABC, así mesmo, insistirá, na década dos 80, no estigma da persoa que se prostitúe como ameaza sanitaria, dado o apoxeo da crise da SIDA nestes anos, mentres que *El País* intentará deconstruír tal estigma abondando na responsabilidade do comprador de sexo na utilización de medidas de prevención no intercambio sexual e mesmo poñendo en cuestión o papel da prostituta como elemento de transmisión do virus.

Porén, a análise do discurso desvela un paralelismo na evolución da construción do estigma en ambas as dúas cabeceiras. A medida que se fai hexemónica a representación da muller que exerce a prostitución como vítima, o que se observa de modo claro en 2012, unha vez asenta na axenda mediática o discurso que identifica prostitución fundamentalmente con trata e prostitución forzada, quedan desprazados os outros estigmas. Mesmo varía o discurso criminalizador co que institucións e veciñanza se referían en anos anteriores a quen exercía a prostitución na rúa. Agora, a persoa que exerce a prostitución pasa de ser delincuente ou potencial delincuente a ser abordada como vítima fronte á que se adopta unha actitude paternalista, ao decidir por ela que o mellor para ela é a eliminación da prostitución na rúa.

O estigma articula sobre a/o estigmatizada/o un retrato fixo que fai das súas circunstancias condición natural e as deshistoriza, é dicir, obvia as causas estruturais de fondo que latexan tras elas.

En ABC, a reflexión sobre as violencias estruturais de fondo está practicamente ausente. Faise cando se traslada dalgunha das fontes coas que ideoloxicamente se identifica o xornal. Así, no editorial "La esclavitud del 2000", do 11 de xullo de 1997, alúdese á Igrexa católica, que adopta o discurso da xustiza social para indicar que as miserias e as desigualdades económicas están por detrás da prostitución infantil, do feito de que haxa pais e nais que se vexan na obriga de prostituír ás súas crianzas. Tamén, na entrevista ao maxistrado de Perigosidade Social, Manuel Rico Lara, en 1977, se reproduce un discurso, o seu, inspirado no discurso abolicionista da ONU que España se ve na obriga de incorporar dende que ingresa na mesma.

En *El País*, porén, o enmarcado que liga á prostitución coa violencia estrutural e as desigualdades de xénero está presente xa dende 1987 pois, a partir das colaboracións na sección de opinión de fontes feministas, podemos ler discursos nese sentido.

O estigma de prostituta constrúese ao redor da dicotomía "boa muller"- "mala muller", articulado ao redor da valoración en positivo da castidade da muller solteira e, no seu defecto, na redención como nai da muller casada. Isto está moi presente en ABC cando vincula a liberdade sexual á relaxación moral, ou en pezas nas que se identifica á prostituta cun mal exemplo a seguir.

"Sabido es que la ilusión del hombre es encontrar una mujer que no haya dado ningún traspies íntimo y que tenga temperamento de patinadora. Ante el espectáculo de determinadas salas de justicia se puede pensar que en ellas hay que buscar aquel ideal remoto" ("La Justicia británica permite a las prostitutas pagar multas con sentadas en los juzgados", 18 de xaneiro).

Mais tamén acontece en *El País*, cando, ao igual que fai ABC, bota man do discurso da muller prostituta como mala nai.

Hipótese 12: O discurso sobre a prostitución presente no xornal están en relación coa liña ideolóxica do xornal.

A liña ideolóxica de *El País* aparece reflectida no seu libro de estilo, no que se define como un xornal independente, nacional, de información xeral, con clara vocación europea, defensor da democracia pluralista segundo os principios liberais e sociais e comprometido coa orde democrática e legal establecida pola Constitución. Nace en maio de 1976, nos inicios da transición, tan só cinco meses despois da morte de Franco, comprometido de xeito explícito co proceso democrático que se estaba iniciando. Xorde como un referente do centro esquerda español, de tendencia socialdemócrata e próximo ao PSOE. A súa visión da prostitución variará ao longo dos anos, dende unha visión próxima á legalización, que vincula o exercicio libre da prostitución ao valor da liberdade sexual, até a asunción do abolicionismo, asumindo o discurso do PSOE de inicios do século XXI, que bebe así mesmo do discurso do feminismo abolicionista que calla no feminismo institucional. En relación coa súa identidade como xornal progresista, e en relación coa defensa desa democracia pluralista segundo principios sociais, presenta unha visión menos dicotómica e estigmatizadora da prostitución e mesmo unha ollada crítica desa construción Nós-Outros, que relega a prostituta á

Outra, o polo negativo necesario para reforzar, por contraste, a virtude e castidade do ideal de feminidade conservador.

Fundado en 1905, ABC caracterízase por unha ideoloxía conservadora que, no social, segue os valores marcados pola Igrexa Católica. Polo tanto, a súa representación da prostitución estará determinada pola visión que, das mulleres en xeral, e daquelas que exercen a prostitución en particular, ten o ideario católico. Esta cosmovisión estará determinada pola dicotomía María-Eva que, no imaxinario católico, ten á muller tanto como símbolo do mal, do pecado e da tentación, representado precisamente por esa Eva que desatende o mandato divino para morder do froito da árbore do coñecemento, como, por outra banda, como símbolo da muller virxinal, casta e inocente no sexual que representa María (que reúne en si dous ideais da feminidade en principio incompatibles: a virxe e a nai). Segundo este ideario, a prostituta é a antítese do ideal de muller, unha antítese porén necesaria como desafío da sexualidade masculina preservando a castidade das mulleres que si atenden ao ideal de feminidade tradicional, que non concibe para elas as relacións sexuais fóra do contrato matrimonial. En ABC será clara ese representación da prostituta como a Outra, que só nos anos finais da mostra comezará a diluírse a medida que se converte en hexemónica a visión como vítima da prostituta. A diverxencia ideolóxica existente entre *El País* e ABC callará, no que á abordaxe da prostitución se refire, na defensa de dous valores contrapostos: a liberdade sexual, por parte de *El País*, e a defensa moral da sociedade (o que se concreta nunha visión tradicional da moral sexual) por parte de ABC.

Esta diverxencia está, sobre todo, presente, nos tres primeiros anos analizados (1977, 1987 e 1997), pois nos dous últimos e, fundamentalmente, no último, *El País* e ABC chegan a puntos de confluencia ao redor do abolicionismo. Vexámolo máis polo miúdo.

En 1977, a prostitución aparece abordada en ABC como anormalidade, vicio, traballo non honrado e mesmo perversión se vai asociada á ruptura dos patróns de xénero tradicional (prostitución non feminina). Para *El País*, porén, a "rebelión das putas", tal e como aparece identificada nun artigo, é sinónimo dos aires de liberdade que comezan a respirarse na Transición. *El País* reconece as prostitutas como actrices políticas e dálles voz ás súas reivindicacións en contra da Lei de Perigosidade Social (unha voz reivindicativa ausente en ABC). *El País*, así mesmo, critica a dobre moral da ditadura franquista con respecto á prostitución, que describe o escritor Paco Umbral, entón articulista do xornal, como "cloaca" necesaria dun "sistema puritano". *El País* cuestiona a división Nós-Outros que relega a prostituta como a Outra, e achaca a sociedade de hipócrita.

En 1987, ABC critica o clima de liberdade sexual, que considera que se está a fomentar co apoio dos poderes públicos e ao que mesmo lle atribúe ser causa indirecta da prostitución de menores, tal e como podemos ver nun artigo do apartado denominado "Zigzag" ("Menores en el prostíbulo", 28 de setembro), un texto de carácter editorializante, no que se critica a difusión de *El libro rojo del cole* nos ambientes escolares. Así mesmo, nunha carta ao director titulada "En familia" (1 de xuño de 1987) argumentase que as prostitutas, "estas señoras", están a ser utilizadas como un modelo para a xuventude. En relación con ese enmarcado da prostitución como causa e/ou consecuencia da corrupción moral e do relaxamento de costumes, está a crítica recorrente ao exercicio da prostitución en lugares polos que transitan as crianzas.

Non só se cuestiona á prostituta senón ao modelo de autonomía e iniciativa que representa. Así, de "La Puri", unha moza que fora explotada sexualmente, dise que "ha protagonizado una vida tan independiente como azarosa", malia a que a súa nai e o seu

pai fixeran "lo humanamente posible por llevarla por el buen camino" ("La joven que denunció su rapto llevó una vida azarosa" (31 de xaneiro). E na información "La justicia británica permite a las prostitutas pagar multas con sentadas en los juzgados", que xa foi referida no comentado con relación á anterior hipótese, dise que os homes prefiren a mulleres con alma de patinadoras, é dicir, sen traspés íntimos.

Nese mesmo ano, en 1987, ABC únese ao pánico moral suscitado pola crise da SIDA, que sitúa a prostituta como ameaza, en especial se esta, ademais, é transexual. Recolle, como solución, as propostas de diversas voces a favor de medidas regulatorias, que implican controis sanitarios e "guetización" da prostitución. Medidas como o uso de profilácticos son tratadas con sarcasmo, tal e como foi indicado máis arriba.

Como fonte destacada este ano é utilizada Cáritas, ONG vinculada á Igrexa Católica, á que se acode para desvelar información sobre casos de prostitución de menores.

El País, pola contra, argumenta, en editorial ("La última esclavitud"), que, xa que a prostitución está integrada na vida civil, ha de sacarse do ghetto e normalizarse. Que non se faga, destaca, é consecuencia do puritanismo moral. Segue a defenderse o valor da liberdade sexual e, fronte ao pánico moral suscitado pola crise da SIDA, avoga por medidas de prevención, destaca o papel xa realizado polas prostitutas á hora de evitar a propagación da enfermidade e alude á responsabilidade dos compradores de sexo. Fronte á estigmatización da prostitución de mulleres transxénero que é visible en ABC, o articulista Paco Umbral di ao respecto, no seu artigo "Vitruvio" (25 de abril), que "los travestis eran el folklore cosmopolita de la calle Vitruvio" e que "las parejas que quieran triplar con un hermafrodita triplen a su gusto". O papel das prostitutas como actrices refórzase na cobertura que se lle dá ás xornadas sobre a prostitución que se realizan en Madrid, que aproveita para entrevistar a activistas como Pia Covre, representante das prostitutas italianas. *El País* amosa unha postura próxima á legalización, en contra da vitimización das mulleres que exercen a prostitución e a favor do asociacionismo.

O debate entre a defensa da liberdade sexual e a defensa moral segue vixente en 1997, agora trasladado a outro novo contexto político: a recuperación do delito de corrupción de menores, por parte do goberno do PP, no Código Penal de 1995, aprobado nos últimos meses do goberno socialista de Felipe González. Para o ABC, o Código Penal aprobado polo PSOE propicia un ambiente de liberdade, relaxación moral e impiedade. Segundo o articulista Jaime Campmany, "se trata de denunciar que se dejó inerte a la sociedad, quizás intencionada y conscientemente, para defenderse de una invasión de moralidad y de degeneración". Critica, así mesmo, Campmany, o valor da liberdade: "Eso es lo que estamos haciendo en España, en Europa, en el mundo rico y opulento, con el bien sagrado de la libertad y con la conquista jubilosa del estado de bienestar" (31 de xullo). *El País*, porén, oponse á reforma do Código Penal e considera en perigo o valor da liberdade sexual coa recuperación do delito de corrupción de menores e co incremento da idade a partir da cal se considera que se poden manter relacións sexuais libres. O articulista Haro Tecglen chega a relativizar, ademais, a presentación do menor como vítima e dálle entrada á iniciativa e á capacidade de axencia sexual do mesmo. Así mesmo, *El País*, en relación co Caso Army de prostitución de menores, recolle voces, como a do propio Haro Tecglen, que fan referencia á estigmatización que se está a facer da homosexualidade masculina.

En 2007 e 2012, como xa foi indicado, as posturas de ABC e *El País* aproxímanse e rematarán por converxer en 2012 na concepción da prostitución como maioritariamente forzada e da prostituta como vítima. Porén, as vías polas que se chega

a este punto de conexión son diferentes. En *El País* farase a través da súa coincidencia co discurso do PSOE, así mesmo influenciado polo discurso do feminismo institucional, de carácter abolicionista. En ABC, será a partir do discurso abolicionista do PP, que se reflicte tanto no seu apoio ás conclusións da dos Dereitos da Muller e da Igualdade de Oportunidades como nas medidas que adoptan gobernos locais como o de Madrid. Porén, no caso do PP, este teórico discurso abolicionista, agocha prácticas regulamentistas, a favor da zonificación da prostitución (que é acorde co regulamentismo clásico: non se cuestiona a prostitución, porque se considera necesaria, pero considérase que debe ser invisible a ollos da sociedade "normalizada") que serán criticadas por *El País*. E serano, entre outros motivos, por considerar que non pon solución á prostitución nin ás problemáticas estruturais que a acubillan.

Ambos os dous xornais, porén, coincidirán nunha abordaxe morbosa da prostitución como suceso, moi presente sobre todo en 1987 e en 1997, e do que é bo exemplo a cobertura que se fai do asasinato de Rufina Sanz a mans dun cliente. Porén, en *El País*, ao contrario que en ABC, este discurso chega a ser posto en cuestión por parte, precisamente, de voces feministas.

Estamos hablando, en los dos asesinatos considerados anteriormente, de personas ya de antemano inscritas en el infierno de lo asocial; se esperan, por tanto, de ellas reacciones sensacionales y, por qué no, muertes luctuosas.

Las víctimas, estas dos mujeres, se encuentran fuera del círculo mágico de la integración social, donde la aureola de lo maldito prepara funestos finales. ("La muerte de una prostituta cualquiera", 13 de abril de 1987, asinado polo Comité Antiagresións do Movemento Feminista de Madrid).

Hipótese 13: O discurso sobre a prostitución predominante no xornal está en consonancia cos marcos interpretativos dominantes nas políticas públicas e no contexto social do momento.

Non é sempre así, dado que o xornal pode posicionarse a favor ou en contra das políticas públicas do momento e dos marcos interpretativos hexemónicos no contexto social en función da súa liña ideolóxica, tal e como vimos de ver.

Así, en 1977, *El País* posiciónase en contra da Lei de Perigosidade Social, que ABC xustifica a través dunha entrevista co maxistrado e Perigosidade Social, Manuel López Rico. Así mesmo, *El País* cuestiona o estigma que liga á prostituta como Outra, e dálle voz como actora.

En 1987, xa co PSOE no goberno estatal, *El País* daralle cabida a iniciativas xurdidas dende o ámbito socialista, como as xornadas sobre prostitución tituladas "Prostitución en Madrid: un debate abierto", organizadas polo Concello de Madrid, e restará así mesmo o nivel de crítica cara a unha medida en principio oposta á súa posición habitual sobre as políticas de prostitución, crítica co regulamentismo, o incremento do control policial que leva a cabo o alcalde socialista Juan Barranco. A cobertura que fai o ABC de ditas xornadas é menor e mesmo retranqueiro con algunha das medidas propostas como o emprego de profilácticos. En plena crise da SIDA, ABC únese ao clima de alarma social que enfoca as prostitutas como ameaza, mentres que *El País* fará un esforzo desestigmatizador ao respecto. Ambos xornais coinciden, porén, cunha abordaxe daqueles sucesos cruentos que teñen ás prostitutas como vítimas dende o morbo, como se de algún modo este tipo de finais fosen esperados en persoas á marxe da sociedade. En ningún dos casos, a cobertura que se fai leva á violencia estrutural que

subxace tras eles a non ser que colaboradoras externas, como no caso de *El País*, fagan tal lectura.

En 1997, como xa foi indicado, o debate político céntrase ao redor da reincorporación do delito de corrupción de menores ao Código Penal aprobado en 1995 cando agonizaba o último executivo socialista de Felipe González. Alén este enfrontamento que ten por detrás o debate entre os valores da liberdade e a preservación moral da sociedade, observamos unha coincidencia entre ambos os dous xornais. A prostituta desaparece como axente (en realidade, xa nunca o fora en ABC). O seu rol como tal, a súa reivindicación de dereitos, pasa a ser abordada dende o marco do anecdótico e nun ton frivolidador por parte de *El País*.

En 2007, ambos os dous medios coindicirán na condena da trata de persoas con fins de explotación sexual e tamén, na cobertura crítica das conclusións da Comisión Mixta de Igualdade do Congreso, a prol da non regulación da prostitución. En *El País*, esta posición, crítica malia a ser froito dunha iniciativa do goberno socialista de Rodríguez Zapatero, entón no poder, pode ter que ver coa propia división que existe no seo do PSOE, que é posta en evidencia ese ano polo ABC. Mentres dende Cataluña se defenden medidas regulamentistas, a favor da organización en cooperativas das traballadoras sexuais, o goberno estatal é de tendencia abolicionista.

En 2012, asenta en ambos os dous medios o discurso abolicionista, que representa as prostitutas como vítimas e á prostitución como maioritariamente forzada. A diverxencia, agora, está nas políticas a adoptar partindo desta interpretación da realidade que, no caso do PSOE, son polo xeral críticas co regulamentismo propiciado por grandes concellos en mans de gobernos populares ou con apoio popular, como Madrid, ou Barcelona, gobernada por CiU co apoio do PP. Póren, dentro desta posición xeral existen matices, pois *El País* pode variar de actitude se esas medidas son adoptadas por gobernos socialistas, e ABC, así mesmo, móstrase máis a favor de medidas como as propostas polo goberno de Madrid (a prol de atosigar, mais non multar, a compradores e prostitutas para disuadilos/as da súa presenza da rúa) ca daquelas que poñen en práctica a sanción a clientes e prostitutas (como as propostas polo concello de Barcelona ou a Generalitat, e que o Ministro de Interior, nunhas criticadas declaracións tanto en *El País* como en ABC, propón adoptar a nivel estatal. En todo caso, ambos os dous xornais focalizan o tratamento da prostitución, este ano, no que centra nese momento o debate político, a regulamentación da prostitución de rúa, de modo que, outros tipos de prostitución, como a de club ou, sobre todo, a de piso, quedan en segundo plano ou pasan practicamente desapercibidas.

BIBLIOGRAFÍA CITADA

- Acurema (2003). *La mujer y la publicidad*. Madrid: Dirección General de la Mujer.
- Adoni, Hanna, e Mane Sherrill, (1984). Media and the social construction of reality. Toward an Integration of Theory and Research. *Communication Research*, 11(3), 323-340
- Agirre, Katixa (2013). Lolita, mito y representación en el cine de Hollywood (Tese doutoral). Universidad del País Vasco. Bilbao.
- Agra, María Xosé (1995). *Introducción*. En Carol Pateman. *El contrato sexual*. Barcelona: Anthropos.
- Alba, Yolanda (2006). La prostitución en los mass-media hoy. *Crítica*, 940, 52-56.
- Alba, Yolanda (Ed.) (2000). *Guía de buenas prácticas para periodistas y comunicador@s. Prostitución y tráfico de mujeres con fines de explotación sexual en los medios de comunicación*. Barcelona: Red Europea de Mujeres Periodistas Españolas.
- Aierbe, Peio. (2008). Representación de mujeres trabajadoras inmigrantes en los medios de comunicación, *MUGAK*. Recuperado o 30 de decembro de 2011 de: <http://www.mugak.eu/gunea/mujer/>
- Aierbe, Peio (2003). Inmigración: Los medios de comunicación, creadores de opinión pública. *Pensamiento crítico*. Recuperado o 20 de setembro de 2010 de <http://www.pensamientocritico.org/peiaie1103.htm>
- Alcázar Contreras, Juan Pedro (2008). *Encarna Sánchez y la radio social y de servicio en España. El caso de "Directamente Encarna" de la Cadena Cope*. (Tese doutoral) Universidade San Pablo Ceu. Madrid.
- Alecrín (2006a). Medios de comunicación e prostitución. Recuperado o 10 de marzo de 2007 de: <http://www.observatoriodosmedios.org/foros/viewtopic.php?t=57>.
- Alecrín (2006b). *Informe Prostitución en Lugo*. Lugo: Casa da Muller, Concellería de Muller e Servizos Sociais, Concello de Lugo.
- Aliaga, Juan Vicente et. al (2013). *Minorías sexuales en España (1970-1995): textos y representaciones*. Barcelona: Icaria.
- Almirón, Nuria (2009). Grupos privados propietarios de medios de comunicación en España: principales datos estructurales y financieros. *Comunicación y Sociedad*, 22(1), 243-263.
- Álvarez Pousa, Luís (2012). Medios, democracia e cidadanía. *Tempos Novos*, 179, 20-27
- Álvarez Pousa, Luís, e Puñal Rama, Ana Belén (Coord. e Ed.) (2011a). *Rompendo moldes. Áreas de especialización e Xénero no Xornalismo*. Santiago: Atlántica.
- Álvarez Pousa, Luís, e Puñal Rama, Ana Belén (2011b). A especialización xornalística dende a perspectiva de xénero. Unha introducción. En *Rompendo moldes. Áreas de especialización e Xénero no Xornalismo*. Santiago: Atlántica.
- Álvarez Pousa, Luís (2010). Periodistas y ciudadanos: revalidación política de la mediación profesional. En Elena Blanco Castilla e Francisco Esteve Ramírez (Eds.), *Tendencias del periodismo especializado* (303-314). Málaga: Servicio de Publicaciones de la Universidad de Málaga.

- Álvarez Pousa, Luís, Castro Vázquez, Olga, Cuevas Domínguez, Iván, e Puñal Rama, Ana Belén (2010). A representación da prostitución nos medios de comunicación galegos. Recuperado o 11 de novembro de 2010 de:
<http://www.xornalistas.com/novidades/nova.php?id=7678&lg=gal&s=1>
